ORZAMENTOS 2024

MEMORIA **TOMO II**

VOLUME 2

XUNTA DE GALICIA

MEMORIA

TOMO II VOLUME 2

Contido

I. CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE 7

II. CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN 59

III. CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES 199

IV. CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE 403

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

SECCIÓN 08

I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

O Decreto 59/2023, do 14 de xuño, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, deseñando unha nova estrutura organizativa baseada nos principios de eficacia e economía, que se desenvolve no Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, no que se establece un segundo nivel organizativo, estruturado en distintos órganos superiores e de dirección e en diversas entidades do sector público, coa finalidade de acadar un maior grao de racionalización e eficacia.

O artigo 4 do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, establece a estrutura da Consellería Infraestruturas e Mobilidade, cos seguintes órganos de dirección:

- A Secretaría Xeral Técnica
- A Dirección Xeral de Mobilidade.
- Ademais, quedan adscritos á consellería:
- A Axencia Galega de Infraestruturas
- Ente Público Empresarial Augas de Galicia
- O xurado de Expropiación de Galicia

Esta estrutura é a que se regula de xeito pormenorizado a través do Decreto 118/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (DOG nº 126, do 4 de xullo).

I.2. COMPETENCIAS

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de infraestruturas, mobilidade e augas, que exercerá no nivel de desenvolvemento que se indica no seu decreto de estrutura orgánica para cada un dos órganos integrantes deste departamento.

Ao mesmo tempo, correspóndenlle á consellería, as competencias e funcións en materia de infraestruturas de edificación, sen prexuízo das competencias específicas que nesta materia lle poidan corresponder a outros departamentos da Xunta de Galicia.

O impulso social, económico e territorial configúranse coma os eixos fundamentais no deseño, elaboración e execución da acción política da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade co fin de contribuír decisivamente a unha nova etapa de crecemento e desenvolvemento económico da nosa comunidade autónoma.

Así, a dotación e mantemento dunhas boas infraestruturas de comunicación de transporte e hidráulicas, eríxense como unha peza importante no crecemento económico desta, pois, ademais de reducir os desequilibrios espaciais derivados do noso territorio e sistema de asentamentos, deben contribuír a potenciar tanto as actividades económicas como as actividades socias co fin de mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns.

Por esta razón, para que o sistema territorial cumpra a súa función é preciso que as infraestruturas e o transporte artellen axeitadamente o territorio unindo as nosas cidades e vilas, conformando eixes de comunicación entre o medio urbano e o medio rural de xeito que se facilite o acceso a ámbolos dous, e permitindo unha mobilidade máis sostible e áxil e accesible a todos os cidadáns.

En suma, as infraestruturas de comunicación e transporte constitúen un instrumento de política pública que debe servir para crear condicións e oportunidades que faciliten o desenvolvemento económico e social do noso país.

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Secretaría Xeral Técnica da consellería exercerá as funcións e competencias establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, en relación coas diferentes unidades e servizos en que se estrutura a consellería, así como aqueloutras previstas na normativa aplicable ou mesmo as que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da consellería, de acordo a Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritas a esta consellería; ou as delegadas pola persoa titular da Axencia Galega de Infraestruturas de acordo coa Resolución do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A Dirección Xeral de Mobilidade, no ámbito competencial da comunidade autónoma, exerce, entre outras, as seguintes funcións: planificación, coordinación, seguimento e execución da política xeral de transportes; promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade; ordenación do transporte terrestre, por cable e marítimo; planificación e execución das políticas de control e inspección dos diversos modos de transporte; programación e execución de investimentos, obras e instalacións de transportes; estudo, análise e implantación de plans e proxectos

de fomento do transporte público e a mobilidade sustentable; planificación, coordinación e execución da oferta intermodal de transporte na comunidade autónoma.

O Xurado de Expropiación de Galicia, creado pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, defínese pola actual lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, como un órgano colexiado permanente da comunidade autónoma especializado nos procedementos para a fixación do prezo xusto na expropiación forzosa, cando a administración expropiante sexa a comunidade autónoma ou as entidades locais do seu ámbito territorial, actuando no cumprimento das súas funcións con plena autonomía funcional

A súa composición foi regulada polo artigo 7.2 da Lei 15/2004, do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e o seu funcionamento regulase polo Decreto 172/2018, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e réxime de funcionamento do Xurado de expropiación de Galicia.

Os Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias da actual competencia da consellería son os seguintes:

Transporte: Real decreto 212/1979, do 26 de xaneiro, transfire competencias en materia de transporte, relativas á concesión, autorización, explotación e inspección dos servizos de transporte por estrada e cable, do establecemento e explotación das estacións de vehículos públicos de viaxeiros e mercadorías, sobre establecemento e organización dos ferrocarrís e tranvías cando non teñan ámbito nacional e non estean integradas en Renfe. O Decreto 5/1979, do 22 de febreiro, asume e asigna estas competencias á entón Consellería de Ordenación do Territorio.

Inspección e sanción dos servizos de transporte: Real decreto 2299/1982, do 24 de xullo, transfire á comunidade autónoma funcións e servizos en materia de inspección e sanción do transporte por estrada e trolebús, afectos ás competencias que lles corresponden, asumidas e asignadas polo Decreto129/1982, do 4 de novembro.

Transporte marítimo: Real decreto 1641/1996, do 5 de xullo, dispón o traspaso de funcións e servizos relativos a actividades de transporte marítimo que se realiza exclusivamente entre portos ou puntos da comunidade, sen conexión con portos doutros ámbitos territoriais. Asumidas e asignadas á Consellería de Política Territorial por Decreto 338/1996, do 13 de setembro.

I.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

Segundo o disposto no artigo 74 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, son axencias públicas autonómicas, aquelas que, para o cumprimento dos programas específicos correspondentes a políticas públicas da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, se lles

encomenda a realización de actividades en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos

Na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade teñen esta natureza:

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, na súa Disposición Adicional Cuarta, outorgou autorización ao Consello da Xunta de Galicia para a creación da Axencia Galega de Infraestruturas, adscrita á consellería competente en materia de infraestruturas.

En virtude desta autorización, o Decreto 173/2011, do 4 de agosto (DOG nº 1693), modificado polo Decreto 66/2021, do 15 de abril (DOG nº 77 do 26 de abril) procedeu á creación da axencia que asume as competencias atribuídas á Dirección xeral de Infraestruturas e aos servizos de infraestruturas das xefaturas territoriais, órganos que se suprimen, subrogándose o novo ente nos dereitos e obrigas derivados das competencias, dende a súa posta en funcionamento.

Os obxectivos básicos da Axencia Galega de Infraestruturas son impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas: para tales efectos, correspóndelle á axencia planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. Ademais, fíxase como obxectivo garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

A axencia poderá, directamente ou a través de sociedades adscritas ou sobre as que teña atribuída a súa tutela funcional, planificar, proxectar, construír, conservar e explotar outras infraestruturas, en virtude das encomendas ou encargos que reciba dos órganos ou entidades competentes.

Precisamente, a través da figura da encomenda, dende fai uns cinco anos a axencia é a encargada de desenvolver as grandes infraestruturas hospitalarias de Galicia, así como outros equipamentos.

O Real decreto polo que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos en materia de estradas é o seguinte:

O Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, modificado polo 2708/1983, do 21 de setembro, traspasa funcións e servizos do Estado en materia de estradas relativas á titularidade e xestión destas, así como as competencias que a Lei de Estradas de 1974 atribúe ao Ministerio de Obras Públicas en relación coas estradas provinciais e municipais. Competencias asumidas e asignadas a esta consellería polo Decreto da Xunta de Galicia 156/1982, do 15 de decembro.

I.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAS

AUGAS DE GALICIA

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, no seu artigo 8, crea e regula o ente público Augas de Galicia con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e das competencias reguladas por esta lei, e adscríbea á consellería competente en materia de augas.

O artigo do 11 da Lei 9/2010 encoméndalle a Augas de Galicia:

1. No eido da xestión das concas intracomunitarias, as competencias que o ordenamento xurídico vixente en materia de augas atribúe aos organismos de conca, así como as que especificamente se regulen na presente lei e no resto do ordenamento xurídico de aplicación.
2. Con relación ás concas intercomunitarias, a participación na planificación hidrolóxica, así como a representación da Comunidade Autónoma de Galicia nos organismos de conca do Estado na forma que fixe o ordenamento xurídico de aplicación.
3. No eido das obras hidráulicas:
   - A planificación, programación, proxecto, construción e explotación de obras hidráulicas declaradas de interese da Comunidade Autónoma de Galicia polo Consello da Xunta.
   - A promoción ante a Administración Xeral do Estado da declaración de obras de intereses xeral deste.
   - A redacción de proxectos, construción e explotación de obras de interese xeral do Estado nas condicións que fixen os correspondentes convenios que terán de subscribirse entre Augas de Galicia e o órgano competente da Administración Xeral do Estado.
   - A participación na construción e explotación das obras hidráulicas de competencia das entidades locais galegas na forma regulada pola presente lei.
4. No eido da planificación territorial e urbanística, corresponde a Augas de Galicia a emisión de informe con anterioridade á aprobación inicial dos instrumentos de ordenación territorial e dos plans xerais de ordenación urbana. Igualmente, terán que someterse a informe de Augas de Galicia a aprobación e modificación dos plans parciais e especiais que conteñan determinacións có mesmo obxecto que os plans regulados pola Lei 9/2010.
5. En materia de abastecemento e saneamento de augas:
   - A ordenación dos servizos de abastecemento saneamento en alta.
   - A elaboración dos plans xerais galegos de abastecemento e saneamento de acordo co previsto na Lei 9/2010, os cales conterán os criterios para a coordinación das actuacións das entidades locais competentes en materia de abastecemento e saneamento.
   - A promoción da constitución de consorcios e mancomunidades para a mellor prestación dos servizos de abastecemento e saneamento.

- O seguimento e información do estado dos recursos hídricos segundo o Plan da seca da Demarcación Hidrográfica de Galicia- Costa.

6. En materia de vertidos:
   - A autorización e control dos vertidos de augas urbanas ou industriais ao dominio público hidráulico, así como da eventual reutilización dos efluentes, e, en xeral, as demais funcións que a lexislación atribúe aos organismos de conca.
   - A autorización das obras e instalacións de vertidos desde terra ás augas do litoral galego e o exercicio das funcións de policía sobre os mesmos.
7. A elaboración e proposta á consellería competente en materia de augas das normas que sexan necesarias para o desenvolvemento da presente lei para a súa posterior elevación, de ser o caso, ao Consello da Xunta e o exercicio das actuacións que legal ou regulamentariamente lle sexan atribuídas.
8. En materia tributaria, actuar como suxeito activo con relación á aplicación dos tributos en materia de augas regulados na presente lei conforme á normativa vixente.

Este marco normativo ven de completarse recentemente a través da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga. Desta lei, derívanse obrigas para Augas de Galicia relacionadas coa ordenación do ciclo integral da auga e co establecemento de directrices para a mellora da xestión dos sistemas de abastecemento, saneamento e depuración por parte das administracións competentes e a prestación dos servizos correspondentes.

Nesta Lei 1/2022 tamén se articula un procedemento para que, nos supostos en que as entidades locais voluntariamente o soliciten, Augas de Galicia poida asumir a xestión de determinadas infraestruturas e prestar os servizos correspondentes de abastecemento, saneamento ou depuración. O réxime tributario que xestiona Augas de Galicia tamén se adapta nesta lei para poder abordar estas novas obrigas.

Os Reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos nas materias do ente son os seguintes:

- Real decreto 1870/1985, do 11 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de abastecemento de auga, saneamento, encauzamento e defensa de marxes. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 253/1985, do 17 de outubro.
- Real decreto 2792/1986, do 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de obras hidráulicas. Funcións asumidas e asignadas polo Decreto 24/1987, do 29 de xaneiro.

I.2.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

O artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, habilita á Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para constituír, mediante convenio, consorcios con outras Administracións públicas para a xestión de servizos da súa competencia ou para a consecución de fins de interese común, así como con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrente cos da Xunta de Galicia, para a realización destes.

Na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade figuran adscritas as seguintes entidades con natureza de consorcio:

CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA REDE BÁSICA DE ABASTECEMENTO DE AUGA DOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA

Por Decreto 53/2005, do 10 de marzo, constituíuse o Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga dos concellos de Cervo e Burela.

O consorcio, integrado polos concellos de Cervo, Burela e a Entidade Pública Empresarial "Augas de Galicia", ten por obxecto:

- A xestión e explotación da rede básica de abastecemento de auga, en alta, ata os depósitos municipais dos termos municipais de Cervo e Burela.
- O estudo das necesidades en orde ao abastecemento de auga na zona especificada anteriormente e a elaboración dos correspondentes proxectos para a satisfacción daquelas.
- A solicitude dos títulos administrativos pertinentes para o abastecemento das augas e, de ser o caso, vertidos, así como a execución, conservación e explotación das correspondentes obras e instalacións.
- O asesoramento técnico para o establecemento e explotación das redes locais.

Non obstante, o consorcio, a petición de calquera dos concellos consorciados, poderase facer cargo directamente tanto da xestión de abonados das súas respectivas redes locais como do mantemento e explotación destas.

CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO

Por Decreto 26/2013, do 7 de febreiro, constituíuse o Consorcio para a xestión do ciclo urbano da Auga do Louro.

O Consorcio, integrado polos concellos de Mos, O Porriño, Salceda de Caselas, Tui e a Entidade Pública Empresarial "Augas de Galicia", ten por obxecto a prestación dos servizos públicos relacionados co uso da auga no eido territorial dos concellos consorciados.

I.2.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, define as sociedades públicas autonómicas como sociedades mercantís, calquera que sexa a forma que adopten, en cuxo capital social sexa maioritaria a participación directa ou indirecta da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais reguladas nesta lei.

Na Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está adscrita a sociedade pública autonómica de seguido relacionada:

SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS (SPI)

Ao abeiro da disposición adicional décimo segunda da lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, o Decreto 56/1997, do 6 de marzo, constituíu como Sociedade Anónima a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

O obxecto da Sociedade é:

- Proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuacións, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver en ditas infraestruturas

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Como responsable da xestión coordinada das súas propias unidades administrativas, a Secretaría Xeral Técnica ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións, procurando que os servizos administrativos funcionen de forma máis óptima posible, ademais de procurar o impulso de medidas de colaboración e apoio aos restantes órganos da consellería para facilitar a consecución dos obxectivos xerais.

Para iso, os orzamentos da Secretaría Xeral Técnica da consellería de Infraestruturas e Mobilidade, baséanse no criterio de eficiencia que debe inspirar a actuación e a organización administrativa coa finalidade de dar cumprida resposta ás liñas básicas da súa actuación que son as seguintes:

- A coordinación do réxime interno das actividades do resto dos centros directivos da consellería así como das xefaturas territoriais, elaborando propostas de actuación sobre aspectos relativos á organización, estruturación, métodos de traballo e mellora, atendendo a criterios de eficacia, eficiencia e redución do gasto público.
- A ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas, introducindo unha maior racionalidade no desenvolvemento competencial e de xestión das súas funcións.
- A coordinación e xestión da contratación pública da consellería.
- A coordinación e xestión en materia de transparencia e desenvolvemento da Administración electrónica.
- A asistencia e apoio xurídico, nas diferentes materias de competencia da consellería, aos órganos e entidades dependentes desta.
- A coordinación da produción normativa da consellería.
- En xeral, prestar apoio aos restantes centros directivos da consellería e aos seus entes adscritos coa finalidade de acadar unha mellora na calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos á cidadanía da nosa comunidade.

DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE

O sector do transporte en Galicia ten unha enorme importancia estratéxica, ao afectar transversalmente a todos os sectores produtivos. O sector do transporte e a loxística en Galicia, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE) no seu "Análise do sector do transporte e da loxística" (2017), no ano 2014 achegou o 3,9% do produto interior bruto (PIB) da economía

galega, 2.126 millóns de euros. Os postos de traballo que xerou supoñen un 4,5% do emprego total.

A súa importancia vai máis alá dos aspectos meramente económicos xa que o transporte permite aos cidadáns alcanzar aquilo que é importante no seu quefacer cotiá: desprazarse ao traballo, ao centro de formación, a recibir asistencia médica ou simplemente a participar en actividades culturais ou de esparexemento que, especialmente en Galicia, requiren o desprazamento e, con frecuencia, utilizar medios de transporte público. Así mesmo, o transporte é un elemento clave para mellorar a competitividade do noso tecido empresarial no marco dun mercado global, ao permitir o descenso dos custos loxísticos, especialmente importantes en certos produtos. Por outra parte, o transporte permite que os consumidores accedan a unha variedade maior de produtos e de máis calidade.

Deste xeito, en Galicia formúlanse múltiples retos que requiren do transporte para ser superados, polo que é preciso seguir a manter unha política activa que, aínda dentro das estritas limitacións orzamentarias, permita mellorar o sector facéndoo máis competitivo, eficiente e sustentable, ademais de resolver as demandas de mobilidade que se producen dende os ámbitos social e produtivo de Galicia.

En resumo, é necesario manter accións dirixidas tanto á mellora da competitividade das empresas de transporte, como a facilitar e mellorar a mobilidade das persoas e mercadorías de maneira sustentable e conectada, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte, na súa dixitalización e nas infraestruturas asociadas aos mesmos (estacións intermodais, estación de autobuses, paradas de autobús, aparcadoiros seguros para camións, refuxios,...).

As accións contempladas no programa 512A, Ordenación e Inspección do Transporte, van dirixidas, polo tanto, aos sectores do transporte de persoas e mercadorías, configurados por unhas 16.000 empresas. Igualmente, este programa prevé actuacións encamiñadas ao público en xeral, como usuario do sistema de transporte público.

No eido dirixido ao campo profesional, a administración estima esencial actuar en ámbitos orientados á mellora da competitividade do sector empresarial, tanto de mercadorías como de viaxeiros, fomentando a realización de accións formativas que faciliten o acceso de novos profesionais ao sector (bonificando a obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP) correspondente), a mellora do tecido empresarial e o cumprimento da normativa sectorial (por exemplo, relativa aos períodos de descanso dos condutores), e proseguindo coa implantación de accións de modernización dos servizos de transportes público de viaxeiros, entre outras actuacións.

A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, configura o Plan de Transporte Público de Galicia como o instrumento mediante o cal se establece a ordenación dos servizos de transporte público regular de

competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na nosa comunidade.

Por outro lado, a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, dedica o capítulo II do Título III á ordenación e promoción da integración dos servizos dirixidos á atención de diferentes colectivos de persoas usuarias, preferentemente contratados por unha mesma Administración, atribuíndolle á consellería competente en materia de transporte público as funcións de órgano de contratación do conxunto de servizos de transporte público regular contratados pola Xunta de Galicia, consonte coa programación e as excepcións que, de selo caso, acorde o Consello da Xunta ou estableza o Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa aprobación corresponde igualmente ao Consello da Xunta de Galicia.

O Plan de Transporte Público de Galicia foi aprobado, logo de deliberación, polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 29 de novembro de 2018.

Consonte a este plan, o 5 de abril de 2019, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicou o anuncio da licitación do expediente de contratación das concesión que conforman a primeira fase de implantación do Plan de Transporte Público de Galicia (lotes XG-600 a XG-743). Estas 98 concesións foron implantadas con éxito durante o primeiro trimestre de 2020. Posteriormente, o 17 de xaneiro de 2020, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicou o anuncio de licitación do expediente de contratación das 29 concesións que conforman a segunda, e derradeira, fase do Plan de Transporte Público de Galicia (claves XG800 a XG891). Destas, 10 concesións xa se implantaron en setembro de 2020 e as 19 restantes en decembro de 2020. Así, no 2021, completouse a implantación das 127 concesións que conforman o Plan de Transporte Público de Galicia, segundo o previsto na Lei 10/2016. Estes novos contratos, ademais de supoñer unha reestruturación total e reordenación do transporte público da comunidade autónoma, traen consigo a extensión de sistemas de axuda á explotación (SAE) centralizados que serven de base á dixitalización tanto da oferta como da información aos usuarios.

Ao mesmo tempo, cómpre continuar impulsando actuacións de mellora da oferta de transporte público en Galicia. Nesta liña de potenciación do sistema de transporte público, e trala implantación das Áreas de Transporte Metropolitano da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo e Vigo; continuarase a traballar para estender as vantaxes tarifarias e de métodos de pago do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, superando as fronteiras das actuais áreas metropolitanas, facendo participe de elas a toda Galicia.

Nesta liña, con base no principio de colaboración administrativa e coa firme vontade de afianzar aquelas accións dirixidas á potenciación do uso do transporte público colectivo en toda Galicia, o Consello da Xunta de Galicia do 25 de febreiro de 2021 aprobou o Anexo ao Plan de Transporte Público de Galicia, que viu completar o devandito Plan mediante o establecemento da Área de Transporte de Galicia (en adiante ATG) que abrangue a todo o territorio da Comunidade Autónoma. Os principais obxectivos da ATG é afianzar o conxunto de actuacións de promoción da utilización do transporte público que viñan impulsando as diferentes Adminis-

tracións e, de xeito singular, a Xunta de Galicia a través do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, así como impulsar a atención prioritaria do ámbito rural e garantir a cobertura do transporte público nas zonas con poboación máis dispersa, contando para iso coa colaboración de todas as administracións locais de Galicia, ás que terán a posibilidade de adherirse á ATG a través da formalización dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia. Posteriormente, a definición de esta área de transporte mellorouse a través da modificación do Anexo do PTPG (DOG nº 155 do 17 de agosto de 2022) acentuando as previsións dirixidas a promover a eficiencia e racionalización na actuación administrativa e facilitando a integración das entidades locais. Así estableceuse un procedemento para a integración directa e sen custe de concellos rurais de reducida poboación.

Nacida no ámbito do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, cómpre destacar de xeito significativo o esforzo orzamentario que supón o mantemento, por parte da Xunta de Galicia da tarifa Xente Nova. Tras a súa publicación no DOG, do pasado 20 de maio de 2021, da resolución pola que se estende ao conxunto da comunidade a gratuidade no transporte público aos menores de 21 anos coa utilización da tarxeta 'Xente Nova'. Esta medida social permite aos mozos e mozas, de entre catro e vinte anos, incluídos, viaxar gratuitamente en todos os servizos de transporte interurbano da Xunta de Galicia co único limite de 60 viaxes ao mes, Medida social moi potente de ampla utilización pola mocidade.

Esta iniciativa social contribúe, por unha parte, a unha importante potenciación da utilización do transporte público, cunha clara orientación á concienciación na súa utilización por parte das persoas que serán usuarios nos vindeiros anos. Mais igualmente, trátase dunha medida dun claro contido social, supoñendo un aforro importantísimo para as familias que se suma ao que xa dispuñan grazas ao propio Plan de Transporte Metropolitano de Galicia e as que no futuro inclúa a Área Única de Transporte de Galicia.

Neste ano 2024, está previsto completar o desenvolvemento tecnolóxico que permita dispoñer da "Tarxeta Xente Nova" directamente nos dispositivos móbiles. Este avance permitirá acceder aos beneficios da gratuidade no transporte público mediante a xeración dun código QR dende o teléfono móbil, eliminando a necesidade de contar cunha tarxeta moedeiro física. Este enfoque busca simplificar e modernizar a experiencia de viaxe, ofrecendo aos usuarios unha forma máis cómoda e áxil de acceder aos servizos de transporte público en Galicia.

O aspecto e relevancia social destas actuacións resulta reforzado co mantemento, durante o ano 2024, da colaboración da Xunta de Galicia cos taxistas na implantación de taxis adaptados para persoas con mobilidade reducida, Eurotaxis, e de baixas emisións continuando así unha liña de axudas a estes profesionais aberta no ano 2016. Con esta actuación a Xunta de Galicia contribúe a compensar os incrementos de custe que supón para os taxistas a incorporación deste tipo de vehículos, facilitando a existencia dunha oferta real de vehículos sostibles e accesibles para todos.

Igualmente, continuarase con actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade entre diferentes modos de transporte de viaxeiros na procura dunha mobilidade sostible.

E, de xeito paralelo, a Xunta de Galicia continuará a colaborar na precisa adaptación do sector do transporte público, de persoas e de mercadorías, ao conxunto de novas iniciativas promovidas cara a mellora continua destas actividades, mantendo un ambicioso programa de apoio ás asociacións profesionais en diferentes programas de formación que estas desenvolven. De xeito complementario, promoverase, a través de distintos programas, o acceso de novos profesionais ao sector do transporte, bonificando a obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP) necesario para o exercicio da profesión de condutor.

Por outro lado e de cara a fomentar a utilización do transporte público e mellorar a calidade que perciben os usuarios, e en coordinación coa Estratexia Galega de Mobilidade:

- É necesario garantir o bo estado da rede galega de estacións de autobuses, para o que se continuarán con actuacións de reparación e mantemento e mellora da eficacia enerxética das estacións de autobuses.
- Mellorarase a accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia, para convertelas en paradas seguras.
- Mellorarase o equipamento da propia parada, incluíndo a marquesiña, a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, a información e sinalización e a seguridade, dende o punto de vista viario e da perspectiva de xénero, dando unha maior visibilidade, con iluminación, sinalización, etc.
- Crearanse de novos aparcamentos disuasorios, en zonas próximas ás principais vías de entrada ás cidades de Galicia e conectados coa rede de servizos de transporte público colectivo, de tal forma que se minimice a necesidade de acceder a elas en vehículo privado. Primarase a conectividade destes aparcamentos coas redes de transporte público e con itinerarios peonís e ciclistas.
- Executaranse sendas peonís e/ou ciclistas na contorna das principais vías de entrada ás cidades de Galicia, que aproximen ao cidadán aos servizos de transporte público e ofrezan unha alternativa de mobilidade sustentable atractiva e competitiva, de tal forma que se minimice a necesidade de acceder ás cidades en vehículo privado.

Por outra banda, dende esta dirección xeral estase a levar o seguimento proactivo das inversións en infraestruturas de transporte e dos servizos que estas prestan que inda que son de competencia do Goberno do Estado, son de importancia estratéxica para Galicia. Infraestruturas como o AVE ou o Corredor Atlántico de Mercancías. En liña con este seguimento proactivo, a Dirección Xeral de Mobilidade ten previsto facer o seguimento da "Estratexia loxística de Galicia 2020-2030" que entre os seu principais obxectivos ten definir o conxunto de infraestruturas prioritarias para a competitividade do corredor atlántico de mercadorías, en coordinación cos gobernos de Castela, León e Asturias.

No que se refire ao desenvolvemento das actuacións de intermodalidade en Galicia, durante o ano 2021, rematáronse as obras e iniciaron a súa explotación a terminal de autobuses nas Estacións Intermodais de Santiago de Compostela e de Ourense. Durante o ano 2022 rematáronse as obras de Pontevedra e Vigo e iniciouse a execución de terminal de autobuses da Área Intermodal de San Cristobal – A Coruña. Respecto a Estación Intermodal de Lugo, esta previsto, unha vez asinado o convenio (entre ADIF, Concello e Xunta de Galicia), o inicio das obras no ano 2024 para a súa execución. Neste contexto é necesario un impulso decidido para conectar a cidade de Lugo coa alta velocidade ferroviaria. Por ultimo, en Ferrol, a Xunta de Galicia continuará adiantando o seu traballo coa redacción do proxecto da nova terminal de autobuses, para a súa integración na futura estación intermodal para o que é necesario tamén que se impulse a mellora da liña ferroviaria A Coruña-Ferrol.

Por outra banda, e dentro do ámbito das infraestruturas necesarias para o transporte de mercadorías, a Dirección Xeral de Mobilidade, o "Plan Estratéxico para Contar cunha Rede Galega de Aparcamentos Seguros para o Sector de Mercadorías a Curto Prazo" ten previsto dúas iniciativas concretas:

1. A creación da primeira área de estacionamento seguro "de concentración" no Polígono de San Cibrao das Viñas, en colaboración coa Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas.
2. A convocatoria dunha orde de axudas, destinadas a áreas de servicio e establecementos de hostalaría, para o acondicionamento dos aparcadoiros existente converténdoos en aparcadoiros seguros acreditados para camións. Isto suporá a creación da primeira rede de áreas de estacionamento seguro "de transito".

Finalmente, a actuación da Dirección Xeral de Mobilidade complétase coas actividades de inspección e sanción en materia de transporte por estrada nos ámbitos da súa competencia.

O sector do transporte por estrada, tanto de viaxeiros como de mercadorías, experimentou nos últimos anos unha indubidable transformación a nivel internacional e nacional, marcada polo uso das tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas ao transporte, co xurdimento de novos modelos de negocio vinculados a estas tecnoloxías, o crecemento da actividade de intermediación, e a crecente centralización da contratación que estas permiten.

Ademais, na Comunidade Autónoma de Galicia, a aprobación do Plan de transporte Público de Galicia está a supoñer unha importante transformación tanto no modelo de servizos regulares de uso xeral de viaxeiros, como nas condicións de execución e xestión do seguimento dos mesmos.

Estas transformacións, entre outras, implican riscos novos de infracción da normativa en materia de transportes que afectan a bens xurídicos nela protexidos como a seguridade do transporte e a leal competencia entre os operadores económicos, que requiren unha correlativa

adaptación no seu obxecto e nos seus métodos de investigación dos servizos de Inspección de Transporte dependentes da Dirección Xeral de Mobilidade.

Por iso, resulta necesaria a adaptación da planificación e a organización da Inspección do Transporte a estas novas problemáticas, así como o seu reforzo mediante a contratación dun servizo de apoio a Subdirección Xeral de Inspección do Transporte.

Por último, cabe nomear a Xunta Arbitral de Transportes de Galicia (en diante XATG), órgano extraxudicial encargado de resolver conflitos que xorden durante a execución de contratos de transporte de crecente importancia e interese para o sector. A través deste órgano, as partes involucradas poden presentar unha reclamación, desencadeando así un proceso arbitral no que ambas partes presentan as súas posicións e, finalmente, a Xunta Arbitral emite un laudo arbitral, que ten o mesmo valor que unha sentenza xudicial. A XATG foi creada en 1991 pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e, desde entón, opera coa súa secretaría na Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Debido ao aumento do número de reclamacións, tanto de usuarios como de empresas, é necesario contar con apoio externo especializado para acelerar a tramitación e resolución destes asuntos.

XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA

A finalidade do Xurado de Expropiación de Galicia é a consolidación deste órgano colexiado permanente na súa función de fixación do prezo xusto expropiatorio, tanto en taxacións conxuntas como en taxacións individuais, para o que se vai a continuar avanzando na modernización do organismo mediante o emprego das novas tecnoloxías que permita unha mellor optimización e simplificación de todos os procedementos administrativos utilizados habitualmente no XEG.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

O 20 de xaneiro de 2012 entrou en funcionamento a Axencia Galega de Infraestruturas. A axencia ten como obxectivos básicos impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas e, en especial, a planificación, proxección, construción, conservación e explotación das estradas que sexan competencia da nosa comunidade autónoma, e os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas e, tamén, garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

Así mesmo depende funcionalmente da Axencia Galega de Infraestruturas a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., cuxa actividade fundamental a día de hoxe consiste na

realización da conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense.

Ademais, como medio propio da Administración da Xunta de Galicia recibe encargos para desenvolver ou colaborar no desenvolvemento de infraestruturas que son competencia de outros centros directivos.

Cómpre sinalar que, de acordo coa liña política seguida por este Goberno, todo o investimento prográmase pola vía orzamentaria fronte ao financiamento non específico, vía financiamento bancario coa Sociedade Pública de Investimentos (SPI) ou pola execución das obras incluídas en contratos de concesión de obra pública. Deste modo, non se aumenta a carga financeira a longo prazo da comunidade autónoma con novos compromisos de gasto.

A actividade da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2024 estará dirixida a conseguir:

- Unha Galicia mellor vertebrada, coa planificación, construción e mellora da Rede de Estradas competencia da comunidade autónoma.
- Estradas 24/7, asegurando que estean á disposición da mobilidade interurbana de Galicia en todo momento, asegurando a vialidade e o bo estado da infraestrutura a través dunha axeitada conservación.
- Estradas seguras, co desenvolvemento de accións e actuacións en materia de seguridade viaria.
- Estradas verdes, que sexan cada vez máis infraestruturas de soporte para unha mobilidade sostible, a través da estratexia Sendas de Galicia; e que contribúan á loita contra o cambio climático.
- Estradas intelixentes, coa estratexia en materia de dixitalización e innovación da Axencia.
- Colaborando con outras administracións para promover a mobilidade sostible nas fachadas marítimas das cidades de Coruña, Ferrol e Vigo.
- E, adicionalmente, poñendo á disposición a experiencia e a capacidade de xestión da axencia para a execución de infraestruturas competencia doutros centros directivos e consellerías da Xunta de Galicia.

  Estas liñas de acción formúlanse no marco da Planificación estratéxica da Xunta de Galicia e de modo coherente coas directrices da Unión Europea. Aos tradicionais traballos da Xunta de Galicia en materia de estradas engádense actuacións que procuran o fomento da mobilidade sostible. Ao tempo, e de modo transversal, estanse a incorporar criterios de deseño cada vez máis respectuosos co medio ambiente e coa seguridade das persoas no desenvolvemento das tarefas das que se encarga a Axencia Galega de Infraestruturas.
- Unha Galicia mellor vertebrada. Planificación, construción e mellora da Rede de Estradas competencia da comunidade autónoma.

As infraestruturas de comunicacións e transportes constitúen un elemento fundamental para o desenvolvemento de Galicia, por tres motivos principais: a posición xeográfica de Galicia, o seu sistema urbano policéntrico e a dispersión dos seus asentamentos. Ademais, a rede hidrográfica e a topografía condicionan o desenvolvemento de infraestruturas lineais como son as estradas, polo que requiren un maior esforzo que noutros territorios para o seu desenvolvemento. Sen embargo, son fundamentais para lograr unha axeitada vertebración do territorio, achegando os servizos ás persoas e conectando con nodos de comunicación como portos, aeroportos, estacións de ferrocarril e intermodais e conexións viarias exteriores.

Xerarquicamente, as Vías de Altas Prestacións titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coas do Estado, son as máis importantes xa que unen as principais poboacións e nodos de comunicacións e loxísticos. Nos últimos anos houbo un importante desenvolvemento destas vías, cun total de 527,02 que comparados cos 313,32 km do ano 2009 supón un incremento do 68%. As ultimas vías de altas prestacións que entraron en servizo foron como de nova traza o Acceso ao Polígono de San Cibrao das Viñas dende a A-52, e en canto á mellora da calidade, a conversión en autovía dos corredores do Morrazo e Nadela-Sarria. Treito: Pobra de San Xiao–Sarria Centro. Estas últimas dúas actuacións, se ben non incrementan a lonxitude da rede de estradas de alta capacidade, si que supoñen unha mellora de calidade dos parámetros de deseño da vía por supoñer a duplicación da calzada separando os sentidos de circulación. Así mesmo, desenvólvense outros eixos como a VAC Tui - A Guarda, coa execución da obra do seu enlace coa A-55 e co polígono de Areas, e avanzando nos seguintes treitos; coa Autovía Santiago - A Estrada, na que se inicia a fase decisiva para chegar ata A Estrada; continuando coa conversión en autovía ca VAC Nadela - Sarria, do Corredor CG-1.5, Brión – Noia, a prolongación da autovía da Costa da Morte, ou a VAC da Costa Norte.

Unha vez que as actuacións en materia de infraestruturas viarias que a día de hoxe se encontran en obras ou en fase de planificación se poñan en servizo, suporá que máis do 85% da poboación encontrarase a menos de 15 minutos dunha Vía de Altas Prestacións.

Pero, ademais, é necesario que todo o territorio acceda do modo máis curto e rápido posible á rede de alta capacidade: é necesaria a máxima capilaridade da rede de estradas, e nas mellores condicións. Para iso, trabállase no programa de acondicionamento e mellora da rede de estradas convencionais, fundamental para o equilibrio territorial e o reto demográfico, ao ofrecer unha maior accesibilidade ás zonas que máis o necesitan do territorio galego. Recolle o acondicionamento de estradas existentes para mellora das súas características e aumento da seguridade viaria, de diversas actuacións en estradas como a mellora da estrada LU-231 que une Palas de Rei e Friol, na LU-651 entre Folgoso de Courel e Seoane, na AC-862 entre San Sadurniño e Ponte Mera, a LU-540 entre Viveiro e Cabreiros, a OU-540 entre Celanova e a fronteira portuguesa entre outras.

- Estradas 24/7. Conservación de estradas para garantir un servizo público esencial.

  Nos peores anos da crise económica a Xunta de Galicia blindou a conservación de estradas, de modo que se mantivesen os alicerces para a recuperación económica, e nos anos da pandemia se revelou como unha decisión axeitada, dado o servizo esencial que supón

asegurar a mobilidade as 24 horas do día, os 7 días da semana e os 365 días ao ano. Por iso, e co obxectivo de manter o estado das estradas nas debidas condicións de viabilidade, seguridade, limpeza, sinalización e comodidade, nos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas teñen un importante protagonismo as partidas destinadas á conservación de estradas.

Comezando pola labor máis básica, que é a conservación ordinaria e o Plan de Vialidade Invernal da Xunta de Galicia, pero tamén mantendo a intensidade nos traballos de conservación extraordinaria co Plan de Reforzos de firme, que dende hai anos conta cunha liña de actuación específica para rehabilitación e mellora do firme das estradas autonómicas.

Como tamén é fundamental o programa de inspección e actuacións en estruturas nas estradas da Xunta de Galicia, co que se realiza un seguimento continuo do estado das obras de paso, pontes e viadutos e da que se derivan actuacións de rehabilitación cando son necesarias así como a posta en marcha dun programa pioneiro para o inventario e inspeccións principais de noiros e muros na rede autonómica de estradas que xa está a ser unha ferramenta de gran axuda tendo en conta a topografía desta comunidade autónoma e a súa climatoloxía que condicionan en grande medida o deseño das infraestruturas viarias. O peso que van gañando estes dous programas de inspección e execución de actuacións preventivas en estruturas, obras de paso, muros e noiros, fai oportuno que conten coa súa propia partida orzamentaria.

Así mesmo, e dado que a Axencia Galega de Infraestruturas asume a tutela funcional da Sociedade Pública de Investimentos, a actuación da axencia debe de contemplar as actividades desenvolvidas por esta sociedade. En concreto esta actividade está dirixida principalmente á realización das labores de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense.

- Estradas seguras. Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025.

  Continuaranse desenvolvendo actuacións en materia de seguridade viaria, no marco do Plan de seguridade viaria de Galicia 2022-2025. O obxectivo fundamental é reducir a sinistralidade na rede de estradas, prestando especial atención a aquelas accións de mellora da seguridade das estradas e á sensibilización, concienciación e respecto por parte dos usuarios da estrada. Se ben as cifras de vítimas en accidentes de tráfico están moi alonxadas das que se rexistraban hai anos, os anos posteriores á pandemia estanse revelando difíciles, en especial polo incremento de sinistros derivados de causas como distraccións ou excesos de velocidade, pero tamén derivadas da condución en condicións inaxeitadas polo non uso de elementos de protección, ou polo consumo de alcohol ou drogas. Cuestións que obrigan a poñer o foco na sensibilización, con campañas en medios de comunicación que incidan nas principais causas de sinistralidade, como as distraccións, ou retomando os cursos de condución segura para motoristas. Pero sen descoidar á infraestrutura, que é a principal competencia da Axencia na materia.

  A AXI desenvolverá accións específicas para mellora da seguridade viaria, especialmente orientadas aos usuarios máis vulnerables como peóns, ciclistas e motoristas, e a colectivos como nenos e maiores. Continuarase a estratexia iniciada no 2018 co fin de mellorar a configuración da estrada en todos os treitos identificados como de concentración de accidentes

(TCA) na rede autonómica. Deste modo, e rematadas e avaliada a eficacia das actuacións correspondentes aos TCAs identificados no ano 2016, adoptouse o ano 2021 como novo ano base para as propostas de actuación que se desenvolverán nos vindeiros anos. E, ademais, vaise iniciar unha nova liña de actuación, neste caso nos denominados Treitos de Alto Potencial de Mellora, nos que se aplicará a filosofía das "estradas que perdoan", de modo que a infraestrutura garanta a menor lesividade posible ante un accidente.

E, por suposto, a busca da mellora da seguridade viaria, ademais, informará de modo transversal todas as actuacións que desenvolve sobre a rede autonómica de estradas. Todas elas oriéntanse á seguridade viaria: a execución de novas vías de altas prestacións, por evitar o paso por travesías urbanas; os desdobramentos de calzadas existentes; as sendas peonís e ciclistas, e moitas outras pequenas actuacións que melloran en continuo a seguridade das estradas autonómicas.

- Estradas verdes. Estratexia Sendas de Galicia e xestión da biomasa.

  É unha prioridade estratéxica seguir avanzando cara un modelo de mobilidade baseado no uso de modos colectivos e outros modos alternativos ao emprego do vehículo particular, tanto no ámbito interurbano e metropolitano. No marco destas actuacións estase a promover a construción de sendas como elementos que permiten o aforro enerxético e unha redución da pegada de carbono (carbón footprint, pegada de carbono). Esta estratexia, que se vai desenvolvendo por comarcas, permitiu poñer en servizo máis de 250 quilómetros de novos itinerarios peonís e ciclistas en estradas autonómicas nos últimos anos. A maiores, colaborarase coa Dirección Xeral de Mobilidade e a Secretaría Xeral Técnica da Consellería para desenvolver as actuacións de mobilidades sostible que contan con financiamento dos fondos Next Generation UE, cos que se promoven sendas metropolitanas nas cidades galegas máis aló da rede autonómica de estradas, e outras medidas tamén favorecendo a mobilidade sostible, como son os aparcamentos disuasorios nas cidades e para carpooling, e as melloras nas paradas de transporte público en estradas autonómicas.

  Cómpre destacar pola súa importancia estratéxica a construción de sendas ciclistas e/ou peonís recollidas na estratexia Sendas de Galicia. Trátase dun programa ao que se destinaron fondos FEDER e REACT-EU correspondentes ao período 2014-2020, e que teñen continuidade no programa operativo para Galicia para o período 2021-2027, co complemento de fondos propios da comunidade autónoma. Comprende un conxunto de actuacións que promoven a mobilidade alternativa ao vehículo privado, compatibilizando os tránsitos peonís e ciclistas co vehículo automóbil na rede autonómica de estradas nas axeitadas condicións de seguridade para todos os usuarios. A dotación orzamentaria para o ano 2024 permitirá promover novas actuacións nas 11 comarcas da primeira e segunda fase, e iniciar as actuacións dunha nova terceira fase, nas comarcas do Baixo Miño, Condado, Deza, Sarria, Terra de Lemos, Barbanza e Noia. No ano 2024 iniciaranse sendas como a senda na PO-546 no treito Mollabao - Praceres en Pontevedra; a senda na OU-402 en Reza (Ourense); a senda na AC-424 en O Couto (Ponteceso); a senda na PO-510 na Vaquería (Porriño); ou a senda na PO-841 en A Estrada, entre outras. Estas actuacións compleméntanse coas financiadas polos fondos Next Generation EU (como as sendas na PO-308 entre Fontenla e Combarro en Poio ou na PO-223 e PO-224 en Xeve (Pontevedra), e coordínanse ademais coas políti-

cas de fomento do transporte público da Dirección Xeral de Mobilidade, acondicionándose as paradas de autobús para unha maior accesibilidade e seguridade viaria, e renóvanse ou instálanse marquesiñas onde é necesario.

E, para 2024, prográmase un salto cualitativo importante para esta conversión das estradas en corredores verdes. Será cunha mellora na xestión da biomasa que se está a realizar. Tradicionalmente, na xestión das estradas o obxectivo fundamental era o desbroce e control do crecemento da vexetación nas marxes inmediatas das estradas, para facilitar o tránsito, mellorar a visibilidade e tamén dificultando as incursións de animais na calzada. Xa nos últimos anos se incrementou o traballo neste eido, coa supresión do uso extensivo de herbicidas, o que obriga a un maior esforzo no desbroce, e coa eliminación no dominio público viario de especies pirófitas, como acacia, eucalipto ou mimosa, en colaboración coa empresa pública Seaga. Así, as estradas contribúen coa loita contra os lumes. E, como novo salto cualitativo, en 2024 vaise traballar para que nas grandes superficies de Dominio Público Viario haxa unha transformación que as converta nun verde propio de Galicia, reforestándoas como arborado autóctono e deste modo conseguindo importantes obxectivos a medio prazo, con luces longas: contribuír a loita contra o cambio climático, deixar menos espazo dispoñible para as especies invasoras, e ademais diminuír costes de mantemento, xa que o sombreado do bosque implicará un menor crecemento baixo as árbores.

Ademais, desenvolverase o Plan de Acción contra o Ruído nas estradas autonómicas, con medidas destinadas a mitigar as molestias que se produce en vivendas e equipamentos públicos polo paso dos vehículos.

- Estradas intelixentes. Mellora da xestión e aproveitamento das novas tecnoloxías

  A organización e o sistema de traballo da axencia deben rexerse polo principio de calidade e mellora continua que garanta un nivel axeitado na xestión e prestación de servizos aos destinatarios da súa actividade coa máxima racionalización dos orzamentos públicos. Nestes anos estívose a traballar de modo integrado co resto da Xunta de Galicia na dixitalización dos procedementos administrativos de modo que se axilicen os mesmos e se avance na relación dixital coa cidadanía, e que se viu reforzado ao desenvolverse actuacións para conseguir a dixitalización da estrada e do seu entorno e dos expedientes de expropiacións. Estase con isto avanzando nun salto tecnolóxico da xestión das estradas, xunto coa utilización de datos de telefonía para o estudo do tráfico e a mobilidade, modernizando a rede de aforos para o envío remoto de datos en tempo real. Ademais, nos dous últimos anos traballouse intensamente na dixitalización dos expedientes de expropiacións e da liña e dominio público viario, así como na adquisición de datos sobre o terreo e posterior procesado para lograr o xemelgo dixital da estrada. Estas tarefas permitirán poñer unha información fundamental a disposición da cidadanía, axilizando ademais os expedientes administrativos e a actividade propia da axencia ao contar unha información máis accesible, mellor estruturada e de maior calidade.

  Para continuar o traballo feito, pero no marco dun contexto orientado a aproveitar a tecnoloxía para obter grandes oportunidades de mellora, aprobouse a Estratexia de dixitalización e innovación en materia de estradas de Galicia que fíxa cinco retos concretos. O primeiro

é conseguir máis rapidez e eficacia na xestión, tanto para promover a optimización e innovación das infraestruturas e do transporte por estrada como para tramitar as autorizacións precisas para actuar no dominio público viario e que suporá un grande impulso técnico para aproveitar ao máximo as potencialidades das vías e unha maior axilidade no outorgamento de permisos ao cidadán. O segundo reto que se fixa é facilitar o despregamento do vehículo autónomo. O terceiro, a aplicación de tecnoloxías Big Data e a intelixencia artificial para unha maior eficacia e eficiencia no mantemento e conservación das estradas. O cuarto reto é a xestión avanzada da seguridade viaria para a protección dos usuarios: prevención de accidentes empregando técnicas de intelixencia artificial para previr os sinistros con animais. E o quinto reto, a formación especializada.

- Colaboración na execución de infraestruturas competencia doutros centros directivos e Consellerías da Xunta de Galicia.

  Nos últimos anos afondouse no potencial da Axencia Galega de Infraestruturas para aportar a súa experiencia na xestión administrativa e construción de infraestruturas, ampliando o ámbito de actuacións máis alá das infraestruturas viarias, o que implicou unha adaptación da súa estrutura para asumir as novas funcións. Así, estase a colaborar en distintos traballos de apoio na licitación e/ou execución de infraestruturas da mobilidade, sanitarias e administrativas, entre outras. Neste senso cómpre destacar as encomendas nas que se traballará ao longo do ano 2024: simultaneamente na ampliación e mellora dos hospitais de Ferrol, Montecelo (Pontevedra), Ourense ou Clínico Universitario (Santiago), e iniciando xa a execución das obras do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña; obras en centros de saúde como os da Rúa, Vilagarcía, Olimpia Valencia (Vigo), da Milagrosa (Lugo); obras en edificios administrativos como o novo edificio de San Caetano, en Santiago de Compostela; e actuacións tan singulares como o Centro de excelencia en ciberseguridade de Galicia. En xeral a dotación orzamentaria continúa nos órganos coa orixe da competencia de cada unha das actuacións, polo que non hai reflexo nos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, pero supón unha importante labor en canto a xestión técnica e administrativa. A maiores, e de contar coa posta a disposición dos terreos por parte do concello de Vigo, tamén se desenvolverá por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a execución das obras de urbanización dos sectores PS-1 e PS-6 do Campus da Mar da ETEA en Vigo e que resulta fundamental para a dotación de servizos e humanización do ámbito, de modo que estea preparado para recibir os equipamentos públicos e centros universitarios e de investigación vencellados co mar que alí se instalarán.

- Mellora da mobilidade e da integración porto - cidade en Coruña, Ferrol e Vigo.

  Trátase de actuar nas fachadas marítimas destas cidades, aproveitando as oportunidades que se presentan para mellora da integración urbana e da mobilidade nos espazos portuarios máis centrais e con maior transcendencia nos núcleos urbanos

  No proceso de recuperación da fachada marítima da cidade de A Coruña abriuse unha nova etapa co compromiso da financiación, licitación e execución dos accesos ferroviarios necesarios para a posta en funcionamento do Porto exterior de Punta Langosteira que garanta a súa plena actividade e competitividade co resto de instalacións portuarias existentes e,

de outra, na transformación, reordenación urbanística e humanización dunha boa parte dos espazos portuarios interiores (peirao de Batería, peirao de Calvo Sotelo, e peirao de San Diego) que pode xerar un amplo valor económico e un gran beneficio social para a cidadanía de a cidade de A Coruña e tamén na súa área de influencia.

A Xunta de Galicia busca facilitar que se leve a cabo unha transformación e reordenación do espazo portuario interior da cidade da Coruña. Neste proxecto de marcado carácter estratéxico e urbanístico, a Xunta mantén os seus compromisos de investimento e garante que os 20 millóns de euros se destinarán aos diferentes ámbitos da fachada marítima da cidade de A Coruña. Está en marcha o concurso de redacción de proxectos, e en breve comezarase a materializar fisicamente este compromiso coa obra que habilitará unha estrutura flotante na zona do Parrote do porto da Coruña.

En canto ás intervención nas zonas portuarias de Ferrol e Vigo, están en marcha as actuacións dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia para apoiar de modo decisivo as intervencións de integración urbana e mellora da mobilidade sostible que están a promover as Autoridade Portuaria de Ferrol - San Cibrao e Vigo. En Vigo, co impulso da mobilidade peonil e ciclista en dous treitos da fachada marítima da cidade: entre A Laxe e O Berbés (xa en servizo), e no treito da Avenida de Beiramar entre a Rúa Coruña e Bouzas. Isto, xunto coas actuacións en marcha ou xa executadas pola Autoridade Portuaria de Vigo, permitirá unir todo o borde litoral de Vigo, no ámbito portuario, para a mobilidade peonil e ciclista. En Ferrol, en breve comezará a execución das obras dun novo itinerario peonil e ciclista entre a cidade e A Malata a través da estrada Baixa do Porto, que se humanizará como tamén a contorna da Dársena de Curuxeiras. Ademais, executaranse dous aparcamentos disuasorios da entrada de vehículos privados no casco histórico da cidade de Ferrol.

En Ferrol, ademais, previse iniciar unha nova liña de colaboración co concello, de modo que as actuacións promovidas no ámbito portuario teñan continuidade no ámbito urbano, e se consiga o obxectivo, máis amplo e ambicioso, de abrir Ferrol ao mar.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 423A - SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo do programa é prestar o servizo de transporte público gratuíto aos escolares con dereito ao mesmo, no ámbito territorial da comunidade autónoma

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Escolares con dereito a transporte público gratuíto.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, configura o Plan de Transporte Público de Galicia como o instrumento mediante o cal se establece a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na nosa comunidade.

Esgotada a vixencia dos contratos de xestión de servizos de transporte público regular de uso xeral, logo de que por sentenza do Tribunal Supremo do 14 de marzo de 2016 viñese imposta a súa resolución previa, a Lei 10/2016 facilitou, ademais, a continuidade dos servizos de transporte público nas condicións que se viñan prestando ata ese momento, agás renuncia expresa da empresa contratista á dita continuidade.

Por outro lado, a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, dedica o capítulo II do título III á ordenación e promoción da integración dos servizos dirixidos á atención de diferentes colectivos de persoas usuarias, preferentemente contratados por unha mesma Administración, atribuíndolle á consellería competente en materia de transporte público as funcións de órgano de contratación do conxunto de servizos de transporte público regular contratados pola Xunta de Galicia, consonte coa programación e as excepcións que, de selo caso, acorde o Consello da Xunta ou estableza o Plan de Transporte Público de Galicia, cuxa aprobación corresponde igualmente ao Consello da Xunta de Galicia.

Consonte co anterior, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade levou a cabo no ano 2017 unha planificación preliminar do sistema de transporte público de Galicia na que se puxeron en marcha dúas novas modalidades de transporte público: os servizos integrados e o transporte baixo a demanda.

No marco destas actuacións preliminares, a efectividade da integración de servizos de transporte e, por tanto, a atención do dereito ao transporte público gratuíto a través do sistema de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral, acadouse coa adxudicación de 41 contratos de transporte público regular de viaxeiros por estrada de uso xeral e a súa implantación efectiva no mes de agosto de 2017. Posteriormente, en xaneiro de 2018, adxudicáronse 2 contratos máis.

Posteriormente, o documento base do Plan de Transporte Público de Galicia foi sometido a información pública por un prazo de 20 días hábiles, e logo da análise e resposta das alegacións recibidas e da incorporación dos cambios derivados daquelas alegacións que foron estimadas, foi sometido ao informe do Consello Galego de Transportes, segundo o establecido no apartado 3 do artigo 2 da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia. O Plan de Transporte Público de Galicia tamén foi sometido ao informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda, ao abeiro do establecido no apartado 3 do artigo 12 da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Finalmente, segundo o indicado no apartado 3 do artigo 2 da Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, o Plan de Transporte Público de Galicia foi aprobado, logo de deliberación, polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 29 de novembro de 2018

Consonte a este plan, o 5 de abril de 2019, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicou o anuncio da licitación do expediente de contratación das concesión que conforman a primeira fase de implantación do Plan de Transporte Público de Galicia (lotes XG-600 a XG-743). Estas 98 concesións foron implantadas con éxito durante o primeiro trimestre de 2020. Posteriormente, o 17 de xaneiro de 2020, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicou o anuncio de licitación do expediente de contratación das 29 concesións que conforman a segunda, e derradeira, fase do Plan de Transporte Público de Galicia (claves XG800 a XG891). Destas, 10 concesións xa se implantaron en setembro de 2020 e as 19 restantes en decembro de 2020. Así, no 2021, completouse a implantación das 127 concesións que conforman o Plan de Transporte Público de Galicia, segundo o previsto na Lei 10/2016.

Así, no 2024, continuarase prestando o conxunto de concesión do Plan de Transporte Público de Galicia, segundo o previsto na Lei 10/2016.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é facilitar a mobilidade das persoas, procurando solucións máis eficientes e sostibles, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Mobilidade

III.1.2. PROGRAMA 511A - DIRECCIÓN E SERVIZOS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

É este un programa instrumental de servizos administrativos que ten como finalidade proporcionar os medios materiais, persoais e de organización para o funcionamento dos servizos de carácter xeral da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na procura da mellora da eficacia e eficiencia nos servizos públicos que se prestan aos cidadáns.

As actividades que desenvolve céntranse na dirección, coordinación e control nas áreas de actividade competencia da consellería e, máis en concreto:

- Na ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas.
- Na xestión e control dos convenios e protocolos nos que sexa parte a consellería.
- Na preparación, licitación e adxudicación dos expedientes de contratación pública competencia da consellería.
- Na xestión e administración dos recursos económicos da Secretaría Xeral Técnica.
- No estudo e tramitación dos anteproxectos e proxectos de disposicións de carácter xeral que elaboren os distintos centros directivos, así como a coordinación das funcións xurídico-administrativas que desenvolvan as distintas unidades da consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas.
- Na realización das funcións inspectoras sobre todos os órganos e servizos de carácter técnico da consellería.

Ademais, a través deste programa de gasto, préstase a cobertura necesaria para garantir o funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións financiadas con este programa de gasto están orientadas a atender as necesidades de funcionamento dos servizos administrativos da consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas, así como do Xurado de Expropiación de Galicia, o que redunda en beneficio dos cidadáns demandantes dos servidos prestados por este departamento e os seus entes dependentes.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 118/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (DOG nº 126, do 4 de xullo).
- Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritas á Consellería de Infraestruturas e Vivenda.
- Resolución do 7 de setembro de 2017 pola que se delega o exercicio de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 172/2018, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de organización e réxime de funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades nas que se concreta este programas son:

- Xestión do persoal da consellería e da Axencia Galega de Infraestruturas.
- Xestión do gasto corrente e dos investimentos asociados ao funcionamento operativo dos servizos administrativos.
- Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería co fin de acadar un funcionamento máis eficiente dos servizos, evitando duplicidades.
- Coordinación e tramitación da produción normativa da consellería e dos entes do sector público adscritos a este departamento.
- Avanzar na centralización da contratación administrativa da consellería.
- Coordinación e execución en materia de transparencia e implantación da Administración electrónica.
- Apoio e asistencia xurídica aos demais órganos e entes dependentes da consellería.
- Estudo, elaboración e tramitación ata acadar a fixación do prezo xusto expropiatorio en taxacións individuais así como nos procedementos de taxación conxunta.
- Estudo, elaboración e tramitación para a fixación das indemnizacións por ocupacións temporais e requisas.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Xurado de Expropiación de Galicia

III.1.3. PROGRAMA 512A - ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo do programa é facilitar e mellorar a mobilidade das persoas e mercadorías de maneira sustentable para que Galicia sexa mais accesible, aberta e integrada nos fluxos comerciais e económicos globais.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os destinatarios destas medidas son tanto a cidadanía e o tecido produtivo de Galicia en xeral, demandante dos servizos que presta o sector do transporte, como en particular as empresas e os traballadores que desenvolven estes servizos.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O sector do transporte en Galicia ten unha enorme importancia estratéxica, ao afectar transversalmente a todos os sectores produtivos. O sector do transporte e a loxística en Galicia, segundo o Instituto Galego de Estatística (IGE) no seu "Análise do sector do transporte e da loxística" (2017), no ano 2014 achegou o 3,9% do produto interior bruto (PIB) da economía galega, 2.126 millóns de euros. Os postos de traballo que xerou supoñen un 4,5% do emprego total.

A súa importancia vai máis alá dos aspectos meramente económicos xa que o transporte permite aos cidadáns alcanzar aquilo que é importante no seu quefacer cotiá: desprazarse ao traballo, ao centro de formación, a recibir asistencia médica ou simplemente a participar en actividades culturais ou de esparexemento que, especialmente en Galicia, requiren o desprazamento e, con frecuencia, utilizar medios de transporte público. Así mesmo, o transporte é un elemento clave para mellorar a competitividade do noso tecido empresarial no marco dun mercado global, ao permitir o descenso dos custos loxísticos, especialmente importantes en certos produtos. Por outra parte, o transporte permite que os consumidores accedan a unha variedade maior de produtos e de máis calidade.

Deste xeito, en Galicia formúlanse múltiples retos que requiren do transporte para ser superados, polo que é preciso seguir a manter unha política activa que, aínda dentro das estritas limitacións orzamentarias, permita mellorar o sector facéndoo máis competitivo, eficiente e sustentable, ademais de resolver as demandas de mobilidade que se producen dende os ámbitos social e produtivo de Galicia.

En resumo, é necesario manter accións dirixidas tanto á mellora da competitividade das empresas de transporte, como a facilitar e mellorar a mobilidade das persoas e mercadorías de maneira sustentable, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte e nas infraestruturas asociadas ao mesmo (estacións intermodais, estación de autobuses, refuxios,...).

As accións contempladas no programa 512A, Ordenación e Inspección do Transporte, van dirixidas, polo tanto, aos sectores do transporte de persoas e mercadorías, configurados por unhas 16.000 empresas. Igualmente, este programa prevé actuacións encamiñadas ao público en xeral, como usuario do sistema de transporte público.

No eido dirixido ao campo profesional, a administración estima esencial actuar en ámbitos orientados á mellora da competitividade do sector empresarial, tanto de mercadorías como de viaxeiros, fomentando a realización de accións formativas que faciliten a mellora do tecido empresarial e o cumprimento da normativa sectorial (por exemplo, relativa aos períodos de descanso dos condutores), e proseguindo coa implantación de accións de modernización dos servizos de transportes público de viaxeiros, entre outras actuacións.

Ao mesmo tempo, cómpre continuar impulsando actuacións de mellora da oferta de transporte público en Galicia. Nesta liña de potenciación do sistema de transporte público, e trala implantación das Áreas de Transporte Metropolitano da Coruña, Santiago de Compostela, Ferrol, Lugo e Vigo; continuarase a traballar para estender as vantaxes tarifarias e de métodos de pago do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, superando as fronteiras das actuais áreas metropolitanas, facendo participe delas a toda Galicia.

Nesta liña, con base no principio de colaboración administrativa e coa firme vontade de afianzar aquelas accións dirixidas á potenciación do uso do transporte público colectivo en toda Galicia, o Consello da Xunta de Galicia do 25 de febreiro de 2021 aprobou o Anexo ao Plan de Transporte Público de Galicia, que viu completar o devandito Plan mediante o establecemento da Área de Transporte de Galicia (en adiante ATG) que abrangue a todo o territorio da comunidade autónoma. Os principais obxectivos da ATG é afianzar o conxunto de actuacións de promoción da utilización do transporte público que viñan impulsando as diferentes Administracións e, de xeito singular, a Xunta de Galicia a través do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, así como impulsar a atención prioritaria do ámbito rural e garantir a cobertura do transporte público nas zonas con poboación máis dispersa, contando para iso coa colaboración de todas as administracións locais de Galicia, as que terán a posibilidade de adherirse á ATG a través da formalización dun convenio de colaboración coa Xunta de Galicia. Posteriormente, a definición de esta área de transporte mellorouse a través da modificación do Anexo do PTPG (DOG nº 155 do 17 de agosto de 2022) acentuando as previsións dirixidas a promover a eficiencia e racionalización na actuación administrativa e facilitando a integración das entidades locais. Así estableceuse un procedemento para a integración directa e sen custe de concellos rurais de reducida poboación.

Nacida no ámbito do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, cómpre destacar de xeito significativo o esforzo orzamentario que supón o mantemento, por parte da Xunta de Galicia da tarifa Xente Nova. Tras a súa publicación no DOG, do pasado 20 de maio de 2021, da resolución pola que se estende ao conxunto da comunidade a gratuidade no transporte público aos menores de 21 anos coa utilización da tarxeta 'Xente Nova'. Esta tarifa permite aos mozos e mozas, de entre catro e vinte anos, incluídos, viaxar gratuitamente en todos os servizos de transporte interurbano da Xunta de Galicia co único limite de 60 viaxes ao mes, medida social moi potente de ampla utilización pola mocidade.

Esta iniciativa contribúe, por unha parte, a unha importante potenciación da utilización do transporte público, cunha clara orientación á concienciación na súa utilización por parte das

persoas que serán usuarios nos vindeiros anos. Mais igualmente, trátase dunha medida dun claro contido social, supoñendo un aforro importantísimo para as familias que se suma ao que xa dispuñan grazas ao propio Plan de Transporte Metropolitano de Galicia e as que no futuro inclúa a Área Única de Transporte de Galicia.

Neste ano 2024, está previsto completar o desenvolvemento tecnolóxico que permita dispoñer da "Tarxeta Xente Nova" directamente nos dispositivos móbiles. Este avance permitirá acceder aos beneficios da gratuidade no transporte público mediante a xeración dun código QR dende o teléfono móbil, eliminando a necesidade de contar cunha tarxeta monedeiro física. Este enfoque busca simplificar e modernizar a experiencia de viaxe, ofrecendo aos usuarios unha forma máis cómoda e áxil de acceder aos servizos de transporte público en Galicia.

O aspecto e relevancia social destas actuacións resulta reforzado co mantemento, durante o ano 2024, da colaboración da Xunta de Galicia cos taxistas na implantación de taxis adaptados para persoas con mobilidade reducida, Eurotaxis, e de baixas emisións continuando así unha liña de axudas a estes profesionais aberta no ano 2016. Con esta actuación a Xunta de Galicia contribúe a compensar os incrementos de custe que supón para os taxistas a incorporación deste tipo de vehículos, facilitando a existencia dunha oferta real de vehículos sostibles e accesibles para todos.

Igualmente, continuarase con actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade entre diferentes modos de transporte de viaxeiros na procura dunha mobilidade sostible.

E, de xeito paralelo, a Xunta de Galicia continuará a colaborar na precisa adaptación do sector do transporte público, de persoas e de mercadorías, ao conxunto de novas iniciativas promovidas cara a mellora continua destas actividades, mantendo un ambicioso programa de apoio ás asociacións profesionais en diferentes programas de formación que estas desenvolven. De xeito complementario, promoverase, a través de distintos programas, o acceso de novos profesionais ao sector do transporte, bonificando a obtención do Certificado de Aptitude Profesional (CAP) necesario para o exercicio da profesión de condutor.

Por outro lado e de cara a fomentar a utilización do transporte público e mellorar a calidade que perciben os usuarios, e en coordinación coa Estratexia Galega de Mobilidade:

1. É necesario garantir o bo estado da rede galega de estacións de autobuses, para o que se continuarán con actuacións de reparación e mantemento e mellora da eficacia enerxética das estacións de autobuses.
2. Mellorarase a accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas de Galicia, para convertelas en paradas seguras. Mellorarase o equipamento da propia parada, incluíndo a marquesiña, a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, a información e sinalización e a seguridade, dende o punto de vista viario e da perspectiva de xénero, dando unha maior visibilidade, con iluminación, sinalización, etc.

3. Crearanse novos aparcamentos disuasorios, en zonas próximas ás principais vías de entrada ás cidades de Galicia e conectados coa rede de servizos de transporte público colectivo, de tal forma que se minimice a necesidade de acceder a elas en vehículo privado. Primarase a conectividade destes aparcamentos coas redes de transporte público e con itinerarios peonís e ciclistas.
4. Executaranse sendas peonís e/ou ciclistas na contorna das principais vías de entrada ás cidades de Galicia, que aproximen ao cidadán aos servizos de transporte público e ofrezan unha alternativa de mobilidade sustentable atractiva e competitiva, de tal forma que se minimice a necesidade de acceder ás cidades en vehículo privado.
5. Continuarase coa mellora de outras instalacións de transporte, a través do programa de renovación de marquesiñas, co obxectivo é o subministro de novas marquesiñas, preferentemente no rural, que melloren a calidade (tanto funcional como estética) e a accesibilidade destas modestas pero imprescindibles infraestruturas de transporte diseminadas pola xeografía galega. Para iso, continuarase coa liña de colaboración coas administración locais, como mellores coñecedoras das necesidades reais dos viaxeiros.

Por outra banda, dende esta dirección xeral estase a levar o seguimento proactivo das inversións en infraestruturas de transporte e dos servizos que estas prestan que inda que son de competencia do Goberno do Estado, son de importancia estratéxica para Galicia. Infraestruturas como o AVE ou o Corredor Atlántico de Mercancías. En liña con este seguimento proactivo, a Dirección Xeral de Mobilidade ten previsto facer o seguimento da "Estratexia loxística de Galicia 2020-2030" que entre os seu principais obxectivos ten definir o conxunto de infraestruturas prioritarias para a competitividade do corredor atlántico de mercadorías, en coordinación cos gobernos de Castela, León e Asturias.

No que se refire ao desenvolvemento das actuación de intermodalidade en Galicia, durante o ano 2021, rematáronse as obras e iniciaron a súa explotación a terminal de autobuses nas Estacións Intermodais de Santiago de Compostela, e de Ourense. Durante o ano 2022 rematáronse as obras de Pontevedra e Vigo e iniciouse a execución da terminal de autobuses da Área Intermodal de San Cristobal – A Coruña. Respecto a Estación Intermodal de Lugo, esta previsto, unha vez asinado o convenio (entre ADIF, Concello e Xunta de Galicia), o inicio das obras no ano 2024 para a sua execución. Por ultimo, en Ferrol, a Xunta de Galicia continuará adiantando o seu traballo coa redacción do proxecto da nova terminal de autobuses.

Por outra banda, e dentro do ámbito das infraestruturas necesarias para o transporte de mercadorías, a Dirección Xeral de Mobilidade, o "Plan Estratéxico para Contar cunha Rede Galega de Aparcamentos Seguros para o Sector de Mercadorías a Curto Prazo" ten previsto dúas iniciativas concretas:

- A creación da primeira área de estacionamento seguro "de concentración" no Polígono de San Cibrao das Viñas, en colaboración coa Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas.

- A convocatoria dunha orde de axudas, destinadas a áreas de servicio e establecementos de hostalaría, para o acondicionamento dos aparcadoiros existente converténdoos en aparcadoiros seguros acreditados para camións. Isto suporá a creación da primeira rede de áreas de estacionamento seguro "de transito".

Finalmente, a actuación da Dirección Xeral de Mobilidade complétase coas actividades de inspección e sanción en materia de transporte por estrada nos ámbitos da súa competencia.

O sector do transporte por estrada, tanto de viaxeiros como de mercadorías, experimentou nos últimos anos unha indubidable transformación a nivel internacional e nacional, marcada polo uso das tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas ao transporte, co xurdimento de novos modelos de negocio vinculados a estas tecnoloxías, o crecemento da actividade de intermediación, e a crecente centralización da contratación que estas permiten.

Ademais, na Comunidade Autónoma de Galicia, a aprobación do Plan de transporte Público de Galicia está a supoñer unha importante transformación tanto no modelo de servizos regulares de uso xeral de viaxeiros, como nas condicións de execución e xestión do seguimento dos mesmos.

Estas transformacións, entre outras, implican riscos novos de infracción da normativa en materia de transportes que afectan a bens xurídicos nela protexidos como a seguridade do transporte e a leal competencia entre os operadores económicos, que requiren unha correlativa adaptación no seu obxecto e nos seus métodos de investigación dos servizos de Inspección de Transporte dependentes da Dirección Xeral de Mobilidade.

Por iso, resulta necesaria a adaptación da planificación e a organización da Inspección do Transporte a estas novas problemáticas, así como o seu reforzo mediante a contratación dun servizo de apoio á Subdirección Xeral de Inspección do Transporte.

Por último, cabe nomear a Xunta Arbitral de Transportes de Galicia (en diante XATG), órgano extraxudicial encargado de resolver conflitos que xorden durante a execución de contratos de transporte de crecente importancia e interese para o sector. A través deste órgano, as partes involucradas poden presentar unha reclamación, desencadeando así un proceso arbitral no que ambas partes presentan as súas posicións e, finalmente, a Xunta Arbitral emite un laudo arbitral, que ten o mesmo valor que unha sentenza xudicial. A XATG foi creada en 1991 pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e, desde entón, opera coa súa secretaría na Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Debido ao aumento do número de reclamacións, tanto de usuarios como de empresas, é necesario contar con apoio externo especializado para acelerar a tramitación e resolución destes asuntos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.
- Lei 10/2016, do 19 de xullo, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia.
- Lei 3/2016, de 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.
- Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector do transporte público de Galicia.
- Lei 2/2008, do 6 de marzo, polo que se desenvolve a libre prestación de servizos de transporte marítimo de persoas en augas interiores de Galicia.
- Lei 6/1996, do 9 de xullo, de coordinación de servizos de transporte urbanos e interurbanos por estrada de Galicia.
- Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación de transportes terrestres.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é facilitar a mobilidade das persoas e mercadorías, procurando solucións máis eficientes e sostibles, para o que é preciso a actuación pública nos servizos de transporte, así como mellorar a competitividade das empresas de transporte. Ámbalas dúas liñas de acción contribuirán a reforzar a competitividade do sector do transporte.

Contémplanse, entre outras, as seguintes actuacións:

- Avanzar na implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, con solucións de integración do transporte baixo demanda en Galicia, e na xestión dos servizos de transporte público.
- Desenvolvemento, xestión e reforzamento das medidas de fomento do transporte público previstas no Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, estendendo a súa área xeográfica.
- Actuacións e medidas destinadas a acadar a intermodalidade entre diferentes modos de transporte de viaxeiros.
- Actuacións encamiñadas a mellorar a comodidade do viaxeiro, o fomento do transporte público, e ao avance na súa accesibilidade universal, tanto en transportes colectivos como nos servizos de transporte público en taxi.

- Actuación encamiñadas á creación dunha rede de aparcadoiros seguros para vehículos pesados.
- Fomentar a formación no sector do transporte.
- Fomentar a incorporación de novos profesionais ao sector do transporte.
- Optimización do funcionamento da Xunta Arbitral do Transporte de Galicia.
- Reforzo da actividade da Inspección do Transporte.

Cómpre salientar, ademais, as actuacións enmarcadas dentro do Plan Impulsa Lugo e Ourense, onde por parte da Dirección Xeral de Mobilidade, continuarase coas labores de seguimento dos proxectos, obras e accións de impulso das conexións da Alta Velocidade ferroviaria entre Galicia e Madrid, realizadas polo persoal técnico deste departamento.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Mobilidade

III.1.4. PROGRAMA 512B - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As infraestruturas, especialmente as viarias constitúen instrumentos que vertebran o territorio, atendendo á seguridade viaria e, polo tanto, son un elemento fundamental para o desenvolvemento económico e social.

Nesta liña, a Axencia Galega de Infraestruturas, en consonancia coas prioridades establecidas no marco do Contrato de Xestión, conta con catro obxectivos estratéxicos:

1. Exercitar de forma eficiente as competencias de planificación e programación en materia de estradas.
2. Optimizar a construción de novas infraestruturas viarias e a mellora das existentes como instrumento fundamental para o desenvolvemento económico da nosa comunidade, conservar en estado axeitado as existentes, e velar pola súa defensa.
3. Garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios. Cómpre sinalar o carácter transversal da seguridade viaria en todo o proceso de xestión da rede de estradas, que afecta dende a propia planificación, proxección, construción e explotación, nun proceso cíclico que se vai nutrindo do resultado e análise dos estadios anteriores.
4. Mellorar o funcionamento e a calidade dos servizos da axencia, para o desenvolvemento das competencias que lle son propias e para atender as encomendas de xestión que reciba de outros centros directivos.

Os obxectivos estratéxicos conseguiranse coa actividade da Axencia Galega de Infraestruturas para o ano 2024 a través dunhas liñas de acción formuladas no marco da Planificación estratéxica da Xunta de Galicia e de modo coherente coas directrices da Unión Europea:

- Unha Galicia mellor vertebrada, coa planificación, construción e mellora da Rede de Estradas competencia da comunidade autónoma.
- Estradas 24/7, asegurando que estean á disposición da mobilidade interurbana de Galicia en todo momento, asegurando a vialidade e o bo estado da infraestrutura a través dunha axeitada conservación.
- Estradas seguras, co desenvolvemento de accións e actuacións en materia de seguridade viaria.
- Estradas verdes, que sexan cada vez máis infraestruturas de soporte para unha mobilidade sostible, a través da estratexia Sendas de Galicia; e que contribúan á loita contra o cambio climático.

- Estradas intelixentes, coa estratexia en materia de dixitalización e innovación da axencia.
- Colaborando con outras administracións para promover a mobilidade sostible nas fachadas marítimas das cidades de Coruña, Ferrol e Vigo.
- E, adicionalmente, poñendo á disposición a experiencia e a capacidade de xestión da axencia para a execución de infraestruturas competencia doutros centros directivos e consellerías da Xunta de Galicia.

Cómpre destacar que no ano 2023 iniciáronse as liñas de actuación financiadas con fondos europeos FEDER do programa operativo 2021-2027, que continúa as liñas principais de fomento da mobilidade sostible e de dixitalización da estrada do programa operativo e fondo REACT-EU anteriores, pero que ademais, incorporou importantes novidades, pola súa transcendencia: actuacións derivadas do Plan de Acción contra o Ruído nas estradas autonómicas; mellora da seguridade viaria en treitos de concentración de accidentes (TCAs); conservación preventiva de muros e noiros; e dixitalización.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa non está soamente dirixido ás persoas usuarias da estrada, senón que se beneficiará toda a cidadanía da comunidade autónoma e todos aqueles que a visiten.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A evolución das infraestruturas viarias de Galicia estivo sempre moi influenciada polas súas singularidades territoriais. Un dos aspectos máis característicos é a dispersión dos asentamentos e a orografía da comunidade galega. Este feito provoca que a rede de estradas sexa moi extensa (17.745 km), cunhas competencias repartidas entre o Estado (14%), a Xunta de Galicia (31%) e as Deputacións Provinciais (55%).

Outro dos condicionantes mais influentes é a súa topografía, debido a que o 77% do territorio ten características de terreo accidentado, o que repercute na dificultade do deseño e no custe das estradas.

Nos últimos anos a rede de estradas en Galicia foi experimentando un constante incremento na súa lonxitude, pasando dos 15.853 Kms de estradas existentes no ano 1990 (Xunta, Estado e Deputacións) ata os 17.745 Kms no ano 2020, o que supuxo un incremento de 1.892 Km na súa lonxitude en menos de 30 anos.

No caso das Vías de altas prestacións, a nosa comunidade autónoma sitúase, ao igual que co resto da rede, por riba da media estatal, tanto no que se refire a lonxitude da rede por superficie territorial como en relación a súa poboación.

Ademais, unha vez que as actuacións en materia de infraestruturas viarias que a día de hoxe se encontran en obras ou en fase de planificación se poñan en servizo, suporá que máis do 85% da poboación encontrarase a menos de 15 minutos dunha Vía de Altas Prestacións.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal e regulamentario que comprenden as actuacións deste programa é a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e as súa normas de desenvolvemento, así como a estratexia Sendas de Galicia en materia de sendas ciclistas e/ou peonís que fomenten o mobilidade sostible e en materia de seguridade viaria. Ademais, artellarase co resto de programas de gasto público da comunidade autónoma

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Son obxectivos deste programa conservar en bo estado as estradas da comunidade autónoma, ordenar e xerarquizar a rede de estradas da Xunta de Galicia en coordinación coas iniciativas das distintas administracións, completar as comunicacións de Galicia co seu entorno (Asturias, Castela e León e Portugal) e mellorar a accesibilidade ás cidades, aos espazos urbanos principais e ás grandes áreas industriais e loxísticas fomentando unha mobilidade sostible e situando a máis do 85% da poboación a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións, integrando a seguridade viaria como criterio básico desde o propio deseño da infraestrutura.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega de Infraestruturas

III.1.5. PROGRAMA 621A - ADMINISTRACIÓN FINANCIEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Nos últimos anos a Axencia Galega de Infraestruturas está a colaborar en distintos traballos de apoio na licitación e/ou execución de obras encomendadas por outros departamentos da Xunta de Galicia, como é o caso do Servizo Galego de Saúde, da Dirección Xeral de Mobilidade, da Consellería de Facenda, entre outros.

No ano 2024 terán moita transcendencia as actuacións que executará esta axencia para o desenvolvemento de obras en edificios públicos da Xunta de Galicia e en espazo público de interese autonómico. En canto a edificación, será especialmente relevante a execución das obras do novo edificio administrativo en San Caetano, nos terreos da antiga estación de autobuses, agora trasladada e integrada na intermodal xunto coa estación ferroviaria. Xunto co edificio, habilitarase unha praza pública no espazo que no futuro permitirá a ampliación deste edificio administrativo. Destaca tamén pola súa transcendencia a urbanización do espazo da antiga ETEA en Vigo, con destino á dotación de servizos e humanización do ámbito, de modo que estea preparado para recibir os equipamentos públicos e centros universitarios e de investigación vencellados co mar que alí se instalarán.

A maiores, con cargo aos créditos consignados neste programa de gasto, tamén se desenvolverá por parte da Axencia Galega de Infraestruturas actuacións singulares de mellora da mobilidade e da integración porto - cidade na Coruña, aproveitando as oportunidades que se

presentan para mellora da integración urbana e da mobilidade nos espazos portuarios máis centrais e con maior transcendencia no núcleo urbano.

No proceso de recuperación da fachada marítima da cidade da Coruña abriuse unha nova etapa co compromiso da financiación, licitación e execución dos accesos ferroviarios necesarios para a posta en funcionamento do Porto exterior de Punta Langosteira que garanta a súa plena actividade e competitividade co resto de instalacións portuarias existentes e, de outra, na transformación, reordenación urbanística e humanización dunha boa parte dos espazos portuarios interiores (peirao de Batería, peirao de Calvo Sotelo, e peirao de San Diego) que pode xerar un amplo valor económico e un gran beneficio social para a cidadanía de a cidade da Coruña e tamén na súa área de influencia.

A Xunta de Galicia busca facilitar que se leve a cabo unha transformación e reordenación do espazo portuario interior da cidade da Coruña. Neste proxecto de marcado carácter estratéxico e urbanístico, a Xunta mantén os seus compromisos de investimento e garante que os 20 millóns de euros se destinarán aos diferentes ámbitos da fachada marítima da cidade da Coruña. No ano 2024 avanzarase neste compromiso coa obra que habilitará unha estrutura flotante na zona do Parrote do porto da Coruña para a realización de actividades de recreo náutico.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega de Infraestruturas

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 423A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E08 - Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo e reforzar a función que desempeña a educación, xunto coas familias, na plena realización dos dereitos humanos, a paz, o exercicio responsable da cidadanía local e global, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sustentable e a saúde

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO01 - Accións de posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios.

Indicador	Valor Previsto
P01038 - Alumnado con dereito a reserva de praza no sistema de transporte público regular de uso xeral	39.000

Programa: 511A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA04 - Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servicios no territorio baixo o concepto de cidade única

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO02 - Contribuír con actuacións ambientais á conservación da natureza, ordenación do territorio e da paisaxe

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
P01090 - Vehículos de transporte eficiente adquiridos	7

Programa: 512A ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE

Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible

Prioridade de Actuación: PA02 - Garantir unha mobilidade sustentable

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar a mobilidade sustentable e alternativa, promovendo a utilización do transporte público colectivo e o emprego de medios de transporte menos contaminantes. Garantir a intermodalidade e a conexión entre diferentes modos de transporte e a conexión urbana-rural. Promover a eficiencia no transporte tanto de viaxeiros como de mercadorías. Incrementar a resilencia climática da rede de transporte e comunicacións de Galicia

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Desenvolver e xestionar o Plan de Transporte Metropolitano e a Área de Transporte de Galicia e , así mesmo, Plans de Mobilidade en tódalas cidades de Galicia, con participación de tódolos axentes implicados.

OO02 - Implantar un sistema de transporte intelixente no transporte público metropolitano e interurbano de viaxeiros por estrada.

OO03 - Desenvolver actuacións e medidas destinadas a acadar unha mobilidade sostible (urbana e interurbana) así coma a intermodalidade entre o transporte de viaxeiros en ferrocarril e en autobús interurbano e metropolitano.

OO04 - Modernización de infraestruturas, sobre todo nas zonas de confluencias de distintos servizos urbanos (entradas e saídas de estacións…).

OO07 - Fomentar e incentivar a incorporación de vehículos menos contaminantes (híbridos, eléctricos, gas, etc.). Favorecer a autonomía dos vehículos incentivando a investigación no ámbito das baterías e promover a creación dunha rede de estacións de recarga.

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOCO01 - Número de empresas que reciben axudas	200
MRR030 - Prazas de aparcamento habilitadas	210
P00029 - Actuacións e medidas de intermodalidade executadas.	3
P00222 - Número de viaxes realizadas en transporte metropolitano	16.008.000
P01040 - Paradas dos servizos de transporte público regular de uso xeral do Plan de Transporte Público de Galicia	377
P01122 - Bicicletas eléctricas	1.000

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E02 - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar o desenvolvemento de polos de desenvolvemento baseados nas tic e das habilidades STEM en tódalas fases do proceso educativo, e a competitividade do sector produtivo apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOCO01 - Número de empresas que reciben axudas	500

Prioridade de Actuación: PA04 - Promover as infraestruturas produtivas e as de rede

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións. Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía. Modernizar e mellorar as infraestruturas produtivas e de rede así coma a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO04 - Aumentar a capacidade e mellorar a calidade, funcionalidade e seguridade das vías de comunicación.

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Programa: 512B CONSTRUCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA04 - Promover as infraestruturas produtivas e as de rede

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Asegurar que unha alta porcentaxe da poboación se sitúe a 15 minutos ou menos do acceso á rede de Vías de Altas Prestacións. Mellorar a calidade da rede viaria para aumentar a súa funcionalidade e seguridade viaria e adaptala á evolución da mobilidade e da tecnoloxía. Modernizar e mellorar as infraestruturas produtivas e de rede así coma a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Garantir unha rede de infraestruturas viarias funcional, competitiva, segura, acorde coa política territorial e accesible dende os distintos territorios, para contribuír na loita contra o despoboamento no rural.

OO02 - Remodelar o sistema de peaxes de forma que se mellore a competitividade de Galicia en relación co resto de Comunidades Autónomas do Estado.

OO04 - Aumentar a capacidade e mellorar a calidade, funcionalidade e seguridade das vías de comunicación.

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
POO030 - Quilometraxe total de estradas con actuacións de conservación	5.506
POO039 - % Amortización investimento desenvolvido mediante xestiónindirecta para a construción e acondicionamento de estradas	5
POO082 - Quilometraxe total de estradas de nova construción	46
POO106 - Quilometraxe total de estradas con actuacións de mantemento,acondicionamento e mellora	69

Programa: 542A PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA

Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible

Prioridade de Actuación: PA04 - Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI03 - TRANSFERENCIAS INTERNAS

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E02 - Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento , diminuíndo as diferencias territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e malgastos innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Conseguir unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO3 - Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar. Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos en todos os sectores e fomentar a redución dos consumos. Reducir a vulnerabilidade do medio natural e das instalacións fronte ós riscos deri

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO3 - Transferencias internas

Programa: 621A ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.

Eixe: E5 - Eixe 5. Gobernanza

Prioridade de Actuación: PA02 - Unhas finanzas sustentables para un crecemento san

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO3 - Sistema tributario competitivo e xusto, que apoia a os que máis o precisan e incentiva a realización de negocios e proxectos vitais en Galicia

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OOO3 - Investir na capacidade institucional e a eficiencia das administracións e os servizos públicos co fin de introducir reformas e melloras na regulamentación e na xestión. Reforzar os sistemas de control da administración tanto cara aos propios xestores como cara os contribuíntes e perceptores de subvencións

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	A1	Total
423A-Servizos e axudas complementarias da ensinanza		76.091			76.091
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	6.437		1.276		7.714
512A-Ordenación e inspección do transporte		87.695			87.695
512B-Construción, conservación e explotación de estradas				260.562	260.562
542A-Planificación e xestión hidrolóxica	52.637				52.637
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control				23.043	23.043
Total	**59.074**	**163.787**	**1.276**	**283.605**	**507.743**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos						
	I	II	III	IV	VI	VII	Total
423A-Servizos e axudas complementarias da ensinanza		76.091					76.091
511A-Dirección e servizos xerais de Territorio e Infraestruturas	6.508	529		8	668		7.714
512A-Ordenación e inspección do transporte	4.812	734		24.354	52.321	5.474	87.695
512B-Construción, conservación e explotación de estradas	15.119	1.056	50	5.574	221.340	17.422	260.562
542A-Planificación e xestión hidrolóxica						52.637	52.637
621A-Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control					23.043		23.043
Total	**26.440**	**78.410**	**50**	**29.936**	**297.373**	**75.534**	**507.743**

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.398	5.550	2,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	311	311	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	16	8	-49,3
Cap. VI - Investimentos reais	13.010	568	-95,6
Cap. VII - Transferencias de capital	65.649	52.637	-19,8
Total	**84.384**	**59.074**	**-30,0**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.566	4.812	5,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	74.582	76.826	3,0
Cap. IV - Transferencias correntes	17.613	24.354	38,3
Cap. VI - Investimentos reais	25.703	52.321	103,6
Cap. VII - Transferencias de capital	2.580	5.474	112,1
Total	**125.045**	**163.787**	**31,0**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

03 O XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	939	958	2,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	218	218	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	100	100	0,0
Total	**1.257**	**1.276**	**1,5**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	14.709	15.119	2,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.056	1.056	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	50	50	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	4.872	5.574	14,4
Cap. VI - Investimentos reais	247.222	244.384	-1,1
Cap. VII - Transferencias de capital	15.921	17.422	9,4
Total	**283.830**	**283.605**	**-0,1**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2023	2024	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	84.384	59.074	-30,0
02 DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE	125.045	163.787	31,0
03 O XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA	1.257	1.276	1,5
A1 AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	283.830	283.605	-0,1
Total	**494.515**	**507.743**	**2,7**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024
Cap. I - Gastos de persoal	10.903	11.320	0	15.119	0	0	0	26.440
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	75.111	77.355	0	1.056	0	0	0	78.410
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	50	0	0	0	50
Cap. IV - Transferencias correntes	34.515	42.861	0	5.574	0	18.499	0	29.936
OPERACIÓNS CORRENTES	**120.529**	**131.536**	**0**	**21.799**	**0**	**18.499**	**0**	**134.836**
Cap. VI - Investimentos reais	38.814	52.989	0	244.384	0	0	0	297.373
Cap. VII - Transferencias de capital	331.373	319.917	0	17.422	0	261.806	0	75.534
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**370.186**	**372.907**	**0**	**261.806**	**0**	**261.806**	**0**	**372.907**
Total	**490.715**	**504.443**	**0**	**283.605**	**0**	**280.305**	**0**	**507.743**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Infraestruturas e Mob.	2024
Altos Cargos	**4**
Persoal Funcionario	**219**
Subgrupo A1	68
Subgrupo A2	39
Subgrupo C1	59
Subgrupo C2	41
Agrupacións profesionais	12
Persoal Laboral	**26**
Grupo I	4
Grupo III	12
Grupo IV	8
Grupo V	2
TOTAL	**249**

Medios Persoais

Axencia Galega de Infraestruturas	2024
Altos Cargos	**1**
Persoal Funcionario	**175**
Subgrupo A1	57
Subgrupo A2	57
Subgrupo C1	41
Subgrupo C2	17
Agrupacións profesionais	3
Persoal Laboral	**211**
Grupo I	2
Grupo III	86
Grupo IV	123
TOTAL	**387**

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Consorcios autonómicos	**Explotación**	
Consorcio para a xestión e expl. da rede básica de abast. de auga aos concellos de Cervo e Burela	386	
Entidades públicas empresarias	**Explotación**	**Capital**
Augas de Galicia	42.389	95.007
Sociedades mercantís públicas autonómicas	**Explotación**	**Capital**
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	3.629	719
Total	**46.404**	**95.726**

(Miles de Euros)

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

SECCIÓN 09

I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

A Presidencia da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Posteriormente aprobouse o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, que no seu artigo 5, establece que a Consellería de Economía, Industria e Innovación para o desempeño das súas funcións dispón dos seguintes órganos superiores e de dirección:

- Secretaría Xeral Técnica.
- Secretaría Xeral de Industria
- Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
- Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Quedan adscritos a esta consellería os seguintes organismos autónomos e Axencias :

- O organismo autónomo Instituto Galego do Consumo e da Competencia - IGCC.
- O ente público Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE.
- A Axencia Galega de Innovación - GAIN.
- A Axencia Instituto Enerxético de Galicia - INEGA.

Ademais, quedan adscritas as seguintes sociedades e fundacións:

- Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A. (SODIGA)
- Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Capital Risco (SGECRSA)
- Galicia Calidade, S.A.
- Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.
- Fundación Pública Artesanía de Galicia
- Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia
- Fundación Exposición e Congresos A Estrada
- Fundación Feiras e Exposicións de Lugo
- Fundación Feiras e Exposicións de Ourense.
- Fundación Instituto Feiral de A Coruña

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Economía, Industria e Innovación é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución:

- O exercicio de funcións en materia de promoción e dinamización da economía, impulso e coordinación da política económica e industrial, revisión da regulación con incidencia na economía, apoio ao sector empresarial, mellora da competitividade das empresas, incidindo na transformación dixital empresarial e na sustentabilidade industrial, internacionalización industrial e empresarial, promoción e fomento do crecemento e consolidación das empresas, coordinación e impulso das políticas de creación e crecemento das empresas emerxentes innovadoras (startups) de base tecnolóxica e/ou dixital e alto crecemento, coordinación, planificación, deseño e posta en marcha dos mecanismos públicos autonómicos de financiamento empresarial e industrial, coordinación e fomento da dispoñibilidade de solo empresarial en colaboración coa consellería competente en materia de vivenda e solo, administración e seguridade industrial, metroloxía e metais preciosos, enerxía, recursos minerais e augas minerais e termais, artesanía, comercio interior e exterior e consumo, e investigación, desenvolvemento e innovación.

O exercicio destas funcións e competencias desenvólvese a través dos seguintes centros xestores:

SECRETARIA XERAL TÉCNICA

Baixo a superior dirección da persoa titular da Consellería de Economía, Industria e Innovación, consonte o artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Secretaría Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións nel establecidas, así como aqueloutras que lle sexan delegadas ou encomendadas pola persoa titular da consellería e as restantes que lle atribúa o ordenamento xurídico.

Polo tanto, corresponde á Secretaría Xeral Técnica velar polo correcto funcionamento operativo dos servizos administrativos de toda a consellería, asumindo a coordinación da xestión económica e da contratación, a xestión do seu persoal, o apoio xurídico, a xestión dos arquivos e en xeral a comunicación e coordinación con calquera departamento da consellería en todas as cuestións transversais. Tamén é a encargada do financiamento das axencias públicas autonómicas e demais organismos adscritos a ela mediante a execución das transferencias internas.

SECRETARIA XERAL DE INDUSTRIA

De acordo co establecido no Decreto 116/2022, do 23 de xuño, modificado polo Decreto 49/2023, de 19 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, agora Consellería de Economía, Industria e Innovación, a Secretaría Xeral de Industria exerce, entre outras, as competencias e funcións en materia de industria, administración e seguridade industrial, solo industrial, metroloxía e metais preciosos, e as restantes que lle atribúa o ordenamento xurídico, entre as que se atopa o desenvolvemento, a promoción e coordinación da política industrial dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia.

A Secretaría Xeral de Industria estrutúrase, para o desenvolvemento das súas competencias, na Subdirección Xeral de Proxectos, que dispón como unidades administrativas, para o exercicio das súas funcións, con nivel orgánico de servizo: o Servizo de Implantación de Proxectos e o Servizo de Seguimento e Coordinación; na Subdirección Xeral de Administración Industrial, que disporá como unidades administrativas: o Servizo de Administración Industrial e o Servizo de Metroloxía e Seguridade Industrial; e no Servizo de Promoción Industrial, que depende directamente da Secretaría xeral.

A Subdirección Xeral de Proxectos exerce as funcións relativas á planificación, ao impulso, e á tramitación dos procedementos previstos pola normativa autonómica para favorecer a implantación das iniciativas empresariais. Así mesmo, exerce a coordinación dos servizos territoriais nas materias do seu ámbito competencial e funcional.

Pola súa parte, a Subdirección Xeral de Administración Industrial exerce as funcións relativas á planificación, ordenación, fomento e inspección da seguridade industrial, metroloxía e metais preciosos, sen prexuízo do deber de cumprimento das exixencias regulamentarias en materia de seguridade industrial que corresponden ás persoas titulares de instalacións industriais e do seu control e verificación polos organismos de control. Así mesmo, exerce a coordinación dos servizos territoriais nas materias do seu ámbito competencial e funcional.

Finalmente, o Servizo de Promoción Industrial exerce as funcións relativas á coordinación da Unidade de Apoio das Iniciativas Empresariais, a actualización e impulso da Oficina Galicia Empresa e a coordinación do desenvolvemento dos contidos dixitais do portal web Oficina Galicia Empresa, a proposta e realización da coordinación das liñas de cooperación en materia de planificación da promoción industrial coas demais administracións públicas e a realización de todas aquelas outras actuacións que permita impulsar, aprobar e manter iniciativas industriais dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS

A estrutura da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais queda establecida no Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, que actualmente por Decreto 59/2023, de 14 de xuño pasa a denominarse Consellería de Economía, Industria e Innovación, correspóndelle exercer a dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da Consellería en materia de enerxía, recursos minerais e augas termais

A Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais configúrase nas seguintes unidades administrativas:

a) A Subdirección Xeral de Recursos Minerais que exercerá as funcións relativas á planificación, ordenación, fomento e desenvolvemento e inspección e control da minería de Galicia. Así mesmo, exercerá a coordinación dos servicios territoriais nas materias do seu ámbito competencial e funcional. Entre elas, correspóndelle o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ó desenvolvemento do sector mineiro, así como a innovación, o incremento da competitividade, o impulso da internacionalización e a mellora da seguridade e saúde laboral do Sector Mineiro de Galicia.
b) A Subdirección Xera de Enerxía exercerá as funcións relacionadas coa planificación, ordenación, fomento e inspección no relativo á enerxía, ás infraestruturas enerxéticas, ás enerxías renovables e á eficiencia enerxética. Asimesmo coordinará os servicios territoriais nas materias do seu ámbito competencial e funcional. En xeral , correspóndenlle os asuntos que lle sexan encomendados por razón do seu ámbito competencial e funcional pola Dirección Xeral.

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

Á Dirección Xeral de Comercio e Consumo correspóndelle a planificación, a coordinación e o control das competencias da Consellería de Economía, Industria e Innovación en materia de comercio interior e exterior, artesanía e consumo; a planificación e o desenvolvemento das estruturas comerciais, feiras, mercados e lonxas, agás as pesqueiras en primeira venda; a tutela e a coordinación das actividades das cámaras oficiais de comercio, industria e navegación e a intervención en materia de prezos sobre os cales deba pronunciarse a Comisión de Prezos de Galicia.

I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA - IGCC

O Instituto Galego do Consumo e da Competencia créase polo Decreto 118/2016, do 4 de agosto, como organismo autónomo adscrito á Consellería competente en materia de consumo, en virtude da autorización contida no artigo 38 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico .

Dentro deste organismo, configúrase a Comisión Galega da Competencia como órgano colexiado independente, de carácter permanente e consultivo, con competencia para aplicar a Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, segundo os criterios establecidos pola Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia.

Os fins xerais e obxectivos básicos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia son a defensa, protección, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

As competencias do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, son as seguintes:

- Orientar, formar e informar as persoas consumidoras e usuarias sobre os seus dereitos e a forma de exercelos e de difundir o seu coñecemento, co fin de que se teñan en conta e se respecten por todos aqueles, que interveñan no mercado e por aqueles ós que poida afectar directa ou indirectamente en relación cos bens e servizos.
- Potenciar o establecemento e desenvolvemento das organizacións de consumidores e usuarios e asesoralos tecnicamente.
- Atender as consultas e reclamacións dos consumidores galegos para tentar resolvelas a través da mediación e a arbitraxe de consumo.
- Exercer a capacidade sancionadora e correctora do mercado.
- Realizar as tarefas de control de mercado que inclúen a investigación de denuncias, campañas de inspección e actuacións de oficio.
- As competencias relacionadas coa a rede de alerta de produtos industriais postos a disposición dos consumidores
- Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha adecuada prognose da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se lle oferten ás persoas consumidoras e usuarias.
- Elaborar e difundir información para facilitarlles ás persoas consumidoras e usuarias a elección, con criterios de racionalidade, dos bens, produtos e servizos xenéricos máis axeitados ás súas necesidades.

- Impulsar a formación das persoas consumidoras e usuarias, propoñéndolles aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nos distintos graos do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a dita formación sexa permanente.
- Asesorar á Xunta de Galicia no desenvolvemento da normativa de todos os aspectos que afecten ou poidan afectar ás persoas consumidoras e usuarias, promovendo a elaboración de normas para a súa defensa, achegándolle a información necesaria para este fin.
- Cooperar coas administracións públicas, atendendo de xeito especial as oficinas municipais de información ás persoas consumidoras e usuarias con aqueloutras entidades de semellante ámbito de competencias por supoñer o servizo máis próximo ao cidadán e coordinar as súas actuacións coas dos concellos.
- Asesorar tecnicamente as oficinas de información, as persoas consumidoras e usuarias da Administración local e colaborar con elas.
- Poñer en coñecemento dos organismos competentes da Administración propostas e iniciativas en relación coas funcións e competencias do Instituto.
- Exercer os demais fins que se lle encomenden, na súa función de protección das persoas consumidoras e usuarias.
- Exercer as funcións de instrución e resolución dos expedientes vinculados coa competencia (artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007), de colaboración e coordinación con outras autoridades da competencia e cos órganos xurisdicionais en Galicia, de control de axudas públicas, de arbitraxe, consultivas, de promoción da competencia e de asesoramento e representación.

I.2.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONÓMICA - IGAPE

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), foi creado pola Lei 5/1992, do 10 de xuño, como instrumento básico da actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, promovendo actividades que contribúan á creación do emprego en Galicia e a un desenvolvemento económico harmónico, equilibrado e xusto, baseado nun tecido industrial moderno e competitivo. Entre as súas funcións están as de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na comunidade autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo.

O órgano superior de goberno do IGAPE é o Consello de Dirección, ao que lle corresponden todas as facultades e funcións que sexan precisas para alcanzar os seus fins. Ademais, conta cun Consello Asesor.

Para o desenvolvemento das funcións, que o IGAPE ten encomendadas, conta cos seguintes órganos superiores de dirección:

- O presidente ou a presidenta que será, por razón do seu cargo, o/a conselleiro/a competente en materia de economía, correspóndelle a representación do Igape en toda clase de actos ou negocios xurídicos e exercerá no seu nome accións e recursos e demais competencias que se lle asignan na citada Lei 5/1992, no seu artigo 11.
- O director ou a directora xeral, que será nomeado/a polo Consello de Dirección, por proposta do/a conselleiro/a, correspóndelle exercer as competencias que se establecen no artigo 12 da Lei 5/1992 e as que lle sexan expresamente delegadas polo/a presidente/a ou polo Consello de Dirección.

Así mesmo, o Instituto estrutúrase internamente nunha xerencia, catro áreas e unha unidade dependentes organicamente e funcionalmente da Dirección:

- Xerencia: A persoa titular da Xerencia serao tamén de todos os órganos colexiados dela, e para estes efectos exercerán a coordinación, baixo as instrucións da Dirección, dos programas e actuacións das diferentes direccións de área e dos entes do sector público adscritos ao Instituto, a xestión dos asuntos relacionados co réxime interno e o réxime de persoal do Instituto, as propostas de simplificación e racionalización da actividade administrativa, a elaboración dos proxectos e plans xerais de actuación, prestar asistencia técnica, administrativa e apoio xurídico á persoa titular da Dirección do Instituto, a emisión de informes e anteproxectos normativos e de orzamentos do Instituto, así como calquera outra que lle encomende a Dirección do ente.
- Área de Financiamento: Ten como misión fundamental a identificación, regulamento e xestión dos apoios financeiros ás empresas, en especial, ás pequenas e medianas. Tales apoios, materializaranse en subvencións, préstamos, bonificacións de produtos financeiros, avais e outros instrumentos financeiros ou actuacións de semellantes características de apoio á actividade empresarial.
- Área de Competitividade: Ten como misión lograr a adopción e o desenvolvemento, por parte do tecido empresarial, de prácticas, metodoloxías ou sistemas que melloren o nivel competitivo das empresas galegas, promover a creación de empresas e promover a creación de emprego. Así mesmo, deberá propoñer e executar a política industrial de Galicia e a política de clústers.
- Área de Internacionalización: Ten como misión promover un incremento da cota de mercado internacional do empresariado galego e promover a entrada de investimento foráneo en Galicia de carácter produtivo, cara a unha mellora do índice de emprego na nosa comunidade autónoma.
- Unidade de Operacións: Terá como misión planificar, coordinar e executar os distintos plans e programas de actuación co obxectivo de favorecer o equilibrio territorial de Galicia, e responsabilizarase da coordinación, información e asesoramento empresarial nas oficinas territoriais.

- Oficina de Proxectos Tractores e Atracción de Investimentos: Terá como misión coordinar as actuacións a levar a cabo de cara a configurar unha carteira de proxectos nos que a Xunta de Galicia decida unha participación directa no marco das súas políticas económicas, así como asistir e seguir a outros proxectos empresariais, con independencia do seu encaixe na carteira anteriormente mencionada.
- Unidade de Proxectos Empresariais: Terá como misión a de asesoramento aos promotores de proxectos empresariais de todos os sectores produtivos que acudan ao Instituto na procura de apoio económico ou técnico, sexa o primeiro financeiro ou non financeiro, co fin de promover o asentamento de novas empresas no territorio galego e garantir o mantemento das existentes, a través da mellora da súa competitividade e produtividade. Esta unidade estará en permanente contacto e coordinación co resto de áreas do Instituto e, en particular, coa Área de Internacionalización a través da Oficina Galicia Invest. Así mesmo, o desenvolvemento das súas funcións requirirá un contacto continuo e estable coa Oficina Doing Business Galicia e cos restantes centros directivos competentes en materia de innovación, comercio, enerxía, minas e emprego.

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN- GAIN

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 19 do 27.01.2012), creou a Axencia Galega de Innovación en virtude da autorización prevista no punto primeiro da disposición adicional segunda da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómica de Galicia.

A Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, implantando estratexias e programas de innovación eficientes a través dos seguintes obxectivos, sen prexuízo das competencias doutros organismos e entidades e, en todo caso, en estreita colaboración con eles:

a) Liderar as políticas de innovación das administracións públicas galegas.
b) Definir e desenvolver as políticas públicas que permitan ás empresas e ao resto de axentes o desenvolvemento de iniciativas de innovación construídas a partir de coñecementos que incrementen a súa competitividade e fomenten o seu crecemento.
c) Definir e desenvolver as políticas públicas orientadas á valorización do coñecemento desenvolvido polas empresas, universidades e centros de investigación de Galicia.
d) Definir e desenvolver as políticas públicas dirixidas a incrementar a eficiencia en resultados do Sistema Galego de Innovación, avaliados mediante a implantación dun sistema de indicadores de impacto contrastable.
e) Estimular a estruturación e consolidación do Sistema Galego de I+D+i.
f) Fomentar a investigación e o desenvolvemento científico e tecnolóxico, a través de iniciativas e programas específicos na Comunidade Autónoma galega.

g) Promover as relacións de colaboración entre os distintos axentes do Sistema Galego de Innovación impulsando a creación e o fortalecemento de redes de coñecemento entre axentes públicos e privados desde unha perspectiva de intercambio e de investigación aberta.

h) Promover a progresiva internacionalización dos axentes e das iniciativas de innovación impulsando a presenza de empresas nos programas europeos de innovación e o acceso a fondos de financiamento internacionais.

i) Definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.

j) Coordinar os recursos autonómicos no ámbito da I+D+i e concertalos cos que se acheguen desde contribucións de plans estatais e fondos da Unión Europea.

k) Favorecer a transferencia de coñecemento e tecnoloxía entre os diferentes axentes e, particularmente, entre os organismos públicos de investigación e as empresas.

l) Apoiar a promoción e divulgación do coñecemento científico e tecnolóxico en Galicia, promovendo o interese da sociedade pola investigación, o desenvolvemento e a innovación.

O Decreto 85/2019, do 4 de xullo (DOG núm. 136, do 18.07.2019), o Decreto 105/2021, do 1 de xullo (DOG núm. 133, do 14.07.2021) e o Decreto 225/2022, do 29 de decembro, (DOG núm.12, do 18.01.2023), modifican a estrutura organizativa da Axencia Galega de Innovación que queda definida en cinco áreas e un departamento dependentes directamente da dirección da Axencia :

- Área de Xestión, con nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle a xestión e coordinación dos servizos xerais e administrativos da Axencia.
- Área de Programas, con nivel orgánico de subdirección xeral, é a responsable do deseño e planificación estratéxica en materia de innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico, así como da avaliación das convocatorias de axudas impulsadas pola Axencia no ámbito da I+D+i.
- Área de Servizos. Destinada ao desenvolvemento de instrumentos para a captación de recursos nacionais e europeos de I+D+i, o asesoramento directo ás empresas neste ámbito, a avaliación e seguimento dos proxectos financiados e a xestión de programas de vixilancia tecnolóxica.
- Área de Centros. Correspóndelle a dirección administrativa, xestión operativa e promoción dos centros e infraestruturas tecnolóxicas e produtivas que dependan da Axencia, a coordinación con outras infraestruturas tecnolóxicas do ecosistema de innovación galego, cos que se establezan convenios de colaboración e cooperación para o desenvolvemento de programas e proxectos. Esta área tamén dará apoio á Área de Xestión na xestión económica e na xestión dos recursos humanos correspondente aos centros.

- Área de Coordinación do Polo Aeroespacial de Rozas, con nivel orgánico de subdirección xeral. Correspóndelle a esta unidade a coordinación do CIAR (Centro de Investigación Aerotransportada de Rozas) promovendo a utilización do Parque Industrial de Rozas (Lugo) así como das súas infraestruturas como espazo tecnolóxico orientado á innovación.
- Departamento de Apoio á Comisión Interdepartamental de I+D+i: correspóndelle a este departamento a preparación da orde do día, a elaboración das convocatorias, a redacción das actas, os acordos e as certificacións correspondentes ás reunións da Comisión Interdepartamental de I+D+i e do Grupo Técnico, o asesoramento e a realización dos informes e estudos que en materia de I+D+i lle sexan encomendados, así como a revisión e arquivo da documentación dos expedientes. Este departamento prestará apoio administrativo aos grupos de traballo que no seo do Grupo Técnico se acorden crear para o estudo das actuacións incluídas no plan de traballo da Comisión Interdepartamental de I+D+i.

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA - INEGA

Os obxectivos básicos da axencia Instituto Enerxético de Galicia son o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, de selo caso, de servizos noutros campos sinérxicos ó enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

As súas funcións xerais son:

- Elaborar e propoñer á consellería competente en materia de enerxía plans e programas en materia enerxética.
- Promover e, de selo caso, executar os plans e programas indicados, aprobados pola consellería competente en materia de enerxía.
- Controlar, vixiar e inspeccionar, dentro do ámbito de actuación do Instituto Enerxético de Galicia e en coordinación coa subdirección xeral competente en materia de enerxía, as instalacións de produción, condución, distribución, subministración e consumo de enerxía, tendo como obxectivo prioritario a seguridade das instalacións.
- Propoñer a elaboración de disposicións para o establecemento, o desenvolvemento e a xestión da política enerxética.
- Fomentar e desenvolver programas de asesoramento e auditoría enerxéticos e auditorías para impulsar actuacións de aforro e mellora da eficacia enerxética, elaborar programas de racionalización do uso da enerxía e promover o aproveitamento dos recursos enerxéticos.
- Fomentar e participar en programas e proxectos de investigación e desenvolvemento de tecnoloxías enerxéticas, bens de equipamento e servizos relacionados coa enerxía.

- Fomentar e participar na avaliación e implantación de sistemas de produción de enerxía baseados en recursos endóxenos, con especial promoción dos que utilicen enerxías renovables e de coxeración.
- Elaborar estudos e realizar e emitir informes e recomendacións en materia enerxética para entes públicos ou privados.
- Organizar programas de formación e reciclaxe profesional, en colaboración con centros de formación de ámbito universitario e profesional.
- Orientar ás persoas usuarias nos hábitos de consumo enerxético mediante campañas e actuacións específicas.
- Fomentar a participación das empresas e institucións galegas nos programas enerxéticos estatais e internacionais, principalmente os emprendidos pola Unión Europea, así como emitir informes e asesorar sobre as directrices e programas comunitarios dirixidos ao ámbito enerxético.
- O Instituto Enerxético de Galicia poderá exercer a representación da Comunidade Autónoma nos organismos previstos pola normativa vixente en materia enerxética.
- Xestionar a Rede de enerxía da Xunta de Galicia, creada mediante o Decreto 66/2013, do 18 de abril.
- Realizar unha labor divulgativa e formativa no ámbito da certificación enerxética de edificios.
- Impulsar e xestionar incentivos para a implantación de proxectos de enerxías renovables e de eficiencia enerxética.
- Asesorar no ámbito enerxético e promover a realización de estudos para a posta en marcha de medidas de eficiencia enerxética e enerxías renovables na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.
- Impulsar e realizar o seguimento de proxectos innovadores con carácter demostrativo no ámbito da enerxía.

I.2.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SODIGA GALICIA, SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO

SODIGA ten como finalidade proporcionar recursos, a medio e longo prazo, sen vocación de permanencia ilimitada, a empresas con alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional e que teñan relación co desenvolvemento e consolidación da economía e a industria de Galicia.

XESGALICIA, SOCIEDADE XESTIÓN ENTIDADES DE CAPITAL RISCO, S.A.U.

Xesgalicia é unha sociedade xestora de entidades de capital risco e de entidades de inversión colectiva de tipo pechado, que ten como finalidade a xestión dos fondos destinados ao financiamento do desenvolvemento empresarial galego mediante a toma de participacións temporais e minoritarias no capital social das empresas, así como mediante o outorgamento de préstamos, xeralmente de carácter participativo, a empresas participadas e non participadas.

SOCIEDADE GALICIA CALIDADE S.A.

Galicia Calidade, SAU, é un órgano creado para a promoción de todos os sectores económicos galegos e á administración e outorgamento das licenzas de uso da marca de garantía "Galicia Calidade". A concesión das licenzas de uso da marca están cimentadas na esixencia, ás empresas usuarias, de niveis de calidade, e estes deberán basearse no estudo exhaustivo dos sectores afectados e na aplicación da marca de garantía de forma racional, perseguindo o prestixio, recoñecemento, galeguidade e confianza nesta.

Galicia Calidade realiza de maneira periódica o estudo, seguimento, auditoría e avaliación das empresas galegas que pretenden utilizar a marca, e daquelas que son licenzatarias.

Galicia Calidade poderá xestionar ademais calquera outra marca e campaña/s paralela/s que lle sexan encomendadas pola Xunta de Galicia e que estea relacionado co sector da calidade ou co control na xestión e o servizo ao consumidor.

Galicia Calidade depende organicamente da Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Consellería de Economía, Industria e Innovación e no seu Consello de Administración están representados distintos sectores a través de consellerías e departamentos da Xunta de Galicia.

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A.

O Parque Tecnolóxico de Galicia foi creado a iniciativa da Xunta de Galicia coa finalidade de crear unha contorna de referencia en Galicia dirixido a acoller, apoiar e potenciar iniciativas empresariais innovadoras e que aposten pola tecnoloxía, a investigación e o desenvolvemento como eixes da súa actividade.

A sociedade xestora, Parque Tecnolóxico de Galicia S.A., foi constituída no ano 1991 e as instalacións do parque foron inauguradas en outono de 1992.

A composición actual do accionariado configura á entidade como sociedade mercantil pública autonómica que trala ampliación de capital social executada no ano 2016 é a seguinte:

- Xunta de Galicia: 50,52%
- Abanca Corporación Bancaria S.A.: 37,34 %
- INORDE: 3,49%
- Varios con participación inferior ao 2% que suman o 8,65% restante: Universidade de Vigo, Universidade de Santiago de Compostela, Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense, Concello de Ourense, Concello de San Cibrao das Viñas, Confederación Empresarial de Ourense, Unión Xeral de Traballadores de Galicia e Universidade da Coruña.

O seu obxecto social está recollido no artigo 2º dos estatutos sociais, os cales foron modificados e refundidos no ano 2017:

1. A promoción, xestión, conservación e mantemento do Parque Tecnolóxico de Galicia e doutros Parques Científicos e/ou tecnolóxicos ou enclaves tecnolóxicos, así como a prestación de servizos nestes.
2. A adquisición, alleamento ou gravame, por calquera título, de todo tipo de bens mobles e inmobles e de accións de sociedades cuxos fins sexan comúns ao Parque Tecnolóxico de Galicia.
3. A compravenda de enerxía eléctrica, así como fomentar o desenvolvemento de políticas medioambientais, o uso de enerxías renovables e o aforro enerxético.
4. Prestar á Xunta de Galicia e ós organismos ou entidades dependentes, a colaboración e asistencia técnica necesaria para levar a cabo as medidas contidas no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento ou calquera outros plans.
5. Fomentar a innovación e a transferencia de tecnoloxía entre as usuarias do Parque, así como con outras estruturas externas.
6. Fomentar a creación de empresas, o crecemento e a internacionalización, así como difundir o papel do Parque como axente de enlace entre investigación e empresa.
7. A prestación de servizos e a realización de actividades que contribúan á promoción económica, á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á creación de emprego en Galicia.
8. Promover, organizar e dirixir o desenvolvemento de todo tipo de actividades dirixidas á divulgación da ciencia, a mellorar a competitividade empresarial e ao desenvolvemento económico e social en xeral.

I.2.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA

A Fundación Pública Artesanía de Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro, dependente da Consellería de Economía, Industria e Innovación. Foi creada no ano 2003 co obxectivo de

contribuír ao desenvolvemento do sector artesán galego no seu conxunto, para o que leva a cabo diversas liñas de actuación relacionadas coa promoción, a formación e a divulgación.

Segundo se recolle no artigo 7 dos seus estatutos, a Fundación Pública Artesanía de Galicia ten como fin a consecución dos seguintes obxectivos:

a) Dotar ao sector artesanal de Galicia dos profesionais e dos técnicos que necesite, mediante unha formación especializada e de perfeccionamento, incidindo especialmente no deseño, a innovación, a aplicación de novas tecnoloxías e a xestión.
b) Potenciar o desenvolvemento económico do colectivo artesanal, asesorando ao sector na mellora das súas estruturas e procesos produtivos e comercializadores.
c) Aproveitar a dimensión e potencial formativo e educativo orientado tanto aos profesionais como ao público en xeral, dando a coñecer os oficios, os seus produtos e informando da súa oferta.
d) Crear un fondo documental que preste soporte a un eficaz, e na actualidade imprescindible, servizo de información e asistencia técnica.
e) Recuperar, documentar e asegurar a pervivencia das actividades artesanais que pola súa tradición ou calidade singulares se consideren parte integrante do patrimonio artesanal de Galicia.
f) Promover a artesanía de Galicia en todas as súas vertentes, poñendo especial énfase na vinculación da actividade artesanal cos hábitos comerciais ao uso, mellorando e promovendo a presenza dos produtos artesanais de Galicia nos mercados.
g) Programar e xestionar as actuacións que dende a administración autonómica se acometan en materia de formación, arquivo, información, investigación e promoción sobre artesanía de Galicia. A Fundación levarao a cabo no marco das correspondentes encomendas que lle poida efectuar a Administración autonómica.
h) Mellorar a calidade técnica e artística dos produtos artesáns de Galicia.
i) Dar acollida ás manifestacións máis significativas que mostren o variado mundo da creación artesanal de Galicia.

FUNDACION CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACION DE GALICIA - CESGA

Segundo o artigo 6 dos seus Estatutos, o CESGA ten como obxecto contribuír ao avance da Ciencia e a Técnica, mediante a investigación e aplicación de computación e comunicacións de altas prestacións, así como outros recursos das tecnoloxías da información, en colaboración con outras institucións, para o beneficio da Sociedade.

Son fins do CESGA todos aqueles que promovan o uso do cálculo intensivo e comunicacións avanzadas como instrumento para o desenvolvemento socioeconómico sostible, dedican-

do especial atención ás relacións de cooperación entre os centros de investigación públicos ou privados, universidades galegas e o sector produtivo.

A Fundación está participada pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e pola "Agencia Consejo Superior de Investigaciones Científicas".

O padroado da Fundación está presidido pola directora da Axencia Galega de Innovación, correspondéndolle a vicepresidencia ó vicepresidente do "Consejo Superior de Investigaciones Científicas".

FUNDACION DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DE A ESTRADA

O órgano de gobierno da Fundación é o Padroado que é un órgano, representación e administración da Fundación que executará as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos estatutos.

Os órganos básicos decisorios son: Comité Executivo, Xerente, Secretario-Letrado e Tesoureiro-Contador.

O Padroado estará integrado polo presidente titular e por catorce membros. A presidencia do Padroado osténtaa o Conselleiro que ostente as competencias en materia de Comercio da Xunta de Galicia e os catorce membros son:

1. Pola Xunta de Galicia, dous membros nomeados pola Consellería competente en materia de comercio.
2. Polo Excmo. Concello da Estrada: o seu alcalde e dous membros máis do seu pleno.
3. Pola Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Vilagarcía de Arousa: o seu Presidente e dous membros máis do seu Pleno.
4. Pola A.C.E: o seu Presidente e dous membros máis do seu órgano de gobierno.
5. Pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e dous membros máis do seu órgano de gobierno.

Correspóndelle ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o Patrimonio da Fundación, mantendo o rendemento e utilidade dos mesmos.

FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo foi constituída o 29 de decembro de 1992 con enderezo social en Lugo e un fondo dotacional de 1.455.678,96 euros. Con data 31 de decembro de 2022 a dotación fundacional ascende a 3.145.458,36 euros.

Os socios fundadores teñen as seguintes porcentaxes de participación segundo acordo de Padroado celebrado o día 21 de xuño de 2023:

- Consellería de Economía, Emprego e Industria: 43, 83%
- Deputación Provincial de Lugo: 35,68 %
- Concello de Lugo: 20,39 %
- Confederación de Empresarios de Lugo: 0,1 %

Os órganos básicos de decisión da Fundación son: o Presidente e o Padroado; os órganos básicos de xestión administrativa, o Secretario e o Xerente; e os de xestión económica-financeira, o Tesoureiro-contador, que recae na figura do Secretario.

Desde a súa constitución, o Padroado marcouse como obxectivos esenciais a promoción de actividades agropecuarias, agroalimentarias, agroindustriais, comerciais, sociais, educativas e culturais, así como calquera outras que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento dos sectores produtivos de Galicia, o profesional do sector agrario, industrial e pesqueiro e a elevación do nivel de vida no medio urbano e rural.

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo é propietaria do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo e dedícase fundamentalmente a organización de feiras e ao aluguer destas instalacións para a celebración de eventos. Este recinto constitúe un dos principais centros de negocio da cidade de Lugo, non só porque se realizan exposicións senón pola súa capacidade de albergar calquera iniciativa empresarial.

As feiras asócianse ás distintas formas de actividade de promoción e teñen na actualidade unha crecente importancia como actividade de marketing. Representan unha fonte de crecemento económico para os ámbitos territoriais onde se localizan, que leva á creación e desenvolvemento de infraestruturas por parte das organizacións das políticas de desenvolvemento rexional.

En particular, son obxectivos desta Fundación:

- A promoción e fomento de feiras e exposicións de calquera ámbito, local, provincial, autonómico, nacional e ata internacional, e particularmente a promoción e fomento da feira de Lugo.
- A promoción de salóns monográficos, certames técnicos, industriais, comerciais, agrícolas ou gandeiros.

- Exposicións comerciais e técnicas a desenvolver en Lugo, na súa provincia e en calquera ámbito territorial, ata internacional.
- Promover museos comerciais ou técnicos nos mesmos ámbitos, palacios de congresos e exposicións.
- Cantas manifestacións comerciais ou técnicas, de calquera tipo, se promovan, tanto nos entes integrados na Fundación como por entidades particulares que redunden no beneficio do comercio, industria e navegación da provincia no seu conxunto.
- A realización de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
- Cantas actividades culturais ou de outro orde que puideran servir para apoio e desenvolvemento das actividades feirais, exposicións e demais, contempladas nos estatutos fundacionais.
- Calquera actividade que afecte ou incida en calquera forma e ámbito cos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectativas, da Fundación ou das entidades que a integran.

FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

A Fundación Feiras e Exposicións de Ourense constituíuse en escritura autorizada por notario o 24 de decembro de 1.992 na cidade de Ourense.

Os seu obxectivo é destinar e afectar un patrimonio á realización, sen ánimo de lucro, de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que súa denominación e fins se contraen.

En xeral son fins desta Fundación a promoción de actividades comerciais, turísticas, industriais, agroindustriais, sociais, educacionais, deportivas, de fomento da prevención de riscos laborais, e calquera outra que teña como obxecto a promoción e desenvolvemento destes sectores en Galicia, o nivel profesional de tódolos sectores da actividade económica, contribuíndo elo á elevación do nivel de vida do medio urbano e rural.

En particular son fines da Fundación, e con base ao indicado nos parágrafos precedentes, os seguintes:

1. A promoción e o fomento da actividade económica a través da celebración periódica de certames, feiras e exposicións industriais, comerciais, técnicas agrícolas, gandeiras, gastronómicas, turísticas, culturais, en Ourense de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local, tanto de carácter xeral como monográfico.
2. A construción, posta en servizo e xestión dun centro ou recinto feiral de exposicións na provincia de Ourense que sirva ademais de lugar de celebración de Feiras e Certames, para o destino de exposición permanente de produtos ourensáns.
3. A formación profesional de tódolos sectores da vida económica e a realización de cantas actividades culturais ou doutra orde que puideran servir de apoio e desenvolvemento, da actividade de feiras, exposicións e demais contempladas nestes estatutos.

4. O fomento da prevención de riscos laborais entre as empresas e traballadores de Galicia, así como a promoción de actuacións tendentes á mellora da prevención de riscos laborais e seguridade no traballo, a través da celebración periódica de certames, feiras, exposicións, congresos, xornadas técnicas e conferencias. A cooperación con toda clase de entidades e organización que persigan fins e obxectivos similares.
5. A promoción da cidade e o conxunto da provincia de Ourense como destino de turismo de reunións, congresos, convencións e incentivos, fomentando a súa captación e celebración no noso entorno e facilitando asesoramento ás entidades e ás empresas promotoras na organización dos mesmos.
6. O apoio a empresas, asociación e organismos intermedios en materia de internacionalización, e o asesoramento e consultaría sobre oportunidades comerciais en mercados estranxeiros.
7. Establecer, desenvolver e impulsar medidas de acción positiva que aborden áreas de actuación como familia, infancia e xuventude, minusvalías, vellez, muller, minorías étnicas, así como calquera outra problemática de marxinación social.
8. O encargo, realización e xestión de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.
9. Calquera outros que afecten ou incidan calquera forma ou ámbito, nos intereses xerais, peculiares, efectivos ou expectantes da Fundación por elo das entidades que a integran.

Para a consecución destes fins, a Fundación pode realizar as seguintes actividades:

- Establecer as estruturas organizativas que foran pertinentes.
- Facilitar intercambios de información mutua.
- Constituír servizos de formación e asesoramento dos seus membros e organizar xornadas de estudo e orientación.
- Promover estudios e publicacións.
- Dirixirse aos poderes públicos coas iniciativas oportunas e solicitar ser oído na elaboración da normativa legal ou regulamentaria que afecte aos sectores que estes Estatutos se contraen.
- Organizar cursos, xornadas técnicas e congresos.
- Organizar certames periódicos, exposicións e eventos.
- Calquera outras actividades que afecten ou incidan nos fins anteriormente establecidos.
- Apoio a empresas en materia de internacionalización, elaboración de estudos de mercado e novas oportunidades comerciais.
- Promoción exterior da cidade e provincia de Ourense como destino de turismo de reunións e sé de eventos.
- Asesoramento na organización de eventos e xestión dos mesmos noutros espazos.

A Fundación esta dirixida por un Padroado, formado por un Presidente e 19 membros máis, en representación de diferentes entidades. As facultades do Padroado son:

- Exercer o goberno, a representación, inspección, vixilancia e orientación da Fundación.
- Interpretar e desenvolver os estatutos e, si é o caso, adoptar acordos sobre a súa modificación, de acordo cos requisitos establecidos na lexislación vixente.
- Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre os fins da Fundación.
- Nomear apoderados xerais ou especiais, outorgar poderes así como a revogación dos mesmos.
- Aprobar o plan de actuación e as contas anuais que serán obxecto de presentación ao protectorado.
- Delegar as determinadas facultades en un ou máis patróns, sen que poidan ser obxecto de delegación.
- A aprobación das contas anuais da Fundación e o plan de actuación.
- A modificación dos estatutos.
- O acordo de fusión, extinción ou liquidación da Fundación.
- Calquera acto que precise autorización ou aprobación do protectorado.

FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE A CORUÑA

ESTRUCTURA ORGANICA DA FUNDACIÓN

- Padroado.

  O Padroado é o órgano de goberno, representación e administración da Fundación, e exercerá as funcións que lle corresponden con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos seus estatutos.

  Corresponde ao Padroado cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade e executar as funcións que lle correspondan con suxeición ao disposto no ordenamento xurídico e nos seus estatutos.

- Presidente.

  O Presidente do Padroado ostentará as seguintes atribucións:

  01. Exercer a representación da Fundación ante toda clase de persoas, autoridades e entidades públicas ou privadas.
  02. Exercitar as accións xudiciais e administrativas, podendo conferir poderes a tal fin, previo acordo do Padroado, ou adoptar, en caso de urxencia, estas accións,

dando conta ao Padroado para a súa ratificación na primeira sesión que se celebre.

03. Convocar as sesións do Padroado e presidir as mesmas. Dirixir os debates e dirimir os empates co seu voto de calidade.
04. Executar os acordos adoptados, podendo para isto realizar toda clase de actos e asinar aqueles documentos necesarios para tal fin.
05. Autorizar a asistencia doutras persoas ás reunións do Padroado en calidade de acompañantes dos seus membros, se a súa presenza se xulga conveniente pola natureza das cuestións a debater.
06. Exercer cantas outras lle correspondan conforme ás disposicións legais e regulamentarias, aos Estatutos e ás normas que os desenvolvan.

- O Secretario.

  Corresponde ao Secretario/a do Padroado:

  01. A certificación dos acordos do Padroado co visto bo do Presidente/a.
  02. Efectuar a convocatoria das sesións do Padroado por orde do/a Presidente/a, así como a citación dos seus membros.
  03. Asistir ás reunións do Padroado.
  04. Conservar a documentación da fundación e reflexar debidamente no libro de actas do Padroado o desenvolvemento das reunións.
  05. Velar pola legalidade formal e material das actuacións da Fundación e todas aquelas outras que expresamente lle sexan atribuídas.
  06. Calquera outra inherente á condición de secretario/a ou prevista nos estatutos da fundación.

- O Director Xerente.

  O director xerente é o responsable das funcións ordinarias de administración e xestión da Fundación, exercendo as facultades delegadas polo Padroado e previstas nos estatutos.

  Son funcións do director xerente:

  01. 1. Executar e facer cumprir os acordos do Padroado.
  02. 2. A execución do Plan Actuación anual da Fundación e a avaliación dos seus resultados, dando conta ao Padroado.
  03. O exercicio das funcións ordinarias de xestión económico-financeira, elaborar os anteproxectos de orzamentos, efectuar os gastos e pagamentos, elaborar as contas anuais e a contabilidade e aquelas outras que se deriven das funcións propias do seu cargo.
  04. A xestión económica da Fundación, nos termos e condicións atribuídas polo Padroado.

05. A administración do patrimonio de acordo coas atribucións conferidas polo Padroado.
06. Desenvolver a política de persoal deseñada polo Padroado.
07. Exercer as facultades encomendadas ou delegadas polos órganos de goberno.

COMPETENCIAS

- Obxecto e Fins.

  A Fundación ten por obxecto a promoción e o fomento da actividade económica, comercial, industrial, turística, agroindustrial, deportiva, cultural, educativa e social e calquera outra que teña por obxecto o desenvolvemento destes sectores en Galicia.

- Actividades fundacionais.

  Para a consecución dos fins mencionados no artigo anterior, a Fundación poderá realizar as seguintes actividades:

  - A celebración periódica de certames, feiras e exposicións de carácter sectorial ou multisectorial de ámbito internacional, nacional, autonómico, provincial ou local.
  - A xestión do recinto feiral de exposicións con criterios de racionalidade e eficiencia procurando a diversificación e compatibilidade de usos e servizos.
  - Realización de actividades formativas ou celebración de eventos de carácter profesional, cultural e calquera outra actuación relacionada cos fins fundacionais.
  - Calquera outro que afecte ou incida nos fins fundacionais.

- Liberdade de actuación.

  O Padroado terá plena liberdade para determinar as actividades da Fundación, dirixidas á consecución de aqueles obxectivos concretos que, a xuízo de aquel e dentro do cumprimento dos seus fins sexan os mais adecuados ou convenientes en cada momento, de acordo cos criterios de imparcialidade, non discriminación e sustentabilidade.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Como responsable da xestión das súas propias unidades administrativas, a Secretaría Xeral Técnica ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións, avaliando e planificando en calquera caso respostas ás novas necesidades que se produzan e procurando que os servizos administrativos funcionen da forma mais óptima posible.

De cara ao 2024, esta Secretaría Xeral Técnica seguirá coordinando a prestación dos servizos públicos desta consellería, fomentando o uso das novas tecnoloxías da información e o desenvolvemento da administración dixital coas conseguintes vantaxes tanto para as empregadas e empregados públicos como para a administración e a sociedade en xeral.

Así, os cambios forzados pola pandemia traducíronse nunha nova forma de operar que permite máis flexibilidade e melloras nos dereitos das persoas traballadoras, a través dunha conciliación máis efectiva no ámbito laboral e familiar, así como a modernización das ferramentas informáticas, repercutindo nunha atención aos cidadáns máis áxil e dinámica.

SECRETARIA XERAL DE INDUSTRIA

No ámbito da Secretaría Xeral de Industria, as principais liñas de acción para 2024 centraranse no ámbito da política industrial, o impulso e aceleración de proxectos industriais, o fortalecemento da rede de parques e viveiros industriais, e a mellora da seguridade industrial.

Política industrial

No ano 2024 avanzarase no desenvolvemento dunha estratexia de política industrial na Comunidade Autónoma que permita atraer novas industrias, así como consolidar as existentes, co obxectivo de aproveitar as oportunidades actuais de implantación de novas industrias e creación de emprego industrial. Esta nova estratexia deberá permitir:

- Guiar as actuacións de estruturación e coordinación en relación cos retos da promoción industrial nas distintas áreas implicadas.
- Reforzar o ecosistema industrial galego co obxectivo de incrementar a competitividade das nosas industrias, orientando este reforzo de maneira clara cara á I+D+i, á especialización e ás cadeas globais de valor de referencia en Galicia.

- Desenvolver iniciativas encamiñadas a favorecer o crecemento das pemes cara a un modelo de empresas de alto valor engadido.
- Asegurar un futuro de crecemento sostible e creación de emprego estable de alta calidade para Galicia.
- Incrementar o peso da industria no VAB agregado rexional.
- Incrementar o emprego de calidade nos distintos sectores industriais de Galicia.
- Aumentar o coñecemento, as novas tecnoloxías e a dixitalización na industria.
- Aumentar a internacionalización da pemes galegas para mellorar a súa competitividade.

Entre os distintos instrumentos nos que se baseará a política industrial galega, atópanse os Plans directores dos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia. Estes Plans, que se elaborarán a partir do ano 2024, irán asociados ao impulso selectivo daqueles sectores de maior relevancia para o presente e futuro da industria galega, de xeito que se consoliden como cadeas de valor competitivas a nivel internacional, a través da innovación, a dixitalización e a sustentabilidade, e se consiga xerar alto valor engadido e empregos estables e de calidade.

Para poder conformar estes documentos estratéxicos articularanse unha serie de metodoloxías e ferramentas que, no marco da política industrial, permitirán obter información cuantitativa e cualitativa suficiente para a elaboración das medidas propostas en cada plan director.

Por un lado, o mapa industrial de Galicia, que se conformará baixo tres eixos de información cuantitativa: tecido industrial, territorio e solo industrial. Por outro, unha rede de informantes claves que funcionará como instrumento complementario do anterior e que servirá para extraer información cualitativa das necesidades e/ou demandas do diferentes actores sectoriais e territoriais que conforman o tecido industrial galego.

Todo este traballo de planificación industrial conlevará tamén a necesaria coordinación con outros departamentos da Xunta de Galicia con competencia en materia de política industrial cos que se realizarán grupos técnicos de traballo que poderían estar focalizados nun sector industrial concreto ou en varios, así como en áreas transversais que afecten a varias actividades industriais. Así mesmo, promoverase igualmente a colaboración co resto de entes, organismos, institucións públicas e privadas relacionadas coa actividade industrial.

Impulso e aceleración de proxectos industriais

En canto ao apoio ao desenvolvemento dos proxectos industriais, o aproveitamento das oportunidades actuais de consolidación da industria pasan tamén por avanzar na axilidade administrativa e redución da burocracia, dirixida a reducir os prazos de implantación dos proxectos. Así, os proxectos que superen o investimento de 0,8 M€ e que teñan incidencia no tecido industrial, quedarán incluídos nun plan autonómico de impulso e aceleración de proxectos industriais, que permitirá sexan aplicables unha serie de medidas de axilización (interlocución única entre

as persoas promotoras e a Xunta de Galicia, a través da Secretaría xeral de Industria; a busca de solucións ás necesidades detectadas para a implantación, en fase de análise de proxecto; o asesoramento técnico e administrativo dirixido a solventar as incidencias que as tramitacións administrativas dos proxectos industriais poidan ter, ou a axilización das actuacións administrativas necesarias para a execución dos procedementos necesarios para a execución do proxecto industrial).

Pero ademais, para estes proxectos, á hora de obter a licenza de obras municipal, colaborarase co concello para que se reduzan os prazos da súa obtención, e mesmo nos casos nos que os prazos se incumpran inxustificadamente, a Xunta de Galicia poderá chegar a ditar a resolución concedendo ou denegando a licenza de obras, ponderando a afectación ás súas competencias na materia de industria, fomento da actividade económica de Galicia ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas.

Ademais, potenciarase a figura dos Proxectos industriais estratéxicos, que está a permitir a simplificación das tramitacións necesarias para os grandes proxectos industriais. Con este fin, estenderanse este modelo a outros proxectos industriais que, aínda que sexan de menor envergadura, teñen tamén un marcado carácter estratéxico para o sector industrial de Galicia desde un punto de vista de creación de emprego industrial e mellora das cadeas de valor.

Neste sentido, estenderase este modelo de tramitación a proxectos de tamaño medio, a partir de 2 M€ de investimento e 25 empregos entre directos e indirectos. Ademais, daranse maiores garantías aos promotores ao fixarse un prazo máximo de tramitación dun ano desde a entrega da documentación técnica completa do proxecto ata a súa aprobación e, no caso de que este prazo non se cumpra, as persoas promotoras poderán esixir responsabilidade patrimonial da Administración polos custos incorridos derivados do retraso.

Fortalecemento da rede de parques e viveiros industriais

Un dos elementos clave para mellorar a competitividade da industria galega, así como para favorecer a atracción de investimentos e o emprendemento de carácter industrial, é contar cunha oferta de solo empresarial accesible, avanzado e con servizos de calidade.

É por isto polo que, desde a Secretaría xeral de Industria continuarase apostando polo fortalecemento, modernización e mellora das infraestruturas dos parques empresariais de titularidade municipal, principalmente a través de dúas liñas de subvencións.

A primeira liña, cuxo obxectivo é a mellora de infraestruturas dos parques empresariais galegos, está dirixida aos concellos que queiran realizar melloras relativas á implantación de iluminación pública eficiente, plantas de depuración de auga, xestión de residuos, infraestruturas viarias, instalación de sistemas de seguridade, contra incendios e contra o roubo de cable, así como servizos centralizados de subministración de gas e hidróxeno verde.

A segunda liña, tamén dirixida aos concellos, ten como obxectivo a mellora na subministración eléctrica dos parques empresariais, fomentando actuacións como o reforzo e extensión das súas redes de distribución eléctrica.

Estas liñas, que contarán cunha dotación total aproximada de 4,8 M€ no ano 2024, contribúen a apoiar aos concellos galegos e pretenden ser, ademais, un impulso para a captación de investimentos en Galicia, sendo claves para favorecer a actividade das empresas asentadas e das que buscan instalarse nunha área industrial que responda as súas necesidades. Neste sentido, encaixa nas medidas que fomenta a Lei 9/2021, do 25 de xaneiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica, na que os Concellos Emprendedores teñen un papel fundamental á hora de colaborar co Goberno galego para achegar ás empresas beneficios fiscais, acceso ao solo e facilidades administrativas a cambio de contar con prioridade en ordes de axudas como estas.

Ademais, como novidade, no 2024 poñerase en marcha unha estratexia de dinamización e consolidación da Rede de Viveiros Industriais de Galicia, que favoreza e facilite a súa finalidade de atracción de proxectos industriais e se adapte ás particularidades e localización de cada viveiro.

A través desta estratexia preténdese potenciar e dinamizar a rede, fortalecendo e mellorando non só os viveiros de titularidade municipal constituídos en virtude das axudas da Secretaría Xeral de Industria, senón incorporando aquelas iniciativas privadas ou públicas que poidan ter a consideración de viveiro industrial.

As liñas de traballo desta iniciativa estarán, fundamentalmente, destinadas a:

- O fomento de sinerxias colaborativas con outras redes existentes a prol do emprendemento.
- O reforzo daquelas medidas de información e difusión dos viveiros industriais.
- A mellora daquelas estruturas operativas dos viveiros que incidan directamente na dinamización industrial.
- A prestación de servizos de apoio que favorezan a implantación industrial.
- A posta en marcha de medidas de especialización do viveiro.

En definitiva, o obxectivo é contar cunha rede infraestruturas e servizos que achegan valor engadido e permiten a implantación e fixación de novos proxectos industriais, constituíndo un apoio moi importante para as persoas promotoras nas súas primeiras etapas de actividade e contribuíndo ao éxito final do proxecto.

Para o desenvolvemento destas medidas colaborarase con entidades con experiencia contrastada neste ámbito, que acudiron á convocatoria da Manifestación de Interese aberta en xullo do ano 2023 pola Consellería de Economía, Industria e Innovación, dirixida a identificar as mellores propostas de dinamización da Rede de viveiros industriais de Galicia. Trala análise das propostas presentadas á dita Manifestación de Interese, resultou a formulación dunha estratexia

de dinamización por provincias, coordinadas de forma transversal por unha única entidade, co fin de asegurar a coherencia entre as actuacións a realizar. A cuantificación económica por provincia responde á asignación dunha contía fixa por viveiro, dependendo de se está activo, inactivo ou en construción, resultando que as entidades que colaborarán no desenvolvemento das actuacións serán dúas institucións sen ánimo de lucro e unha sociedade pública: a Fundación Venancio Salcines (coordinación transversal e dinamización dos viveiros das provincias da Coruña e Pontevedra), a Fundación CEL-Iniciativas por Lugo (dinamización dos viveiros da provincia de Lugo) e o Parque Tecnolóxico de Galicia (dinamización dos viveiros da provincia de Ourense).

Seguridade industrial

A sociedade do benestar, propia dos países máis avanzados, senta as súas bases na seguridade de todo tipo: industrial, social, alimentaria, sanitaria, laboral, viaria, xurídica, cidadá etc.

Polo seu propio nome, o concepto de seguridade industrial xera confusión e pode levar a pensar que se refire unicamente a contornas industriais. Non obstante, o seu ámbito é xeral, e a seguridade industrial garante o benestar social as 24 horas do día e protexe, directa e eficazmente, a vida diaria e cotiá de todas as persoas, sen excepción. Todas as persoas utilizan a diario ascensores, vehículos, aparellos eléctricos, substancias químicas etc., e acceden a numerosos establecementos ou espazos de masivo uso público (colexios, cinemas, hospitais, cafeterías, oficinas, gasolineiras, comercios, rúas, parques, estradas) que están sometidos ao cumprimento da normativa de seguridade industrial.

Polo tanto, a seguridade industrial ten unha tripla vertente. Primeiro de interese público, xa que está o servizo da protección das persoas. Pero tamén ten unha vertente de interese social, pois todas as persoas son as verdadeiras receptoras e beneficiarias da seguridade industrial, como dereito específico e base fundamental da sociedade do benestar. E por último ten unha vertente de interese económico, xa que a mellora constante e o mantemento adecuado das instalacións e produtos sometidos a seguridade industrial, redundará nunha maior vida útil das mesmas.

Todos os sectores produtivos de Galicia, algúns de tanta transcendencia como a agricultura, a automoción, a enerxía, a minería e o sector naval ou o comercio están directamente afectados pola normativa de seguridade industrial. Polo tanto, unha boa política en materia de seguridade industrial ofrece un valor diferencial nestes sectores produtivos con avanzados estándares de seguridade nesta materia. A promoción do investimento en seguridade industrial favorecerá unha mellor imaxe, un maior prestixio e será un factor determinante de competitividade dos sectores produtivos da Comunidade Autónoma. En consecuencia, incorporar a seguridade industrial á estratexia empresarial pode supoñer a ampliación e consolidación de novos mercados de interese.

Pero é necesario comprender que a efectividade do dereito á seguridade industrial só é posible se as persoas titulares de instalacións, tanto en contornas domésticas como industriais, así como en establecementos sometidos á normativa, cumpren coas obrigacións que se derivan dela.

Polo exposto, no ámbito da seguridade industrial, farase un especial esforzo en desenvolver medidas dirixidas á prevención e protección, coa finalidade de limitar as causas que orixinen os riscos, así como establecer os controis que permitan detectar ou contribuír a evitar aquelas circunstancias que puidesen dar lugar á aparición de riscos e mitigar as consecuencias de posibles accidentes.

Neste contexto, desenvolverase un Plan para a mellora da seguridade industrial en Galicia, co obxecto de previr e limitar os riscos asociados á seguridade das instalacións que afecten a persoas, bens e contorna, que se baseará nos seguintes piares:

- Creación do Consello Galego da Seguridade Industrial, como órgano colexiado de natureza consultiva e de participación para o impulso e coordinación dos criterios e actuacións en materia de seguridade industrial. Este órgano permitirá avanzar na idónea aplicación das medidas dirixidas a garantir a seguridade industrial en Galicia, cunha estratexia coordinada con todos os axentes implicados na infraestrutura da seguridade e calidade industrial, xa que na súa composición estarán representadas as asociacións empresariais e sindicais máis representativas, os colexios profesionais e os axentes do sector industrial e do sistema da seguridade industrial de Galicia, e os órganos da Administración autonómica con competencias nas distintas materias que, de forma directa ou indirecta, se ven afectadas pola seguridade industrial.
- Desenvolvemento dun Plan de inspección de seguridade industrial extraordinario, que complemente o plan ordinario que actualmente se leva a cabo, co fin de colaborar coas empresas e traballadores na detección de posibles incidencias que poidan supoñer riscos para a seguridade das persoas ou dos bens.
- Desenvolvemento dun Plan de fomento e difusión da seguridade industrial, dirixido a difundir as vantaxes do cumprimento da normativa en materia de seguridade industrial e á concienciación á cidadanía sobre as vantaxes que supón manter as instalacións coa máxima calidade e posta en servizo, cuxas medidas consistirán, entre outras, na creación de ferramentas de autodiagnóstico sobre cumprimento dos regulamentos, na realización de diversas xornadas informativas e de divulgación dirixida a diversos sectores produtivos, na organización do Congreso de Seguridade Industrial da Comunidade Autónoma de Galicia, enfocado como un gran evento, tanto presencial como online, no que se reunirá a todos os axentes relacionados co sistema da seguridade industrial de Galicia, ou na elaboración e difusión de guías didácticas e de contidos audiovisuais e sonoros para a promoción e difusión da seguridade industrial entre os axentes do sector.

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURIAIS

1. No ámbito da enerxía, as principais liñas de acción para 2023 serán:
   - Tramitación administrativa e autorización dos proxectos de enerxías renovables e infraestruturas enerxéticas de evacuación asociadas

- Tramitación administrativa a autorización das infraestruturas de transporte e distribución de enerxía eléctrica
- Tramitación administrativa a autorización das infraestruturas de distribución de gas natural
- Análise e informe previo dos plans de investimento das empresas distribuidoras de electricidade
- Continuar coa función de coordinación e supervisión dos seguimentos ambientais das infraestruturas de produción, transporte e distribución eléctricas.
- Xestionar os fondos europeos para á adecuación de tendidos eléctricos en zonas de protección para avifauna.
- Loitar contra a pobreza enerxética, contribuíndo ao pagamento da factura eléctrica, a través da concesión dunha axuda directa que complementa o Bono Social Eléctrico para aqueles consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.
- Traballar coordinadamente co INEGA no seguimento da planificación enerxética e no estudo das distintas propostas de regulación emanadas da administración xeral do Estado e da administración da Unión Europea, co fin de que os intereses de Galicia se contemplen debidamente nas mesmas e no control da calidade da subministración eléctrica en Galicia en temas de TIEPI e NIEPI.
- Traballar na mellora das respostas ás reclamacións enerxéticas de cidadáns e empresas.

2. No ámbito da minería, as grandes liñas de acción para 2024 sustentaranse no establecido na Axenda de Impulso da minería Sostible de Galicia 2023, sendo esta unha folla de ruta na que se comprenderán diferentes actuacións, que supoñen unha promoción e apoio á minería sustentable a través dun programa que coadxuve ao deseño e á implantación de políticas públicas desde a perspectiva da incorporación efectiva do principio de sustentabilidade na actividade mineira, que converta ao sector da minería de Galicia nun aliado estratéxico para a modernización das principais cadeas de valor industriais, asegurando que o proceso de transición ecolóxica e dixital se abasteza de maneira sostible coas imprescindibles materias primas e así que:

   No eido das axudas a empresas mineiras:

   - Convocatoria de axudas para mellorar a sustentabilidade nos seus centros de traballo para a protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras para a loita contra as enfermidades profesionais nos seus postos de traballo mediante redución de emisións de po e ruído e para a mellora da calidade do ambiente atmosférico das zonas afectadas pola actividade mineira,

   No eido da protección e prevención ambiental:

   - A execución pola Administración de actuacións en materia de rehabilitación medioambiental ou de posta en seguridade de explotacións mineiras, a través, no seu caso, de procedementos de execución subsidiaria.

   No eido da xestión de fondos Europeos e da recuperación ambiental:

- Xestión en relación cos fondos Next Generation: MRR Compoñente 10. Restauración de ocos e espazos abandonados pola actividade mineira.

No eido da dixitalización:

- Continuarase impulsando a dixitalización e modernización da Administración mineira mediante actuacións de auditoría e revisión de procedementos administrativos de proxectos mineiros e actuacións de preparación e dixitalización de arquivos e sistemas co obxectivo de acadar unha xestión telematizada e transparente, así como a simplificación administrativa e a tramitación electrónica dos procedementos de minas, así como do tratamento estatístico dos seus datos.

No eido das colaboracións:

- Apoio ao funcionamento da Cámara Oficial Mineira de Galicia, en canto entidade de dereito público de carácter consultivo e de colaboración coa Administración Pública e como institución representativa do sector que ten encomendado en xeral o seu fomento.

No eido da valorización dos recursos mineiros nos concellos de Galicia:

- Colaboración coas entidades locais como como forma de poñer en valor o patrimonio mineiro galego, en especial o patrimonio termal e o patrimonio industrial mineiro

No eido da sustentabilidade:

- A través do Programa de Sustentabilidade no Sector Mineiro fomentarase a minería sostible con colaboracións con entidades relevantes e representativas do sector mineiro, tales como Clúster da Pizarra de Galicia, e/ou Fundacións como é a do Centro Tecnolóxico do Granito así como colaboracións con outras entidades que representan a distintos sectores mineiros de carácter estratéxico para a Comunidade de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO

A Consellería de Economía, Industria e Innovación ten ao tecido comercial como un dos seus activos principais necesarios para consolidar e impulsar o crecemento económico.

O sector comercial de proximidade galego está constituído por 26.014 empresas formadas, na maioría dos casos, por menos de 10 persoas traballadoras e atópase nun profundo proceso de transformación nos procesos de venda e nos hábitos de consumo da clientela.

Na actualidade, trala crise sanitaria causada pola Covid-19, a inflación está a producir graves consecuencias económicas, tales como o incremento xeneralizado dos prezos e o conseguinte descenso do consumo. Esta situación está a influír dun xeito indubidable na actividade económica e no comportamento dos/as consumidores/as, afectando de forma moi significativa á actividade comercial e, en xeral, á economía das persoas consumidoras.

Esta realidade reforza, se cabe, o compromiso da Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, co comercio retallista para a recuperación e a reactivación da actividade comercial.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación é consciente da importancia social e económica do comercio galego e aposta por un sector moi afectado polo contexto actual, o cal debe adaptarse ás novas tendencias do mercado e ser parte activa na transformación tecnolóxica e sostible, o que supón un reto e unha oportunidade para o sector.

Este compromiso ten como obxectivo prioritario a innovación, a modernización e a sustentabilidade do tecido comercial galego así como o impulso de medidas que sirvan como canle para o incremento da competitividade do sector comercial.

Estes obxectivos dan resposta ás demandas xeradas, especialmente polas persoas emprendedoras no marco do impulso á creación de novas empresas comerciais, a dispoñer dun sistema de distribución eficiente que xere plusvalías e a consolidar un sector comercial equilibrado, competitivo, rendible, dinámico, diversificado e continuamente adaptado á unha realidade cambiante e de incerteza.

Sendo a innovación un dos factores de competitividade empresarial máis importante, o seu impulso no comercio é unha das principais ferramentas para acadar estes obxectivos, tanto no eido de novos formatos como na creación de produtos e servizos.

Así mesmo, deben procurarse novas estratexias de venda que se axusten as actuais tendencias do mercado e aos novos perfís das persoas consumidoras, situando á clientela no epicentro da actividade comercial. Por isto, un dos factores a potenciar xunto coa dixitalización, o uso das novas tecnoloxías, as redes sociais e as técnicas de marketing 4.0 é a excelencia e a calidade como factor diferencial clave do comercio de proximidade así como o compromiso co medio ambiente e coa sustentabilidade da actividade comercial, cada vez máis valorados polas persoas consumidoras actuais.

Co obxectivo de acadar un sector comercial que responda ao concepto Comercio 360 e avanzar tanto en aspectos de dixitalización como medioambientais, configurando un sector competitivo cara ao futuro no marco da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poñerá en marcha as seguintes liñas de acción:

- Innovación, transformación dixital e modernización do sector comercial: Mellora da competitividade e dinamización do comercio galego, prestando especial atención á dixitalización do sector e ao impulso da súa innovación con novas fórmulas de comercialización, tanto no ámbito urbano coma no rural, dotando ao noso comercio de competitividade dixital, reactividade, mellora das vendas e mellora do rendemento económico.

- Transformación sostible do comercio físico e da actividade comercial: Actuacións dirixidas a promover modelos de negocio que aposten pola sustentabilidade e a economía circular para unha transformación empresarial que adapte os espazos físicos e os servizos ofertados ás actuais demandas e necesidades das persoas consumidoras, apostando claramente por unha mellora no ámbito da loxística sostible no ámbito da proximidade.
- Formación para o sector comercial e artesanal: Actuacións dirixidas á posta en marcha de programas formativos que garantan a promoción, o fomento e a modernización do comercio a través da mellora das competencias e habilidades técnico-profesionais das persoas comerciantes, así como programas de formación para garantir o relevo xeracional nos oficios tradicionais artesanais.
- Impulso dos mercados e prazas de abastos e consolidación da rede de Mercados Excelentes de Galicia: Adecuación e mellora dos mercados e prazas de abastos e equipamentos públicos comerciais municipais, o que constitúe un elemento clave para o desenvolvemento do comercio.
- As actuacións desenvolvidas no ámbito comercial resultan imprescindibles, moi especialmente, nos mercados municipais que teñen unha singular significación por constituír espazos de centralidade comercial cunha situación estratéxica que, a miúdo, teñen a capacidade de xerar actividades complementarias ao seu redor, ao tempo que constitúen unha canle de comercialización moi eficaz de produto fresco derivado do mar, a horta e a gandería.

  A Consellería de Economía, Industria e Innovación, consciente da importancia dos mercados e prazas de abastos como o mellor escaparate do produto galego de calidade, aposta pola renovación destes espazos, adaptándoos ás necesidades tanto dos/as comerciantes como das persoas consumidoras, dende o momento en que os mercados remodelados permiten consolidar unha forma de comercio de proximidade e a rexeneración dun entorno urbano das vilas e cidades.

  En consonancia con isto, por Orde do 4 de xaneiro de 2017 regúlase o procedemento para a obtención do selo de Mercado Excelente na Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no Diario Oficial de Galicia número 13, do 19 de xaneiro de 2017, e o seu outorgamento é a resposta aos retos de modernización e innovación aos que se enfrontan, na actualidade, os nosos mercados e prazas de abastos.
- Desenvolvemento da marca "Galicia Calidade": Galicia Calidade é unha marca económica da Xunta de Galicia, polo que o seu desenvolvemento é unha decisión estratéxica da administración galega que afecta a todos os seus departamentos.

  O seu obxectivo é conseguir que se identifique Galicia con calidade dende o punto de vista da promoción económica, contribuíndo a impulsar a competitividade das empresas galegas, dar visibilidade á marca Galicia dende un punto de vista económico, fortalecer e engadir valor ó selo de calidade e reconverter o selo de Galicia Calidade nun catalizador das empresas galegas.
- Promoción e fomento da artesanía galega: a importancia das actividades artesanais en Galicia non só reside nun plano social ou cultural, senón que constitúen actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais,

unha lista longa de oficios que se traducen nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás esixentes demandas do mercado actual.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, aposta por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado. Por isto, dende a Dirección Xeral de Comercio e Consumo preténdese desenvolver estratexias de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector artesán, que levan implícitas accións de incremento da comercialización e de potenciación do talento e das habilidades empresariais das persoas artesás sen descoidar a innovación o deseño e a cooperación entre diferentes sectores.

II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA - IGCC

As principais liñas de acción do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para o ano 2024 serán:

- Desenvolvemento da estratexia dixital de protección das persoas consumidoras que inclúe a dixitalización de todos os procesos e as canles de comunicación, na procura da omnicanalidade, a eficacia e a axilidade na atención ao público.
- Reforzo da formación a través da Escola Galega de Consumo e Impulso da Aula Virtual.
- Actuacións a prol dun consumo responsable e sostible coherentes coas esixencias dunha nova economía verde compatible co coidado da nosa contorna.
- Consolidación do plan de inspección do comercio electrónico na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Asesoramento as persoas consumidoras galegas a través de contidos informativos na web, do telefono de balde co que conta o IGCC así como de maneira presencial para aqueles casos nos que se requira.
- Impulso a mediación entre as persoas consumidoras e os empresarios e profesionais e implementación dun sistema arbitral de consumo "on line".
- Modernización do equipamento do Laboratorio de Consumo de Galicia.
- Actuación en materia de control, vixilancia do mercado e seguridade dos produtos industriais.
- Impulso á normativa en materia de consumo, a través do desenvolvemento da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- Promoción da competencia como medio para lograr unha maior eficiencia económica e estimular a competitividade das empresas.

- Control e asesoramento ás administracións públicas nas actividades que poidan ter incidencia na libre competencia no mercado, tanto desde a perspectiva dos operadores económicos como das persoas consumidoras e usuarias.

II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA - IGAPE

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), incardina o conxunto de medidas do Goberno da Comunidade Autónoma dirixidas a promover a economía galega, favorecendo o emprendemento e o crecemento empresarial a través da internacionalización e a mellora da competitividade no conxunto do territorio.

Máis concretamente, estas medidas están enfocadas:

- Ao impulso e consolidación da actividade económica das empresas apoiadas especialmente na transformación dixital e na sustentabilidade.
- A dar resposta ás esixencias do escenario económico actual, caracterizado polas restricións e dificultades impostas pola pandemia COVID-19, para favorecer a continuidade e o crecemento da nosa economía e do noso tecido empresarial.
- Á consolidación e fortalecemento do programa de apoio á internacionalización das pemes galegas, cunha forte compoñente de internacionalización dixital e comercio electrónico global.
- Ao fomento da competitividade e da produtividade e ao impulso da participación e cooperación entre os axentes económicos galegos.
- Ao desenvolvemento da política industrial de Galicia, en colaboración cos clúster galegos e de acordo coa Axenda de competitividade Galicia: Industria 4.0. e a súa evolución no Impulso da transformación dixital da industria conectada.
- Ao apoio integral ao emprendemento innovador, a incubación, aceleración e consolidación de proxectos de startups a través de aceleradoras específicas transversais, temáticas (coworkings) e verticais (Business factories) de acordo coa de Lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia.
- Á atracción de novos investimentos empresariais internacionais que contribúan á creación de emprego e ao fortalecemento do tecido produtivo e de servizos en Galicia.
- A favorecer o equilibrio territorial.

Os orzamentos estrutúranse en torno á estratexia do IGAPE no marco 2021-2027 e á posta en marcha dos diferentes programas e plans de actuación, que integrarán medidas configuradas de xeito conxunto, nas bases reguladoras dos apoios xestionados polo Instituto, xunto con instrumentos financeiros, servizos e novas actuacións, que terán en conta as directrices e

orientacións prioritarias en Europa, como a recuperación empresarial e a resiliencia a través da economía verde e a dixitalización.

Os plans de actuación do IGAPE materializan o compromiso coa resiliencia e reactivación da economía da nosa Comunidade e a mellora da competitividade das empresas galegas.

Programas e plans de actuación do IGAPE:

1º.- Competitividade Empresarial

A mellora da competitividade das pemes, eixe central da actuación do IGAPE, verase reforzada pola posta en marcha de novas medidas e actuacións de impulso fundamental á Empresa Dixital e Sostible.

Este programa execútase na súa maior parte a través do IGAPE, e contempla accións en catro eixos concordantes cos eixos do estado no desenvolvemento da Industria Conectada 4.0: Estratexia, Asesoramento, Talento e Financiamento

Deste xeito, no despregamento de medidas correspondentes aos eixes anteriores cara á mellora da competitividade do tecido empresarial, o IGAPE contempla accións específicas, como son:

- Posta en marcha da OFICINA ECOMICA, responsable da xestión dos instrumentos para facilitar a implantación das iniciativas empresariais, especializada no acompañamento e tramitación das iniciativas empresariais, así como o asesoramento ás persoas empresarias para a posta en marcha.
- Entre as súas función estará acompañar e dar soporte integral ás empresas e aos suxeitos promotores das iniciativas empresariais, analizando as solicitudes telemáticas recibidas ou as consultas realizadas a través das novas tecnoloxías ou de forma presencial. Isto supón reforzar os actuais equipos e dotar das ferramentas necesarias para prestar o apoio integral as empresas.
- Diferentes programas de subvencións para incentivar melloras na transformación dixital, especialmente no eido da implantación de sistemas e solucións de dixitalización así como na sensibilización e capacitación de directivos e mandos intermedios fronte ao reto 4.0 da economía.
- Promoción e financiamento de INFRAESTRUTURAS COLABORATIVAS INDUSTRIAIS (programas de Centros de Fabricación Avanzada e Infraestruturas Estratéxicas Abertas), que contribúan a reforzar o contorno industrial e dotar de acceso a infraestruturas equipadas a emprendedores, traballadores en activos, spin-outs empresariais, etc. para desenvolver proxectos e iniciativas industriais en espazos dotados e con condicións de acceso coñecidas e reguladas.

- Prestación de servizos avanzados, a través do programa "Re-Acciona" renovado e reforzado co obxectivo de contribuír á mellora competitiva da empresa, mediante servizos de desenvolvemento estratéxico das pemes, de profesionalización operativa, de dixitalización industria 4.0 en colaboración con AMTEGA e servizos de apoio á innovación desenvolvidos en colaboración coa GAIN.
- Posta en marcha de liñas e servizos específicos no eido da ECONOMÍA CIRCULAR, como chave de impulso á peme galega sostible, e á LOXÍSTICA AVANZADA E SOSTIBLE, especialmente na industria, en resposta aos postulados da Estratexia Integral de Optimización Loxística de Galicia e á Estratexia Galega de Economía Circular, respectivamente.

A importancia dos clúster para a política industrial de Galicia vén manifestada de dúas formas principais: en primeiro lugar, no papel dos mesmos como panca fundamental na Axenda da Competitividade de Galicia Industria 4.0, en segundo lugar, cunha política específica que durante este ano se concreta en:

- Continuar a promover a excelencia nos clúster, co seguimento de actividade e dos programas de axudas á gobernanza das Agrupacións Empresariais Innovadoras, aprobados nos anos 2022 e 2023 (clusters consolidados e clusters emerxentes) que esixen aos agrupamentos a proposta de plans de actuación principalmente nos eidos da dixitalización, a sustentabilidade e a internacionalización.
- Promover a través dos propios clusters e outros organismos intermedios de carácter empresarial a execución de obradoiros multidisciplinares de dixitalización, sostibilidade, loxística avanzada e proxectos de hibridación intersectorial para a xeración de novos produtos ou servizos conxugando as diferentes capacidades de eidos de actividade non conexos.
- Manter ao empresariado galego atendido de xeito inmediato coa reformulación do programa IGAPE RESPONDE, que atenderá a empresas e autónomos nos distintos eidos de necesidade ou preocupación conxuntural das súas empresas, así como dispón dos servizos de atención aos emprendedores e acompañamento de proxectos estratéxicos de investimento en Galicia.

2º.- Galicia Inviste

O Igape porá en marcha distintas liñas de actuación de financiamento dos investimentos das empresas galegas que contribuirán:

- A apoiar e incentivar o investimento e o crecemento empresarial.
- A estimular unha maior dimensión das empresas galegas.
- A favorecer un nivel equilibrado de fondos propios nos balances das pemes.

- A favorecer o acceso ao crédito bancario para a financiación do capital corrente das pemes.
- A mobilizar o financiamento privado nos ámbitos do emprendemento, a industria 4.0 e a innovación empresarial.
- A promover a diversificación, reorientación ou cambio de negocio a partir da hibridación e a correspondencia oferta/demanda sectorial.

As distintas actuacións contempladas neste plan son as seguintes:

- Subvencións a fondo perdido para incentivar o investimento e o crecemento empresarial que, en determinados casos, poderán combinarse, en unidade de expediente, con préstamos mediante a fórmula de préstamos parcialmente reembolsables, como medida de eficiencia e simplificación administrativa.
- Liñas de acceso ao financiamento operativo avalando operacións de investimento, de capital corrente e outro tipo de garantías, mediante convenios subscritos coas sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras, como o do programa de "Reavais".
- Programas de avais para facilitar o acceso ao financiamento de investimentos e de capital circulante.
- Programa de préstamos directos para financiar grandes proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia, así como liñas específicas de préstamos que financien actuacións sectoriais concretas e, en particular, apoio á liquidez das industrias mais afectadas polos incrementos de prezos dos aprovisionamentos e as subministracións enerxéticas.
- Préstamos destinados á novación de débedas derivadas doutros préstamos impagados e novacións modificativas de préstamos en vigor.
- Préstamos parcialmente reembolsables do Fondo de Transición Xusta, para proxectos empresariais de investimento creadores de emprego na provincia de A Coruña.

Para as diversas actuacións, o IGAPE contará coa colaboración de distintos organismos facilitadores de financiamento (entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca, entre outros). A participación do IGAPE no marco destes convenios suporá a concesión de avais e reavais e compensacións ás sociedades de garantía recíproca, tanto como entidades colaboradoras, como para apoiar a súa solvencia.

Ademais dos propios apoios do Instituto, as medidas de impulso dos investimentos empresariais compleméntanse coa tramitación, coordinación e acompañamento ás empresas nos apoios ofrecidos polo Ministerio de Facenda, a través da liña de Incentivos económicos Rexionais, e a coordinación e acompañamento noutras liñas de financiamento como as que convocan os distintos Ministerios e outros organismos estatais e as de préstamos do Banco Europeo de Investimentos (BEI).

3º.-Internacionalización da Empresa Galega

Contribuirá a fomentar a internacionalización, como base para a competitividade do tecido empresarial galego.

A través de actuacións, medidas, servizos e instrumentos, a actuación do IGAPE focalizarase no aumento e consolidación no exterior das empresas galegas. Así como á atracción de investimento produtivo, comercial e financeiro cara Galicia, contribuíndo á promoción económica e ao crecemento empresarial.

As liñas de actuación promoverán:

- A cultura da internacionalización: mediante a especialización e a capacitación dos recursos humanos das empresas.
- Incrementar e consolidar a presenza das empresas galegas nos mercados internacionais: mediante a identificación de mercados e oportunidades nos que as capacidades das empresas galegas presentan vantaxes competitivas e desenvolvemento e programas/accións en función de ditas oportunidades e das necesidades das empresas galegas con potencialidade para as mesmas.
- Consolidar a imaxe de Galicia no exterior: para mellorar o posicionamento de Galicia e a percepción dos produtos e servizos. Imaxe de marca.
- Fomentar a cooperación empresarial e institucional en prol da imaxe de Galicia e das súas empresas no exterior.

O IGAPE, como coordinador das políticas de Internacionalización da Xunta de Galicia, baseará a súa actuación no reforzo da colaboración e coordinación entre os distintos axentes públicos e privados.

Na procura de multiplicar a eficiencia dos recursos públicos, o IGAPE prestará especial atención ás iniciativas de colaboración de entidades e principais organizacións empresariais que traballan no ámbito da internacionalización.

A cooperación empresarial será fundamental para poder seguir avanzando, con paso firme, cara á consolidación das empresas galegas nos mercados exteriores máis activos polo que incidiremos especialmente en programas orientados a fomentar e facilitar a cooperación empresarial de cara á internacionalización conxunta ou ao intercambio de boas prácticas en internacionalización.

Neste sentido, a área de Internacionalización seguirá apoiando e desenvolvendo os programas de apoio, Galicia Exporta Empresas, Galicia Exporta Organismos Intermedios e Galicia Exporta Dixital. Da mesma forma, continuará desenvolvendo e apoiando outras liñas tamén xa en funcionamento como son Xestores de Internacionalización, Plan de Misións Comerciais das Pemes e Grandes Empresas en colaboración coas cámaras de Comercio Galegas, así como a

consolidación das Antenas do IGAPE no exterior e a apertura de novas antenas ao longo do exercicio.

Coa finalidade de favorecer a adaptación das empresas á nova situación (adaptación á internacionalización dixital + marketing dixital + actualización do comercio internacional no actual contexto + trámites aduaneiros e loxística internacional) e continuando co iniciado no ano 2022, seguirase co programa de Formación (Fórmate Internacional).

Co obxectivo de apoiar as empresas nos mercados internacionais de licitacións preténdese implantar un servizo de consultaría que permita ás empresas dispoñer tanto dunha plataforma que facilite a información das ofertas de contratación pública internacional como que lle permita facer unha análise da súa potencialidade neste tipo de mercado. Grazas a un convenio de colaboración coa CEG (Confederación de Empresarios de Galicia), a través de esta organización ofreceranse servizos de licitacións internacionais e de consultaría especializada nas mesmas.

Continuarase traballando nos programas lanzados no 2022 pola Área de Internacionalización, tales como:

Galicia Avanza: Programa iniciado en 2022 en colaboración con Gain e Tecnópole. O obxectivo principal é acelerar a transferencia da innovación ao mercado para xerar valor económico, emprego e ofrecer solucións as demandas sociais e industriais. Galicia Avanza é un programa de aceleración especializado na comercialización exterior que persigue fortalecer a internacionalización das solucións innovadoras en produtos ou servizos das pemes galegas no menor tempo posible.

Plan Contract: dentro de un sector considerado estratéxico, que se ven apoiando desde hai anos, e seguiremos a apoiar no ano 2024. O obxectivo do plan Contract é favorecer a internacionalización e obtención de novos clientes internacionais as numerosas empresas galegas do sector contract ampliando o seu abanico de clientes e sectores de actuación.

Entre as novas actividades a desenvolver pola Área de Internacionalización, cabe destacar:

- IGAPE Contigo: Programa que pretende dar a coñecer casos de éxito de empresas galegas que se teñan internacionalizado, e que sirvan de modelo para outras empresas galegas cuxo obxectivo sería a implantación en mercado exteriores.
- Convenios particulares coas Asociacións de Empresarios Galegos no Exterior (AEGAS): Os Convenios coas diferentes AEGAS pretenden dinamizar as relacións entre os empresarios galegos do exterior e os empresarios galegos de Galicia buscando colaboracións e acordos tanto privados como públicos e institucionais que contribúan ao desenvolvemento das empresas galegas e ao acceso a novos mercados e clientes.

Esta combinación de accións complementarias adecúanse dentro dunha estratexia de internacionalización 2021-2025, na que algúns dos obxectivos xa están cumpríndose, e noutros estase traballando para acadalos antes do remate do ano 2025:

- Crecemento do negocio Internacional: Superar os valores precrise alcanzando un máximo histórico de exportación: 25.000M€.
- Incremento da base exportadora: Chegar as 8.000 empresas exportadoras
- Diversificación de mercados: Crecer nos nosos mercados obxectivo fóra da UE, especialmente en América do Norte, América do Sur, Asia e o Reino Unido.
- Internacionalización Dixital: Alcanzar as 1.000 empresas internacionalizadas dixitalmente no 2025.
- Talento Internacional: Conseguir e dar a coñecer ás empresas 500 profesionais galegos especializados en internacionalización.

4º. Apoio e impulso ás startups en Galicia

O IGAPE mantén nos orzamentos as asignacións aos FOCOS DE EMPRENDEMENTO SECTORIAIS, co que estima seguir cofinanciando e dirixindo a Business Factory Auto (BFA), que ven de ser complementada coa incubadora de alta tecnoloxía no sector da automoción High Tech Auto, a Aeronautics Business Factory (BFAero) no sector aeronáutico e, no sector da industria alimentaria, a Business Factory Food (BFFood), así como promover e cofinanciar novos focos en algún sector novo de especial interese entre outros poderían ser a loxística, a moda, a Sostibilidade en sentido amplo, ou a Industria marítima.

O ano 2024 continuará a resposta á Axenda de impulso ás startups en Galicia, coa que se persigue a internacionalización das startups, a súa consolidación e tamén o reforzo do ecosistema da man dos axentes principais na economía galega do emprendemento innovador.

Poñerase en marcha unha nova actuación, co obxectivo de dar cobertura a necesidades recorrentes das startups nos seus inicios, mediante bonos de áxil acceso e concesión, que permitan facilitar a operación das startups galegas cun sistema sinxelo de apoio dende o IGAPE.

En todas estas actividades fomentarase a dixitalización das empresas.

5º.- Programa Galicia Capacita

Como elemento e peza clave na mellora da competitividade das empresa galegas, o IGAPE manterá e reforzará o programa de formación e desenrolo directivo.

No Programa Galicia Capacita contémplanse accións en tres eixos: formación e difusión, profesionalización, estratexia e novos modelos de negocio e cooperación. Estes tres aspectos resultan totalmente determinantes da competitividade das persoas e as organizacións e, polo tanto, das competencias necesarias para a profesionalización das empresas e así incrementar a súa solidez, capacidade de resistencia ante circunstancias adversas e afirmar as bases dun crecemento sostido e sostible a medio e longo prazo.

Impulsar a participación e a cooperación entre os axentes económicos galegos é outra das medidas sinaladas para contribuír a capacitación, ao desenvolvemento e á modernización empresarial, que o Instituto vén facendo, especialmente nos últimos anos. Deste xeito contribuír a que tódolos axentes e organismos de Galicia colaboren de maneira coordinada para mellorar o tecido empresarial e situar a Galicia como unha rexión atractiva para investir e traballar é o principal obxectivo deste piar nos plans de actuación do Instituto, que ten como principais axentes aos clúster e organismos intermedios de carácter empresarial.

Os orzamentos 2024 contemplan accións específicas nestes eidos, como son:

- Acordos e convenios con axentes clave para a formación, a difusión de tendencias de xerencia e xestión e o desenvolvemento directivo dos administradores, directivos e mandos intermedios da peme galega.
- Un gran programa de difusión, formación e capacitación de mandos intermedios empresariais, directivos e Consellos de Administración, como chave de éxito das pemes cara ó futuro e que pretende exercer un impulso de cambio na acción dos cadros de mando das pemes galegas e, consecuentemente, o lanzamento de novas estratexias cara ó crecemento e a internacionalización de xeito decidido.
- Prestación de servizos diferenciais, de alto valor, a través do programa "Re-Acciona" "Re-Acciona Innovación" e "ReAcciona TIC". Servizos avanzados de profesionalización empresarial e de desenvolvemento estratéxico, xa consolidados durante os anos 2013 ao 2016, complementados a partir de 2017 con servizos de dixitalización industrial e Industria 4.0. aos que, no 2021, sumáronse os servizos de innovación nas pemes galegas.
- Este programa, completouse en resposta á COVID-19 co programa REAC-CIONA COVID-19, no ano 2022 que, a través de entidades colaboradoras, ofrece os servizos de Reestruturación financeira e adecuación de estados financeiros tras o impacto de COVID-19, Preparación para a transmisión ou adquisición de unidades produtivas, elaboración, adaptación e implementación de plans estratéxicos de internacionalización da empresa ou sector ao novo escenario internacional, análise de mercados internacionais concretos en relación á nova situación motivada pola emerxencia sanitaria COVID-19 e as necesidades específicas do solicitante de cara á apertura ou permanencia en dito mercado e consultaría relacionada coa implementación de metodoloxías de traballo e procesos acordes aos principios da economía circular.

No ano 2024, seguindo este esquema de entidades colaboradoras, poranse en marcha un novo programa ReAcciona, que aglutine as actuacións mais interesantes de toda a carteira de servizos experimentados ata a data e outros acordes coas actuais tendencias e retos do mercado global.

Moitas das liñas de actuación neste plan, acometeranse en colaboración con entidades e organismos dedicados a formación e capacitación de directivos e mandos intermedios, como as escolas de negocios, a Asociación para o Progreso da Dirección.

6º.- Outras accións

A través da Oficina de Proxectos Tractores e Atracción de Investimentos e a Unidade de Proxectos Empresariais do IGAPE informarase e proporcionarase asesoramento e acompañamento a proxectos que poidan exercer un especial efecto tractor sobre o tecido produtivo galego. Trátase de proxectos nos que a Xunta de Galicia decida unha participación directa no marco das súas políticas económicas ou que teñan especial capacidade de xerar emprego, crecemento e competitividade, actuando tamén como vertebradoras doutras posibles iniciativas empresariais. Así mesmo, prestará apoio a empresas para que poidan identificar os instrumentos e axudas máis axeitados para os seus proxectos, tanto no marco dos fondos Next Generation EU, como doutros instrumentos relevantes no eido europeo, estatal ou autonómico. Neste sentido, asesora e informa aos promotores de proxectos empresariais de todos os sectores produtivos que acudan ao IGAPE na procura de apoio económico ou técnico, tanto financeiro como non financeiro, co fin de mellorar a súa competitividade e produtividade, creando emprego de calidade e impulsando a innovación e a sustentabilidade ao longo das cadeas de valor.

Por outra banda, a Oficina de Proxectos Tractores e Atracción de Investimentos ten o obxectivo de atraer a Galicia investimento produtivo. Neste contexto se acompañarán e asesorarán a outras empresas de fóra de Galicia para tentar atraer proxectos e investimentos que se poidan implantar na nosa Comunidade Autónoma e que sexan creadores de tecido industrial e de postos de traballo.

7º.- Actividades de soporte

Baixo este eixe inclúense as diferentes actividades de información e difusión dos servizos e apoios do IGAPE e os gastos xerais de funcionamento do Instituto.

No ano 2021 o Igape comezou o proceso para a súa transformación dixital de cara a obter novas capacidades internas que permita unha tramitación máis áxil, máis eficiente e cun menor custe para as organizacións empresariais e autónomos que presenten a súas solicitudes de apoio.

Neste ano a implantación e desenvolvemento destas ferramentas significará una salto evolutivo na relación dixital entre empresas e a administración.

O Igape aposta pola intelixencia artificial e a hiperautomatición dos procesos con menor valor engadido que redundará nun mellor e máis rápido servizo, adaptando a xestión administrativa as novas necesidades de empresas e autónomos.

O sistema fará resumos automaticamente dos documentos pdf recibidos.

Comprobará que o documento achegado corresponde coa tipoloxía solicitada (facturas, orzamentos, contas e balances, escrituras....)

Comprobaranse indicios de manipulación dos documentos achegados.

Extractará automaticamente a información importante e será presentada de maneira que facilite aos técnicos o seu uso (que os orzamentos, importe de facturas e o movementos bancarios coincidan...).

Avaliar a condición de peme dos solicitantes de maneira automática.

Nestes intres están rematándose os traballos de programación para comezar as probas do primeiro procedemento administrativo, Galicia Inviste, as probas comezarán no mes de outubro con expedientes reais xa presentados. As previsións son lanzar os primeiros procedementos no primeiro trimestre de 2024.

A creación dun observatorio de tecnoloxía interno permitirá introducir no Instituto de Promoción Económica as mellores prácticas e adaptar novos avances tecnolóxicos na xestión administrativa pública.

En canto á perspectiva de xénero nos orzamentos, o Igape velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas.

Naqueles programas de axuda nos que se valore a creación ou mantemento de emprego, establecerase unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos.

Por outra parte, para os distintos programas obteranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo a perspectiva de xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), incardina o conxunto de medidas do Goberno da Comunidade Autónoma dirixidas a promover a economía galega, favorecendo o emprendemento innovador e o crecemento empresarial a través da internacionalización e a mellora da competitividade no conxunto do territorio .

Máis concretamente, estas medidas están enfocadas:

- Ao impulso e consolidación da actividade económica das empresas apoiadas especialmente na transformación dixital e na sustentabilidade.
- A dar resposta ás esixencias do escenario económico actual, caracterizado polas restricións e dificultades impostas pola pandemia COVID-19, para favorecer a continuidade e o crecemento da nosa economía e do noso tecido empresarial.
- Á consolidación e fortalecemento do programa de apoio á internacionalización das pemes galegas, cunha forte compoñente de internacionalización dixital e comercio electrónico global.
- Ao fomento da competitividade e da produtividade e ao impulso da participación e cooperación entre os axentes económicos galegos.
- Ao desenvolvemento da co Impulso da transformación dixital das empresas.
- Ao apoio integral ao emprendemento innovador, a incubación, aceleración e consolidación de proxectos de startups a través de aceleradoras específicas transversais, temáticas e verticais (Business factories)
- Á atracción de novos investimentos empresariais internacionais que contribúan á creación de emprego e ao fortalecemento do tecido produtivo e de servizos en Galicia.
- A favorecer o equilibrio territorial.

Para acadar o apoio integral o tecido produtivo poñerase en marcha a Oficina económica, como porta única de entrada para as empresas, coa finalidade de estar cada vez mais cerca e de facilitar a implantación de iniciativas empresariais. Dende a oficina económica se prestará un servizo de asesoramento especializado e de acompañamento as iniciativas empresariais, así como o asesoramento ás persoas empresarias para a posta en marcha dos seus negocios. Isto supón reforzar os actuais equipos e dotar das ferramentas necesarias para prestar o apoio integral as empresas. Unha oficina que afonda e complementa o Igape como vertebrador da política económica.

As empresas que promovan novas iniciativas empresariais terán unha canle única para interactuar coa administración. Así mesmo, se prestará apoio a empresas para que poidan identificar os instrumentos e axudas máis axeitados para os seus proxectos, tanto no marco dos fondos Next Generation EU, como doutros instrumentos relevantes no eido europeo, estatal ou autonómico. Sen esquecer o papel de atracción de inversións. Neste contexto se acompañarán e asesorarán a outras empresas de fóra de Galicia para tentar atraer proxectos e investimentos que se poidan implantar na nosa Comunidade Autónoma e que sexan creadores de tecido industrial e de postos de traballo.

Os orzamentos estrutúranse en torno á estratexia do IGAPE no marco 2021-2027 e á posta en marcha dos diferentes programas e plans de actuación, que integrarán medidas configuradas de xeito conxunto, nas bases reguladoras dos apoios xestionados polo instituto, xunto con instrumentos financeiros, servizos e novas actuacións, que terán en conta as directrices e

orientacións prioritarias en Europa, como a recuperación empresarial e a resiliencia a través da economía verde e a dixitalización.

Os plans de actuación do IGAPE materializan o compromiso coa resiliencia e reactivación da economía da nosa Comunidade e a mellora da competitividade das empresas galegas.

AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN - GAIN

No contexto da nova Política de Cohesión Comunitaria para o período 2021-2027, a Comisión Europea reforzou o papel que as estratexias de especialización intelixente rexionais deben desempeñar na súa política de cohesión, establecendo a boa gobernanza da RIS3 como condición favorecedora, necesaria para acceder e executar os fondos FEDER para a I+D+i correspondentes a Galicia. Esta condición ten que manterse vixente ao longo de todo o período de programación e enfócase en garantir unha gobernanza de calidade como factor chave para o éxito da estratexia.

En cumprimento da condición favorecedora da Comisión Europea e para seguir avanzando na especialización intelixente de Galicia, o 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia aprobou a RIS3 Galicia 2021-2027. Esta, por unha banda, cumpre coa condición favorecedora esixida pola Comisión Europea, e, por outra banda, é o marco estratéxico integral da política de I+D+i de Galicia ata 2027. Ante a complexidade do actual contexto, a RIS3 é unha estratexia de territorio para abordar os grandes retos de Galicia da próxima década desde a I+D+i, dirixida a transformar o modelo produtivo, crecer de forma sostible e crear postos de traballo de calidade e alto valor engadido.

Á súa vez, a RIS3 tamén constitúe o Plan Galego de Investigación e Innovación 2022-2024, respondendo ao mandato legal establecido na Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.

Neste contexto, a Axencia Galega de Innovación desenvolverá as seguintes actuacións:

- O impulso do Polo Aeroespacial de Galicia a través de diversas actuacións que se desenvolven no marco da iniciativa estratéxica coa denominación de Civil UAVs Initiative que persegue impulsar o crecemento económico e a cohesión de Galicia, a través do apoio a un novo sector de alta tecnoloxía.
- Rematado o primeiro período de execución da Civil UAVs Initiative no 2020, definiuse a nova Estratexia 2021-2025 a través de sete programas e ata trinta actuacións, dando resposta a novos retos e creando novos instrumentos de colaboración público-privada para impulsar o tecido industrial e de coñecemento galego no sector aeroespacial.

Neste novo período de programación prevese consolidar o investimento público-privado, contemplando todas as actuacións capaces de consolidar Galicia como un polo aeroespacial de referencia mundial no desenvolvemento e ensaio de aeronaves non tripuladas.

En concreto articularanse diferentes actuacións co obxectivo de:

- Reforzar as infraestruturas existentes en torno ao aeródromo de Rozas como o Centro de Investigación Aerotransportada (CIAR) e o Parque Industrial.
- Consolidar a industrialización de equipos e sistemas, fortalecendo así as capacidades tecnolóxicas do tecido empresarial galego.
- Apoiar a I+D+i especializada en vehículos non tripulados.
- Desenvolver solucións de interese tanto para o sector público como para o privado. No ámbito público perséguese mellorar na prestación de servizos da forma máis innovadora e eficiente posible.
- Impulsar procedementos de Compra Pública de Innnovación (CPI) para impulsar a I+D+i dende a demanda e favorecer a comercialización dos produtos e servizos desenvolvidos polas empresas do sector aeroespacial en Galicia.
- Apoio a novas iniciativas empresariais, relacionadas co sector aeroespacial, tanto de incubación como de aceleración, no marco da Businness Factory Aero.
- Realizar actividades de fomento das vocacións científico-tecnolóxicas destinadas aos máis novos, para orientalos a elixir carreiras e estudos STEM, relacionados co sector aeroespacial.
- Apoiar actuacións da Materioteca de Galicia, que é un espazo de difusión de materiais innovadores que combina unha exposición e arquivo de mostras clasificadas con servizos especializados para facilitar a transferencia de tecnoloxías de materiais ao tecido empresarial e estimular a innovación intersectorial.
- O fomento do investimento privado a través da xeración de alianzas estratéxicas con empresas tractoras que coinvistan coa Administración no desenvolvemento de grandes proxectos de I+D+i orientados á renovación do modelo produtivo de Galicia para consolidar un crecemento intelixente e sustentable da economía galega que permita acadar un novo modelo industrial sustentado na competitividade e no coñecemento e aumentar a intensidade tecnolóxica da estrutura industrial de Galicia. INDUSTRIA 4.0
- Desenvolvemento dun Programa orientado ao fomento da contratación de persoal dedicado a actividades de I+D+i (predoutorais, posdoutorais, doutoramento industrial e talento senior). E tamén a captación, retención e retorno do persoal investigador excelente (beneficiarios de axudas do ERC) mediante:
- A contratación por parte de GAIN do persoal investigador beneficiario dunha bolsa do "European Research Council". OPORTUNIUS.
- O fomento da excelencia: estimulando a participación nos programas do ERC de investigadores que amosen un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co conseguinte efecto tractor de fondos europeos. OPORTUNIUS

- O apoio á excelencia: impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que supere a fase primeira no proceso de avaliación das bolsas do programa ERC e que non recibira financiamento. Dotarase ao persoal investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto de cara a participación en convocatorias futuras do ERC.

- O apoio aos programas de aceleración de emprendemento innovador desde a fase inicial do nacemento empresarial, a través de servizos de formación, asesoramento e financiamento (Aceleradoras).
- O apoio ao programa de aceleración Galicia Avanza especializado na comercialización internacional da innovación, que persegue que solucións innovadoras galegas alcancen a presenza e/ou o fortalecemento no mercado exterior no menor tempo posible.
- Fondos de capital risco dirixidos a proxectos empresariais de marcado carácter innovador e de apoio en xeral, financiando investimentos en diferentes sectores (Fondo Galicia INNOVATECH_FICC e Galicia iniciativas emprendedoras_FICC).
- Reforzo da transferencia de resultados de I+D+i ao mercado como factor de competitividade. Desenvolvemento dun programa de actuacións orientadas á mellorar as estruturas, os procesos e as competencias dos profesionais de transferencia e investigadores para a efectividade da transferencia de resultados ao mercado e a súa valorización comercial. O apoio aos proxectos de investigación que se atopan nun estado de madurez tecnolóxica que xa superou a fase de investigación fundamental, pero requiren dun impulso que permita a validación da tecnoloxía e a posterior transferencia ó mercado dos resultados (Programa IGNICIA).
- As axudas para o financiamento dos custos de para o financiamento dos custos de implementación dos plans de innovación das empresas destinadas ao financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lles permitan sistematizar os procesos de innovación da empresa (INNOVAPEME+DESEÑAPEME).
- A dixitalización no marco das RIS3 é unha das grandes prioridades deste novo período. Neste contexto, a dinamización dos Hubs de innovación dixital (DIHs) para avanzar no noso modelo de especialización é un elemento chave. A través dos Hubs xéranse dinámicas de colaboración público-privada abertas que permiten aliñar máis eficientemente o coñecemento coas necesidades do tecido empresarial facilitando a integración das pemes nos procesos de I+D+i.
- Dentro deste contexto, unha boa ferramenta, para fomentar esas dinámicas de cooperación e avanzar na especialización e na consolidación dos Hubs de Innovación Dixital como elemento integrador do Sistema Galego de I+D+I, é o apoio a proxectos colaborativos no marco das áreas estratéxicas dos Hubs (Conecta Hubs e Conecta Covid).
- O fortalecemento de centros de xeración de coñecemento a través do financiamento dos seus gastos de estrutura tendo en conta en relación coa posta en valor das súas actividades de I+D, a súa capacidade de transferencia ao mercado, así como a captación de recursos

de I+D+I competitivos en programas nacionais e internacionais. (Contratos programa de centros tecnolóxicos e OPIS).

- A mobilización e atracción de capital privado para os procesos de innovación galegos a través das unidades mixtas de investigación que teñen como propósito o desenvolvemento de iniciativas de colaboración focalizadas nun contexto limitado de áreas de singularidade estratéxica para o conxunto da rexión mediante a creación de consorcios estratéxicos rexionais entre as universidades, os centros de innovación tecnolóxica e as empresas (Unidades mixtas).
- Consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación máis competitivas do Sistema galego de I+D+i mediante o apoio aos grupos de referencia competitiva, aos grupos con potencial de crecemento e a redes de investigación (Grupos de investigación).
- A participación en proxectos europeos de diferentes iniciativas (Interreg Europe e outros fondos europeos POCTEP ou Horizonte2020) co obxectivo de fortalecer a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación. e mellorar a excelencia científica no espazo de cooperación transfronteiriza de Galicia e Portugal e nas alíneas de investigación con potencial para seren máis competitiva internacionalmente.
- Xestión do Centro de Innovación e Servizos do Deseño e a Tecnoloxía e desenvolvemento das súas actividades de fomento da innovación nos eidos do Deseño, os materiais innovadores, a Industria Dixital baseadas na realidade virtual e na realidade aumentada, a Transferencia de Tecnoloxía, Cooperación Internacional para a I+D+i a Vixilancia Tecnolóxica, o emprendemento e o fomento das vocacións científico-tecnolóxicas.
- Apoio ás pequenas empresas en formación en innovación, xestión de proxectos, asesoramento, vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva.
- Desenvolvemento dun plan de accións de estudo, difusión, formación e implementación do deseño nas empresas, especialmente nas pemes, como instrumento de competitividade. Complementarase cun programa de axudas orientadas á contratación de servizos de deseño por parte de empresas, especialmente pemes, de todas as tipoloxías (gráfico, industrial, de produto, servicios, estratéxico, etc.) como ferramenta de competitividade. Programa de Deseño.
- Liña de rescate Neotec: o obxectivo é financiar a creación e posta en marcha de proxectos empresariais de pemes de recente creación, cuxa estratexia de negocio se basea no emprego e desenvolvemento de tecnoloxías ou coñecementos desenvolvidos a partir da actividade investigadora. En concreto, dáse cobertura aos primeiros anos do plan de negocio de proxectos que obtiveron unha puntuación elevada na convocatoria do ano 2020 do programa Neotec de CDTI, pero que non obtiveron financiamento do devandito organismo pola competitividade do programa e as limitacións orzamentarias do mesmo.
- Centros empresariais de investigación (MDI): instrumento de apoio á creación de centros empresariais de investigación científica para favorecer a investigación fundamental e industrial co fin de complementar as capacidades do ecosistema.

No marco do novo período de programación do FEDER 2021-2027, hai que destacar as seguintes novidades:

- Posta en marcha dun novo instrumento cun enfoque integral para poñer en marcha as Misións da RIS3. Trátase de proxectos transformadores e de impacto nas cadeas de valor estratéxicas definidas da RIS3, a través da colaboración e a transferencia entre os diferentes axentes do ecosistema de innovación galego.
- Posta en marcha dun Programa de fomento das sinerxías co Programa Marco de I+D+i europeo Horizonte Europa, que contempla apoios para impulsar as sinerxías e complementariedades con este, aproveitando mecanismos como poden ser, entre outros, o apoio á preparación de proxectos de calidade, mecanismos e rescate de proxectos excelentes (selo de excelencia) e o cofinanciamento de actuacións estratéxicas.
- Reforzo dun instrumento de fortalecemento das capacidades dos centros tecnolóxicos, mediante o financiamento de infraestruturas e equipamentos, que deben estar orientadas á mellora da súa excelencia investigadora e actividade innovadora, vinculados directamente á mellora da súa transferencia cara o tecido produtivo, especialmente pemes. Esta medida apoia a súa orientación estratéxica á mellora da excelencia investigadora a nivel internacional e á súa transferencia a nivel internacional.
- Os Instrumentos financeiros desenvolveranse a través do Fondo Galicia Innova Tech e Fondo Galicia Iniciativas Emprendedoras, baixo a forma de préstamo parcialmente reembolsable dirixido ao financiamento de proxectos de I+D+i de pemes innovadoras ou empresas de base tecnolóxica. O seu deseño axustará o máis posible o instrumento á súa demanda potencial.
- Desenvólvese un instrumento para apoiar as Unidades Mixtas de Investigación, enfocado a impulsar proxectos público-privados entre organismos de investigación e empresas. A partir dos bos resultados acadados no anterior período, no actual, este instrumento amplíase para cubrir todas as fases do desenvolvemento destas Unidades, cubrindo desde a súa creación e consolidación ata a creación de Centros mixtos de investigación.
- Refórzanse os apoios para grandes proxectos empresariais para o impulso das fábricas intelixentes e sostibles. Céntrase no desenvolvemento de proxectos de I+D+i empresariais centrados en tecnoloxías industriais innovadoras de carácter estratéxico.
- O instrumento Conecta PEME apoia a realización de proxectos de I+D+i en colaboración entre pemes e con grandes empresas.

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA - INEGA

As principais liñas de acción para o ano 2024 son as seguintes:

1. Plan de Eficiencia Enerxética nas familias:
   - Fomento do autoconsumo eléctrico.

- Impulso da xeración de calor e auga quente sanitaria a partir de sistemas altamente eficientes.
- Mellora da eficiencia enerxética nas vivendas
- Campañas de información e sensibilización á cidadanía.
- Mobilidade eficiente e sostible.

2. Fomento de axudas de aforro e eficiencia enerxética:
   - Impulso á mellora da competitividade das empresas pola vía do aforro e a eficiencia enerxética, mediante axudas dirixidas ás actividades económicas.
   - Impulso á mellora da competitividade das empresas do sector agropecuario, pola vía do aforro e a eficiencia enerxética.
   - Bono enerxía Peme: axudas en condicións vantaxosas para a mellora enerxética do sector servizos.
   - Xestión do Programa de axudas para actuacións de eficiencia enerxética no sector industrial dirixido a grandes proxectos.
   - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos a proxectos de descarbonización e renovación industrial de industrias tractoras da provincia da Coruña.
   - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos á mellora de polígonos industriais ecoeficientes na provincia da Coruña.
   - Fomento da planificación e o asesoramento enerxético.
3. Fomento do uso de fontes de enerxías renovables:
   - Axudas para intensificar a implantación de enerxías renovables na Comunidade Autónoma, focalizando a implantación das instalacións que permitan aos fogares e ás empresas o acceso ao autoconsumo eléctrico, á xeración distribuída a pequena escala e ao almacenamento enerxético.
   - Impulso á mellora da competitividade das empresas do sector agropecuario, mediante o incentivo ás enerxías renovables.
   - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos á fabricación de compoñentes para enerxía renovable e almacenamento, na provincia da Coruña.
   - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos á mellora de polígonos industriais ecoeficientes na provincia da Coruña.
   - Fomento para o desenvolvemento de Comunidades enerxéticas locais.
   - Apoio á instalación de equipamentos térmicos con biomasa e ás instalacións de xeración de calor a partir das tecnoloxías xeotérmica e aerotérmica.
   - Apoio á implantación de infraestruturas e tecnoloxías de almacenamento enerxético e identificación de oportunidades de desenvolvemento de proxectos de interese para a Comunidade Autónoma.
4. Programa de axudas de impulso á mobilidade eficiente e sostible:
   - Fomento da introdución de tecnoloxías de mobilidade eficientes e sostibles.

- Execución do programa MOVES III.

5. Actuacións en planificación e infraestruturas enerxéticas:
   - Promoción das actuacións contempladas na Axenda Enerxética de Galicia 2030.
   - Seguimento da planificación da rede de transporte de electricidade do Estado 2021-2026.
   - Fomento da creación do Corredor Verde Norte que permita dispoñer das infraestruturas necesarias nas principais vías de conexión terrestre que unen Galicia con Asturias e Castela e León para garantir o adecuado subministro enerxético ás alternativas de propulsión para a mobilidade e o transporte libres de emisións.
   - Elaboración do Balance enerxético de Galicia do 2022.
   - Recompilación de información da enerxía eléctrica xerada polas distintas centrais de produción de enerxía eléctrica en réxime especial existentes en Galicia (Sicapde).
   - Actualización da información xeorreferenciada (gráfica e alfanumérica) das infraestruturas enerxéticas da Comunidade Autónoma (Atlas Enerxético).
6. Tecnoloxías relacionadas co hidróxeno e outros gases de orixe renovable:
   - Fomento das actuacións contempladas na Estratexia do hidróxeno renovable de Galicia, actualmente en elaboración.
   - Fomento da implantación de tecnoloxías relacionadas co hidróxeno e outros gases de orixe renovable que permitan a descarbonización de procesos industriais.
7. Desenvolvemento das enerxías renovables mariñas:
   - Continuar coa labor do INEGA na función de Secretaría técnica do Observatorio da Eólica Mariña de Galicia.
   - Promoción e, no seu caso, tramitación, da solicitude dunha nova zona experimental para o ensaio de tecnoloxías relacionadas coa eólica mariña flotante.
   - Continuar co desenvolvemento de actividades para o impulso da actual zona experimental de enerxías mariñas (ondas, mareas e correntes) de Punta Langosteira.
8. Certificación enerxética de edificios:
   - Tramitación e resolución das solicitudes de inscrición no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.
   - Control técnico dos certificados de eficiencia enerxética dos edificios.
   - Desenvolvemento e actualización de novas funcionalidades na plataforma RGEEE que xestiona o Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios.
   - Participación como membro da Comisión Asesora e de Grupos de Traballo na materia.
   - Información xeral e técnica á cidadanía e aos axentes implicados na certificación enerxética dos edificios.
9. Actuacións de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables na administración pública autonómica:

- Xestión da Rede de enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA), constituída polas infraestruturas, medios e servizos necesarios para a xestión enerxética dos centros de consumo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Promoción da mellora do comportamento enerxético dos elementos técnicos e arquitectónicos nos centros sociais, educativos, sanitarios e administrativos, na procura de acadar unha diminución na factura enerxética da Xunta de Galicia a través de actuacións directas nestes edificios.
- Mellora da iluminación exterior de edificios singulares e históricos da Administración autonómica.

10. Proxectos europeos:
    - Seguimento e participación na implantación e desenvolvemento do Plan de recuperación para Europa a través da execución de actuacións no ámbito enerxético financiadas co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
    - Execución de actuacións financiadas co Fondo de Transición Xusta, cuxo obxectivo é apoiar aos territorios máis afectados pola transición á neutralidade climática e evitar o aumento das disparidades rexionais.
    - Execución de actuacións no ámbito enerxético financiadas ao abeiro do Programa Operativo FEDER 2021-2027.
    - Execución de actuacións no ámbito enerxético financiadas con FEADER ao abeiro do Plan Estratéxico da PAC 2023-2023.
    - Participación en novas propostas de proxectos de investigación relacionados co ámbito enerxético en programas europeos.
11. IV Feira da Enerxía de Galicia:
    - Coordinación e promoción para o desenvolvemento da Feira da Enerxía, co obxectivo de posicionar Galicia como punto de encontro de empresas e profesionais do sector enerxético.
12. Outras actuacións:
    - Asesoramento técnico á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
    - Participación na comisión de seguimento da execución dos proxectos de natureza industrial asociados ós parques eólicos adxudicatarios dentro das Ordes da convocatoria que regula a Lei 8/2009, do 22 de decembro.
    - Tramitación das competencias derivadas do Real Decreto 56/2016, do 12 de febreiro, relativo a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía. Este Real Decreto establece a obriga para as grandes empresas de realizar unha auditoría enerxética cada 4 anos e comunicarlla a Administración. No primeiro período de 4 anos recibíronse máis de 2.500 comunicacións de auditorías.
    - Desenvolvemento de proxectos pilotos e demostrativos.

- Xestión autonómica polo Inega do Sistema CAE, establecido polo Real Decreto 36/2023, do 24 de xaneiro.
- Ensaio de prototipos na zona experimental de enerxías mariñas de Punta Langosteira.

II.4. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

SODIGA GALICIA, SOCIEDADE DE CAPITAL RISCO

XESGALICIA, S.G.E.I.C., S.A.U. ten encomendada a xestión dos activos de SODIGA GALICIA, S.C.R., S.A. As liñas de actuación da Sociedade materializaranse en investimentos, mediante a toma de participación no capital e/ou a concesión de préstamos, xeralmente participativos, en empresas con alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios de recoñecida solvencia profesional, que leven a cabo proxectos ou actuacións que contribúan á dinamización da economía na Comunidade Autónoma.

Dentro de este marco, a política de inversión de SODIGA GALICIA centrarase no mantemento dunha carteira diversificada de participacións, cunha rotación axeitada nos investimentos.

XESGALICIA, SOCIEDADE XESTIÓN ENTIDADES DE CAPITAL RISCO, S.A.U.

A sociedade XESGALICIA xestiona entidades de capital risco e entidades de inversión de tipo pechado destinadas ao financiamento do desenvolvemento empresarial galego, materializado en forma de tomas de participación no capital e/ou a concesión de préstamos, xeralmente participativos.

En función da tipoloxía das empresas obxecto de investimento e dos seus proxectos investidores, establécense varias liñas de actuación, que se canalizan a través de distintos fondos ou sociedades xestionados:

- GALICIA COMPITE, FICC: Este fondo destínase ao apoio do tecido empresarial galego mediante a toma de participacións temporais no capital de empresas galegas, ou nas que os seus beneficios redunden directa ou indirectamente en Galicia, ou facilitando préstamos participativos ou ordinarios. Ademais, o fondo poderá investir noutras entidades de capital - risco.

  As súas principais liñas de actuación para o ano 2024 e seguintes, son:

  - Dar continuidade ao financiamento de operacións ao abeiro da denominada "Liña de Transformación", enfocada á transformación empresarial en Galicia, cunha dotación de 30 millóns de euros.

- Dar continuidade ao financiamento de novas operacións que permitan profundar na modernización do tecido produtivo galego a través da transformación dixital, a mobilidade sostible ou a transición ecolóxica, en liña cos obxectivos da Unión Europea, cunha dotación de 30 millóns de euros.
- De relevante importancia para o ano 2024 é a posta en marcha dun Fondo de investimento público-privado, no que se prevé unha aportación de ata 30 millóns de euros, que permitirá atraer outras aportacións de inversores públicos e privados estimadas en dez veces a aportación da Xunta de Galicia, cun foco de investimento en empresas que desenvolvan proxectos transformacionais nos ámbitos dos recursos naturais, sos-tibilidade e dixitalización, e nos sectores das enerxías renovables, novas fontes de enerxía, mobilidade sostible, industria verde a infraestrutura dixital

• GALICIA INNOVA TECH FICC: Este fondo destínase ao financiamento de investimentos en proxectos de marcado carácter innovador, con especial atención a proxectos que resulten da potencial valorización do coñecemento xerado polos diferentes axentes do sistema galego de I+D+i.
• GALICIA INICIATIVAS EMPRENDEDORAS, FICC: Este fondo oriéntase a proxectos empresariais en fase de semente-arranque, para o fomento do espírito emprendedor e apoio financeiro a iniciativas emprendedoras, así como para o financiamento da rede de aceleradoras públicas da Xunta de Galicia.
• SODIGA GALICIA, S.C.R., S.A. A actuación desta entidade cara os investimentos en empresas con alto potencial de crecemento, xestionadas por empresarios e empresarias de recoñecida solvencia profesional, que leven a cabo proxectos ou actuacións que contribúan á dinamización da economía en Galicia.
• ADIANTE 2000, F.C.R., en liquidación: este fondo orientábase ao financiamento de empresas necesitadas de apoio financeiro e de xestión e, tras unha intensa actividade como consecuencia da crise financeira iniciada a finais da primeira década deste século, actualmente encóntrase en fase de liquidación.

Na actual situación económica, cobran importancia as actuacións encamiñadas a mobilizar recursos para impulsar a recuperación da actividade económica e o emprego, así como o fomento dos principais sectores da economía galega, tendo en conta os obxectivos estratéxicos da Xunta de Galicia para o período 2022-2030.

SOCIEDADE GALICIA CALIDADE S.A.

Galicia Calidade SAU, no ano 2024 continúa no reto de ser a marca paraugas da economía galega.

Unha marca que debería ser un instrumento de promoción de todos os sectores económicos galegos.

As accións previstas desenvolveranse nos seguintes ámbitos:

- Institucional: Accións no ámbito da Administración galega para converter a marca Galicia Calidade no proxecto estratéxico do Goberno para a promoción e protección dos produtos e servizos de Galicia
- Empresarial. Actuacións destinadas a promover as relacións coas empresas galegas (socios e non socios) para incrementar os produtos adscritos a Galicia Calidade. Estas accións abriranse tamén a asociacións empresariais e clústers sectoriais.
- Promocional: Desenvolvemento de accións de promoción, de comunicación e reputación corporativa para impulsar o coñecemento da marca e a difusión dos produtos amparados baixo a marca para acceder a novos mercados.
  - Galicia Calidade SAU, realiza accións de promoción de marketing e publicidade da marca de garantía Galicia Calidade. Accións publicitarias consistentes en campañas en medios convencionais, redes sociais, presenza en feiras e eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional, así como diversas actuacións de comunicación noutros ámbitos.
  - Preténdese que Galicia Calidade se poida empregar sectorialmente como unha ferramenta para a mellora da calidade e de diferenciación nos mercados, que permita, a través da confianza no consumidor, mellorar a capacidade de comercialización de nosas empresas.
  - Paralelamente Galicia Calidade traballará para conseguir un número maior de empresas que queiran e poidan levar nos seus produtos a Marca de Garantía "Galicia Calidade" como unha maneira de conseguir unha maior promoción de Galicia e unha maior rendibilidade dos produtos.

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A.

Os obxectivos estratéxicos da sociedade no ano 2024 son os seguintes:

1. Converter Tecnópole en localización preferente para empresas tecnolóxicas con alta capacidade innovadora, xeradoras de emprego cualificado e con actividade de I+D+i. Para acadar este obxectivo desenvolveranse as seguintes liñas de acción:
   - Mellora e actualización da oferta de espazos para a situación dos diferentes perfís de empresas, facilitando os procesos de instalación.
     - Busca de opcións para lograr un incremento da oferta de niños. Busca de alternativas de espazos para empresas medianas que non poden dar o paso de ocupar un espazo propio.
   - Continuar co desenvolvemento dunha oferta de servizos atractiva e axeitada para empresas de perfil tecnolóxico e innovador que faciliten o seu lanzamento e consolidación.
     - Mellora da oferta de servizos baseada no concepto de centro de negocios que permita a evolución das empresas en estados temperáns.

    - Complemento de servizos coa carteira das empresas residentes neste, fomentando a contratación entre residentes.
    - Mellora nos servizos prestados tanto en servizos esenciais como enerxía limpa, residuos, viarios, beirarrúas e zonas axardinadas, así como nos servizos de telecomunicacións.
    - Avanzar na senda de redución da pegada de CO2 achegado.
    - Contribución aos ODS empresariais.
    - Contar cunha aceleradora de empresas.
    - Fortalecer a oferta do gabinete de técnicas do parque.
  - Promoción e venda do solo dispoñible e urbanizado na ampliación do Parque.
    - Busca activa de proxectos impulsados polos fondos NextGeneration.
  - Promoción do centro de cirurxía experimental (proxecto Tecmeva) e procura de colaboracións externas para o seu maior aproveitamento.
  - Promoción do laboratorio de biotecnoloxía.
  - Promoción dos locais en aluguer dos edificios Centro de Empresas e Innovación, Tecnópole I e Tecnópole II e do espazo de coworking.
  - Promoción da imaxe de Tecnópole para dala a coñecer en toda Galicia e fóra da nosa comunidade.
  - Atracción de eventos de referencia a Tecnópole.
  - Consolidación da imaxe de Tecnópole no novo modelo de cidade intelixente, incrementando as relacións do Parque coas infraestruturas que compoñen a contorna.
2. Fomentar a transferencia do coñecemento e da tecnoloxía, facendo de axente de enlace, colaborando cos socios de asociacións sectoriais e empresariais e outros foros, e fomentando a innovación aberta. Para este obxectivo no ano 2024 realizaranse distintas actividades e proxectos cos que se potenciará a Tecnópole como espazo de encontro entre o sistema público de I+D+i e o tecido privado:
  - Colaboración como axente do sistema galego de innovación na liña cos obxectivos marcados para Galicia na Estratexia de Especialización Intelixente.
  - No marco da RIS3, contribución á diversificación especializada a través do apoio aos descubrimentos emprendedores que repercutan na xeración de innovacións radicais.
  - Organización de eventos, xornadas, encontros empresariais, etc. que favorezan a interrelación empresarial e o contacto con outros axentes (universidade, administración, investidores).
  - Participación activa coa Asociación de Parques Científicos e Tecnolóxicos de España (APTE) e coa International Association of Science Parks and Areas of Innovation (IASP).
  - Participación activa no Clúster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (Bioga) e colaboración co grupo de traballo de Financiamento creado no Clúster.

- Participación activa en AMETIC, a Asociación Multisectorial de Empresas de Electrónica, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, das Telecomunicacións e dos Contidos Dixitais, formando parte en distintos grupos de traballo.
- Participación nos proxectos que xurdan das relacións cos diferentes foros e redes e que respondan aos obxectivos estratéxicos da Tecnópole.
- Promoción da plataforma posta en marcha pola APTE para a publicación de ofertas e demandas de colaboración científico-tecnolóxicas entre as empresas dos parques españois.

3. Favorecer a creación de empresas, o seu crecemento e consolidación, propiciar a creación de emprego, o desenvolvemento económico e crecemento empresarial na rexión. Para conseguir estes obxectivos formúlanse as seguintes actuacións no 2024:
   - Convocatoria para a asignación de espazos na preincubadora de proxectos empresariais para o ano 2024 en colaboración coa Universidade de Vigo.
   - Asesoramento especializado ás empresas e persoas emprendedoras usuarias das instalacións de Tecnópole e busca de novos servizos adaptados ás súas necesidades e que na medida do posible supoñan incremento de ingresos.
   - Colaboración xunto con IGAPE e AJE (Asociación do Jóvenes Empresarios) no desenvolvemento do polígono virtual posto en marcha en 2022 e con remate previsto en 2024, programa para ofertar servizos dixitais para a xestión nas PEMES galegas.
   - Outras actividades, proxectos ou programas piloto realizados baixo o amparo da Xunta de Galicia ou organismos dela dependentes, para desenvolver medidas contidas no Plan i2c.
   - Promoción de proxectos de colaboración empresarial dirixidos á mellora da competitividade empresarial a través de convocatorias públicas e participación activa da sociedade xestora nestes se fora posible.
4. Promover as vocacións científicas e o espírito emprendedor entre os galegos máis novos. Entre as actuacións previstas para o ano 2024 destacan as seguintes :
   - 19ª edición da Feira Galiciencia: tres días de exposición de proxectos científicos de estudantes de primaria, ESO, bacharelato e FP, obradoiros e espectáculos.
   - Aula Newton Galicia e campamento de verán Newton: actividades dirixidas a estudantes de 3º e 4º de ESO nas que se ofrece formación en ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas mediante dinámicas prácticas con acceso a equipos como simuladores de voo que lles permiten explorar, debater, reflexionar e colaborar nas materias STEM.
   - Aulas Tecnópole: desenvólvense de outubro a maio para estudantes de 1º e 2º ciclo da ESO e bacharelato tendo como resultado proxectos que nalgúns casos se presentarán a certames nacionais e internacionais.
   - Proxecto Ciencia e Tecnoloxía en Feminino, realizado de forma conxunta con outros parques tecnolóxicos de toda España co obxectivo principal de aumentar a elección entre o público feminino de carreiras científicas e tecnolóxicas no futuro. Comezouse a desenvolver no 2018.

5. Recepción de visitas guiadas á Tecnópole, principalmente procedentes do ámbito educativo e na súa maioría universitario e de formación profesional.
6. Desenvolver políticas medioambientais, fomentar o uso das enerxías renovables e o aforro enerxéticos, mediante as seguintes actividades:
   - Desenvolver o proxecto de comunidade enerxética empresarial a crear en Tecnópole
   - Organización de actividades de sensibilización: xornadas informativas e concursos.
   - Promoción do Centro de Experimentación de Enerxías Renovables.
   - Actuacións de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións xestionadas pola sociedade.
7. Desenvolvemento de medidas de apoio á internacionalización das empresas e da propia sociedade:
   - Programa Galicia Avanza: o convenio de colaboración entre GAIN, IGAPE e Tecnópole asinado en 2022 rematará no primeiro trimestre de 2024. Está prevista a sinatura dun novo convenio para o período 2024-2026. Esta aceleradora Galicia Avanza ten como obxectivo que solucións innovadoras de 60 pemes galegas de calquera ámbito ou sector poidan alcanzar presenza ou fortalecerse no exterior no menor tempo posible.
   - Desenvolvemento de xornadas, eventos e información periódica para o fomento dunha maior participación das empresas en convocatorias europeas.
   - Realización de informes sobre Horizonte Europa ás empresas que o soliciten: revisión dos proxectos e investimentos planificados pola empresa a curto e medio prazo, identificación de proxectos con potencial de conseguir financiamento europeo e información doutras vías de financiamento rexional e estatal.
   - Consultoría especializada en cuestións de internacionalización.
   - Acceso aos servizos como membros da asociación internacional de Parques, IASP, tales como acceso a expertos e informes, proxectos conxuntos, networking e visibilidade a nivel internacional.
8. Promoción e mantemento das instalacións deportivas do Parque Tecnolóxico de Galicia, e fomento do deporte. As accións necesarias para este obxectivo:
   - Execución de melloras nas infraestruturas existentes.
   - Promover actividades deportivas ao longo do ano nas instalacións.
   - Busca de colaboracións con institucións deportivas para ampliar o uso destas instalacións.
9. Mellora da comunicación e imaxe como mecanismo para a atracción de empresas e talento:
   - Mellora do contido e forma de distribución da newsletter do Parque.
   - Terminar a implementación da nova imaxe Tecnópole, así como da nova páxina web.
   - Reforzamento da presenza en redes sociais.
10. Actualización das infraestruturas de telecomunicacións e de servizos públicos dentro do recinto.

Integración da perspectiva de xénero:

Cada programa levará consigo medidas concretas para promover a igualdade entre homes e mulleres e prever a discriminación, estudando a situación inicial e avaliando as consecuencias e impacto das actuacións. Algúns exemplos do que se está a facer:

- A política de Responsabilidade Social Corporativa que practica a sociedade inclúe a flexibilidade de horarios e o teletraballo, nun cadro de persoal maioritariamente feminino.
- No recinto do Parque Tecnolóxico de Galicia hai unha escola infantil a disposición dos traballadores e traballadoras das empresas e centros instalados, cuestión que favorece a integración laboral das mulleres, tradicionalmente máis dedicadas ao coidado dos fillos.
- Dende 2018 desenvólvese o Proxecto Ciencia e Tecnoloxía en Feminino, co obxectivo principal de aumentar a elección entre o público feminino de carreiras científicas e tecnolóxicas.
- Os mozos e mozas que participan das actividades de divulgación científica reciben un obradoiro específico ao inicio no que se traballa o respecto e a relación de igualdade e se incentiva o coñecemento na investigación tecnolóxica das alumnas.
- As xornadas e actividades organizadas pola sociedade realízanse en horarios que permitan a conciliación familiar, evitando os horarios de tarde.
- En canto ao emprendemento partimos dunha situación discriminatoria xa que son moitas menos as iniciativas empresariais que xorden de mulleres segundo podemos constatar na propia Tecnópole, polo que todas as actuacións a levar a cabo neste ámbito de fomento do emprendemento incidirán en favorecer a igualdade. Un exemplo é dar máis protagonismo ás mulleres participando como relatoras en eventos.
- Exposición permanente sobre o papel das mulleres na ciencia ao longo da historia recente, situada no edificio principal de Tecnópole, coa finalidade de promover as vocacións científicas nas mozas.
- Nos procedementos de contratación incluiranse cláusulas sociais para fomentar as medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

II.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA

A Consellería de Economía, Industria e Innovación, segue apostando por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas realidades e considerando a artesanía como un valor territorial, patrimonial, cultural e económico que mestura os saberes dos oficios tradicionais coa creatividade, coa necesidade da dixitalización, coa innovación e coa implicación dos artesáns e artesás.

O plan de actuación previsto para o ano 2024 céntrase nos 4 eixes de actuación que responden ás demandas reais dun sector artesán que recolle un incremento cada vez máis acusado dunha nova xeración de artesáns e artesás.

1. ARTESANÍA = EMPRESA

Obxectivos xerais:

- Aposta pola comercialización no eido local, nacional e internacional e o seu posicionamento no mercado actual.
- Reformulación dos sistemas tradicionais de comercialización (presencia física e dixital) e estudo sobre as posibilidades que ofrecen novas formas como a asistencia a feiras especializadas on/offline, a introdución do produto artesán en accións de promoción de Galicia en colaboración con outras institucións, o pulo á realización de showrooms e pop up, a realización de feiras ou mostras de artesanía nas que se combine a promoción e a posta en valor dos oficios artesanais e a venda de produtos artesáns de alta calidade con outros elementos culturais (música, folclore, exposicións, talleres, gastronomía, etc.)

Accións previstas:

1.1. Corazón da Artesanía. XI Encontro da artesanía tradicional e popular de Galicia.

Dende a súa posta en marcha no 2012 é sen dúbida unha cita ineludible no calendario de eventos de interese artesanal de Galicia.

Obxectivos xerais do Encontro:

- Promocionar o sector artesanal e contribuír ao seu posicionamento no mercado actual. A artesanía é unha actividade cunha cota de mercado en crecemento e un sector de prestixio e de alto recoñecemento polo público.
- Recuperar un espazo de valor histórico como é o dos Pendellos de Agolada e dotalo novamente de contidos dinámicos liderado polo sector da artesanía.
- Consolidar este espazo de interrelación dos distintos eidos que conforman a nosa identidade e a posta en valor da nosa artesanía, a música e o baile tradicional ou a gastronomía, e proxectar unha imaxe integral e fiel da cultura tradicional e popular de Galicia no seu conxunto.
- Dinamizar e contribuír ao desenvolvemento económico, cultural, social e turístico desta área xeocéntrica de Galicia, ao tempo que se poñen en valor e se divulgan os seus atractivos turísticos e culturais.
- Fomentar a participación cidadá na cultura tradicional facendo fincapé entre os máis novos estimulando a conservación das nosas tradicións e contribuíndo a garantir a sustentabilidade deste sector.

1.2. Accións de promoción, venda e divulgación da marca Artesanía de Galicia en diferentes escenarios dentro e fóra da nosa Comunidade (on / offline), así como colaboración, asesoramento, divulgación e participación en diferentes actividades artesanais.

Obxectivos xerais: (on / offline)

- A artesanía está a ser considerada como un ben diferencial e cun gran potencial ligado a unha nova realidade e novos valores (consumo de experiencia, patrimonio, consumo Km 0, sostibilidade e baixa pegada ecolóxica, etc.).
- Ofrecer unha imaxe transversal e de calidade de Galicia (artesanía, gastronomía, patrimonio, cultura e turismo).
- Fortalecer as redes comerciais e a venda directa dirixida ao público en xeral con accións concretas dirixidas a posibles potenciais prescriptores da Artesanía de Galicia.

Accións previstas

- Organización do programa de pequenas feiras itinerantes onde, xunto á comercialización, organizamos e coordinamos un programa de obradoiros abertos e demostracións co obxectivo de amosar á sociedade o valor engadido da artesanía e o valor do produto feito a man en canto a súa creatividade, patrimonio cultural e tradición, destacando:
  - Artesanía de Galicia na Ribeira Sacra
  - Artesanía de Galicia no Courel
  - Summer Shop Artesanía de Galicia & D-due, Sanxenxo
  - Participación de Artesanía de Galicia en stands e proxectos institucionais de promoción nacionais.
  - Participación económica en feiras e eventos de comercialización organizados por outras entidades públicas e privadas.
  - Días Europeos da Artesanía.
  - Encontros de palilleiras e tecedoras.
  - Programa Facemos Marca. Medrando cos artesáns, para favorecer o achegamento da artesanía a futuros profesionais do sector.
  - Promoción, difusión e protección da marca Artesanía de Galicia.
  - Colaboración e apoio ás tendas da marca Artesanía de Galicia e busca de novas formas de comercialización.
  - Aposta pola difusión de Artesanía de Galicia como agasallo promocional.
  - Colaboracións, asesoramento e difusión en diferentes accións doutras consellerías da Xunta de Galicia e organismos privados.

1.3. Organización e colaboración en eventos para a recuperación de oficios en extinción.

O impulso á conservación dos oficios artesanais tradicionais forma parte da estratexia da Xunta de Galicia. A recuperación, o mantemento e a divulgación de profesións ancestrais constitúe unha ferramenta de dinamización social e de divulgación da nosa cultura, ademais de establecer referentes para os novos profesionais que se achegan ao sector artesanal galego.

Accións previstas

- XV Feira de Artesanía do Ferro de Riotorto, Riotorto (Lugo)
- XLIV Feira do Viño de Amandi. Olería de Gundivós, Sober (Lugo)

- X Encontro de Cacharreiros de Niñodaguia, Xunqueira de Espadañedo (Ourense)
- XXIV Encontro Internacional de Torneiros da Madeira, Xermade (Lugo)

1.4 Apoio e aposta á comercialización e internacionalización:

- Promoción da participación de artesáns e artesás galegos en Accións de comercialización de Artesanía de Galicia e en eventos de interese para o sector.

Accións previstas

- Formex Xaneiro
- Prospección do mercado internacional para estudar novas vías de comercialización e posibles accións a desenvolver no 2024.

2. PROFESIONALIZACIÓN, FORTALECEMENTO DO TECIDO PRODUTIVO ARTESÁN E MAIOR VISIBILIDADE DO SECTOR

Obxectivos xerais:

- Formación especializada para a continua profesionalización do sector e captación de novos talentos.
- Aposta pola divulgación e valoración dos oficios para unha maior visibilidade do produto feito a man.

Accións a desenvolver:

2.1. Programa de formación especializada para unha profesionalización continua dos profesionais da artesanía en técnicas, procesos e materiais e captación de novos talentos.

2.2 Programa de formación para contribuír ao relevo xeracional de oficios tradicionais.

2.2. Artesanía na escola

3. DIVULGACIÓN

Obxectivos xerais:

- Accións de promoción e publicidade da actualidade e realidade de Artesanía de Galicia.

Accións a desenvolver

3.1. Premios Artesanía de Galicia 2024

O obxectivo desta iniciativa é recoñecer a mellora continua no labor dos profesionais do sector artesán galego e contribuír ao seu desenvolvemento económico e promocional.

Distínguense 3 categorías:

- Premio Artesanía de Galicia 2024

  Dotado con 9.000 euros e trofeo acreditativo, premia a obra que representa as liñas desexadas para unha artesanía competitiva no mercado actual como son o deseño, a adaptación ou conservación das técnicas e valores tradicionais máis característicos da nosa artesanía, a incorporación ás tendencias actuais, a innovación, a boa presentación e a calidade da obra tanto nos seus materiais como no desenvolvemento desta.

- Premio Traxectoria 2024

  De carácter honorífico e dotado cun trofeo acreditativo, é o recoñecemento á traxectoria profesional consolidada dun/dunha artesán/á galego/a. O premio concédese tendo en conta as propostas dos obradoiros artesanais inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, asociacións profesionais de artesáns ou outros entes públicos e privados que manteñan relación coa artesanía de Galicia, encargadas de facer a presentación das candidaturas. Valórase a traxectoria recoñecida do/a candidato/a, a súa contribución, posta en valor e promoción da artesanía galega, a calidade dos seus traballos realizados e o compromiso coa divulgación e transmisión pedagóxica dos principais valores positivos no eido da nosa artesanía, o labor de posta en valor do traballo artesanal ao longo da súa vida profesional premiando a súa experiencia.
- Bolsa Eloy Gesto 2024

  Dotada con 4.000 euros e diploma acreditativo. Premia a candidatura que presenta unha proposta para a súa formación nun centro de referencia no eido da artesanía e o deseño. Valórase o carácter innovador do proxecto, a transferencia de coñecemento que se pretende acadar con esa formación, a incorporación das novas tecnoloxías, o curriculum da persoa candidata e a potencialidade de incorporación desta formación para a elaboración dun produto artesanal innovador.

3.2. Revista Obradoiro de Artesanía 2024

Coordinación da edición anual do número 22 da revista Obradoiro de Artesanía. Escaparate da ampla diversidade e riqueza do produto artesán galego, ao tempo que establece unha canle de comunicación do sector coas diferentes liñas de actuación do goberno galego en materia de artesanía, así como unha plataforma de encontro entre a artesanía e outros sectores de interese coma o turismo, a arte, a moda, a arquitectura ou a educación.

3.3. Publicacións especializadas e RRSS

A Fundación elabora periodicamente dossieres, información puntual de obradoiros e dos seus produtos, realiza o seguimento de medios, envío de mailing con información actualizada e utiliza as RRSS (Facebook, Pinterest, Instagram e Twitter) para a promoción da artesanía e os obradoiros galegos en medios nacionais e internacionais.

A Fundación coordina, promove e difunde a través das RRSS diferentes actuacións de interese para o sector.

- Identificación de puntos de información e consulta sobre instrumentos e axudas ás empresas.
- Programas de apoio ao crecemento: apoio financeiro, asesoramento en acceso a novos mercados e asesoramento empresarial.
- Difusión de titoriais online.
- Accións de comunicación específica dirixidas a fomentar a cultura exportadora.
- Sesións informativas sobre posibilidades de financiamento.
- Formación para a mellora do deseño web.

- Difusión, publicación e novidades de interese para o sector.
- Difusión de casos de éxito na colaboración.

4. ARTESANÍA INNOVADORA E COLABORATIVA

Obxectivos xerais:

- Innovación, deseño e creatividade como aposta de modernización do sector.
- Sinerxias e pulo a cooperación intra e intersectorial para a creación de novos nichos de mercado para a artesanía. (contract, moda, construción, gastronomía, decoración, ...)

Accións a desenvolver

4.1 Accións Artesanía e Industria motivados pola demanda crecente pola industria de obxectos únicos e exclusivos para incluílos nos seus produtos como sinais de calidade, diferenciación de produto ou vangarda (contract, moda, gastronomía, decoración e outros sectores)

Realización de accións de difusión do valor da incorporación da artesanía en relación con elementos como a calidade, a autenticidade e a exclusividade (valores cada vez máis demandados e valorados por un determinado perfil de clientes) como elemento diferencial que outros sectores poden incorporar facilmente en certas liñas da súa produción (liñas gourmet, liñas exclusivas, arquitectura, etc.).

4.2 Accións Artesanía e sustentabilidade, identificadas cos novos hábitos de consumo de produtos responsables, respectuosos, ecolóxicos, slowmade e comercio de proximidade son "o espazo natural" da artesanía. A valoración do uso de materiais sostibles e intelixentes son un factor de innovación do sector.

4.3. Accións de colaboración con Escolas de Arte e Superiores de Deseño, Universidades e deseñadores/as profesionais.

A Fundación continuará traballando nestas accións co fin de crear vínculos entre o alumnado, deseñadores profesionais e obradoiros artesanais durante o exercicio 2024.

Perspectiva de xénero:

A Fundación Pública Artesanía de Galicia dirixe as súas actuacións ao desenvolvemento e promoción do sector artesán. Estas medidas benefician por igual a mulleres e homes, xa que están dirixidas ás artesás e aos artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía da Xunta de Galicia.

En todas as actuacións da Fundación, as mulleres e os homes están no mesmo punto de partida para acceder ás actividades e aos proxectos que leva a cabo: cursos de formación, participación en feiras de carácter internacional e autonómico, colaboración en campañas de promoción da marca Artesanía de Galicia, difusión de oficios artesanais entre os escolares, etc.

As mulleres e os homes son beneficiarios en igualdade das iniciativas que pon en marcha a Fundación. Os criterios de selección son os vinculados á artesanía, como é o caso de ter o obradoiro rexistrado no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, o propiedade da Xunta de Galicia.

FUNDACION CENTRO DE SUPERCOMPUTACION DE GALICIA - CESGA

No ano 2024 o CESGA desenvolverá as seguintes liñas de actuación:

- Consolidar a infraestrutura de Computación de Altas Prestacións e servizos de calidade:
  - Supercomputador Finisterrae III. Optimizar a oferta de supercomputación do centro e atraer novos proxectos de I+D+I e posicionar ó CESGA como un dos máis importantes centros de competencias en Computación de Altas Prestacións a nivel Europeo.
  - Sistema Permanente de Datos. Atraer proxectos estratéxicos de datos científicos, consolidando o centro entre os nodos de datos mais importantes dentro da Rede Española de Supercomputación.
  - Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia (RECETGA). Incrementar a capacidade da rede ampliando a velocidade dos circuítos principais a 100 Xbps entre os nodos principais e estender a fibra óptica a Centros Tecnolóxicos.
  - Lograr a excelencia en servizos computacionais e de comunicación de alto rendemento.
- Consolidar a investigación e innovación en tecnoloxías cuánticas:
  - Desenvolver as actividades do Polo de Tecnoloxías Cuánticas de Galicia
  - Despregar un dos primeiros computadores cuánticos do Estado
  - Despregar unha infraestrutura de comunicacións cifradas con intercambio de claves cuánticas, sobre un circuíto de fibra óptica de media distancia.
  - Consolidar persoal de alta cualificación para proxectos de I+D+I relacionados coa computación e as comunicacións cuánticas.
- Fortalecer as capacidades de investigación do CESGA
  - Captar persoal de alta cualificación para proxectos de I+D+I relacionados coas áreas estratéxicas do Centro
  - Impulsar os proxectos de investigación forte presenza na industria que requiran grandes capacidades de computación, mediante colaboración e cooperación.
  - Priorizar proxectos de investigación de alto impacto en colaboración con outras entidades públicas e privadas.
  - Aumentar a calidade dos proxectos con entidades públicas e coas principais industrias de Galicia.
  - Fomentar a internacionalización do ecosistema galego a través de acordos de colaboración entre CESGA, empresas internacionais e entidades galegas públicas e privadas.
  - Fomentar a excelencia co obxectivo de gañar relevancia e visibilidade internacionais.

- Fomentar a computación de altas prestacións nas PEMES a través de proxectos en colaboración.
- Acadar unha forte especialización nas actividades de investigación en ciencias computacionais aplicadas.
- Impulsar a investigación en Ciencia Computacional
- Lograr a excelencia en servizos computacionais e de comunicación de alto rendemento.
- Modernizar a operatividade do CESGA mediante a mellora da calidade e as certificacións oficiais.

• Fortalecemento de outras capacidades do centro:
  - Impulsar actividades asociadas á capacitación do persoal.
  - Incrementar o nivel de participación en actividades de investigación, en colaboración con outras entidades.
  - Manter un conxunto competitivo e actualizado de servizos de alta calidade.
  - Incrementar a calidade das colaboracións e actividades internacionais.
  - Aumentar a calidade dos proxectos presentados e captados polo CESGA en convocatorias europeas e internacionais.
  - Fomentar a mobilidade internacional de investigadores e técnicos.
  - Fortalecer a relación con entidades similares ao CESGA a nivel internacional.
  - Posta en marcha do novo Plan Estratéxico
  - Mellorar a seguridade do centro a través a norma ISO 27001.
  - Acrecentar a sustentabilidade do centro e proseguir na mellora da eficiencia enerxética.
  - Incrementar a transferencia de coñecemento e difusión das actividades do centro.
  - Despregamento do III Plan de Igualdade do CESGA (2022-2025).
  - Modernizar as ferramentas de xestión internas.

FUNDACION DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA

Para o ano 2024 a Fundación Exposicións e Congresos A Estrada prevé a realización das seguintes feiras e celebración de eventos co obxectivo de ocupar o maior número de días do calendario anual, así como comercialización de todos os nosos espazos:

- 36º Feira do Moble de Galicia.
- 12ª Feira de Oportunidades de Comercio.
- 8º Salón do Vehículo de Ocasión.
- 66º Feira de Antigüidades (Marzo), 67º Feira de Antigüidades (Maio) e 68º Feira de Antigüidades (Decembro).
- 4ª Feira Multisectorial ExpoEstrada

- 11º Salón Motor Classic.
- Aluguer das Instalacións para a organización de distintos eventos.
- Realización de actividades culturais e deportivas nas instalacións.
- Convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a impartición do Ciclo de Formación Reglada da Madeira.
- Convenio coa Xunta de Galicia para a realización de actividades de promoción comercial.
- Convenio co Concello da Estrada para a realización de diversas actividades no recinto (tenis, karate, xudo, Festival de baile tradicional Tequexetéldere)
- Organización de Talleres e Xornadas Técnicas para o sector empresarial e público en xeral.
- Dinamización sociocomunitaria con diversos colectivos : amas de casa, mulleres rurais, terceira idade, persoas con discapacidade, etc.
- Aluguer das oficinas que albergan o Viveiro de Empresas.

Perspectiva de xénero:

Tendo en conta que mulleres e homes, estamos a compartir un mesmo contorno social, económico, político e cultural, a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, contempla o deseño e execución de todos os seus programas de actuación, tendo en conta a promoción da igualdade de xénero e de oportunidades entre ambos colectivos, non existindo discriminación nin prevalencia dun sobre doutro.

A entidade considera prioritaria a corresponsabilidade entre os xéneros, sabedores de que, existe un ritmo diferente entre a incorporación do colectivo masculino ó espazo privado e do feminino ó espazo público.

A entidade, trata de limitar, na medida das súas posibilidades, os roles sexuais, tratando en cada evento de integrar as capacidades e intereses de todos e todas.

Os eventos (basicamente certames de promoción económica), están dirixidos a cubrir as necesidades e intereses detectados na cidadanía, promocionando e fomentando en cada un deles a promoción integral de ambos xéneros en igualdade de condicións.

A execución de certames da entidade, promoven a transversalidade de xénero tanto entre os nosos clientes como os nosos usuarios (visitantes fundamentalmente).

Recentemente, sendo coñecedores das desigualdades existentes, estanse a executar programas específicos de promoción do sector feminino (Feira de Labores e encontros de palilleiras), fomentando en todo caso a non discriminando por elo a do colectivo masculino.

Todos os programas financiados dende a Fundación, con cargo aos orzamentos públicos, inciden directa e indirectamente no colectivo de empresarios/as, emprendedores e visitantes. Igualmente e neste senso, os certames xeran un importante impacto socioeconómico no entorno inmediato.

Os certames deseñados, están destinados indistintamente aos diferentes colectivos, sen priorizar ningún deles fronte ós demais (homes, mulleres, discapacitados, etc...).

En ningún dos nosos certames de promoción económica, se contempla a existencia de estereotipos de xénero que limite a participación activa de ningún tipo de colectivo. En todo caso, a participación, é un fiel reflexo da sociedade.

Obxectivos en materia de igualdade de xénero:

- Fomentar a participación de mulleres e homes en igualdade de oportunidades.
- Limitar os roles sexuais así como, os estereotipos que impiden a transversalidade de xénero.
- Promocionar as actividades socioeconómicas en igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Incitar á participación activa das mulleres nos diferentes ámbitos sociais e como axentes activos e dinamizadores do desenvolvemento rural.

Conclusión: Os programas executados dende a entidade, son de dobre índole: Programas que financian actuacións que inciden directamente sobre as mulleres e programas que financian gastos xerais en bens e servizos accesibles a toda a poboación.

FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO

O obxectivo da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para o vindeiro ano 2024 é seguir reforzando a recuperación do desenvolvemento dos diversos sectores estratéxicos produtivos galegos a través de realización de eventos comerciais profesionais ou empresariais para lograr unha dinamización económica que permita volver aos niveis de crecemento económico, de máis oferta de emprego e de mellor calidade e cunha base nunha modernización e aumento do tecido produtivo que xere unha maior competitividade e sustentabilidade.

Para acadar ditos obxectivos están previstos a realización de 14 eventos coas seguintes características:

- Exposición Nacional e Internacional Canina Este salón que albergará unha espazo dedicada ao concurso morfolóxico canino así como unha zona para a exposición de artigos e servizos relacionados co mundo canino.
- Feira de Multisectorial de Lugo, de carácter público xeral, con periodicidade anual e dirixidas comerciantes pertences a calquera sector empresarial.
- Salón da Cervexa de Lugo
- XVII edición do Salonauto Lugo, salón do automóbil e industria auxiliar
- XVII edición de Motorocasión, salón do vehículo usado e de ocasión.
- XIII edición de ExpoVerbena, evento no que ten lugar a presentación dunha gran variedade de orquestras que estarán presentes nos multitudinarios festexos de Galicia.
- XVII edición Equigal , Salón Internacional do Cabalo de Galicia que consta da VI edición de Concurso Nacional de Salto de Obtáculos e XVI Concurso Morfolóxico de Cabalos e Eguas de Pura Raza Española
- Super campamento verán Lugo. Campamento urbano para nenos de 4 a 12 anos.
- VI edición Caudal Fest. É un festival que ten lugar na época estival no parque do Pazo de Feiras e Congresos de Lugo que ofrece unha gran variedade de artistas de distintos estilos musicais con recoñecemento nacional e internacional.
- XXVI edición de Expolugo A Rural, que alberga un mercado gandeiro, agroalimentario, de artesanía e de maquinaria agrícola.
- XI edición de Caroutlet, Esta mostra albergará unha exposición de máis de 400 vehículos: coches, motos, quads, revistas especializadas, financeiras, seguros, seguros, etc.
- IV Feira das distribuidoras Lucenses. Este salón está dirixido a todas as empresas lucenses interesadas en dar a coñecer os seus produtos
- V edición de EXPOBEC Lugo, salón de vodas e celebracións, que reunirá as tendencias e novidades en vodas, comunións e outras celebracións (bautizos, aniversarios,...).
- XXVI edición de Xuvenlugo, salón do Ocio, de carácter lúdico, deportivo e cultural.

Este programa de actividades publicarase na páxina web e levarase a cabo unha campaña de promoción feiral para o reforzo das mesmas.

A duración destes eventos é de tres ou catro días e nove días de montaxe e desmontaxe, con excepción de Xuvenlugo que dura aproximadamente sobre vinte días e o campamento de verán que ten unha duración de dous meses e dúas semanas.

Coa realización de feiras comerciais de carácter profesional ou empresarial, a Fundación ten o obxectivo de potenciar o desenvolvemento dos diversos sectores produtivos galegos para lograr unha dinamización económica cun maior crecemento e un aumento do emprego de calidade, acadar unha maior competitividade mediante un impulso da economía, e todo iso acompañado de unha maior cohesión social, benestar e calidade de vida.

As feiras é un dos instrumentos más efectivos de mercado que ten como finalidade incrementar as oportunidades de negocio e a cota de mercado e mellorar a competitividade dunha empresa, aproveitando ao máximo os contactos que esta adquire cos diferentes públicos, á vez que é unha actividade empresarial. É unha inversión na que se canalizan todas as accións de comunicación, relacións públicas, promoción e imaxe que a empresa realiza. Nun espazo curto de tempo, estas accións se intensifican a un maior ritmo e en presenza dun numeroso público, logrando chegar dunha soa vez tanto a clientes actuais como potenciais, competencia, prensa e incluso ao entorno político, cun aforro importante en custos. Estes encontros tamén se rentabilizan en aprendizaxe, innovación, produtividade, establecemento de alianzas, compartir coñecementos e ideas, creación de valor engadido e un mellor desenvolvemento do networking.

Por outra banda, seguirase realizando o máximo esforzo para ir albergando unha número similar de eventos de diversa índole ao dos anos anteriores ao 2020, enfocados a reactivar a nosa economía: cursos de formación de desempregados dirixidos a formación e especialización en sectores estratéxicos galegos, congresos e xornadas, encontros entre emprendedores, grupo de compras, etc, así como outros de carácter deportivo e cultural: concertos, galas, encontros deportivos, exposicións, representacións teatrais, etc.

FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE

OBXETIVO XERAL

A Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, ten como obxectivos a promoción de actividades comerciais, industriais, agroindustriais, sociais, educativas, deportivas, e todas aquelas que potencien o desenvolvemento destes sectores na Comunidade Galega e, en especial, da provincia de Ourense.

APOSTA POLA INTERNACIONALIZACIÓN

En canto á internacionalización fíxase como obxectivo o apoio ás empresas nesta materia e na proxección da súa capacidade innovadora, así como no apoio ós autónomos e ás microempresas na busca de novos clientes e mercados. Dada a experiencia adquirida no contexto pandémico de hai uns anos, séguese a manter accións de carácter híbrido (mix de presencial e dixital) que permitan manter a presencia e contacto con potenciais clientes estranxeiros mediante medios telemáticos.

LABOR SOCIAL

En relación ó labor social que ven desenvolvendo a Fundación dende hai anos, estudaranse novos acordos de colaboración con asociacións ou organizadores que traballen a favor da sociedade dende diferentes ámbitos.

LIÑAS DE TRABALLO

Derivado da instalación da pista de atletismo, e do convenio coa Secretaría Xeral para o Deporte que regula o uso deportivo da mesma, durante os catro meses de inverno levaranse a cabo múltiples actividades deportivas compaxinándoo coa xestión feiral por parte da Fundación. Polo tanto entre os obxectivos para 2024 encóntrase apostar pola comercialización das salas de actos, e incidir en actividades formativas, adaptándonos á infraestrutura dispoñible, así como redeseñar proxectos que poidan complementarse coa ampliación das instalacións levada a cabo durante o ano 2020 que supón un incremento de 400 m2 do espazo expositivo.

Expourense para o ano 2024 ten previsto a realización das feiras que se relatan a continuación. Todas elas son eixos que definen a vida socioeconómica da provincia, nichos de mercado singulares que teñen neste recinto feiral o seu oco e a súa posibilidade de promoción, algunhas a nivel internacional:

FEIRAS:

- 17ª Edición: Previsel "Salón da Prevención e Seguridade Laboral"
- 1ª Edición: Mercado Transfronteirizo
- 2ª Edición: Salón de Vehículos clásicos
- 6ª Edición: Salón do Automóbil- Car Outlet
- 12ª Edición: Funergal "Feira Internacional de Produtos e Servizos Funerarios"
- 22ª Edición: Termatalia "Feira Internacional del Turismo Termal"
- 15ª Edición: Salón do Automóbil-Vehículo novo
- 15ª Edición: Salón do Automóbil- Vehículo de ocasión
- 25ª Edición: Xantar "Salón Internacional de Turismo Gastronómico"
- 7ª Edición: Sportur Galicia " Feira do Deporte e Turismo Activo"
- 8ª Edición: Antiq Auria " Feira Internacional de Antigüidades"

ACTIVIDADES PARALELAS:

- Symposium Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética.
- Cursos formativos AFD

- V Congreso Internacional sobre Auga e Saúde dentro da feira Termatalia, e que contará con expertos a nivel internacional.
- V Congreso Internacional de Turismo deportivo no marco da feira Sportur Galicia.
- Inspiro- II Encontro Interxeneracional entro o tecido empresarial e o ámbito formativo.

ACTIVADE DEPORTIVA:

- XVIII Copa Xunta de Galicia de Clubes en Pista Cubierta
- IV Control Pista Cuberta S.G. Pontevedra – C.A. Sada
- XXXVIII Campionato Xunta de Galicia Absoluto e Cto. Xunta de Galicia Sub 23 en Pista Cuberta
- XXVIII Campionato Xunta de Galicia Absoluto e Cto. Xunta de Galicia Sub 23 de probas combinadas en Pista Cuberta
- XVI Campionato Xunta de Galicia Sub10-Sub12-Sub14 en Pista Cuberta
- XXXIV Campionato Xunta de Galicia Máster en Pista Cuberta e Probas Combinadas
- Campionato de España Absoluto Pista Cubierta
- XLVI Campionato Xunta de Galicia Sub20
- LXVI Campionato Xunta de Galicia Sub18
- XXXVI Campionato Xunta de Galicia Sub16
- V Copa Xunta de Galicia Clubes Máster de Pista Cuberta
- Campionatos de Galegos de Hockey Sala (masculino – feminino)
- Campionato Provincial de Xadrez Escolar
- Copa Galicia Bádminton
- Competición Intercentros Bádminton Provincia Ourense
- Rallye de Ourense

Durante o 2024 traballarase nestes eixos:

- Incrementar a rendibilidade do recinto a través do aluguer das nosas instalacións.
- Incrementar a actividade deportiva co máximo rendemento da pista de atletismo.
- Potenciar o valor diferenciador dos nosos espazos para poder ser máis competitivos.
- Posicionar o recinto dentro das empresas organizadoras de eventos.
- Establecer convenios de colaboración con institucións tanto nacionais como internacionais que nos permitan seguir incrementando o labor de internacionalización.
- Fidelización de clientes.
- Traballar na mellora do noso posicionamento a través das redes sociais.
- Estudar a viabilidade de novos proxectos feirais que nos permitan substituír outros que xa non son tan rendibles.

- Revisión de taxas, tanto de aluguer de instalacións como de comercialización das feiras, redeseñándoas, co ánimo de animar á contratación de espazos.
- Consolidarnos como recinto feiral de referencia dentro da comunidade de Galicia.
- Internacionalización, Calidade, Innovación, Emprendemento e Formación, serán os eixos principais nos que se incidirá.

FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DE A CORUÑA

A Fundación ten aprobado un plan estratéxico para os vindeiros anos (2023-2028) aprobado polo padroado con catro eixes estratéxicos, nos que desenvolver as súas liñas de actuación:

- Crecemento do ingreso.

  Para a consecución deste eixe, se realizaran accións nas seguintes liñas de actuación:
  - Abrir novas liñas de negocio.
  - Incrementar a actividade MICE.
  - Desenvolvemento de feiras e eventos propios.
  - Segmentación e potenciación da comercialización.
  - Actualización de prezos e servizos.

- Fortaleza Financeira.

  Para a consecución deste eixe, se realizaran accións nas seguintes liñas de actuación:
  - Novo modelo de conta de resultados.
  - Incorporar KPI específicos para o análise de eventos.
  - Análise de riscos.
  - Optimización dos custos.
  - Planificación das inversións a medio e longo prazo.

- Optimización Operacional.

  Para a consecución deste eixe, se realizaran accións nas seguintes liñas de actuación:
  - Dimensionar as equipas de traballo.
  - Desenvolvemento de protocolos operativos.
  - Acordos estratéxicos.
  - Automatización e externalización de procesos non críticos.
  - Control e seguridade.

- Potenciación Produto

  Para a consecución deste eixe, se realizaran accións nas seguintes liñas de actuación:

  - Creación de calendarios de mantemento.
  - Actuación preventiva
  - Comunicación e marketing, posición amento de marca.
  - Aproveitamento dos espazos.
  - Innovación experiencia.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACION, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxecto atender a un conxunto de prioridades que se agrupan en tres grandes retos para o 2024:

- Reto 1. Modelo de xestión dos recursos naturais e culturais baseado na innovación.
- Reto 2. Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento.
- Reto 3. Modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación.

Á hora de concretar como abordar os tres retos, os axentes do ecosistema de innovación acordaron enfocar cada un deles desde tres aspectos transversais comúns. Estes aspectos constitúen as prioridades da RIS3 e a través delas canalízanse os recursos e esforzos dirixidos a cada reto.

- a sostibilidade como eixo diferenciador
- a dixitalización como elemento facilitador
- o enfoque cara ás persoas, na procura, desenvolvemento e testeo de novas solucións de innovación en resposta aos desafíos da sociedade galega.

As prioridades, polo seu carácter horizontal, teñen incidencia en todas as cadeas de valor e favorecen a colaboración entre sectores e as diferentes áreas de coñecemento e tecnolóxicas, constituíndo unha oportunidade de desenvolver novas cadeas de valor e novos mercados. Asemade, están plenamente aliñadas coas prioridades da Unión Europea e o Estado español.

Para precisar de forma máis detallada como cada prioridade aborda os tres retos, a RIS3 selecciona unha serie de temáticas máis delimitadas, denominadas ámbitos de priorización, que concretan e detallan o perfil de especialización para Galicia e nos que se focalizan os investimentos e esforzos da estratexia.

Prioridade 1: Sostibilidade

Desenvolver e aplicar as diferentes solucións científico-tecnolóxicas e de innovación para avanzar na descarbonización das cadeas de valor, a sostibilidade dos recursos naturais (terra e mar) e patrimoniais de Galicia, xerando ademais oportunidades para a diversificación cara a

produtos sostibles, competitivos internacionalmente e que melloren o benestar das persoas. Os principais ámbitos de priorización para a especialización galega vinculados á sostibilidade son:

- Biocombustible e enerxías renovables
- Biotecnoloxía agraria, mariña, industrial e ecolóxica
- Construción sostible
- Economía circular e simbiose industrial
- Descarbonización das cadeas de valor
- Desenvolvemento de téxtiles sostibles
- Eficiencia enerxética en procesos produtivos, en construción e en mobilidade
- Materias primas, produtos, envases e embalaxes máis sostibles na cadea de valor alimentaria
- Mellora, preservación, xestión sostible e posta en valor da biodiversidade
- Mobilidade urbana e rural
- Turismo e patrimonio cultural sostible

Prioridade 2: Dixitalización

Apoiar a dixitalización (desenvolvemento e/ou incorporación de tecnoloxías) para impulsar o modelo industrial galego, a xestión e prestación de servizos sanitarios e sociais de calidade, así como a xestión de recursos naturais e culturais, como panca para a transformación resiliente de Galicia.

Os principais ámbitos de priorización para a especialización galega vinculados á dixitalización son:

- Administración pública dixital
- Desenvolvemento de competencias dixitais e educación dixital
- Desenvolvemento de propostas de valor arredor dos recursos naturais, patrimoniais, culturais e turísticos
- Fabricación avanzada e intelixente
- Soberanía tecnolóxica (desenvolvemento de coñecemento, tecnoloxías e aplicacións innovadoras propias)
- Redes intelixentes, flexibilidade e almacenamento enerxético
- Saúde dixital
- Tecnificación e dixitalización do sector primario (agricultura, gandería e forestal, pesca e acuicultura) e da industria mineira
- Xerontotecnoloxías

Prioridade 3: Enfoque cara as persoas

Orientar os esforzos en I+D+i cara ás necesidades e ao benestar das persoas, e a consolidación de Galicia como unha contorna de referencia mundial para o desenvolvemento e testeo de novas oportunidades e solucións innovadoras dirixidos a elas. Os principais ámbitos de priorización neste contexto son os que se recollen a continuación:

- Alimentación humana segura, saudable e funcional
- Deporte, para a promoción da autonomía persoal e mellora da calidade de vida
- Desenvolvemento de téxtiles intelixentes para a saúde e o deporte
- Medicina de prevención, rexenerativa e de precisión• Novas solucións de hábitat e modelos de convivencia
- Saúde animal: veterinaria e alimentación de precisión
- Economía prateada e dos coidados
- Turismo saudable baseado nos recursos naturais
- Investigación básica de excelencia e na fronteira do coñecemento

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O Sistema Galego de Innovación está integrado por tres subsistemas:

a) Subsistema de xeración e difusión de coñecemento: Composto por Universidades, Organizacións Públicas de Investigación (OPIs e Grupos de Investigación ligados aos Centros Hospitalarios) e as Organizacións Intermedias de Tecnoloxía, como poden ser os Centros Tecnolóxicos, Parques Tecnolóxicos, Viveiros e Asociacións Empresariais, incluídos as Plataformas e os Clúster.
b) Subsistema de explotación do coñecemento ou estrutura de produción rexional: Composto maioritariamente de empresas, especialmente das que mostran características sistémicas.
c) Subsistema ou infraestrutura de apoio rexional, no que actuarían as organizacións gobernamentais e as axencias de desenvolvemento rexional.
d) A cidadanía como beneficiaria da innovación social.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Nos últimos anos, foise afianzando unha traxectoria de políticas de innovación desenvoltas dende a Xunta de Galicia que propiciaron o fortalecemento e cohesión dun Sistema Galego de Innovación composto por un conxunto de axentes que conforman unha ampla oferta tecnolóxica e que reduciu significativamente a súa fenda tanto coas diferentes rexións españolas máis avanzadas así como coa media europea.

Dende a posta en marcha do primeiro Plan Galego de I+D+i, a economía galega está a medrar cara un modelo económico baseado na innovación e o coñecemento que faciliten o crecemento económico e a converxencia cos territorios europeos máis avanzados, mais aínda ten moito traballo por diante, retos dixitais e de transformación industrial sostible, aos que hai que sumar a crise económico social que se está a producir por mor da COVID19.

Factores limitantes:

a) reducido tamaño medio das empresas: máis do 95 % das empresas son micropemes, o que condiciona a súa capacidade de absorción de novo coñecemento e de trasladar ao mercado novas innovacións. En concreto:
   - un menor enfoque a innovación
   - unha maior dificultade de acceso a financiamento para I+D+i
   - unha maior dificultade para captar persoal con formación adecuada
   - unha maior dificultade para coñecer e aproveitar os recursos e capacidades do sistema de innovación
b) Estrutura produtiva con significativa presenza de sectores tradicionais e de menor intensidade tecnolóxica, que presentan menores niveis de adopción de tecnoloxías e de innovación, e maiores barreiras e limitacións.
c) Limitada capacidade de atraer e reter talento e persoal cualificado
d) Sistema de innovación con niveis de colaboración e integración insuficientes, especialmente entre os axentes de coñecemento e o tecido empresarial
e) Esforzo insuficiente en investimento en I+D+i, sobre todo por parte das empresas
f) Limitado nivel de integración nas cadeas de valor e de coñecemento globais
g) Período de profundos e rápidos cambios globais:
   - xeopolíticos, reconfiguración das cadeas de valor a nivel mundial
   - demográficos, envellecemento
   - climáticos, sustentabilidade

Desafíos do Sistema Galego de Innovación:

a) Transición cara unha estrutura produtiva e de servizos baseada no coñecemento e caracterizada por unha especialización disruptiva e sostible, que permita unha alta de tracción por parte do sector privado no eido da innovación e o coñecemento.
b) Potenciar e aproveitar a excelencia dos centros de coñecemento, e a transferencia e difusión do coñecemento xerado, asegurando súa translación ao mercado.
c) Necesidade de crear dinámicas sistemáticas de cooperación entre universidades, centros tecnolóxicos, organismos de investigacióne empresas.
d) Necesidade de estruturar unha oferta financeira e de apoios para a emprendeduría de base tecnolóxica e innovadora especializada e eficaz.

e) Necesidade de captación, formación e retención de talento.
f) Necesidade de transición industrial e transformación económica para afrontar os cambios globais.
g) Cambio de modelo máis aló de 2023 debido ao novo contexto de recuperación.

Alén dos desafíos que debe afrontar o Sistema Galego de Innovación, Galicia conta cun abano de singularidades espaciais e sociais no contexto internacional que por sí mesmas ou combinadas coas demais, implican desafíos diferenciais para o mercado, e polo tanto que implican oportunidades de xerar novos produtos ou servizos baseados en coñecemento suficientemente competitivos no contexto internacional, en áreas transversais a múltiples sectores económicos como é o caso da Saúde e a Calidade de Vida, o Transporte, as Comunicacións, ou o Medio Ambiente.

Singularidades espaciais e sociais destacadas respecto do contexto nacional e europeo:

a) Fragmentación do territorio e dispersión poboacional.
b) Situación periférica con respecto ás rexións europeas.
c) Envellecemento máis acusado da poboación, cunha media de idade en constante aumento.
d) Abundancia de recursos forestais, mariños e enerxéticos asociada a sectores económicos de intensidade tecnolóxica media-baixa que presentan un forte enraizamento socioeconómico no territorio.

Das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades identificadas, destílanse os principios reitores que rexerán a definición da estratexia e que son adoptados pola estrutura de gobernanza do Sistema Galego de Innovación, actuando de columna vertebral en tódolos elementos que conforman a devandita estratexia. En definitiva, os principios reitores da Estratexia RIS3 de Galicia son catro:

- Pemes innovadoras para ser competitivas.
- Investimento público para atraer investimento privado.
- Promoción da transferencia de investigación ao mercado.
- Oportunidades para a investigación e o talento innovador.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Constitución Española establece no artigo 149.1.15ª a competencia exclusiva do Estado en materia de "fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica" e no artigo 148.1.17ª establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir atribucións para "o fomento da cultura e da investigación".

O Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico créase ao abeiro da lei 12/1993, do 6 de agosto, de Fomento de Investigación e de Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación establece no artigo 2 como finalidade desta, "fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes".

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa é consolidar a economía galega para o ano 2024 nunha senda socialmente recoñecible cara a mellora do crecemento e a competitividade en base á transformación do modelo produtivo dende un modelo de intensidade tecnolóxica medio-baixa das actividades produtivas, a un modelo caracterizado por unha intensidade tecnolóxica medio-alta, mediante a absorción das Tecnoloxías Facilitadoras Esenciais (TFE)promovendo o seu carácter disruptivo, necesidade da súa transversalidade alcanzando a todos os sectores productivos e sinerxiando usos destas, e o posicionamento da rexión como referente no sur de Europa na oferta de servizos e produtos intensivos en coñecemento relacionados co envellecemento activo e a vida saudable.

Todo isto, sen prexuízo de impulsar os proxectos tractores que poidan axudar a Galicia a saír da crise provocada pola COVID19 , o que implicará ter unha rexión máis dixital, máis verde e máis resiliente.

O conxunto de prioridades establecidos anteriormente acadaranse mediante unha serie de instrumentos que se agrupan en cinco Programas:

- Programa Innova e emprende:
  1. IGNICIA proba de concepto.
  2. Innova PEME e Deseña PEME
  3. Bonos de innovación
  4. Conecta PEME
  5. Aceleradoras
  6. Fondos de Capital Risco

- Programa Completa e transfire
  1. Misións RIS3
  2. Fábrica intelixente e sostible

- Persoas:
  1. Apoio á etapa predoutoral
  2. Axudas á etapa posdoutoral
  3. Axudas para completara etapa de formaciónpostdoutoral
  4. Grupos de investigación
  5. Doutoramento industrial
  6. Investigo

- Programa Posiciona:
  1. Recuperación de proxectos nacionais excelentes (Ex. Neotec)
  2. Programa de apoios para fomentar as sinerxías con Horizonte Europa

- Programa Integra:
  1. Infraestruturas de centros tecnolóxicos

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa 561A destinado a investigación e a innovación, prevé, non obstante, unha serie de actuacións que poden contribuír a eliminar a desigualdade entre homes e mulleres no ámbito da ciencia. Para iso, a Axencia Galega de Innovación en todas as actuacións que desenvolva

tratará de analizar as posibles fendas de xénero e as súas causas, tentando establecer medidas correctivas.

A maioría das actuacións están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, mais detrás deses órganos hai persoas físicas, polo que a análise da situación debe facer énfase nestas. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

As diferentes actuacións nas que se fará especial énfase na perspectiva de igualdade son as seguintes:

- Talento e capital humano.
- Emprendemento innovador.
- Difusión e divulgación da ciencia e do papel da muller nesta.

Resulta de especial importancia o traballo a prol da participación de mulleres no eido da investigación, un sector que tradicionalmente ten unha maioritaria participación masculina. Con esta finalidade nas distintas actuacións e liñas de axuda a desenvolver pola Axencia Galega de Innovación valorarase a incorporación de mulleres nos equipos de investigación como un aspecto importante dentro da repercusión socio-económica dos proxectos financiados por esta Axencia, incluíndo a perspectiva de xénero entre os indicadores de calidade na produción de coñecemento e de resultados de I+D+I. Así mesmo, con este mesmo obxectivo, tamén será relevante a inclusión de mulleres como investigadoras principais e/ou en tarefas de coordinación.

Trátase con estas medidas de favorecer un cambio nas actividades científicas, tecnolóxicas e de innovación realizadas polas empresas que inclúa as perspectivas, experiencias e necesidades das mulleres. Promovendo a implantación da igualdade de xénero nas empresas con actividade de I+D+I como unha estratexia empresarial que fomente a contratación de mulleres científicas e tecnólogas e que fomente no tecido produtivo galego a adopción de boas prácticas na igualdade de xénero.

Tamén, hai que destacar a participación con outros órganos no Plan de Ciencia e Muller, fundamentalmente a través de premios que visualicen o papel da muller na ciencia, así como a participación noutras iniciativas como o "día internacional das rapazas nas TIC", unha celebración a nivel internacional, orientada a motivar as novas xeracións de mozas para que consideren o ámbito das TIC para o seu desenvolvemento académico, investigador e profesional.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega de Innovación - GAIN

III.1.2. PROGRAMA 613A - ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo estratéxico deste programa é a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

Este programa ten os seguintes obxectivos operativos:

1. Financiamento operativo do persoal, instalacións e demais recursos necesarios para garantir os dereitos e intereses das persoas consumidoras e usuarias, de forma especial no relativo á súa información, asesoramento e resolución de conflitos, a través da mediación e a arbitraxe de consumo.
2. Reforzo das tarefas de asesoramento ás persoas consumidoras galegas de maneira presencial e a través da web e do teléfono gratuíto co que conta o IGCC
3. Asesoramento e cooperación coas organizacións de consumidores, entidades locais, operadores económicos e as administracións públicas a todos os niveis.
4. Execución do plan anual de formación e educación en materia de defensa do consumidor/a e da competencia a través da Escola Galega de Consumo.
5. Realización de campañas informativas e de sensibilización, dirixidas ás persoas consumidoras.
6. Promoción e potenciación do sistema arbitral de consumo presencial e "on line".
7. Impulso á normativa en materia de consumo, a través do desenvolvemento da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, e a través de normativa sectorial e a propia na materia de defensa do consumidor
8. Actuacións en materia de seguridade dos produtos industriais postos no mercado a disposición das persoas consumidoras e usuarias, de execución obrigatoria por parte da comunidade autónoma en base ao disposto no Real decreto 1801/2003, e mantemento da rede de alerta deste tipo de produtos, en colaboración co Laboratorio de Consumo de Galicia.
9. Potenciación do Laboratorio de Consumo de Galicia.
10. Realización do programa anual de control e vixilancia do mercado, incorporando a dimensión da defensa e promoción da competencia, co obxectivo primordial de defender os lexítimos intereses das persoas consumidoras e usuarias e mellorar a eficiencia dos mercados.
11. Promoción da competencia como medio para lograr unha maior eficiencia económica e estimular a competitividade das empresas.

12. Protección dos consumidores fronte a condutas anticompetitivas e posibles trabas ao funcionamento eficiente dos mercados.
13. Control e asesoramento ás administracións públicas nas actividades que poidan ter incidencia na libre competencia no mercado, tanto desde a perspectiva dos operadores económicos como dos consumidores e usuarios.
14. Impulso á terminación convencional dos expedientes sancionadores, en materia de competencia.
15. Elaboración de informes sobre sectores económicos, tanto de xeito individual como en colaboración con outras autoridades de competencia.
16. Asesoramento e control da actividade das Administracións públicas galegas relacionadas coa libre competencia, a través da emisión de informes sobre os proxectos normativos, que poidan ter algunha incidencia sobre a competencia efectiva nos mercados.
17. Potenciar a solicitude de informes sobre os proxectos de concesión de axudas a empresas con cargo a recursos públicos, en relación cos seus efectos sobre as condicións de competencia e a emisión de informes sobre o impacto das axudas públicas.
18. Desenvolver o plan de inspección do comercio electrónico na Comunidade Autónoma de Galicia, realizando a análise da información legal contida nas páxinas webs das tendas on line e comprobando a seguridade dos produtos comercializados online.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa vai dirixido a toda a poboación da Comunidade Autónoma de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os constantes cambios que se están a producir nos mercados esixen unha adaptación permanente e unha reformulación dos medios habituais de relación entre a administración e as persoas consumidoras, dunha banda no que atinxe as peticións de asesoramento e de resolución de conflitos e doutra nas actuacións ante condutas anticompetitivas no mercado que igualmente afectan as persoas consumidoras.

Así mesmo no eido da formación en materia de protección ao consumidor, as novas tecnoloxías da información deben estar presentes coa fin de chegar ao maior número de persoas posibles sen descoidar a importancia da proximidade e a presencialidade coas persoas consumidoras, especialmente das máis vulnerable.

A modificación dos hábitos de consumo en prol da adquisición de produtos en rede, o que comunmente se denomina comercio electrónico, demandan mecanismos de control deste

sector para garantir o cumprimento da normativa en defensa dos consumidores así como para acadar unha maior transparencia do mercado.

Por outra banda, nos últimos tempos, preocupa especialmente a situación de crise enerxética e as repercusións que está a ter nas persoas consumidoras, que precisan, si cabe, dunha maior información e formación dos diferentes cambios que se están a producir na facturación dos subministros.

Todo isto, sen descoidar a importancia de traballar a prol de novas formas de consumo máis responsables e acordes coa sustentabilidade e o coidado da contorna, que impulse os cambios necesarios dende o punto de vista do consumo cara o obxectivo dunha economía verde e respectuosa co medio ambiente.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, autoriza a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, como organismo autónomo adscrito á Consellería competente en materia de consumo, tendo como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras.

O Programa do Instituto Galego do Consumo e da Competencia para o ano 2024 enmárcase dentro da Estratexia de protección das Persoas consumidoras para o período 2020-2025, que ten como obxectivo dar cumprimento a Nova Axenda Europea da persoa consumidora 2020-2025 contemplando tres ámbitos de actuación:

- Transformación Dixital
- Atención as Persoas Consumidoras Vulnerables
- Formación e Educación sostible, económica, integral e inclusiva.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é dar resposta ás necesidades dos cidadáns e cidadás, potenciando a mediación e a arbitraxe de consumo como ferramentas extraxudiciais para resolver a situacións de conflito entre as empresas e as persoas consumidoras, executar campañas de control de mercado, acercar máis a Escola Galega de Consumo aos colectivos máis desprotexidos, e ás asociacións de consumidores, así como trasladar á sociedade os valores da libre competencia e a necesidade de promovela e defendela.

O IGCC aposta pola prestación dun servizo de calidade ás persoas consumidoras, un consumo máis responsable a través da formación e a educación e un mercado máis seguro e transparente e levará a cabo un control oficial no mercado, potenciará a mediación e a arbitraxe de consumo e sancionará as conductas non acordes coa normativa sobre persoas consumidoras.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa, está dirixido a todas as persoas consumidoras galegas, facendo desde a Escola Galega de Consumo un especial seguimento da publicidade e da educación para o consumo non sexista, ensinando a comprar a través dos talleres, obradoiros e cursos que nela se imparten aos nenos e nenas galegas.

Os indicadores serían os seguintes tendo en conta os resultados de 2022 e a previsión de 2023, resultando que para 2024 se estiman equivalentes:

Actividades especificamente orientadas á temática de xénero:

- Curso de formación de profesorado "Consumo e xénero. A publicidade na aula" a través da plataforma de formación de profesorado da Xunta de Galicia (PLATEGA). Total: 50 alumnas/os.

Actividades non especificamente orientadas á igualdade pero que a traballan de xeito transversal:

Outros indicadores que poden ser de interese:

- Persoas usuarias do Programa Cores e Consumo Responde (INFOCONSUMO) por sexo: 40% homes, 60% mulleres.
- Concursos escolares GALICONS e CONSUMÓPOLIS por sexo: 40% homes e 60% mulleres

A homoxeneidade nas cifras de persoas usuarias ven dada porque estes programas traballan con centros educativos principalmente, polo que a ratio de homes e mulleres é moi semellante, salvo nos cursos de formación que destacan as mulleres.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Camiño dunha sociedade non sexista e con igualdade de oportunidade en todos os ámbitos.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego do Consumo e da Competencia - IGCC

III.1.3. PROGRAMA 731A - DIRECCION E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A finalidade deste programa é dar cobertura ao funcionamento das unidades administrativas vinculadas aos servizos centrais e periféricos dentro das competencias da Consellería de Economía, Industria e Innovación. Deste xeito actúa de soporte básico para a coordinación e garantía duns recursos humanos, materiais e de organización que permitan acadar maiores cotas de efectividade, racionalidade e simplificación administrativa.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As características do programa determinan o seu alcance universal entendendo como tal aquel que pretende, aínda que sexa de modo indirecto, garantir a toda a cidadanía unha adecuada

xestión dos recursos públicos. Trátase de xerar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade que presiden o funcionamento de calquera administración pública, sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da consellería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O escenario económico marcado pola crise ocasionada pola pandemia da COVID-19 obrigou a unha contención do gasto corrente sen descoidar os servizos públicos esenciais. No dito escenario darase prioridade ás políticas de gasto encamiñadas a potenciar os sectores fundamentais para a recuperación da actividade económica co fin de mellorar a senda de recuperación económica, todo isto encadrado nun compromiso de eficacia e economía que definen o deseño e funcionamento de calquera administración pública.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco de actuación do programa pasa polo establecemento dun sistema de coordinación interna e interadministrativa estable pero dinámico de acordo aos principios inspiradores da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese atender ás necesidades concretas das distintas unidades administrativas e centros con competencias en materia de economía, industria e innovación da consellería competente nestas materias. Trátase de dar solución inmediata e áxil ás diferentes situacións e necesidades que poidan xurdir e que unha organización destas características esixe, no marco dunha estratexia facilitadora de respostas adecuadas ás demandas do administrado como destinatario último das políticas públicas.

Neste sentido, as características do programa permiten definilo como un conxunto de actuacións e recursos dirixido a acadar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da consellería, tratando de garantir a toda a cidadanía unha axeitada xestión dos recursos públicos. Este programa, de carácter instrumental, facilita os recursos para a consecución de escenarios de crecemento económico que permitan unha axeitada definición das liñas de actuación e intervención da consellería.

As actuacións máis significativas a desenvolver con este programa estarían relacionadas con:

- Facilitar a xestión das distintas unidades administrativas tanto a nivel central como periférico.
- A elaboración e difusión multimedia de compilacións normativas, estudos monográficos e calquera tipo de actuación de interese para a cidadanía que ilustren de xeito claro e preciso as liñas en materia de economía e industria da consellería.
- A definición de programas de información e comunicación en materia económica na liña de establecer un sistema de información dos servizos e prestacións e uns procedementos administrativos comprensibles e sinxelos.
- A potenciación na difusión e comunicación das liñas das políticas económicas da consellería.
- A racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas en materia de economía e industria da consellería.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actuacións contempladas neste programa teñen como destinatarios directos as empregadas e empregados públicos da Consellería de Economía, Industria e Innovación, respectando a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, sen ningún tipo de discriminación. Polo

tanto, este colectivo é o potencial beneficiario do gasto, entre os que se observa unha representación equilibrada de homes e mulleres.

O gasto destínase por igual entre homes e mulleres, sen discriminación, sendo a nómina de persoal unha fonte de datos moi importante no que se mostra o equilibrio salarial e a non discriminación por cuestións de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Todo o cadro de persoal da Consellería de Economía, Industria e Innovación.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.4. PROGRAMA 732A - REGULACION E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é planificar, coordinar, xestionar e realizar actuacións técnicas e administrativas en materia de seguridade industrial, actividade industrial e metroloxía, así como

O programa responde á necesidade de manter e mellorar a seguridade dos establecementos e instalacións industriais no referente á seguridade industrial e a garantir a exactitude das medidas e dos equipos de medición suxeitos a control metrolóxico.

Desenvolveranse as competencias da actividade da metroloxía legal e industrial, levando a cabo servizos de control metrolóxico e servizos de calibración, coa participación do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

Outro dos obxectivos do programa é a dinamización do tecido empresarial mellorando as infraestruturas dos parques empresariais e fomentando a creación de novas empresas e a reindustrialización.

E por último, a planificación, o impulso, e a tramitación dos procedementos previstos pola normativa autonómica para favorecer a implantación das iniciativas industriais.

En definitiva, este programa responde á necesidade de responder ao reto urxente de recuperación económica de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os beneficiarios directos do programa son o conxunto de profesionais e empresas que operan na Comunidade Autónoma e que configuran o ecosistema e o tecido industrial galego, como titulares ou promotores de novas iniciativas.

Por outra banda, serán tamén beneficiarios directos os concellos de Galicia polo que respecta ás ordes de axudas para a creación e a consolidación dos viveiros industriais e a mellora de infraestruturas asociadas aos parques empresariais; ou para o reforzo e extensión das súas redes de distribución.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No relativo ás instalacións afectadas por regulamentos de seguridade industrial, e preciso facer unha labor divulgativa das obrigas que teñen os seus titulares para garantir a súa seguridade, facendo ademais un plan de inspección que nos permita verificar o seu estado actual.

No relativo aos instrumentos de medida que interveñen en transaccións comerciais, é preciso facer unha labor divulgativa das obrigas dos seus titulares no referente á metroloxía legal, fomentando as súas verificacións periódicas.

Incídese tamén na mellora da competitividade das empresas mellorando as infraestruturas básicas dos polígonos e parques empresariais onde as empresas desenvolven a súa actividade, así como o fomento da creación de viveiros industriais de empresas nos distintos concellos de Galicia.

Foméntase por último a reindustrialización dos concellos afectados polo peche das centrais térmicas mediante a creación de oficinas de reindustrialización así como o apoio e impulso de implantación de iniciativas empresarias destinadas a produción de enerxías renovables, a infraestruturas enerxéticas e a adopción medidas de eficiencia enerxética no tecido industrial para facer fronte ao retos do contexto actual de recuperación económica, emerxencia climática e crise enerxética.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal da política industrial de Galicia está regulada no Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industria establece as directrices e obxectivos da estratexia da política industrial de actuación da política industrial da comunidade autónoma de Galicia.

Ademais, cómpre ter en conta a filosofía e o disposto na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

O marco legal nas actuacións en materia de seguridade industrial o constitúe fundamentalmente a Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria que establece as normas básicas reguladoras da ordenación das actividades e instalacións industriais así como o control administrativo para a vixilancia e control do cumprimento das normas e regulamentos de seguridade industrial e o Decreto lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

No caso da metroloxía legal a lexislación básica estatal a constitúe a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, e o Real decreto 244/2016, do 3 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 32/2014, do 22 de decembro, de metroloxía, completando a normativa de referencia o Decreto 78/2011, do 14 de abril, polo que se establece a ordenación das funcións do control metrolóxico do Estado que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, e se aproba o regulamento de vixilancia e inspección de instrumentos sometidos a control metrolóxico.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No ámbito da seguridade industrial, búscase que os titulares de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial cumpran cos requirimentos que establecen ditos regulamentos, poñendo en marcha e mantendo instalacións o máis seguras posibles.

Para isto úsanse como vía principal o Plan anual de inspección en materia de seguridade industrial, que é a ferramenta fundamental para a comprobación de que as instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial compren os regulamentos que lles afectan.

Polo que respecta á metroloxía legal, o principal obxectivo é garantir aos cidadáns que os instrumentos utilizados para medir e contar en aplicacións de medida por razóns de interese público, saúde e seguridade pública, orde público, protección do medio ambiente, protección dos consumidores e usuarios, recadación de impostos e taxas, cálculo de aranceis, canons e sancións administrativas, realización de peritaxes xudiciais e para o establecemento das garantías

básicas para un comercio leal ofrecen a confianza, exactitude, seguridade, etc. que legalmente se lle requiren.

Outro dos obxectivos en metroloxía é desenvolver as actividades da metroloxía legal e industrial coa participación activa do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia.

No relativo á dinamización do tecido empresarial acometeranse tres actuacións clave a través de tres ordes de axudas que se veñen desenvolvendo nos últimos anos: mellora das infraestruturas dos parques empresariais, reforzo e extensión das súas redes de distribución eléctrica e a creación e consolidación neles de viveiros industriais de empresas.

Por último, poñeranse en marcha unha serie de instrumentos co obxectivo de consolidar unha estratexia de impulso e implantación de iniciativas de carácter industrial: proxectos industriais estratéxicos, proxectos de interese autonómico, proxectos tractores ou para calquera outra declaración análoga vinculada ao impulso económico e industrial de Galicia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nas normas reguladoras das distintas actividades que se desenvolven neste programa de gasto, e como consecuencia da natureza das mesmas, non se identifican disposicións concretas que establezan unha relación directa con políticas de igualdade de oportunidades. Non obstante, esta Dirección Xeral promoverá o emprego dunha linguaxe non sexista e unhas imaxes non es-

tereotipadas en todas as comunicacións e campañas que se realicen, tendo en conta ademais que moitas das accións destes programas desenvólvense en ámbitos e profesións nas que a muller está infrarepresentada.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Industria

III.1.5. PROGRAMA 733A - EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O principal obxectivo que se pretende acadar con este programa é contribuír á transformación do sistema enerxético galego para que sexa máis sostible en termos económicos, sociais e ambientais, fundamentalmente a través de medidas que fomenten o aforro enerxético e as enerxías renovables. Para acadar estes obxectivos é fundamental impulsar a implantación das enerxías renovables xa que contribúen a diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións. Unha maior achega das enerxías renovables permite reducir as importacións de enerxía e consecuentemente a dependencia dos combustibles fósiles. A importancia das enerxías renovables vese reforzada en relación con aspectos ambientais (diminución da emisión de substancias contaminantes á atmosfera), xeración de emprego, desenvolvemento rexional, incremento da actividade económica, etc.

Así tamén, no ámbito do aforro e eficiencia enerxética, preténdese diminuír as emisións do CO2 á atmosfera e contribuír coas boas prácticas a unha concienciación cidadá para evitar o desperdicio e diminuír o consumo enerxético.

Con carácter xeral, impulsaranse actuacións en liña cos principios recollidos na Axenda Enerxética de Galicia 2030, informada no Consello da Xunta de Galicia do 23 de xuño de 2022, e que se resumen a continuación:

- Eficiencia Enerxética
- Integración das fontes renovables no mix enerxético coa garantía de seguridade da subministración.
- Mobilidade eficiente e sostible.
- Economía circular.
- Impulso dos biocombustibles e gases de orixe renovable.
- Innovación tecnolóxica

En liña con estes principios, os obxectivos estratéxicos, cos seus respectivos obxectivos operativos, marcarán a folla de ruta:

- OE1: Converter a Galicia nunha rexión neutra en carbono no ano 2050:
- Reducir as emisións asociadas a usos enerxéticos
- Implicar á cidadanía no proceso de descarbonización
- OE2: Diminuír a dependencia enerxética do exterior:
- Potenciar os recursos enerxéticos naturais de Galicia
- Garantir a seguridade do subministro enerxético, incluíndo o almacenamento de enerxía
- Incrementar a capacidade de xeración renovable no mix enerxético
- OE3: Descarbonización dos sectores económicos e sociais:
- Impulsar a eficiencia enerxética e fomento do autoconsumo enerxético
- Uso eficiente dos recursos
- OE4: Posicionar a Galicia como polo enerxético innovador:
- Promover en Galicia a atracción e retención do talento
- Impulsar a colaboración público-privada en desenvolvementos tecnolóxicos vencellados ás EERR
- OE5: Industria eficiente e sostible:
- Promover o investimento industrial sostible
- Impulsar proxectos de economía circular
- Formación: Novas capacidades formativas aliñadas coas novas necesidades no eido enerxético.

Detállanse a continuación as principais actuacións a desenvolver polo INEGA:

1. Plan de Eficiencia Enerxética nas familias:
   - Fomento do autoconsumo eléctrico.
   - Impulso da xeración de calor e auga quente sanitaria a partir de sistemas altamente eficientes.
   - Mellora da eficiencia enerxética nas vivendas
   - Campañas de información e sensibilización á cidadanía.
   - Mobilidade eficiente e sostible.
2. Fomento de axudas de aforro e eficiencia enerxética:
   - Impulso á mellora da competitividade das empresas pola vía do aforro e a eficiencia enerxética, mediante axudas dirixidas ás actividades económicas.
   - Impulso á mellora da competitividade das empresas do sector agropecuario, pola vía do aforro e a eficiencia enerxética.
   - Bono enerxía Peme: axudas en condicións vantaxosas para a mellora enerxética do sector servizos.

- Xestión do Programa de axudas para actuacións de eficiencia enerxética no sector industrial dirixido a grandes proxectos.
- Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos a proxectos de descarbonización e renovación industrial de industrias tractoras da provincia da Coruña.
- Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos á mellora de polígonos industriais ecoeficientes na provincia da Coruña.
- Fomento da planificación e o asesoramento enerxético.

3. Fomento do uso de fontes de enerxías renovables:
   - Axudas para intensificar a implantación de enerxías renovables na Comunidade Autónoma, focalizando a implantación das instalacións que permitan aos fogares e ás empresas o acceso ao autoconsumo eléctrico, á xeración distribuída a pequena escala e ao almacenamento enerxético.
   - Impulso á mellora da competitividade das empresas do sector agropecuario, mediante o incentivo ás enerxías renovables.
   - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos á fabricación de compoñentes para enerxía renovable e almacenamento, na provincia da Coruña.
   - Xestión do Fondo de Transición Xusta con incentivos á mellora de polígonos industriais ecoeficientes na provincia da Coruña.
   - Fomento para o desenvolvemento de Comunidades enerxéticas locais.
   - Apoio á instalación de equipamentos térmicos con biomasa e ás instalacións de xeración de calor a partir das tecnoloxías xeotérmica e aerotérmica.
   - Apoio á implantación de infraestruturas e tecnoloxías de almacenamento enerxético e identificación de oportunidades de desenvolvemento de proxectos de interese para a Comunidade Autónoma.
4. Programa de axudas de impulso á mobilidade eficiente e sostible:
   - Fomento da introdución de tecnoloxías de mobilidade eficientes e sostibles.
   - Execución do programa MOVES III.
5. Actuacións en planificación e infraestruturas enerxéticas:
   - Promoción das actuacións contempladas na Axenda Enerxética de Galicia 2030.
   - Seguimento da planificación da rede de transporte de electricidade do Estado 2021-2026.
   - Fomento da creación do Corredor Verde Norte que permita dispoñer das infraestruturas necesarias nas principais vías de conexión terrestre que unen Galicia con Asturias e Castela e León para garantir o adecuado subministro enerxético ás alternativas de propulsión para a mobilidade e o transporte libres de emisións.
   - Elaboración do Balance enerxético de Galicia do 2022.
   - Recompilación de información da enerxía eléctrica xerada polas distintas centrais de produción de enerxía eléctrica en réxime especial existentes en Galicia (Sicapde).

- Actualización da información xeorreferenciada (gráfica e alfanumérica) das infraestruturas enerxéticas da Comunidade Autónoma (Atlas Enerxético).

6. Tecnoloxías relacionadas co hidróxeno e outros gases de orixe renovable:
   - Fomento das actuacións contempladas na Estratexia do hidróxeno renovable de Galicia, actualmente en elaboración.
   - Fomento da implantación de tecnoloxías relacionadas co hidróxeno e outros gases de orixe renovable que permitan a descarbonización de procesos industriais.
7. Desenvolvemento das enerxías renovables mariñas:
   - Continuar coa labor do INEGA na función de Secretaría técnica do Observatorio da Eólica Mariña de Galicia.
   - Promoción e, no seu caso, tramitación, da solicitude dunha nova zona experimental para o ensaio de tecnoloxías relacionadas coa eólica mariña flotante.
   - Continuar co desenvolvemento de actividades para o impulso da actual zona experimental de enerxías mariñas (ondas, mareas e correntes) de Punta Langosteira.
8. Certificación enerxética de edificios:
   - Tramitación e resolución das solicitudes de inscrición no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.
   - Control técnico dos certificados de eficiencia enerxética dos edificios.
   - Desenvolvemento e actualización de novas funcionalidades na plataforma RGEEE que xestiona o Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios.
   - Participación como membro da Comisión Asesora e de Grupos de Traballo na materia.
   - Información xeral e técnica á cidadanía e aos axentes implicados na certificación enerxética dos edificios.
9. Actuacións de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables na administración pública autonómica:
   - Xestión da Rede de enerxía da Xunta de Galicia (REDEXGA), constituída polas infraestruturas, medios e servizos necesarios para a xestión enerxética dos centros de consumo da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
   - Promoción da mellora do comportamento enerxético dos elementos técnicos e arquitectónicos nos centros sociais, educativos, sanitarios e administrativos, na procura de acadar unha diminución na factura enerxética da Xunta de Galicia a través de actuacións directas nestes edificios.
   - Mellora da iluminación exterior de edificios singulares e históricos da Administración autonómica.
10. Proxectos europeos:
    - Seguimento e participación na implantación e desenvolvemento do Plan de recuperación para Europa a través da execución de actuacións no ámbito enerxético financiadas co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

- Execución de actuacións financiadas co Fondo de Transición Xusta, cuxo obxectivo é apoiar aos territorios máis afectados pola transición á neutralidade climática e evitar o aumento das disparidades rexionais.
- Execución de actuacións no ámbito enerxético financiadas ao abeiro do Programa Operativo FEDER 2021-2027.
- Execución de actuacións no ámbito enerxético financiadas con FEADER ao abeiro do Plan Estratéxico da PAC 2023-2023.
- Participación en novas propostas de proxectos de investigación relacionados co ámbito enerxético en programas europeos.

11. IV Feira da Enerxía de Galicia:
    - Coordinación e promoción para o desenvolvemento da Feira da Enerxía, co obxectivo de posicionar Galicia como punto de encontro de empresas e profesionais do sector enerxético.
12. Outras actuacións:
    - Asesoramento técnico á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais.
    - Participación na comisión de seguimento da execución dos proxectos de natureza industrial asociados ós parques eólicos adxudicatarios dentro das Ordes da convocatoria que regula a Lei 8/2009, do 22 de decembro.
    - Tramitación das competencias derivadas do Real Decreto 56/2016, do 12 de febreiro, relativo a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía. Este Real Decreto establece a obriga para as grandes empresas de realizar unha auditoría enerxética cada 4 anos e comunicarlla a Administración. No primeiro período de 4 anos recibíronse máis de 2.500 comunicacións de auditorías.
    - Desenvolvemento de proxectos pilotos e demostrativos.
    - Xestión autonómica polo Inega do Sistema CAE, establecido polo Real Decreto 36/2023, do 24 de xaneiro.
    - Ensaio de prototipos na zona experimental de enerxías mariñas de Punta Langosteira.

A continuación detállanse outras necesidades que se atenden con este programa, desenvolvidas pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais:

- Loitar contra a pobreza enerxética, contribuíndo ao pagamento da factura eléctrica, a través da concesión dunha axuda directa que complementa o Bono Social Eléctrico para aqueles consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social.
- Impulsar á dixitalización da Administración enerxética mediante actuacións de revisión da xestión de procedementos administrativos e actuacións de preparación e dixita-

lización de arquivos e sistemas co obxectivo de acadar unha xestión telematizada e transparente.

- Atender as consultas relativas á facturación eléctrica a través do servicio de información telefónica do 012.
- Xestión dos Fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRR) relativos á corrección de tendidos eléctricos para evitar danos na avifauna.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

En xeral, as actuacións no eido da planificación enerxética, das enerxías renovables e da eficiencia e aforro enerxético van dirixidas á totalidade da poboación de Galicia, coas seguintes liñas e actuacións xenéricas:

1. Por medio de convenios de colaboración entre diferentes consellerías, organismos ou entes do sector público.
2. Por medio de estudos e información estatística: balance enerxético, información na páxina web do INEGA (http://www.inega.gal).
3. Por medio de axudas a familias, institucións sen ánimo de lucro, empresas e sector público, que permitan o acceso ás enerxías renovables.
4. Por medio de axudas a familias, institucións sen ánimo de lucro, empresas e sector público que permitan a substitución de determinados equipos ou instalacións cuxo resultado sexa unha maior eficiencia e un maior aforro enerxético.
5. Tamén por medio de plans demostrativos que levan aparellado o desenvolvemento de proxectos piloto para achegar á poboación galega as enerxías renovables e a eficiencia enerxética para coñecer o seu funcionamento e as vantaxes que proporciona a súa implantación.
6. As actuacións da dirección xeral orientaranse cara as familias vulnerables, no caso da axuda complementaria ao Bono Social Eléctrico, e ás empresas distribuidoras de enerxía eléctrica, no caso das axudas para adecuación de tendidos eléctricos para evitar danos á avifauna.
7. En xeral, o resto das actuacións desta dirección xeral no ámbito da enerxía van dirixidas á totalidade da poboación de Galicia.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Segundo o último Balance Enerxético de Galicia publicado, correspondente ó ano 2021, a dependencia enerxética de Galicia sitúase no 63,1%. De forma que, aínda que as enerxías renovables seguen mantendo un papel fundamental dentro do escenario enerxético galego (a súa participación en 2021 no consumo de enerxía final bruto foi do 43,5% e, no caso da xeración eléctrica, foi do 73,1%) é necesario seguir avanzando cara a un modelo limpo e sostible nos usos

e transformación da enerxía, aliñado cos obxectivos de descarbonización recollidos na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.

Así, entre as fortalezas do sistema enerxético galego, destacan os importantes recursos renovables existentes en Galicia, que permiten aproveitar certas oportunidades como o desenvolvemento tecnolóxico destas enerxías, e o gran desenvolvemento das enerxías renovables para a xeración eléctrica nos últimos anos, fundamentalmente a eólica.

En Galicia, as políticas de fomento das enerxías renovables e do aforro enerxético véñense desenvolvendo dende hai anos, e axudaron a incrementar de forma significativa a contribución das enerxías renovables e a reducir o consumo enerxético. Nos últimos anos destaca o desenvolvemento da Estratexia integral de impulso á biomasa forestal 2014-2020 que, entre 2014 e 2018, deu lugar a distintas convocatorias de axuda con importes duns 50 M€, e que ten a súa continuidade nunha nova Estratexia 2025, actualmente en elaboración. Non obstante, a transformación do sistema enerxético é un proceso a largo prazo e as debilidades aínda existentes obrigan a desenvolver actuacións encamiñadas a diminuír a dependencia enerxética co exterior, garantindo a subministración enerxética de Galicia, polo que é importante potenciar o desenvolvemento de fontes de enerxía renovables autóctonas, diversificar o mix enerxético actual, fomentar o aforro e diminuír a intensidade enerxética. Neste sentido cómpre destacar a aprobación das Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020 orientadas á consecución dunha economía baixa en carbono, que tivo a súa continuidade coa Axenda Enerxética de Galicia 2030 aprobada no mes de xuño do ano 2022.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As actuacións en materia de enerxías renovables, de eficiencia e de aforro enerxético, en xeral encádranse dentro das competencias e atribucións establecidas no Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, actualmente Consellería de Economía, Industria e Innovación (Decreto 79/2023, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia).

A nivel de obxectivos enerxéticos da UE destaca o da consecución da neutralidade climática do continente non máis tarde do ano 2050, tal e como recolle a chamada Lei Europea do Clima no Regulamento 2021/1119 do Parlamento Europeo e do Consello de 30 de xuño de 2021. Sendo que, para acadar tal obxectivo, é necesario actuar sobre as principais fontes de emisión de GEI, que son as relacionadas con usos enerxéticos.

A Directiva UE 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2018 marca o obxectivo de que a cota de enerxías renovables dentro do consumo total de enerxía da UE en 2030 sexa como mínimo do 32%, a Lei de Cambio Climático e Transición

Enerxética (LCCTE) pono no 42 %, e o Plan Nacional de Enerxía e Clima 2021-2030 no 42% e a Axenda Enerxética de Galicia 2030 no 58%.

A Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética (LCCTE) marca o obxectivo de que a electricidade renovable sexa, ao menos, o 74% do total xerado no ano 2030 e a Axenda Enerxética de Galicia 2030 establece este obxectivo no 84,8%.

A Directiva UE 2018/2001 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2018 marca o Obxectivo que a eficiencia enerxética da enerxía primaria mellore polo menos nun 32,5% en 2030 con respecto ás previsións de consumo enerxético futuro sobre a base dos criterios actuais. A Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética (LCCTE) pono no 39,5 %, e o Plan Nacional de Enerxía e Clima 2021-2030 entre o 39% e o 40% e a Axenda Enerxética de Galicia 2030 no 48,8%.

O obxectivo do PNIEC é que se alcance o 28% de renovables no transporte, porcentaxe obtida mediante a aplicación das consideracións da Directiva 2018/2001 relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables (que marca un obxectivo do 14%). Nesta última aplícanse correccións no consumo final de aviación e multiplicadores en biocarburantes e biogás avanzados e electricidade renovable.

Os programas cofinanciados con fondos FEDER compren o establecido nos Regulamentos 2021/1058 e 2021/2060, do 24 de xuño, do Parlamento Europeo e do gramas cofinaciados con fondos FEADER teñen en contan o Regulamento UE 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021 en relación co Plan Estratéxico da PAC para o período 2023-2027.

As actuacións relativas ao MOVES III están incluídas no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) dentro do Compoñente 1 do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRR), financiando tamén dentro deste Plan actuacións relativas a autoconsumo, almacenamento e enerxías renovables térmicas, dentro dos Compoñentes 7 e 8 do dito Plan.

As actuacións financiadas co Fondo de Transición Xusta compren o establecido no Regulamento UE 2021/1056 do Parlamento Europeo e do Consello do 24 de xuño de 2021.

As actuacións relativas á corrección de tendidos eléctricos para evitar danos na avifauna están incluídas no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) dentro do Compoñente 4 do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia (PRR).

As actuacións en materia de pobreza enerxética encádranse no marco da nova regulación estatal establecida no RD 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica. Ademais, veñen a desenvolver a Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica.

Tamén cabe citar o Real Decreto 56/2016, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos.

Por último, cómpre facer referencia ao Real Decreto 36/2023, do 24 de xaneiro, polo que se establece un sistema de Certificados de Aforro Enerxético, no que o Inega actúa como xestor autonómico.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A cidadanía ten que ser o motor da transición enerxética, co obxectivo de avanzar cara á descarbonización da economía, reducir a factura enerxética e incrementar a súa renda dispoñible. Fomentaranse as enerxías renovables e o aforro enerxético como panca para impulsar a economía e xerar emprego.

No tocante ás enerxías renovables e o aforro e eficiencia enerxética os beneficios que se pretenden acadar a través de actuacións para o seu fomento, que impliquen un maior emprego e coñecemento delas, son fundamentais para conseguir:

1. Diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións á poboación de Galicia.
2. Reducir as importacións de enerxía e consecuentemente a dependencia dos combustibles fósiles.
3. Reforzar aspectos ambientais como a diminución da emisión de substancias contaminantes a atmosfera.
4. Impulsar un sector tan estratéxico como é o das enerxías renovables que permitan a Galicia estar na vangarda do desenvolvemento destas fontes enerxéticas, o que sen dúbida proporcionará un incremento da actividade económica, que terá tamén unha positiva repercusión na xeración de emprego e no desenvolvemento rexional da nosa comunidade autónoma.

Así tamén, no ámbito do aforro e eficiencia enerxética, preténdese con todas estas actuacións diminuír as emisións de CO2 á atmosfera e contribuír coas boas prácticas a unha concienciación cidadá, co papel exemplar da Administración.

Coa certificación enerxética os beneficios que se pretenden acadar son:

1. Maior información da cidadanía para mellorar a toma de decisión de alugueiros e compravenda de inmobles.
2. A optimización enerxética dos edificios públicos, así como a redución dos custos asociados.

As actuacións no eido da pobreza enerxética, van dirixidas ás familias máis vulnerables de Galicia, para contribuír ao pagamento da factura eléctrica e evitar os cortes de subministración.

As actuacións para adecuación de liñas eléctricas para evitar danos á avifauna articularanse a través dunha liña de axudas dirixida ás empresas distribuidoras, de acordo cos criterios establecidos na Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, para a aplicación do Real Decreto 1432/2008, de 29 de agosto, para modificación de tendidos eléctricos causantes de electrocución a especies de avifauna ameazada.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As axudas xestionadas dende o INEGA, e no seu caso pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, teñen catro tipos de beneficiarios principais:

1. Persoas físicas: os beneficiarios das axudas para evitar cortes de subministración eléctrica son todas as persoas es risco de exclusión social. Non se dispón de información do número de mulleres e homes que cumpre este requisito, non obstante, na maioría dos casos a axuda beneficia ó conxunto da unidade familiar, xa que se trata de sufragar a factura eléctrica.
2. Empresas: empresas distribuidoras de enerxía eléctrica para adecuación dos tendidos eléctricos e protección da avifauna. Considérase que de xeito indirecto benefician a toda a poboación de Galicia, xa que supón unha mellora medioambiental.

3. Administración autonómica e local: Axudas dirixidas a entidades da administración local ou autonómica de Galicia. Considérase que de xeito indirecto benefician a toda a poboación de Galicia, xa que todas as axudas teñen por obxecto incentivar melloras no consumo enerxético ou implantar sistemas de enerxías renovables, o que supón unha redución nos seus gastos enerxéticos e un maior coidado do medio natural.
4. Agrupacións, asociacións e institucións sen ánimo de lucro: Axudas dirixidas a diversas entidades con centro de traballo ou actividade no territorio de Galicia. Considérase que de xeito indirecto benefician a toda a poboación de Galicia xa que todas as axudas son para incentivar melloras no consumo enerxético ou para implantar sistemas de enerxías renovables, o que supón unha redución nos seus gastos enerxéticos e un maior coidado do medio natural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Toda a sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Instituto Enerxético de Galicia - INEGA

III.1.6. PROGRAMA 734A - FOMENTO DA MINARIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A Xunta de Galicia sendo consciente do carácter estratéxico do sector mineiro, defende unha minería baseada nos valores de sustentabilidade, seguridade e responsabilidade social, concibindo intimamente unidos os obxectivos de crear emprego e riqueza e a garantía da preservación ambiental, a protección das persoas traballadoras e o desenvolvemento de actitudes empresariais éticas e responsables, entendendo a sustentabilidade tanto en termos ambientais como sociais e territoriais, considerando polo tanto ao sector mineiro como un sector estratéxico e principal da nosa economía, máxime nunha situación de crise na que se está a producir unha carestía das materias primas críticas.

No novo modelo industrial para unha economía descarbonizada e dixitalizada precísanse estas materias primas e procesos de produción descarbonizados, para o que a industria das Materias Primas Minerais xoga un papel clave como provedora de materias primas tanto primarias como secundarias.

A dispoñibilidade das materias primas necesarias para a transición enerxética suporá novos desafíos para a seguridade de subministro dun sistema enerxético baseado en fontes de enerxías renovables.

Na Xunta de Galicia como resposta ao contexto actual estase en proceso de aprobar unha Axenda de impulso da Minería Sostible de Galicia(AMSG) 2030, polo que as actuacións previstas no programa de gasto 734A dos orzamentos xerais para 2024 veñen aliñadas cos obxectivos estratéxicos desta Axenda de impulso da Minería Sostible de Galicia(AMSG) 2030, que nas súas distintas iniciativas contemplan actuacións encamiñadas á promoción e apoio á minería sustentable, entendida nas súas distintas dimensións: social, ambiental e económica, nas que se inclúen axudas para a sustentabilidade destinadas ás empresas do sector mineiro, mediante, entre outras, a protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras nas empresas mineiras para a loita contra as enfermidades profesionais, axudas para implantación e certificacións de normas UNE de Minería Sostible, axudas para a eficiencia enerxética nas explotacións mineiras. Así mesmo actuacións relativas ao reforzamento e o apoio técnico para seguimento ambiental das explotacións mineiras, ou a execución pola Administración de actuacións en materia de rehabilitación medioambiental ou de posta en seguridade de explotacións mineiras, a través, no seu caso, de procedementos de execución subsidiaria.

Tamén, seguindo coa mesma liña de actuacións en liña coa Axenda de Minería Sustentable, e co aproveitamento dos Fondos Next Generation (Mecanismo de Recuperación e Resiliencia(MRR), cabe sinalar a xestión de parte destes Fondos relativos ao Compoñente 4"Conservación e Restauración de Ecosistemas e a súa Biodeversidade", que se destinarán á recuperación de solos e zonas afectadas por actividades mineiras abandonadas.

No eido da dixitalización, cabe remarcar a necesidade do Impulso á dixitalización e modernización da Administración mineira mediante actuacións de auditoría e revisión de procedementos administrativos e actuacións de preparación e dixitalización de arquivos e sistemas co obxectivo de acadar unha xestión telematizada e transparente, así como a simplificación administrativa e a tramitación electrónica dos procedementos de minas.

Así mesmo, continuarase co apoio ao funcionamento da Cámara Oficial Mineira de Galicia, en canto entidade de dereito público de carácter consultivo e de colaboración coa Administración Pública e como institución representativa do sector que ten encomendado en xeral o seu fomento.

Tamén se continuará coa valorización dos recursos mineiros nos concellos de Galicia como forma de poñer en valor o patrimonio mineiro galego, en especial o patrimonio termal coa convocatoria de axudas a concellos para acondicionar os espazos termais destinados a aproveitamentos lúdicos.

Así mesmo, a través do Programa de sustentabilidade no Sector mineiro, agrúpanse actuacións para levar a cabo iniciativas de fomento da sustentabilidade da actividade mineira e dos recursos naturais, medíante colaboracións cos axentes relevantes no sector mineiro, caso da Cámara Mineira de Galicia, Clúster da Pizarra de Galicia, e/ou a Fundación dos Centros Tecnolóxico do Granito e da Pizarra, e otras entidades representativas dun sector como é o mineiro, que se

compón de distintos subsectores de actividades industriais, que teñen carácter estratéxico para a Comunidade Autónoma de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións van dirixidas ao sector mineiro no seu conxunto, abranguendo a industria mineira propiamente con especial atención aos seus traballadores e traballadoras, entidades e institucións sen ánimo de lucro con actividade relevante no sector, os concellos e a poboación dos territorios máis directamente afectados polos impactos ambientais e socioeconómicos da actividade extractiva e, en último termo, a sociedade e xeral.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O sector da minería, é un dos sectores económicos estratéxicos da Comunidade Autónoma, para a modernización das principais cadeas de valor industriais, asegurando que o proceso de transición ecolóxica e dixital se abasteza de maneira sostible coas imprescindibles materias primas. Neste sentido, trátase dun momento especialmente adecuado para incentivar dende a Administración a reactivación económica en xeral e, en particular respecto do sector mineiro, a consecución dos obxectivos indicados nos parágrafos anteriores e, singularmente, a incorporación efectiva do principio de sustentabilidade nas actividades mineiras.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco legal das actuacións en materia de minería ven constituído fundamentalmente pola Lei 3/2008, 23 de maio, de ordenación da minería de Galicia, a Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, o Real Decreto 2857/1978, do 25 de abril, polo que se aproba o Regulamento xeral para o réxime da minería, e o Real decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 xaneiro, polo que se aproba o regulamento da dita Lei, son así mesmo de aplicación no que atinxe ás partidas orzamentarias que comprenden axudas regulamentadas por tales normas.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade deste programa é promover accións que contribúan ao desenvolvemento dun sector mineiro seguro e sustentable a través da innovación, a mellora da competitividade, a modernización das súas técnicas e tecnoloxías, a identificación das mellores prácticas aplicables, a divulgación do seu coñecemento,, a procura da excelencia ambiental e o control do cumprimento da legalidade vixente.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A finalidade deste programa é, como xa queda dito anteriormente, promover accións que contribúan ao desenvolvemento dun sector mineiro seguro e sustentable a través da innovación, a mellora da competitividade, a modernización das súas técnicas e tecnoloxías, a identificación das mellores prácticas aplicables, a divulgación do seu coñecemento, a procura da excelencia ambiental e o control do cumprimento da legalidade vixente.

Con carácter transversal, nas actuacións reseñadas e nas políticas públicas que se implementen e, no seu caso, nos criterios de valoración das liñas de axudas e subvencións, terase en conta a necesidade da incorporación da variable de xénero no ámbito mineiro, atendendo ás problemáticas específicas en materia de igualdade que se presentan neste ámbito, incidindo na visibilización da presenza da muller no sector.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Introdución da variable de xénero como criterio de valoración respecto das iniciativas e proxectos que se presenten no marco das liñas de axudas que impliquen procesos de valoración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Contribuír á visibilización da muller no sector. Fomentar actuacións que atendan ás especificidades da presenza da muller neste sector relativas á seguridade e saúde das traballadoras e á aplicación de políticas de igualdade.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

No ano 2019 introduciuse por primeira como criterio de valoración para a concesión de subvencións no ámbito da minería a variable de xénero, puntuando o desempeño por mulleres de postos de responsabilidade, dispor dun plan de igualdade no suposto de non ser obrigatorio ou dispor do distintivo Marca Galega de Excelencia en Igualdade ou similar (Vid. Convocatorias de subvencións DOG 2-7-2019 e 6-6-2019).

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Introdución da perspectiva de xénero e dos obxectivos de igualdade na definición do programa e nos obxectivos das liñas de actuación que financia.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

III.1.7. PROGRAMA 741A - APOIO Á MODERNIZACION, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é a mellora da competitividade do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia no ámbito do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE).

No ámbito das actividades do IGAPE, este programa contén apoios ao investimento empresarial, internacionalización, mellora da competitividade, o emprendemento e outras.

Utilizaranse instrumentos coma liñas de axuda, novos instrumentos financeiros e servizos adaptados ao marco comunitario 2021-2027.

O programa 741A complementa ao 561A no que se refire ao desenvolvemento do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica. Tendo en conta isto, o obxectivo fundamental de desenvolver un sistema de innovación eficiente para situar á economía galega en posición de competir nunha economía global é común a ambos programas. Dentro dos retos que contempla o Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, o programa 741A céntrase nos seguintes:

- Converter a innovación no principal mecanismo de competitividade das empresas galegas.
- Crecemento empresarial. Crecemento corporativo a través da innovación que contribúa a xeración de emprego e a internacionalización das empresas.
- Cambio no modelo para ter un sistema competitivo máis aló de 2022. Desenvolver un sistema de I+D+i eficiente que de prioridade aos resultados de impacto como a creación de empresas, activación do emprego, investigación de calidade e valorización desta.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os destinatarios das actuacións específicas contidas no programa 741A son moi diversos: empresas privadas, especialmente as Pemes, institucións sen fin de lucro (asociacións e confederacións empresariais, clúster, cámaras de comercio, etc.), entidades financeiras, sociedades de garantía recíproca e outras.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida ven determinada pola conxuntura económica e financeira actual, que limita severamente o acceso ao financiamento das empresas.

O Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica estase a desenvolver nunha conxuntura de grave crise económica. Os recursos públicos están diminuíndo e o Sistema Galego de I+D+i ten unha forte dependencia destes polo que as actuais restricións orzamentarias poden por en perigo a sustentabilidade económica a medio prazo dalgúns axentes do sistema. A isto súmase que a crise financeira supón un incremento das dificultadas das empresas para obter financiamento.

Non obstante, esta crise tamén puxo de manifesto a necesidade de promover o progreso económico e social a través dunha economía baseada na investigación e a innovación.

Por tanto, neste marco, as administracións públicas deben xestionar os recursos dispoñibles coa máxima eficiencia posible, atendendo aos resultados acadados, e as empresas e demais axentes do sistema de I+D+i deben fomentar a internacionalización e especialmente a cooperación para facer fronte a súa reducida dimensión e capacidade de financiamento.

En resumo, nun contexto como o actual, a innovación como elemento clave para a competitividade e o crecemento económico adquire, se cabe, unha relevancia aínda maior da que xa tiña en épocas de maior bonanza económica.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa 741A desenvólvese dentro do marco delimitado polas Directrices sobre as axudas estatais de finalidade rexional para o período 2021-2027 e no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado CE.

O marco referido complementouse, nos pasados exercicios económicos, coa Lei do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, que ten como obxecto a definición dun marco normativo específico na Comunidade Autónoma de Galicia que incentive a creación e implantación de empresas e o seu posterior desenvolvemento, e coa Axenda da Competitividade de Galicia Industria 4.0, instrumento para aumentar o peso da actividade industrial no conxunto da economía galega, rexenerar tecido industrial para aumentar o peso do sector industrial e crear emprego de calidade.

A Constitución Española establece no artigo 149.1.15ª a competencia exclusiva do Estado en materia de "fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica" e no artigo

148.1.17ª establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir atribucións para "o fomento da cultura e da investigación".

O Plan Galego de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico crease ao abeiro da lei 12/1993, do 6 de agosto, de Fomento de Investigación e de Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia. O Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2010 aprobou o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015.

O Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación establece no artigo 2 como finalidade desta, "fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes".

Pola súa banda, o Instituto Galego de Promoción Económica, como a axencia, adscrita á Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, para o desenvolvemento económico de Galicia, ten como misións apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa desenvolve medidas de fomento específicas para acadar a mellora do tecido empresarial da nosa Comunidade Autónoma, contando cunha importante contribución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, do Fondo Europeo Agrícola de Desarrollo Rural e Fondo Social Europeo, así como de outros proxectos e iniciativas da Unión Europea.

Neste sentido, o Instituto Galego de Promoción Económica desenvolve a súa actividade no marco dos obxectivos fundamentais do programa 741A:

- Impulsar a creación de novas empresas e fomentar decididamente o espírito emprendedor.
- Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Atraer investimentos empresariais a Galicia.
- Facilitar a internacionalización.
- Apoiar a cooperación e os proxectos colectivos de empresas.

A finalidade do programa, compartida ca do 561A, é fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, centros tecnolóxicos e organismos de investigación, a través

da estratexias e programas de innovación eficientes. Dentro das estratexias nas que se concretan no Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación 2011-2015 o programa 741A centrase nas seguintes:

- A innovación como motor de crecemento: A innovación é fundamental para a mellora a competitividade das empresas e o crecemento empresarial. O crecemento empresarial deriva dunha innovación sistemática, estratéxica e eventualmente disruptiva. Para iso é necesario a estimulación da cultura empresarial innovadora, apoiar as organizacións que están na súa fase inicial e apostan pola innovación, as Pemes que teñen un alto potencial de crecemento a través da innovación e os modelos colaborativos de innovación (innovación aberta).
- Internacionalización dos procesos de coñecemento e innovación: Desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación con perspectiva global. Os obxectivos son a internacionalización da empresa galega, fomentar a cooperación a nivel internacional, facilitar o acceso aos fondos europeos, desenvolver proxectos competitivos de maneira colaborativa e optimizar os investimentos e os procesos de investigación.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A maioría das actuacións están dirixidas a persoas xurídicas, o que podería ocultar a perspectiva de xénero, mais detrás deses órganos hai persoas físicas, polo que o análise da situación

debe facer énfase nestas. Esta análise farase fundamentalmente a través dunha mellora dos sistemas de recollida de información e de indicadores de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

O IGAPE velará pola promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como a integración da perspectiva de xénero na preparación e na execución de programas.

Naqueles programas de axuda nos que se valore a creación ou mantemento de emprego, establecerase unha puntuación adicional cando estes empregos sexan femininos.

Por outra parte, para os distintos programas de axuda obteranse os indicadores que teñan que ver con persoas de xeito distinguido segundo a perspectiva de xénero, co fin de poder estudar a situación e a posición relativa das mulleres con relación aos homes e poder tomar as medidas correctoras no caso de que se detecte algún tipo de fenda de xénero.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Soamente nalgúns proxectos de gasto é posible a avaliación dos efectos deste programa sobre un e outro sexo e sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Así, nos proxectos dirixidos especificamente á vinculación de persoas (p. ex. xestores de internacionalización), establécense criterios de mellora da intensidade de axuda no caso de contratación de mulleres.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Coa limitación indicada nos apartados anteriores, pode constatarse a maior presenza de mulleres en accións formativas ou de difusión.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Non se teñen implantado novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero na xestión, desenvolvemento e avaliación das accións que financia o programa de gasto, polas razóns deducibles do explicitado nos apartados anteriores.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Instituto Galego de Promoción Económica - IGAPE

III.1.8. PROGRAMA 751A - ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Comercio:

- Modernizar e incrementar a competitividade do tecido comercial.
- Mellorar a competitividade e a dinamización do comercio e da empresa comercial, prestando especial atención á dixitalización do sector e ao impulso da súa innovación, tanto en novas fórmulas de comercialización como na posta en marcha de proxectos de sostibilidade e protección do medio ambiente no sector comercial.
- Impulsar a transformación empresarial e a adaptación aos cambios do mercado no contexto marcado pola actual situación inflacionista.
- Impulsar o dinamismo económico do sector comercial mediante o fomento e a promoción do emprendemento así como a consolidación dun sector sostible.
- Incrementar e potenciar a innovación nas empresas comerciais impulsando a súa presenza en novos formatos, produtos e servizos, identificando ao comercio cun novo concepto conectado coa clientela e as tendencias do mercado.
- Impulsar a modernización das estruturas e espazos comerciais procurando a mellora da imaxe e dos servizos, impulsando tamén a sostibilidade ambiental e fomentando procesos de economía circular no ámbito do comercio.
- Incentivar a demanda comercial e potenciar a calidade e a excelencia no tecido comercial e o seu compromiso cos valores sociais e o medio ambiente. Apoiar ao asociacionismo comercial como ferramenta de colaboración e cooperación para incrementar a competitividade do comercio de proximidade e a mellora da imaxe das nosas vilas e cidades.
- Impulsar a actividade feiral e a promoción dos produtos galegos, especialmente coa marca de garantía "Galicia Calidade" como marca económica da Xunta de Galicia.

Artesanía:

- Modernizar o sector artesanal nas súas estruturas produtivas e mellorar a comercialización dos produtos artesanais.
- Crear emprego de calidade no sector artesanal galego e fomentar o relevo xeracional de oficios.
- Mellorar as técnicas de xestión e deseño aplicadas á produción artesanal.
- Mellorar a competitividade das empresas de artesanía mediante un incremento da comercialización dos produtos.
- Fomentar e promocionar a identidade corporativa asociada á marca "Artesanía de Galicia".

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Comercio: o sector comercial retallista, constituído por un total de 26.014 empresas que dan emprego a 106.367 persoas traballadoras, ocupando a maior porcentaxe aqueles grupos de especial sensibilidade como é o emprego xuvenil ou o feminino.

Artesanía: o sector artesanal galego composto por 3.429 persoas que teñen a carta de artesá/án e 841 obradoiros artesanais.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na actualidade, trala crise causada pola Covid-19, a inflación está a producir graves consecuencias económicas, tales como o incremento xeneralizado dos prezos e o conseguinte descenso do consumo. Esta situación está a influír dun xeito indubidable na actividade económica e no comportamento dos/as consumidores/as, afectando de forma moi significativa á actividade comercial e, en xeral, á economía das persoas consumidoras.

Neste contexto de recuperación e reactivación económica, o sector comercial ten que adaptarse, o que implica a súa transformación moi vinculada á modernización e á dixitalización do sector.

Esta situación ten que ser aproveitada para a readaptación do comercio co fin de acadar unha maior competitividade, tendo en conta as características territoriais e socioeconómicas de Galicia.

Artesanía: Actualmente, o sector caracterízase pola disgregación e a atomización, cunha baixa utilización das técnicas de xestión e certas carencias na comercialización.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Comercio:

- Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio Interior de Galicia e normativa de desenvolvemento.
- Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.

Artesanía:

- Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia.
- Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Comercio:

A Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia posúe, entre outras competencias, as referidas ao comercio nos termos recollidos no Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (transitoriamente en vigor de conformidade co establecido na disposición transitoria do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia).

Co dobre obxectivo, por unha banda, de reforzar e transformar o comercio de proximidade, toda vez que exerce un papel cohesionador básico na actividade económica xeral ao revelarse como unha das actividades con maior capacidade de incidencia no entorno urbano e social onde se desenvolve e, pola outra, manter e crear emprego no sector comercial mediante a transmisión de coñecemento impulsando un sector máis adaptado e competitivo.

Trátase de desenvolver unha estratexia global onde se acade a compatibilidade e o equilibrio entre o próximo e o global, entre a tenda física e a rede. En definitiva, unir a transformación dos espazos comerciais na procura dunha actividade comercial rendible e sustentable.

É o momento para reactivar a actividade comercial que permita adaptarse aos cambios que están a producirse no mercado. As actuacións previstas tentarán mitigar os efectos adversos que a actual situación económica está a provocar e axudarán a crear novas sinerxias e oportunidades empresariais.

As actuacións dirixen o foco do sector á clientela con criterios medioambientais sostibles que o fagan máis atractivo e competitivo. Incentívase unha adaptación necesaria mediante a

dixitalización e a reforma comercial en termos de sustentabilidade, modernidade e comercio de calidade ao tempo que dinamice a actividade comercial das nosas vilas e cidades e mellore a súa imaxe e seguridade.

A dixitalización percíbese no mercado como un eixe fundamental no sector e por iso é preciso seguir a traballar neste eido cara á introdución de ferramentas de marketing intelixente para formar parte dun sector xa transformado que precisa dunha adaptación continua aos hábitos das persoas consumidoras nun contexto, ademais, de forte competencia.

Neste contexto, o aproveitamento do valor estratéxico do comercio urbano e a dinamización da actividade comercial para buscar novas estratexias de incentivación da demanda que favorezan tanto o incremento das vendas como o número das persoas consumidoras é fundamental. O comercio no rural cobra especial relevancia e por iso debe ser obxecto de especial tratamento para trasladar alí as tendencias do sector.

O programa ten por finalidade proseguir coa modernización do tecido comercial galego e coa súa adaptación ás novas tendencias do mercado mediante as seguintes actuacións, entre outras:

- Contribuír a construción dun sector comercial máis competitivo e dinámico.
- Revitalizar e fortalecer as prazas de abastos, centros comerciais abertos e eixes comerciais.
- Racionalizar e optimizar os recursos dos recintos feirais.
- Mellorar a comercialización dos produtos galegos.

Artesanía:

O citado Decreto 116/2022, do 23 de xuño, indica que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de artesanía.

A importancia das actividades artesanais en Galicia reside non só nun plano social ou cultural, co que se adoitan identificar, senón que constitúen actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha lista longa de oficios que se traduce nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás exixentes demandas do mercado actual.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, aposta por un sector artesán forte e capaz de adaptarse ás novas tendencias do mercado, e ten como obxectivo fundamental o desenvolvemento dunha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector coa modernización e crecemento das estruturas produtivas, a introdución das novas tecnoloxías e o fomento e

divulgación dos produtos artesanais e a potenciación da marca Artesanía de Galicia, para a mellor comercialización da Artesanía Galega mediante as seguintes actuacións, entre outras:

- Contribuír á construción dun sector artesanal máis competitivo e dinámico.
- Acadar unha formación e inserción laboral adecuada.
- Mellorar a comercialización dos produtos artesanais.
- Garantir o relevo xeracional nos oficios tradicionais artesanais.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo incorporará unha perspectiva de xénero e promoverá a igualdade entre homes e mulleres na licitación dos contratos que teña que levar a cabo co obxecto de promover un marco de relacións laborais que favoreza a racionalización horaria e a conciliación responsable, mediante o uso estratéxico da contratación pública a través da aplicación de cláusulas sociais e outros datos específicos relacionados co programa e coa poboación obxectivo das actividades, desagregados por sexo.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OI03 - Transferencias internas

OO01 - Avanzar no proceso de especialización establecido pola RIS3 de Galicia

OO02 - Fomentar a cultura de innovación nas empresas establecendo incentivos e programas efectivos de financiamento para I+D+i, especialmente nas PEMES e sectores, nos ámbitos de especialización de Galicia. Mellorar o impulso e seguimento do ciclo innovador de todas as empresas.

OO03 - Reforzar as estruturas de transferencia de coñecemento e tecnoloxía a través da capacitación, adestramento e especialización dos seus profesionais (xestores de I+D+i).

OO06 - Atraer e manter o talento innovador

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOCO01 - Número de empresas que reciben axudas	298
DOCO27 - Investimento privado en paralelo ao apoio público en proxectos de innovación ou I+D	35.702.799
DE021H - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes	151
DE021M - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres	135
PO076A - Entidades beneficiadas en proxectos de I+D+i	249

Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E04 - Impulsar o crecemento do ecosistema dixital, a través da innovación e a especialización tecnolóxica, favorecendo a adopción de tecnoloxías avanzadas que dean resposta aos retos de futuro

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO02 - Facilitar a reinvención do tecido industrial galego e a súa especialización dende o punto de vista tecnolóxico.

Indicador	Valor Previsto
DOCO01 - Número de empresas que reciben axudas	5

Programa: 613A ORDENACIÓN , INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

O007 - Detección e sanción de condutas anticompetitivas. A promoción da competencia trata de mellorar o entorno competitivo por medio de mecanismos non coactivos, como a elaboración de informes, recomendacións e todos aqueles medios que permitan difundir na sociedade os valores da competencia.

O008 - Reforzo da protección e defensa das persoas consumidoras.

Indicador	Valor Previsto
PO0045 - Axudas concedidas.	11

Programa: 731A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE INDUSTRIA

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar o desenvolvemento de polos de desenvolvemento baseados nas tic e das habilidades STEM en tódalas fases do proceso educativo, e a competitividade do sector produtivo apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
O001 - Avanzar na incorporación da innovación e as TIC na PEMES . Transformar o tecido empresarial nun tecido avanzado, intelixente.
O099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Programa: 732A REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO1 - Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
O001 - Promoción e desenvolvemento de instrumentos de apoio á constitución, crecemento, fortalecemento e consolidación empresarial, especialmente importante en sectores tradicionais e emerxentes. Xerar elementos que promovan o emprendemento e reduzan a aversión ao risco e incentiven o investimento privado nas pequenas empresas.
O003 - Comprobar a adecuación da posta en funcionamento e as condicións de servizo dos establecementos e das instalacións, así como da fabricación e comercialización dos produtos industriais, respecto dos regulamentos de seguridade e normativa que lles sexan aplicables.
O004 - Axudas para a renovación de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial e para mellora de equipamentos industriais.
O099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	25
PO0045 - Axudas concedidas.	1
PO1000 - Parques empresariais con equipamentos mellorados	43

Programa: 733A EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES

Eixe: E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible

Prioridade de Actuación: PA01 - Fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO1 - Mellorar a eficiencia enerxética na edificación, nas infraestruturas e servizos públicos. Avanzar na avaliación e mellora da eficiencia enerxética das empresas, incidindo no que atinxe á intensidade enerxética

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OI02 - Gastos de persoal
O001 - Promoción de proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas, administración e particulares. Apoio á realización de auditorías enerxéticas e a implementación de equipos de medida e monitorización de consumos enerxéticos que contribúan a unha mellor diagnose e unha mellor da xestión da enerxía nos distintos ámbitos de consumo.

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

O003 - Actuacións relacionadas coa mobilidade sostible, especialmente aquelas que contribúan a dispoñer da infraestrutura necesaria, tanto pública como privada, de subministración enerxético para as diferentes alternativas de propulsión limpa na mobilidade e o transporte.

O005 - Fomentar as comunidades enerxéticas (asociación de empresas, particulares etc. para executar accións comunitarias: por exemplo as instalación de autoconsumo compartidas). Fomentar a súa creación, proporcionar ferramentas para a súa creación; poden estar traccionadas por entidades públicas pero implicar aos axentes do entorno. Poden axudar a universalizar o acceso ás renovables, ao autoconsumo e a solucións enerxéticamente eficientes.

Indicador	Valor Previsto
D0E001 - Redución do consumo de enerxía final en infraestruturas públicas ou empresas	2
P00020 - Actuacións de estudo, difusión e promoción	5
P0045G - Axudas concedidas en eficiencia enerxética	14.808
P01055 - Axudas a actuacións que contribúan á diversificación enerxéttica	1.300

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E02 - Aumentar o peso das enerxías renovables autóctonas no mix enerxético para favorecer o paso a unha economía de baixo nivel de emisión de carbono e reducir a dependencia enerxética do exterior

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

O001 - Fomentar as renovables de forma que se podan superar as principais barreiras que impiden o seu desenvolvemento. Realizar un seguimento da evolución das enerxías renovables para conseguir os obxectivos da Axenda de transición enerxética de Galicia 2030.

O002 - Desenvolver accións informativas sobre recursos renovables.

O003 - Fomentar o aproveitamento da biomasa autóctona.

O004 - Fomentar o autoconsumo eléctrico.

O005 - Aproveitar o potencial doutras fontes renovables aínda sen explotar como as enerxías mariñas.

O006 - Desenvolver medidas de acompañamento para facilitar o cambio de vector enerxético no sector residencial

O007 - Impulsar a implantación de novos fabricantes de compoñentes relacionados coas enerxías renovables.

O099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
P0045F - Axudas concedidas ao fomento das enerxías renovables	3.214

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Dotar de integridade un sistema de garantía de ingresos para que as persoas sen recursos ou con insuficiencia destes podan cubrir as súas necesidades básicas

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

O005 - Programas de axudas para persoas con déficit de recursos, en risco ou en situación de pobreza (bonos sociais, bono social térmico, etc.)

Programa: 734A FOMENTO DA MINARÍA

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

O099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

O005 - Fomento do uso dos recursos mineiros na mellora da eficiencia enerxética dos edificios e medidas de apoio para a utilización de produtos mineiros nos edificios.

O006 - Recuperación dos espazos afectados por labores mineiras abandonadas, actuacións de recuperación e posta en seguridade de labores mineiras.

Indicador	Valor Previsto
P0045 - Axudas concedidas.	65
P0045B - Accións de apoio ao sector mineiro	65

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E02 - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar o desenvolvemento de polos de desenvolvemento baseados nas tic e das habilidades STEM en tódalas fases do proceso educativo, e a competitividade do sector produtivo apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

O099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
P0045B - Accións de apoio ao sector mineiro	9

Programa: 741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OI02 - Gastos de persoal

O001 - Promoción e desenvolvemento de instrumentos de apoio á constitución, crecemento, fortalecemento e consolidación empresarial, especialmente importante en sectores tradicionais e emerxentes. Xerar elementos que promovan o emprendemento e reduzan a aversión ao risco e incentiven o investimento privado nas pequenas empresas.

O002 - Facilitar a reinvención do tecido industrial galego e a súa especialización dende o punto de vista tecnolóxico.

O099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	220
P00103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	1.000.000
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	100
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	50

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E02 - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar o desenvolvemento de polos de desenvolvemento baseados nas tic e das habilidades STEM en tódalas fases do proceso educativo, e a competitividade do sector produtivo apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

O001 - Avanzar na incorporación da innovación e as TIC na PEMES . Transformar o tecido empresarial nun tecido avanzado, intelixente.

O002 - Favorecer a aposta polo talento dixital.

O003 - Promover a formación empresarial en xestión e consolidación empresarial. Formación destinada a perfil directivo e mandos intermedios para mellorar a capacidade estratéxica e os modelos de xestión empresarial.

O004 - Mellorar a capacitación das persoas e organizacións para liderar os procesos de cambios nas empresas e organizacións.

O099 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOC001 - Número de empresas que reciben axudas	638
P0045B - Accións de apoio ao sector mineiro	1

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E03 - Atraer investimento produtivo e fomentar e facilitar a internacionalización das empresas galegas, en especial as PEME

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO02 - Consolidar a aposta pola innovación e a internacionalización mediante a diversificación de produtos e mercados.

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOCO01 - Número de empresas que reciben axudas	213
PO0103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	26.000.000

Programa: 751A ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA03 - Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO1 - Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OI03 - Transferencias internas

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Incrementar a competitividade das empresas galegas a través da innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, apoiar o desenvolvemento de polos de desenvolvemento baseados nas tic e das habilidades STEM en tódalas fases do proceso educativo, e a competitividade do sector produtivo apostando por produtos de alto valor engadido diferenciados en base ao compoñente tecnolóxico, a calidade a o deseño

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO01 - Avanzar na incorporación da innovación e as TIC na PEMES . Transformar o tecido empresarial nun tecido avanzado, intelixente.

Indicador	Valor Previsto
PO0103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	2.250.000
PO045C - Axudas concedidas ao sector do comercio	722

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO3 - Atraer investimento produtivo e fomentar e facilitar a internacionalización das empresas galegas, en especial as PEME

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO03 - Promocionar a comercialización de produtos galegos de calidade. Promoción da mellora do deseño e transformación de produto e materias primas galegas.

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOCO01 - Número de empresas que reciben axudas	70
PO0103 - Investimento privado que acompaña á axuda pública	65.000
PO045C - Axudas concedidas ao sector do comercio	12

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	04	80
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e da competencia					7.424
731A-Dirección e servizos xerais de industria	8.352	426			
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	7.417	10.085			
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables			11.443		
734A-Fomento da minaría			8.513		
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia				21.891	
Total	**15.769**	**10.511**	**19.955**	**21.891**	**7.424**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos			
	A1	A2	A3	Total
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica		169.316		169.316
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e da competencia				7.424
731A-Dirección e servizos xerais de industria				8.778
732A-Regulación e soporte da actividade industrial				17.502
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables			79.682	91.125
734A-Fomento da minaría				8.513
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	212.788			212.788
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia				21.891
Total	**212.788**	**169.316**	**79.682**	**537.337**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos								
	I	II	III	IV	VI	VII	VIII	IX	Total
561A-Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	7.409	461	112	6.495	39.950	109.804	1.584	3.501	169.316
613A-Ordenación, información e defensa do consumidor e da competencia	5.813	666		273	648	24			7.424
731A-Dirección e servizos xerais de industria	4.662	1.342		24	2.750				8.778
732A-Regulación e soporte da actividade industrial	9.915				2.036	5.551			17.502
733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables	10.055	389		4.064	1.641	74.975			91.125
734A-Fomento da minaría				160	4.632	3.721			8.513
741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial	7.129	2.209		1.827	12.749	91.965	95.750	1.160	212.788
751A-Ordenación, regulación e promoción do comercio interior de Galicia	1.303			7.353	797	12.438			21.891
Total	**46.287**	**5.067**	**112**	**20.197**	**65.203**	**298.476**	**97.334**	**4.661**	**537.337**

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	11.819	12.079	2,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	916	916	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	24	24	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	2.750	2.750	0,0
Total	**15.509**	**15.769**	**1,7**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

02 SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.064	2.499	21,1
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	426	426	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.136	2.036	79,2
Cap. VII - Transferencias de capital	5.601	5.551	-0,9
Total	**9.226**	**10.511**	**13,9**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.191	7.197	16,2
Cap. IV - Transferencias correntes	4.160	4.160	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	2.986	4.878	63,3
Cap. VII - Transferencias de capital	4.193	3.721	-11,3
Total	**17.530**	**19.955**	**13,8**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.335	1.303	-2,4
Cap. IV - Transferencias correntes	6.116	7.353	20,2
Cap. VI - Investimentos reais	1.087	797	-26,7
Cap. VII - Transferencias de capital	16.948	12.438	-26,6
Total	**25.485**	**21.891**	**-14,1**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

80 INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	5.648	5.813	2,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	666	666	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	165	273	65,3
Cap. VI - Investimentos reais	660	648	-1,8
Cap. VII - Transferencias de capital	24	24	0,0
Total	**7.163**	**7.424**	**3,6**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

A1 INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	7.265	7.129	-1,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.909	2.209	15,7
Cap. IV - Transferencias correntes	1.724	1.827	6,0
Cap. VI - Investimentos reais	13.210	12.749	-3,5
Cap. VII - Transferencias de capital	84.431	91.965	8,9
Cap. VIII - Activos financeiros	95.750	95.750	0,0
Cap. IX - Pasivos financeiros	2.160	1.160	-46,3
Total	**206.448**	**212.788**	**3,1**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

A2 AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	7.033	7.409	5,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	466	461	-1,0
Cap. III - Gastos financeiros	115	112	-2,4
Cap. IV - Transferencias correntes	6.405	6.495	1,4
Cap. VI - Investimentos reais	31.706	39.950	26,0
Cap. VII - Transferencias de capital	106.320	109.804	3,3
Cap. VIII - Activos financeiros	7.851	1.584	-79,8
Cap. IX - Pasivos financeiros	3.499	3.501	0,1
Total	**163.394**	**169.316**	**3,6**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

A3 INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.742	2.859	4,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	376	389	3,4
Cap. IV - Transferencias correntes	64	64	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	2.321	1.395	-39,9
Cap. VII - Transferencias de capital	73.384	74.975	2,2
Total	**78.887**	**79.682**	**1,0**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2023	2024	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TECNICA	15.509	15.769	1,7
02 SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA	9.226	10.511	13,9
03 DIRECCIÓN XERAL PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS	17.530	19.955	13,8
04 DIRECCIÓN XERAL DE COMERCIO E CONSUMO	25.485	21.891	-14,1
80 INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA	7.163	7.424	3,6
A1 INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	206.448	212.788	3,1
A2 AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	163.394	169.316	3,6
A3 INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	78.887	79.682	1,0
Total	**523.643**	**537.337**	**2,6**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024
Cap. I - Gastos de persoal	21.409	23.077	0	23.210	0	0	0	46.287
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.342	1.342	0	3.725	0	0	0	5.067
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	112	0	0	0	112
Cap. IV - Transferencias correntes	38.284	43.821	0	8.695	0	32.320	0	20.197
OPERACIÓNS CORRENTES	**61.034**	**68.240**	**0**	**35.742**	**0**	**32.320**	**0**	**71.663**
Cap. VI - Investimentos reais	7.959	10.461	0	54.742	0	0	0	65.203
Cap. VII - Transferencias de capital	368.684	352.864	0	276.812	0	331.200	0	298.476
Cap. VIII - Activos financeiros	0	0	0	97.334	0	0	0	97.334
Cap. IX - Pasivos financeiros	0	0	0	4.661	0	0	0	4.661
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**376.643**	**363.325**	**0**	**433.549**	**0**	**331.200**	**0**	**465.674**
Total	**437.678**	**431.565**	**0**	**469.291**	**0**	**363.519**	**0**	**537.337**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Econ., Industria e Innovac.	2024
Altos Cargos	**5**
Persoal Funcionario	**303**
Subgrupo A1	**126**
Subgrupo A2	**63**
Subgrupo C1	**57**
Subgrupo C2	**50**
Agrupacións profesionais	**7**
Persoal Laboral	**43**
Grupo I	**15**
Grupo II	**5**
Grupo III	**18**
Grupo IV	**4**
Grupo V	**1**
TOTAL	**351**

Medios Persoais

Instituto Galego do Consumo e da Competencia	2024
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	122
Subgrupo A1	25
Subgrupo A2	18
Subgrupo C1	57
Subgrupo C2	20
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	15
Grupo I	6
Grupo III	4
Grupo IV	4
Grupo V	1
TOTAL	138

Medios Persoais

Instituto Galego de Promoción Económica	2024
Altos Cargos	1
Persoal Laboral	109
Grupo I	79
Grupo IV	2
Grupo V	28
TOTAL	110

Medios Persoais

Axencia Galega de Innovación	2024
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	62
Subgrupo A1	39
Subgrupo A2	7
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	10
Agrupacións profesionais	1
Persoal Laboral	45
Grupo I	32
Grupo II	9
Grupo III	4
TOTAL	108

Medios Persoais

Instituto Enerxético de Galicia	2024
Persoal Funcionario	**3**
Subgrupo A1	**3**
Persoal Laboral	**30**
Grupo I	**15**
Grupo II	**1**
Grupo III	**13**
Grupo IV	**1**
TOTAL	**33**

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Fundacións do sector público autonómico	**Explotación**	**Capital**
Fundación Pública de Artesanía de Galicia	1.019	3
Fundación Centro Tecnolóxico Supercomputación de Galicia	3.724	4.682
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	204	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	666	46
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.534	23
Instituto Feiral de A Coruña	531	
Instituto Feiral de Vigo	1.175	
Sociedades mercantís públicas autonómicas	**Explotación**	**Capital**
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	787	
XesGalicia, sociedade xestora de entidades capital risco, S.A.	2.939	25
Galicia calidade,S.A.U.	1.051	
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	2.625	696
Total	**16.256**	**5.474**

(Miles de Euros)

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

SECCIÓN 10

I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

A Presidencia da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Posteriormente aprobouse o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das Consellerías da Xunta de Galicia.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para o exercicio das súas competencias e o cumprimento dos seus fins, baixo a superior dirección da súa persoa titular estrutúrase nos seguintes órganos superiores e de dirección:

- Secretaria Xeral Técnica.
- Secretaria Xeral de Política Lingüística.
- Secretaria Xeral de Universidades.
- Dirección Xeral de Cultura.
- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
- Dirección Xeral de Formación Profesional.
- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Quedan adscritos a esta Consellería, sen prexuízo da súa personalidade xurídica propia, as seguintes entidades públicas instrumentais:

- A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).
- O Consorcio Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- A Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- A Fundación Camilo José Cela.
- A Fundación Museo do Mar de Galicia.

Nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra existe unha xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades cuxo ámbito de competencia se estende ao territorio da respectiva provincia.

Así mesmo, están adscritos a esta consellería con carácter, cometido e funcións establecidas nas súas respectivas normas reguladoras os órganos colexiados seguintes:

- A nivel central:
  - O Consello Escolar de Galicia, creado pola Lei 3/1986, do 18 de decembro.

- O Consello Galego de Universidades, creado pola Lei 2/2003, do 22 de maio.
- O Consello Galego de Formación Profesional, creado polo Decreto 110/1999, do 8 de abril, modificado polo Decreto 214/2003, do 20 de marzo.
- O Consello para a Coordinación da Docencia Clínica en Galicia creado polo Decreto 104/2011,do 11 de maio.
- O Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, creado polo Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- A Xunta Autonómica de Directores de Centros non Universitarios, creada pola Orde do11 de novembro de 1999.
- A Comisión Mixta Xunta-Igrexa, constituída polo Convenio de colaboración entre os Bispos das Dioceses que abranguen o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia do 17 de abril de 1985 e regulada polo Decreto 84/2017, do 3 de agosto.
- O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia, regulado polo Decreto 122/2012, do 10 de maio.
- A Comisión Técnica de Arqueoloxía, regulada polo Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia e polo Decreto 93/2017, do 14 de setembro.
- Consello Asesor dos Camiños de Santiago regulado polo Decreto 93/2017, do 14 de setembro.
- A Comisión Técnica de Etnografía, regulada polo Decreto 60/2008, do 13 de marzo.
- A Comisión de Seguimento e Impulso do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, creada polo Decreto 58/2006, do 30 de marzo.
- A Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia para a Normalización Lingüística, creada polo Decreto 258/2006, do 28 de decembro.
- O Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, regulado pola Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- O Consello Coordinador de Publicacións da Xunta de Galicia e a Comisión Permanente de Publicacións, regulados polo Decreto 196/2001, do 26 de xullo, polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia.
- O Consello Asesor do Libro, regulado polo Decreto 178/2007, do 13 de setembro.
- O Consello Asesor do Centro Galego de Arte Contemporánea .
- O Consello de Avaliación Documental, creado polo Decreto 15/2016 do 14 de xaneiro polo que se regula a composición e o seu funcionamento e o procedemento de avaliación e selección de documentos.
- O Consello de Arquivos de Galicia, creado polo Decreto 25/2016 do 3 de marzo polo que se regula a súa composición e o funcionamento.

- A Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra, creada polo Decreto 105/2020, do 9 de xullo.
- A Comisión de Toponimia, regulada polo Decreto 174/1998, do 5 de xuño, adscrita á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola disposición adicional quinta do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.
- O Consello de Centros Museísticos de Galicia, regulado polo Decreto 202/2022, do 10 de novembro, que se regula a súa composición e funcionamento.

• A nivel territorial:
- As xuntas provinciais de directores de centros de ensino non universitario, creadas pola Orde do 10 de decembro de 1997.
- Os Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia regulado polo Decreto 93/2017, do 14 de setembro

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de:

a) Planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.
b) Coordinación do sistema universitario.
c) Recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións docentes de interese galego
d) Competencias e funcións que lle atribúe o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia e o Decreto 214/2003, do 20 de marzo, polo que se modifica o Decreto 110/1999, do 8 de abril, polo que se crea e regula o Consello Galego de Formación Profesional.
e) Promoción e difusión da cultura en todas as facetas, dentro e fóra de Galicia: a literatura, a arte, a historia, a creación, o teatro, a música, a danza, o coñecemento, a innovación, a industria, as relacións e a presenza no mundo contemporáneo.
f) Conservación do patrimonio cultural e documental: os arquivos, os museos, bibliotecas, as casas de cultura e outros edificios socioculturais.
g) Patrimonio histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, artístico, arquitectónico e etnolóxico en todas as súas manifestacións.
h) Protección, promoción, conservación e recuperación dos Camiños de Santiago.

i) Promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.

j) Recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións culturais e docentes de interese galego.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos en materia de cultura e educación son os seguintes:

- Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, de consolidación de traspasos efectuados na fase preautonómica á Xunta de Galicia.
- Real decreto 2092/1983, do 28 de xullo, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos os servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación.
- Real decreto 2794/1986, do 30 de decembro, sobre ampliación de servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación non universitaria (institutos de orientacións educativa e profesional).
- Real decreto 1724/1987, do 18 de decembro, sobre ampliación de servizos e medios en materia de educación non universitaria (centros de formación profesional regrada).
- Real decreto 1754/1987, do 18 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia dos servizos e institucións e de medios persoais, materiais e orzamentarios en materia de universidades.
- Real decreto 1457/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanza de graduado social.
- Real decreto 1460/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso á Comunidade Autónoma de Galicia de funcións e servizos do Estado en materia de ensinanzas superiores de mariña civil.
- Real decreto 87/1996, do 26 de xaneiro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de ensino.
- Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.
- Real decreto 1751/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia, polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 1752/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.

- Real decreto 1838/1999, do 3 de decembro, de ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación.
- Real decreto 367/2004, do 5 de marzo, sobre ampliación das funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación (escolas viaxeiras).
- Real decreto 553/2006, do 5 de maio, sobre funcións e servizos en materia educativa, de emprego e formación profesional ocupacional encomendados ao Instituto Social da Mariña.
- Real Decreto 1139/2007, do 31 de agosto, de ampliación dos medios adscritos aos servizos da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación (CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte).
- Real Decreto 1319/2008, do 24 de xullo, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real Decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación: homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias.
- Real decreto 1634/1980, do 31 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia, entre outras, de cultura.
- Real decreto 1706/1982, do 24 de xullo, de consolidación de traspasos efectuados na fase preautonómica á Xunta de Galicia.
- Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura.
- Real decreto 3356/1983, do 28 de decembro, sobre valoración definitiva e ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura e adaptación dos transferidos na fase preautonómica.
- Real decreto 1531/1989, do 15 de decembro, sobre ampliación de medios persoais e orzamentarios traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (bibliotecas, arquivos e museos).
- Real decreto 2167/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e dos medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (Muralla de Lugo e Castro de Viladonga).
- Real decreto 2168/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación de medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (museos).
- Real decreto 2169/1994, do 4 de novembro, sobre ampliación das funcións e os medios adscritos aos servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura (puntos de información cultural).

- Real decreto 1825/1998, do 28 de agosto, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma en materia de execución da lexislación sobre propiedade intelectual.

I.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS.

De acordo cos fins que lle atribúe a súa lei de creación (Lei 4/2008, do 23 de maio), ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego.

As súas competencias esténdense á totalidade das actividades culturais e artísticas desenvolvidas por creadores individuais e empresas, na procura dunhas industrias culturais dinámicas, competitivas e innovadoras e, en particular:

- Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais.
- Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado.
- Promover a distribución e a comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país.
- Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.
- Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción.

Os estatutos foron aprobados polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo e modificados polo Decreto 53/2021 do 18 de marzo.

I.2.3. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA.

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia acolle nos seus espazos servizos e actividades destinados á preservación do patrimonio e á memoria, ao estudo, á investigación, á experimentación, á produción e á difusión nos ámbitos das letras e o pensamento, a música, o teatro, a danza, o cine, as artes visuais, a creación audiovisual e a comunicación, á vez que alberga proxectos como a Biblioteca de Galicia, o Arquivo de Galicia ou o Museo-Centro Gaiás.

A Cidade da Cultura de Galicia (CdC) constitúese como un espazo de vangarda arquitectónica que debe ser tamén un centro cultural e artístico de emprendemento punteiro pola innovación dos seus contidos. Nese senso, concíbese a CdC como unha plataforma de proxectos para o desenvolvemento da cultura e da sociedade galega e ao servizo dela que busca crear oportunidades e dinamizar o conxunto do sistema cultural galego a través do impulso e a proxección da cultura nun senso amplo, innovador e internacional, co que tamén imprimir un polo de dinamización económica, crecemento e emprego.

A FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA.

A Fundación Camilo José Cela, situada en Iria Flavia, localidade natal do escritor, foi constituída en 1986 polo Premio Nobel padronés co principal propósito e vontade de gardar todos os seus manuscritos, libros e documentos persoais, xunto coas obras artístico-pictóricas e diversas colecciónes de todo tipo, conformando todo iso un legado cultural, artístico e persoal visible e accesible para as persoas que a visitan ou para o persoal de investigación.

No ano 2012, a Xunta de Galicia decretou o "carácter público" da fundación, pasando a estar baixo a tutela directa da Administración Autonómica e denominándose desde entón Fundación Pública Galega Camilo José Cela.

A Fundación ten por obxecto promover o estudo da obra de Camilo José Cela e conservar o seu patrimonio cultural, humano e aínda anecdótico, procurando estender o coñecemento xeral da devandita obra e patrimonio, así como de todas aquelas actividades dirixidas ao fomento da cultura.

Para isto, a fundación:

- Conserva o legado de CJC (máis de corenta e cinco mil volumes), fomenta o seu coñecemento e promove o seu estudo e difusión.
- Desenvolve as súas actividades principalmente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que non se establece límite xeográfico ou político algún para a súa actuación.
- Realiza todo tipo de actividades referidas ao ámbito da cultura en xeral e ao literario e artístico en particular.

A FUNDACIÓN MUSEO DO MAR DE GALICIA.

A Fundación Museo do Mar de Galicia foi constituída o 30 de decembro do 2002 con sede en Vigo. Por Orde de 26 de febreiro do 2003 (D.O.G núm. 52 do 14 de marzo do 2003) foi recoñecida de interese cultural, estando adscrita á Consellería de Cultura, Educación, Formación

Profesional e Universidades, que exerce plenamente o protectorado sobre ela. Constitúese ó mesmo tempo como fundación do sector público autonómico e como fundación de interese galego.

O Museo do Mar de Galicia, segundo establecen os seus estatutos, ten por obxecto primordial a xestión e dirección do Museo do Mar de Galicia. Sen prexuízo disto poderase igualmente ocupar en fomento, organización, xestión ou desenvolvemento e difusión de actuacións culturais, científicas, didácticas, socioeconómicas ou calquera outras análogas de interese xeral que, a iniciativa propia ou a proposta doutras institucións, fundacións ou organismos se estime que conduzan a potenciar ou favorecer o desenvolvemento socio-cultural, científico ou económico en Galicia.

Entenderase, entre outras, como actuacións comprendidas dentro do descrito obxecto fundacional:

- A recompilación ou depósito, conservación e análise de fondos documentais de relevancia histórica ou cultural, en calquera tipo de soporte.
- O fomento e difusión de actividades de investigación que poidan contribuír á consecución de fins da Fundación.
- Velar pola catalogación, protección, conservación, investigación e mellora dos bens mobles e inmobles que integren o seu patrimonio, en especial, aqueles con un valor histórico significativo.
- A exhibición ordenada dos seus fondos así como a organización periódica de exposicións científicas e divulgativas acordes ó obxecto da Fundación.
- A promoción, colaboración ou organización de cursos, grupos de traballo, simposios i eventos similares relativos ós fins da Fundación, así como ao desenvolvemento dunha actividade didáctica respecto ós seu contidos.
- A elaboración e publicación de catálogos e monografías dos seus fondos.
- A colaboración con outras institucións, empresas ou persoas na realización de actividades afíns á Fundación, nos termos que se establezan nos correspondentes acordos ou convenios.
- A xestión da Illa de San Simón.

No concernente ó ámbito de actuación do Museo do Mar de Galicia conta con recursos procedentes das súas actividades ordinarias, as transferencias de financiamento da Xunta de Galicia, as vendas de entradas ao Museo, as vendas de artigos relacionados coas súas actividades expositivas e os ingresos por alugueres de instalacións, así como as axudas, subvencións e doazóns percibidas de distintas entidades.

O Museo do Mar de Galicia desenvolve as súas actividades nos edificios propiedade da Xunta de Galicia, destinado ao Museo do Mar de Galicia.

A Fundación tamén xestiona o réxime de visitas, custodia a programación didáctica e xeneral do Centro Arqueolóxico do Areal-Salinae, situado en Vigo, na rúa Rosalía de Castro.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

A. LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN NON UNIVERSITARIA.

A prestación dos servizos educativos ten un importante peso específico nas políticas públicas i esixe a xestión racional dunha cantidade notable de recursos asignados que debe cumprir o principio constitucional de estabilidade orzamentaria. Nos obxectivos non debe esquecerse o peso dos recursos públicos que se dedican ao gasto persoal, tanto directo como asimilado, os dedicados ao financiamento das universidades do Sistema Universitario Galego (SUG) ou dos servizos educativos prestados polo réxime de concerto. Así, o 85% dos recursos xestionados pola consellería teñen un marcado carácter inflexible ao financiar gastos de persoal.

Os obxectivos da consellería poden encadrarse nas seguintes actuacións ou liñas estratéxicas:

- Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, cuxos obxectivos son o deseño dunha nova arquitectura institucional educativa, o acondicionamento e solución de problemáticas do parque inmobiliario educativo (número de edificios, idade media), dar resposta ás novas necesidades espaciais post Covid 19, así como a implicación coa educación dixital e as novas metodoloxías, xunto co cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible 2030.

  Continuaranse as actuacións de mellora nos centros educativos coa creación de unidades novas, así como coas actuacións encamiñadas á mellora da eficiencia enerxética das xa existentes ao abeiro do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica. Continuarase tamén coa mellora e ampliación das unidades xa existentes e a adquisición do equipamento necesario. Serán relevantes as ampliacións e dotacións para os novos ciclos formativos da FP, FP dual e Cursos de Especialización nos diferentes centros de secundaria e formación profesional.

  Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030 establece os eixes e liñas que guían as actuacións dunha FP moderna, dinámica e innovadora que se adapta a realidade socioeconómica e que contribúe á e mellora da empregabilidade, da formación, da creación de riqueza e ao impulso do tecido empresarial e do benestar da sociedade galega. Dita estratexia basease en varios principios inspiradores: reducir a fenda laboral, a formación, a colaboración, o recoñecemento das competencias e a calidade; e artéllase a través de 7 eixes, 15 obxectivos estratéxicos e 44 iniciativas ou actuacións, tanto da formación, como da acreditación de competencias, da orientación, da innovación, do emprendemento, da internacionalización e da calidade.

- Plan conecta.

  Plan de colaboración público-privada, para o establecemento de ofertas de formación profesional a medida do tecido produtivo galego 2023-2025, aprobado no Consello da Xunta de Galicia, no marco da Estratexia de FP Galicia 2030.

  Os obxectivos do Plan son os seguintes:

  - Deseñar e planificar unha oferta de formación profesional do sistema educativo que dea resposta a rápida evolución do sector produtivo e á necesidade de contar con persoas coa capacitación adecuada para facer fronte ao importante relevo xeracional que se está producindo.
  - Incidir na mellora da competitividade das empresas, dando resposta ás necesidades de capacitación que deben ter os traballadores que precisan. Detectar as necesidades formativas dos sectores produtivos que non están cubertas coa formación actual.
  - Amosar a potencialidade e as posibilidades do ecosistema da formación profesional de Galicia, a través da oferta formativa, da acreditación da experiencia laboral e da orientación profesional.
  - Acadar información para deseñar plans de formación adaptados ás necesidades futuras dos sectores produtivos, a través da constitución de grupos de traballo onde estean representados todos os axentes implicados.
  - Deseñar plans de formación específicos, a medida das necesidades das empresas ou das administracións, consolidando a FP dual como vía prioritaria de formación. Acadar que o número de empresas colaboradoras coa Formación Profesional do Sistema Educativo se incrementen cada curso académico.
  - Contribuír a dar visibilidade á Formación Profesional de Galicia e incrementar en 10 puntos o número de cidadáns cun nivel de cualificación media:
  - Facilitar que máis persoas opten por esta formación, o que contribuirá a reducir a taxa de abandono escolar, reducir o déficit de traballadores, suplir a falta de substitución xeracional e aumentar a empregabilidade da poboación.
  - Favorecer que máis empresas opten por empregar a persoas con estudos de FP, o que contribuirá a mellorar a taxa de persoas contratadas con formación de grao, básico, medio e superior.

  Para a consecución dos obxectivos previstos, realizáronse encontros, sectoriais e territoriais de carácter presencial, actos públicos nos que se deu a coñecer as múltiples posibilidades do ecosistema de Formación Profesional de Galicia, tanto de formación como de capacitación profesional, e nos que recolleron as necesidades de formación e capacitación que necesita o mundo laboral, tanto actuais como futuras, e deron lugar a constitución de grupos de traballo nos que estiveron representados todos os axentes implicados, e permitiron traballar esta información co obxectivo de facilitar o deseño de plans de formación profesional adaptados ás necesidades futuras dos sectores produtivos.

- Plan Innova FP

  Plan Innova FP Galicia para o impulso de liñas de actuación que avancen na innovación, investigación aplicada e no emprendemento na formación profesional galega, no marco da Estratexia FP Galicia 2030.

  Este Plan ten os seguintes obxectivos:

  - Contribuír a dar visibilidade ao potencial innovador e investigador do profesorado e dos centros de formación profesional.
  - Deseñar e planificar actuacións que favorezan o traballo en rede e a implicación do profesorado no desenvolvemento de proxectos de innovación en ámbitos tecnolóxicos asociados ao tecido produtivo galego, baixo parámetros de sustentabilidade.
  - Implantar programas específicos que poñan en valor o talento do alumnado de formación profesional potenciando as iniciativas emprendedoras que revertan I+D+i ao noso tecido produtivo, situando á persoa como centro das actuacións.
  - Establecer as bases para a definición de protocolos de actuación en materia de protección da propiedade industrial e rexistro de patentes, permitindo a xeración do ecosistema necesario para o desenvolvemento da Formación Profesional neste ámbito.
  - Xerar nos centros educativos espazos de tecnoloxía aplicada avanzada que contribúan ao desenvolvemento de iniciativas innovadoras e de emprendemento que redunden:
    - Na mellora da cualificación e da especialización do profesorado.
    - Na mellora das competencias e empregabilidade do alumnado.
    - No incremento de postos de traballo con alta cualificación.
  - Favorecer o desenvolvemento rural.
  - Promover liñas de actuación que colaboren na redución da brecha de xénero no emprendemento industrial e na innovación tecnolóxica. Para a consecución dos obxectivos preséntase 14 medidas organizadas dentro de 3 bloques: Innovación aplicada na Formación Profesional, Impulso do emprendemento da Formación Profesional e Visualización da innovación Aplicada.

- Plan de Capacitación do profesorado da Formación Profesional e réxime especial para a mellora da calidade da Formación Profesional potenciando a mellora da calidade da Formación profesional potenciando a formación específica e de alta especialización coa colaboración CGIFP Eduardo Barreiros e a rede de CIFP.

  O CGIFP é un referente ante o tecido produtivo e ante sociedade, das posibilidades de innovación e colaboración entre os ámbitos educativo e produtivo para o desenvolvemento de novas capacidades nas empresas de Galicia, aproveitando o capital humano e a experiencia dos centros galegos de Formación Profesional.

Traballará no desenvolvemento de proxectos de innovación con empresas que redunden nunha mellora da Formación Profesional, para facilitar unha empregabilidade de calidade e alto valor engadido.

Desde o seu papel como polo da innovación e o emprendemento industrial de Galicia, este centro impulsa e coordina proxectos en campos como a industria 5.0, a fabricación aditiva, a enerxía e a sustentabilidade, a biotecnoloxía, a gastronomía de vangarda ou a realidade virtual e aumentada. Para isto fai uso das tecnoloxías máis disruptivas xunto coa experiencia de profesorado e profesionais dos distintos sectores.

O CGIFP articúlase en torno a catro grandes eixos desde os que aborda as finalidades para as que foi deseñado: Innovación aplicada, Emprendemento Industrial, Formación de alta especialización e Comunicación estratéxica e Internacionalización.

O centro está chamado a convertirse nun eixo de innovación tecnolóxica, emprendemento e transferencia de coñecementos que:

- Vencellará á Formación Profesional coas demandas da nosa sociedade.
- Fortalecerá as relacións do centros de FP co tecido empresarial galego.
- Posibilitará aos centros de FP asumir os novos retos tecnolóxicos e didácticos, conforme aos requirimentos das empresas de Galicia

Entre as súas funcións destacan:

- Ser o referente, ante o tecido empresarial e ante a sociedade, das capacidades de innovación da FP.
- Promover e coordinar proxectos de innovación aplicada entre os centros de FP e os distintos sectores produtivos.
- Impulsar procesos de innovación tecnolóxica, didáctica e de xestión na FP para que sexa máis competitiva e dinámica.
- Fomentar o desenvolvemento empresarial dos proxectos de innovación e de emprendemento nacidos na FP.
- Recoller as demandas de innovación do tecido empresarial que poidan ser desenvolvidas nos centros de FP.
- Permitir o acceso do profesorado a recursos singulares e a formación especializada en materia de innovación tecnolóxica e científica.
- Potenciar a internacionalización da FP a través da participación en proxectos e redes de excelencia internacionais.

"Educonvives 2021-2025", coa que se pretende contribuír, a través dos obxectivos e das actuacións dos seus cinco eixes, a facer dos centros educativos espazos para a convivencia e o traballo en valores e a que o alumnado en particular, e a sociedade en xeral, saiba vivir e comportarse de xeito pacífico e comprometido, na sociedade tecnificada deste primeiro cuarto do século XXI.

Accións de apoio e reforzo de competencias a través de contratos-programa ou unha fórmula similar aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan organizar os

recursos de forma que se facilite ao alumnado o logro dos obxectivos e a consecución das competencias clave, cun enfoque globalizado e interdisciplinar por medio de continuos procesos de mellora favorecendo o máximo desenvolvemento das capacidades, a formación integral e a igualdade de oportunidades.

- Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia. O Plan de igualdade no ámbito educativo ten como obxectivo xeral principal que a actividade educativa estea dirixida a contribuír de xeito transversal á construción dunha sociedade na que a igualdade de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.
- Plan Proxecta, no que a consellería en colaboración con diferentes organismos, tanto da propia Xunta de Galicia como doutras entidades, busca fomentar a innovación nos centros a través de programas educativos que desenvolvan as competencias clave como eixo do currículo, como a competencia en comunicación lingüística, a matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, a dixital, o "aprender a aprender", as competencias sociais e cívicas, o sentido de iniciativa e o espírito emprendedor, a conciencia e as expresións culturais.

  Asemade, os programas incluídos no Proxecta teñen en común o obxectivo de desenvolver os elementos transversais, entre eles, a educación en valores.

  A inclusión educativa, de xeito que se siga afondando na atención á diversidade con medidas formativas organizativas e curriculares que supoñan unha actuación cada vez máis cualificada do noso persoal docente, sempre en colaboración cos distintos axentes e institucións da sociedade civil, para dar unha resposta educativa cada vez máis adecuada ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do noso alumnado.
- O Plan LÍA 2021/2025 de Bibliotecas Escolares será a folla de ruta para continuar o traballo a prol das bibliotecas escolares e o fomento da lectura nos vindeiros anos, continuando co proceso de renovación das BE ata chegar ao 100 % dos centros non universitarios, reforzar o seu papel, apoiar a súa estabilidade, ampliando programas e deseñando novas estratexias, coa implicación das familias e atención a grupos de risco de exclusión. Dotar aos centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes ás necesidades do século XXI, de xeito que proporcionen melloras significativas na comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, que continúen coa función de apoio ao estudo e á adquisición de competencias clave do alumnado, contribuíndo a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe e facilitando tamén ao profesorado recursos, servizos e oportunidades para a renovación das prácticas educativas, a incorporación de metodoloxías activas e a integración das tecnoloxías emerxentes.

  Como piar fundamental do sistema educativo que estamos construíndo, a inclusión e o respecto á diversidade teñen que estar presentes en calquera biblioteca escolar, tanto en material como en actitudes.

No exercicio 2024 o importe a xestionar pola consellería en materia de recursos educativos complementarios, increméntase respecto ao exercicio 2023.

A xestión eficaz e eficiente do transporte escolar e o comedor escolar, son medios fundamentais, non só para garantir o acceso en igualdade de condicións de todas as nenas e nenos de Galicia ao ensino público, senón tamén para axudarlles a que adquiran habilidades sociais e hábitos da vida sa. Ademais, continuaranse as liñas de colaboración iniciadas cos concellos e coas asociacións de nais e pais, ANPAS, para o financiamento dos comedores escolares xestionados por estas, na procura da desexable conciliación da vida laboral e familiar.

Por outra banda, a consellería manterá a súa intervención en materia de prevención de riscos laborais, mediante a análise e o seguimento das avaliacións dos riscos dos centros de ensino mediante o desenvolvemento de programas de control da saúde do persoal que presta servizos nos centros de ensinanza pública, non só respecto ao persoal non docente, senón tamén respecto aos mais de 30.000 efectivos que constitúen o persoal docente dos centros educativos de titularidade pública.

As liñas de actuación no ámbito educativo estarán condicionadas polos cambios introducidos no sistema educativo pola Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación (LOMLOE),, é preciso dar continuidade aos cambios normativos, organizativos, e curriculares e seguir impulsando a mellora da calidade do sistema educativo coa decidida aposta polos programas e as accións vinculadas directamente a el.

Xunto as accións normativas, organizativas e curriculares de acompañamento neste cambio fundamental, a consellería continuará a senda de traballo iniciada xa no exercicio 2015, relanzando e consolidando ou iniciando novos programas e estratexias, que se detallan a continuación:

1) EDULINGÜE 2030. ESTRATEXIA GALEGA DE LINGUAS ESTRANXEIRAS 2030.

- Obxectivo:

  O obxectivo xeral da estratexia consiste en que, ao remate da súa educación e formación escolar, o alumnado dispoña dunhas competencias en comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira, basicamente o inglés, que lle permita ser un "usuario independente" nela, conforme aos requisitos do nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, obtendo a certificación correspondente; así como dotar progresivamente ao profesorado das competencias didácticas e lingüísticas necesarias para alcanzar a referida formación no alumnado.
- Contido:
  - Ampliar progresivamente o número de centros plurilingües que impartan ata un terzo das materias nun idioma estranxeiro ata acadar un 50% de centros plurilingües, con ex-

tensión progresiva ás etapas de educación infantil, bacharelato e formación profesional (Plurinfantil, Pluribach, Ciclos plurilingües).

- Potenciar a formación de calidade nas seccións bilingües, buscando a excelencia educativa e promovendo estratexias de mellora metodolóxica e curricular.
- Favorecer a participación activa dos centros privados concertados nos plans de mellora das competencias lingüísticas.
- Continuar coa formación do profesorado especialista e non especialista que imparta ensinanzas nos centros plurilingües e seccións bilingües a través dun plan de formación específico en idiomas que inclúa tanto formación presencial, como semipresencial e telemática, así como de estadías formativas no estranxeiro, no idioma inglés, francés, alemán e portugués.
- Facilitar a participación noutras modalidades formativas como as licenzas por estudo, os reintegros individuais e os cursos de formación do profesorado.
- Continuar apoiando a realización de estadías formativas en linguas estranxeiras do alumnado fóra do horario escolar (xullo e agosto) e de integración no curso escolar. Continuarase co proxecto de formación en linguas estranxeiras ao longo do curso escolar mediante a inmersión en estadías de ata 1 semana (English Week) dos centros que o soliciten.
- Posibilitar a participación do alumnado nos cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras (Programa CUALE) nos centros públicos integrados, institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional, dirixidos a fomentar a certificación ao alumnado nas Escolas Oficiais de Idiomas (EOI).
- Establecer liñas de colaboración coas distintas axencias certificadas para facilitar ao alumnado e a acreditación dos niveis correspondentes.
- Mellorar a comprensión e a expresión oral nun idioma estranxeiro a través do programa de auxiliares de conversa, presentes en 617 centros educativos. Reforzarase esta liña coa selección de auxiliares de alta cualificación vinculados a proxectos educativos específicos de profundización.
- Colaborar a nivel internacional con entidades educativas doutros países para fomentar o intercambio e o enriquecemento lingüístico do alumnado e do profesorado (con institucións de Portugal, Francia, Canadá e outros países).
- Fomentar a incorporación progresiva da lingua portuguesa no ámbito das linguas estranxeiras nos centros de ensino.
- Internacionalizar a formación profesional coa introdución das linguas estranxeiras, de xeito progresivo, en todos os ciclos formativos e co incremento das mobilidades internacionais entre o alumnado e profesorado de formación profesional.

• Finalidade:
  - Ampliar a rede de centros na comunidade autónoma que favorezan a adquisición de competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira, basicamente o inglés.

- Dotar ao profesorado que imparte ensinanzas nas linguas estranxeiras das competencias didácticas e lingüísticas necesarias.

A liña de impacto L.1. Programa integral de extensión e afianzamento do ensino plurilingüe, recolle estender o plurilingüismo nas ensinanzas de réxime especial. Para o curso 2022/23 creouse "PluriArt", que terá continuidade no curso 2023/24, co obxecto de regular o desenvolvemento de ciclos formativos plurilingües nas ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo a convocatoria para as escolas de arte e superiores de deseño que desexen impartir ciclos plurilingües nas ensinanzas profesionais. Estes ciclos formativos plurilingües teñen como finalidade promover accións dirixidas á mellora das competencias lingüísticas do alumnado das ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño do Sistema educativo de Galicia, en concreto, desenvolver habilidades de comunicación oral e escrita en lingua(s) estranxeira(s), para facilitar o desempeño laboral no espazo europeo.

2) ESTRATEXIA PARA A EDUCACIÓN DIXITAL 2030 (EDUDIXITAL 2030).

- Obxectivo:

  O 9 de marzo de 2021, a Comisión Europea presentou unha visión e vías para a transformación dixital de Europa de aquí a 2030. O propósito é facilitarlle ao alumnado e ao profesorado a adquisición da competencia dixital necesaria no século XXI.

  A Estratexia galega para a educación dixital 2030 (Edudixital 2030) trata de favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas (STEM) do alumnado, mediante o proceso educativo, de xeito que poidan desenvolver a capacidade para "aprender a aprender" ao longo da súa vida, traballar con outros, resolver problemas, ser creativos e participar plenamente nunha sociedade dixital do século XXI.

  Dentro desta estratexia seguiranse impulsando as iniciativas do proxecto E-Dixgal as actuacións que permitan o impulso das vocacións científico-tecnolóxicas do alumnado galego.

- Contido:
  - Mediante o impulso da educación dixital trátase de lograr que os centros educativos implanten progresivamente unha utilización extensa de contidos educativos dixitais.
  - Promover as actividades de formación nos centros destinadas a favorecer o traballo en equipo do profesorado. Os centros deben programar a súa formación tendo en conta a competencia dixital e os intereses do profesorado participante.
  - Programar os cursos en dúas liñas de traballo: proporcionar os recursos para utilizar nas distintas materias e para o manexo instrumental das ferramentas proporcionadas cos ordenadores.
  - Crear as canles de comunicación coas familias que permitan o seguimento da actividade académica dos seus fillos e fillas, por exemplo, utilizando o espazo Abalar.

- Ampliar o repositorio de contidos, tanto no número de recursos dispoñibles como nos cursos e etapas aos que está dirixido. Este repositorio contén materiais creados pola consellería, así como outros recursos procedentes dos repositorios e dos traballos cedidos polo profesorado. Os recursos son abertos e accesibles
- Fomento das vocacións científico-tecnolóxicas mediante a introdución do uso transversal da programación e da robótica na educación secundaria e no bacharelato, así como a paulatina incorporación da robótica nos últimos cursos de primaria. Os centros contarán con dotacións de recursos adecuados para o seu desenvolvemento e poranse en marcha plans específicos de formación para o profesorado e o alumnado.

  Cando menos, un total de 45 centros educativos de toda Galicia impartirán o próximo curso o Bacharelato de Excelencia en Ciencias e Tecnología (STEMbach), unha acción enmarcada na Estratexia Galega para a Educación Dixital, Edudixital 2030, que conten accións enfocadas ao desenvolvemento de competencias STEM e para o fomento de vocacións científico-tecnolóxicas.

  Neste ámbito está a creación nos centros dos Polos Creativos, espazos abertos ás comunidades locais para favorecer o desenvolvemento de competencias dixitais e científico-tecnolóxicas e artísticas do conxunto da cidadanía, polo que ofertan actividades formativas para os diversos colectivos. No curso 2022/23 chegaron a un total de 225 centros e no curso 23/24 extenderanse ata chegar ao total de centros sostidos con fondos públicos que impartan 2º ciclo de EI, EP e ESO. En concreto, facilitan a solución conxunta de problemas coa participación de alumnado, profesorado e familias, e fomentará especialmente aquelas accións que impliquen a participación de nais e pais xunto cos seus fillos e fillas en actividades tanto de formación como de creación.

O obxectivo xeral é poñer en marcha os mecanismos e procesos necesarios para xeneralizar e facilitar ao profesorado e ao alumnado dos centros educativos financiados con fondos públicos do desenvolvemento das competencias dixitais relacionadas co pensamento computacional e a programación.

O programa consta de dúas actuacións:

- Actuación 1, dotación de equipamento de programación e robótica nos centros sostidos con fondos públicos, que impartan ensinos do segundo ciclo de Infantil, Primaria e Secundaria Obrigatoria, Este material permitiráo traballo e desenvolvemento co alumnado de situacións e actividades de aprendizaxe en torno ao pensamento computacional, a programación ou a robótica.
- Actuación 2, acompañamento ao profesorado dos centros sostidos con fondos públicos para a integración do pensamento computacional, as linguaxes de programación e a robótica educativa nas aulas co alumnado.

Partindo do apoio a todos os centros nos seus esforzos por incorporar a educación no contorno dixital, seguirase dando o apoio preciso aos centros Abalar/E-Dixgal; programa, este último que beneficiará no curso 2023/24 a 630 centros e uns 64.000 alumnos/as.

Por outra banda, o impulso das vocacións científico-tecnolóxicas e dentro deste, loitar por pechar a fenda de xénero, son fundamentais para o progreso da sociedade galega no século XXI.

3) PLAN PARA A MELLORA DO EXITO ESCOLAR.

- Obxectivo:

  A partir da Resolución Do Consello europeo relativa a un marco estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación con miras ao Espacio Europeo de Educación e máis alá (2021-2030), e tendo en conta os Obxetivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de Nacións Unidas e a Axenda 2030 establécese un novo marco de referencia que marca dous fitos fundamentais, a consecución dun Espazo Europeo de Educación para 2025, o que permitirá ao alumnado proseguir os seus estudos en diferentes etapas da vida e buscar emprego en toda a Unión Europea, e o posterior desenvolvemento do mesmo ata 2030.

  Os ODS, e en particular, o obxectivo cuarto pretenden garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos.

  Dentro do novo marco estratéxico para a cooperación europea no ámbito da educación e a formación con miras ao Espazo Europeo de Educación e máis aló (2021-2030), inclúese a prioridade estratéxica de aumentar a calidade, a equidade, a inclusión e o éxito de todos no ámbito da educación e a formación, expondo o obxectivo de reducir o número de persoas que abandonan prematuramente a educación e a formación, establecendo, como punto de referencia europeo, que para 2030, a porcentaxe de persoas que abandonan prematuramente a educación e a formación debe estar por baixo do 9 %.

  Unha vez acadada, e incluso mellorada, a taxa de abandono escolar establecida pola estratexia Europa 2020 (15 %) para España, o obxectivo previsto para esta anualidade é continuar a senda descendente co obxecto de achegarse ao limiar previsto para a UE (9 %).

  A formación é un factor esencial para asentar un modelo de crecemento económico baseado no coñecemento que asegure un desenvolvemento sostible e unha maior cohesión social. Por esta razón, as nosas sociedades aspiran a formar á cidadanía máis e mellor e a estender a súa formación ao longo de toda a vida. De aí que incrementar o número de persoas que obteñen un título en formación pos-obrigatoria constitúe un obxectivo prioritario nas políticas educativas.

  Pola contra, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

O abandono escolar temperá ten causas moi diversas e, por iso, a súa prevención e redución esixe que as administracións educativas actúen en moi diversas frontes. Por isto, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade prevé unha serie e medidas e recomendacións dirixidas a previr e reducir o abandono escolar temperá na comunidade autónoma.

- Contido:

  As propostas articularanse arredor das seguintes accións:

  - Os contratos-programa dirixidos a mellorar o éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. A convocatoria pretende dar cabida, baixo un marco único, a todos aqueles programas que se viñan desenvolvendo nos centros educativos -reforzo, orientación e apoio, mellora da convivencia; redución do abandono, entre outros-, co obxectivo de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia e, en definitiva, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia. Cómpre poñer de manifesto que tan só en Galicia se presta apoio de reforzo educativo mediante transporte fóra do horario lectivo e a contratación de novo profesorado cada ano ou co incremento da dedicación retribuída fóra do horario lectivo de docentes do propio centro educativo.
  - Ofertar os ciclos de Formación Profesional Básica para que o alumnado que así o solicite poida cursar unha oferta formativa que lle permita conseguir o título de Formación Profesional Básica, cunha cualificación profesional de nivel I, cos mesmos efectos laborais que o título de Graduado en ESO. Permitirá, así mesmo, obter o título de graduado na ESO pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas e proseguir a súa formación a través dos ciclos formativos de grao medio. Título con valor académico e profesional.

- Finalidade:

  Estas accións pretenden mellorar a atención educativa ao alumnado para que desenvolva as súas capacidades individuais de modo que logre o maior grado de rendemento escolar. Deste modo, contribuirase á prevención do abandono escolar temperá, a mellorar a calidade do ensino e a incrementar o éxito escolar.

4) FORMACIÓN E CUALIFICACIÓN PROFESIONAL E DE APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA.

- Obxectivo:

  Elevar os niveis de coñecemento, as cualificacións e competencia do conxunto da poboación a cotas similares ás da poboación dos países europeos máis avanzados, facilitándolle a adquisición da capacidade de actuar nunha contorna de complexidade tecnolóxica e en constante transformación, caracterizada en particular pola innovación e a potenciación das TICs e no que os sólidos coñecementos de base e as capacidades de comunicación, relación, organi-

zación e sobre todo, a capacidade de aprender ao longo da vida, formen parte da bagaxe ordinaria de cada individuo.

- Contido:

  O desenvolvemento da formación profesional non constitúe unha intervención puntual que sae ao paso dunha necesidade conxuntural, senón que constitúe o instrumento fundamental da aprendizaxe permanente que require o desenvolvemento das sociedades que xeran altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social.

  Na perspectiva do tránsito que deben efectuar as nosas modernas sociedades desde o que se coñece como "sociedade da información" á nova "sociedade do coñecemento", a adquisición de novos coñecementos e competencias para actualizar a preparación xeral e profesional mediante todo tipo de aprendizaxes (formais, non formais e, particularmente, procedentes da experiencia profesional) constitúe un dos piares básicos do que se entende por aprendizaxe permanente. De acordo con iso, a aprendizaxe permanente e a formación profesional constitúen dous conceptos e obxectivos indisociables: a aprendizaxe permanente precisa da formación profesional como instrumento indispensable para traducirse en obxectivos reais e eficaces de cualificación e progreso profesional, mentres que a formación profesional precisa da actualización e do enriquecemento constante das competencias básicas para poder progresar efectivamente.

  Unha sociedade cualificada é unha sociedade en aprendizaxe permanente, onde as persoas se esforzan e teñen a posibilidade de aprender libre e activamente ao longo da vida: na escola, nos centros de formación, no lugar de traballo e durante o seu tempo libre. Para iso, cómpre cambiar as maneiras de concibir, dar e adquirir formación e de organizar o traballo remunerado para que as persoas poidan aprender durante toda a vida e planificar a súa propia combinación de aprendizaxe, traballo e vida familiar. Dito doutra forma, cómpre dotar a todas as persoas da oportunidade e da capacidade de conducir a súa propia aprendizaxe.

- Finalidade:

  Conseguir que todo o alumnado acade unha titulación oficial ou dispoña das acreditacións das cualificacións profesionais que lle permita inserirse no mercado laboral ou proseguir os estudos.

5) ESTRATEXIA DE FORMACIÓN PROFESIONAL GALICIA 2030

- Obxectivo:

  O obxectivo da Estratexia de Formación Profesional Galicia 2030 é establecer os eixes e liñas que guiarán os próximos anos as actuacións dunha FP moderna, dinámica e innovadora que se adapta a realidade socioeconómica e que contribúe á e mellora da empregabilidade, da formación, da creación de riqueza e ao impulso do tecido empresarial e do benestar da sociedade galega. Dita estratexia basease en varios principios inspiradores: reducir a fenda laboral, a formación, a colaboración, o recoñecemento das competencias e a calidade; e artéllase a través de 7 eixes, 15 obxectivos estratéxicos e 44 iniciativas ou actuacións, tanto

da formación, como da acreditación de competencias, da orientación, da innovación, do emprendemento, da internacionalización e da calidade.

- Contidos:

  A estratéxia estructurase en 7 eixes de actuacións:

  - Eixe 1. Formación adaptada ás persoas e ao sistema produtivo
  - Eixe 2: Acreditación de competencias profesionais
  - Eixe 3: Orientación profesional e difusión das ofertas
  - Eixe 4: Innovación e Dixitalización
  - Eixe 5: Emprendemento
  - Eixe 6: Internacionalización
  - Eixe 7: Centros integrados de excelencia como referencia para cada familia profesional - sector produtivo

  En 15 obxectivos estratéxicos:

  - OE 1.1. Definición dunha oferta integrada, inclusiva e adaptada ás necesidades dos sectores produtivos e ao territorio de Galicia
  - OE 1.2. Colaboración na formación entre os sectores produtivos e o ámbito educativo
  - OE 2.1. Desenvolvemento da Avaliación, recoñecemento e acreditación (ARA) das competencias profesionais da cidadanía
  - OE 2.2. Promoción da colaboración entre a administración, o sector produtivo e os axentes sociais no proceso de ARA
  - OE 3.1. Orientación profesional á cidadanía na creación dun itinerario personalizado de formación para o emprego
  - OE 3.2. Difusión das oportunidades na formación, adquisición de competencias e recoñecementos destas
  - OE 4.1. Impulso da innovación aplicada na formación profesional
  - OE 4.2. Dixitalización dos espazos e dos procesos da Formación Profesional achegándoos as innovacións do tecido produtivo
  - OE 5.1. Desenvolvemento de iniciativas de emprendemento en colaboración co tecido produtivo galego
  - OE 5.2. Impulso e Apoio ás iniciativas emprendedoras nos centros de FP
  - OE 6.1. Promoción do intercambio das experiencias do alumnado e profesorado galego no estranxeiro
  - OE 6.2. Difusión das boas prácticas dos centros galegos ao profesorado e alumnado doutros países
  - OE 7.1. Posta en valor da Rede de centros integrados de formación profesional
  - OE 7.2. Asegurar a calidade no desenvolvemento da formación
  - OE 7.3. Mellora das competencias docentes do profesorado de Formación Profesional

E en 42 iniciativas ou actuacións.

- Finalidade:

  Co obxectivo de reducir a fenda laboral, potenciar a formación da cidadanía, artellando redes de colaboración público-privadas, fomentando o recoñecemento das competencias, e consolidando a calidade nos procesos formativos; todo elo, a través dunha oferta de FP Básica que permita reducir o abandono escolar e ofrecer aos mozos e mozas oportunidades de inserción laboral; dunha oferta de formación dual (centro-empresa) ampla que de resposta as demandas do tecido empresarial galego, dunha oferta no entorno rural, a través de posibilidades formativas flexibles, que permita dar oportunidades formativas e laborais a poboación asentada no territorio e polo tanto fixar poboación en ditos entornos; e de ofertas flexibles de excelencia, como son os cursos de especialización ou masteres e das dobres titulacións.

6) AVALIACIÓN E EXCELENCIA NO SISTEMA EDUCATIVO DE GALICIA.

- Obxectivo:

  Consolidar un sistema educativo que minimice o abandono escolar e se aliñe nos seus resultados coas rexións líderes de Europa en todos os niveis e continuar a tendencia cara os umbrais de abandono previstos para Europa unha vez conqueridos os obxectivos previstos para España na Axenda 2020.

- Contidos:
  - Avaliar o sistema educativo. Analizar a situación e o estado do sistema educativo en Galicia. Avaliacións de ámbito autonómico, nacional e internacional.
  - Avaliar os centros educativos no eido da organización, o funcionamento e os procesos de ensinanza-aprendizaxe.
  - Avaliar a función directiva e dos órganos de coordinación docente.
  - Promover o recoñecemento da cultura do esforzo, a superación persoal e o éxito escolar do alumnado a través dos premios extraordinarios.

- Finalidade:
  - Coñecer a situación do sistema educativo galego para analizar os progresos e axudar na toma de decisións sobre políticas educativas. Dispoñer da información que permita a análise comparativa con outras comunidades autónomas e outros países.
  - Contribuír á mellora da calidade e da equidade da educación.
  - Aumentar a transparencia e a eficacia do sistema educativo.
  - Ofrecer información sobre o progreso de aprendizaxe do alumnado nas competencias clave e orientar os plans de mellora.
  - Incentivar e recoñecer a cultura do esforzo e a dedicación do alumnado nas distintas etapas educativas. Reforzar os aspectos que incidan na mellora do sistema educativo e

xuntar a excelencia coa equidade, a igualdade de oportunidades e as posibilidades de desenvolvemento persoal.

7) AS ACTUACIÓNS TRANSVERSAIS DA CONSELLERÍA EN MATERIA EDUCATIVA.

No capítulo II, as actuacións centraranse, fundamentalmente, en garantir o servizo de transporte escolar e o funcionamento dos comedores escolares, así como na distribución dos gastos de funcionamento ordinario aos centros públicos de titularidade da consellería de todos os niveis educativos correspondentes ás ensinanzas non universitarias (infantil, primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, educación especial, escolas oficiais de idiomas, centros de ensinanzas artísticas e centros de educación de adultos). Débese ter en conta que a evolución no gasto nos centros públicos está condicionada, non só polo escenario financeiro global da comunidade autónoma, senón tamén polas medidas de xestión implantadas para obter unha maior eficiencia no gasto corrente, tales como as contratacións centralizadas en materia de comedores escolares, ou de limpeza dos centros de ensino secundario, ou a contratación centralizada da telefonía, das comunicacións postais e da subministración de enerxía.

Neste exercicio continuará a prestación dos servizos resultantes da licitación no exercicio 2021 do transporte escolar a 424 centros de ensino público da Comunidade Autónoma de Galicia, distribuídos en cada un dos 57 lotes nos que se dividía a licitación. Os contratos resultantes desta licitación comezaron a executarse dende o 1 de decembro de 2021.

Os gastos de funcionamento, nutridos coas achegas da consellería, supoñen un 45 % do total do gasto no capítulo II do orzamento da consellería, e permitirán a aplicación da autonomía na xestión económica dos centros establecida no Decreto 201/2003, do 20 de marzo.

Tamén se levará a cabo o pagamento das distintas partidas do módulo de concertos educativos: o pago delegado do persoal docente de todos os centros concertados e outros gastos que van destinados fundamentalmente aos gastos de funcionamento do centro e ao pagamento das retribucións do persoal de administración e servizos, "persoal complementario" dos centros de educación especial.

A través do capítulo IV, xestionaranse os concertos educativos cos centros docentes privados nos niveis de educación infantil, primaria, ESO, educación especial e FP básica. Como xa se apuntou, dada a súa configuración de pago delegado, a súa contía destínase basicamente a satisfacer salarios.

Os importes dos módulos económicos para o sostemento dos centros concertados fíxase na lei de orzamentos de cada ano.

Neste capítulo encádrase tamén a partida destinada á convocatoria de axudas para a adquisición de material escolar para alumnado matriculado en educación primaria, educación se-

cundaria e educación especial en centros sostidos con fondos públicos, reforzándose o apoio a familias con maiores dificultades económicas. No capítulo VI (investimentos reais), a magnitude máis significativa está representada pola cantidade destinada na Secretaría Xeral Técnica, á construción, ampliación ou reforma dos centros educativos e ás actuacións destinadas a mellorar a eficiencia enerxética dos edificios existentes en execución ao abeiro do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica financiado polo Programa operativo FEDER 2021-27 e cunha importante achega de fondos propios da Xunta de Galicia.

No capítulo VI, no marco do novo Plan LÍA 2021-2025 (lectura, información e aprendizaxe) as actuacións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa realizaranse coa finalidade de acadar os seguintes obxectivos:

- Dotar aos centros educativos de bibliotecas escolares útiles, estables, sustentables e acordes coas necesidades do século XXI.
- Apoiar a adquisición das competencias clave do alumnado e contribuír a un maior logro académico, mellores resultados e actitudes de aprendizaxe.
- Avanzar na consecución dunha biblioteca escolar inclusiva.
- Incentivar o uso das bibliotecas escolares por parte das comunidades educativas.
- Contribuír á construción da sociedade lectora, ofrecendo oportunidades para experiencias lectoras de calidade.

Dentro do Plan LÍA 2021-2025 desenvolveranse diversas actuacións destinadas ás bibliotecas escolares encamiñadas a incentivar a mellora tanto da comprensión lectora como un cambio nos hábitos de lectura do alumnado, unha maior presenza dos libros e das actividades de lectura e de tratamento da información nos centros educativos; programas e actuacións entre as que destacan o plan de mellora de bibliotecas escolares (buscando acadar a integración nel do 100 % dos centros de ensino non universitario), o apoio aos clubs de lectura o programa radio na biblio, biblioteca creativa ou o concurso de traballo por proxectos.

Tamén encadrado no capítulo VI xestiónase o fondo solidario de libros de texto, constituído no curso 2015-2016 e que no 2024 incrementará a súa dotación como medida de apoio ás familias.

Este fondo permite reutilizar os libros, fomentando as actitudes de respecto, o bo uso e a conservación dos bens comúns e favorecendo a adquisición de hábitos cívicos e de convivencia, valores que contribúen, dunha forma positiva, ao proceso educativo do alumnado.

A través do capítulo VII xestionaranse as axudas para a adquisición dos libros de texto. Estas axudas dirixiranse ao alumnado de ensino obrigatorio dos centros sostidos con fondos públicos matriculado en (1º e 2º de educación primaria e educación especial), pertencente a familias con rendas baixas e ao alumnado de educación especial e, posibilitarán, xunto co E-Dixgal, as axudas para a adquisición de material escolar e o fondo solidario, entre outras actuacións: reforzar o

apoio ao alumnado e familias con maiores dificultades e a igualdade no exercicio do dereito a educación, prevista no artigo 83 da LOE.

B. LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO CULTURAL.

As liñas de acción previstas desde a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia están dirixidas a reforzar os alicerces ben asentados e definidos da cultura galega nos seus diferentes ámbitos, a mellorar e amplificar o que entre todos e todas vimos edificando ao longo da construción histórica e contemporánea da cultura galega.

As liñas de actuación que conforman a política cultural son a base da planificación das actuacións e dos programas concretos impulsados desde os distintos departamentos que conforman a área de cultura da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades.

O Goberno galego aprobou no Consello da Xunta do 26 de xaneiro de 2023 o Plan Xeración Cultura, un plan que nace co reto de establecer un amplo marco de traballo neste contexto de pospandemia, que achegue ferramentas concretas e liñas de actuación para...

- Garantir o acceso universal á cultura.
- Impulsar o talento.
- Apostar pola modernización das infraestruturas culturais.
- E xuntar esforzos desde a colaboración público-privada para reforzar a xeración de riqueza e benestar.

O Plan Xeración Cultura deseñouse nun contexto no que é necesario seguir co crecemento do sector e prepararse para afrontar novos retos nun escenario pos-Xacobeo, celebración que apoiou dun xeito determinante a xeración de oferta e de demanda cultural nestes últimos anos.

O Plan Xeración Cultura está estruturado en 5 eixos tractores e inclúe unha batería de 57 accións, 6 plans sectoriais e a entrada en vigor de 2 leis:

5 eixos tractores:

- Acceso universal á cultura.
- Apoio á creación e aos novos talentos.
- Innovación, dixitalización e modernización.
- Infraestruturas e legado cultural.
- Proxección exterior, internacionalización e formación.

Para visibilizar a posta en marcha das previsións da cada liña estratéxica, formúlanse as seguintes liñas de actuación transversais:

1) A DINAMIZACIÓN DA CULTURA COMO SERVIZO Á CIDADANÍA.

En primeiro lugar, desenvólvense proxectos e programación que inciden na promoción e na difusión cultural coa finalidade de, por unha banda, apoiar a distribución e estimular o acceso de bens, servizos e produtos culturais galegos dentro e fóra da Comunidade autónoma e, por outra banda, buscan incentivar a presenza, a participación e a diversificación de públicos e garantir o acceso a unha oferta cultural diversa e de calidade por parte da nosa cidadanía.

Galicia conta, por exemplo, cun servizo bibliotecario público, cunha rede de museos de xestión autonómica, con arquivos históricos e cun conxunto de actuacións destinadas ao tecido cultural local que permiten deseñar unhas políticas culturais centradas na atención das necesidades da cidadanía mediante o deseño de estratexias culturais inclusivas. Trátase dun obxectivo que se persegue favorecendo o desenvolvemento, a cohesión social e o equilibrio territorial.

E nesa estratexia entran as accións de posta en valor do patrimonio cultural local. Aí entran os esforzos de participación activa da cidadanía neste espazo central de convivencia que é a cultura. Aí entra o apoio aos programas de traballo artístico cos colectivos desfavorecidos e o apoio a proxectos de linguaxes de vangarda, escasamente programados e que van axudar a abrir novos camiños colectivos. Aí entra tamén o esforzo de formular programacións pluridisciplinares que favorezan os transvasamentos de públicos, que non é máis que abrir as portas das diferentes artes para dalas a coñecer.

Exemplos de actividades incluídas nesta liña de acción son os seguintes:

1. No ámbito da dinamización da cultura galega:
   - Apoiar a difusión da oferta cultural por todo o territorio de Galicia mediante programacións propias e en colaboración con outras entidades públicas e privadas.
   - Elaborar as propostas para impulsar a creación cultural e promover e difundir a cultura nos seus diversos ámbitos.
   - Colaborar no impulso ao labor das fundacións culturais, federacións, asociacións e outros colectivos culturais para programar, organizar e coordinar actuacións propias e en colaboración nas actividades de innovación e dinamización da cultura.
   - Poñer en práctica medidas de apoio a creadores/as culturais e a súa participación nas programacións culturais.
   - Colaborar co mantemento, ampliación e mellora da rede de equipamentos culturais públicos de Galicia, espallados por todo o territorio: centros culturais, bibliotecas, museos, arquivos, auditorios etc.

2. No ámbito do libro, a lectura e as bibliotecas de Galicia:
   - Promover o libro con programas de apoio aos axentes do sector, a través da difusión de títulos publicados en galego, da celebración das feiras do libro de Galicia, do apoio aos creadores literarios e ás fundacións de autor e da convocatoria de axudas á tradución.
   - Dinamizar a lectura e o espazo bibliotecario con programas e actividades articulados con esa finalidade: programas, actividades singulares, elaboración de materiais, voluntariado cultural nas bibliotecas, clubs de lectura, etc.
   - Mellorar o sistema bibliotecario de Galicia, a través da actualización do servizo das bibliotecas centrais territoriais, da dotación de novos fondos e da mellora das colecciónS das bibliotecas municipais.
   - Impulsar a actividade da Biblioteca de Galicia, cabeceira da rede de bibliotecas que, ademais de albergar as publicacións vinculadas con Galicia e de acoller numerosas actividades, promove a difusión dos seus fondos a través de exposicións e xornadas formativas e informativas. e a recollida e preservación das publicacións en formato físico e dixital a través do Depósito Legal.
   - Aumentar os fondos dispoñibles en Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia, a súa incorporación a Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia e a mellora da accesibilidade aos seus recursos.
   - Levar a cabo unha formación sectorial cun plan para reforzar as competencias do persoal da rede de bibliotecas.
   - Desenvolver as novas directrices de deseño e planificación da política bibliotecaria en aplicación da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia e do seu desenvolvemento normativo a través do mapa de bibliotecas e dos decretos de desenvolvemento da lei.
   - Impulsar a conservación do patrimonio bibliográfico mediante a implantación dunha política que facilite a conservación e o control bibliográfico dos documentos e a súa difusión e consulta a través da aplicación das novas tecnoloxías de dixitalización e integración en proxectos supranacionais.
   - Coordinar e supervisar o cumprimento da lexislación de depósito legal e participar activamente da recollida e preservación das publicacións electrónicas galegas.
3. No ámbito dos arquivos:
   - Garantir o acceso da cidadanía aos arquivos e á información neles contida, protexer o patrimonio documental de Galicia, a regulación do ciclo vital dos documentos (calquera que sexa o medio ou soporte en que sexan producidos ou recibidos) e os procesos técnicos a el asociados.
   - Impulsar o sistema arquivístico de Galicia a través de novos ingresos de fondos documentais, das melloras nos arquivos dependentes da Xunta de Galicia (reparacións nos edificios dos arquivos históricos, novos equipamentos), da restauración de documentos, das axudas para a conservación e do acceso ao patrimonio dos arquivos e formación.

- Avanzar no desenvolvemento do Plan de Arquivos da Xunta de Galicia, aprobado en 2022.
- Impulsar a actividade do Arquivo de Galicia, co desenvolvemento da súa tarefa corrente de estudos de identificación, valoración e selección de series documentais da Xunta de Galicia.

4. No ámbito dos museos:
   - Coordinar o sistema galego de museos e das distintas redes que o integran, así como a inspección dos museos galegos e o seu patrimonio cultural.
   - Xestionar os museos de titularidade autonómica adscritos a esta consellería, e os de titularidade estatal de xestión transferida á Comunidade Autónoma de Galicia.
   - Propoñer unha programación propia e colaborar con proxectos museísticos externos para propiciar unha actividade expositiva e de investigación nos museos de Galicia.
   - Desenvolver as novas directrices de deseño e planificación da política museística en aplicación da Lei 7/2021, de 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia, e do seu desenvolvemento normativo.
5. Nos ámbitos das artes visuais, escénicas e musicais:
   - Difundir a música mediante o apoio ás orquestras galegas profesionais (Orquestra Sinfónica de Galicia e Real Filharmonía de Galicia); a outros proxectos sinfónicos e de cámara; ás programacións líricas; ás propostas máis contemporáneas e experimentais; á música antiga; á ampliación das programacións operísticas; á promoción das músicas populares; o apoio ás programación de baile e música tradicionais e populares; ás agrupacións corais; etc.
   - Fomentar o diálogo entre o ámbito formativo e a programación cultural.
   - Difundir as artes escénicas profesionais e afeccionadas.
6. No que atinxe á Cidade da Cultura de Galicia:
   - Aposta pola promoción e difusión da cultura en cumprimento dos obxectivos marcados no segundo Plan estratéxico Gaiás 2021-2027, desenvolvendo unha actividade e programación atractiva e xeradora de valor para a sociedade e o sector cultural e creativo, mediante unha programación cultural diferenciada cun enfoque 360º no apoio ao sector cultural e creativo, estendendo as manifestacións culturais á contorna natural e Bosque de Galicia, explorando as relacións entre cultura, territorio e paisaxe.
   - Consolidar a Cidade da Cultura de Galicia como rótula do sector cultural galego, afianzando o programa de residencias artísticas, prestando asistencia e recursos nas súas áreas de actividade e erixíndose en produtores de contidos de calidade, especialmente expositivos, para outros espazos culturais (proxecto Cidades no Tempo) e promovendo traballo colaborativo con entidades galegas, nacionais internacionais e cos profesionais galegos que desenvolven a súa actividade no exterior. Especialmente, colaboración cos centros e proxectos de investigación residenciados na Cidade da Cultura de Galicia (INCIPIT, AGADIC, CiEDIX, Proxecto Nos,...)

- Impulso aos procesos de investigación, innovación e formación no sistema cultural galego. Gaiás como impulsor de proxectos culturais, creativos e dixitais de excelencia, facilitador de coñecemento en ámbitos tecnolóxicos e non tecnolóxicos. Neste senso, no ano 2024, ademais da continuidade de contidos expositivos relacionados coa realidade virtual e inmersiva, estarase en plena edificación do novo Centro de Artes Dixitais de Galicia. Neste último centro,, desenvolveranse actividades innovadoras de apoio á creación dixital, á investigación en torno ás novas disciplinas artísticas, e á formación e soporte para creadores e artistas en distintos campos da industria cultural e creativa. Fomentarase a cultura dixital mediante distintas tecnoloxías innovadoras no eido da arte dixital, simuladores, realidade aumentada, representacións inmersivas do patrimonio natural e cultural, tecnoloxías innovadoras para videoxogos ou NFTs.
- Fortalecer o posicionamento do Gaiás como recurso turístico, polo seu valor arquitectónico, cultural, verde, e de espazo de calidade. Produto turístico de alto valor cunha comercialización excelente, baseado na arquitectura, a conectividade física e virtual, a natureza, os servizos e unha programación de actividades con capacidade de atracción e extensión da visita. A Cidade da Cultura como un día máis en Santiago de Compostela e en Galicia, complementario co Xacobeo o e os produtos turísticos tematizados. Proxectos como a mellora da accesibilidade universal ou mellora dos puntos de información e recepción e os servizos aos que poderá acceder durante estadía o visitante, establécense como orientadores das actuacións do ano 2024.

2) AS ESTRATEXIAS DE PROXECCIÓN EXTERIOR DA CULTURA GALEGA.

A proxección exterior da cultura galega é outra das liñas de actuación prioritaria. Trabállase en espazo concretos, fundamentalmente en establecer pontes de diálogo con Portugal e en establecer alianzas cos países de América próximos no lingüístico, tanto de fala castelán como brasileira, fundamentalmente no ámbito audiovisual e musical; e no caso de Portugal, principalmente no ámbito escénico, musical, audiovisual , editorial e das artes plásticas.

Daráselle continuidade ás liñas de axuda empresarial para acudir aos principais mercados e feiras do sector audiovisual no mundo. Consensuaremos co sector os mercados nos que facer algunha misión conxunta nos ámbitos musical e escénico.

As políticas de difusión e promoción exterior das industrias culturais galegas articúlanse en dous eixes de acción prioritarios: a presenza nos encontros internacionais (en colaboración con outras entidades e asociacións profesionais dos diferentes sectores culturais); e o apoio á difusión e distribución exterior dos produtos culturais.

Apoiar a proxección do libro e da literatura a través das feiras internacionais do libro, do catálogo de libros infantís e xuvenís en versión trilingüe para a súa distribución nestas feiras do

libro, ou das axudas ás traducións literarias, o proxecto de Pórtico da Literatura Galega en inglés, ou a colección Galician Classics tamén en inglés.

Apoiar a internacionalización das industrias culturais mediante o apoio económico e loxístico ás empresas galegas nos mercados audiovisuais, de liñas de axudas para a distribución de espectáculos escénicos e musicais e a presencia nas principais feiras e mercados do mundo entre outros proxectos.

Proxectos de cooperación transfronteiriza: Programa Nortear Galicia-Rexión Norte de Portugal (literatura, bibliotecas, intercambio de proxectos expositivos etc.); colaboración co Eixo Atlántico (bienal de pintura, difusión musical etc.) continuaremos co encontro de coprodución entre as produtoras galegas e portuguesas, que tantos froitos están dando.

En liña con estes obxectivos, no ano 2024, Agadic continuará a darlle un apoio estable, a través dun convenio, á feira de música Mumi, para o fomento do intercambio musical entre Galicia e Portugal e que ten lugar en Tui e Valença do Miño, conxuntamente; constituíndo un exemplo perfecto de cooperación transfronteiriza para a internacionalización da nosa cultura. No ámbito do audiovisual, seguiremos coa dinámica de organizar accións de promoción do audiovisual galego naqueles festivais internacionais de referencia no que haxa unha presenza destacada do noso sector, como foron no 2023 Berlín ou San Sebastián.

Por outra banda, a Cidade da Cultura de Galicia no Gaiás constitúe un proxecto cultural, tecnolóxico e emprendedor aberto á cidadanía e aos xestores culturais e creativas do conxunto de Galicia. Ao innegable valor arquitectónico do Gaiás debe engadirse o seu papel como dinamizador da vida cultural no que se vén configurando desde 2012 coa posta en marcha do seu segundo Plan estratéxico Gaiás 2021-2027, coa realización de múltiples actividades en varias disciplinas, encontros e foros de artistas e creadores, exhibicións, concertos de diversos formatos, sen esquecer a colaboración con entidades de todo tipo na cesión de espazos para o uso externo.

No ámbito do emprendemento e da innovación, consolidouse o labor do Centro de Emprendemento no impulso de actividades e empresas, tanto no eido da produción, creación, conservación, difusión e comercialización de proxectos e iniciativas relacionadas coas novas tecnoloxías, reforzándose para o exercicio 2020 mediante accións de titorización, formación e equipamento co fin de favorecer a creatividade cultural.

No tocante á programación cultural, continuarase cos formatos e proxectos xa consolidados como "Escenas do Cambio", en canto festival escénico contemporáneo con especial fincapé no eido galego e internacional; ou como "Encontros de Artistas Novos", "Atardecer no Gaiás", "Cidade Imaxinaria", "Nadal no Gaiás" ou "Brinca Gaiás"..

Tamén continuará o despregamento do proxecto do Bosque de Galicia, convertendo así a ladeiras do Gaiás no gran pulmón verde da cidade de Santiago de Compostela, ao mesmo tempo que se definen estes espazos como lugares de lecer e deporte. Do mesmo xeito xa está en marcha o funcionamento do Edificio Fontán, que alberga servizos para impulsar a investigación

e a xestión nas tres universidades galegas e nas institucións destinadas ao estudo do patrimonio, especialmente do Camiño de Santiago

3) A CONSERVACIÓN, POSTA EN VALOR E DINAMIZACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL.

Outra das principais liñas de actuación pública establecidas en materia de cultura é a protección, difusión, conservación e posta en valor do patrimonio cultural.

Á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións naqueles bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, antropolóxico, arquitectónico, etnolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

Así, no que atinxe ao patrimonio cultural, as actuacións fundamentais a realizar serán as seguintes:

- Protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.
- Delimitación e protección dos Camiños de Santiago en Galicia, así como a elaboración de anteproxectos normativos que os afecten.
- Xestión dos asuntos relacionados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural.
- Tramitación e xestión dos procedementos de clasificación do patrimonio cultural de Galicia coa declaración de ben de interese cultural e inclusión no Catálogo. Xestión do Censo do patrimonio cultural de Galicia.
- Promoción e xestión das actuacións arqueolóxicas relacionadas coas competencias da dirección xeral.
- Emisión de informes, acordos ou resolucións dos procedementos e intervencións que afecten a protección do patrimonio cultural, conforme a normativa vixente.
- Promoción, dirección e xestión das obras de conservación e restauración no patrimonio cultural promovidas pola consellería.
- Realización das actuacións necesarias para o exercicio da potestade expropiatoria e do dereito de adquisición preferente en asuntos relacionados co patrimonio cultural.
- Preparación e xestión de convenios e protocolos relacionados coas competencias da Dirección Xeral.
- Elaboración e edición de publicacións de carácter científico, cultural, educativo e divulgativo relacionadas co patrimonio cultural.

- Proposta de programas e accións de formación, difusión e xestión relacionados co patrimonio cultural.
- Dirección do Plan territorial integrado dos Camiños de Santiago así como dos instrumentos de ordenación do territorio que teñan por obxecto a protección dos seus valores culturais.

Unha das principais liñas estratéxicas de carácter permanente é a promoción e a realización de intervencións dirixidas á conservación dos bens integrantes do patrimonio cultural galego máis significativos, en especial os BIC. Promovendo intervencións en bens do Patrimonio Mundial e dos Camiños de Santiago así como en bens protexidos, de titularidade pública ou da Igrexa católica, pertencentes ao patrimonio artístico (retablos e pinturas murais entre outros), arquitectónico (bens da arquitectura defensiva, relixiosa e civil, incluída as manifestacións das primeiras vangardas e o movemento moderno), arqueolóxico, ao patrimonio da enxeñería e as obras públicas e ao patrimonio etnolóxico, industrial e científico e técnico e ás colecciónsmuseográficas.

Esta dirección xeral tamén é responsable dos procedementos vinculados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural, da xestión das candidaturas a Patrimonio Mundial (UNESCO), das declaracións de BIC, do catálogo e censo do patrimonio. Tamén lle corresponde elaborar os informes en materia de patrimonio cultural que poidan ser requiridos polas autoridades competentes

Así mesmo, encárgase da delimitación dos Camiños de Santiago en Galicia, a protección deles na súa dobre vertente de conservación material, recuperación, e fomento do coñecemento e da potenciación dos valores sociais, espirituais e solidarios propios dos camiños.

Tamén é a responsable de promover, coordinar e xestionar as actuacións dirixidas a velar pola protección, conservación, coidado, promoción e difusión do patrimonio moble de Galicia, e do patrimonio inmaterial.

Por iso, impulsaranse as programacións para a posta en valor do patrimonio cultural, que reforcen o seu aprecio e goce por parte da cidadanía, e actividades que poñan en relación a educación e o patrimonio cultural, buscando achegar o coñecemento e o interese por este acervo común ás novas xeracións.

4) O IMPULSO DAS INDUSTRIAS CULTURAIS GALEGAS.

O capital creativo de Galicia, que se desenvolveu dun xeito constante ao longo da historia, conta neste momento cun activo cultural de grande importancia que reflicte a evolución dunha sociedade actual e modernizada, que abre camiños de entendemento e de futuro cunha enorme forza e confianza.

A consellería asume o compromiso de apoiar as correntes nacidas na sociedade e de vertebralas en prol dun desenvolvemento coordinado e integral, para acadar, sobre a base do interese e da responsabilidade da cidadanía, un sector económico emprendedor, capaz de se lanzar á procura de novos públicos e de novos mercados, para o que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades incentiva novos proxectos e promove accións innovadoras dentro do tecido cultural.

Os anos 2020, 2021 e 2022 estiveron marcados no sector das industrias culturais pola presenza do Covid-19, o que fixo que implementaramos multitude de iniciativas non planificadas con anterioridade, para apoiar a difícil situación que atravesou o sector cultural. A maior parte destas iniciativas estaban recollidas no plan de reactivacion dos sectores cultural e turístico, aprobado polo consello da Xunta con data 30 de abril de 2020. Evidentemente este plan foi adaptándose e engadindo novas accións, para tratar de manter os apoios naqueles ámbitos máis necesitados en cada momento.

Esta situación pon de relevo a importancia da industria cultural e a súa influencia no tecido socioeconómico galego, polo que AGADIC debe seguir priorizando liñas de actuación que permitan a consolidación das estruturas que os propios axentes sociais e entidades xeren, co desenvolvemento de accións que afirmen o traballo das empresas culturais, dos creadores e creadoras e o establecemento de canles de cooperación e colaboración con outras administracións, e coas asociacións e federacións culturais que teñan interese pola cultura galega, así como, colaborar no desenvolvemento das artes escénicas e musicais e das actividades audiovisuais, así como a posta en práctica de medidas de apoio para o colectivo de artistas e creadores que incremente e a súa participación en programas culturais galegos ou de especial interese para a expansión da nosa cultura, cunha especial protección á danza.

O ano 2023 foi un ano de finalización da gran maioría dos proxectos postos en marcha por Agadic con financiamento procedente de fondos europeos, tanto do Feder REACT-Ue para o desenvolvemento do Hub audiovisual e industria creativa, como do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (MRR), que no ano 2024 rematará coa execución das iniciativas vinculadas á aceleración empresarial cultural. Foron anos de intensa actividade administrativa, que contribuíu a que o sector recuperara, e incluso aumentara, as cifras de actividade e emprego previas á pandemia.

No ámbito das industrias culturais en 2024 renovaremos as nosas convocatorias de axudas, e programas, para a industria cultural en todos os ámbitos.

No ámbito escénico seguiremos coas convocatorias de creación, festivais e difusión e distribución, liña esta última que terá un importante incremento con respecto aos exercicios precedentes, respondendo así á crecente internacionalización da nosa escena. Seguiremos potenciando a programación estable que proporciona a Rede Galega de Teatros e Auditorios coa incorporación de novos espazos e a difusión cultural en todo o territorio a través do programa cultura no camiño. Tamén implementaremos, a través do Centro Coreográfico Galego, as me-

didas incluídas no plan de danza, elaborado en colaboración co sector. No ano 2024 celebraremos o 40 aniversario da creación do Centro Dramático Galego, para o que elaboraremos unha programación especial.

Agadic seguirá impulsando o ámbito audiovisual a través das principais axudas dirixidas a toda a cadea de valor: produción, desenvolvemento, talento, festivais e feiras e mercados, así como a incorporación das axudas ao desenvolvemento de videoxogos, un sector que ten un gran potencial de crecemento. Por iso, no 2024 realizaremos a primeira convocatoria con fondo propio dirixida a apoiar o tecido empresarial no eido dos videoxogos. Un ano máis participaremos no proxecto europeo European Writers Club, para a creación dun clube europeo de guionistas, onde Galicia teña unha presenza destacada.. A Filmoteca de Galicia continuará no 2024 a súa dixitalización, así como o labor educativo e de difusión do audiovisual. A Galicia Film Commission estará totalmente activa no ano 2024, coa plataforma tecnolóxica creada específicamente para esta finalidade xa rematada, cunha nova convocatoria de incentivos económicos para rodaxes en Galicia, así como as primeiras accións de promoción audiovisual baixo ese paraugas.

Por último, no ámbito musical volveremos convocar a liña de axudas á programación das salas de concertos, con carácter bienal, continuaremos cos programas de apoio aos principais festivais de música galegos e a exportación dos nosos artistas, a través da liña de distribución. Fomentaremos á difusión interior da creación cultural a través do programa Cultura no Camiño.

Dentro do plan de convenios incluiremos, un ano máis, o apoio á actividade das principais asociacións do sector, tan necesarias para o tecido cultural como para a administración, no seu labor de ponte entre ambos. Así mesmo, os distintos premios de teatro, música e audiovisual terán en este plan a súa reserva de crédito, así como proxectos estratéxicos para a cultura galega, como a Mostra de Teatro de Ribadavia.

C. LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO DA POLÍTICA LINGÜÍSTICA.

O programa 151A –Fomento da lingua galega– concreta o plan de actuación sectorial e transversal de fomento do coñecemento e do uso da lingua galega que se desenvolverá a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística durante o ano 2024

O obxectivo xeral consiste en difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade propiciando un clima que favoreza o uso cotián do galego nos diferentes sectores da sociedade, a través de diversas iniciativas de formación, normalización e promoción do galego que buscan impulsar a incorporación desta lingua a calquera ámbito social, económico, cultural e educativo.

De xeito transversal, as liñas de actuación previstas para o ano 2024 incidirán en accións concretas que se impulsarán e/ou reforzarán a través de programas, accións e campañas dirixidas á sociedade en xeral, ás familias, ao alumnado dos centros educativos, ao publico xuvenil, familiar

e infantil e a colectivos específicos como son os neofalantes. As accións descritas para atender ás necesidades do programa son tamén acaídas para incorporar no seu desenvolvemento principios sociais, como son: a igualdade de trato, o respecto á diversidade, a prevención contra a violencia de xénero e outros valores asociados, como é o caso da protección do patrimonio cultural a través de ferramentas tecnolóxicas e dixitais orientadas a preservar a tradición do patrimonio cultural galego e, ao mesmo tempo, potenciar a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.

Para desenvolver este obxectivo xeral, teranse en conta os seguintes aspectos específicos:

- Cómpre aprender a valorar o feito lingüístico galego, garantindo que a lingua galega se poida utilizar en todo tipo de situacións e contextos.
- É necesario prestixiar o uso do idioma galego, conseguindo para este idioma máis funcións sociais, máis espazos de uso e unha presenza meirande en sectores estratéxicos da sociedade galega actual.
- É preciso dotar a lingua dos recursos lingüísticos e técnicos apropiados para poder ser utilizada en todo tipo de ámbitos sociais e institucionais.

Para levar a cabo o obxectivo xeral apuntado anteriormente, é preciso desenvolver liñas de acción que estean vinculadas con diferentes obxectivos operativos.

Obxectivo operativo: difundir a conveniencia de usar o galego nos diferentes sectores da sociedade e fomentar que a lingua galega sexa útil e de uso cotiá en calquera circunstancia e lugar. Este obxectivo considéranse imprescindible para o proceso normalizador e para deseñar as medidas de actuación que sexan necesarias para conseguir unha actitude máis favorable cara á lingua galega e difundir a conveniencia de empregala nos distintos eidos da sociedade con especial atención a franxa de poboación máis nova, o tecido económico empresarial e as súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa, a mocidade, o núcleo familiar e outros colectivos sociais con necesidades específicas, como son os neofalantes.

No ano 2024, a Secretaría Xeral de Política Lingüística continuará desenvolvendo as que veñen sendo as súas principais liñas de traballo nos últimos anos, centrando os seus esforzos máis importantes en promover a idea de que a lingua galega é útil en calquera ámbito e para todas as funcións.

Malia que nunca antes tivera o idioma galego un grao tan alto de coñecemento por parte da poboación, a súa situación aínda precisa mellorar en determinados ámbitos nos que a súa presenza resulta insuficiente. Con tal obxecto, a Secretaría Xeral de Política Lingüística está impulsando unha serie de iniciativas orientadas a crear actitudes positivas cara á lingua propia de Galicia e ampliar os seus usos na sociedade.

De acordo con isto, a Secretaría Xeral de Política Lingüística quere conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e maiores espazos de uso na sociedade civil do século XXI. Agora

ben, unha planificación lingüística é algo moi distinto a outros proxectos planificadores, porque a súa executora vai ser toda a cidadanía nas súas empresas, nos seus lugares de traballo, nas súas relacións sociais, nas súas familias e na escola. En definitiva, depende absolutamente do entusiasmo e vontade da cidadanía á que vai dirixido lograr os obxectivos nel establecidos. Por iso, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, consciente da importancia de que favorecer o prestixio e o uso da lingua galega é unha tarefa de todos, e non só das institucións, traballa para estender unha visión afable, moderna e útil do galego, para o converter na lingua habitual de comunicación, tanto formal como informal e eliminar os prexuízos que aínda existen sobre esta lingua.

O resultado que se pretende conseguir é difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención á franxa de poboación máis nova, á mocidade, ao núcleo familiar, á escola, aos neofalantes, ao tecido económico empresarial e ás súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa e, así mesmo, a calquera outro colectivo social con necesidades específicas para propiciar un clima que favoreza o uso cotiá do galego.

Accións concretas para o ano 2024:

1. Iniciar unha estratexia de acción para reimpulsar o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico tendo en conta que rematou a súa vixencia no ano 2020 e promover, así mesmo, unha liña de acción planificadora para realizar un diagnóstico e, no seu desenvolvemento, un plan de acción concreto para dinamizar o ámbito da mocidade por ser un sector da poboación fundamental para a pervivencia do idioma.

   En calquera dos ámbitos identificados no parágrafo anterior resulta conveniente aliñar as necesidades e intereses dos colectivos que os conforman con accións en curso impulsadas pola SXPL relacionadas coa intelixencia artificial e as tecnoloxías lingüísticas, o sector audiovisual e as plataformas telemáticas con contidos culturais, divulgativos, formativos e de teleformación, de divertimento e de ocio, entre outros. Tamén aliñaranse as necesidades dos intereses do mundo da lusofonía e do neofalantismo coa acción do goberno para executar accións concretas de dinamización da lingua galega no ámbito lusófano e outras dirixidas a mocidade nos lugares que eles frecuentan no seu tempo de ocio e nas redes sociais. Estas accións constituirán unha aposta estratéxica por este colectivo social, dado que son as mozas e mozos os chamados a garantir o futuro da lingua galega. Facilitarémoslle á xente nova que opte pola lingua propia de Galicia en todos os ámbitos da súa vida. Con este fin, daráselle visibilidade ao galego en todas as áreas de acción relacionadas coa mocidade, e moi especialmente na comunicación dixital e redes sociais.
2. Darlle continuidade as liñas de traballo iniciadas no ano 2020 para incrementar os contidos dun repositorio de proxectos lingüísticos e culturais en lingua galega denominada, Tece Redes en Galego. No ano 2024 a convocatoria perseguirá a finalidade de incrementar o uso do galego na infancia e na xuventude e nas súas familias para paliar a ruptura da transmisión interxeracional do galego no ámbito familiar e atender, así mesmo, ás necesidades das persoas neofalantes entre a xuventude adulta que elixe voluntariamente o idioma galego como lingua vehicular para o desenvolvemento das accións comunicativas da súa vida cotiá. Desta forma, impulsarase tamén que os profesionais autónomos, as empresas e as cooperativas

do tecido económico cultural e artístico vinculado ao proceso de dinamización lingüística e cultural en lingua galega sexan quen de mostrarlles ao público infantil e xuvenil e ás súas familias o seu talento creativo en forma de servizos presenciais de carácter cultural, lúdico ou de formación non regrada en galego, deseñados especificamente para o público destinatario, en atención á súa idade e ás súas circunstancias vitais, preferencias e inquietudes culturais, formativas e de ocio e promover unha planificación estratéxica para executar os servizos presenciais contratados a través da convocatoria e que cheguen ás persoas destinatarias coa finalidade de multiplicar o seu alcance.

Os servizos presenciais musicais ou escénicos desenvolveranse gratuitamente en espazos públicos, abertos ou pechados, a través dos circuítos culturais da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Rede de bibliotecas públicas, Rede de museos e de arquivos, instalacións e salas de exposicións da Cidade da Cultura), dos concellos e entidades que conforman a Rede de dinamización lingüística (RDL) que na actualidade forman parte dela 245 entidades de base local e de índole cultural.

3. A Lusofonía como oportunidade para o galego en diferentes ámbitos culturais e lingüísticos, así como no sector empresarial e nas relacións comerciais e profesionais. Aproveitaranse as fortalezas do galego no mundo lusófono para planificar a nova estratexia de dinamización da lingua galega no sector económico e empresarial que xurde das relacións entre Galicia e Portugal. Desta forma, actualizaranse as liñas de acción do PDLGTE, que tivo vixencia ata o ano 2020, no que se refire as relacións comerciais en ámbitos territoriais cunha lingua de comunicación común. O ano 2024 será un momento importante para que Galicia sexa a comunidade autónoma de referencia Lusófana en España.

4. Impulsar proxectos e programas que faciliten a creación de ferramentas, plataformas telemáticas e produtos audiovisuais de calidade en lingua galega ao alcance da cidadanía no ámbito de actuación da promoción lingüística e das tecnoloxías da comunicación e da información aplicadas á aprendizaxe de competencias lingüísticas en galego e, así mesmo, orientadas a promover a transición dixital para poñer en valor o patrimonio cultural galego ou prover de contidos interactivos lúdicos, formativos ou de entretemento as plataformas dixitais.

   4.1 Plataforma dixital da Lingua Galega para a formación en liña e comezo das tarefas de adaptación e dos procesos tecnolóxicos necesarios para promover que a realización de exames e probas de capacitación dos cursos CELGA ou de linguaxes específicos sexan en liña mediante medios telemáticos.

   Durante o ano 2024 continuaremos avanzando para a posta en marcha dunha plataforma dixital que permita demostrar a competencia nos distintos niveis de coñecemento da lingua galega mediante medios telemáticos, o que facilitará o acceso ás probas con independencia do lugar onde se viva. Polo que respecta á formación darémoslle continuidade ás tarefas de actualización da plataforma telemática para impartir cursos de formación, tanto os relativos ao Celga como os de linguaxes específicos. Os cursos en liña permiten que as persoas reciban formación lingüística dos diferentes niveis Celga sen necesidade de asistencia presencial, o que facilita que poidan facer os cursos persoas que non teñen posibilidade de acudir a un centro físico, polas súas circunstancias

persoais, profesionais ou xeográficas. Os cursos de linguaxe administrativa e xurídica teñen a súa base no Plan xeral de normalización lingüística e teñen como finalidade que o persoal funcionario de todas as administracións públicas estea capacitado para realizar en galego o seu traballo profesional, mellorando a súa competencia técnica en galego, polo que é necesario atender a numerosa demanda que hai todos os anos.

Noutro aspecto relacionado cos cursos de formación lingüística desde a perspectiva da avaliación dos coñecementos para a súa certificación, o ano 2024 será importante para iniciar os procesos tecnolóxicos e as adaptacións necesarias para avaliar os coñecementos e certificar as competencias lingüísticas do nivel Celga que corresponda así como doutros cursos de linguaxes administrativos ou xurídicos mediante medios telemáticos sen que o examinador e as persoas aspirantes teñan que comparecer fisicamente nun lugar determinado.

4.2 Plataforma interactiva de educación non formal complementaria da educación regrada en lingua galega

Para favorecer contidos audiovisuais en galego para incrementar os fondos dunha plataforma interactiva que, con carácter complementario da educación regrada, contribúa a mellorar a experiencia formativa de nenos e nenas en idade escolar (de 6 a 16 anos) e, así mesmo, promover repositorios de contidos lúdicos e de entretemento de calidade directamente elaborados para o público infantil e que sirvan para mellorar a súa experiencia educativa. Para tales efectos, o repositorio TeCe Redes, será unha ferramenta complementaria para dotar de contidos esa plataforma interactiva e dixital dos recursos formativos e da educación regrada.

Esta acción enmarcase no Plan de acción para o impulso dos contidos dixitais de Galicia e abriríase a porta á produción en galego de produtos audiovisuais de calidade e, tamén, facilitaría a dobraxe a nosa lingua de obras e contidos de calidade e de recoñecemento xeral para o público infantil.

4.3 Proxecto Galicia Nomeada de toponimia en liña.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística asumiu no segundo semestre do ano 2022 ás competencias relativas á coordinación e impulso en materia de toponimia. Estas competencias que, con anterioridade, as exercía outro órgano superior da Xunta de Galicia, incorpóranse ao bloque competencial da SXPL e, iso implicará asumir, ademais de competenciais propias para impulsar a aprobación do novo Nomenclátor de Galicia polo Parlamento, a coordinación dos traballos necesarios para a súa constante revisión e actualización.

No ano 2024 está previsto publicar o Nomenclátor de Galicia actualizado en substitución do aprobado no ano 2003 e continuar co desenvolvemento da App colaborativa, que se denomina Galicia Nomeada e que se pode descargar en aplicativos móbiles dende o portal da Toponimia de Galicia (toponimia.xunta.gal).

i. GALICIA NOMEADA : melloras no ano 2024

01. Implementar un novo buscador avanzado ou filolóxico que permita facer buscas de topónimos segundo criterios filolóxicos e poder xerar con eses datos táboas e mapas para ilustrar traballos de investigación dos lingüistas.
02. Cargar novas capas de información cartográfica e xeográfica, entre elas as fotos aéreas do PNOA 2022, para dispoñer dun maior nivel de zoom á hora de introducir topónimos puntuais ou en zonas onde existe unha gran densidade de nomes.
03. Melloras no deseño da plataforma.
04. Implementar o novo Nomenclátor de entidades de poboación en Galicia Nomeada cando este se aprobe no Parlamento de Galicia.
05. Publicar unha nova versión actualizada da app Galicia Nomeada para os novos dispositivos móbiles no sistema Andoid e IOs.

ii. PORTAL TOPONIMIA DE GALICIA: melloras no ano 2024:

01. Unificar as tres webs que existen sobre a toponimia de Galicia nun único portal: a de consulta do Nomenclátor; a de Galicia Nomeada e o portal Toponimia de Galicia.
02. Novo deseño da web acorde coa imaxe corporativa dos portais da Xunta de Galicia.
03. Seguir dotando de contidos o portal Toponimia de Galicia. Creación dunha pestana nova para xogos de toponimia.

iii. OUTRAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COA TOPONIMIA

01. Organización de eventos, conferencias, xornadas e convocatorias vinculadas a este ámbito de acción, tales como: a presentación do novo Nomenclátor de Galicia á sociedade
02. Realización dunha unidade didáctica de Galicia Nomeada para que traballen con ela nos centros educativos de forma pedagóxica para o cumprimento dos obxectivos curriculares de cada etapas educativa.

5. Programas específicos de apoio a neofalantes.

   A incorporación e atención de neofalantes ao noso sistema lingüístico é unha prioridade de actuación para o ano 2024.

6. Programas de dinamización da lingua galega no ámbito familiar

   Potenciaranse programas específicos de promoción e dinamización lingüística orientados ás familias para promover a transmisión interxeracional do idioma galego sobre todo en ámbitos urbanos (FalaRedes, Nadal en rede, etc)

7. Colaboracións e campañas de difusión relacionadas co proxecto Nos de Intelixencia Artificial

   Dentro da actividade colaborativa que promove a SXPL a través de convenios de colaboración con outras institucións sen ánimo de lucro relacionadas cos procesos de normalización e dinamización da lingua galega e, nomeadamente coas Universidades, cobra especial relevancia a continuidade dos traballos para o desenvolvemento do proxecto Nós.

Nos últimos anos, o impulso da presenza da lingua galega no desenvolvemento dixital xa quedou recollido na estratexia tecnolóxica da Xunta de Galicia, tanto na Axenda Dixital 2014.gal, como na posterior Axenda Dixital de Galicia 2020. Neste ámbito realizáronse importantes esforzos para dotar o galego de ferramentas tecnolóxicas (tradutores automáticos, dicionarios en liña, plataformas en liña para a difusión do coñecemento da lingua galega etc.) e poñelas á disposición do conxunto da cidadanía a través de iniciativas como os recursos lingüísticos do portal web https://www.lingua.gal da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e, outros, promovidos por diversas institucións e entidades públicas ou privadas. Porén, a situación do galego no contexto dixital non é equiparable a outras linguas como o inglés ou o castelán, polo que precisa dun impulso decidido que a sitúe como lingua de uso convencional nos recursos tecnolóxicos de uso común pola sociedade e para acadar que o galego dea un paso decidido cara adiante no eido das tecnoloxías intelixentes, o "Proxecto Nós" e a súa estratexia de intelixencia artificial ao servizo da lingua galega, aliñarase tamén cos principios inspiradores da nova Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia RIS3 2021-2027, para lles dar respostas ás demandas e ás necesidades da sociedade.

No ano 2024, ao abeiro deste proxecto poñerase en marcha unha campaña de captación de voz a nivel galego para a súa difusión e divulgación polos diferentes concellos de Galicia.

O Proxecto Nós é un proxecto de País, transversal e colaborativo no que xa están a colaborar diferentes administracións, entidades sociais e empresas de Galicia máis, para seguir avanzando e garantir o seu correcto funcionamento, será necesaria a colaboración de milleiros de persoas de diferentes formas. A máis importante será a través da doazón de voz. Para que as máquinas sexan quen de nos entenderen cando falamos en galego e de nos responderen na nosa lingua, é necesario dispor de grandes cantidades de datos de voz e texto. É esencial que un banco de voces integre falantes de distintos xéneros, idades, variedades dialectais e rexistros, co fin de representar toda a riqueza da nosa lingua. Por tal motivo, resulta imprescindible contratar os traballos relacionados coa recolleita de voz en galego para a creación dun banco de voces no marco do proxecto Nós. Con esa finalidade será chave o deseño e execución dunha campaña de difusión e divulgación da captación de voces por todo o territorio co obxectivo de recoller o máximo volume de voz posible no período de realización.

Dentro do deseño da campaña de captación de voz resulta imprescindible establecer dúas liñas diferenciadas aínda que interconectadas entre si: unha campaña de captación en liña e outra campaña de captación física. En ambos os dous casos a recollida de voces levarase a cabo a través da plataforma Common Voice co propósito de democratizar as tecnoloxías da fala e os obxectivos finais da campaña que se identificarán nos pregos que rexan a contratación correspondente serán os seguintes:

a) Dar a coñecer entre o conxunto da poboación galega o Proxecto Nós e a campaña de recollida de voz.

b) Dar a coñecer a importancia de doar voz en galego e as diferentes canles para poder facelo.

c) Recoller o máximo de horas posibles de voz e ter mostras suficientes das diferentes variantes dialectais do galego.

D. LIÑAS DE ACCIÓN PREVISTAS NO ÁMBITO UNIVERSITARIO.

A través do Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 mellorarase o financiamento universitario baseado en criterios competitivos, obxectivos estratéxicos e resultados asociados á investigación, á docencia e á xestión e articulación do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

No exercicio de 2024 desenvolveranse os seguintes aspectos:

- Apoiar a implantación do recoñecemento da función docente na conformación do equipo teórico das universidades.
- Apoiar o desenvolvemento das infraestruturas científico-tecnolóxicas e dos servizos xerais de apoio á investigación.
- Consolidar o sistema docente e os obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior.
- Impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, facilitando as relacións entre os centros de coñecemento e as empresas.

Así, ademais de dedicar a meirande porcentaxe do total dedicado ao financiamento das universidades públicas galegas a acadar o principio de suficiencia estática no seu custe estándar, é dicir, ao mantemento dos recursos imprescindibles para o desenvolvemento das actividades universitarias básicas (a docencia, a investigación e a transferencia), atenderase aos resultados obtidos por cada unha delas en materia de rendemento académico, mellora da calidade e investigación e transferencia para distribuír o resto dos fondos.

No que se refire á investigación no ámbito universitario estanse a seguir os retos e as liñas sinalados establecidos no Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026, entre as que destacan as seguintes:

- Reto1. Captación, formación e retención de talento.
  - Liña 1.1. Programa de apoio á carreira investigadora, consiste en contratos predoutorais e posdoutorais. Convocatoria competitiva.
  - Liña 1.2.Programa de atracción e retención de talento.
  - Liña 1.3. Programa de capacitación e incorporación de xestores de apoio á investigación e tecnólogos. (Os tecnólogos vincúlanse aos servizos centrais da universidade, non aos grupos).
  - Liña 1.4. Captación e retención de talento investigador de prestixio. É un programa orientado á apoiar ao persoal investigador con proxectos altamente competitivos como os do European Research Council (ERC).
  - Liña 1.5. Programas de mobilidade.

- Reto 2. Investigación de referencia competitiva, mediante a creación dunha contorna adecuada e atractiva para o desenvolvemento da actividade científica e do desenvolvemento tecnolóxico en Galicia a través da dotación de instrumentos que potencien os grupos de investigación estratéxicas e os centros de Investigación.

  Ao redor de tres eixes estratéxicos (2.1 Consolidación de Grupos, 2.2 Proxectos singulares e 2.3 Potenciación das estruturas de investigación), instrumentalizaranse as seguintes liñas de actuación:

  - Liña 2.1.1 Apoio aos grupos de referencia competitiva. Axudas de 4 anos aos grupos xa consolidados (uns 100). Convocatoria competitiva.
  - Liña 2.1.2. Apoio a grupos potencial crecemento. Axudas de 2 3 anos aos grupos con alto potencial de crecemento. Similar ao anterior pero para os grupos aínda non consolidados. Convocatoria competitiva.
  - Liña 2.2.1. Apoio ao financiamento dos Campus de Especialización acreditados: O Campus Terra de Lugo e o Campus Industrial de Ferrol e impulso dos campus en proceso de acreditación de especialización: o Campus Auga de Ourense, co fin de definir un mapa universitario diversificado.
  - Liña 2.2.2 Financiamento de proxectos singulares, de alto impacto en sectores especialmente estratéxicos e onde Galicia posúe contrastada potencialidade. Convocatoria competitiva.
  - Liña 2.3.1 Apoio aos centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia, co obxectivo de fortalecer as súas capacidades científicas e mellorar os resultados de alto impacto científico, social e económico. Convocatoria competitiva.
  - Liña 2.3.2 Apoio da Rede de Centros de Investigación do SUG (Rede CIGUS), co obxectivo de impulsar a visibilidade dos centros de investigación do SUG que teñan acreditada a súa excelencia científica, técnica ou artística.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

Véxase o indicado no apartado correspondente ao impulso das industrias culturais galegas

II.3. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Véxase o indicado no apartado correspondente a estratexias de internacionalización da cultura.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 151A - FOMENTO DA LINGUA GALEGA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 151A –Fomento da lingua galega– concreta o plan de actuación sectorial e transversal de fomento do coñecemento e do uso da lingua galega que a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolverá durante o ano 2024.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Fomento do uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, a través de diversas iniciativas de formación, normalización e promoción do galego que buscan impulsar a incorporación desta lingua a calquera ámbito social, económico, cultural e educativo.

Durante o ano 2024 cómpre ter en conta dúas circunstancias de especial consideración:

- Segundo o previsto no artigo 9 apartado m) do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, publicado no DOG número 126 do 4 de xullo de 2022, á Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) asumirá competencias relativas á coordinación e impulso en materia de toponimia. Estas competencias que, con anterioridade a esta data exercía outro órgano superior da Xunta de Galicia incorporándose a partir da entrada en vigor da nova estrutura da Consellería ao bloque competencial da SXPL e, iso, implicou asumir novos retos con gastos asociados ao funcionamento da Comisión de Toponimia, á publicación do novo Nomenclátor e ao impulso doutras liñas de traballo iniciadas en exercicios económicos anteriores como é o desenvolvemento da Plataforma de Galicia Nomeada do Portal de Toponimia para recompilar a microtoponimia galega e outras actividades formativas e divulgativas.
- A consideración do Proxecto Nós, de intelixencia artificial ao servizo da lingua galega, como unha liña de acción prioritaria coa finalidade de xerar e compilar unha ampla variedade de recursos lingüísticos dixitais de calidade en galego, gratuítos e, en código aberto, para que poidan ser empregadas por empresas e institucións. Esta liña de acción favorecerá, ademais a creación dun ecosistema de empresas tecnolóxicas que farán posible o desenvolvemento destes proxectos.

Ambas as dúas circunstancias levan aparellado a necesidade de prever liñas de gasto en diferentes conceptos e subconceptos orzamentarios do programa de gasto 151A e que poden

afectar a diferentes capítulos de gasto (gastos de persoal, bens correntes e servizos, transferencias correntes, transferencias de capital, etc.)

Exposto o que antecede, o deseño dos eixes de traballo da SXPL para o ano 2024 son os seguintes:

1. Iniciar unha estratexia de acción para reimpulsar o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico tendo en conta que rematou a súa vixencia no ano 2020 e promover, así mesmo, unha liña de acción planificadora para realizar un diagnóstico e, no seu desenvolvemento, un plan de acción concreto para dinamizar o ámbito da mocidade por ser un sector da poboación fundamental para a pervivencia do idioma.

   En calquera dos ámbitos identificados no parágrafo anterior resulta conveniente aliñar as necesidades e intereses dos colectivos que os conforman con accións en curso impulsadas pola SXPL relacionadas coa intelixencia artificial e as tecnoloxías lingüísticas, o sector audiovisual e as plataformas telemáticas con contidos culturais, divulgativos, formativos e de teleformación, de divertimento e de ocio, entre outros. Tamén aliñaranse as necesidades dos intereses do mundo da lusofonía e do neofalantismo coa acción do goberno para executar accións concretas de dinamización da lingua galega no ámbito lusófano e outras dirixidas a mocidade nos lugares que eles frecuentan no seu tempo de ocio e nas redes sociais. Estas accións constituirán unha aposta estratéxica por este colectivo social, dado que son as mozas e mozos os chamados a garantir o futuro da lingua galega. Facilitarémoslle á xente nova que opte pola lingua propia de Galicia en todos os ámbitos da súa vida. Con este fin, daráselle visibilidade ao galego en todas as áreas de acción relacionadas coa mocidade, e moi especialmente na comunicación dixital e redes sociais.
2. Darlle continuidade as liñas de traballo iniciada no ano 2020 para incrementar os contidos dun repositorio de proxectos lingüísticos e culturais en lingua galega denominada, Tece Redes en Galego. No ano 2024 a convocatoria perseguirá a finalidade de incrementar o uso do galego na infancia e na xuventude e nas súas familias para paliar a ruptura da transmisión interxeracional do galego no ámbito familiar e atender, así mesmo, ás necesidades das persoas neofalantes entre a xuventude adulta que elixe voluntariamente o idioma galego como lingua vehicular para o desenvolvemento das accións comunicativas da súa vida cotiá. Desta forma, impulsarase tamén que os profesionais autónomos, as empresas e as cooperativas do tecido económico cultural e artístico vinculado ao proceso de dinamización lingüística e cultural en lingua galega sexan quen de mostrarlles ao público infantil e xuvenil e ás súas familias o seu talento creativo en forma de servizos presenciais de carácter cultural, lúdico ou de formación non regrada en galego, deseñados especificamente para o público destinatario, en atención á súa idade e ás súas circunstancias vitais, preferencias e inquietudes culturais, formativas e de ocio e promover unha planificación estratéxica para executar os servizos presenciais contratados a través da convocatoria e que cheguen ás persoas destinatarias coa finalidade de multiplicar o seu alcance.

   Os servizos presenciais musicais ou escénicos desenvolveranse gratuitamente en espazos públicos, abertos ou pechados, a través dos circuítos culturais da Consellería de Cultura,

Educación, Formación Profesional e Universidades (Rede de bibliotecas públicas, Rede de museos e de arquivos, instalacións e salas de exposicións da Cidade da Cultura), dos concellos e entidades que conforman a Rede de dinamización lingüística (RDL) que na actualidade forman parte dela 245 entidades de base local e de índole cultural.

3. A Lusofonía como oportunidade para o galego en diferentes ámbitos culturais e lingüísticos, así como no sector empresarial e nas relacións comerciais e profesionais. Aproveitaranse as fortalezas do galego no mundo lusófono para planificar a nova estratexia de dinamización da lingua galega no sector económico e empresarial que xurde das relacións entre Galicia e Portugal. Desta forma, actualizaranse as liñas de acción do PDLGTE, que tivo vixencia ata o ano 2020, no que se refire as relacións comerciais en ámbitos territoriais cunha lingua de comunicación común. O ano 2024 será un momento importante para que Galicia sexa a comunidade autónoma de referencia Lusófana en España.

4. Impulsar proxectos e programas que faciliten a creación de ferramentas, plataformas telemáticas e produtos audiovisuais de calidade en lingua galega ao alcance da cidadanía no ámbito de actuación da promoción lingüística e das tecnoloxías da comunicación e da información aplicadas á aprendizaxe de competencias lingüísticas en galego e, así mesmo, orientadas a promover a transición dixital para poñer en valor o patrimonio cultural galego ou prover de contidos interactivos lúdicos, formativos ou de entretemento as plataformas dixitais.

   4.1 Plataforma dixital da Lingua Galega para a formación en liña e comezo das tarefas de adaptación e dos procesos tecnolóxicos necesarios para promover que a realización de exames e probas de capacitación dos cursos CELGA ou de linguaxes específicos sexan en liña mediante medios telemáticos.

   Durante o ano 2024 continuaremos avanzando para a posta en marcha dunha plataforma dixital que permita demostrar a competencia nos distintos niveis de coñecemento da lingua galega mediante medios telemáticos, o que facilitará o acceso ás probas con independencia do lugar onde se viva. Polo que respecta á formación darémoslle continuidade ás tarefas de actualización da plataforma telemática para impartir cursos de formación, tanto os relativos ao Celga como os de linguaxes específicos. Os cursos en liña permiten que as persoas reciban formación lingüística dos diferentes niveis Celga sen necesidade de asistencia presencial, o que facilita que poidan facer os cursos persoas que non teñen posibilidade de acudir a un centro físico, polas súas circunstancias persoais, profesionais ou xeográficas. Os cursos de linguaxe administrativa e xurídica teñen a súa base no Plan xeral de normalización lingüística e teñen como finalidade que o persoal funcionario de todas as administracións públicas estea capacitado para realizar en galego o seu traballo profesional, mellorando a súa competencia técnica en galego, polo que é necesario atender a numerosa demanda que hai todos os anos.

   Noutro aspecto relacionado cos cursos de formación lingüística desde a perspectiva da avaliación dos coñecementos para a súa certificación, o ano 2024 será importante para iniciar os procesos tecnolóxicos e as adaptacións necesarias para avaliar os coñecementos e certificar as competencias lingüísticas do nivel Celga que corresponda así como doutros cursos de linguaxes administrativos ou xurídicos mediante medios telemáticos

sen que o examinador e as persoas aspirantes teñan que comparecer fisicamente nun lugar determinado.

4.2 Plataforma interactiva de educación non formal complementaria da educación regrada en lingua galega

Para favorecer contidos audiovisuais en galego para incrementar os fondos dunha plataforma interactiva que, con carácter complementario da educación regrada, contribúa a mellorar a experiencia formativa de nenos e nenas en idade escolar (de 6 a 16 anos) e, así mesmo, promover repositorios de contidos lúdicos e de entretemento de calidade directamente elaborados para o público infantil e que sirvan para mellorar a súa experiencia educativa. Para tales efectos, o repositorio TeCe Redes, será unha ferramenta complementaria para dotar de contidos esa plataforma interactiva e dixital dos recursos formativos e da educación regrada.

Esta acción enmarcase no Plan de acción para o impulso dos contidos dixitais de Galicia e abriríase a porta á produción en galego de produtos audiovisuais de calidade e, tamén, facilitaría a dobraxe a nosa lingua de obras e contidos de calidade e de recoñecemento xeral para o público infantil.

4.3 Proxecto Galicia Nomeada de toponimia en liña.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística asumiu no segundo semestre do ano 2022 ás competencias relativas á coordinación e impulso en materia de toponimia. Estas competencias que, con anterioridade, as exercía outro órgano superior da Xunta de Galicia, incorpóranse ao bloque competencial da SXPL e, iso implicará asumir, ademais de competenciais propias para impulsar a aprobación do novo Nomenclátor de Galicia polo Parlamento, a coordinación dos traballos necesarios para a súa constante revisión e actualización.

No ano 2024 está previsto publicar o Nomenclátor de Galicia actualizado en substitución do aprobado no ano 2003 e continuar co desenvolvemento da App colaborativa, que se denomina Galicia Nomeada e que se pode descargar en aplicativos móbiles dende o portal da Toponimia de Galicia (toponimia.xunta.gal).

Outras actividades relacionadas coa toponimia

Organización de eventos, conferencias, xornadas e convocatorias vinculadas a este ámbito de acción, tales como: a presentación do novo Nomenclátor de Galicia á sociedade

Realización dunha unidade didáctica de Galicia Nomeada para que traballen con ela nos centros educativos de forma pedágoxica para o cumprimento dos obxectivos curriculares de cada etapas educativa.

5. Programas específicos de apoio a neofalantes.

   A incorporación e atención de neofalantes ao noso sistema lingüístico é unha prioridade de actuación para o ano 2024.

6. Programas de dinamización da lingua galega no ámbito familiar

Potenciaranse programas específicos de promoción e dinamización lingüística orientados ás familias para promover a transmisión interxeracional do idioma galego sobre todo en ámbitos urbanos (FalaRedes, Nadal en rede, etc)

7. Colaboracións e campañas de difusión relacionadas co proxecto Nos de Intelixencia Artificial

   Dentro da actividade colaborativa que promove a SXPL a través de convenios de colaboración con outras institucións sen ánimo de lucro relacionadas cos procesos de normalización e dinamización da lingua galega e, nomeadamente coas Universidades, cobra especial relevancia a continuidade dos traballos para o desenvolvemento do proxecto Nós.

   O Proxecto Nós é un proxecto de País, transversal e colaborativo no que xa están a colaborar diferentes administracións, entidades sociais e empresas de Galicia máis, para seguir avanzando e garantir o seu correcto funcionamento, será necesaria a colaboración de milleiros de persoas de diferentes formas. A máis importante será a través da doazón de voz. Para que as máquinas sexan quen de nos entenderen cando falamos en galego e de nos responderen na nosa lingua, é necesario dispor de grandes cantidades de datos de voz e texto. É esencial que un banco de voces integre falantes de distintos xéneros, idades, variedades dialectais e rexistros, co fin de representar toda a riqueza da nosa lingua. Por tal motivo, resulta imprescindible contratar os traballos relacionados coa recolleita de voz en galego para a creación dun banco de voces no marco do proxecto Nós. Con esa finalidade será chave o deseño e execución dunha campaña de difusión e divulgación da captación de voces por todo o territorio co obxectivo de recoller o máximo volume de voz posible no período de realización.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Toda a poboación en xeral e, en particular, colectivos específicos:

A poboación adulta en Galicia e no exterior, o núcleo familiar de convivencia, o publico infantil, a mocidade, os neofalantes e outros colectivos con necesidades especiais (neofalantes, alumnado da ensinanza obrigatoria, universidade, empresas, etc.).

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A gran parte dos programas, plans e accións necesarios para desenvolver as políticas activas de promoción e de sensibilización a prol da lingua galega

No ano 2023 , en atención aos obxectivos operativos do programa realizáronse diferentes actuacións:

1. Fomentar o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos sectores considerados prioritarios e estratéxicos (tecido económico, xuventude, lusofonía):

- Continuación dos programas de dinamización lingüística para as franxas de idade máis novas: como, por exemplo, "Nós tamén creamos", "FalaRedes", Retransmite 21 días co galego e+
- Coñecemento da situación actual do galego nos distintos ámbitos da sociedade, a través do Observatorio da Lingua Galega.
- Convocatoria de axudas para a edición de recursos didácticos curriculares para niveis -non universitarios.
- Convocatoria de subvencións ás entidades locais de Galicia para fomentar o uso da lingua galega, apoiando a creación, mantemento e reforzamento dos servizos lingüísticos e a realización de programas de dinamización lingüística, nos ámbitos municipal e supramunicipal.
- Actuacións e afianzamento da Rede de dinamización lingüística (RDL), entre a Xunta de Galicia e as entidades locais, e outras de diversa procedencia (culturais, etc.).
- Sinatura de convenios con entidades dos diversos sectores sociais para a realización de actuacións de normalización lingüística.
- Creación e difusión de recursos en galego, tales como tradutores, paquetes ofimáticos, correctores, dicionarios ou vocabularios en liña.
- Convocatoria de axudas para fomentar o uso do galego nos medios de comunicación impresos e nos seus portais web.
- Desenvolvemento de diversos proxectos de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

2. Ampliar o coñecemento do galego por parte da cidadanía:
   - Colaboración co Instituto da Lingua Galega, coa Real Academia Galega e coas universidades galegas, así como co Instituto Cervantes.
   - Convocatoria de cursos e probas Celga.
   - Realización de xornadas de formación para o profesorado colaborador da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
   - Reforzo da oferta formativa en lingua galega para os profesionais ao servizo das administracións.
   - Oferta de asesoramento lingüístico a través do servizo da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
3. Incrementar a proxección da lingua e da cultura galegas fóra da comunidade de Galicia:
   - Convenios con universidades de diversos países para desenvolver actividades de difusión da lingua e da cultura galegas.
   - Coordinación das actividades formativas no exterior a través dunha rede de centros de estudos galegos.
   - Colaboración coa Junta de Castilla y León para continuar o proceso de incorporación do galego nos plans de estudo dos centros de ensino primario e secundario.
   - Colaboración con centros de Cataluña (proxecto Galauda), Londres, Caracas, etc.

- Fomento da colaboración entre gobernos en materia de política lingüística.
- Participación na Rede europea para a promoción da diversidade lingüística (NPLD), e na "Asociación de instituciones evaluadoras de lenguas de Europa" (ALTE).

4. Desenvolvemento de campañas especificas de dinamización lingüística:
   - Campaña anual de celebración das Letras Galegas e outras efemérides de especial significación,
   - Campañas de dinamización lingüísticas dirixidas aos concellos e outras entidades que conforman a Rede de dinamización lingüística en datas determinadas do nadal ou durante a época estival de vacacións escolares.

Calquera das accións previstas nos apartados anteriores terán continuidade no ano 2024.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O referente normativo básico da actuación establécese no artigo 3.2 da Constitución Española sobre a oficialidade das linguas do Estado nas respectivas comunidades autónomas, e no artigo 5 do Estatuto de autonomía para Galicia onde se define que a lingua propia de Galicia é o galego e que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa.

Eses mesmos mandatos son reiterados no Estatuto de Autonomía para Galicia (art. 27º.20) e desenvolvidos na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e tamén no Decreto 221/1990, do 22 de marzo, polo que se crea a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, onde se establece a necesidade de coordinar as accións promovidas polos distintos estamentos da Administración autonómica para planificar as liñas xerais de actuación externa e interna en materia de normalización lingüística, así como o obxectivo de promover o uso social da lingua galega a través de distintas accións por parte da Administración.

O Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega aprobado por unanimidade do Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, que, a modo de marco referencial e partindo dun concepto globalizador, permite, de forma planificada, a concreción e actualización dos grandes obxectivos de política lingüística expresados na Lei de normalización lingüística de 1983.

No marco do ensino non universitario, a lexislación concrétase no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, cuxa adecuación á Lei de normalización lingüística ten sido avalada favorablemente polas sentenzas do TSXG corrixido para a súa aplicación mediante as instrucións interpretativas ditadas para tal fin.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa 151A –Fomento da lingua galega– pretende cumprir os obxectivos que prevé a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua galega, así como os diferentes plans e estratexias que se deseñaron no tempo para promover intervencións determinadas e fomentar que a lingua galega sexa útil e de uso cotiá en calquera circunstancia e lugar.

Estes obxectivos considéranse imprescindibles para o proceso normalizador e para deseñar as medidas de actuación que sexan necesarias para conseguir unha actitude máis favorable cara á lingua galega, e difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como o tecido económico empresarial e as súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa, a mocidade, o núcleo familiar, e outros colectivos sociais con necesidades específicas, como son os neofalantes.

No marco de actuación da Estratexia Dixital 2030, preténdese promover estratexias de acción colaborativas para potenciar a dixitalización do galego e equiparar o seu uso en todo tipo de soportes dixitais e o seu desenvolvemento en recursos tecnolóxicos presentes e futuros que permitirán colocar o galego na vangarda da Intelixencia Artificial IA), nomeadamente naquelas áreas relacionadas coas tecnoloxías lingüísticas(TL) e, de modo xeral, na sociedade e a economía dixitais. O proxecto Nós, no ámbito lingüístico, é un proxecto de país,unha oportunidade para impulsar unha Galicia mellor e unha cultura de vangarda que reforce a fortaleza do sector a través da súa lingua de comunicación.

De acordo con isto, a Secretaría Xeral de Política Lingüística quere conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e maiores espazos de uso na sociedade civil do século XXI. Agora ben, unha planificación lingüística é algo moi distinto a outros proxectos planificadores, porque a súa executora vai ser toda a cidadanía nas súas empresas, nos seus lugares de traballo, nas súas relacións sociais, nas súas familias. En definitiva, depende absolutamente do entusiasmo e vontade da cidadanía á que vai dirixido lograr os obxectivos nel establecidos. Por iso, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, consciente da importancia de que favorecer o prestixio e o uso da lingua galega é unha tarefa de todos, e non só das institucións, traballa para estender unha visión afable, moderna e útil do galego, para o converter na lingua habitual de comunicación, tanto formal como informal, e eliminar os prexuízos que aínda existen sobre esta lingua.

O resultado que se pretende conseguir) é difundir a conveniencia de empregar a lingua galega nos distintos eidos da sociedade prestando especial atención a franxa de poboación máis nova, así como o tecido económico empresarial e a súas relacións comerciais cos países de fala portuguesa , así mesmo, a calquera outro colectivo social con necesidades específicas para propiciar un clima que favoreza o uso cotiá do galego.

Accións concretas para o ano 2024:

1. Iniciar unha estratexia de acción para reimpulsar o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico tendo en conta que rematou a súa vixencia no ano 2020 e promover, así mesmo, unha liña de acción planificadora para realizar un diagnóstico e, no seu desenvolvemento, un plan de acción concreto para dinamizar o ámbito da mocidade por ser un sector da poboación fundamental para a pervivencia do idioma.
2. Darlle continuidade as liñas de traballo iniciada no ano 2020 para incrementar os contidos dun repositorio de proxectos lingüísticos e culturais en lingua galega denominada, Tece Redes en Galego.
3. Impulsar proxectos e programas que faciliten a creación de ferramentas, plataformas telemáticas e produtos audiovisuais de calidade en lingua galega

   3.1 Plataforma dixital da Lingua Galega para a formación en liña e comezo das tarefas de adaptación e dos procesos tecnolóxicos necesarios para promover que a realización de exames e probas de capacitación dos cursos CELGA ou de linguaxes específicos sexan en liña mediante medios telemáticos.

   Durante o ano 2024 continuaremos avanzando para a posta en marcha dunha plataforma dixital que permita demostrar a competencia nos distintos niveis de coñecemento da lingua galega mediante medios telemáticos, o que facilitará o acceso ás probas con independencia do lugar onde se viva. Polo que respecta á formación darémoslle continuidade ás tarefas de actualización da plataforma telemática para impartir cursos de formación, tanto os relativos ao Celga como os de linguaxes específicos. Os cursos en liña permiten que as persoas reciban formación lingüística dos diferentes niveis Celga sen necesidade de asistencia presencial, o que facilita que poidan facer os cursos persoas que non teñen posibilidade de acudir a un centro físico, polas súas circunstancias persoais, profesionais ou xeográficas. Os cursos de linguaxe administrativa e xurídica teñen a súa base no Plan xeral de normalización lingüística e teñen como finalidade que o persoal funcionario de todas as administracións públicas estea capacitado para realizar en galego o seu traballo profesional, mellorando a súa competencia técnica en galego, polo que é necesario atender a numerosa demanda que hai todos os anos.

   Noutro aspecto relacionado cos cursos de formación lingüística desde a perspectiva da avaliación dos coñecementos para a súa certificación, o ano 2024 será importante para iniciar os procesos tecnolóxicos e as adaptacións necesarias para avaliar os coñecementos e certificar as competencias lingüísticas do nivel Celga que corresponda así como doutros cursos de linguaxes administrativos ou xurídicos mediante medios telemáticos sen que o examinador e as persoas aspirantes teñan que comparecer fisicamente nun lugar determinado.

   3.2 Plataforma interactiva de educación non formal complementaria da educación regrada en lingua galega

   Para favorecer contidos audiovisuais en galego para incrementar os fondos dunha plataforma interactiva que, con carácter complementario da educación regrada, contribúa a

mellorar a experiencia formativa de nenos e nenas en idade escolar (de 6 a 16 anos) e, así mesmo, promover repositorios de contidos lúdicos e de entretemento de calidade directamente elaborados para o público infantil e que sirvan para mellorar a súa experiencia educativa. Para tales efectos, o repositorio TeCe Redes, será unha ferramenta complementaria para dotar de contidos esa plataforma interactiva e dixital dos recursos formativos e da educación regrada.

Esta acción enmarcase no Plan de acción para o impulso dos contidos dixitais de Galicia e abriríase a porta á produción en galego de produtos audiovisuais de calidade e, tamén, facilitaría a dobraxe a nosa lingua de obras e contidos de calidade e de recoñecemento xeral para o público infantil.

3.3 Proxecto Galicia Nomeada de toponimia en liña.

No ano 2024 está previsto publicar o Nomenclátor de Galicia actualizado en substitución do aprobado no ano 2003 e continuar co desenvolvemento da App colaborativa, que se denomina Galicia Nomeada e que se pode descargar en aplicativos móbiles dende o portal da Toponimia de Galicia (toponimia.xunta.gal).

i. GALICIA NOMEADA : melloras no ano 2024
   01. Implementar un novo buscador avanzado ou filolóxico que permita facer buscas de topónimos segundo criterios filolóxicos e poder xerar con eses datos táboas e mapas para ilustrar traballos de investigación dos lingüistas.
   02. Cargar novas capas de información cartográfica e xeográfica, entre elas as fotos aéreas do PNOA 2022, para dispoñer dun maior nivel de zoom á hora de introducir topónimos puntuais ou en zonas onde existe unha gran densidade de nomes.
   03. Melloras no deseño da plataforma.
   04. Implementar o novo Nomenclátor de entidades de poboación en Galicia Nomeada cando este se aprobe no Parlamento de Galicia.
   05. Publicar unha nova versión actualizada da app Galicia Nomeada para os novos dispositivos móbiles no sistema Andoid e IOs.

ii. PORTAL TOPONIMIA DE GALICIA: melloras no ano 2024:
   01. Unificar as tres webs que existen sobre a toponimia de Galicia nun único portal: a de consulta do Nomenclátor; a de Galicia Nomeada e o portal Toponimia de Galicia.
   02. Novo deseño da web acorde coa imaxe corporativa dos portais da Xunta de Galicia.
   03. Seguir dotando de contidos o portal Toponimia de Galicia. Creación dunha pestana nova para xogos de toponimia.

iii. OUTRAS ACTIVIDADES RELACIONADAS COA TOPONIMIA

01. Organización de eventos, conferencias, xornadas e convocatorias vinculadas a este ámbito de acción, tales como: a presentación do novo Nomenclátor de Galicia á sociedade
02. Realización dunha unidade didáctica de Galicia Nomeada para que traballen con ela nos centros educativos de forma pedágoxica para o cumprimento dos obxectivos curriculares de cada etapas educativa.

4. Programas específicos de apoio a neofalantes.

   A incorporación e atención de neofalantes ao noso sistema lingüístico é unha prioridade de actuación para o ano 2024.

5. Programas de dinamización da lingua galega no ámbito familiar

   Potenciaranse programas específicos de promoción e dinamización lingüística orientados ás familias para promover a transmisión interxeracional do idioma galego sobre todo en ámbitos urbanos (FalaRedes, Nadal en rede, etc)

6. Colaboracións e campañas de difusión relacionadas co proxecto Nos de Intelixencia Artificial

   Dentro da actividade colaborativa que promove a SXPL a través de convenios de colaboración con outras institucións sen ánimo de lucro relacionadas cos procesos de normalización e dinamización da lingua galega e, nomeadamente coas Universidades, cobra especial relevancia a continuidade dos traballos para o desenvolvemento do proxecto Nós.

   No ano 2024, ao abeiro deste proxecto poñerase en marcha unha campaña de captación de voz a nivel galego para a súa difusión e divulgación polos diferentes concellos de Galicia.

   Dentro do deseño da campaña de captación de voz resulta imprescindible establecer dúas liñas diferenciadas aínda que interconectadas entre si: unha campaña de captación en liña e outra campaña de captación física. En ambos os dous casos a recollida de voces levarase a cabo a través da plataforma Common Voice co propósito de democratizar as tecnoloxías da fala e os obxectivos finais da campaña que se identificarán nos pregos que rexan a contratación correspondente serán os seguintes:

   a) Dar a coñecer entre o conxunto da poboación galega o Proxecto Nós e a campaña de recollida de voz.
   b) Dar a coñecer a importancia de doar voz en galego e as diferentes canles para poder facelo.
   c) Recoller o máximo de horas posibles de voz e ter mostras suficientes das diferentes variantes dialectais do galego.

7. Outras accións de continuidade no ámbito de actuación da SXPL no eido formativo , dinamizador e normalizador da lingua galega.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa 151A, no desenvolvemento das súas actividades de dinamización lingüística, formación e investigación promove e incide positivamente no emprego dunha linguaxe e imaxes non sexistas, inclusivas, igualitarias, plurais e non estereotipadas, para achegar a súa mensaxe a toda a cidadanía e incrementar o coñecemento e o uso social da lingua galega.

Os indicadores con relevancia de xénero máis importantes se concretan como segue:

a) Os contidos e a docencia dos cursos de lingua galega para todos os niveis (incluíndo as linguaxes específicas, a administración xeral, local e de xustiza, etc.) nos que se presta unha especial atención ao fomento da utilización non sexista do galego, empréganse sempre termos xenéricos (persoal colaborador, persoas responsables, etc.), mesmo nas xornadas formativas sempre se inclúe unha epígrafe referida á linguaxe non sexista.

b) A utilización dunha linguaxe e imaxes inclusivas está presente nas publicacións e traballos de investigación que produce, edita e financia a Secretaría Xeral de Política Lingüística, ademais de aqueloutras nas que colabora directamente.

c) No ámbito da promoción, baste citar que un dos parámetros de valoración das obras que se presentan á convocatoria anual de subvencións para a edición de recursos curriculares en lingua galega, para niveis non universitarios, é precisamente se, de maneira transversal aos obxectivos, competencias e contidos abordados, o material promove: "A igualdade entre as persoas, sexan do sexo, raza, relixión, procedencia, lingua ou condición social que sexan".

d) No ámbito da dinamización lingüística e do impulso de proxectos presencias e dixitais para a súa contratación ao abeiro da convocatoria do repositorio Tece Redes en galego a base 3.5, prevé que: De xeito transversal, os proxectos poderán incluír principios e valores que fomenten a igualdade entre homes e mulleres, o respecto á diversidade e á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso da linguaxe non sexista, a solidariedade, a accesibilidade na cultura e calquera dos obxectivos de desenvolvemento sostible propostos pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas e que inspiran as actividades da axenda cultural galega, como a fin da pobreza, fame cero, saúde e benestar, accións polo clima, educación de calidade, paz, xustiza, concordia ou institucións sólidas.

Obsérvase unha aceptación significativa e crecente por parte das mulleres cara ás actividades que se veñen desenvolvendo a través do programa 151A.

Persoas destinatarias de cursos: no que vai do ano 2023 un 54 % do alumnado son mulleres.

Probas para acreditar o coñecemento en lingua galega (CELGA): un 60 % das persoas presentadas son mulleres.

En distintos programas de dinamización lingüística que leva a cabo a Secretaría Xeral de Política Lingüística no que vai de ano, como: Sesións de teatro , concertos, etc. prodúcese unha maior participación feminina.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X

Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística programa e executa actividades dirixidas ao conxunto da cidadanía, sen diferenciación por sexos, co obxecto de lograr máis e mellores espazos de uso para o galego, velando en todas as súas iniciativas por utilizar una linguaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e homes na sociedade. Por esta razón, non conta con actividades concretas para as que se poida fixar un orzamento específico.

Con todo, de acordo cos orzamentos aprobados, dedica todos os anos fondos das diferentes aplicacións orzamentarias e, fundamentalmente, do capítulo VI para afianzar accións que incorporen a transversalidade de xénero e o principio de igualdade efectiva entre mulleres e homes (Mínimo 300.000 euros).

Cómpre subliñar a adquisición de obras literarias que poñen en valor o traballo das mulleres, así como espectáculos de pequeno formato que fomenten medidas de acción positivas que contribúen a erradicar os desequilibrios de xénero presentes nas distintas dimensións da vida das persoas, ademais de programas de acción dirixidas ao ámbito educativo (Equipos de Dinamización da Lingua Galega en centros educativos) para avanzar na consecución real da igualdade entre homes e mulleres.

Exemplos:

- 21 días co galego e +: Programa no que o alumnado de diferentes centros educativos falará só en galego dentro e fóra do centro durante 21 días, co fin de impulsar a oralidade en galego; durante o seu desenvolvemento realiza tarefas e vídeos que se difunden no seu blog e nas RR SS sobre diferentes temas, entre eles os relacionados co fomento da igualdade.

- Convocatoria para a elaboración de proxectos de innovación educativa en dinamización Lingüística. Nos que se valoran as medidas para fomentar a igualdade.
- Programa e certame Nós Tamén Creamos!
- No botón dos EDLG na páxina web da SXPL existe unha sección de recursos para celebrar o Día Internacional da Muller, o Día contra a Violencia de Xénero. Tamén se difunden recursos para celebrar o Día da Muller e a Nena na Ciencia.
- Premio Fina Casalderrey de literatura infantil pola igualdade
- Obradoiro de Regueiras no ciclo Elas son Artistas
- Exposición Juana de Vega, Condesa de Espoz y Mina (1805-1872).Esta exposición busca completar o perfil de Juana de Vega, unha muller que lonxe de limitarse ao seu papel, primeiro de "esposa de " e logo de "viuva de", foi capaz de marcar un perfil propio e de transgredir as fronteiras culturais e de xénero que balizaban unha sociedade construída a partires de criterios masculinos.
- Libros con temáticafeminista como pode ser: Juana De Vega, Mulleres de Rocha e area, Exeria, A muller medieval, escritos feministas, etc.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O programa é mixto con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes para a utilización dun galego non sexista, tentando transmitir unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade. Moitas actividades que se están a desenvolver parten da premisa de favorecer actitudes de total igualdade entre ambos os dous sexos.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

O número de bolseiras do Centro Ramón Piñeiro no ano 2023 e de 21 20 persoas, 16 mulleres e 5 4 homes. O número de persoas lectoras nas universidades, tanto dentro como fóra de Galicia é de 25 persoas dos que 16 son mulleres

a) Persoas destinatarias de cursos: no que vai de exercicio, ano 2023, convocáronse 35 cursos Celga e 40 cursos de linguaxes específicas o que fai un total de 75 cursos, cun total de 2.2050 alumnos, dos que mais do 50 % son mulleres
b) Probas para acreditar o coñecemento en lingua galega (CELGA): No que vai de exercicio 2023 realizouse unha convocatorias de probas Celga no mes de maio, á que asistiron 1426 persoas das que 923 foron mulleres En novembro haberá unha segunda convocatoria e estimase que o porcentaxe de asistencia de mulleres superará o 50%.

c) En distintos programas de dinamización lingüística que levou a cabo a Secretaría Xeral de Política Lingüística no ano 2023 obsérvase en todos os casos maior participación feminina. Do público asistente máis do 50% son mulleres.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A perspectiva de xénero esta presente en todas as actividades que se promoven dende a SXPL con fins divulgativos, formativos ou doutra índole da lingua galega. Exemplos poden ser, entre outras, as accións destinadas ao ámbito educativo a través dos EDLG, como o programa 21 días co galego e+, Nos tamén Creamos!ou diferentes campañas nas que de forma transversal procurase darlle relevancia a perspectiva da igualdade de xénero e outros valores universais.

Nos convenios que a SXPL asina con outras entidades ou institucións, se polo seu obxecto resulta conveniente realizar estatísticas ou estudos en desenvolvemento das actividades do convenio recóllese unha cláusula para desagregar datos separadamente en función do sexo das persoas afectadas en cumprimento do disposto na Lei 13/ 2021, de 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Política Lingüística

III.1.2. PROGRAMA 421A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN.

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A través do presente programa de gasto, a Secretaría Xeral Técnica levará a cabo as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e centros administrativos dependentes da consellería na área de educación. Do mesmo xeito, desenvolverá actuacións xerais de apoio técnico, administrativo e orzamentario, así como funcións de coordinación na prestación dos servizos de carácter transversal do departamento. Figuran neste programa os créditos precisos para o correcto funcionamento e desenvolvemento da actividade propia desta conselle-

ría, entre os que se atopan os gastos en bens correntes e servizos, a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, a reparación dos bens inmobles administrativos e demais actuacións tendentes ao mantemento ou mellora das dependencias de traballo así como, os gastos derivados do funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia o do Consello Escolar de Galicia.

Outras actividades comprendidas no presente programa son, entre outras, a xestión do persoal, a tramitación e execución do gasto corrente e de investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos, tanto centrais como periféricos; a realización de tarefas de xestión económico-administrativa; o impulso, a modernización e a informatización dos seus servizos centrais e periféricos; a realización de estudos e traballos técnicos en temas comúns e xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas, así como a tramitación de toda a produción normativa.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Neste programa contémplanse as dotacións orzamentarias para atender ás necesidades de funcionamento dos servizos centrais e das xefaturas territoriais, como son as de reparación de edificios, maquinaria, material de oficina, subministración de enerxía eléctrica, combustible, comunicacións, transporte, xurídicos e contenciosos, as do Consello Escolar, as do Museo Pedagóxico de Galicia, así como as indemnizacións por razón de servizo do persoal.

No capítulo I asumirase a vixilancia e o control da saúde do persoal non docente que presta servizo nos centros educativos, dando así cumprimento ao mandato do artigo 31.3º da Lei de prevención de riscos laborais.

No capítulo VI conta coas aplicacións para atender ás adquisicións de pequeno material mobiliario para os servizos centrais e xefaturas territoriais, así como para atender a reparación, ampliación e mellora nas dependencias administrativas e os investimentos de carácter inmaterial transversais da consellería e para a o Museo Pedagóxico de Galicia.

Dentro deste programa, levarase a cabo o impulso, coordinación e seguimento de programas destinados á innovación, no ámbito dixital e da internacionalización. Asemade, realizaranse actuacións de planificación e desenvolvemento de plans e programas de formación, perfeccionamento e actualización no ámbito funcional de la Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, cando no estean atribuídos a outros órganos da Consellería.

Este programa de gasto tamén dará soporte á coordinación das estratexias e programas respecto das políticas públicas para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como ás atribucións como unidade encargada da xestión da seguridade da información e protección de datos e ás funcións de xestión das obrigas de publicidade activa, de transparencia da actividade administrativa e do bo goberno da Consellería e dos seus órganos e entidades dependentes.

Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 04.01.08), consisten en garantir o funcionamento operativo dos servizos administrativos do sistema educativo, así como, os gastos derivados do funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia o do Consello Escolar de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións enmarcadas no presente programa van dirixidas á poboación galega en xeral e aos órganos administrativos da Consellería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Atención aos gastos para o normal funcionamento dos servizos centrais e das xefaturas territoriais da área de educación, do Consello Escolar de Galicia e do Museo Pedagóxico de Galicia.

Adquisición de diverso mobiliario e outros investimentos para os servizos centrais e xefaturas territoriais da área de educación.

Inmobilizado para o Museo Pedagóxico de Galicia.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa é o correcto funcionamento e unha axeitada coordinación dos servizos centrais e periféricos no eido da educación, tanto no que respecta a medios humanos como aos materiais e de organización, e actuar de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar unha maior racionalidade e axilidade administrativa e afondar na modernización dos procedementos e dos servizos prestados á cidadanía por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e, en xeral, da administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 04.01.08) é mellorar a eficiencia na cobertura financeira das necesidades correntes, tanto dos servizos centrais como territoriais da consellería, relacionadas cos servizos xerais de educación e atención aos gastos operativos necesarios para prestar os servizos educativos, tendo un marcado carácter instrumental e de apoio aos demais programas educativos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaria Xeral Técnica

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.3. PROGRAMA 422A - EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa destínase a atender a escolarización do alumnado nos niveis de educación infantil e primaria, que representan máis do 54% do alumnado non universitario. O 67% da dotación do programa destínase a satisfacer as nóminas dos máis de 16.000 docentes dedicados a estas ensinanzas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

- Dotar aos centros de educación infantil, primaria e educación infantil e primaria dos recursos humanos necesarios para garantir na nosa comunidade autónoma un ensino de calidade para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias. Estímase imprescindible unha atención moi específica nestas iniciais etapas educativas para poder acadar os fins do sistema educativo, entre os que podemos mencionar o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades do alumnado, a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade, o desenvolvemento da capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, confiar nas súas aptitudes e coñecementos, así como para desenvolver a creatividade e a iniciativa persoal .
- En todo caso, os recursos humanos dispoñibles deben facilitar ao alumnado as aprendizaxes da expresión e compresión oral, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, o hábito de convivencia así como os de estudo e traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado e de preparalos para cursar con aproveitamento a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).
- Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades nos niveis de educación infantil e primaria.
- Atender ao pagamento dos concertos educativos cos centros docentes privados nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria (incluído o pagamento delegado da nómina de persoal docente destes centros).
- Atender a demanda de postos escolares.

- Paliar a situación de deterioro estrutural provocada polo uso e inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais e ás normas vixentes.
- Substituír o mobiliario e o equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto.
- Asumir baixo a súa responsabilidade a vixilancia e o control da saúde dos 16.000 efectivos que, aproximadamente, constitúen o persoal docente que presta servizo nestes centros, dando así cumprimento ao mandato do artigo 31.3º da Lei de prevención de riscos laborais.
- Prestación dos servizos educativos a través do profesorado de primaria.

  Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 04.01.01) consiste en mellorar a calidade da educación e os resultados dos escolares galegos, modernizando as dotacións a procedementos educativos, medios e infraestruturas públicas destinadas a centros educativos de ensinanza infantil e primaria.

  Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER para o período 2014 - 2020, así como para o período 2021-2027
- No exercicio 2024 continuarase na execución de distintas actuacións nos centros docentes en materia de eficiencia enerxética, rehabilitación e obras de acondicionamento e ampliación de aulas, espazos post-Covid. Actuacións ao abeiro do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, cuxos obxectivos son o deseño dunha nova arquitectura institucional educativa, o acondicionamento e solución de problemáticas do parque inmobiliario educativo (número de edificios, idade media), dar resposta ás novas necesidades espaciais post Covid 19, así como a implicación coa educación dixital e as novas metodoloxías, xunto co cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible 2030.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Nese marco os centros privados que ofrezan ensinanzas declaradas gratuítas e satisfagan necesidades de escolarización poden acollerse ao réxime de concertos e ós fondos públicos destinados ao sostemento dos centros privados concertados establécense nos orzamentos e se distribúen pola aplicación dun módulo económico por unidade escolar. O dito módulo ten un importe que posibilita que o ensino se imparta en condicións de gratuidade e garante, entre outros, os salarios do persoal docente, incluídas as cotizacións á Seguridade Social.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A rede de centros públicos dedicados as ensinanzas de infantil e primaria da nosa comunidade autónoma, conta cunha antigüidade a maioría deles cunha media aproximada de 40 anos, o que fai necesario que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Univer-

sidades ademais de incrementar postos escolares alí onde a demanda educativa o esixe, deba proceder á reposición e as reformas integrais de centros así coma á correspondente dotación e/ou renovación de mobiliario e material didáctico. A estas actuacións cabe engadir a necesaria mellora na eficiencia enerxética dos edificios, que redunda no aumento do confort térmico e redución do consumo enerxético.

Este programa de gasto materializa unha traxectoria de moitos anos da Administración educativa, xa que co gasto que nel se contempla faise fronte a un dos obxectivos irrenunciables da consellería e que constitúe un dos alicerces do sistema educativo. Efectivamente os gastos de funcionamento posibilitan a autonomía dos centros, elemento fundamental das medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade no ensino non universitario.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 14/2013, do 26 decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación.
- Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios, modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión.

O programa 422A ten a súa razón:

- Na Constitución Española, cando no artigo 27 establece que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto e que os poderes públicos axudarán aos centros docentes que reúnan os requisitos, previstos con carácter básico, no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o regulamento de concertos educativos. Na Comunidade autónoma de Galicia a regulamentación dos vixentes concertos recóllese fundamentalmente na Orde do 14 de marzo de 2017.

- No Decreto 201/2003, do 20 de marzo, que desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros públicos docentes non universitarios, sinalando que o estado de ingresos do orzamento anual do centro estará integrado, entre outros recursos, polas dotacións procedentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para gastos de funcionamento.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades tenta garantir unha ensinanza obrigatoria coa mellor calidade de infraestruturas e dotación de material didáctico e de equipamento, levando a cabo, dentro do contexto económico, a creación e ampliación de centros onde os recursos educativos públicos resulten insuficientes debido á presión demográfica, así como á reforma dalgúns dos centros da nosa rede educativa, a fin de dar unha resposta axeitada á demanda de postos escolares na zona en que se produce.

Por todo iso, seguiranse realizando obras de conservación e mellora dos centros existentes, de renovación das súas instalacións e revisión das infraestruturas existentes.

Con cargo a este programa orzamentario materialízase, tamén, a adquisición de mobiliario e material didáctico para dotar os novos centros educativos e as ampliacións realizadas, así como o destinado ás reposicións do material deteriorado.

O presente programa resulta estratéxico para a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades xa que con el (e os outros que atenden á educación especial, de adultos, de ensinanzas artísticas,..) aténdese a finalidade de consignar os gastos de funcionamento dos centros públicos e privados concertados (e, neste último caso, tamén o pagamento delegado das nóminas).

Os gastos de funcionamento, como elemento esencial dos ingresos dun centro docente, garante a súa autonomía, e posibilita dispoñer dos materiais didácticos e recursos necesarios. Todo iso constitúe a infraestrutura material que permite impartir un ensino de calidade.

Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 4.01.01) son , por unha banda, acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno, o desenvolvemento de novas capacidades para a educación dixital e por outra banda, mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios..

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A construción de novos centros onde os recursos educativos públicos resulten insuficientes, fundamentalmente en zonas de novo crecemento da periferia das cidades e poboacións da área de influencia desta permiten atender á demanda crecente nestas zonas. A adaptación dos centros existentes as novas necesidades (mediante obras de reforma e ampliación) e a adquisición de material e mobiliario, permiten completar os servizos cos que se dota as localidades e aos centros, por exemplo ampliando os espazos de comedor e aulas de atención a alumnado con necesidades especiais. Estas actuacións complétanse nas instalacións de cociña e na adquisición de material adaptado ás necesidades do alumnado, para unha mellor atención ás alumnas e alumnos procedentes de familias desfavorecidas aproximando os servizos educativos aos domicilios das familias, posibilitando a conciliación laboral-familiar e polo tanto a promoción da igualdade de oportunidades.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X

Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnas e alumnos , o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado son nenos, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Contrariamente, dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes é de xénero feminino. Tendo en conta que o 83% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros. A existencia de distintas figuras no eido laboral como as comisións de servizo por conciliación familiar, os intercambios provisionais etc., repercuten na promoción do

reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilita a conciliación e a corresponsabilidade.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Nas licitacións realizadas pola consellería máis dun 30% das empresas manifestaron dispor de medidas para fomento da igualdade como criterio de desempate, conforme ao establecido nos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que as rexían.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaria Xeral Técnica

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.4. PROGRAMA 422C - ENSINANZAS UNIVERSITARIAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 422C –Ensinanzas Universitarias– concreta o Plan Galego de Financiamento Universitario (en adiante PGFU) para os anos 2022-2026.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 422C - Ensinanzas Universitarias correspóndese co PGFU 2022-2026.

O PGFU 2022-2026 estrutúrase en dous grandes fondos: o financiamento non condicionado e o financiamento da investigación .

O financiamento non condicionado integra todas as cantidades que son de libre disposición por parte de cada universidade, para asegurar o normal funcionamento destas institucións.

Comprende seis sub-fondos, cuxo reparto realizarase aplicando criterios obxectivos, medibles e homoxéneos.

1. Custe estándar.
2. RAM. Gasto corrente e mantemento de infraestruturas.
3. Complementos retributivos e compensación por matrículas.
4. Custes asociados ao funcionamento do SUG:
   - Centros asociados da UNED en Galicia.
   - Axencia para a Calidade do SUG (ACSUG).
   - Consellos Sociais.
5. Panel de indicadores.
6. Plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.01.04), consiste en racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que dea resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Acadar unha maior integración das universidades públicas galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia e recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O PGFU servirá, á vez, para facilitar novos recursos ás universidades, pero tamén para ordenar integralmente o sistema universitario galego. Os novos recursos teñen que atender ás necesidades das universidades públicas galegas pero tamén debe comprometer ás institucións universitarias na satisfacción eficiente das necesidades sociais e económicas que Galicia terá no futuro.

Por iso, o programa 422C está dirixido a todo o colectivo universitario: alumnado, persoal docente, persoal investigador e persoal de administración e servizos do Sistema Universitario de Galicia..

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Unha vez superada a fase de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior é preciso fomentar o avance do Sistema Universitario de Galicia, SUG, ata cotas de calidade cada vez mais elevadas. O financiamento dótase dunha estrutura dinámica e flexible que permitirá adaptar as achegas aos cambios do escenario macroeconómico no que se encadra.

O plan define un marco de financiamento moderno, dinámico, flexible, sostible, suficiente, equitativo e eficiente que permite o cambio e modernización das universidades públicas galegas no medio prazo mediante a planificación de estratexias que faciliten a súa converxencia coas universidades tanto do sistema español de universidades como a nivel internacional.

Os fins descritos materializaranse nas seguintes actividades:

- Custe estándar, destinado a subvencionar gastos correntes asociados á docencia.
- Financiamento dos complementos retributivos autonómicos así como a compensación por bolsas e prezos públicos.
- Financiamento dos Consellos Sociais.
- Subvencionar aos centros asociados da UNED en Galicia.
- Financiar determinadas accións de apoio económico ás mozas e mozos estudantes do SUG (bolsas, axudas e premios).
- Acadar a consolidación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- Continuar con convenios de colaboración coas universidades públicas galegas.
- Os gastos de investimento: obras de reforma, ampliación e mantemento de infraestruturas, maquinaria e gasto corrente non condicionado.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O referente normativo básico da actuación da Secretaría Xeral de Universidades é o seguinte:

- PGFU 2022-2026
- Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema universitario.
- Lei 6/2013, do 13 de xuño do Sistema universitario de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Este programa segue os parámetros establecidos no PGFU 2016-2020 :

- Custe estándar: que incluirá contías a transferir a cada institución en función do custe estimado da docencia nos graos e máster oficiais ofertados, PDI, PAS e capacidade instaladas.
- Gasto corrente e mantemento de infraestruturas: Destinado a subvencionar gastos de investimento tales como obras de reforma, ampliación e mantemento de infraestruturas, maquinaria e gasto corrente non condicionado.
- Complementos retributivos e compensación por matrículas, atenderase as contías derivadas da aplicación da normativa estatal e autonómica, contías derivadas das liquidacións anuais dos complementos retributivos autonómicos , así como as compensacións anuais por bolsas e prezos públicos.
- Custes asociados ao funcionamento do SUG contías derivadas do cumprimento de obxectivos funcionais de:
    - Centros asociados da UNED en Galicia.
    - Axencia para a Calidade do SUG (ACSUG).
    - Consellos Sociais.

Panel de indicadores: contías vinculadas aos resultados obtidos polas universidades públicas galegas en cada un dos indicadores que configuran o panel no que se recollen as seis principais áreas de acción:

- Indicadores de financiamento
- Indicadores de internacionalización
- Indicadores relacións universidade-empresa
- Indicadores de docencia innovadora
- Indicadores de investigación avanzada
- Indicadores de responsabilidade social e medio ambiente

Plan de Estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica: contías adicionais vinculadas á presentación e cumprimento dun plan de estabilidade financeira, eficiencia e mellora estratéxica que incluirá indicadores de proceso e resultados.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 4.01.04) son, por unha banda, incrementar a taxa de gradación nas titulacións e, por outra banda, racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que dea resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Acadar unha maior integración das universidades públicas galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia e recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os prezos públicos máis baixos do Estado, unido á política de bolsas, favorece o acceso da xuventude á formación universitaria na nosa comunidade, independentemente do sexo. Aínda así, segundo os datos do SIIU (Sistema Integrado de Información Universitaria) do MEFP, a presenza feminina nas aulas universitarias galegas alcanza cotas lixeiramente superiores á dos homes, un 56,27% no curso.2021-2022..

Por outra banda, segundo a mesma fonte, no curso 2021-2022 (últimos datos dispoñibles) o 42,21% do persoal docente e investigador das universidades públicas galegas é feminino.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As tres universidades públicas galegas, financiadas pola comunidade autónoma manteñen na súa estrutura orgánica unha unidade específica en materia de igualdade de xénero.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Prevese unha evolución en liña coas tendencias xerais demográficas, dado que o programa incide de xeito xeral na totalidade da poboación galega facilitando o acceso aos estudos universitarios con independencia de calquera condición (principio de igualdade de oportunidades e non discriminación.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

No ano 2022 un 63,33% dos/as beneficiarios/as das bolsas para o alumnado universitario da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades foron mulleres (datos da SXU).

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Universidades

III.1.5. PROGRAMA 422D - EDUCACIÓN ESPECIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa destínase a atender , en base aos principios de normalización e inclusión, as escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais, en canto ao funcionamento diario dos centros e as súas infraestruturas, de xeito que poidan desenvolver ao máximo as súas capacidades.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

a) Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que escolarizan ao alumnado con necesidades educativas especiais.

b) Atender ao pagamento dos concertos educativos cos centros docentes privados que escolarizan ao alumnado con necesidades educativas especiais (incluído o pagamento delegado dos salarios do persoal docente destes centros).
c) Paliar a situación de deterioro estrutural provocada polo uso e inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas deste colectivo.
d) Substituír o mobiliario e o equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto.
e) Escolarizar adecuadamente e garantir a formación e a atención especializada do alumnado con necesidades educativas especiais.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG)2022-2030, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.01.07), consiste en mellorar a calidade da educación e os resultados escolares dos centros educativos de educación especial, en especial mediante a modernización de procedementos, dotacións de medios e de infraestruturas.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Nenas e nenos de entre 3 e 21 anos de idade que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Comunidade autónoma conta con centros de educación especial que necesitan a realización de actuacións periódicas de reforma, reparación e conservación, tendo en conta a antigüidade das edificacións existentes, debendo ser adecuados estrutural e funcionalmente.

Este programa de gasto materializa unha traxectoria de moitos anos da Administración educativa, xa que co gasto que nel se contempla faise fronte a un dos obxectivos irrenunciables da consellería e que constitúe un dos alicerces do sistema educativo. Efectivamente, os gastos de funcionamento posibilitan a autonomía dos centros, elemento fundamental das medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade no ensino non universitario, finalidade, que no caso que nos ocupa, busca proporcionarlle ao alumnado con necesidades educativas especiais o máximo desenvolvemento persoal, social e emocional, así como o logro dos correspondentes obxectivos curriculares..

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 14/2013, do 26 decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación.
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013. de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o Regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Para alcanzar os fins sinalados a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades realizará as actuacións necesarias, dentro dos recursos dispoñibles, de reparacións e melloras dos centros existentes, para atender adecuadamente a este alumnado, dotándoos dunhas instalacións máis axeitadas.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades préstalle atención ao alumnado con necesidades educativas especiais mediante unha rede pública e concertada de centros docentes, tanto ordinarios como de educación especial, que atenden as súas necesidades, ben mediante a escolarización a tempo total ben mediante escolarización combinada, así como aos programas educativos que engadan un valor a estas ensinanzas. Polas súas necesidades particulares e especializadas é necesario prever un programa diferenciado que dea resposta ás necesidades dos centros de educación especial no marco dun sistema único, inclusivo e non diferenciado que dea a mellor resposta educativa posible a cada alumno/a, de acordo cos preceptos da Convención Internacional de Dereitos das Persoas con Discapacidade.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir no obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 4.01.07) son:

- Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno.
- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Acadar que o alumnado logre os obxectivos formativos da ensinanza ordinaria.
- Promover unha educación igualitaria, accesible e inclusiva eliminando obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo galego.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actuacións de mellora dos centros educativos de educación especial permiten o mantemento de prazas escolares que redundan na conciliación da vida familiar-laboral e polo tanto promoven a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Así mesmo a atención específica, individual e personalizada ao alumnado con necesidades educativas especiais posibilita a consecución dun obxectivo fundamental na loita pola igualdade entre mulleres e homes como é evitar a dobre discriminación que sofren as mulleres discapacitadas e que está sobradamente constatada a todos os niveis. A función educativa posibilita a súa maior autonomía, empoderamento, liberdade e autoxestión para evitar o impacto da discriminación por razón de sexo e por razón de discapacidade.

Débese facer referencia, finalmente, á capacitación profesional que se ofrece nos centros de educación especial, con programas formativos de FP Básica que, adaptados ás necesidades do alumnado, permiten a este acadar competencias profesionais que permitan a súa incorporación ao mundo laboral e, polo tanto maior grao de autonomía na consecución do seu proxecto vital. Esta capacitación é vital no caso das mulleres dado que contribúe a dotalas de maior grao de autonomía e inclusión social e laboral no súa vida adulta.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A consellería aposta por unha educación inclusiva en centros educativos ordinarios, deixando á elección dos pais a escolarización dos seus fillos e fillas, a tempo total ou en escolarización combinada, en centros de educación especial que, en calquera caso, enmárcanse nun sistema educativo único, inclusivo e non diferenciado. Os centros de educación especial son un recurso organizativo e material, contan con recursos humanos especializados e dispoñen de maior marxe de adaptación e personalización dados os seus equipamentos, a súa ratio reducida, etc, pero forman parte do sistema ordinario e, polo tanto, contan cos mesmos obxectivos e finalidades, currículos e marco de actuación.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 71.1, apartado b), do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras cousas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

A implantación dunha nova estratexia na adquisición de material para centros de educación especial mellora a actual transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica
Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.6. PROGRAMA 422E - ENSINANZAS ARTÍSTICAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa destínase a atender o funcionamento diario dos centros públicos de ensinanzas artísticas, idiomas e deportivas de titularidade da consellería e as súas infraestruturas:

- Os conservatorios de música e danza.
- As escolas de arte e superiores de deseño.
- A Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais.
- A Escolar Superior de Arte Dramática.
- As escolas oficiais de idiomas.
- Os centros educativos dependentes que imparten ensinanzas deportivas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En materia de infraestruturas tense estudado a situación das ensinanzas artísticas, idiomas e deportivas e aprendizaxe permanente na comunidade autónoma apreciándose como demandas máis relevantes as seguintes:

- Demanda de reparacións, ampliacións e melloras nos centros.
- Demanda de novas dotacións e equipamentos e reposición do material deteriorado.
- Xade para a xestión administrativa e académica das ensinanzas artísticas.

As ensinanzas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia son as seguintes:

- Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño: abordan a aprendizaxe das técnicas artísticas, así como os oficios tradicionais de contido artístico. Estrutúranse en familias profesionais (semellantes ás da formación profesional) e comprenden unha serie de ciclos de grao medio e de grao superior, de dous cursos o caso dos de grao superior e dun curso no de grado medio.
- Estudos superiores de deseño: responden á necesidade de lles proporcionar aos futuros profesionais unha adecuada formación artística, científica e técnica, así como unha formación de calidade e unha titulación superior nos distintos ámbitos do deseño. Abranguen catro especialidades: deseño gráfico, deseño de interiores, deseño de moda e deseño de produto.
- Estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais: teñen como finalidade a formación de profesionais no mundo da restauración e da conservación de bens culturais e integran coñecementos tanto artísticos coma científicos e tecnolóxicos, en distintas especialidades: pintura, escultura e arqueoloxía.
- Ensinanzas de arte dramática: están enmarcadas nas ensinanzas artísticas superiores e teñen como obxectivo proporcionar unha formación práctica, teórica e metodolóxica, a través da creación e investigación nos ámbitos relativos á interpretación, dirección escénica e dramaturxia, e escenografía.
- Ensinanzas de música e de danza: poden ser regradas (grao elemental, profesional ou superior) e non regradas. As primeiras conducen a unha titulación oficial, común para todo o Estado, e pódense cursar exclusivamente en conservatorios públicos e en centros privados autorizados de música ou de danza. Pola contra, as ensinanzas non regradas non conducen a titulación ningunha nin seguen un currículo oficial e cúrsanse nas escolas de música ou de danza, moitas delas de titularidade municipal ou dependentes de asociacións sen ánimo de lucro.
- Ensinanzas de idiomas de réxime especial: as ensinanzas de idiomas de réxime especial teñen a finalidade de capacitar o alumnado para o uso axeitado dos idiomas, fóra do réxime ordinario do sistema educativo, e facilitarlle o desenvolvemento da capacidade de adquirir, actualizar, completar e ampliar a competencia comunicativa en linguas, ao longo da vida, para o seu desenvolvemento persoal e profesional.
- Ensinanzas deportivas: as ensinanzas deportivas teñen como finalidade preparar o alumnado para a actividade profesional no sistema deportivo en relación cunha determinada modalidade ou especialidade deportiva, e facilitar a adaptación do persoal técnico formado á evolución do mundo laboral e deportivo e á cidadanía activa. As ensinanzas deportivas estrutúranse en dous graos: grao medio e grao superior. O grao medio organízase en dous ciclos: inicial e final. O grao superior organízase nun único ciclo de grao superior.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.01.07), consiste en mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e os seus resultados.

Son ensinanzas para persoas adultas as seguintes:

- Niveis I e II da etapa das ensinanzas básicas iniciais.
- Educación secundaria para persoas adultas: modalidades presencial e a distancia.
- Bacharelato nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia.
- Castelán e galego para inmigrantes.
- Preparación para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio.
- Actividades non regradas de carácter profesional, de formación sociocultural e de desenvolvemento persoal e comunitario.
- Aula MENTOR..

A Aprendizaxe Permanente verase potenciada co desenvolvemento dunha prevista Lei para a aprendizaxe ao longo da vida adulta, xa en tramitación, que terá por obxecto a regulación e a organización dun sistema de aprendizaxe ao longo da vida adulta en Galicia que responda de maneira eficiente ás necesidades de formación permanente da cidadanía galega, de acordo coas competencias que o Estatuto de autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galicia. A formación ao longo da vida adulta favorecerá o desenvolvemento persoal e profesional das persoas e impulsará a súa contribución ao desenvolvemento social e económico de Galicia.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As ensinanzas de música e de danza pódense cursar a partir dos 8 anos nos graos elementais, e a calquera idade nos graos profesionais, así como nas escolas de música en ensinanzas non regradas.

Ademais, en Galicia ofértase o grao superior, equivalente aos estudos universitarios de grao, no ámbito da música, así como na arte dramática, o deseño, e na conservación e restauración de bens culturais, ás que se poden acceder as persoas maiores de 18 anos (16 anos no ámbito da música).

Para acceder ás ensinanzas de idiomas será requisito imprescindible ter dezaseis anos feitos no ano en que se comecen os estudos. Poderán acceder, así mesmo, as persoas maiores de catorce anos para seguir as ensinanzas dun idioma distinto do cursado na educación secundaria obrigatoria como primeira lingua estranxeira.

Para acceder a cada un dos ciclos de ensino deportivo as persoas aspirantes deberán reunir, con carácter previo á matriculación, os requisitos de acceso de carácter xeral e os requisitos de acceso de carácter específico ou acreditar méritos deportivos, experiencia profesional ou deportiva, ou as tres condicións de forma conxunta establecidas para cada modalidade no correspondente real decreto polo que se establece o título, segundo dispón o establecido no artigo 48 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro.

Coa publicación do Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos de ensinanzas especiais os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño, realizouse un axuste nos prezos públicos para estas ensinanzas que tivo efectos neutros sobre a matrícula, como consecuencia de que a subvención reguladora do custo das ensinanzas se mantivo en promedios superiores ao 95% e que se ampliaron os supostos de exención e pagamento da matrícula aos distintos colectivos con dereito a bonificación.

Con carácter xeral, poderán matricularse nas ensinanzas para persoas adultas todas as persoas maiores de dezaoito anos, ou que os fagan no ano correspondente.

O ámbito de aplicación da prevista Lei para a aprendizaxe ao longo da vida adulta refírese a todas as actuacións, formais e non formais, en materia de aprendizaxe ao longo da vida adulta de ámbito non universitario desenvolvidas na Comunidade Autónoma de Galicia promovidas por iniciativa pública, privada ou mixta. As persoas destinatarias do Sistema galego para a aprendizaxe ao longo da vida adulta son todas aquelas persoas adultas que emprendan na Comunidade Autónoma de Galicia unha actividade de aprendizaxe co obxectivo de mellora persoal ou profesional. As persoas con baixa cualificación profesional ou en risco de exclusión social serán obxecto de atención preferente dos plans e programas establecidos nesa lei.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

As ensinanzas de música divídense en regradas e non regradas. As primeiras pódense cursar exclusivamente nos centros autorizados de música e nos conservatorios, mentres que as segundas pódense cursar nas escolas de música. Os estudos regrados de música divídense en tres etapas: grao elemental, grao profesional e estudos superiores. Os dous primeiros graos poden cursarse, ademais de nos sete conservatorios profesionais dependentes da Consellería, noutros 26 conservatorios públicos dependentes dos concellos, así como en distintos centros privados autorizados. Mentres que os estudos superiores pódense cursar nos dous conservatorios superiores de música, da Coruña e Vigo así como en dous centros privados.

Por outra banda, ante o proceso de converxencia no Espazo Europeo de Educación Superior, cada vez é maior o número de alumnos e alumnas que cursan ensinanzas artísticas superio-

res que participan no programa de mobilidade Erasmus. Tendo en conta que as axudas propias do programa son moi baixas, estableceranse unhas axudas complementarias que lles faciliten o acceso e a realización deste tipo de estadías noutras institucións superiores de países de Unión Europea.

Finalmente, dende o ano 2015 os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais, que teñen carácter anual, están destinados ao alumnado que supere os seus estudos profesionais de música, danza ou de artes plásticas e deseño cun grao de excelencia. Así mesmo, prémiase ao alumnado que rematou brillantemente os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores nos centros dependentes da Xunta de Galicia desde o curso 2018/19.

No curso 2023/24 implantarase Xade nos oito centros de ensinanzas artísticas superiores.

As ensinanzas de idiomas de réxime especial cúrsanse unicamente nas escolas oficiais de idiomas, que son os centros docentes públicos en que se ofrecerán contextos para a aprendizaxe e a práctica de idiomas. Nelas deberase fomentar especialmente o estudo das linguas oficiais dos Estados membros da Unión Europea, das linguas cooficiais existentes en España e do español como lingua estranxeira. Así mesmo, facilitarase o estudo doutras linguas que, por razóns culturais, sociais, económicas ou de oportunidade resulten de especial interese. En Galicia existen 11 EOI mais 29 seccións destas, seccións que case na súa totalidade se sitúan en institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Nos últimos anos, aumentou a demanda das probas libres de certificación nas escolas oficiais de idiomas. O interese por certificar a competencia lingüística, tanto nunha das linguas cooficiais como en linguas estranxeiras, deixa de manifesto unha necesidade real da sociedade diversa, plural e heteroxénea do século XXI. Por mor deste contexto social e académico, foi necesario ampliar o número de convocatorias e ofrecer probas libres, unificadas e estandarizadas, nunhas novas datas, ben ao longo do propio curso (febreiro) ou mesmo unha vez finalizada a convocatoria ordinaria (xullo). A validez, así como o impacto positivo das certificacións das EOI, permite que as persoas candidatas desenvolvan e melloren as súas competencias profesionais e, polo tanto, prosperen no eido laboral, garantindo uns parámetros de calidade vencellados a unha comunidade dixital, plurilingüe e multicultural. Xorde, así mesmo, a necesidade de atender e incluír unha diversidade xeográfica e social tan acentuada en Galicia e por iso no curso 2020/21 se ofreceron e titorizaron, por primeira vez, os cursos semipresenciais nas escolas oficiais de idiomas. Nese curso, en concreto, en inglés e francés. Tendo en conta a excelente acollida e o seu crecemento gradual ao longo destes dous últimos anos, estanse a crear novos cursos noutras linguas como o alemán, o chinés, o italiano e o galego. En só dous cursos, o número de grupos desta modalidade semipresencial medrou exponencialmente, feito que evidencia esa boa acollida e bo funcionamento. Sen dúbida, é preciso ampliar esta oferta educativa na modalidade semipresencial, tanto en novas linguas como noutros niveis do Marco Europeo Común de Referencia, ao longo dos vindeiros anos. Para garantir a correcta elaboración, administración e avaliación das probas de certificación, así como a apropiada impartición destes cursos semipresenciais, cómpre redactar e

revisar, con carácter anual, unha serie de guías que describen e pautan as directrices que se deben seguir. Ademais, é preciso formar e preparar, de xeito continuo, o profesorado das diferentes linguas en todo o proceso de elaboración, administración e avaliación, consonte ao currículo, ao nivel e ao MECRL, como prescribe o Real decreto 1/2019 nos seus artigos 3, 4, 5, 6 e 7.

As ensinanzas deportivas de réxime especial cúrsanse en centros públicos e en centros privados. No caso dos centros públicos nos que se imparten son dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, un total de sete centros: dous centros integrados de formación profesional mais cinco institutos de educación secundaria.

Para dar a coñecer o potencial das ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas que se ofrecen en Galicia, no ano 2023 tivo lugar o evento "InnovArt", no que se contou con material expositivo e actividades interactivas de: arte dramática, artes plásticas e deseño, conservación e restauración de bens culturais, danza, ensinanzas deportivas, idiomas e música. Preténdese dar continuidade ao mesmo debido ao éxito acadado.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Orde EFP/668/2023, do 14 de xuño, pola que se homologa o plan de estudos do título de Máster en Ensinanzas Artísticas en Creación, Interpretación e Investigación Musical do Conservatorio Superior de Música de Vigo.
- Decreto 41/2023, do 20 de abril, polo que se modifica o Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 2 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional pola que se establecen aulas de capacitación dixital en centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a creación da Rede Galega de Educación Dixital na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de ensinanzas de réxime especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia
- Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.
- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro

- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia
- Orde do 5 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da Comunidade Autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación).
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013. de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas (desenvolvida polo Decreto 35/2002 e modificado polo Decreto 74/2013)).
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral.
- Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de agosto de 2011, pola que se desenvolve o Decreto 61/2011, do 24 de marzo, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas de arte e superiores de deseño da comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e

artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.

- Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagoxía, na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagoxía na comunidade autónoma de Galicia .
- Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Deseño en desenvolvemento do Decreto 172/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Deseño na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 174/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de bens arqueolóxicos, escultura e pintura, na comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais en desenvolvemento do Decreto 174/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais, nas especialidades de Bens Arqueolóxicos, Escultura e Pintura na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na Comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática en desenvolvemento do Decreto 179/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Arte Dramática na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 171/2016, do 24 de novembro, polo que se establece o Plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Dirección e Produción e Xestión, e se amplían os anexos do plan de estudos correspondente á especialidade de Interpretación, establecidos no Decreto 163/2015, do 29 de outubro, mediante a incorporación de novos itinerarios.
- Orde do 29 de xuño de 2022 pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2021/22

- ORDE do 21 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan os premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado que rematou os seus estudos de ensinanzas artísticas superiores no curso 2021/22 en centros públicos de Galicia.
- Orde do 25 de maio de 2023 pola que se convocan axudas dirixidas a escolas de música públicas e escolas de música privadas dependentes de institucións sen ánimo de lucro.
- Orde do 2 de xuño de 2023 pola que se convocan os premios extraordinarios na modalidade de ensinanzas artísticas profesionais nos ámbitos de música, de danza, e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2022/23.
- Orde do 10 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas de mobilidade complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do programa comunitario Erasmus+, destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores en centros públicos de Galicia no curso 2022/23.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades tenta garantir que a oferta realizada ao seu alumnado se concrete no máis amplo abano de ensinanzas artísticas para que completen a súa formación, cunhas instalacións adecuadas.

As escolas de artes e conservatorios de música deben ser dotados de mobiliario e equipamento didáctico acorde coas ensinanzas que neles se imparten.

O labor desenvolvido no ámbito da música pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coa dotación e o sostemento dos conservatorios de música dependentes dela, vese complementado polas iniciativas de moitos concellos da comunidade autónoma, que dende hai anos realizan un importante labor a través da creación e sostemento de escolas de música e de conservatorios que tamén imparten ensinanzas regradas de música, e tamén da oferta privada.

Finalidades previstas:

- Adecuación progresiva das ensinanzas superiores ao novo Espazo Europeo de Educación Superior coa implantación dos novos plans de estudos superiores de ensinanzas artísticas.
- Establecer convenios con entidades públicas e privadas que fomenten a excelencia musical e a práctica orquestral do alumando dos conservatorios profesionais e superiores.
- Establecer axudas complementarias para o alumnado que cursa ensinanzas artísticas superiores que participan no programa de mobilidade Erasmus. Tendo en conta que as axudas propias do programa son moi baixas, cómpre establecer, na mesma liña que

para o alumnado universitario, unhas axudas complementarias que faciliten o acceso e a realización deste tipo de estadías noutras institucións superiores de países de Unión Europea.

- Creación e potenciación de seccións bilingües nos centros de ensinanzas artísticas.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE. 4.01.07) son:

- Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno e o desenvolvemento de capacidades dixitais
- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En todos os procesos de selección para o acceso ás ensinanzas artísticas cómpre superar unha proba de capacidade e de coñecementos específicos básicos para poder cursar con aproveitamento as ditas ensinanzas. Estes procesos réxense, con carácter xeral, polos criterios de igualdade, mérito e capacidade, en función dos distintos niveis e especialidades, nos que non se

aplica ningún tipo de medida que implique unha asignación de prazas en función do xénero dos aspirantes.

Neste senso, cómpre sinalar que existe unha demanda moi desigual nas distintas ensinanzas en función da especialidade, por parte de alumnos e alumnas, como por exemplo na danza, moda e nalgunhas especialidades de música, nas que case a totalidade de aspirantes son mulleres.

Polo que se refire ao desenvolvemento da actividade académica nestas ensinanzas, aplícanse todos os criterios para evitar a linguaxe sexista e os estereotipos de xénero.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medias previstas para realizar durante o ano 2022 son as seguintes:

- Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.
- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	

Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 85% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o

artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 71.1, apartado b), do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras cousas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

No ámbito das ensinanzas artísticas o alumnado matriculado é maioritariamente do xénero feminino, polo que o maior número de beneficiarias del son mulleres.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Dende o punto de vista de acceso a estas ensinanzas , non resulta aconsellable establecer novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero, xa que para o acceso ás ensinanzas artísticas, en todos os seus niveis e ámbitos, é imprescindible superar unha proba na que as persoas aspirantes amosen as súas capacidades e coñecementos para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Os datos de matrícula confirman que o maior número de persoas que superan as probas e acceden a estas ensinanzas son mulleres.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaria Xeral Técnica

Dirección Xeral de Formación Profesional

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.7. PROGRAMA 422G - ENSINANZAS ESPECIAIS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Con este programa son atendidas as obrigas relacionadas co funcionamento das escolas oficiais de idiomas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O dominio das competencias comunicativas en linguas modernas constitúe un dos principais obxectivos nas políticas educativas europeas. O crecemento da demanda de ensinanzas especializadas de idiomas por parte de amplos sectores profesionais, así como do ámbito académico, especialmente en lingua inglesa, xustifica a adopción de medidas que potencien a aprendizaxe de linguas estranxeiras.

As ensinanzas de idiomas son de réxime especial e abordan os estudos de idiomas fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, co obxecto de capacitar e acreditar ás persoas no dominio das distintas destrezas comunicativas, tanto orais coma escritas. As ensinanzas estrutúranse nos niveis básico, intermedio e avanzado (de acordo co Marco Común Europeo de Referencia das Linguas).

En materia de infraestruturas tense estudado a situación dos centros educativos que imparte ensinanzas especiais na comunidade autónoma apreciándose un aumento considerable da demanda por parte do alumnado deste tipo de ensinanzas, implicando a creación de novas prazas, así como a necesidade de reparacións e adaptación dos centros existentes.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG)2022-2030 o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE. 4.01.07), consiste en mellorar a calidade das ensinanzas de réxime especial e os seus resultados, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As ensinanzas especializadas de idiomas van dirixidas a aquelas persoas que desexan, ao longo da súa vida, adquirir ou perfeccionar as súas competencias nunha ou varias linguas estranxeiras, con fins xerais ou específicos, así como obter para o mercado laboral unha certificación transparente do seu nivel de competencia no uso das devanditas linguas.

Na Comunidade autónoma de Galicia hai 11 escolas oficiais de idiomas, con seccións en varias localidades, nas que se poden cursar os correspondentes estudos (alemán, árabe, chinés,

francés, inglés, italiano, portugués, ruso, xaponés, español e galego), ademais da oferta da modalidade a distancia de inglés a través do programa That's English!.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na Comunidade autónoma de Galicia fóronse creando progresivamente escolas oficiais de idiomas atendendo a criterios de distribución xeográfica. Así, desde a creación en 1969 do primeiro destes centros, a EOI da Coruña, existe na actualidade unha rede de 11 escolas, das que dependen 30 seccións situadas en IES, ademais da oferta da modalidade a distancia de inglés a través do programa That's English! en 23 centros (escolas oficiais de idiomas e institutos de ensino secundario), que posibilita o estudo dos niveis básico e intermedio nesta lingua.

As ensinanzas que imparten as escolas oficiais de idiomas, que xorden cun carácter marcadamente práctico (ben para completar a formación xa adquirida, ou ben para satisfacer as necesidades profesionais do alumnado), están estruturadas en tres niveis (básico, intermedio e avanzado), cunha duración xenérica de dous cursos para o nivel básico, de tres cursos para o nivel intermedio e de tres cursos para o avanzado (tres no caso do nivel básico e cinco de nivel intermedio en chinés e xaponés, e cinco no caso do nivel intermedio de árabe, e catro no nivel intermedio de ruso). Os niveis básico, intermedio e avanzado corresponden cos niveis A, B e C, respectivamente, do Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL). Aquel alumnado que supere as probas de certificación de cada un dos niveis, ben polo réxime oficial ou polo réxime libre, recibe o certificado correspondente.

O Plan galego EDULINGÜE 2030: Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras , recolle entre os seus obxectivos a formación do profesorado especialista e non especialista que imparta ensinanzas nos centros plurilingües e seccións bilingües a través dun plan de formación específico en idiomas que inclúa tanto a formación presencial, como semipresencial e telemática, no idioma inglés, francés, alemán e portugués. Neste contexto as escolas oficiais de idiomas deben desempeñar socialmente un papel integrador como centros de formación en linguas, sensibles a todas as demandas da cidadanía, busca lograr os seguintes obxectivos:

- Manter unha oferta variada, flexible e atractiva para a aprendizaxe das linguas e asegurar a coordinación das escolas oficiais de idiomas cos outros organismos de formación permanente.
- Difundir e promover as ocasións de recoñecemento e certificación de competencias lingüísticas dentro do MECRL co fin de que as sociedade galega estea preparada para o mundo laboral a nivel internacional.
- Promover o uso do Port-folio Europeo das Linguas para fomentar unha mobilidade persoal e profesional fluída a nivel internacional.
- Promover unha educación que recoñeza e valore a riqueza da diversidade lingüística e cultural entre as persoas adultas.

- Manter e realizar as correspondentes melloras nos edificios educativos destinados a este fin.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación).
- Lei 38/1999, do 20 de agosto, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto polo que se aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión.
- Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da comunidade autónoma de Galicia.
- Orde do 5 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 189/2010, do 11 de novembro, polo que se establece o Regulamento orgánico das escolas oficiais de idiomas da comunidade autónoma de Galicia, e se regula a organización e o acceso ás ensinanzas de idiomas de réxime especial.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, e Avanzado C2, das Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as de este real decreto.
- Decreto 89/2013, do 13 de xuño, polo que se fixan os prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención dos títulos oficiais nas ensinanzas de música e artes escénicas, de idiomas, deportivas, de conservación e restauración de bens culturais e nos estudos superiores de deseño.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que establécese currículos dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1, avanzado C2, das ensinanzas de idiomas de réxime especial da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través das escolas oficiais de idiomas a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades fomentará o estudo doutras linguas que por razóns culturais, sociais ou económicas resulten dun interese especial, así como a impartición de cursos para a actualización de coñecementos de idiomas, destinados ao profesorado e a outros colectivos profesionais. Polo que se crearán novas prazas destinadas a este fin e se realizarán as actuacións de reparacións, ampliacións e melloras que sexan necesarias nos centros de ensinanzas especiais existentes.

As actividades que se levarán a cabo para a materialización dos obxectivos deste programa, no referente ás ensinanzas especializadas de idiomas, son as seguintes:

- Cursos de actualización lingüística e comunicativa (CALC) en inglés, francés e portugués dirixidos ao profesorado que imparte docencia en seccións bilingües e centros plurilingües, referenciados aos niveis A2, B1, B2, C1 e C2 do MECRL.
- Cursos de formación do profesorado en idiomas, en colaboración cos centros de formación e recursos, nas diversas linguas impartidas nas escolas oficiais de idiomas.
- Cursos preparatorios para os certificados de lingua galega CELGA en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio e superior para persoal funcionario en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- Cursos de formación en inglés e francés para o profesorado participante no programa de apoio ao ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE).
- Cursos de especialización e perfeccionamento de inglés audiovisual.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE. 4.01.07) son:

- Acadar unha mellor adecuación das infraestruturas e das dotacións de medios aos usuarios, atendendo a súa dimensión e mellorando a ratio profesor/alumno.
- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Aumentar o número de persoas que reciben unha validación e acreditación de coñecementos en idiomas estranxeiros.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nas ensinanzas de idiomas de réxime especial cómpre sinalar que existe unha demanda moi similar nas ensinanzas de idiomas por parte de homes e mulleres. Estas ensinanzas van dirixidas a persoas adultas e a asignación de prazas realízase por sorteo; polo que non se precisa da aplicación de criterios compensatorios por cuestións de xénero.

Polo que se refire ao desenvolvemento da actividade académica nestas ensinanzas, aplícanse todos os criterios para evitar a linguaxe sexista e os estereotipos de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X

Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 85% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 85% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

No ámbito das ensinanzas de idiomas de réxime especial o alumnado matriculado é maioritariamente do xénero feminino, polo que o maior número de beneficiarias do mesmo son mulleres.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Non resulta aconsellable establecer novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero, xa que para o acceso ás de idiomas de réxime especial, en todos os seus niveis, é imprescindible superar unha proba na que as persoas aspirantes amosen as súas competencias lingüísticas para cursar con aproveitamento estas ensinanzas. Os datos de matrícula confirman que o maior número de persoas que acceden a estas ensinanzas son mulleres.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaria Xeral Técnica

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.8. PROGRAMA 422I - FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A través do Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica de educación (LOE), nos centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, articúlase a formación permanente como o conxunto de actividades que perseguen a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, titoría, atención educativa á diversidade e organización encamiñados a mellorar a calidade do ensino e o funcionamento dos centros. Así mesmo, deberán incluír formación específica sobre a utilización das tecnoloxías da información e comunicación no ensino e a formación en linguas estranxeiras do profesorado, independentemente da súa especialidade.

O cambio normativo derivado do novo deseño curricular, conleva a necesidade de formación de todo o profesorado polo que e a estratexia pasa por levar a cabo actividades a través da rede de formación do profesorado, pero sobre todo a través de plans de formación permanente do profesorado en centros (PFPP).

A Administración educativa planificará as actividades de formación permanente do profesorado, garantirá unha oferta diversificada e gratuíta destas actividades e establecerá as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

A finalidade da formación permanente é a de promover o desenvolvemento das competencias profesionais do profesorado para a mellora da práctica educativa.

A planificación da formación permanente do profesorado realizarase a través do plan estratéxico e dos plans anuais tratando de dar resposta ás estratexias da consellería, as liñas e programas prioritarios do sistema educativo galego.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.01.06), consiste en garantir a capacitación adecuada do

profesorado a través da formación permanente que lles permita afrontar os retos do sistema educativo galego e adaptar as novas ensinanzas ás novas necesidades formativas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Actualizar a formación do profesorado para adecuar os seus coñecementos e métodos de ensino á evolución da ciencia e da didáctica, á utilización das TIC, ás linguas estranxeiras e a todos os aspectos que incidan na calidade do ensino.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Profesorado de niveis de ensino non universitarios, dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que imparte as ensinanzas contempladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

No curso 2010-2011 publicouse o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Nel modificáronse as estruturas de formación, para permitir a súa adaptación aos novos retos e obxectivos da consellería, como son a mellora da competencia lingüística do profesorado, a formación on-line e a implantación de procesos de mellora da calidade da formación.

Neste decreto creouse o Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) que realiza, entre outras funcións, o deseño e desenvolvemento da formación a distancia e da formación do profesorado de formación profesional. Con este decreto mantéñense os centros de formación e recursos e créase unha rede de centros educativos de apoio á formación permanente do profesorado.

O cambio normativo instaurado pola LOMCE e a aprobación de diversas estratexias por parte da consellería (EDULINGÜE, EDUDIXITAL e EDUCONVIVES) e a dimensión do colectivo do profesorado de Galicia esixen continuas actuacións formativas sobre os deseños curriculares iniciados coa implantación da LOMCE.

A implementación en Galicia dun Marco propio de competencias profesionais docentes xunto co desenvolvemento de plans de formación específicos dos eixos do sistema educativo

(plurilingüismo, educación dixital e STEM, función directiva, igualdade de oportunidades, atención á diversidade e convivencia entre outros) precisa dun novo pulo do sistema de formación co seu correspondente acompañamento orzamentario.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica de educación (LOE).
- Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e innovación e das titulacións.
- Resolución do 9 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2020-2021.
- Resolución do 11 de febreiro de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2020-2021.
- Decreto 70/2017, do 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estratexia Educación Dixital (edudixital 2030).
-). Estratexia Galega de Convivencia Escolar. EDUCONVIVES 2025
- Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras (edulingüe 2030).
- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Actividades:

Nos plans anuais de formación do profesorado desenvolveranse os obxectivos anuais a través de medidas e accións concretas. Os plans anuais poderán incluír plans específicos de formación para distintos colectivos do profesorado, entre outros, os que exercen funcións directivas,

o profesorado de formación profesional e o de ensinanzas de réxime especial, contando coa participación dos servizos competentes nestas ensinanzas.

Os Plans de formación anuais conterán unha oferta formativa diversificada en diferentes modalidades:

- Formación presencial.
- Formación a distancia.
- Formación semipresencial ou mixta.
- Formación derivada da implantación LOMCE.
- Formación derivada das estratexias da consellería (educonvives, edulingüe e edudixital) e de participación nos programas educativos de centro que as conforman.
- Plans de formación permanente do profesorado en centros (PFPP).
- Cursos, xornadas, encontros, congresos.
- Formación entre iguais nos propios centros (proxectos de formación, grupos de traballo e seminarios permanentes), así como observación inter-pares e inter-centros.
- Formación específica para a acreditación da función directiva e da formación en igualdade.

Favorecer a formación do profesorado dos Centros Integrados de Formación Profesional (CIFP) para que posteriormente desenvolva accións de formación destinadas a docentes e formadores doutros centros de formación profesional.

En canto aos resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 4.01.06), é mellorar as competencias profesionais docentes mediante un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e investigación educativa.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	X
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A formación permanente do profesorado baséase no principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, permitindo o acceso a todo o colectivo docente a unha formación permanente de calidade e buscando a capacitación profesional para o traballo co alumnado para que acaden as competencias e coñecementos imprescindibles para o seu pleno desenvolvemento na sociedade do coñecemento.

Ademais, a formación permanente do profesorado, como proceso de revisión e actualización dos coñecementos, actitudes e habilidades, é un factor clave da calidade do sistema educativo e do fomento de políticas de igualdade, na medida en que exerce a función de transmisión de valores e modelos de comportamento para o alumando. Neste sentido, por medio da planificación formativa actual ten que darse resposta aos compromisos establecidos no Decreto 70/2017, de 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade autónoma de Galicia.

As accións contempladas no I Plan de Igualdade no ámbito educativo terán acomodo dentro da dotación orzamentaria prevista neste programa de gasto.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medidas previstas para realizar son as seguintes:

1. Formación do profesorado en estratexias para o fomento de actitudes e valores entre o alumnado que favorezan a corresponsabilidade e a conciliación e onde:
   - O profesorado con licenza para atención á familia ten prioridade na asistencia a actividades formativas.
   - As actividades impartidas na fin de semana dispoñen de servizo de atención á infancia).
2. Inclusión da corresponsabilidade e da conciliación como principios de igualdade na formación inicial do novo persoal funcionario docente.
3. Impulso das Escolas de Nais e Pais,(ENAPAS), como instrumento de acción coeducativa e de concienciación sobre o necesario reparto equilibrado das tarefas doméstico familiares entre mulleres e homes e a importancia dun uso axeitado dos tempos.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A promoción da igualdade e a prevención e loita contra a violencia de xénero son unha prioridade do sistema educativo dentro do I Plan de Actuacións para a Igualdade nos Centros Educativos de Galicia 2016-2020, no marco da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 e a actual Estratexia Galega de Convivencia Escolar EDUCONVIVES 2025

Co obxecto de sentar os alicerces para o efectivo desenvolvemento destes plans e estratexias, así como de apoiar os obxectivos e fins establecidos nas diferentes normativas, tanto esta-

tais como autonómicas e, en especial, o previsto no Decreto 70/2017, de 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Plan Anual de Formación Permanente do Profesorado conta cunha ampla oferta formativa tanto básica como avanzada.

As diferentes actividades de formación poden consultarse telemáticamente.

Desta oferta destacan as actividades encamiñadas a:

- Formación básica en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero para novo persoal funcionario, cunha duración mínima de 20 horas, de acordo co previsto na disposición adicional segunda do devandito decreto.
- Formación básica en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero, cunha duración mínima de 20 horas, á disposición de todo o persoal docente de centros sostidos con fondos públicos.
- Formación básica en igualdade no ámbito educativo, cunha duración mínima de 30 horas. Ofertaranse cursos específicos para equipos directivos, departamentos de orientación, profesorado de infantil e primaria, e profesorado de educación secundaria, FP e de adultos.
- Actividades formativas vinculadas ao Plan Proxecta de innovación educativa. Prioritarias para o profesorado involucrado nos programas deste plan pero abertas, no seu caso, ao resto de docentes.
- Actividades formativas vinculadas ao Club de letras de innovación educativa. Ofertarase un curso específico para centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que impartan ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou bacharelato participantes neste programa.
- Actividades de formación avanzada, cunha duración mínima de 50 horas, dedicadas a afondar nos aspectos vinculados á coeducación, á prevención primaria e secundaria da violencia machista na escola, á educación con perspectiva de xénero, ás datas de conmemoración do calendario escolar en relación coa igualdade e á comunicación igualitaria, entre outras.

Ademais, a través dos Plans de Formación Permanente do Profesorado, como actividades de formación en centros que mellor se adaptan a unha metodoloxía de traballo proactivo centrado na realidade particular de cada centro, poderase adquirir unha formación de carácter especializado. Para iso, os centros que opten por un plan formativo en igualdade, poderán contar co apoio e asesoramento dos Servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa a través da Asesoría de Igualdade.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

O programa está deseñado, tanto en oferta como en temática, de xeito que facilite o mantemento da proporción equitativa entre homes e mulleres con respecto á proporción que se da no colectivo docente.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

A perspectiva de xénero implántase de xeito transversal na formación do profesorado. A medida na que se está a traballar é o aumento da oferta de cursos en liña e mixtos que favorezan, así como durante o horario lectivo, que favorezan a conciliación da vida laboral e familiar, particularmente nas áreas nas que as mulleres están subrepresentadas, como pode ser a do profesorado de FP.

Así mesmo, na formación interna da propia Rede de Formación do Profesorado, estase a facer fincapé no deseño de actividades formativas que integren unha linguaxe inclusiva e coeducada.

Finalmente débese mencionar que nas actividades de gran formato realizadas na fin de semana contarase cun servizo de ludoteca de 3 a 12 anos baixo demanda para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar e a corresponsabilidade dos e das docentes.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

III.1.9. PROGRAMA 422M - ENSINANZA SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa destínase a atender a escolarización do alumnado nos niveis de educación secundaria, bacharelato, formación profesional e educación de persoas adultas que representan o 46% do alumnado non universitario. Preto do 90 % da dotación do programa destínase a satisfacer as nóminas dos máis de 14.000 docentes dedicados a estas ensinanzas.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En materia de infraestruturas trátase de atender:

- A demanda de postos escolares en determinados centros educativos da comunidade autónoma.
- A situación de deterioro provocada polo uso e antigüidade dos centros existentes, así como nalgún caso a inadecuación funcional dos centros educativos ás esixencias educativas actuais.
- A reposición do mobiliario e equipamento didáctico deteriorado e nalgúns casos obsoleto, así como o necesario para os novos centros educativos e ás adaptacións curriculares.

A estas actuacións cabe engadir a necesaria mellora na eficiencia enerxética dos edificios, que redunda no aumento do confort térmico e redución do consumo enerxético.

A nivel económico- financeiro, este programa atende as seguintes necesidades:

- Financiar os gastos do persoal deste programa, que supoñen o 50,32% do capítulo I da consellería.
- Dotar de recursos para os gastos de funcionamento aos centros públicos de ensino secundario e de formación profesional de titularidade da consellería.
- Mellorar a calidade do ensino mediante a aplicación de fondos europeos aos gastos de funcionamento dos centros nos que se imparten ciclos de formación profesional, centros nos que se aplican medidas de orientación, reforzo e apoio, etc.
- Asumir baixo a súa responsabilidade a vixilancia e o control da saúde dos 14.000 efectivos que, aproximadamente, constitúen o persoal docente que presta servizo nestes centros, dando así cumprimento ao mandato 31.3º da Lei de prevención de riscos laborais.
- Atender ao pagamento dos concertos educativos cos centros docentes privados nos niveis de formación profesional (incluído o pagamento delegado da nómina de persoal docente destes centros).
- No tocante a formación profesional, poñer en marcha e desenvolver os distintos programas e ofertas formativas, así como as distintas liñas de actuación recollidas na Estratexia de FP 2030: Formación, Acreditación, Innovación, Internacionalización, Emprendemento, Orientación e Difusión e Calidade.

Polo que se refire a formación profesional, a Lei Orgánica 3/2022 de ordenación e integración da formación profesional ten por obxecto a constitución e ordenación dun sistema único e integrado de formación profesional. Ten como finalidade a regulación dun réxime de formación e acompañamento profesionais que, servindo ao fortalecemento, a competitividade e a sustentabilidade da economía, sexa capaz de responder con flexibilidade aos intereses, as expectativas e as aspiracións de cualificación profesional das persoas ao longo da súa vida e ás competencias

demandadas polas novas necesidades produtivas e sectoriais tanto para o aumento da produtividade como para a xeración de emprego

O Sistema de cualificacións e de formación profesional de Galicia desenvolveuse de xeito integral constituíndo un mecanismo estrutural para a formación inicial e continua e para a aprendizaxe permanente da sociedade galega, partindo do marco legal das cualificacións e da formación profesional, que require que as comunidades autónomas desenvolvan as iniciativas que lles corresponden en orde á configuración dos seus respectivos sistemas de cualificacións e FP.

No ano 2021 publicouse o Real Decreto 143/2021, do 19 de marzo, que substitúe o R.D. 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia e establece o procedemento e os requisitos para a avaliación e a acreditación das competencias profesionais adquiridas polas persoas a través da experiencia laboral ou de vías non formais de formación, así como os seus efectos. Unha medida para favorecer a educación e a formación profesional e contribuír á consecución dos obxectivos do cumio de Lisboa do ano 2000, coa finalidade de facilitar a empregabilidade da cidadanía, a mobilidade, fomentala a aprendizaxe ao longo da vida e favorecer a cohesión social, especialmente daqueles colectivos que carecen dunha cualificación recoñecida, e a Axenda 2020, obxectivos prioritarios onde a consellería está a conseguir os niveis fixados para España se ben incluso cun adianto no calendario previsto.

Asemade, o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Un marco normativo que regula a formación profesional do noso sistema educativo, que permita a definición dos currículos dos ciclos formativos de grao medio e de grao superior, de xeito que adapten as novas titulacións ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo correspondente canto a especialización e polivalencia, de xeito que se posibilite a inserción laboral cualificada e unha proxección profesional futura, de feito mais de 140 titulacións xa foron adaptadas á nova situación.

Por outra banda, no ano 2012 publicouse o Real Decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual. Esta norma facilita a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinados os procesos de ensinanza e aprendizaxe na empresa e no centro de formación. Procede avanzar decididamente nunha formación profesional na que a empresa e o centro de formación profesional incrementen os seus vínculos, que xunten esforzos e favorezan unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

A Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, que modifica a Lei Orgánica 12/2006, do 3 de maio, creou os ciclos de formación profesional básica dentro da formación profesional do sistema educativo, como medida para a loita contra o abandono educativo temperán. Estes ciclos inclúen, ademais do desenvolvido con carácter xeral para a formación profesional, módulos

relacionados coas ciencias aplicadas e sociais que permitirán ao alumnado acadar e desenvolver as competencias de aprendizaxe permanente para continuar estudos de ensinanza secundaria post-obrigatoria. A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece os ciclos de grao básico en substitución dos ciclos de formación profesional básica.

A ensinanza de formación profesional básica (FPB) substituíu aos Programas de Cualificación Profesional Inicial (PCPI), e como medida de redución do abandono escolar, provocou un importante incremento de oferta para absorber ao volume de alumnado que permita a citada redución do abandono escolar. Ademais, a configuración da nova ensinanza FPB con dous cursos académicos obrigatorios, esixe un maior investimento, dado que os PCPI, tiñan só un curso de carácter obrigatorio. Consolídase a oferta da formación profesional básica unha vez implantada en todos os cursos.

Neste contexto, cada ano esta consellería aposta decididamente por un plan de formación e cualificación profesional e aprendizaxe ao longo da vida, que dea resposta ás necesidades de cualificación do noso sistema produtivo, poñendo en marcha todas as accións formativas que se requiran dentro dos diferentes niveis de cualificación establecidos no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

O establecemento dunha oferta de ensinanzas de formación profesional na modalidade a distancia, favorece á formación e cualificación profesional e aprendizaxe ao longo da vida. Esta modalidade, caracterízase pola súa flexibilidade, de xeito que permite ás persoas adultas a posibilidade de combinar o estudo e a formación coa actividade laboral, coas cargas familiares ou con outras actividades, respondendo así ás necesidades e aos intereses persoais. Os principais obxectivos desta modalidade de formación son por tanto os seguintes:

- Favorecer a formación ao longo de toda a vida, acomodándose ás expectativas e ás situacións persoais e profesionais, incluíndo o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Ofrecerlles ás persoas adultas a oportunidade de accederen ás ensinanzas de formación profesional, nomeadamente a quen teña dificultade para asistir na modalidade presencial.

Para reforzar esta flexibilidade, en Galicia prevese a posibilidade de ofrecer as ensinanzas de formación profesional en unidades formativas de menor duración certificables no ámbito da propia comunidade autónoma. Ademais, esta formación poderá concentrarse en determinados períodos do ano, polo que se adapta mellor aos intereses das persoas adultas.

A implantación dun sistema de recoñecemento, avaliación e certificación de competencias contribúe, non só a unha maior transparencia do mercado de traballo, senón ao incremento da información que as empresas teñen do potencial dos seus recursos humanos, permite ofertar unha formación máis axeitada ás necesidades do mundo produtivo. Así mesmo, o novo portal de orientación, contribuirá, sen dúbida, dun modo eficaz á hora de dar a información e orientación

ás persoas na elección das mellores oportunidades de aprendizaxe, formación e emprego. Poranse en marcha preferentemente nestes centros as iniciativas emprendedoras e de innovación e desenvolvemento en materia de formación profesional e cualificacións.

Así mesmo, en complemento do resto de ofertas flexibles de formación profesional nos distintos réximes e modalidades, continuarase implantando de xeito progresivo a formación profesional dual en Galicia, baseada nunha maior colaboración e participación das empresas nos sistemas de formación profesional, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, así, permitir que estas coñezan de maneira máis próxima a formación que recibe a mocidade, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas.

Adicionalmente, afondarase na especialización a través dunha ampla oferta de cursos de especialización (Másteres de FP) que permita aos titulados en FP completar a súa formación, cunha especialización que lles permita incorporarse no mercado laboral en profesións cun alto valor engadido.

A potenciación da rede de centros integrados é o eixo no que se desenvolven as principais accións de integración dos subsistemas de formación profesional, así como de orientación profesional, polo que xunto co resto dos centros que imparten formación profesional no sistema educativo, deben de contar coas instalacións e recursos suficientes para levar a cabo o seu cometido, que deberá desenvolverse nun proceso de calidade e mellora continua, tanto nas accións formativas como nos procesos administrativos que se desenvolvan.

No ámbito da demanda de ensinanzas de réxime xeral, nos niveis de bacharelato e formación profesional, engloba as seguintes actuacións referidos a cada un destes niveis:

- Bacharelato: comprende dous cursos académicos, que normalmente se cursarán entre os dezaseis e os dezaoito anos de idade. Ten tres modalidades diferentes: ciencias, humanidades e ciencias sociais, e artes. Para poder acceder aos estudos de bacharelato o alumnado precisa contar co título de graduado en educación secundaria ou equivalente.
- Ciclos formativos de formación profesional: son ensinanzas que teñen unha estrutura modular, inclúen un módulo de formación práctica. Aos ciclos de formación profesional básica accede o alumnado que non ten un título de educación secundaria, principalmente persoas de 15 e 16 anos que estando a cursar 3º de educación secundaria obrigatoria foron propostos polo equipo docente para realizar as ensinanzas de FP básica. Aos ciclos de grao medio accédese co título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou de formación profesional básica e ao grao superior co título de bacharelato ou co título de técnico en FP. Tamén se pode acceder a través dunha proba regulamentada polas administracións educativas. Aos cursos de especialización accedese con determinados títulos de técnico ou técnico superior de FP.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030, os obxectivos estratéxicos deste programa (coa identificación OE 4.01.02 e 4.01.03) consisten en potenciar a formación profesional e a ensinanza secundaria obrigatoria, mellorando a calidade das ensinanzas e facilitando o acceso a unha formación cualificada profesional polivalente e especializada que mellore a empregabilidade e a súa adaptación aos cambios, modernizando os ciclos, os procedementos e os medios dos centros educativos de ensinanza secundaria obrigatoria e formación profesional .

Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER para o período 2014 – 2020 e do período 2021-2027

Mantense a liña de actuación en centros de carácter histórico, que polo valor dos elementos arquitectónicos a preservar necesitan intervencións individualizadas e especializadas.

No exercicio 2024 continuarase na execución de distintas actuacións nos centros docentes en materia de eficiencia enerxética, rehabilitación e obras de acondicionamento e ampliación de aulas, Actuacións ao abeiro do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, cuxos obxectivos son o deseño dunha nova arquitectura institucional educativa, o acondicionamento e solución de problemáticas do parque inmobiliario educativo (número de edificios, idade media), dar resposta ás novas necesidades espaciais post Covid 19, así como a implicación coa educación dixital e as novas metodoloxías, xunto co cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sostible 2030.

Así mesmo, conta co apoio do Fondo Social Europeo (FSE) vinculado ao programa operativo do FSE+ para o período 21-27, dentro do obxectivo político 4.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Poboación infantil e xuvenil con idades comprendidas entre os 12 e os 21 anos (preto de 165.000).

Persoas adultas maiores de 18 anos que seguen ensinanzas de formación profesional e educación de persoas adultas:

- Persoas inmigrantes que demandan ensinanzas de galego e castelán como medio de integración laboral e social.
- Persoas que demandan eses mesmos servizos nos centros de educación de persoas adultas con sede nos centros penitenciarios de Galicia (cinco en total).
- Mozos e mozas que, despois de abandonar o sistema educativo sen o título básico do sistema, demanda formación para obtelo.

- Persoas adultas estritamente falando que, por prescricións do medio laboral ou dos propios servizos públicos de emprego, demanda unha titulación básica ou de formación profesional.
- Persoas que se presentan ás probas libres para a obtención do título da ESO, do bacharelato ou da formación profesional.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na comunidade autónoma de Galicia a media dos centros de ensino secundario e de formación profesional é de 30 anos de antigüidade, polo que resulta preciso a realización de reformas nalgúns destes centros. Ademais, deberase crear ou ampliar aqueles centros que oferten un número de postos escolares insuficientes para a demanda existente, debéndose así mesmo de dotar de mobiliario e de material didáctico actualizado que permita unha formación integral do alumnado.

Este programa de gasto materializa unha traxectoria de moitos anos da Administración educativa, xa que co gasto que nel se contempla faise fronte a un dos obxectivos irrenunciables da consellería e que constitúe un dos alicerces do sistema educativo. Efectivamente os gastos de funcionamento posibilitan a autonomía dos centros, elemento fundamental das medidas encamiñadas a promover a mellora da calidade no ensino non universitario, finalidade, que no caso que nos ocupa, busca proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana, os coñecementos e as habilidades que lle permita desenvolver as funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, facilitando tamén o acceso ao emprego e a participación activa na vida económica.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades está a facer unha aposta decidida pola formación profesional como unha das ferramentas fundamentais para sentar as bases do crecemento e o progreso na Comunidade Autónoma de Galicia, vinculándoa ás demandas do tecido produtivo de cada zona, e conseguindo que o sector empresarial a conciba como un gran oportunidade, tanto para contar con capital humano altamente formado, como para medrar en competitividade.

Unha das medidas foi o establecemento dun marco normativo propio en desenvolvemento da normativa básica do Estado.

Tamén se foron adaptando as novas titulacións de formación profesional coa finalidade de contar con currículos propios que respondan ás necesidades dos sectores produtivos galegos. Un total de 140 novos currículos aprobados polo Consello da Xunta de Galicia.

Ampliouse a rede de centros integrados de formación profesional ata o número de 24 como eixe central das accións formativas de formación profesional.

Amplíouse a rede de centros integrados de formación profesional ata o número de 23 como eixe central das accións formativas de formación profesional.

Así mesmo, durante estes últimos anos, incrementouse o alumnado que accede ás ensinanzas de formación profesional, que pasou de 34.746 alumnos no curso 2008/2009 a máis de 60.883 alumnos no curso 2022/2023, o que supuxo un incremento do 75,2 %. Nesta liña seguirase nos cursos seguintes coa finalidade de incrementar a taxa de graduados en formación profesional e aproximala á media europea.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 3/2020 que modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o código técnico da edificación).
- Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (desenvolvida polo Decreto 35/2002 modificado polo Decreto 74/2013).
- Real Decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas en edificios modificado polo Real Decreto 238/2013.
- Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, polo que se aproba o regulamento electrotécnico de baixa tensión .
- Lei Orgánica 3/2022 de ordenación e integración da formación profesional.
- Real decreto 143/2021, do 9 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 1224/2009, de 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- Real Decreto 1147/2011, de 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo.
- Decreto 77/2011, do 7 de abril, polo que se establece o regulamento orgánico dos centros integrados de formación profesional competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- Real Decreto 1529/2012, de 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual.
- Orde do 4 de xuño de 2021 pola que se regula, no ámbito do sistema educativo da comunidade autónoma de Galicia, o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, para unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (código de procedemento ED517B)
- Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo, se aproban catorce títulos profesionais básicos, se fixan os seus currículos básicos e se modifica o Real decreto 1850/2009, do 4 de decembro, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se convocan premios para o desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da Formación Profesional en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades n trámite).

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades realizará obras de construción de novos centros nas localidades con aumento da poboación en idade de escolarización obrigatoria, así como ampliación, reforma , reparacións e melloras nos centros existentes, co fin de ofertar e adaptar as ensinanzas de educación secundaria , bacharelato e FP ás diversas necesidades curriculares, educativas (demanda de prazas, desdobramentos de grupos, oferta de materias optativas, programas de reforzo, etc.), tendo como obxectivo a organización, deste alumnado, de acordo cos principios de educación común e de atención a diversidade.

Así mesmo, as permanentes e dinámicas transformacións económicas e tecnolóxicas operadas na sociedade, inciden na modificación das cualificacións profesionais co que xorde a necesidade de proporcionar a sociedade unha cualificación e recualificación necesaria para dar resposta as modificacións. Tentando atender as necesidades de cualificación inmediata e emerxente do sistema produtivo.

Con tal fin, seguiranse realizando obras de conservación, e reparación dos espazos educativos, dotándose a estes centros do mobiliario e equipamento didáctico acorde coas ensinanzas que neles se imparten, preparando ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitarlle a súa adaptación ás modificacións laborais que se poidan producir ao longo da súa vida,

así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal. Atenderase especialmente á dotación de espazos e equipamento para implantación de novos ciclos formativos en atención á demanda do mercado laboral, así como implantación da formación profesional dual con formación en centros de traballo.

Por outra banda, desenvolverase o Plan conecta de colaboración público-privada, para o establecemento de ofertas de formación profesional a medida do tecido produtivo galego 2023-2025, aprobado no Consello da Xunta de Galicia, no marco da Estratexia de FP Galicia 2030.

Tamén se incidirá no Plan Innova FP Galicia para o impulso de liñas de actuación que avancen na innovación, investigación aplicada e no emprendemento na formación profesional galega, no marco da Estratexia FP Galicia 2030.

Así mesmo, realizaranse as seguintes actuacións:

- Potenciación da rede de centros integrados de formación profesional que serán o referente para o establecemento da oferta integrada de formación profesional, da formación para o emprego e da orientación profesional.
- Establecemento dunha oferta de formación profesional básica de grao básico para reducir o abandono escolar temperá, continuando coa dotación aos centros educativos dose recursos materiais e das infraestruturas necesarias para a súa implantación.
- Continuar mellorando a funcionalidade do portal de formación profesional que relacione as oportunidades de formación e emprego coas oportunidades de aprendizaxe e inserción laboral, e recolla e desenvolva os instrumentos de información e orientación profesional asociados ao procedemento de acreditación de competencias profesionais.
- Realización de accións sobre orientación profesional en relación coas diferentes familias profesionais.
- Desenvolver a convocatoria permanente, das diferentes familias profesionais e niveis de cualificación, , sobre avaliación, recoñecemento e certificación das competencias adquiridas ao longo da vida, de xeito que as persoas poidan ver acreditada a súa cualificación de cara a inserción laboral e á súa formación ao longo da vida. Así como, realizar convocatorias específicas para colectivos concretos.
- Elaboración de novos currículos de ciclos formativos de grao básico, medio e superior e de cursos de especialización.
- Potenciar a formación profesional a distancia a través da plataforma e-learning co fin de adaptarse ás necesidades da poboación. Elaborar, en colaboración coas administracións educativas das comunidades autónomas e do Estado, materiais para a oferta a distancia das ensinanzas de formación profesional, así como para os cursos de acceso. Elaborar materiais de apoio para as ensinanzas de formación profesional nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia.

- Implantar os novos cursos de especialización da formación profesional, dirixidos a titulados que se adapten á demandas e necesidades de cualificación dos sectores produtivos estratéxicos de Galicia.
- Desenvolver a estratexia FP Innova para potenciar unha formación profesional moderna, dinámica, innovadora e adaptada a realidade socio-económica. Continuar coas convocatorias para potenciar e executar proxectos de I+D+i de formación profesional nos centros de FP en colaboración con empresas. Establecer mecanismos para favorecer a xestión de patentes, no seu caso, dos proxectos desenvoltos e a creación de empresas por parte de alumnado e titulados.
- Continuar cos programas do Plan Edu-emprende que fomenten os valores asociados ao espírito emprendedor e o acompañamento para a creación de empresas, así como o desenvolvemento de accións para o cooperativismo e autoemprego e a xeración responsable .
- Realizar estudos de tendencias para adaptar a oferta formativa de FP ás necesidades e demandas laborais. Así como, elaborar estudos de inserción laboral do alumnado de formación profesional, segundo os sectores produtivos.
- Plan de Capacitación do profesorado da Formación Profesional e réxime especial para a mellora da calidade da Formación Profesional potenciando a mellora da calidade da Formación profesional potenciando a formación específica e de alta especialización coa colaboración CGIFP Eduardo Barreiros e a rede de CIFP..
- Fomento da cultura de prevención de riscos profesional entre o profesorado de FP.
- Convocar probas libres para a obtención dos títulos de FP, tanto para títulos extinguidos como para os novos títulos LOE, así como á asociadas a procesos de acreditación de competencias..
- Continuar coa convocatoria do procedemento para obtención de carnés profesionais en virtude do protocolo de colaboración coa Consellería competente en materia de industria.
- Revisar a caracterización dos equipamentos requiridos para os ciclos de formación profesional e programas de cualificación profesional inicial, coa finalidade de ter actualizado o catálogo de equipamento.
- Promover e poñer en valor a FP ante a sociedade fomentando as relacións co sector produtivo.
- Promover convenios de colaboración entre os centros de formación profesional, as Administracións públicas e as empresas para o impulso conxunto de ofertas formativas concretas, para realizar o módulo profesional de formación en centros de traballo e para desenvolver proxectos de investigación e innovación.
- Elaboración de materiais en relación coa organización e desenvolvemento das probas de acceso ás ensinanzas de formación profesional e das probas libres de obtención dos títulos de FP .

- Potenciación das accións para a mellora continua, estendendo os plans de calidade nos centros de formación profesional, consolidando a rede galega de aseguramento da calidade en formación profesional.
- Continuar o itinerario de formación dos equipos directivos e do profesorado para ir consolidando esa rede galega de calidade e mellora no sistema de formación profesional.
- Continuar co apoio ao profesorado para realizar estadías formativas en empresas que permitan adquirir experiencias que fomenten a cooperación co contorno produtivo.
- Apoiar economicamente ao alumnado que realice a formación en centros de traballo e que teña que desprazarse a outra localidade distinta á da súa residencia, facilitando que esa formación poida realizala en países da Unión Europea.
- Realizar accións de información e divulgación da formación profesional a través da participación en eventos, feiras, mostras, etc., relacionadas coa formación profesional, así como mediante a organización e realización de eventos específicos.
- Organizar e coordinar o campionato galego de formación profesional Galiciaskills, así como a participación galega nos campionatos nacionais Spainskills e. internacionais (Euroskills e Worldskills).
- Impulsar a posta en marcha de proxectos experimentais de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia, en colaboración con empresas. Como un modelo baseado no incremento sensible da formación nas empresas do sector, de modo que a formación adquirida nos centros de traballo implique para o alumnado unha inmersión real no contorno laboral.

Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 4.01.02 e OE. 4.01.03:

- Mellorar as características funcionais, de seguridade e habitabilidade das instalacións, que incidan na mellora da eficiencia enerxética dos edificios.
- Incrementar a porcentaxe de alumnado que opta pola formación profesional.
- Acadar que mais do 85% dos mozos e mozas continúe estudando e formándose unha vez finalizada a escolarización obrigatoria, ata acadar polo menos unha titulación de educación secundaria superior.
- Incrementar o número de emprendedores e emprendedoras que xorden dos viveiros de empresas.
- Mellorar a porcentaxe de poboación con competencias profesionais acreditadas.
- Incrementar a colaboración entre os centros e o tecido produtivo, a través da formación Dual, a innovación, o emprendemento e a internacionalización

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A presenza da muller nos estudos de formación profesional de tipo técnico non é maioritaria, non obstante existen determinados eidos de competencia nos que as mulleres son unha gran maioría. Isto débese na meirande parte dos casos á existencia de prexuízos, "etiquetas" e dinámicas socioeconómicas que levan a distinguir entre estudos e profesións "de homes" e profesións "para mulleres".

Nos currículos de formación profesional tense un importante instrumento para conseguir que nos coñecementos que adquire o alumnado que curse os ciclos formativos se integre o enfoque de xénero. En concreto, no módulo de formación e orientación laboral, existente en todos os ciclos formativos, dentro da unidade formativa 1: prevención de riscos laborais, inclúese o criterio de avaliación "valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores" ; e dentro da unidade formativa 2: equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura do emprego, establécese o seguinte criterio de avaliación "valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres".

Por outra banda o ciclo superior de promoción da igualdade de xénero impártese nos centros educativos CIFP Leixa de Ferrol e CIFP A Xunqueira en Pontevedra.

No decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, establécese que na admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior, en caso de e empate, e por mor de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionarase en virtude do sexo menos representativo na área profesional en que se demande a praza de formación.

O Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende e os seus programas e liñas de actuación, facilitan o acceso ao emprego e á promoción profesional en igualdade de oportunidades para mulleres e homes.

Nos currículos das diferentes ensinanzas de formación profesional básica inclúense contidos transversais que fomentan o desenvolvemento dos valores de igualdade efectiva entre homes e mulleres, o coñecemento da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición o circunstancia persoal ou social. Así figura recollido no artigo 12 do Decreto 107/2014, de 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medias previstas a realizar son as seguintes:

- Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.
- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X

Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

A presenza da muller nos estudos de formación profesional de tipo técnico é minoritaria, non obstante existen determinados eidos de competencia nos que as mulleres son unha gran maioría. Isto débese na meirande parte dos casos á existencia de prexuízos, "etiquetas" e dinámicas socioeconómicas que levan a distinguir entre estudos e profesións "de homes" e profesións "para mulleres".

Nos currículos de formación profesional tense un importante instrumento para conseguir que nos coñecementos que adquire o alumnado que curse os ciclos formativos se integre o enfoque de xénero. En concreto, no módulo de formación e orientación laboral, existente en todos os ciclos formativos, dentro da unidade formativa 1: prevención de riscos laborais, inclúese o criterio de avaliación "valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores" ; e dentro da unidade formativa 2: equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura do emprego, establécese o seguinte criterio de avaliación "valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres".

Por outra banda o ciclo superior de promoción da igualdade de xénero impártese nos centros educativos CIPF Leixa de Ferrol e CIFP A Xunqueira en Pontevedra.

No decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, establécese que na admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior, en caso de e empate, e por mor de favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes, seleccionarase en virtude do sexo menos representativo na área profesional en que se demande a praza de formación.

O Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende e os seus programas e liñas de actuación, facilitan o acceso ao emprego e á promoción profesional en igualdade de oportunidades para mulleres e homes.

Nos currículos das diferentes ensinanzas de formación profesional básica inclúense contidos transversais que fomentan o desenvolvemento dos valores de igualdade efectiva entre homes e mulleres, o coñecemento da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual e a prevención da violencia de xénero e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición o circunstancia persoal ou social. Así figura recollido no artigo 12 do Decreto 107/2014, de 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medias previstas a realizar son as seguintes:

- Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.
- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Tendo en conta que tanto a construción de novos centros, como a adaptación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, estímase que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de plans de igualdade, de modo que teña preferencia na adxudicación do contrato a proposición presentada por empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica ou profesional, cumpran as medidas destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e

homes, sempre que dita proposición iguale nos seus termos ás mais vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base á adxudicación.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 71.1, apartado b), Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras cousas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Nas licitacións realizadas pola consellería máis dun 30% das empresas manifestaron dispor de medidas para fomento da igualdade como criterio de desempate, conforme ao establecido nos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeron.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

A implantación dunha nova estratexia na adquisición de equipamento didáctico na ensinanza secundaria e formación profesional fomenta a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mozas e mozos, mulleres e homes na sociedade.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaria Xeral Técnica

Dirección Xeral de Formación Profesional

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.10. PROGRAMA 423A - SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa destínase, entre outros, a atender os seguintes ámbitos:

- Os gastos ocasionados pola prestación dos servizos de transporte escolar e de comedor escolar, así como polo funcionamento dos centros residenciais docentes.
- O cofinanciamento cos concellos e ANPAS que xestionan comedores escolares dos gastos ocasionados pola prestación do servizo, así como a concesión de axudas aos concellos que prestan o servizo de limpeza nos CPIs con medios propios, e axudas en función da renda para todo o ensino obrigatorio (educación primaria e educación secundaria obrigatoria e centros de educación especial).
- As actuacións encamiñadas ao fomento da lectura e apoio ás bibliotecas escolares no marco do PLAN LIA. Aumentar a rede de centros do Plan de mellora das bibliotecas escolares (PLAMBE) ata chegar ao 100% dos centros non universitarios e a e consolidación das bibliotecas que se acolleran con anterioridade a dito programa, deseñando novas estratexias e ampliando proxectos.
- Ao desenvolvemento de programas de cooperación territorial en materia de ensinanza, e de actuacións no eido da prevención de riscos laborais.
- As actuacións derivadas da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras- Edulingüe 2030.
- A convocatoria das axudas para a adquisición de libros de texto, material escolar e do fondo solidario de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, en centros sostidos con fondos públicos, continuando co apoio ás familias con maiores dificultades.
- No curso escolar 2014/2015 púxose a disposición da comunidade educativa non universitaria de Galicia os contidos curriculares dixitais para os cursos que están incluídos no proxecto Abalar que se incrementarán para o curso escolar 2023/2024.
- Realizar as avaliacións diagnósticas do sistema educativo establecidas na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e outras avaliacións do sistema educativo.
- Convocar os premios extraordinarios ao alumnado de formación profesional de grao superior, de bacharelato, de educación secundaria obrigatoria e de ensinanzas artísticas.
- Convocar premios a centros e docentes cunha traxectoria de compromiso coa innovación educativa ao desenvolver enfoques didácticos e/ou organizativos que buscan dar resposta ás necesidades do seu alumnado.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Na formación integral do alumnado é fundamental a prestación de recursos complementarios de carácter educativo integrados na programación xeral anual de cada centro, na procura dun ensino de calidade e mellora continua.

De acordo co anterior, a consellería trata de que un servizo educativo e de calidade responda ás novas demandas sociais dun xeito eficaz e eficiente completando a oferta de ensinanzas e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para toda a cidadanía.

Convén sinalar que o servizo de comedor, ademais de servir á Administración educativa como un factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e formativa en habilidades e comportamentos humanos, por iso inténtase que chegue ao maior número de alumnos e alumnas posible. Na procura disto, os créditos destinados á prestación dos servizos de comedores escolares nos orzamentos permiten manter os niveis do servizo.

Por outra parte, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades asume o compromiso de racionalizar e modernizar a prestación do servizo de comedor de xeito real. Neste sentido, no ano 2013 abordouse unha reforma do servizo, que, cun concepto máis progresivo e redistribuidor do cofinanciamento necesario, uns principios máis racionais da xestión, e unha extensión decidida da xestión pública do servizo mediante a asunción dos comedores xestionados polas ANPAS e a subscrición crecente de convenios de colaboración cos concellos, que desembocou na publicación do Decreto 132/2013 que regula os comedores escolares nos centros docentes non universitarios dependentes da Consellería con competencias educativas.

Como se ven dicindo, con cargo a este programa 423A desenvólvense as accións encamiñadas á compensación das desigualdades na educación e ao acceso a ela en igualdade de condicións. Así, especificamente, financia o servizo de comedor e o de transporte escolar e Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, nos centros docentes públicos. E, así mesmo, financia as axudas destinadas ao cofinanciamento dos comedores escolares xestionados polos concellos e as ANPAS, nun esforzo conxunto na procura da conciliación da vida laboral e familiar necesaria hoxe en día.

No curso escolar 2023/2024 continuárase atendendo as necesidades de transporte adaptado dos escolares con discapacidades importantes, que ata finais do curso 2013/2014 eran transportados polo servizo 065 da consellería competente en materia de política social. Así mesmo, nesta liña de extensión dos recursos educativos complementarios, no curso 2023/2024 continuarase proporcionando transporte e comedor aos usuarios lexítimos que cursen os cursos primeiro e segundo da Formación Profesional básica, ensinanza de oferta obrigatoria introducida pola LOMCE que xa foi implantada no seu primeiro curso no curso escolar 2014/2015.

Igualmente resultan destacables outras accións complementarios como as que teñen que ver coa prevención de riscos laborais.

Nesta materia compre destacar que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten contraído o compromiso de adoptar unha posición activa en materia de prevención de riscos laborais, na idea de que o cumprimento das obrigas legais na materia incide de maneira directa na calidade do ensino e no grao de satisfacción do persoal que a fai posible.

Así as cousas, esta Consellería ven desenvolvendo gradualmente unha programación dirixida a promover á avaliación dos riscos laborais nos centros docentes, dando prioridade aqueles que presentan unha maior e potencial perigosidade.

Igualmente, a Consellería ven asumindo baixo a súa responsabilidade a vixilancia e control da saúde do persoal docente e non docente que presta servizos nos centros docentes públicos dela dependentes.

Resumindo, co programa financiaranse, entre outras, as seguintes accións:

- A prestación do servizo de comedor escolar nos 425 centros docentes públicos dependentes da Comunidade autónoma nos que existen comedores de xestión directa(278 centros onde os traballos de cociña son desenvolvidos polo persoal laboral da Xunta) e de xestión indirecta (147centros), contratados con empresas de restauración, garantindo 62.919 prazas de comedor.
- A existencia de acompañante de transporte escolar na totalidade das rutas onde esta figura é obrigatoria , tal e como esixe o Real decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.
- A gratuidade do servizo de transporte escolar nos 424 centros docentes públicos dependentes da Comunidade autónoma nos que está implantado, para transportar a mais de 42.000 usuarios de dito servizo, unha vez que determinadas liñas de transporte escolar foran asumidas pola Consellería competente en materia de mobilidade como consecuencia da implantación do trasporte público de Galicia.
- As axudas para o cofinanciamento dos comedores escolares xestionados polos concellos e as ANPAS, en número de 51 e 208 respectivamente , financiando 16.658 prazas de comedor.
- A colaboración con outros órganos da Xunta de Galicia no desenvolvemento de programas divulgativos dirixidos a fomentar unha alimentación san do alumnado nos comedores escolares e nos seus fogares e uns hábitos de vida saudables.
- O desenvolvemento de accións de avaliación de riscos laborais dos centros docentes públicos dependentes da Consellería, de formación na materia do colectivo de persoal que presta os seus servizos neles.
- Atender ás convocatorias das axudas para a adquisición de libros de texto, material escolar e do fondo solidario de libros de texto destinadas ao alumnado matriculado en centros de educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial, sostidos con fondos públicos.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades estableceu, entre as liñas xerais da política en materia de educación, profundar no logro da igualdade de oportunidades educativas así como promover a mellora continua da calidade e da equidade do sistema, en concordancia cos obxectivos europeos.

A tal fin, dende a Administración educativa débese facilitar o acceso da cidadanía máis nova ás competencias e habilidades sociais que require a sociedade do século XXI. Neste sentido, é especialmente importante o dominio das novas linguaxes das tecnoloxías da información e a comunicación. Así pois, no curso escolar 2022/2023 estendéronse os novos contidos curriculares dixitais para os cursos que están incluídos no proxecto Edixgal e para o vindeiro curso increméntase o número de centros educativos dentro do programa.

Tamén, e non menos importante, é a necesidade de que o alumnado teña un dominio amplo das linguas estranxeiras. Este dominio vai profundamente ligado ao progreso científico e tecnolóxico. As industrias e os especialistas constitúen redes de comunicación que ignoran as fronteiras lingüísticas e nacionais. Así, o aumento das relacións internacionais, a mobilidade laboral e a circulación das ideas e da información están provocando unha forte demanda social en favor da aprendizaxe das linguas estranxeiras, de tal xeito que o número de linguas que a cidadanía dun determinado país dominan constitúe un indicador importante do seu grao de desenvolvemento.

A Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras- Edulingüe 2030 xunto ao resto de programas dirixidos ao éxito escolar, pretende atender os tres seguintes ámbitos:

- Conseguir que o alumnado teña un dominio amplo das linguas estranxeiras.
- Inmersión lingüística do alumnado en territorio español e de ser o caso no estranxeiro e completarase a formación lingüística con actividades de cultura, deporte e costumes de países concretos.
- Creación de centros plurilingües, apoiando a impartición de materias en inglés, ou noutro idioma estranxeiro, para completar un proxecto educativo plurilingüe.
- Certificación do profesorado no nivel requirido de competencia lingüística en lingua estranxeira para impartir materias cun enfoque CLIL/AICLE (Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras).
- Certificación da competencia lingüística en lingua estranxeira do alumnado.
- Dinamizar a alfabetización en idiomas da comunidade educativa.
- Facilitar materiais curriculares dirixidos a traballar na aula dixital dentro do proxecto ABALAR así como apoio á elaboración de programacións didácticas relativas mediante unha dinámica de grupos de traballos.
- Potenciar plans e proxectos de mellora do rendemento escolar.
- Continuar os contratos-programa e programas de reforzo educativo dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación primaria e secundaria e formación profesional.

- Promover iniciativas coeducativas nos centros docentes de educación primaria e secundaria e formación profesional.
- Seguir promovendo as convocatorias de premios a proxectos e prácticas destacadas de innovación educativa de centros e profesorado que poidan servir de referente a outros centros docentes.
- Revisar e adaptar a normativa de atención á diversidade dentro do ámbito da orientación educativa, elaborando propostas da normativa que regulen e potencien as medidas curriculares e organizativas para atender a diversidade do alumnado.
- Promover accións de apoio ao alumnado inmigrante con problemas de adaptación escolar.
- Realizar actuacións de avaliación e mellora do sistema educativo, en particular, as avaliacións individualizadas establecidas na lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Potenciar a realización de actividades transversais en colaboración con outras institucións e Administracións.
- Potenciar a excelencia e o esforzo no estudo nas distintas etapas educativas, dando recoñecemento público ao esforzo e dedicación do alumnado de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato e de formación profesional de grao superior, reforzando aqueles aspectos que inciden na mellora do sistema educativo e xuntando excelencia con equidade, igualdade de oportunidades e posibilidades de desenvolvemento persoal.
- Dotar de recursos para facer fronte aos gastos de funcionamento dos 3 centros residenciais docentes (na Coruña, Ourense e Vigo) nos que durante o curso académico ofertan aloxamento e manutención ao alumnado que precise dese servizo en función da inexistencia nas súas localidades de residencia da oferta educativa que escollen, atendendo aos niveis de renda da unidade familiar da que proceden.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.01.08), consiste en eliminar os obstáculos que impidan ou dificulten o acceso do alumnado ao sistema educativo co obxectivo de garantir as mellores condicións para exercer o dereito á educación nas ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria e en garantir que este alumnado, mais o da formación profesional, ao remate da súa educación, adquira as competencias de comprensión e expresión oral e escrita.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A comunidade educativa en todos os niveis educativos e ensinanzas contempladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e na Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Singularmente na ensinanza obrigatoria o alumnado que podería solicitar as axudas para a adquisición de libros de texto ou participar no fondo solidario de libros de texto estímase ao redor do 68%.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En materia de avaliacións autonómicas, a comunidade galega desenvolve as súas propias avaliacións ademais de participar noutras de ámbito nacional e internacional.

Avaliacións externas no sistema educativo de Galicia:

A LOMLOE prevé a implementación dunha Avaliación Xeral do Sistema Educativo. No curso 2022-2023 levarase a cabo unha proba "inicial" da avaliación xeral de sistema dirixida a alumnado de 6.º de EP e terá carácter mostral e unha frecuencia trienial. No curso 2023-24 se implementará para 4º da ESO. Estase a colaborar co Instituto Nacional de Evaluación Educativa (INEE) na elaboración dos marcos de avaliación da Avaliación Xeral do Sistema Educativo.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación estable nos seus artigos 21 e 29 a realización de avaliacións diagnósticas das competencias adquiridas a todo o alumnado de cuarto curso de educación primaria e de segundo curso de educación secundaria obrigatoria. Estas avaliacións, responsabilidade da Administración educativa, terán carácter informativo, formativo e orientador para os centros, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias e para o conxunto da comunidade educativa. Estas avaliacións terán como marco de referencia o establecido no artigo 144.1 da lei. De acordo coa Disposición final quinta da Lei Orgánica 3/2020 de calendario de implantación as avaliacións diagnósticas ás que se refiren os artigos 21 e 29 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación comezarán a aplicarse no curso escolar no que se implanten os cursos cuarto de educación primaria e segundo de educación secundaria obrigatoria, é dicir, no curso 2023-2024.

Ademais, para poder dispoñer de información que permita a análise comparativa do noso sistema educativo con outros países e comunidades autónomas, Galicia participa no Programa para a Avaliación Internacional do Alumnado (PISA) cunha mostra de arredor de 60 centros educativos e máis de 2000 alumnos e alumnas, o que permite extraer datos representativos fronte aos países da OCDE e demais participantes.

O programa PISA é un estudo internacional de avaliación de estudantes de 15 anos realizado baixo a coordinación da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE). Combina a avaliación das competencias do alumnado nas áreas dun campo específico (matemáticas, ciencias , comprensión lectora e outra competencia innovadora) coa recollida de información de contexto) da súa contorna familiar e social. Así, os resultados obtidos polo alumnado na avaliación das áreas correlaciónanse cos seus factores contextuais.

Durante o mes de maio de 2021 aplicouse o estudo piloto de PISA 2022 nunha mostra representativa de 12 centros educativos, 8 públicos e 4 privados, do sistema educativo de Galicia. A finalidade do estudo piloto foi a de poñer a punto tanto os materiais como os procedementos e protocolos para a realización do estudo principal de PISA programado para 2022.

A Administración educativa tamén colabora co Instituto Nacional de Avaliación Educativa do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) na realización doutras avaliacións internacionais coma PIRLS ou TIMSS que miden o nivel de competencia do alumnado de 4º de educación primaria en comprensión lectora, matemáticas e ciencias e o EECL (Estudo Europeo de Competencia Lingüística) que ofrece información comparable sobre a competencia lingüística en linguas estranxeiras do alumnado ao finalizar educación secundaria obrigatoria e con TALIS (Estudo Internacional sobre o Ensino e a Aprendizaxe) no que se recolle información do profesorado e dos equipos directivos sobre o ambiente da aprendizaxe escolar e as condicións de traballo do profesorado nos centros docentes. Ademais colabora co ICCS (Estudo Internacional sobre Educación Cívica e Cidadanía), estudo destinado ao alumnado de 2.º de educación secundaria obrigatoria que avalía o papel dos centros educativos á hora de preparar á mocidade para ser cidadáns e cidadás dentro da sociedade, co ICILS (Estudo Internacional sobre competencia dixital), promovido pola IEA para avaliar a competencia dixital do alumnado de 2.º de educación secundaria obrigatoria, co SSES (Estudo sobre as competencia sociais e emocionais), promovido pola OCDE par analizar as habilidades socioemocionais desenvolvidas polo alumnado de 15 anos e con PIAAC (Programa Internacional para a Avaliación das Competencias da Poboación Adulta), que avalía as competencias das persoas adultas de 16 a 65 anos e mide as súas competencias nas destrezas clave do procesamento da información (comprensión lectora, matemáticas e resolución de problemas en contornos informatizados) e recolle información sobre o uso que as persoas adultas fan das súas competencias na súa vida diaria e no traballo.

Por outra banda, na procura da excelencia académica e da cultura do esforzo na aprendizaxe convócanse anualmente premios extraordinarios ao alumnado de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato, de formación profesional de grao superior e de ensinanzas artísticas, para recoñecer publicamente e valorar méritos excepcionais baseados no esforzo e no traballo persoal. Convócanse anualmente 20 premios extraordinarios de bacharelato, ata 23 premios extraordinarios de formación profesional de grao superior (un por cada familia profesional), 20 premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico, 20 premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e superación persoal e os premios de emprendemento en formación profesional, e 6 premios extraordinarios de ensinanzas artísticas (deles 3 de música, 1 de danza e 2 de artes plásticas e deseño).

Singular relevancia debe outorgarse ao programa denominado gratuidade solidaria (axudas para a adquisición de libros de texto, fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de material escolar) dentro das medidas de mellora continua da calidade e da equidade do sistema, que implica unha acción política de goberno cara a consolidación do modelo que permite combinar e complementar sistemas de axudas e reutilización de libros e material escolar

aproveitando o mellor de cada un dos instrumentos empregados, buscando obter o máximo rendemento educativo.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais aplicables, son as seguintes:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Real Decreto 1058/2015, de 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas de avaliación final de educación primaria establecida na Lei Orgánica 2/2006, de educación.
- Real Decreto-lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 443/2001, do 27 de abril, sobre condicións de seguridade no transporte escolar e de menores.
- Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.
- Decreto 203/1986, do 12 de xuño, polo que se regulan provisionalmente determinados aspectos do transporte escolar.
- Decreto 132/2013, do 1 de agosto, que regula os comedores escolares nos centros docentes non universitarios dependentes da Consellería con competencias educativas.
- Orde do 21 de febreiro de 2007, pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- ORDE do 18 de xaneiro de 2023 pola que se convocan axudas para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras no ano 2023, destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, escolarizado nos cursos 2021/22 e/ou 2022/23, en réxime de concorrencia competitiva
- Resolución do 24 de abril de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2023/2024.

- Resolución do 24 de marzo de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novos centros docentes á Rede de Centros Plurilingües de Galicia para o curso 2023-2024.
- Resolución do 24 de marzo de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se regula o bacharelato de especialización en idiomas (PluriBach), para o curso 2023-2024.
- RESOLUCIÓN do 27 de marzo de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o programa plurilingüe no segundo ciclo da educación infantil (Plurinfantil), para o curso 2023/24.
- Resolución do 22 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes públicos para participar no programa de inmersión lingüística en lingua inglesa a través de actividades dixitais, Digitalweek, dirixido ao alumnado de sexto curso de educación primara e de educación secundaria obligatoria durante o curso 2023/204.
- Resolución do 29 de maio de 2023, de Dirección Xeral de Ordenación e Innovacion Educativa pola que se regula a convocatoria para a selección de centros públicos de ensino non universitario da comunidade autónoma de Galicia para participar no programa EDUFRANCE de intercambio de alumnado con centros educativos dependentes das Régions Académiques Hauts-de-France e Bretagne durante o curso escolar 2023/2024.
- Resolución do 26 de maio de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula a incorporación e impartición do programa de dobre titulación de Bacharel e Baccalauréat-Bachibac en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2023/24.
- Resolución do 4 de xullo de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convocan os premios educativos Innovagal para os centros docentes públicos da comunidade autónoma de Galicia durante o curso escolar 2023/24.
- Resolución do 15 de xuño de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca o Premio Boas Prácticas en Educación Inclusiva 2023 para os centros docentes públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2022/23.
- Resolución do 7 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convoca o plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios para o curso 2023/2024.
- Resolución do 13 de febreiro de 2023, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2022/2023, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidades (ABAU) para o curso 2023/2024 Orde de 31 de marzo do 2022 por la que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ó curso 2021/22.

- Orde do 31 de marzo de 2023 pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2021/22.
- Orde do 13 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas destinadas ao cofinanciamento dos servizos de comedor escolar xestionados polas asociacións de nais e pais do alumnado dos centros públicos non universitarios dependentes desta consellería, para o curso académico 2020/21, e a súa correspondente ao curso 2022/2023.
- Orde do 19 de xuño de 2023 pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2022/23.
- Orde do 20 de marzo de 2023 pola que se convocan os premios de bacharelato correspondentes ao curso 2022/23
- Comunicación do 26 de marzo de 2020 da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial do Ministerio de Educación e Formación Profesional en relación co asunto tomado en consideración na Conferencia Sectorial de Educación do 25 de marzo de 2020 relativo ás avaliacións previstas nos artigos 20.3, 21 e 29 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades que se levan a cabo para o desenvolvemento deste programa son fundamentalmente as seguintes:

- Organización e xestión do transporte e dos comedores escolares.
- Planificación e desenvolvemento de accións encamiñadas á prevención de riscos laborais nos centros docentes públicos, á formación do persoal que presta os seus servizos neles, e á vixilancia da saúde de dito colectivo.
- Xestión e coordinación no desenvolvemento dos programas de cooperación territorial co MEFP e con outras comunidades autónomas.
- Desenvolvemento e realización na comunidade autónoma de Galicia das avaliacións diagnósticas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de educación.
- Desenvolvemento da Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras- Edulingüe 2030.
- Participación na avaliación PISA cunha ampliación de mostra que permita extraer datos para comparar o sistema educativo de Galicia a nivel internacional.
- Participar co MEFP no desenvolvemento doutras avaliacións do sistema educativo a nivel internacional (TIMS, PIRLS, EECL...).
- Deseño e elaboración, mediante grupos de traballo, de materiais curriculares para apoio ao profesorado que imparte materias ou áreas en centros plurilingües e en seccións bilingües.

- Potenciar o recoñecemento público do esforzo e da excelencia dos alumnos e das alumnas a través dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior, de bacharelato, de ensinanzas artísticas profesionais e da educación secundaria obrigatoria.
- Incentivar programas de innovación educativa que propicien o desenvolvemento de proxectos, en centros educativos, relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación, coa atención á diversidade, coa mellora na competencia lingüística nas linguas propias (castelán e galego) e nas estranxeiras.
- Intercambio de experiencias de boas prácticas educativas e elaboración de materiais didácticos, mediante premios que as distingan e as dean a coñecer.
- Continuidade do programa de promoción de hábitos saudables relacionados coa alimentación e a actividade física do alumnado infantil dentro do contexto da educación para a saúde en colaboración coa Consellería de Sanidade.
- Desenvolver accións de prevención de riscos, seguridade hixiénico-sanitaria e control epidemiolóxico, así como os vinculados á Educación para a Saúde no ámbito da Covid-19, conxuntamente coa Consellería de Sanidade.
- En relación co proxecto ABALAR, facilitar o desenvolvemento de novos modelos pedagóxicos e a incorporación dos últimos avances tecnolóxicos na educación, aproveitando as mellores prácticas desenvolvidas nos centros máis avanzados e poñendo en valor todo o traballo e o coñecemento do profesorado galego.
- Fomento do espírito colaborativo e participativo do colectivo de docentes para establecer unha comunidade de desenvolvemento de contidos propios, así como doutros externos que estean a disposición do profesorado tanto das aulas dixitais como do resto, integrados nun espazo ABALAR.
- Dentro da Estratexia Educación Dixital (Edudixital 2030) que trata de favorecer o desenvolvemento das competencias dixitais e científico-tecnolóxicas (STEM) do alumnado, seguiranse impulsando as iniciativas do proxecto Edixgal como evolución do proxecto Abalar e as actuacións que permitan o impulso das vocacións científico-tecnolóxicas do alumnado galego.

Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 4.01.08) por unha banda, eliminar os obstáculos para o acceso ás ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria por parte do alumnado galego e, por outra banda, mellorar a competencia en comunicación lingüística do alumnado.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Unha das preocupacións dos sistemas educativos é garantir o maior desenvolvemento educativo de todas as persoas, independentemente do sexo, clase social, nacionalidade etc.

Os estudos de avaliación do sistema educativo inclúen desagregacións por xénero para orientar, como se dun observatorio externo se tratase, as tendencias e os posibles efectos das políticas de igualdade que se veñen a desenvolver nos centros educativos.

Tanto nas avaliacións individualizadas de 3.º e 6.º de educación primaria e 4.º educación secundaria obrigatoria como nas próximas avaliacións diagnósticas de 4.º de educación primaria e 2.º de educación secundaria obrigatoria son potenciais participantes todos os alumnos e alumnas destes niveis educativos e en PISA de todo o alumnado de 15 anos, independentemente do xénero. En ambas avaliacións o número de mulleres participantes é do 50% e hai un indicador de resultados con relevancia de xénero.

Por outra banda nos premios extraordinarios ao alumnado de FP de grao superior, de bacharelato e de educación secundaria obrigatoria é potencial participante todo o alumnado, independentemente do xénero, que cumpra uns determinados requisitos académicos. Aproximadamente un 60% do alumnado participante son mulleres.

Especificamente o programa de gratuidade solidaria (fondo solidario e axudas para adquisición de libros de texto e material escolar) está destinado a todo o alumnado matriculado en

centros docentes sostidos con fondos públicos de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial, que acceden ao programa en función do nivel de renda da unidade familiar.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medias previstas a realizar son as seguintes:

- Realización dun tratamento específico sobre o fomento da corresponsabilidade e a conciliación dentro da programación da materia de libre configuración para abordar a perspectiva de xénero dende o ámbito educativo.
- Elaboración de orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista do fomento da corresponsabilidade, harmonización de tempos e a conciliación.
- Inclusión de materiais sobre a boa xestión dos tempos, corresponsabilidade e conciliación nas maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero.
- Creación dun espazo propio sobre a importancia de coeducar en corresponsabilidade nos foros de debate e discusión interdisciplinarios constituídos para garantir liñas estratéxicas comúns en materia de igualdade.
- Impulso á utilización dos recursos dixitais existentes nos centros para levar a cabo titorías online entre o profesorado e as familias, co fin de facilitar a conciliación.
- Utilización do programa Abalar pola comunidade educativa coma ferramenta estratéxica para comunicación inmediata e instantánea entre o centro educativo e as familias.
- Realización de publicacións divulgativas para o profesorado que difundan os principios da coeducación, da igualdade na comunidade educativa, con especial incidencia na importancia do reparto equilibrado de tarefas entre mulleres e homes, e a distribución equilibrada dos tempos.
- Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.
- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X

Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnos e alumnas , o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado son nenos, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Contrariamente, dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 85% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá as políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

O programa de gratuidade solidaria a través da orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos, recolle especificamente accións vinculadas co establecido no artigo 42 Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero , así como outras ordes da consellería neste programa.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Os estudos elaborados a partir das avaliacións permiten constatar o posible efecto das diferentes políticas de igualdade que se deben desenvolver a fin de garantir o máximo desenvolvemento educativo de todas as persoas, independentemente do seu xénero ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Os informes elaborados a partir das diferentes avaliacións autonómicas, nacionais ou internacionais, veñen a confirmar as diferenzas de rendemento asociadas ao sexo do alumnado sen que poida establecerse ningún tipo de relación de causalidade.

En xeral as alumnas obteñen unha puntuación promedio superior na competencia en comunicación lingüística e os alumnos na competencia matemática. Os resultados son similares en ambos sexos na competencia científica.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Nas avaliacións de diagnóstico internacionais e autonómicas existe diferenza nos resultados das distintas competencias segundo o xénero do alumnado.

Aínda que en PISA tradicionalmente os alumnos alcanzaban unha puntuación media máis alta que as alumnas nas competencias científica e matemática, do último informe PISA extráese que as alumnas acadan de media mellores resultados que os alumnos aínda que as diferenzas non son significativas, agás no caso da competencia lectora, que neste caso a diferenza si é significativa.

Non obstante en ningún caso poden deducirse relacións de causalidade e son necesarios enfoques científicos experimentais que afonden na orixe destas diferenzas a nas vías para a súa compensación.

Nas últimas convocatorias dos premios extraordinarios ao alumnado de FP de grao superior, de bacharelato e de educación secundaria obrigatoria, a porcentaxe de premiados ten resultados moi paritarios, así o 51,9 % dos premiados son alumnos e o 48,1 % son alumnas.

As axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar concédense en función dos ingresos da unidade familiar do alumnado situados nos tramos de renda definidos na convocatoria.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Como xa se mencionou nun apartado anterior, non se teñen implantado novas estratexias para unha mellor incorporación da perspectiva de xénero, máis alá das políticas de igualdade que, en cumprimento da Lei Orgánica de Educación inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración. Non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaria Xeral Técnica

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Formación Profesional

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.11. PROGRAMA 423B - PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Favorecer a adquisición das competencias clave necesarias para a sociedade do século XXI a todo o alumnado, con independencia das súas condicións persoais e sociais, representa un reto para todos os sistemas educativos xa que é unha condición necesario para o pleno desenvolvemento persoal e a participación activa na sociedade.

A educación dixital é xa unha realidade no sistema educativo galego coa que se trata de desenvolver, entre outras, a competencia dixital e as asociadas ao campo científico tecnolóxico. Neste sentido Estratexia Educación Dixital (Edudixital 2030), habilita un marco de referencia que permite dar maior coherencia e impulso ás políticas educativas neste terreo.

A adquisición da competencia en comunicación lingüística é un proceso longo e complexo, que esixe a posta en práctica de multitude de recursos e estratexias educativas para garantir uns niveis mínimos desta competencia a toda a poboación escolar.

Neste contexto e, dado que a lectura é a ferramenta imprescindible para todo tipo de aprendizaxes e para o desenvolvemento persoal, académico e social, as medidas destinadas á promover a mellora da lectura comprensiva e os hábitos de lectura de todo tipo de textos (en soporte impreso ou dixital), deben ser variadas e eficaces.

No contexto da emerxencia sanitaria derivada da pandemia por Covid-19, a visión inclusiva e equitativa que incida na igualdade de oportunidades, especialmente no que respecta ao ensino mixto ou virtual, é fundamental para evitar que a crise sanitaria se convirta nunha crise educativa que acrecente as desigualdades socio-económicas e culturais, e rompa a función da escola como ascensor social, tanto de xeito inmediato como a medio prazo.

As intervencións para o fomento da lectura nos centros de ensino van destinadas a:

- Dotar de recursos aos centros para actuacións no fomento da lectura entre o seu alumnado.
- Realización de actividades e elaboración de materias de apoio con esta mesma finalidade.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A formación é un factor esencial para asentar un modelo de crecemento económico baseado no coñecemento que asegure un desenvolvemento sostible e unha maior cohesión social. Por esta razón as nosas sociedades aspiran a formar máis e mellor á cidadanía, e a estender a súa formación ao longo da vida. De aí que incrementar o número de persoas tituladas en forma-

ción postobrigatoria constitúa un obxectivo prioritario nas políticas educativas. Polo contrario, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación dos seus membros como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

O abandono escolar temperá obedece a causas moi diversas e por iso a súa prevención e redución esixe que as administracións educativas actúen en moi diversos frontes. Con este obxectivo, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades prevé unha serie de medidas e recomendacións dirixidas a previr e reducir o abandono temperá na comunidade autónoma.

As propostas articúlanse ao redor de catro amplos ámbitos de actuación: as administracións educativas; os centros educativos e o persoal docente; as administración locais, as familias e os mozos e mozas que abandonaron o sistema educativo sen ter obtido un título de educación secundaria obrigatoria o post-obrigatoria, e o contorno laboral.

Para abordar a diminución do abandono escolar, faise necesario incrementar a porcentaxe de xente nova que remata o nivel educativo da Educación Secundaria Superior, nivel CINE 3 (Clasificación Internacional Normalizada da Educación da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, UNESCO). A consecución de este nivel educativo converteuse nunha cuestión clave dos sistemas educativos e formativos nos países desenvolvidos, e está recollida tamén no Proxecto de Indicadores da Educación da Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económicos (OCDE), que destaca a necesidade de que a mocidade complete como mínimo o nivel CINE 3 para afrontar a súa incorporación ao mercado laboral coas suficientes garantías.

A flexibilización das traxectorias, de forma que cada estudante poida desenvolver todo o seu potencial, concrétase no desenvolvemento de programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento no segundo e no terceiro curso da Educación Secundaria Obrigatoria, a Formación profesional Básica, a anticipación dos itinerarios cara o Bacharelato e a Formación Profesional, e a transformación do actual cuarto curso da Educación Secundaria Obrigatoria nun curso fundamentalmente propedéutico e con dúas traxectorias ben diferenciadas. Esta diversificación permitirá que o estudante reciba unha atención personalizada para que se oriente cara a vía educativa que mellor se adapte ás súas necesidades e aspiracións, o que debe favorecer a súa progresión no sistema educativo.

Dotación ao persoal docente e aos propios centros dos recursos e ferramentas necesarias para que a biblioteca escolar contribúa a adquisición das competencias clave do alumnado, singularmente, comunicación lingüística e "aprender a aprender".

Garantir a axeitada dispoñibilidade de recursos dixitais para continuar o proceso formativo independentemente do escenario de restricións ou peches (individuais ou colectivos) é unha medida transversal fundamental para soster o proceso educativo.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG)2022-2030, o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE 4.01.05), consiste en reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, a través de medidas de apoio personalizado.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A nosa sociedade aspira a formar máis e mellor á cidadanía, e a estender a súa formación ao longo de toda a vida. De aí que incrementar o número de titulados e tituladas en formación post-obrigatoria constitúa un obxectivo prioritario nas políticas educativas. Polo contrario, o abandono escolar temperá é un fenómeno non desexable para unha sociedade que considera a formación dos seus membros como un elemento clave, tanto na promoción individual como no benestar colectivo.

Por elo esta consellería vai apoiar o desenvolvemento de actuacións que teñan por obxecto:

- Afrontar a situación dos centros que reciben un alumnado en situación de desvantaxe educativa asociada á contorna sociocultural, para o que os recursos ordinarios se mostran insuficientes, polo que se necesitan mecanismos de compensación a través das distintas modalidades dos contratos-programa.
- Diminuír o impacto dos factores que inciden no abandono do sistema educativo sen a titulación de educación secundaria coa realización de actuacións orientadas tanto á retención de estudantes no sistema educativo como con programas de segunda oportunidade, orientados á reincorporación de mozos e mozas, con actividade laboral ou sen ela, que abandonaron a súa formación sen cualificación nin titulación.

Desde a implantación do programa contribúese a que as bibliotecas escolares de Galicia sexan un referente e unha ferramenta para abordar a problemática do abandono escolar, como factor de compensación social.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As disposicións legais sobre as que se basea o programa, son as seguintes:

- Resolución do 12 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regulan os Contratos - Programa Inclúe (CPInclúe) para fomentar a inclusión educativa nos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o curso 2023/24.

- Instrucións do 12 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, para a desenvolvemento no curso 2022/23 do Programa para a orientación, avance e enriquecemento educativo en centros de especial complexidade educativa (Programa PROA+) nos centros docentes públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades seleccionados no curso 2021/22.
- Resolución do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023-2024.
- Resolución do 2 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), para o curso 2023/24.
- ORDE do 20 de abril de 2023 pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o ano 2023 (código de procedemento ED305F).
- Na Lei Orgánica de educación (LOE), artigo 13 e na normativa curricular da Comunidade autónoma de Galicia, recóllese a necesidade de que os centros docentes conten cunha biblioteca escolar, correspondendo á Administración educativa a obriga de facer fronte a súa dinamización e funcionamento, con especial referencia aos proxectos lectores de centros.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

- Realizar actuacións destinadas a compensar as dificultades do alumnado para diminuír o abandono escolar prematuro e incrementar, por tanto, o éxito escolar.
- Fomentar a participación dos centros educativos na convocatoria de contratos-programa coa finalidade de lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver ao máximo posible as súas potencialidades, buscar a excelencia.
- Promover accións no campo da orientación educativa que establezan liñas de reforzo necesarias para reverter o fracaso escolar e/ou o escaso aprecio pola aprendizaxe incidindo no aumento da motivación e autoestima.
- Desenvolver medidas de apoio e reforzo educativo de competencias e orientación.
- Formación do profesorado para posibilitar a súa intervención no coñecemento e aplicación de liñas de atención á diversidade, na procura de garantir o éxito educativo de todo o alumnado.
- Promover medidas de apoio nas áreas instrumentais e de idiomas.

- Impulsar un programa de oratoria, que contribúa á mellora das habilidades comunicativas orais, ao tempo que favoreza o desenvolvemento das seguintes competencias clave: comunicación lingüística, competencias sociais e cívicas e sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Desenvolver iniciativas de formación do profesorado relacionadas co ámbito STEM (Science, Technology, Engineering and Mathematics; Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñería e Matemáticas) e ao ensino de linguas estranxeiras, así como ao enfoque baseado na Aprendizaxe Integrado de Contidos e Linguas Estranxeiras (AICLE, en inglés Content and Language Integrated Learning, CLIL).
- Desenvolver un proxecto de innovación educativa centrado na mellora da convivencia escolar, na atención á diversidade.
- Apoiar aos concellos e asociacións sen fins de lucro para que realicen actividades que permitan ás persoas adultas adquirir as súas aprendizaxes tanto por medio de actividades de ensinanza, regrada ou non regrada, como a través da experiencia, laboral ou en actividades sociais. Tenderase a establecer conexións entre ambas vías e adoptaranse medidas para a validación das aprendizaxes adquiridas en contextos non formais.
- Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 4.01.05) buscan acadar que máis alumnado consiga finalizar con éxito a educación secundaria obrigatoria que lle permita continuar estudos en formación profesional de grao medio ou continuar estudos no bacharelato, contribuíndo a que os mozos e mozas permanezan no sistema educativo despois de finalizada a educación obrigatoria.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os alumnos teñen máis dificultades que as alumnas para prosperar no sistema educativo, suspenden máis, repiten curso máis, abandonan antes o sistema educativo.

A diferenza de resultados non é puntual. Maniféstase dende hai varios anos, curso tras curso. Iso mesmo pasa en todas as comunidades autónomas; en todos os indicadores educativos de progreso (promoción, titulación) e en todos os niveis de ensinanza, desde a educación primaria ata a formación superior.

En todas as ensinanzas: ESO, Bacharelato e ciclos formativos, a porcentaxe de alumnas que finalizaron estes estudos é superior ao 50%, está en torno ao 54%, fronte aos alumnos que están en torno ao 46%.

Se os datos se refiren á porcentaxe de alumnado que sae da ESO sen o título de graduado en educación secundaria, obsérvase que arredor do 32% dos alumnos sae sen título da ESO e, no caso das alumnas, arredor do 19%. Unha diferenza en torno a 13 puntos.

En desenvolvemento do Plan Galego de Conciliación e Corresponsabilidade 2018-2021 (Plan C+C), as medidas previstas a realizar son as seguintes:

- Consideración da existencia de plans de igualdade que contemplen medidas para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade como criterio obxectivo de valoración nas bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades de iniciativa social.
- Uso estratéxico da contratación pública, a través da aplicación de cláusulas sociais, como instrumento das políticas públicas de fomento de medidas de conciliación e corresponsabilidade nas empresas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X

Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnas e alumnos , o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de As actuacións da Consellería no ensino non universitario afectan directamente a máis de 385.000 alumnas e alumnos , o que representa o 14% da poboación total de Galicia, e indirectamente a máis de 600.000 nais e pais, que representan máis do 22% da poboación total de Galicia.

Case o 52% do alumnado son nenos, polo que non pode existir distinción dende unha perspectiva orzamentaria que discrimine, de xeito positivo ao xénero feminino.

Contrariamente, dende a perspectiva de emprego público, case o 69% do colectivo de docentes son de xénero feminino. Tendo en conta que o 85% do orzamento da consellería dedícase a soldos e salarios, dende a perspectiva de xénero, o orzamento educativo contribúe dun xeito importante no peso porcentual do emprego feminino, cualificado, ademais, pola non distinción retributiva entre xéneros.

A suma das accións incide nun terzo da poboación galega, polo que o comportamento dende a perspectiva de xénero non resulta diferente da totalidade. Dada a transversalidade de elementos esóxenos ao sistema educativo, tales como a diferente perspectiva de xénero, de ocupación, de salarios, non resulta posible identificar accións dentro do sistema educativo que afecten dun xeito especialmente singular a un ou outro xénero, máis alá das políticas de igualda-

de que, en cumprimento da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica de Educación, inspiran a totalidade do deseño da acción educativa da administración.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Como se indica na descrición do programa, nas ensinanzas de educación secundaria e bacharelato a porcentaxe de alumnas que finalizaron estes estudos é superior ao 50%, está en torno ao 54%, fronte aos alumnos que están en torno ao 46%. A porcentaxe nese ano non é diferente ao de cursos anteriores. Dende o sistema educativo a atención educativa mediante os programas regrados de mellora da aprendizaxe e do rendemento e os programas de reforzo e apoio de carácter voluntario, realizados fóra do horario lectivo, destinados ao alumnado con dificultades para obter o título de Graduado en ESO, maioritariamente masculino, dan resultados similares aos xa sinalados.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

En cumprimento das medidas contempladas no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, no marco da Estratexia Galega de Convivencia Escolar, EDUCONVIVES 2025 a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades puxo en marcha no curso 2016/2017 a oferta dunha materia de libre configuración autonómica coa denominación "igualdade de xénero" dispoñible para os cursos 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)) e para o curso 2018/2019 a materia "Coeducación para o século XXI" para 1º de bacharelato. Esta materia, desde o curso 2022/2023 non se imparte xa que, a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de educación, ten entre os seus principios rectores a igualdade entre homes e mulleres. Esta Lei orgánica reforza este enfoque a través da coeducación e impulsa en todas as etapas educativas a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Os decretos publicados en setembro do 2022 que desenvolven a ordenación e o currículo das etapas de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato en Galicia, recollen de xeito, de xeito transversal, e tamén específico en cada curso e en diferentes materias, a igualdade efectiva de homes e mulleres.

Así mesmo, o Plan Anual de Formación Permanente do Profesorado para o curso 2022/2023 conta cunha oferta formativa específica en materia de Igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero:

- Formación básica en igualdade, prevención e loita contra a violencia de xénero para novo persoal funcionario e para todo o persoal docente de centros sostidos con fondos públicos.
- Formación básica en igualdade e coeducacion no ámbito educativo para equipos directivos, departamentos de orientación, profesorado de infantil e primaria, e profesorado de educación secundaria, FP e de adultos.
- Actividades formativas vinculadas ao Plan Proxecta de innovación educativa. Prioritarias para o profesorado involucrado nos programas deste plan pero abertas, no seu caso, ao resto de docentes.
- Actividades de formación avanzada dedicadas a profundizar nos aspectos vinculados á coeducación, á prevención primaria e secundaria da violencia machista na escola, á educación con perspectiva de xénero, ás datas de conmemoración do calendario escolar en relación coa igualdade e á comunicación igualitaria, entre outras.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

III.1.12. PROGRAMA 431A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

A través do presente programa de gasto, a Secretaría Xeral Técnica levará a cabo as tarefas de dirección, coordinación e soporte básico dos servizos comúns e centros administrativos dependentes da consellería na área cultural. Do mesmo xeito, desenvolverá actuacións xerais de apoio técnico, administrativo e orzamentario, así como funcións de coordinación na prestación dos servizos de carácter transversal do departamento. Figuran neste programa os créditos precisos para o correcto funcionamento e desenvolvemento da actividade propia desta consellería, entre os que se atopan os gastos en bens correntes e servizos, a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, a reparación dos bens inmobles administrativos e demais actuacións tendentes ao mantemento ou mellora das dependencias de traballo.

Outras actividades comprendidas no presente programa son, entre outras, a xestión do persoal, a tramitación e execución do gasto corrente e de investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos, tanto centrais como periféricos; a realización de tarefas de xestión económico-administrativa; o impulso, a modernización e a informatización dos seus servizos centrais e periféricos; a realización de estudos e traballos técnicos en temas comúns

e xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas, así como a tramitación de toda a produción normativa.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Mediante o presente programa de gasto preténdese dar cobertura ás necesidades en materia de persoal e demais gastos precisos para o correcto funcionamento dos servizos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no eido cultural, tales como arrendamentos de locais, reparacións, subministracións, comunicacións, transporte, seguros ou tributos; en resumo, todos os gastos necesarios para o correcto e eficiente desenvolvemento dos servizos, co fin de renovar e modernizar os espazos e medios materiais para o desenvolvemento das funcións por parte do persoal da consellería e mellorar os sistemas de información, incorporando os avances tecnolóxicos para unha xestión administrativa mais transparente e eficaz, que persegue o constante cumprimento dos principios de simplificación, claridade, boa fe, imparcialidade, confianza lexítima e proximidade á cidadanía que deben presidir en todo momento a organización desta consellería e das súas entidades instrumentais.

Dentro deste programa, levarase a cabo o impulso, coordinación e seguimento de programas destinados á innovación, á cultura e ao turismo no ámbito dixital e da internacionalización. Asemade, realizaranse actuacións de planificación e desenvolvemento de plans e programas de formación, perfeccionamento e actualización no ámbito funcional de la Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, cando no estean atribuídos a outros órganos da Consellería.

Este programa de gasto tamén dará soporte á coordinación das estratexias e programas respecto das políticas públicas para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, así como ás atribucións como unidade encargada da xestión da seguridade da información e protección de datos e ás funcións de xestión das obrigas de publicidade activa, de transparencia da actividade administrativa e do bo goberno da Consellería e dos seus órganos e entidades dependentes.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións enmarcadas no presente programa van dirixidas aos órganos administrativos e persoal da Consellería.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O presente programa comprende a ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal da consellería, e introduce dende a súa orixe unha maior racionalidade e transparencia no desenvolvemento competencial e de xestión das súas funcións. O obxectivo é acadar unha administración moderna e próxima, para o que se optimizan os recursos materiais e humanos mediante a implantación de novos sistemas e procedementos de xestión e se actúa de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, co fin último de acadar unha maior calidade, efectividade e racionalidade na prestación de servizos públicos á cidadanía.

Por outra banda, e tendo en conta o actual escenario económico, cómpre executar as actuacións que integran este programa optimizando os recursos dispoñibles con criterios de eficacia e eficiencia, e baixo os principios de economía e racionalización do gasto público, mantendo intacta a calidade na prestación dos servizos destinados ao persoal da administración e á sociedade en xeral, proporcionando e difundindo información constante, clara e obxectiva sobre as nosas actuacións, potenciando a accesibilidade para facilitar o coñecemento por parte da cidadanía das xestións que resulten de seu interese e fomentando e favorecendo a participación da cidadanía nos asuntos públicos e no deseño e mellora dos servizos públicos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
- Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
- Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia,

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa é o correcto funcionamento e unha axeitada coordinación dos servizos centrais e periféricos no eido da cultura, tanto no que respecta a medios humanos como aos materiais e de organización, e actuar de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería, coa finalidade de acadar unha maior racionalidade e axilidade administrativa e afondar na modernización dos procedementos e dos servizos prestados á cidadanía por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e, en xeral, da administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico.

Os obxectivos que se pretender conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030 deste programa de gasto (OE. 4.03.01) consisten en mellorar a eficiencia na cobertura financeira das necesidades correntes, tanto dos servizos centrais como territoriais da consellería, relacionadas cos servizos xerais de cultura e contribuír a promoción e difusión do patrimonio cultural de Galicia como recurso turístico.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	X

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.13. PROGRAMA 432A - BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa ten como obxectivo contribuír á mellora dos equipamentos culturais e das institucións culturais de referencia (bibliotecas, arquivos e museos de Galicia), non só como centros de conservación do coñecemento e memoria cultural, senón como infraestruturas e servizos básicos para asegurar o dereito constitucional de acceso á cultura e as responsabilidades atribuídas polo Estatuto de Autonomía de Galicia á Xunta de Galicia en relación coa conservación, protección e difusión da cultura galega. Neste programa tamén se inclúse o financiamento dos gastos correntes e de capital da Fundación Museo do Mar de Galicia.

Na Estratexia da Cultura Galega 2021, documento aprobado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, defínese a Liña Estratéxica 4 para o fortalecemento da función social das institucións e entidades da cultura, co obxectivo de contribuír á consolidación das bibliotecas, arquivos, museos e entidades culturais de Galicia como centros indispensables para a conservación e difusión do saber e da memoria cultural e como servizos culturais básicos para asegurar o dereito constitucional de acceso á cultura e as responsabilidades atribuídas aos poderes e institucións públicas en relación coa conservación, protección e difusión da cultura propia de Galicia.

E no Plan Xeración Cultura, aprobado polo Goberno galego en 2023, inclúense entre os seus obxectivos estratéxicos o de mellorar o acceso á cultura dos galegos/as con independencia da súa situación persoal e en todo o territorio, tanto urbano como rural; e o de mellorar as infraestruturas culturais e do legado material e inmaterial

En relación coas bibliotecas, estas constitúen un dos eixes culturais básicos da sociedade actual, xa que facilitan o achegamento da cidadanía á información e á cultura. Os servizos bibliotecarios permiten un acceso gratuíto e en igualdade ao libro e á lectura e, cada vez máis, son espazos centrais da dinamización cultural de vilas e cidades. Os clubs de lectura, as charlas, as exposicións ou os obradoiros son só algunhas das actividades que están a facer das bibliotecas lugares de referencia cultural para a cidadanía. Ademais, co obxectivo de ofrecer un servizo de calidade e que responda ás necesidades dos usuarios e usuarias, a renovación bibliográfica é constante, así como os investimentos en actualización tecnolóxica.

En 2024, continuarase coa integración de máis bibliotecas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia nun sistema unificado de xestión e na implantación do carné único, válido para recibir servizos en calquera das bibliotecas da Rede. Ademais, unha vez aprobado o segundo Mapa de Bibliotecas Públicas de Galicia en 2022, póñense en marcha medidas de mellora, entre elas a implantación dun servizo de bibliotecas móbiles, que xa está funcionando dese 2023 en 20 concellos de menos de dous mil habitantes que carecen deste servizo; prevese a súa implantación en dez concellos máis da provincia de Ourense. E amplíanse os informes propostos polo

Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, incrementando as actividades de dinamización bibliotecaria e cultural nas bibliotecas da Rede; a ampliación do catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia; o mantemento e ampliación dos fondos dixitalizados e a diversificación das súas categorías na Biblioteca Dixital de Galicia (Galiciana); e a recolección e a constitución de repositorios para o Depósito Legal de publicacións electrónicas. Ademais, a plataforma de préstamo de libros dixitais GaliciaLe amplía os seus fondos dixitais tanto en libros como en audiovisuais galegos (longametraxes, curtas e documentais). Ademais, a Biblioteca de Galicia desenvolve un programa específico de actividades de difusión cultural ao longo de todo o ano.

Outro ámbito de relevancia é o apoio ao libro galego, tanto no ámbito territorial de Galicia coma na súa difusión no exterior, en especial a súa transformación tecnolóxica e o cambio do sistema de difusión e distribución das publicacións da Xunta de Galicia e dos seus organismos dependentes a través da Libraría Institucional. No contexto do Plan Xeración Cultura da Xunta de Galicia, aprobouse en abril de 2023 o Plan de Impulso ao Libro Galego, conformado por 11 medidas coas que a Xunta pretende contribuír á dinamización do sector do libro, promover a lectura e adaptarse á transformación dixital, para o cal conta cun investimento de 3M€.

Xunto ás liñas de actuación que xa están consolidadas, e que valoramos que se revelaron eficaces para o sector ao longo destes anos, procúranse agora novos proxectos e áreas de actuación que complementen e reforcen o papel do libro e da lectura, e do conxunto de axentes implicados, na sociedade galega. Para avanzar nestes novos proxectos, enúncianse os seguintes obxectivos xerais para o sector do libro de Galicia:

- Continuar co apoio á creación para facilitar a xeración de talento arredor do libro galego.
- Ampliar a difusión e distribución do libro en Galicia para achegar o libro ao público lector.
- Consolidar a literatura infantil e xuvenil galega como ferramenta para crear e fidelizar público lector desde as primeiras idades.
- Incidir na ampliación da porcentaxe de poboación lectora.
- Favorecer especialmente a lectura en lingua galega.
- Reforzar o papel das bibliotecas públicas como aliadas do libro, da lectura e dos creadores/as de contidos.
- Difundir fóra de Galicia o libro galego e os creadores/as e profesionais do sector.

Outras actuacións de difusión cultural vinculadas ao libro son a realización de campañas para dar a coñecer as novidades editoriais en formato físico e dixital en colaboración con outras institucións públicas e privadas, a utilización de recursos tecnolóxicos que permitirán que as novidades editoriais en galego cheguen ás bibliotecas públicas a demanda e en paralelo ao mercado, a creación de roteiros literarios virtuais, e o apoio decidido ás feiras do libro de Galicia, en colaboración coa Federación de Librarías de Galicia, entre outras iniciativas. Con respecto á difusión internacional da edición e do libro que se realiza en Galicia, participouse en cinco citas da máis

relevantes feiras internacionais do libro (Boloña, Bos Aires, Líber, Frankfurt e Guadalaxara), nas que se deron a coñecer os creadores e creadoras galegos e a súa obra editada en Galicia.

En relación cos arquivos, o Obxectivo Estratéxico 4.3 céntrase en desenvolver os servizos nos arquivos públicos. O desenvolvemento das competencias en materia de patrimonio documental, que afectan, entre outros, a todos os documentos das administracións públicas desde o mesmo momento da súa produción, implica prestar especial atención á xestión documental e ao desenvolvemento do sistema de arquivos de Galicia, e procurar así que as actuacións que se acometan se concreten nun mellor funcionamento da administración, na garantía do acceso á información contida nos documentos e na conservación e difusión do patrimonio documental.

Prestarase especial atención aos arquivos propios e xestionados de forma directa pola Xunta de Galicia, con especial atención ao investimento de reposición nos edificios, no desenvolvemento de programas que favorezan o seu funcionamento técnico en materia de identificación e avaliación documental, descrición, dixitalización, conservación preventiva ou restauración, e na elaboración e execución de proxectos de difusión que incrementen a presenza destes centros no seu medio social.

Continuaranse os esforzos dirixidos a favorecer unha mellor integración dos arquivos de interese galego que non sexan de titularidade autonómica no sistema de arquivos de Galicia. Procurarase así mellorar non soamente as infraestruturas destes centros, tanto os de carácter público -especialmente municipais e universitarios-, coma os de carácter privado -eclesiásticos, de fundacións, de asociacións sen fins de lucro ou de particulares-, senón tamén incorporalos de forma efectiva ao sistema desde o punto de vista técnico e informativo, para o que se lles proporcionará apoio, asesoramento e recursos informáticos que favorezan o coñecemento e acceso dos cidadáns aos seus fondos. Ademais, o Arquivo de Galicia levou a cabo un programa anual de actividades para darlle visibilidade desde a Cidade da Cultura de Galicia ás súas liñas de acción.

No referente aos museos, prevese no Obxectivo Estratéxico a dinamización da función social dos museos e centros de interpretación. A Xunta de Galicia xestiona unha rede de museos e centros expositivos a través dos cales realiza un labor fundamental de conservación e difusión dunha parte relevante do patrimonio cultural de Galicia. Para dinamizar os seus fondos, os museos contan cunha extensa programación de actividades dirixidas a distintas franxas de poboación, que lles permite dar a coñecer os seus bens, abrirse cada vez máis ao conxunto da cidadanía e converterse nunha plataforma activa de dinamización da oferta cultural; unha actividade que inclúe visitas guiadas e investigación, pero tamén cursos, obradoiros, xornadas, conferencias, presentacións, días de portas abertas, programación audiovisual, musical e de artes escénicas etc., ademais de exposicións artísticas de diferente natureza.

Ademais, cómpre ter en conta a aprobación da Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia, o cal supón un punto de inflexión no traballo coordinado e colaborativo arredor dos centros museísticos de Galicia, sexa cal sexa a súa titularidade e temática.

O obxectivo é acadar un maior coñecemento e unha mellor conservación do patrimonio moble galego, para poder protexelo, interpretalo e difundilo á sociedade, como portador de valores que informan da esencia da cultura galega ao longo do tempo. O seu campo de acción é o patrimonio cultural moble, depositado nos museos, e sempre vinculado e contextualizado no seu ámbito xeográfico e no seu contexto histórico.

Con esas finalidades, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades desenvolve a xestión dos museos de titularidade autonómica adscritos e os de titularidade estatal de xestión transferida á Comunidade autónoma. Realiza a tramitación e informes dos procedementos para a creación de museos e colecciónsvisitables, a actualización e control do rexistro e o censo de museos de Galicia e o inventario do patrimonio moble custodiado nos museos galegos, así como o control dos movementos, restauracións e reproducións dos seus bens integrantes. Asume tamén labores de apoio e asesoramento técnico nas materias de patrimonio moble e de museos e a programación, coordinación e xestión das actuacións en materia de incremento, conservación, documentación, investigación e difusión do patrimonio custodiado e interpretado nos museos e noutros equipamentos culturais. Entre as súas funcións tamén se atopa a taxación de bens culturais de carácter museístico con fins administrativos e a xestión para o incremento do patrimonio moble depositado nos museos propios e xestionados por adscrición ou depósito e as súas diferentes formas de ingreso.

Levarase a cabo tamén, con cargo a este programa, o mantemento das liñas prioritarias de actuación que se citan a seguir:

- Continuidade da política de axudas para traballos de documentación, conservación e difusión en museos propios pero tamén, e singularmente, de concellos, padroados, entidades e asociacións de carácter público ou privado etc. Debe notarse que esta é unha demanda política e social constante, sobre todo no que afecta ao valor e á función social do patrimonio documental e moble de Galicia.
- Execución de investimentos nos edificios e infraestruturas dos museos propios, concertados ou xestionados pola Xunta de Galicia, para cumprir coas funcións propias encomendadas: a conservación, a restauración, a difusión, a documentación e a investigación.
- Investimentos en proxectos de investigación e documentación das colecciónsdos museos para a súa difusión na rede, a través das webs dos museos propios e dos portais do sistema galego de museos, e da Administración do Estado para os museos de titularidade estatal e xestión transferida.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa preténdese levar a cabo a consolidación, ampliación e mellora dos servizos existentes en materia de bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais así como a súa ampliación para atender as necesidades das persoas usuarias e dos públicos da cultura. Así mesmo, promóvese a realización de actividades que dean a coñecer o patrimonio cultural que

albergan estes centros. Trátase, en definitiva, da responsabilidade pública de atender e proporcionar á sociedade galega hábitos e posibilidades de lecer e de información, a través da creación, mantemento e enriquecemento continuo. Así mesmo inclúese a promoción do libro galego, a través do apoio á empresa editorial galega, a realización de feiras e demais actuacións de promoción da lectura.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022 - 2030, o obxectivo estratéxico deste programa consiste en fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade.

E polo que respecta ao Plan Xeración Cultura búscase fortalecer a misión, programación e servizos dispoñibles nas infraestruturas culturais básicas (bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación) para lograr a máxima participación activa da cidadanía, non só como usuarios destes servizos e como consumidores dunha oferta cultural de calidade, senón tamén como creadores culturais activos.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados a toda a poboación galega, de todas as idades e de calquera estrato social ou laboral, así como a persoas investigadoras, asociacións socioculturais e outras entidades públicas ou privadas que desenvolvan actividades nas materias que son obxecto do presente programa.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En materia de bibliotecas, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, establece un marco lexislativo adecuado para as novas necesidades das bibliotecas galegas, que debe garantirlle á sociedade servizos bibliotecarios de calidade. Con posterioridade á publicación da lei, estase a levar a cabo o correspondente desenvolvemento regulamentario mediante os decretos ou as ordes que especifican e desenvolven os principais aspectos da lei. Así mesmo, a Lei recolle no seu articulado a obriga da realización do Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, o primeiro aprobado en 2016 e o segundo en 2022. O mapa recolle as necesidades reais de lectura pública, e sobre estas establecerá o tipo de servizo que corresponde a cada poboación.

Cómpre destacar a atención especial que debe dárselles ás bibliotecas dixitais e á preservación e difusión do patrimonio bibliográfico. En Galicia está funcionando desde o ano 2008 Galiciana, a biblioteca e arquivo dixital de Galicia, como unha biblioteca que incorpora e ofrece máis de 6.700 obras dixitalizadas, o que supón máis de 1.900.000 imaxes.

En canto ao libro galego e ao libro en xeral, pártese dunha produción ampla de libro galego que precisa de expansión, rendibilidade, fomento e adaptación ás novas tecnoloxías. Hai que salientar o apoio á dixitalización do libro galego a través da plataforma de préstamo de libro electrónico GaliciaLe, da Biblioteca Dixital de Galicia, da súa difusión internacional nas principais feiras do libro do mundo e da Libraría Institucional da Xunta de Galicia, escaparate para a distribución e venda da produción editorial da Administración autonómica.

No que respecta aos arquivos, coa Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, cóntase co soporte normativo para desenvolver de forma integral o sistema e os diferentes subsistemas que o integran. A posta en marcha dos consellos superiores previstos na Lei 7/2014, concretamente o Consello de Arquivos de Galicia e o Consello de Avaliación Documental, fai posible abordar unha serie de tarefas imprescindibles a planificación dos espazos arquivísticos, a mellora da cooperación entre administracións ou a optimización da dobre vertente dos arquivos: administrativa e patrimonial.

No que respecta aos museos, a Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia desenvolve o marco normativo para levar a cabo unha planificación, coordinada e colaborativa, cos museos de Galicia para afondar nas finalidades de conservación, de investigación e de difusión que, entre outras, teñen estes centros culturais para a cidadanía.

Finalmente, a posta en marcha das previsións do Plan Xeración Cultural e do Plan de Impulso do Libro Galego ha permitir dispoñer dun documento estratéxico que delimite as principais liñas de acción e as prioridades do investimento cultual nos próximos anos.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia.
- Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia.
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.

- Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No eido das bibliotecas e do libro, búscase coordinar a Rede de bibliotecas públicas de Galicia e impulsar o seu desenvolvemento, en especial difundir e potenciar o traballo da súa biblioteca de cabeceira, a Biblioteca de Galicia. Conformada unha importante rede de bibliotecas públicas de Galicia, hai que incidir, xa non tanto na creación de novos centros, coma na mellora, modernización e planificación dos existentes, ofrecendo servizos de calidade á cidadanía e aproveitando as novas tecnoloxías para a súa difusión social. Poñeranse en marcha novos programas que permitan achegar servizos bibliotecarios ao territorios con especiais dificultades polos que ata agora carecían deste servizo. Impulsaranse programas de difusión dos fondos de publicacións galegas, dándolle relevancia especial á hemeroteca e á dixitalización e difusión da prensa histórica galega. Galiciana, a biblioteca virtual de Galicia, incrementará as súas obras e diversificará os seus contidos co obxecto de acubillar contidos virtuais non accesibles ata agora. Tamén se incrementará o Catálogo Colectivo do Patrimonio Bibliográfico de Galicia, que se incorporará a Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia.

Manterase e potenciarase a realización de actividades culturais e de animación e fomento da lectura para dar a coñecer as colecciónns das bibliotecas, coa actualización, renovación e incremento dos fondos e da diversidade de recursos en todo tipo de soportes, co fin de optimizar os recursos existentes mediante a súa oferta non só no recinto físico da biblioteca, senón tamén nun contorno virtual.

Procurarase, así mesmo, lograr a rendibilidade e a xeneralización do uso do libro galego pola sociedade, incrementando a súa presenza a través de canles virtuais e novos recursos en liña para as persoas usuarias das bibliotecas públicas que permitan poñer ao seu dispor as novidades editoriais de xeito inmediato á súa incorporación ao mercado. Outro xeito de fomento do libro é a realización de campañas de difusión en colaboración co resto dos actores vinculados ao mundo do libro. Por outra banda, destaca o apoio e reforzo do libro galego no que atinxe á súa presenza nos grandes acontecementos culturais e feiras internacionais, cun propósito de expansión e de intercambio coas restantes culturas do mundo contemporáneo. Tamén reforzase o seu achegamento ás persoas lectoras mediante o apoio á celebración de feiras do libro en diferentes localidades de Galicia. Potenciarase tamén a colección da Libraría Institucional da Xunta

de Galicia e realizaranse as melloras tecnolóxicas que faciliten o seu uso tanto pola cidadanía coma polas librarías.

No que respecta aos arquivos, búscase coordinar o Sistema de Arquivos de Galicia e, para conseguir ese obxectivo xeral, prográmanse actuacións e investimentos. Búscase con elas mellorar as instalacións e os equipamentos que son sedes dos arquivos, pero tamén contribuír a un mellor servizo á cidadanía mediante accións coordinadas nos eidos da informatización, a dixitalización de acordo con normas internacionais e a difusión, que ademais incorporen de forma efectiva o patrimonio documental galego ás grandes redes de coñecemento e de acceso á cultura de ámbito europeo e mundial.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022 - 2030, deste programa de gasto son o incremento da participación da sociedade nas actividades das bibliotecas, dos arquivos, dos museos e dos centros de interpretación, así como o aumento da oferta dos seus servizos, contidos e produtos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O ámbito prioritario de actuación deste programa de gasto é o sector cultural galego, no que participan os homes e mulleres desde dúas perspectivas ben diferenciadas: por unha banda,

no acceso e participación nos diversos servizos e produtos culturais xerados; por outra banda, como empregados e empregadas do sector cultural.

Neste sentido, se temos en conta as principais fontes cuantitativas máis recentes (por exemplo, o Anuario de Estatísticas Culturais 2022, publicado polo Ministerio de Cultura e Deporte; e o informe A Muller na Cultura Galega (I), publicado en 2014 polo Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega), podemos observar que os datos recollidos apuntan, en sentido xeral, a un aumento da participación das mulleres no ámbito cultural, ao tempo que se constatan diferenzas entre os sexos tanto no acceso á cultura como no desempeño de profesións e de actividades profesionais vinculadas ao sector cultural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Coa realización das actividades descritas, preténdese avanzar na incorporación da perspectiva de xénero no ámbito cultural, promovendo o acceso da muller ás manifestacións culturais e á empregabilidade no sector, garantindo o acceso á cultura de toda a poboación sen que existan diferenciacións polo feito de ser muller ou home.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Cultura

Secretaría Xeral Técnica

III.1.14. PROGRAMA 432B - FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Os obxectivos deste programa céntranse en desenvolver as grandes liñas de actuación para o apoio á cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo. Neste programa tamén se inclúe o financiamento dos gastos correntes e de capital de AGADIC, da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, da Fundación Cela, do Consorcio Cidade de Santiago e do Consorcio para a Promoción da Música da Coruña.

Cómpre indicar que este programa de gasto estará aliñado coas liñas e obxectivos estratéxicos delimitados no Plan Xeración Cultura aprobado polo Goberno galego en 2023, para garantir a máxima difusión da actividade cultural en todo o territorio de Galicia e entre toda a cidadanía, ademais de asentar un tecido social e empresarial significativo e produtivo nos sectores da cultura galega.

Este compromiso baséase nos seguintes puntos, sobre os que xirarán as actividades que se desenvolvan:

- Fortalecer a cultura galega no marco dunha concepción dinámica e plural da cultura, coa renovación, actualización e ampliación de horizontes e a adaptación aos novos tempos e aos distintos ámbitos culturais nos que se insire Galicia, nos planos nacional, europeo e mundial, dentro do diálogo e intercambio enriquecedor con outras realidades culturais; e propiciar a dinamización da lingua galega a través da cultura.

- Desenvolver as estruturas, os equipamentos e os recursos necesarios para facer posible a distribución e a visibilidade da cultura. Procúrase unha actuación sólida, que integre os estamentos con calidade profesional suficiente e que atendan as necesidades da poboación galega e dos sectores que basean a súa actividade, directa ou indirectamente, na captación dun público autóctono ou visitante, sobre o que pivota unha parte importante da economía galega.
- Crear as medidas para manter a cultura galega como marca de calidade de Galicia. Potenciarase a difusión e circulación exterior dos produtos culturais e a súa identificación de orixe, para os converter así en carta de presentación de Galicia.
- Contribuír ao fomento, promoción e difusión do sector audiovisual, dos videoxogos e contidos interactivos e do patrimonio audiovisual e fotográfico galego.

Dentro das súas actividades atópanse, entre outras: o impulso á creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais; o incremento da comercialización e competitividade dos produtos culturais galegos dentro e fóra do noso país; a creación de plans formativos para a mellora na cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos das empresas do sector cultural, e o fomento da creación, mellora e modernización tecnolóxica de infraestruturas e equipamentos dos axentes culturais.

O programa de teatro, música e danza desenvolve as distintas modalidades das artes escénicas. Nel poténcianse novos proxectos dentro das actividades dos circuítos culturais, en cooperación cos concellos de Galicia, incorporando aos concellos que así o soliciten. Trátase de realizar unha oferta cultural ampla e repartida, xeográfica e demograficamente, para facilitar o acceso e a recepción na poboación galega da cultura propia do país en todas as súas manifestacións.

Dentro deste programa, inclúese o financiamento dos gastos de funcionamento, das actividades e dos investimentos do CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea), un centro de creación artística que leva a cabo un labor museístico, con colección artística propia e un traballo de documentación, difusión e exhibición da creatividade contemporánea dos artistas galegos e de fóra da nosa comunidade, en diálogo coas tendencias existentes na Galicia actual. Inclúese tamén o financiamento dos gastos correntes e de capital do Centro Dramático Galego, a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia que neste 2024 cumpre 40 anos desde a súa creación, para continuar co seu labor de xeración de oportunidades para os profesionais galegos e de apertura de mercados para o sector privado.

No que atinxe á Cidade da Cultura de Galicia, incorporase, ademais do financiamento dos seus gastos correntes e de persoal, a dotación orzamentaria vencellada á execución da obra Centro de Artes Dixitais de Galicia, sendo previsible que comece a funcionar na segunda metade do ano 2025 ou inicios do 2026. Este novo equipamento situará á Cidade da Cultura á vangarda da arte tecnolóxica e permitirá aproveitar a ventá de oportunidade que ofrecen as artes dixitais como motor cultural e económico, en termos de xeración de empresas innovadoras, ferramenta para preservar e divulgar o patrimonio e para elevar a calidade do sistema educativo.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En definitiva, a finalidade deste programa é garantir o acceso á cultura de toda a poboación galega, a través do fomento da produción de bens culturais, e incidir na creación de hábitos de consumo cultural, aumentar a profesionalización e a fortaleza dos distintos ámbitos sectoriais que comprenden as industrias culturais, incrementando as capacidades do sector para a creación de emprego e promover e difundir a cultura galega de carácter profesional.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados á poboación galega en xeral, para que poidan acceder a ela toda a cidadanía, teñen polo tanto un carácter universal. Ten como destinatarios directos a concellos e asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro, que poderán recibir axudas para levar a cabo actividades culturais, ou ben realizar obras e equipamentos nos espazos e edificios dedicados as elas.

Por outra banda, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) o programa diríxese ás empresas, colectivos profesionais, entidades locais e entidades sen ánimo de lucro dos distintos ámbitos incluídos nos distintos subsectores da cultura: as artes escénicas, o audiovisual, e a música. En xeral, toda a poboación galega como destinataria final do acceso á cultura.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Para avaliar a situación de partida, temos que facer referencia en primeiro lugar a tremenda influencia negativa que supuxo no sector cultural (en realidade en toda a vida do pais) a chegada en 2020 do Covid-19 e as súas necesarios medidas de distanciamento social.

O impacto previsto era dunha dimensión tan enorme, que tivemos que repensar a situación de partida de novo, nada, ou case nada, do que había antes permanece como era, e os apoios e as dinámicas dos distintos subsectores mudaron. O plan de reactivación dos sectores culturais e turístico posto en marcha en abril de 2020 polo goberno galego, veu dar resposta a esta situación.

Esta situación continuou no ano 2021 e 2022, no que comezaron a levantarse as restricións de reunións, pero manténdose criterios para a limitación de capacidades segundo a situación sanitaria en cada momento.

Podemos dicir que o ano 2023, foi un ano de plena recuperación da actividade e o emprego no sector cultural que, arroxou, segundo os informe do Consello da Cultura Galega, mellores datos que aqueles que tivera en 2019.

Nestes anos (2021-2023), máis alá das medidas comprendidas no Plan de Reactivación cultural, dende a administración galega puxemos en marcha múltiples programas de axudas financiados con fondos europeos, tanto os incluídos no Hub audiovisual e industria creativa, como os derivados do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (MRR) xestionados por Agadic .

Dentro dos primeiros temos que destacar o fondo de atracción de rodaxes audiovisuais, as axudas para o financiamento de paquetes de proxectos audiovisuais, as axudas ás salas de exhibición cinematográfica, así como as axudas á programación das salas de concertos e ao dedensenvolvemento de carreiras profesionais no ámbito musical ademais dunha liña novidosa de carácter transversal para a capitalización das empresas culturais favorecendo a adquisición de bens e servizos de inmobilizado.

Dentro do segundo programa, o financiado cos fondos MRR, Agadic xestionou catro liñas de actuación: as axudas para ás empresas de exhibición cinematográfica dirixidas á transformación dixital da empresa así como a campañas de promoción e difusión; as axudas para a melloras das infraestruturas de espazos dedicados ás artes escénicas e a música; as axudas para ampliar e diversificar a oferta cultural en áreas non urbanas "territorio cultura" e as aceleradoras culturais de proxectos musicais e de artes escénicas.

Todos estes proxectos, a excepción das aceleradoras que continuarán no 2024, estarán executados con remate do ano 2023.

A estas liñas extraordinarias uníronse, no ano 2023, as liñas e programas habituais da Axencia nos distintos ámbitos:

- Escénico: axudas á creación, distribución , festivais e os programas de difusión da Rede Galega de Teatros e Auditorios e cultura no camiño. Neste ámbito cobra especial relevancia a actividade do Centro Dramático Galego, que no 2023, por primeira vez, estivo convidado ao Festival de Teatro Clásico de Mérida, un evento de enorme prestixio internacional polo que participar no seu cartel, implica un recoñecemento á labor do CDG. A escena galega foi tamén protagonista no Festival de Manizales, en Colombia, onde cinco compañías galegas representaron a Galicia neste evento tan importante en Latinoamérica. Destacar, así mesmo, o impulso que recibiu o Plan Integral de Danza no 2023, a través de diferentes medidas, entre as que destaca a licitación dunha coprodución que se estreará no 2024.
- Audiovisual. Desenvolvéronse as liñas xa consolidadas de axudas ao sector, como son produción, talento, festivais, apoio á internacionalización das nosas empresas e as accións de promoción nos principais mercados nos que o audiovisual galego estivo presente. A Filmoteca de Galicia continuou co seu labor de conservación e difusión do noso audiovisual e abordou a dixitalización de fondos do arquivo histórico.
- Música. Volveuse a financiar, en colaboración coa Axencia Turismo de Galicia, os principais festivais do sector en Galicia. Apoiamos a presenza dos artistas galegos e as empresas no exterior. No 2023 patrocinamos a edición do Womex, e organizamos o

programa Focus Galicia, para aproveitar, ao máximo, a oportunidade de ter na nosa terra aos programadores internacionais e, contribuír, á internacionalización da carreira profesional dos artistas galegos.

O ano 2024 será un ano no que recuperaremos a normalidade da actuación da axencia, unha vez que se entenden superados os efectos da pandemia. Isto non implica que non haxa novidades na actividade a desenvolver, xa que se porán en marcha programas que se revelaron importantes para o sector e o mundo cultural en xeral, tales como.

- A Rede Galega de Música ao vivo, terá un carácter bienal para darlle continuidade e estabilidade á actividade nas salas.
- Axudas para atracción de rodaxes, vinculadas ao gasto que estas rodaxes efectúan en Galicia, un programa iniciado co Hub audiovisual cun balance positivo.
- Desenvolveremos algunhas iniciativas vinculadas ao rural, como o programa territorio cultura que tivo uns resultados moi positivos.

Finalmente, subliñar que no 2024 se desenvolverá a segunda edición da aceleradora de proxectos musicais.

A AGADIC ten por obxecto, no ámbito do fomento da cultura galega e do apoio á creación e innovación cultural, impulsar e consolidar o tecido empresarial no sector cultural galego, cooperando na achega de factores produtivos, no fomento da oferta de bens e servizos e na asignación de ingresos suficientes e estables.

Entre as súas funcións destácanse:

- Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais, prestándolles especial atención ás industrias culturais que xeren mecanismos de produción eficientes e que subministren no mercado bens culturais de amplo consumo.
- Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado e os que acheguen á cultura galega innovacións creativas e ofertas de calidade de novas estéticas e linguaxes artísticas.
- Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra de Galicia, fomentando a captación de público e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais.
- Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, impulsando plans formativos acordes coas necesidades profesionais das empresas do sector.
- Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores.

- Fomentar a creación, o mantemento e a utilización de infraestruturas e equipamentos por parte das e dos axentes culturais.
- Impulsar a cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e traballadoras e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial, no apoio ás exportacións de bens e servizos culturais galegos.
- Adoptar programas que potencien as sinerxías entre o desenvolvemento empresarial das actividades culturais e outros fins públicos como a protección do patrimonio natural, material e inmaterial, a contribución ao desenvolvemento territorial e o fomento da educación, do emprego, da integración social e da investigación.
- Facer estudos e plans estratéxicos sobre o sector cultural, así como difundir a información sobre os recursos destinados ás empresas culturais en calquera ámbito.

Coa actividade desenvolvida a través da AGADIC preténdese incidir nestas funcións tendo en conta o complicado contexto actual, e futuro, co impredecible efecto que terá a invasión de Ucraína para a economía europea.

Desde a AGADIC, continúase coa política de coordinación coas entidades locais, que contribúe a deslocalización, da oferta cultural de xeito que se garanta o acceso de toda a poboación a unha programación cultural de calidade.

Neste sentido, preténdese continuar coas políticas de financiamento das distintas redes, a rede galega de teatros e auditorios, cultura no camiño e rede galega de salas de música ao vivo, que constitúen unha parte importante da oferta cultural da comunidade. A colaboración cos concellos, salas de concertos e da AGADIC, contribuirán a incidir na descentralización xeográfica da cultura.

Esta distribución de espectáculos ven complementada coas axudas á distribución, pero que fundamentalmente está orientada a que as nosas empresas culturais reciban os apoios para acudir a feiras ou mercados, participar en festivais ou montar xiras no exterior.

Tamén vai continuar o apoio firme aos distintos festivais que se celebran en Galicia, para o cal continuarán as liñas de subvencións específicas para os distintos eventos audiovisuais, musicais e de artes escénicas.

Nos últimos anos, AGADIC leva apoiando o sector mediante produción de espectáculos de artes escénicas, produción de distintos formatos audiovisuais, apoio ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais como fase previa á produción e apoio ao talento co obxecto de contribuír ao fortalecemento do sector. En 2024, por primeira vez, con financiamento de fondos propios, , convocarase dunha liña específica para os videoxogos e contidos interactivos.

Todo o anterior seguirá en marcha sen esquecer o labor de produción, dinamización do sector e establecemento de alianzas estratéxicas que se desenvolve a través do Centro Dramá-

tico Galego, e do labor do Centro Coreográfico Galego, que se encargará do desenvolvemento das principais medidas acordadas co sector dentro do plan integral de danza (PID), apoio e formación e a produción para o sector da danza.

Finalmente, debemos destacar a colaboración público-privada - coa sinatura de convenios de colaboración con entidades sen ánimo de lucro que teñen por finalidade, precisamente, realizar actividades de carácter cultural que sirvan aos fins da axencia e contribúan á consecución dos seus obxectivos, así como o financiamento dos principais premios dos sectores musical, teatral e audiovisual en Galicia.

Así mesmo, e desde a integración da Filmoteca de Galicia na AGADIC, esta axencia tamén desenvolve accións de fomento, difusión e promoción do sector audiovisual e multimedia e do patrimonio audiovisual galego e dar artes da imaxe.

O sector audiovisual está a configurar o noso patrimonio histórico e cultural, polo que debe ser obxecto da correspondente difusión e promoción, a través das canles de comunicación existentes.

Nesta liña, a AGADIC, a través da Filmoteca de Galicia, desempeña un importante labor polas súas funcións, tanto de recuperación, catalogación e custodia das obras (cinematográficas, videográficas e fotográficas) que conforman o noso patrimonio audiovisual, como na promoción e difusión do mesmo (programación, proxeccións, mostras, exposicións etc.). Tamén desde este organismo lévanse a cabo diversos programas formativos como Cine en Curso, Fotografía en Curso, CGAI Junior, etc.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 6/1999, do 1 de setembro, do audiovisual de Galicia
- Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais.
- Decreto 176/2011 polo que se modifica o 196/2001 polo que se regulan as publicacións da Xunta de Galicia.
- Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproban os estatutos de AGADIC, modificado polo Decreto 53/2021, do 18 de marzo.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo gobemo.
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia.
- Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Incentivar as manifestacións e representacións artísticas no eidos do teatro, a música e a danza, mediante a creación dos espazos necesarios, ben coa mellora das infraestruturas socioculturais xa existentes naqueles concellos que non dispoñan das infraestruturas axeitadas para levar a cabo a programación cultural do ente local, ben a través de convenios ou convocatorias de axudas, nos concellos onde as necesidades de reforma, mellora ou dotación son imprescindibles para poder ofrecer unha oferta cultural de calidade consonte as demandas sociais.

A través do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), que en 2023 celebrou o seu 30 aniversario, procúrase contribuír á dinamización do panorama artístico actual e reflexionar sobre a diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea. Desde a súa creación en 1993 o CGAC amosou as liñas directrices da arte das últimas décadas mediante as exposicións retrospectivas de artistas recoñecidos internacionalmente ao carón de exposicións dedicadas a difundir a arte galega, incluíndo tanto autoras e autores xa consagrados coma os máis emerxentes. Ademais dun espazo expositivo, o CGAC é un centro dinámico e multidisciplinar no que se celebran ciclos de conferencias, obradoiros impartidos por artistas e incursións no campo da música, as artes escénicas e o cinema, que permiten a participación activa do público e favorecen o intercambio de ideas entre profesionais de distintos ámbitos.

A través da AGADIC aumentarase a oferta e a demanda de produtos culturais, mediante a consolidación dos circuítos culturais establecidos por AGADIC, mantendo e actualizando a Rede Galega de Música ao Vivo, a Rede Galega de Teatros e Auditorios, e o programa Cultura no Camiño.

Incidirase tamén, fundamentalmente a través da convocatoria de liñas de axudas, no apoio a feiras e festivais, que dinamicen o mercado e faciliten a distribución de produtos culturais. Neste ámbito atópanse as subvencións aos festivais de carácter profesional celebrados en Galicia e de interese estratéxico para o sector, destinados ás persoas físicas e xurídicas de carácter privado, domiciliadas en Galicia ou con establecemento operativo nesta comunidade, así como ás entidades locais galegas.

Promoverase a presenza dos produtos culturais galegos nos mercados exteriores, para o cal a AGADIC levará a cabo accións de internacionalización como a presenza nos principais mercados internacionais do sector audiovisual ou a convocatoria das axudas á distribución exterior. Nos ámbitos musical e escénico avanzaremos no debullo dun número de feiras ás que acudir conxuntamente co sector, ou nas que realicemos accións específicas, como os casos de Bime e Womex en música no 2023.

Apoiarase a produción e a coprodución, tanto no eido das artes escénicas como no do sector audiovisual , mediante a convocatoria das correspondentes liñas de axudas. Así, no eido da actividade escénica subvencionaranse a produción de espectáculos, separando as empresas de nova creación das máis consolidadas e a danza do resto das artes escénicas. Manteremos a categoría de axudas trianuais, tan valorada polo sector.

No ámbito audiovisual, subvencionaranse as producións e coproducións galegas en lingua galega con decidido contido artístico e cultural, así como a creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico do Plan Estratéxico de Galicia (PEG) 2022-2030, deste programa de gasto é estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar a industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O ámbito prioritario de actuación destes programas de gasto é o sector cultural galego, no que participan os homes e mulleres desde dúas perspectivas ben diferenciadas: por unha banda, como consumidores e consumidoras dos diversos produtos culturais xerados; por outra banda, como empregados e empregadas do sector cultural.

Neste sentido, se temos en conta as principais fontes cuantitativas máis recentes (por exemplo, o Anuario de Estatísticas Culturais), Estatísticas Culturais 2018, publicado polo Ministerio de Cultura e Deporte; e o informe A situación das traballadoras dos sectores audiovisual e das artes escénicas en Galicia, publicado en 2019 polo Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega, podemos observar que os datos recollidos apuntan, en sentido xeral, a un aumento da participación das mulleres no ámbito cultural, ao tempo que se constatan diferenzas entre os sexos tanto no acceso á cultura como no desempeño de profesións e de actividades profesionais vinculadas ao sector cultural.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Ante a constatación de que nos diferentes ámbitos en que se estrutura o ámbito cultural galego a presenza dos homes segue a ser superior á das mulleres, a Dirección Xeral de Cultura pretende promover a participación e o emprego feminino no sector cultural e, por iso, nas convocatorias de axudas valora, entre os criterios para a súa concesión, a presenza das mulleres nos proxectos. No mesmo sentido, promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes nas programacións artísticas contratadas desde o departamento. Así mesmo fomentarase a presenza equilibrada de mulleres e homes na composición das comisións de valoración de axudas e seguirase a traballar para evitar o uso sexista e excluínte da linguaxe.

En particular, a AGADIC pretende promover o emprego feminino no sector cultural e por iso, nas convocatorias de axudas valora, entre os criterios para a súa concesión, a presenza das mulleres nos proxectos. Así, trátase de fomentar a dirección feminina no caso da produción de artes escénicas, valorándose expresamente esta circunstancia coa asignación dunha puntuación específica. No caso das producións audiovisuais, promóvese a presenza feminina no equipo creativo outorgando unha puntuación específica a aqueles proxectos nos que a participación das mulleres naquel sexa superior ao 50%. Ademais, puntúase a dirección integramente a cargo dunha muller.

Por outra banda, seguirase a traballar para evitar o uso sexista e excluínte da linguaxe.

Tamén se evitará a difusión de imaxes que contribúan a perpetuar os estereotipos sexistas, e incidirase na promoción daqueles contidos que contribúan a visibilizar a presenza da muller en ámbitos nos que aínda non están representadas de xeito paritario.

Promoverase a presenza da muller nas actividades desenvolvidas pola AGADIC, de xeito que o acceso ás súas actividades sexa máis equitativa entre homes e mulleres.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Coa realización das actividades descritas, preténdese avanzar na incorporación da perspectiva de xénero no ámbito de actuación da Dirección Xeral de Cultura e AGADIC, promovendo o

acceso da muller ás manifestacións culturais e á empregabilidade no sector, garantindo o acceso á cultura de toda a poboación sen que existan diferenciacións por cuestións de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Cultura
Axencia Galega de Industrias Culturais
Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Fundación Cela

III.1.15. PROGRAMA 433A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO E CULTURAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa pretende a posta en valor do patrimonio cultural galego en todas as súas manifestacións, tanto en Galicia coma no exterior. Contempla unha serie de actuacións coas que a consellería persegue a protección, conservación, investigación, acrecentamento difusión e fomento do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial, científico, documental e bibliográfico de interese para Galicia.

Concretaranse en medidas dirixidas a:

- Coordinar a elaboración dos informes sectoriais sobre os instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio, en calquera dos seus trámites.
- Coordinar a redacción e tramitación do Plan Territorial Integrado dos Camiños de Santiago, así como outros que teñan por obxecto a protección dos seus valores culturais.
- Asesorar e, de ser o caso, colaborar, na elaboración de instrumentos de planeamento urbanístico ou de ordenación do territorio promovidos pola Xunta de Galicia e outras administracións públicas, que poidan redundar na mellora da protección do patrimonio cultural.
- Elaborar os documentos técnicos e instrucións que teñan por obxecto homoxeneizar os criterios de protección do patrimonio cultural nos documentos urbanísticos e de ordenación do territorio.
- Elaborar, actualizar e difundir os criterios de intervención nas contornas dos bens e, de ser o caso, nas áreas de amortecemento, así como a súa integración nos documentos de planeamento urbanístico e de ordenación do territorio.

- Tramitar e informar os procedementos de autorización das intervencións que afecten os Camiños de Santiago e xestionar a participación do Consello Asesor dos Camiños de Santiago como órgano asesor nos devanditos procedementos e nos relativos aos documentos para a súa identificación e protección.
- Tramitar os expedientes de autorización das intervencións sobre o patrimonio cultural de titularidade da Igrexa Católica, e xestionar a participación da Comisión Mixta Xunta de Galicia - Igrexa Católica como órgano asesor.
- Elaborar propostas normativas e disposicións xerais que afecten a protección do patrimonio cultural e a súa xestión.
- Promover e coordinar a información relativa ás medidas de accesibilidade, protección e fomento do patrimonio cultural de Galicia.
- Elaborar, actualizar e difundir os criterios de intervención nos territorios históricos dos Camiños de Santiago e colaborar na súa integración no Plan territorial integrado dos Camiños de Santiago.
- Vixiar os bens de calquera natureza integrantes do patrimonio cultural de Galicia, para a súa protección e conservación.
- Tramitación dos procedementos sancionadores por infraccións da normativa vixente en materia de protección do patrimonio cultural, e realización de informes encamiñados a determinar e avaliar os danos producidos nel, así como a proposta á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de adopción de medidas cautelares.
- Comprobación do cumprimento das normas, resolucións e ditames emanados da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Control do rexistro das transaccións realizadas polas persoas ou entidades dedicadas ao comercio de bens integrantes do patrimonio cultural e do cumprimento dos requisitos para o exercicio desta actividade.
- Promoción, xestión e coordinación das actuacións de prevención, conservación, restauración e posta en valor do patrimonio inmoble de interese artístico, histórico, arquitectónico, etnográfico, científico e técnico.
- Seguimento, control e supervisión das actuacións de conservación e restauración dos retablos, das pinturas, murais e outros bens culturais de interese artístico, histórico ou etnográfico, como os cruceiros, os petos de ánimas ou a decoración escultórica da arquitectura.
- Prestación de apoio e asesoramento técnico, cando así proceda, en proxectos e actuacións que afecten o patrimonio cultural inmoble.
- Elaboración, dirección e coordinación de informes, proxectos, estudos, traballos de investigación e de difusión relacionados coa conservación e as intervencións sobre o patrimonio cultural inmoble, así como supervisión e dirección técnica e facultativa das actuacións, cando así proceda.
- Promoción, xestión e coordinación das actuacións de prevención, conservación, restauración e posta en valor do patrimonio arqueolóxico.

- Coordinación do programa de posta en valor do patrimonio arqueolóxico da Rede galega de patrimonio arqueolóxico.
- Prestación de apoio e asesoramento técnico, cando así proceda, en proxectos e actuacións que afecten o patrimonio arqueolóxico.
- Elaboración e coordinación de informes, estudos, traballos de investigación e de difusión relacionados coa conservación e intervencións sobre o patrimonio arqueolóxico.
- Manter, actualizar e xestionar o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, o Catálogo do patrimonio cultural de Galicia e o Censo do patrimonio cultural de Galicia.
- Coordinar a elaboración de propostas de clasificación do patrimonio cultural de Galicia ou a súa inclusión no Censo.
- Tramitar os expedientes de declaración de ben de interese cultural e de inclusión no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia desde as actuacións preparatorias ata a súa conclusión.
- Promover traballos para identificar, documentar e investigar as manifestacións do patrimonio cultural inmaterial de Galicia e as súas medidas de salvagarda.
- Delimitar os Camiños de Santiago en Galicia.
- Elaborar medidas para a identificación e difusión do patrimonio cultural galego.
- Informar e colaborar nos procedementos relativos ás figuras de protección e difusión nacionais e internacionais que en materia de patrimonio cultural se desenvolvan no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.
- Coordinar as intervencións para a protección, conservación e posta en valor da Paisaxe Cultural da Ribeira Sacra desde o punto de vista da salvagarda dos seus valores culturais e coordinar e promover os trámites e traballos administrativos, técnicos e científicos relacionados coa candidatura a Patrimonio Mundial.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A protección, conservación, investigación, aumento e difusión do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico. etnográfico, industrial, científico, documental e bibliográfico de interese para Galicia.

Para o ano 2024 continuarase co desenvolvemento do Plan Estratéxico para a conservación e a restauración do patrimonio cultural de Galicia 2021-2030. Dentro desta liña de actuación vaise a seguir atendendo a obxectivos operativos relacionados coa conservación das catedrais galega, a conservación dos mosteiros, conventos e abadía; a conservación dos monumentos relacionados cos Camiños de Santiago e a conservación do patrimonio cultural da Ribeira Sacra, entre outros. Asemade vaise continuar atendendo á conservación e restauración dos retablos, pinturas murais e bens artísticos significativos así como á debida investigación e posta en valor do patrimonio arqueolóxico galego.

Continuarase co desenvolvemento do Plan específico de intervencións para a Muralla de Lugo, e vaise dar un impulso importante á redacción do plan de xestión deste senlleiro monumento, incluído na Lista do Patrimonio Mundial e xestionado pola Xunta de Galicia..

A planificación estratéxica de Galicia ten por principal obxectivo estratéxico a protección, conservación, posta en valor e difusión do patrimonio cultural galego, aplicando criterios de sostibilidade, compromiso coas políticas necesarias para evitar ou mitigar o cambio climático, o respecto polo medio ambiente, a accesibilidade universal e o aliñamento cos criterios da Nova Bauhaus Europea.

Este programa conta con axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculada ao Programa Operativo do FEDER para o período 2021-2027 Este plan atende aos seguinte obxectivo específicos: OE46. O reforzo do papel da cultura e o turismo sostible no desenvolvemento económico, a inclusión social e a innovación social e vaise aplicar no seguinte campo de intervención: CI166. Protección, desenvolvemento e promoción do patrimonio cultural e os servizos culturais.

Para a selección de operacións vanse ter en conta os seguintes criterios:

- Maior nivel de protección cultural dos bens obxecto das actuacións.
- Urxencia e necesidade das obras proxectadas cando a súa non execución ou atraso poida supoñer a perda dun ben relevante.
- Proxectos sobre bens de uso ou destino público, ou que teñan establecido un réxime de acceso público ou que se prevexa establecelo unha vez rematada a actuación, con independencia do seu titular.
- Proxectos nos que se prioricen os principios de conservación e restauración e respecto polos materiais e técnicas construtivas tradicionais, así como o respecto polo medio no que se sitúan as edificacións.
- Proxectos de maior valor arquitectónico e/ou con calidade técnica en restauración ou que incorporen e desenvolvan técnicas de conservación preventiva relevantes.
- Proxectos sobre bens culturais que sexan referencia dunha vila, cidade ou rexión e sexan considerados focos ou referentes de atracción turística.
- Proxectos que crean vínculos entre a natureza, o patrimonio cultural e o turismo
- Proxectos que contarán con plans de financiamento complementarios

Entre as actuacións máis significativas das previstas atópanse as intervencións nas catedrais de Santiago de Compostela, Mondoñedo, Lugo, Ourense e Tui, nas que se vai continuar o ambicioso programa de restauración que se está desenvolvendo ao abeiro do Plan de Catedrais.

No Plan de Mosteiros, entre outros ,vanse promover as intervencións de conservación do Mosteiro de Ferreira de Pallares en Guntín, o Mosteiro de Vilanova de Lourenzá e continuar coas obras de conservación e restauración do Mosteiro de Santa María de Sobrado dos Monxes.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os obxectivos e actividades integradas neste programa van destinados ao patrimonio cultural, de xeito que as actuacións a realizar van dirixidas a achegar o seu coñecemento á sociedade e facilitar o acceso universal a el.

O beneficiario directo deste programa é a poboación galega, con carácter universal, e de forma especial as colectividades locais que interactúan acotío cos bens do patrimonio cultural na súa vida diaria, así como as xeracións vindeiras para os que se salvagarda e acrecenta este patrimonio.

Tamén se dirixe, dunha forma indirecta, aos turistas e visitantes que se acheguen a Galicia e aos bens protexidos, con unha motivación e interese cultural na súa viaxe. No caso dos bens incluídos na Lista do Patrimonio Mundial, o colectivo que se beneficia é a humanidade no seu conxunto.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Este programa ocúpase do apoio e difusión do patrimonio histórico galego en todas as súas manifestacións, tanto en Galicia coma no exterior. Tamén a través deste programa a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades persegue a conservación e difusión do patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial, científico, documental e bibliográfico de interese para Galicia, así como dos camiños históricos a Santiago e a mellora do coñecemento sobre os bens e das ferramentas xurídicas e administrativas de protección como medios e instrumentos imprescindibles para o acrecentamento, difusión e salvagarda do patrimonio cultural.

Coa finalidade de protexer os bens de patrimonio cultural establecéronse diversos procedementos que esixen autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para as intervencións, tanto no propio ben como no seu contorno ou na súa zona de amortecemento. Como consecuencia do gran número de bens declarados bens de interese cultural e catalogados a instrución de novembro de 2017 clarifica as intervencións que non precisaban autorización da dirección xeral.

Así mesmo, en aplicación do artigo 65 da LPCG continuarase asinando convenios de habilitación cos concellos que reúnan os requisitos esixidos nese texto legal ,coa finalidade de que poidan autorizar as intervencións que se refiran a bens catalogados integrantes do patrimonio arquitectónico ou etnolóxico e as súas contornas de protección e zonas de amortecemento.

Por outra banda, co Plan Básico Autonómico delimitáronse dous novos Camiños de Santiago: o de Inverno e o Portugués pola costa.

Continúase a traballar no acrecentamento do patrimonio cultural galego incorporando novos bens ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e ao Rexistro de Bens de Interese Cultural Galegos. Segue a avanzarse na tramitación das candidaturas da Ribeira Sacra e Illas Cíes-Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia para a súa futura inclusión na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco.

No que atinxe á conservación do patrimonio cultural o programa vai dar continuidade as liñas de actuación que se veñen desenvolvendo nos exercicios anteriores. Así atende á debida conservación dos bens culturais públicos que son propiedade da Xunta de Galicia e á colaboración coas administracións públicas, a Igrexa Católica e o resto dos propietarios na debida conservación do seu patrimonio cultural, entendendo que representa un recurso senlleiro para o desenvolvemento social, turístico e económico dos territorios e para mellorar a calidade de vida sas persoas que os habitan.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Decreto 58/2022, de 15 de maio, polo que se establece estrutura orgánica da Xunta de Galicia.
- Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126, 4 de xullo de 2022).
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.
- Decreto 93/2017, de 14 de setembro, polo que se regula a composición e funcionamento dos consellos territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia, do Consello Asesor dos Camiños de Santiago e da Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- Decreto 84/2017, do 3 de agosto, polo que se regula a composición e funcionamento da Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade e estratexia do presente programa é o da protección, a conservación, a restauración, o incremento e posta en valor do patrimonio cultural galego.

Preténdese o recoñecemento das peculiaridades propias do patrimonio cultural de Galicia para a súa protección e difusión, e aplicando os procedementos e instrumentos específicos para garantir a súa conservación, así como o réxime sancionador para corrixir as infraccións que afectasen o patrimonio cultural galego, obrigando a reposición cando esta sexa posible.

O primeiro paso para a protección do patrimonio e o da súa identificación, localización e clasificación. Cos procedementos de catalogación ou declaración como bens de interese cultural a preténdese non só o seu recoñecemento, se non tamén establecer a súa delimitación e o establecemento de medidas de protección, conservación e difusión.

En liña co anterior, outra liña estratéxica a seguir é achegar o coñecemento do patrimonio cultural á sociedade e facilitar o acceso universal a el por todos os medios que proporciona a técnica e as tecnoloxías da información. Deste xeito contribúese a concienciar á sociedade en xeral e a todos os sectores implicados, na necesidade de defender e conservar o patrimonio cultural.

De igual xeito, os plans e proxectos de obras do patrimonio procuran estimular a súa revalorización e garantir a conservación deste recurso cultural, turístico e de desenvolvemento social limitado, fráxil e non renovable.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto son o incremento do patrimonio cultural de Galicia e mellora do seu estado de conservación e a situación e condicións de acceso a el por parte da cidadanía.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.	

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc).	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión.	

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento.	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes.	
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade.	
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo.	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres.	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información.	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda.	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade.	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.).	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural.	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social.	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero.	
Outros (especificar)	

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

III.1.16. PROGRAMA 561B - INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa 561B – Investigación universitaria, recolle o desenvolvemento das accións de apoio e reforzo da investigación universitaria.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 561B – Investigación universitaria, recolle os orzamentos destinados ao desenvolvemento das accións de apoio e reforzo da investigación universitaria.

Este programa forma parte do Plan Galego de Financiamento das Universidades do Sistema Universitario de Galicia para os anos 2022-2026 e apoiase na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia - RIS3, publicada en 2014 e que se centra na aplicación e explotación do coñecemento.

A Consellería ven de definir un marco para o financiamento da investigación, xunto coas universidades e a comunidade investigadora, a través de dous tipos básicos de mecanismos, como son as convocatorias en concorrencia competitiva e os convenios.

A mellora da capacidade investigadora e dos seus resultados no entorno universitario de Galicia pasa en primeiro lugar pola adecuada estruturación dos recursos e da actividade de investigación e a mellora da súa calidade. Isto implica a introdución duns enfoques adecuados por parte das universidades e a administración que faciliten, por unha parte, a formación e incorporación de persoas investigadoras de talento, e por outra, a creación dun entorno académico que facilite a interacción e o intercambio de coñecemento.

Ademais, este programa orzamentario trata de acadar o obxectivo de impulsar o crecemento económico e social de Galicia mediante a consolidación do seu capital científico e tecnolóxico, facilitando as relacións entre os centros de coñecemento e as empresas.

Polo que respecta ao Plan Estratéxico de Galicia (PEG)(2022-2030), o obxectivo estratéxico deste programa (coa identificación OE. 3.01.02), consiste en mellorar e fortalecer a capacidade investigadora das universidades galegas, impulsar os centros e institutos de investigación e desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado.

Este programa conta con axuda de fondos europeos, en primeiro lugar co apoio do Fondo Social Europeo (FSE) vinculado ao programa operativo do FSE para o período 2021-2027. No marco do OP 4.- Unha Europa máis social e inclusiva, no obxectivo OE406.- Promover a igualdade de acceso a unha educación e formación de calidade e inclusivas e a súa culminación, en particular para os grupos desfavorecidos, dende a educación infantil e coidados da primeira infancia, pasando pola educación e formación xeral e profesional, ata a educación superior. En desenvolvemento da Medida 33.- Axudas para a formación e mobilidade de investigadores, tecnólogos e persoal de apoio a investigación en áreas identificadas como relevantes para o mercado laboral. Co Reto R2.1.- de desenvolver unha oferta formativa en contidos e formatos que responda as necesidades reais do tecido produtivo, con especial atención á poboación xove e aos sectores con maior potencialidade para xerar emprego. A acción supón a financiación do Programa de Axudas a formación predoutoral. En segundo lugar do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) vinculado ao Programa Operativo do FEDER para o período

2021-2027 cuxo obxectivo político OP1.-Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo a transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións. No obxectivo específico OE11 de desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas, consiste en apoiar os Proxectos de Investigación dos Centros de Investigación excelentes no Sistema Universitario de Galicia .

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa vai destinado a todos os axentes implicados na actividade investigadora no Sistema Universitario de Galicia, isto é, o persoal investigador en formación, o persoal postdoutoral, o persoal docente investigador, os grupos de investigación e as estruturas de investigación de ámbito superior ao grupo (centros de investigación universitarios).

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O Sistema Galego de I+D+i, evolucionou nos últimos anos dende unha situación de fragmentación das súas capacidades cara a un modelo estruturado de centros de investigación de excelencia, con recursos humanos científicos ben capacitados, que require na actualidade da estabilidade, por unha banda, de instrumentos de apoio á carreira investigadora e, doutra banda, de medidas de impulso e creación de estruturas de investigación fortes, capaces de competir en contextos nacionais e internacionais dinámicos, que lles permita actuar como axentes tractores do Sistema Galego de I+D+i.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O referente normativa básico da actuación da Secretaría Xeral de Universidades é o seguinte:

- Plan Galego de Financiamento das Universidades do Sistema Universitario de Galicia 2022-2026
- Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.
- Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación.
- Lei 17/2022, do 5 de setembro, pola que se modifica a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Este programa segue os retos e liñas establecidos no documento Plan Galego de Financiamento das Universidades do Sistema Universitario de Galicia 2022-2026

Reto 1: Captación, formación e retención de talento, e o Reto 2: Investigación de referencia competitiva conforman os programas a desenvolver no financiamento da investigación nas tres universidades galegas:

Reto1.-Captación, formación e retención de talento. Orientado a persoal de investigación e apoio.

Ten un único eixo estratéxico: a xestión do talento. Este eixo estrutúrase ao redor de 5 liñas de actuación:

- Liña 1.1. Programa de apoio á carreira investigadora: consiste en contratos pre-doutorais e pos-doutorais. Convocatoria competitiva.
- Liña 1.2. Programa de apoio á consolidación de persoal investigador. programa de atracción e retención de talento.
- Liña 1.3. Programa de capacitación e incorporación de xestores de apoio á investigación e os tecnólogos e tecnólogas, que se vinculan aos servizos centrais da universidade, non aos grupos.
- Liña 1.4. Captación e retención de talento investigador de prestixio. É un programa orientado á apoiar ás persoas investigadoras con proxectos altamente competitivos como os do European Research Council (ERC)
- Liña 1.5. Programas de mobilidade. Basicamente de formación pos doutoral no estranxeiro. Finánciansе dous anos de estancia en centros internacionais.

Reto 2.-Investigación de referencia competitiva.

Búscase a creación dunha contorna adecuada e atractiva para o desenvolvemento da actividade científica e do desenvolvemento tecnolóxico en Galicia a través da dotación de instrumentos que potencien aos grupos de investigación, que constitúen a unidade básica do conxunto do sistema de investigación universitaria, as estruturas estratéxicas e os centros de investigación. Os grupos son as entidades que cada vez máis actuarán como enlace entre os investigadores individuais e os centros de investigación. Ten tres eixos estratéxicos:

- Consolidación de Grupos
- Proxectos singulares
- Potenciación das estruturas de investigación

O eixo consolidación de grupos de investigación instrumentalizase en 3 liñas de actuación e mediante convocatorias competitivas.

- Liña 2.1.1 Apoio aos grupos de referencia competitiva. Axudas de 4 anos cunha dotación entre 50.000 e 100.000 euros/ano a grupos xa consolidados (uns 100). Convocatoria competitiva.
- Liña 2.1.2. Apoio aos grupos de potencial crecemento. Axudas aos grupos con alto potencial de crecemento. Similar ao anterior, pero para grupos aínda non consolidados. A duración do financiamento é neste caso de tres anos con ata 35.000 euros/ano. Convocatoria competitiva.

O eixo de proxectos singulares neste eixo financia proxectos non necesariamente de investigación, pero si relacionados coa I+D.

- Liña 2.2.1 Especialización dos campus universitarios. Apoio ao financiamento dos Campus de Especialización acreditados: o Campus Terra, de Lugo, e o Campus Industrial de Ferrol e impulso dos campus en proceso de acreditación de especialización: o Campus Auga, de Ourense, co fin de definir un mapa universitario diversificado.
- Liña 2.2.2 Financiamento de proxectos singulares, de alto impacto en sectores especialmente estratéxicos e onde Galicia posúe contrastada potencialidade. Convocatoria competitiva.

O eixo de potenciación das estruturas de investigación é o momento do reforzo das súas estruturas organizativas, con definición dos seus obxectivos, estratexia, axendas de investigación e plans de actuación. As medidas de apoio á consolidación, constitución e consolidación das agrupacións estratéxicas e dos centros singulares de investigación representan unha vía de actuación que, adecuadamente orientada e potenciada, permitirá dotar ao sistema de investigación de Galicia dunha sólida estrutura de centros de investigación nacidos do novo marco.

- Liña 2.3.1 Apoio aos centros de investigación do Sistema Universitario de Galicia, co obxectivo de fortalecer as súas capacidades científicas e mellorar os resultados de alto impacto científico, social e económico. Convocatoria competitiva.
- Liña 2.3.2 Apoio á Rede de Centros de Investigación do SUG (Rede CIGUS), co obxectivo de impulsar a visibilidade dos centros de investigación do SUG que teñan acreditada a súa excelencia científica, técnica ou artística.

Os resultados que se pretenden conseguir co obxectivo estratéxico deste programa de gasto (coa identificación OE 3.1.2) son o aumento da calidade científica dos programas de investigación universitaria medida de acordo a estándares internacionais.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER.

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres.	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres.	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc).	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión.	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO.

Segundo os datos do SIIU (Sistema Integrado de Información Universitaria) do MEFP, no curso 2021-2022 (últimos datos dispoñibles) o 42,21% do persoal docente e investigador das universidades galegas son mulleres.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA.

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X

Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Ao amparo das axudas á formación de investigadores no ano 2020 ata o ano 2022 solicitouse e se lles concedeu a ampliación de contrato polo mesmo tempo que a interrupción, a doce persoas cun contrato de formación postdoutoral e a vinte e cinco persoas contratadas ao amparo das axudas predoutorais (se lle concede a todo o persoal investigador que solicita prórroga de contrato por maternidade, risco de embarazo, lactancia , etc.).

As accións de fomento da actividade investigadora mediante contratos predoutorais e posdoutorais e grupos de investigación, deseñadas no programa de gasto, están a fomentar o incremento progresivo do número de mulleres que se dedican á investigación.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

En Investigación universitaria incluíuse como causa de flexibilización na acreditación de requisitos (data de obtención de títulos) para o acceso ás axudas a formación predoutoral e postdoutoral o coidado de maiores e nenos a cargo.

Nas convocatorias de axudas de predoutorais e posdoutorais, en caso de empate ten preferencia o sexo feminino.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Universidades

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 151A FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA03 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E04 - Fomentar e difundir o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos considerados prioritarios e estratéxicos, e desenvolver actividades de formación do galego

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OI03 - Transferencias internas

OO01 - Continuar co proceso de normalización lingüística en desenvolvemento do Plan xeral de normalización da lingua galega.

OO02 - Accións de fomento do uso da lingua galega na sociedade apoiando a creación, mantemento e reforzamento dos servizos lingüísticos e a realización de programas de dinamización lingüística.

OO03 - Accións de fomento do uso da lingua galega no ámbito empresarial.

Indicador	Valor Previsto
P00022 - Actuacións de formación e dinamización social do galego	6.609
P00067 - Convenios e/ou acordos asinados	130
P0045O - Axudas concedidas para o fomento da lingua galega	968
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	2.059
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	2.381

Programa: 421A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Impulsar e desenvolver un goberno e administración intelixente e accesible que ofreza máis e mellores servizos á cidadanía, respondendo proactivamente as súas necesidades e facilitando a súa participación

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E02 - Fomentar e impulsar a educación, a capacitación e o talento dixital da sociedade necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no novo contexto dixital

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
MRR036 - Dispositivos móbiles	6.484
MRR037 - Aulas dixitais	4.734

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E02 - Reforzar o sistema educativo en educación secundaria mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, dos centros educativos sostibles e accesibles e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO01 - Dotar a todos os centros educativos dun mínimo de medios tecnolóxicos adecuado e reforzar os métodos de aprendizaxe baseados na innovación e a tecnoloxía.

Indicador	Valor Previsto
DOE015 - Poboación escolar que esta cuberta polos servizos públicos electrónicos educativos	280.751

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E08 - Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo e reforzar a función que desempeña a educación, xunto coas familias, na plena realización dos dereitos humanos, a paz, o exercicio responsable da cidadanía local e global, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sustentable e a saúde

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Programa: 422A EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Reforzar o sistema educativo do ensino infantil e de primaria mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, dos centros educativos sostibles e accesibles e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OI02 - Gastos de persoal

OO03 - Ampliación, mellora e creación de novos centros educativos máis sustentables e flexibles

Indicador	Valor Previsto
DOC035 - Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	450
P00025 - Actuacións de mellora en centros educativos	227
P01004 - Número de efectivos	71.357
P1019H - Alumnado matriculado en centros públicos. Homes	71.204
P1019M - Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres	66.071
P1020H - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes	27.949
P1020M - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres	26.521

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E05 - Diminuír o fracaso escolar, reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI02 - Gastos de persoal

OO02 - Programas de orientación, reforzo e apoio.

OO04 - Mellorar a competencia dixital educativa

Indicador	Valor Previsto
MRR045 - Accións de apoio na preparación e revisión das estratexias ddixitais dos centros	753
P237.H - Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Homes	300
P237.M - Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Mulleres	200

Programa: 422C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E04 - Racionalizar e mellorar a oferta académica universitaria que de resposta ás necesidades do alumnado e do mercado laboral. Acadar unha maior integración das universidades galegas co tecido económico e social, non só no ámbito da investigación, senón tamén no ámbito da docencia e recuperar o liderado da Universidade como motor de cambio da sociedade galega. Fomentar a colaboración entre as universidades e a súa internacionalización e afondar na especialización dos campus.

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO02 - Establecer mecanismos que permitan unha maior comunicación empresa-universidade. Dispoñer de canles para que as empresas trasladen as súas demandas en relación cos perfís profesionais que precisan.

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
P033.H - Alumnado beneficiario por bolsas. Homes	722
P033.M - Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres	1.247
P1021H - Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Homes	24.598
P1021M - Alumnado matriculado no sistema universitario de Galicia. Mulleres	31.656

Programa: 422D EDUCACIÓN ESPECIAL

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E07 - Reforzar o sistema educativo do ensino especial e das ensinanzas de réxime especial, mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Accións de mellora das condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes.

OO03 - Axudas á gratuidade da educación especial

Indicador	Valor Previsto

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

P00025 - Actuacións de mellora en centros educativos	7

Programa: 422E ENSINANZAS ARTÍSTICAS

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E07 - Reforzar o sistema educativo do ensino especial e das ensinanzas de réxime especial, mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Accións de mellora das condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes.

Indicador	Valor Previsto
P00025 - Actuacións de mellora en centros educativos	10
P109.H - Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.Homes	6.061
P109.M - Alumnado matriculado en ensinanzas artísticas e deportivas.Mulleres	6.061

Programa: 422G ENSINANZAS ESPECIAIS

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E07 - Reforzar o sistema educativo do ensino especial e das ensinanzas de réxime especial, mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, en especial no que atinxe ao dominio efectivo dunha terceira lingua

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Accións de mellora das condicións de seguridade, funcionalidade, habitabilidade e accesibilidade dos centros existentes.

Indicador	Valor Previsto
DOC030 - Capacidade adicional para producir enerxía renovable	0
P00025 - Actuacións de mellora en centros educativos	4
P108.H - Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas. Homes	17.204
P108.M - Alumnado matriculado nas Escolas Oficiais de Idiomas. Mulleres	34.350

Programa: 422I FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E06 - Apostar por un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e a investigación educativa, dirixido á mellora da súa práctica docente. Devolver o prestixio ao labor que realiza o profesorado en todos os niveis de ensino

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Incentivar a formación do persoal docente (e que a participación en accións formativas teña efectos, positivos ou negativos no nivel do recoñecemento/desempeño profesional).

OO03 - Elaborar unha programación formativa integral, desde a formación inicial, pasando polo acceso á profesión e formación permanente, recollida nun estatuto docente e no marco dunha carreira profesional.

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
P281.H - Persoal docente que participa en accións formativas da Rededeformación. Homes	20.110
P281.M - Persoal docente que participa en accións formativas da Rededeformación. Mulleres	47.262

Programa: 422M ENSINANZA SECUNDARIA , FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E01 - Fomentar o investimento en I+D+i no sector empresarial, dinamizar a transferencia de coñecemento ao mercado reforzando a colaboración entre os axentes do ecosistema de I+D+i, avanzar na especialización a través da priorización en ámbitos estratéxicos para Galicia, impulsando o liderado empresarial, especialmente das PEMEs, na transformación das ideas innovadoras en produtos e servizos de alto valor engadido, xeradores de crecemento, emprego e benestar. Apoiar o talento emprendedor en todos os ei

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Prioridade de Actuación: PA02 - Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Fomentar e impulsar a educación, a capacitación e o talento dixital da sociedade necesaria para desenvolverse plenamente con confianza e seguridade no novo contexto dixital

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO4 - Impulso dunha educación innovadora a través de: a implementación do Plan de Infraestruturas Dixitais Educativas (Plan EDU100); o incremento da oferta de contidos dixitais no ámbito educativo - EDIXGAL; a mellora das infraestruturas dixitais educativas; a evolución das canles de atención e soporte técnico aos usuarios da educación dixital; a mellora das competencias dixitais dos docentes.

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Reforzar o sistema educativo en educación secundaria mediante a reforma e a modernización dos sistemas educativos, dos centros educativos sostibles e accesibles e o desenvolvemento de novas capacidades para a economía dixital

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OI02 - Gastos de persoal

OO2 - Investir en eficiencia enerxética nos centros educativos.

OO3 - Ampliacións e novos centros educativos máis sustentables e flexibles

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOC035 - Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	720
P00025 - Actuacións de mellora en centros educativos	194
P01004 - Número de efectivos	89.487
P1019H - Alumnado matriculado en centros públicos. Homes	73.089
P1019M - Alumnado matriculado en centros públicos. Mulleres	67.294
P1020H - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Homes	16.144
P1020M - Alumnado matriculado en centros privados concertados. Mulleres	15.345

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO3 - Elevar a participación na formación profesional dos graos básico, medio e superior, e cursos de especialización, en particular nas modalidades relacionadas co tecido produtivo (DUAL), mellorando a súa calidade, a súa personalización, capacidades de innovación, emprendemento e internacionalización, nunha relación estreita coas empresas e coas competencias necesarias na estrutura produtiva de Galicia

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OI02 - Gastos de persoal

OO1 - Fomento da FP e definición dunha oferta integrada, inclusiva e adaptada as necesidades dos sectores produtivos e do territorio galego. Desenvolvemento de prácticas e programas de ERASMUS.

OO2 - Desenvolver procedementos de avaliación, recoñecemento e acreditación das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral, en colaboración co tecido produtivo e os axentes do mercado laboral.

OO3 - Impulso da innovación aplicada e da dixitalización nos centros educativos e nas ensinanzas de formación profesional.

OO5 - Ampliacións e novos centros educativos máis sustentables e flexibles

OO6 - Impulso ao emprendemento en colaboración co tecido emprendedor de Galicia

OO7 - Promoción da difusión de boas prácticas e intercambio de experiencias , tanto do alumnado como do profesorado, con outros países.

OO8 - Posta en valor da rede de centros de excelencia, a través do aseguramento da calidade no seu funcionamento e na formación do seu capital humano, o profesorado.

Indicador	Valor Previsto
DOC035 - Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	150
MRR018 - Grupos de alumnos	114
P00025 - Actuacións de mellora en centros educativos	133
P00128 - Nº de cursos	3
P01095 - Unidades de competencia profesioanl a acreditar	40.052
P01098 - Centros participantes en campeonatos de Formación Profesionaal	20
P01099 - Prazas creadas en Formación Profesional	2.944
P01114 - Ciclos formativos duales implantados.	130
P033.H - Alumnado beneficiario por bolsas. Homes	2.500

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

P033.M - Alumnado beneficiario por bolsas. Mulleres	2.500
P227.H - Participantes en accións de formación. Homes	1.396
P227.M - Participantes en accións de formación. Mulleres	1.396
P281.H - Persoal docente que participa en accións formativas da Rededeformación. Homes	1.636
P281.M - Persoal docente que participa en accións formativas da Rededeformación. Mulleres	1.940

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E05 - Diminuír o fracaso escolar, reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO01 - Fortalecemento da atención á diversidade.

OO04 - Mellorar a competencia dixital educativa

Indicador	Valor Previsto
MRR045 - Accións de apoio na preparación e revisión das estratexias ddixitais dos centros	640

Programa: 423A SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E06 - Apostar por un modelo de formación permanente do profesorado máis vinculado á innovación e a investigación educativa, dirixido á mellora da súa práctica docente. Devolver o prestixio ao labor que realiza o profesorado en todos os niveis de ensino

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO03 - Elaborar unha programación formativa integral, desde a formación inicial, pasando polo acceso á profesión e formación permanente, recollida nun estatuto docente e no marco dunha carreira profesional.

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E08 - Promover unha educación accesible e inclusiva eliminando os obstáculos de acceso do alumnado ao sistema educativo e reforzar a función que desempeña a educación, xunto coas familias, na plena realización dos dereitos humanos, a paz, o exercicio responsable da cidadanía local e global, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sustentable e a saúde

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OI03 - Transferencias internas

OO01 - Accións de posta a disposición do alumnado que requira recursos educativos complementarios necesarios.

OO02 - Mellorar as competencias clave, en especial en comunicación lingüística do alumnado.

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
PO0379 - Centros educativos que participan	1.094
PO32.H - Alumnado beneficiario por accións de facilitación de material escolar. Homes	54
PO32.M - Alumnado beneficiario por accións de facilitación de material escolar. Mulleres	54
PO34.H - Alumnado beneficiario do transporte escolar. Homes	32
PO34.M - Alumnado beneficiario do transporte escolar. Mulleres	32
PO35.H - Alumnado beneficiario dos comedores escolares. Homes	26
PO35.M - Alumnado beneficiario dos comedores escolares. Mulleres	26
PO37.H - Alumnado participante en programas en inmersión lingüística.Homes	36.741
PO37.M - Alumnado participante en programas en inmersión lingüística.Mulleres	36.551

Programa: 423B PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA01 - Promover unha educación inclusiva e de calidade

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: E05 - Diminuír o fracaso escolar, reducir o abandono educativo temperán e mellorar os resultados educativos especialmente do alumnado con necesidades educativas especiais e do alumnado con necesidades específicas

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO02 - Programas de orientación, reforzo e apoio.

OO03 - Reforzar os recurso de orientación e adaptalos ás necesidades do alumnado, especialmente nas etapas de transición

OO04 - Mellorar a competencia dixital educativa

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
MRRO44 - Certificacións en competencias dixitais de profesores	10.930
P232.H - Alumnado en programas destinados a redución do abandono escoolar. Homes	390
P232.M - Alumnado en programas destinados a redución do abandono escoolar. Mulleres	330
P237.H - Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Homes	6.600
P237.M - Participantes en programas de reforzo, orientación e apoio.Mulleres	6.650

Programa: 431A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA03 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO1 - Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO05 - Contribuír á conservación da riqueza cultural de Galicia

Indicador	Valor Previsto
POO076 - Entidades beneficiadas.	16
POO124 - Nº de actividades de divulgación.	40

Programa: 432A BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA03 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO1 - Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OO07 - Establecer liñas de apoio á formación das creadoras e creadores de base que permita consolidar profesionais e un tecido empresarial con capacidade de crear produtos de calidade tamén exportables.

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Fortalecer a programación e os servizos dispoñibles nas bibliotecas, arquivos, museos e centros de interpretación, para lograr a participación activa da cidadanía como usuaria destes servizos e como consumidora dunha oferta cultural de calidade

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Elaboración dun Plan da Lectura de Galicia e mellora do sistema de acceso aos servizos bibliotecarios a través da virtualización e automatización dos servizos da Rede de Bibliotecas de Galicia.

OO02 - Impulsar e facer operativo o sistema de arquivos de Galicia.

OO03 - Preservar e promover as actividades e os contidos dos museos e centros de interpretación do patrimonio cultural. Reforzar as labores de conservación e mellora nos museos co fin de incrementar a oferta cultural dos mesmos.

OO04 - Accións formativas destinadas a persoas con titulacións asociadas ao traballo neste tipo de espazos (bibliotecas, arquivos, museos, etc.).

Indicador	Valor Previsto
POO150 - Actividades culturais planificadas e executadas nas bibliotecas, museos e arquivos, así como nos centros de interpretaci	2.992
POO336 - Bibliotecas dotadas con fondos bibliográficos	300
P219.H - Persoas usuarias da rede de bibliotecas de Galicia. Homes	320.000
P219.M - Persoas usuarias da rede de bibliotecas de Galicia. Mulleress	490.000

Programa: 432B FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Prioridade de Actuación: PA03 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO1 - Estimular a produción cultural e a súa distribución, apoiando a innovación cultural e a transversalidade da creatividade nos sectores produtivos, facilitando o acceso á cultura da cidadanía e avanzando na súa proxección exterior e internacionalización. Apoiar á industria de contidos culturais, dende a artesanía ata o audiovisual, para que aproveite as oportunidades que ofrece un mercado global e dixitalizado

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OIO3 - Transferencias internas

OO01 - Estimular a oferta de contidos nos ámbitos da cultura e a demanda de ditos contidos por parte da cidadanía. Mellorar a calidade da oferta cultural para as máis pequenas e pequenos e, sobre todo, para a mocidade, que están moi afastados da oferta cultural do país.

OO02 - Fortalecer o tecido cultural de base e o tecido das industrias culturais e creativas galegas.

OO03 - Desenvolver desde a Cidade da Cultura de Galicia un programa interdisciplinar de acción cultural contemporánea; e impulsar unha estratexia de innovación do sistema cultural e creativo da nosa comunidade.

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
PO0155 - Actuacións e programacións culturais desenvolvidas	556
PO0158 - Axudas concedidas ás artes escénicas, á música e ao sector audiovisual	455

Programa: 433A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO ECULTURAL

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA03 - Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO3 - Protexer, conservar, poñer en valor e difundir o patrimonio cultural de Galicia como un recurso vivo e accesible

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Protección do patrimonio cultural coa incorporación ao mesmo de bens que posúan valores culturais por medio do acrecentamento e desenvolvemento do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia e o Rexistro de Bens Declarados de Interese Cultural (BIC) e impulsando o desenvolvemento de catálogos dos instrumentos de planeamento urbanístico e ordenación do territorio.

OO02 - Conservación, restauración, rehabilitación e posta en valor dos bens que integran o patrimonio cultural con especial atención aos bens declarados de interese cultural máis senlleiros como as catedrais, os BIC relacionados cos camiños de Santiago, os xacementos arqueolóxicos de titularidade pública máis relevantes e os bens culturais que caracterizan a paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

OO03 - Difusión e ampliación do coñecemento sobre o patrimonio cultural.

OO05 - Fomentar a "I+D+i cultural" dentro dun marco xurídico adecuado. Impulsar, promover e fomentar o emprego das TIC e as novas tecnoloxías nas actuacións de protección, conservación, difusión e valorización do patrimonio cultural.

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
MRR003 - Descrición e dixitalización	20
PO0184 - Obras e proxectos de conservación, restauración, protecciónе promoción do patrimonio cultural	43

Programa: 561B INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA

Eixe: E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento

Prioridade de Actuación: PA01 - Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Mellorar e fortalecer a capacidade investigadora das Universidades galegas, Impulsar os centros e Institutos de Investigación e desenvolver un sistema de transferencia efectivo que permita capitalizar o coñecemento xerado

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO02 - Reforzar os programas de formación de investigadores para equiparalos aos mais excelentes e impulsar medidas de incorporación de talento e persoal dedicado a I+D+i dos centros de coñecemento ás empresas.

OO03 - Impulsar a excelencia e a internacionalización do Sistema de Investigación universitario.

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

OO06 - Impulsar o desenvolvemento da investigación combinada das diversas disciplinas e das infraestruturas científicas compartidas

Indicador	Valor Previsto
DEO21H - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Homes	276
DEO21M - Investigadores/ano participando en proxectos cofinanciados.Mulleres	364

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos				
	01	02	03	04	05
151A-Fomento da lingua galega		11.049			
421A-Dirección e servizos xerais de educación	27.099				
422A-Educación infantil, primaria e ESO	25.165				
422C-Ensinanzas universitarias			409.452		
422D-Educación especial	300				
422E-Ensinanzas artísticas	656				
422G-Ensinanzas especiais	166				
422M-Ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas	42.183				
423A-Servizos e axudas complementarias da ensinanza	88.597				
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	10.898				
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	2.733			26.273	
432B-Fomento das actividades culturais				26.162	
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural					22.348
561B-Investigación universitaria			104.118		
Total	**197.798**	**11.049**	**513.570**	**52.435**	**22.348**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos				
	06	07	08	A1	Total
151A-Fomento da lingua galega					11.049
421A-Dirección e servizos xerais de educación			29.451		56.551
422A-Educación infantil, primaria e ESO			944.847		970.013
422C-Ensinanzas universitarias					409.452
422D-Educación especial			57.181		57.481
422E-Ensinanzas artísticas		365	43.791		44.813
422G-Ensinanzas especiais			21.132		21.298
422I-Formación e perfeccionamento do profesorado			3.428		3.428
422M-Ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas		28.058	932.072		1.002.313
423A-Servizos e axudas complementarias da ensinanza	15.084	263	57.264		161.207
423B-Prevención do abandono escolar	3.312		26.495		29.807
431A-Dirección e servizos xerais de cultura					10.898
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais					29.006
432B-Fomento das actividades culturais				17.171	43.334
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural					22.348
561B-Investigación universitaria					104.118
Total	**18.396**	**28.686**	**2.115.660**	**17.171**	**2.977.114**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos							
	I	II	III	IV	VI	VII	IX	Total
151A-Fomento da lingua galega	2.326	137		3.448	4.565	573		11.049
421A-Dirección e servizos xerais de educación	29.451	1.596	50	36	25.417			56.551
422A-Educación infantil, primaria e ESO	650.232	16.088		278.384	25.065	244		970.013
422C-Ensinanzas universitarias		567	14	351.994		55.762	1.115	409.452
422D-Educación especial	36.985	973		19.223	300			57.481
422E-Ensinanzas artísticas	41.733	2.058		305	716			44.813
422G-Ensinanzas especiais	20.161	971			166			21.298
422I-Formación e perfeccionamento do profesorado		885			2.542			3.428
422M-Ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas	862.227	42.637		29.229	68.214	6		1.002.313
423A-Servizos e axudas complementarias da ensinanza	20.432	91.093		19.110	22.346	8.226		161.207
423B-Prevención do abandono escolar	21.576	1.000		190	7.041			29.807
431A-Dirección e servizos xerais de cultura	4.872	2.864	10	60	1.941	1.150		10.898
432A-Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	17.344	2.733		1.518	5.003	2.408		29.006
432B-Fomento das actividades culturais	3.508	1.437		15.625	6.241	16.523		43.334
433A-Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	7.611			233	12.314	2.189		22.348
561B-Investigación universitaria		262		41.430	120	62.306		104.118
Total	**1.718.459**	**165.302**	**74**	**760.786**	**181.992**	**149.385**	**1.115**	**2.977.114**

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	4.964	4.872	-1,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	85.064	91.391	7,4
Cap. III - Gastos financeiros	60	60	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	2.655	3.060	15,3
Cap. VI - Investimentos reais	113.401	97.165	-14,3
Cap. VII - Transferencias de capital	1.250	1.250	0,0
Total	**207.394**	**197.798**	**-4,6**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

02 SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	2.285	2.326	1,8
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	136	137	0,8
Cap. IV - Transferencias correntes	3.433	3.448	0,4
Cap. VI - Investimentos reais	4.484	4.565	1,8
Cap. VII - Transferencias de capital	570	573	0,4
Total	**10.908**	**11.049**	**1,3**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

03 SECRETARIA XERAL DE UNIVERSIDADES	2023	2024	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	829	829	0,0
Cap. III - Gastos financeiros	21	14	-32,9
Cap. IV - Transferencias correntes	381.127	393.424	3,2
Cap. VI - Investimentos reais	120	120	0,0
Cap. VII - Transferencias de capital	105.667	118.068	11,7
Cap. IX - Pasivos financeiros	1.631	1.115	-31,6
Total	**489.395**	**513.570**	**4,9**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	16.860	17.344	2,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	781	794	1,7
Cap. IV - Transferencias correntes	15.728	15.731	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	6.843	7.880	15,1
Cap. VII - Transferencias de capital	10.689	10.687	0,0
Total	**50.902**	**52.435**	**3,0**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

05 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	7.401	7.611	2,8
Cap. IV - Transferencias correntes	168	233	38,6
Cap. VI - Investimentos reais	12.163	12.314	1,2
Cap. VII - Transferencias de capital	2.366	2.189	-7,5
Total	**22.098**	**22.348**	**1,1**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

06 DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACION E INNOVACION EDUCATIVA	2023	2024	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.021	3.101	2,6
Cap. IV - Transferencias correntes	7.708	6.644	-13,8
Cap. VI - Investimentos reais	7.368	7.980	8,3
Cap. VII - Transferencias de capital	374	671	79,3
Total	**18.471**	**18.396**	**-0,4**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

07 DIRECCION XERAL DE FORMACION PROFESIONAL	2023	2024	% Var.
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	736	808	9,8
Cap. IV - Transferencias correntes	1.421	1.597	12,4
Cap. VI - Investimentos reais	17.340	26.281	51,6
Total	**19.497**	**28.686**	**47,1**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

08 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	1.627.612	1.682.798	3,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	70.575	67.599	-4,2
Cap. IV - Transferencias correntes	328.235	335.236	2,1
Cap. VI - Investimentos reais	24.923	22.324	-10,4
Cap. VII - Transferencias de capital	7.329	7.705	5,1
Total	**2.058.675**	**2.115.660**	**2,8**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	3.406	3.508	3,0
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	642	642	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	1.413	1.413	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	1.913	3.364	75,9
Cap. VII - Transferencias de capital	11.239	8.244	-26,7
Total	**18.612**	**17.171**	**-7,7**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2023	2024	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	207.394	197.798	-4,6
02 SECRETARIA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA	10.908	11.049	1,3
03 SECRETARIA XERAL DE UNIVERSIDADES	489.395	513.570	4,9
04 DIRECCIÓN XERAL DE CULTURA	50.902	52.435	3,0
05 DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL	22.098	22.348	1,1
06 DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACION E INNOVACION EDUCATIVA	18.471	18.396	-0,4
07 DIRECCION XERAL DE FORMACION PROFESIONAL	19.497	28.686	47,1
08 DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS	2.058.675	2.115.660	2,8
A1 AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS	18.612	17.171	-7,7
Total	**2.895.952**	**2.977.114**	**2,8**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024
Cap. I - Gastos de persoal	1.659.122	1.714.951	0	3.508	0	0	0	1.718.459
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	161.143	164.659	0	642	0	0	0	165.302
Cap. III - Gastos financeiros	81	74	0	0	0	0	0	74
Cap. IV - Transferencias correntes	745.785	764.787	0	1.413	0	5.414	0	760.786
OPERACIÓNS CORRENTES	**2.566.131**	**2.644.471**	**0**	**5.564**	**0**	**5.414**	**0**	**2.644.621**
Cap. VI - Investimentos reais	186.642	178.629	0	3.364	0	0	0	181.992
Cap. VII - Transferencias de capital	141.398	152.749	0	8.244	0	11.608	0	149.385
Cap. IX - Pasivos financeiros	1.631	1.115	0	0	0	0	0	1.115
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**329.671**	**332.493**	**0**	**11.608**	**0**	**11.608**	**0**	**332.493**
Total	**2.895.802**	**2.976.964**	**0**	**17.171**	**0**	**17.021**	**0**	**2.977.114**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Cultura, Educa., FP e Univ.	2024
Altos Cargos	9
Persoal Funcionario	33.289
Subgrupo A1	15.414
Subgrupo A2	15.518
Subgrupo C1	286
Subgrupo C2	819
Agrupacións profesionais	1.252
Persoal Laboral	2.808
Grupo I	43
Grupo II	41
Grupo III	124
Grupo IV	1.333
Grupo V	1.267
TOTAL	36.106

Medios Persoais

Axencia Galega das Industrias Culturais	2024
Altos Cargos	1
Persoal Funcionario	20
Subgrupo A1	6
Subgrupo A2	5
Subgrupo C1	5
Subgrupo C2	2
Agrupacións profesionais	2
Persoal Laboral	45
Grupo I	4
Grupo II	6
Grupo III	18
Grupo IV	15
Grupo V	2
TOTAL	66

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Consorcios autonómicos	**Explotación**	**Capital**
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	1.420	29
Fundacións do sector público autonómico	**Explotación**	**Capital**
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	10.743	4.250
Fundación Camilo José Cela	376	
Fundación Museo do Mar	1.102	
Total	13.642	4.279

(Miles de Euros)

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

SECCIÓN 11

I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia ademais de aclarar, ordenar e sistematizar a estrutura do sector público autonómico trouxo consigo a introdución de medidas en orde a súa racionalización e simplificación. É neste marco onde se aproban a estrutura orgánica da Xunta de Galicia por Decreto 59/2023, do 14 de xuño; a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia por Decreto 79/2023, do 22 de xuño; e a estrutura orgánica da Consellería a través do Decreto 124/2022, do 23 de xuño.

De acordo con isto, a Consellería de Política Social e Xuventude estrutúrase nos seguintes órganos:

- Persoa titular da Consellería
- Secretaría Xeral Técnica.
- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.
- Dirección Xeral de Inclusión Social.
- Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.
- Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria
- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
- Xefaturas territoriais

Así mesmo, queda adscrita a esta consellería a Axencia Galega de Servizos Sociais, creada polo Decreto 40/2014, do 20 de marzo.

A Axencia Galega de Servizos Sociais, configúrase como unha entidade pública instrumental pertencente ao tipo de axencias públicas autonómicas, dotada de personalidade xurídica propia a quen se lle encomenda a xestión de servizos públicos en materia de servizos sociais, de acordo co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e no decreto polo que se aproban os seus estatutos. A Axencia Galega de Servizos Sociais está conformada, na actualidade, pola Xerencia e por 28 centros (escolas infantís) e o seu persoal.

Igualmente adscrito, e mentres non se extinga de acordo co punto 3 da Disposición Adicional Segunda do devandito Decreto 40/2014, está o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, entidade de dereito público de carácter interadministrativo constituída pola Xunta de Galicia e os concellos galegos asinantes do convenio de colaboración para a constitución do Consorcio (convenio de data 3 de xullo de 2006, DOG do 7 de xullo de 2006), así como aqueles outros concellos galegos incorporados de acordo co establecido no artigo 33 dos seus estatutos.

I.2. COMPETENCIAS

I.2.1. DA CONSELLERÍA

A estrutura orgánica da Xunta de Galicia establecida no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, está integrada, entre outras, pola Consellería de Política Social e Xuventude.

A Consellería de Política Social e Xuventude de acordo co Decreto 124/2022 do 23 de xuño polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que, ademais de aquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de Autonomía e coa Constitución española, propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar.

Trátase de competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado.

Neste contexto a Consellería de Política Social e Xuventude desenvolve unha serie de proxectos no marco dos eixos da "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión" , "Modernización e dixitalización do sistema educativo, incluída educación de 0 a 3 anos" e "Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado con fondos europeos, coa finalidade de mellorar os equipamentos para coidados de longa duración, modernizar os servizos sociais en particular os referidos a educación 0 a 3 anos e establecer proxectos piloto de innovación en servizos sociais.

O exercicio destas funcións e competencias desenvólvese a través de:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Exercerá as funcións e competencias establecidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación con todas as unidades e servizos dependentes da Consellería de Política Social e Xuventude, así como as que lle atribúa a normativa en vigor e as que lle sexan encomendadas por delegación da persoa titular da Consellería.

En particular exercerá as competencias mencionadas na Orde do 3 de marzo de 2016 sobre delegación de competencias nos órganos de dirección e nos/nas xefes/as das xefaturas territoriais desta Consellería.

A título singular pódense sinalar as seguintes:

- Coordinar, baixo a dirección da persoa titular da Consellería, os programas e actuacións das diferentes direccións xerais e entes do sector público adscritos á Consellería e actuar como órgano de comunicación coas demais Consellerías.
- Dirixir e xestionar os servizos comúns da Consellería e velar pola organización, simplificación e racionalización administrativa, así como polo cumprimento das disposicións legais en materia de igualdade.
- Exercer as funcións relativas ao rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, o réxime de control, inspección, acreditación e sancionador, de ser o caso, así como a súa coordinación cos demais órganos e coas Xefaturas territoriais en aplicación e de conformidade coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia; coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia; coa Lei 3/2011 do 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia; coa Lei 10/2014, do 23 de decembro, de accesibilidade e demais normas de aplicación, sen prexuízo das encomendadas aos órganos da Xunta de Galicia competentes en materia de avaliación e reforma administrativa.
- Dirixir, impulsar, xestionar, planificar, coordinar, controlar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Xuventude en materia de valoración da dependencia e da discapacidade en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro.
- As que lle atribúa a normativa en vigor e as que lle sexan encomendadas por delegación.
- Aquelas outras desenvolvidas polos órganos que constitúen a súa estrutura e que veñen definidas no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

DIRECCIÓN XERAL FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

Correspóndelle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o deseño, a coordinación, a avaliación e a xestión do conxunto das políticas da Consellería de Política Social e Xuventude en materia de familia, infancia e dinamización demográfica.

En relación coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, correspóndelle deseñar, promover e desenvolver políticas públicas de apoio ás familias que contribúan ao seu benestar, de xeito que se garantan a súa protección económica e social e a igualdade de oportunidades para os seus membros, ao tempo que promovan a igualdade de xénero e a solidariedade interxeracional. Correspóndelle igualmente a promoción e defensa dos dereitos das nenas, nenos e adolescentes, así como cantas actuacións de prevención de situacións de risco ou de desamparo lles poidan afectar. Esta garantía de dereitos tamén abrangue ás e aos menores infractores, aplicándoselles a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.

Tamén ten atribuídas as competencias derivadas da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar co obxectivo de que se cree un marco adecuado de convivencia no seo da unidade familiar así como as atribuídas pola Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia para establecer un marco xurídico e financeiro estable e o desenvolvemento de actuacións integrais que garantan unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias. Así mesmo, consolida as políticas de igualdade ao integrar a perspectiva de xénero como panca do desenvolvemento social e económico e elemento tractor do impulso demográfico.

En consecuencia corresponderanlle as seguintes funcións:

- Exercer as políticas autonómicas en materia de acción social de apoio á familia, á infancia e adolescencia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, e na Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.
- Coordinar as políticas autonómicas destinadas a xestionar o cambio demográfico e exercer as dirixidas a favorecer e impulsar o crecemento e a renovación xeracional da poboación galega.
- Promover e adoptar as medidas que aseguren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral como medio para garantir un ambiente favorable para a creación e o libre desenvolvemento das familias.
- Protexer e tutelar as persoas menores en situación de risco ou desamparo e executar as medidas ditadas polos xulgados de menores, nos termos establecidos na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores.
- Elaborar as propostas normativas no ámbito das súas competencias.
- Exercer a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación.
- Elaborar o anteproxecto do orzamento e da memoria de funcionamento do órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.
- Elaborar as estatísticas nas materias da súa competencia.

DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL

Á Dirección Xeral de Inclusión Social, órgano de dirección da Consellería de Política Social e Xuventude, corresponderanlle as seguintes funcións:

- Exercer as políticas autonómicas en materia de servizos sociais, inclusión social e inmigración, segundo o disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

- Impulsar o deseño, a coordinación, a avaliación e a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de benestar social, inclusión social, inmigración e servizos sociais comunitarios de Galicia.
- Elaborar as propostas normativas no ámbito dos servizos sociais, inmigración e inclusión social e para o desenvolvemento normativo da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e na Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Coordinar o funcionamento dos órganos colexiados de asesoramento e participación nas materias de competencia da Dirección Xeral.
- Exercer a potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación.
- Elaborar o anteproxecto do orzamento e a memoria de funcionamento do órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.
- Elaborar as estatísticas nas materias da súa competencia.
- O seguimento da xestión da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas-Funga.
- Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materia da súa competencia.

DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Consonte establece o artigo 21 do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude (DOG núm. 130, do 30 de xuño), a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, configúrase como un órgano de dirección da Consellería de Política Social e Xuventude, ao que lle corresponden as seguintes funcións:

- Planificar, impulsar, coordinar, dirixir, xestionar e supervisar o conxunto das actuacións da Consellería destinadas ao apoio e atención ás persoas con discapacidade, en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, sen prexuízo das que lle correspondan a outros órganos de dirección da Consellería.
- A formulación de propostas relacionadas coas políticas da Consellería nas materias propias da Dirección Xeral.
- A proposta, o impulso, a elaboración das bases, a tramitación dos procedementos de concesión e seguimento das axudas e subvencións baixo o réxime de concorrencia promovidas pola dirección xeral ou a través da concesión directa ás entidades prestadoras de servizos sociais no ámbito da discapacidade.
- A xestión e a coordinación do funcionamento dos órganos colexiados de asesoramento e participación en materia de benestar social, nas competencias asumidas pola Dirección Xeral.
- O exercicio da potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación, cando non estea atribuída a outros órganos da Consellería.

- A elaboración do anteproxecto de orzamento e da memoria de funcionamento da dirección xeral, así como a súa xestión, seguimento e avaliación, e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.
- Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.

Para o desenvolvemento das súas funcións, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade contará cos seguintes órganos:

a) Subdirección Xeral de Recursos e Equipamentos de Apoio á Discapacidade.
b) Subdirección Xeral de Programas de Apoio á Discapacidade.

DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

En base ao novo decreto de estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria corresponderanlle as seguintes funcións:

- Impulsar, planificar, coordinar e avaliar o conxunto das actuacións da Consellería de Política Social e Xuventude en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, entre elas, a ordenación, a planificación, a innovación estratéxica dos recursos sociosanitarios e a coordinación e a avaliación da súa actividade asistencial.
- Planificar as políticas da Dirección Xeral nas materias de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais, así como a iniciativa da proposta normativa nesta materia.
- A coordinación das iniciativas de I+D+i no ámbito das TIC sociais e a supervisión da/das plataforma/s tecnolóxica/s que dean soporte a estas actividades dentro do sistema de servizos sociais, sen prexuízo das que lle correspondan a outros órganos.
- Impulsar iniciativas de humanización e seguridade asistencial nos centros sociosanitarios.
- O fomento e a planificación de actividades de formación continuada nos centros sociosanitarios.
- O impulso da efectividade e da eficiencia nos procesos asistenciais, e a promoción da seguridade, e da calidade e a súa mellora continua.
- O exercicio da potestade sancionadora no ámbito das súas competencias, de conformidade coa normativa de aplicación.
- A elaboración do anteproxecto do orzamento e da memoria de funcionamento correspondente ao órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.
- Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.
- Coordinar a Rede galega de centros sociocomunitarios.

Para o desenvolvemento das súas funcións, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade conta cos seguintes órganos:

a) Subdirección Xeral de Recursos Residenciais e Atención Diúrna de Maiores.
b) Subdirección Xeral de Atención Sociosanitaria e Innovación Asistencial.
c) Subdirección Xeral de Envellecemento Activo, Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria.
d) Centro Galego de Desenvolvemento Integral (Cegadi).

DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO

Á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado corresponderanlle as seguintes funcións:

- A xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil.
- A planificación en materia de xuventude, especialmente a través do Plan estratéxico de xuventude de Galicia, así como a coordinación na elaboración, execución e avaliación das políticas transversais de xuventude.
- O fomento da participación da xuventude na vida social.
- A coordinación e a supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da consellería como as dependentes doutras entidades, e a prestación da asistencia técnica necesaria para dar un servizo de calidade.
- O fomento da mobilidade xuvenil e dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto do Estado e no ámbito internacional.
- A organización e o funcionamento do Instituto da Xuventude de Galicia e, no seo deste, da Escola Galega de Xuventude.
- O seguimento na xestión da Rede galega de información xuvenil e a súa promoción e desenvolvemento, en coordinación cos centros de información da Administración Xeral do Estado e das comunidades autónomas, velando pola prestación dun servizo innovador e de calidade.
- A coordinación das funcións informativas e de documentación dos servizos da Rede galega de información xuvenil e a coordinación dos servizos prestados na Rede galega de centros de xuventude, os Espazo Xove.
- A xestión do rexistro autonómico das entidades xuvenís, nos termos que establece a Lei 6/2012, de xuventude de Galicia, e todas aquelas actuacións que se deriven da aplicación da citada lei.

- A dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, de rexistro, da xestión dos órganos colexiados e todas aquelas actuacións en aplicación da Lei galega 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.
- A elaboración do anteproxecto de orzamento e a memoria de funcionamento correspondente ao órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación
- Impulsar a aplicación da perspectiva de xénero nas materias da súa competencia.

I.2.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

A Axencia Galega de Servizos Sociais, creada polo Decreto 40/2014, do 20 de marzo, é unha entidade pública instrumental pertencente ao tipo de axencias públicas autonómicas, de conformidade coa autorización contida no artigo 34.1 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da dita Lei 16/2010, do 17 de decembro.

Para o cumprimento dos seus fins a Axencia Galega de Servizos Sociais está dotada de personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesouraría propios e autonomía de xestión, e facultada para exercer as potestades administrativas necesarias para o cumprimento do seus obxectivos e funcións no ámbito dos programas correspondentes ás políticas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia nas materias propias da súa competencia, así como respecto de todas aquelas actividades e funcións que correspondan a ela mesma, agás a potestade expropiadora.

Á Axencia Galega de Servizos Sociais, como axencia pública autonómica encoméndaselle, en réxime de descentralización funcional e xestión por obxectivos, a xestión de servizos públicos en materia de servizos sociais, de acordo co previsto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, e no decreto polo que se aproban os seus estatutos.

A Axencia exercerá as seguintes funcións:

- Acadar un aproveitamento óptimo e a racionalización no emprego dos recursos dedicados aos servizos sociais, asegurando o maior nivel de eficacia e eficiencia na xestión e prestación deles.
- Velar pola plena efectividade do principio de responsabilidade pública na prestación dos servizos sociais.
- Xestionar equipos, prestacións económicas, programas e servizos sociais de competencia autonómica.

- Coordinar o exercicio das actuacións públicas e privadas en materia de servizos sociais, promovendo o establecemento de convenios, concertos ou calquera outra fórmula de coordinación ou cooperación que permita unha utilización óptima e racional.

Segundo o apartado 3 da disposición adicional primeira do Decreto 40/2014, do 20 de marzo, a Axencia Galega de Servizos Sociais asumiu, dende a súa posta en funcionamento, as competencias atribuídas en materia de xestión de escolas infantís á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (antiga Dirección Xeral de Familia e Inclusión), subrogándose en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das ditas competencias; sendo na actualidade a única competencia que desenvolve.

I.2.3. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E DE BENESTAR

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ten como misión primordial, segundo o artigo 6º dos seus Estatutos, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, con especial atención na xestión integral das escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, e no ámbito territorial dos municipios que o compoñen, co obxecto de:

- Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente, que contribúa a reforzar a igualdade de oportunidades na utilización da rede social de atención.
- Incrementar de xeito notable a cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións.
- Contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, e calidade de vida persoal, familiar e de grupo. Na mesma liña, prestarase especial atención ás familias que asumen tarefas de atención e coidado.
- Proceder a unha efectiva distribución dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

E neste sentido, no cumprimento dos seus fins o Consorcio exercerá en todo caso, e no ámbito territorial dos entes consorciados, as competencias específicas que se enumeran no artigo 7º dos Estatutos, correspondéndolle, entre outras:

- O estudo das necesidades básicas en materia de servizos sociais de atención en todos os municipios consorciados e a elaboración de cantos plans e proxectos se estimen oportunos para satisfacer as ditas necesidades, así como a investigación e formación do persoal na dita materia;
- O establecemento de directrices xerais de cara a prestación de servizos sociais de ámbito local por parte dos concellos integrantes do Consorcio;
- A determinación e/ou execución en colaboración cos concellos, se é o caso, das obras de construción, reforma e/ou adaptación de instalacións que poidan ser necesarias para a prestación dos servizos;
- A prestación daqueles outros servizos que resulten necesarios para acadar os fins do Consorcio, sempre que os entes consorciados o acorden así expresamente.

I.2.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS (FUNGA)

A Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA) é unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, declarada de interese galego e que ten afectado o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se recollen polo miúdo no artigo 6 dos seus estatutos.

A FUNGA foi constituída no ano 1996 coa denominación de Fundación Galega para a Tutela de Adultos en cumprimento da obriga do goberno autonómico de prestar un apoio persoal, xurídico e patrimonial especializado ás persoas maiores de idade con discapacidade ou incursas nun procedemento de provisión de medidas xudiciais de apoio ás persoas con discapacidade e das que os órganos xudiciais atribuían á Xunta de Galicia o desempeño das diversas medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica. Dende ese momento, a Xunta de Galicia conta, a través da FUNGA, cun ente estable, especializado e con dedicación exclusiva ao cumprimento das citadas funcións mediante o exercicio das medidas de apoio pertinentes.

Dende o seu nacemento, varias foron as adaptacións e modificacións que se levaron a cabo nos estatutos da Fundación, para aumentar as súas competencias (en concreto as vinculadas á dependencia), para especializarse nas medidas de apoio ás persoas con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica, para adaptar os propios estatutos ás distintas normativas que lles afectaban ou para modificar o seu nome ata o actual de Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas. Na actualidade, atópase en tramitación unha nova modificación estatutaria para a adaptación á Lei 8/2021.

Os fins da Fundación serán sempre de interese xeral e teñen como cometido a defensa e apoio das persoas beneficiarias dos servizos prestados pola FUNGA. Na actualidade, tales fins

poden ser agrupados no apoio xurídico, social, persoal e patrimonial dos/as beneficiarios/as a través do exercicio da curadoría (excepcionalmente representativa), da defensa xudicial ou da administración xudicial do patrimonio, nos casos nos que proceda.

Terán a condición de beneficiarias as persoas físicas que reúnan as seguintes condicións:

- Ser maiores de idade.
- Residir na Comunidade Autónoma Galega.
- Ter asignadas xudicialmente medidas de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica ou estar incursas nun proceso de provisión destas medidas xudiciais de apoio.
- Carecer de familia, persoa ou institución que poida desempeñar o apoio determinado no proceso xudicial correspondente ou, existindo, que ningunha delas sexan consideradas idóneas por parte da autoridade xudicial para o desempeño do citado apoio, isto é, que se atopen en situación de desamparo.

Igualmente, poderán ser beneficiarias as persoas que sen estar incluídas nos apartados anteriores precisen recursos de información, orientación, apoio, intervención e asesoramento individual ou comunitario nas materias propias do ámbito da Fundación.

II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN

II.1. DA CONSELLERÍA

Os obxectivos e liñas de acción da Consellería de Política Social e Xuventude artéllanse a través dos órganos seguintes:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

A Secretaría Xeral Técnica, órgano de dirección con relación xerárquica directa co/a conselleiro/a e coordinador dos programas e actuacións das diferentes direccións xerais e entes do sector público adscritos á consellería, ten como principal liña de actuación a de facilitar a consecución dos obxectivos xerais da mesma impulsando dinámicas de colaboración e apoio a eses órganos.

Así mesmo, como responsable da xestión das súas propias unidades administrativas ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións, avaliando e planificando en calquera caso respostas ás novas necesidades que se produzan.

Neste contexto, os principais liñas de acción son:

1. Desenvolver un sistema de coordinación operativo e institucional estable, suxeito aos principios de austeridade e eficacia, favorecendo a consecución dunha maior eficiencia na coordinación interadministrativa así como no deseño dos procedementos. Trátase de facilitar unha mellor realización dos obxectivos das distintas unidades administrativas da consellería para así conseguir optimizar as accións que se levan a cabo ao servizo do administrado.
2. Coordinar a xestión dos distintos servizos e órganos adscritos á consellería, racionalizando e mellorando os procedementos administrativos tanto de xestión propiamente ditos como tamén en materia de réxime interno e persoal.
3. Mellorar a coordinación e impulso da contratación administrativa de toda a consellería.
4. Xestionar o mantemento das dependencias da consellería, así como dar resposta ás necesidades xeradas pola posta en funcionamento de novos espazos, tanto centrais coma periféricos.
5. Introdución da perspectiva de xénero en todas as actividades da consellería.
6. Racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas da consellería, con especial incidencia nos procedementos de xestión de subvencións.
7. Adoptar políticas de racionalización do gasto.
8. Impulsar e coordinar a elaboración do anteproxecto de orzamento da consellería.
9. Coordinación das taxas e prezos públicos dos distintos servizos da consellería.

10. Planificación, desenvolvemento de execución e coordinación coas xefaturas territoriais e co resto dos órganos da consellería, dos investimentos en materia de obras e subministracións, así como da contratación centralizada da consellería en materia de servizos e subministracións susceptibles da mesma.
11. Desenvolvemento das aplicacións estatísticas.
12. Modificación e ampliación da normativa para a acreditación de centros e servizos para persoas maiores e/ou con discapacidade, en consonancia aos estándares de calidade establecidos no marco do Consello Territorial previsto na Lei 39/2006 para autonomía persoal e atención á dependencia.
13. Dirección, impulso, xestión, planificación, coordinación, control e supervisión do conxunto das actuacións da consellería en materia de valoración da dependencia e da discapacidade en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro.
14. Aqueles outros derivados da xestión dos recursos humanos e materiais, a contratación, e outros correspondentes aos servizos comúns desta consellería.
15. Colaboración na execución de fondos FEDER.
16. Coordinación na execución dos proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia.

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

No exercicio das competencias que ten encomendadas trata de acadar os seguintes obxectivos e liñas básicas de acción:

- Coordinar o desenvolvemento dunha acción transversal de gobemo para a xestión do cambio demográfico que aborde os distintos desafíos dun modo transversal e interdisciplinar.
- Dispoñer de recursos de atención á infancia accesibles, sustentables e de calidade en todo o territorio da nosa comunidade.
- Ofrecer a todos os nenos e nenas galegos/as unha educación e coidado de calidade na súa primeira infancia como factor clave para o seu desenvolvemento integral.
- Proporcionar oportunidades e recursos que garanten a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación corresponsable entre a vida persoal, familiar e laboral e un ambiente favorable para a creación e o libre desenvolvemento das familias.
- Avanzar na corresponsabilidade da Administración Pública e das empresas no desenvolvemento da ampliación e consolidación de medidas de conciliación.
- Promover o establecemento de servizos e recursos complementarios de apoio para o coidado dos nenos e nenas.
- Deseñar, promover e desenvolver políticas públicas de apoio ás familias que contribúan ao seu benestar, de xeito que se garantan a súa protección económica e social e a igualdade de

oportunidades para os seus membros, ao tempo que promovan a igualdade de xénero e a solidariedade interxeracional.

- Potenciar a formación de axentes de políticas de convivencia e política familiar, de xeito que se cree un marco adecuado de convivencia no seo da unidade familiar.
- Potenciar os medios, axudas e servizos que atendan a familias en situación de risco social ou de especial debilidade.
- Promover a adopción de medidas normativas no ámbito laboral, fiscal e de seguridade social que contemplen as diversas circunstancias familiares.
- Coordinar as distintas actuacións na atención á infancia de todas as áreas administrativas implicadas, garantindo a plena operatividade do principio de transversalidade e promovendo a inclusión da perspectiva da infancia e de xénero no deseño e execución de políticas públicas.
- Apoiar e fomentar a colaboración de todos os sectores e, en particular, das corporacións locais e do terceiro sector, na garantía dos dereitos dos nenos e nenas.
- Sensibilizar e concienciar a sociedade galega acerca da responsabilidade compartida no respecto e promoción dos dereitos dos nenos e nenas, no fomento do bo trato á infancia e na loita contra as situacións de risco e desprotección.
- Acadar a coordinación efectiva de todas as administracións públicas e entidades da sociedade civil na prestación de servizos e atención ás necesidades da infancia.
- Potenciar as actuacións tanto de tipo preventivo como de intervención integral ante situacións de desprotección, de xeito que se acade a efectiva atención e protección dos nenos, nenas e adolescentes no seo das súas propias familias e no seu contorno comunitario.
- Promover a inclusión social das e dos menores infractores mediante o desenvolvemento de programas de intervención integral.
- Promover a inserción social e laboral dos mozos e mozas infractores ou que, sendo menores de idade, se beneficiaron de medidas de protección, evitando a consolidación da situación de dependencia dos servizos sociais.
- Responsabilizar os/as menores que cometeran delitos ou faltas a través da aplicación de medidas educativas e socializadoras que se poidan desenvolver tanto no seu contorno natural como nun centro axeitado ao réxime acordado en sede xudicial.

A partir destas liñas xenéricas as actividades que se van realizar son as seguintes:

- Posta en marcha das actuacións da súa competencia previstas na Lei de impulso demográfico de Galicia.
- Participación en foros nacionais e internacionais co obxectivo de situar a cuestión demográfica na axenda política nacional e europea.
- Impulso e consolidación do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica e do Observatorio Galego da Familia e Infancia.
- Apoio económico ás familias nas que se produce o nacemento ou adopción dun neno ou dunha nena mediante a Tarxeta Benvida.

- Creación de recursos de atención á infancia e desenvolvemento de programas de mellora da súa calidade.
- Investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI).
- Consolidación da gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos para todos os nenos e nenas.
- Atención das necesidades de conciliación, así como a contribución á revitalización demográfica e cohesión territorial a través de concesión de axudas para a posta en marcha das Casas Niño.
- Atención das necesidades puntuais de conciliación e períodos de vacacións escolares a través do programa Bono Concilia Familia.
- Desenvolvemento normativo da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- Desenvolvemento normativo da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de Impulso Demográfico de Galicia.
- Adaptación da normativa autonómica ás leis estatais de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.
- Elaboración dun plan de apoio ás familias numerosas.
- Elaboración dun plan de apoio ás familias monoparentais.
- Creación do Rexistro de acreditación de familias monoparentais.
- Mantemento do rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e desenvolvemento dos programas de mediación familiar, especialmente a través dos Gabinetes de Orientación Familiar.
- A execución e coordinación de programas de apoio ás familias en situación de risco, risco prenatal, así como aos e ás menores en situación de desprotección.
- Impulso do acollemento familiar de menores en situación de risco ou desamparo.
- Planificación, xestión, coordinación e mellora da rede de centros residenciais e de atención de día para menores en situación de risco ou desamparo e o desenvolvemento de programas de calidade naqueles.
- Xestión e mellora do procedemento adoptivo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Execución de programas de inclusión sociolaboral dirixidos a menores ou mozos/as en risco de exclusión social.
- Exercicio das accións civís ou penais que resulten procedentes en defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia.
- Implantación de programas e actuacións que, coordinadas coas doutros departamentos e administracións, favorezan a diminución da delincuencia xuvenil en Galicia.
- Execución e coordinación das medidas xudiciais previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores a través de centros e programas de intervención individual.

- Realización de campañas de sensibilización e cursos de formación, seminarios, xornadas sobre temas de competencia da dirección xeral.
- Xestión da tramitación dos títulos de familia numerosa e mellora do seu ámbito de aplicación na comunidade autónoma a través de medidas de implicación e concienciación de axentes públicos e privados.
- Desenvolvemento da Estratexia Galega para a infancia e Adolescencia (EGIA), como instrumento de planificación das políticas da Xunta de Galicia dirixidas ao conxunto de nenas, nenos e adolescentes que residen na comunidade autónoma.
- Garantir o interese superior do menor, dispoñendo recursos técnicos, humanos e materiais para unha adecuada atención das nenas, nenos e adolescentes adaptados ás necesidades dos nenos, nenas e adolescentes migrantes non acompañados (NNAMNA).
- Ampliar a rede de puntos de encontro familiar, para asegurar unha mellor resposta ás necesidades dos usuarios.
- Xestionar a asignación orzamentaria do 0,7 do IRPF para financiar programas que comprenden actuacións en materia de prevención, protección e fomento dos dereitos da infancia, así como actuacións de apoio ás familias e conciliación.

DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL

As principais liñas de acción a desenvolver por esta dirección xeral son:

1. Manter a cobertura e a capacidade de resposta da rede de servizos sociais comunitarios prestados polas corporacións locais, de maneira coordinada coa administración Autonómica, de acordo coa distribución de funcións e competencias establecida para o Sistema Galego de Servizos Sociais na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, así como a accesibilidade universal en todo o territorio galego ás prestacións básicas dos servizos sociais.
2. Coordinar os servizos sociais de titularidade pública cos que prestan as entidades de iniciativa social apoiadas con fondos públicos nas áreas de atención social comunitaria e inclusión social, e en favor da poboación inmigrante, coa finalidade de atender de forma coordinada e global ás novas e emerxentes necesidades sociais derivadas da pasada crise económica, para o máximo rendemento dos recursos dispoñibles e a prestación duns servizos de calidade que eviten os desequilibrios territoriais e estimulen a cultura de participación da sociedade e das propias persoas afectadas como elemento esencial na provisión dos servizos sociais, incluíndo a xestión do financiamento de programas de interese xeral para fins de carácter social con cargo a asignación orzamentaria do 0,7 % do IRPF como un elemento de reforzo das entidades de iniciativa social no ámbito da inclusión social.
3. Garantirlles, a través da RISGA e mais os seus complementos, uns recursos económicos de subsistencia ás persoas tecnicamente valoradas en situación ou risco de exclusión social de conformidade co establecido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, e no Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27

de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social, mellorando a configuración dos incentivos á inclusión activa das persoas perceptoras de RISGA e do ingreso mínimo vital (IMV).

4. Atender as necesidades básicas das persoas en situación de pobreza, vulnerabilidade ou exclusión social.
5. Posibilitar, a través do desenvolvemento de proxectos personalizados de inclusión sociolaboral, o apoio sociofamiliar e unha saída laboral ás persoas que estean en risco ou situación de exclusión social, con independencia de que sexan ou non perceptoras da RISGA.
6. Coordinar os distintos departamentos da administración autonómica para garantir a abordaxe integral dos procesos de exclusión.

Particularmente as actuacións que se van desenvolver son as seguintes:

- Apoio económico e técnico á rede básica de servizos sociais comunitarios das corporacións locais, para que poidan exercitar ás súas competencias e cumprir coas súas obrigas consonte a normativa vixente.
- Apoio económico para o mantemento dunha rede de iniciativa social de centros de inclusión e emerxencia social (albergues, comedores, centros de día, centros de acollida e inclusión, etc.).
- Apoio á promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e de inclusión social xestionados polas entidades de iniciativa social e as corporacións locais.
- Potenciación e Mellora da coordinación coas corporacións locais nos ámbitos de competencia desta dirección xeral.
- Mantemento no territorio dos equipos de inclusión sociolaboral para mellorar o acceso aos recursos de inclusión e garantir unha actuación coordinada ante as situacións de vulnerabilidade.
- Mellora das ferramentas técnicas, dos sistemas de información e dos programas destinados a profesionais e persoas usuarias dos servizos sociais.
- Atención das solicitudes de incorporación á Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA), así como das de Axudas de Inclusión Social (AIS).
- Melloras na tramitación e cobertura protectora da RISGA e as AIS, consonte o previsto o Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.
- Mellora da configuración dos incentivos á inclusión activa das persoas perceptoras de RISGA e do ingreso mínimo vital (IMV).
- Fomento das intervencións preventivas e inclusivas con grupos sociais con alto risco de exclusión social e en situación de pobreza severa (sen teito, barrios degradados, poboación afectada por exclusión territorial, etc.), tendo en conta, a través de entidades

especializadas do terceiro sector de acción social e dos servizos sociais comunitarios municipais.

- O 01/10/2023 comezará un novo programa de asesoramento e intervención a familias en risco de perder a súa vivenda habitual.
- Implementación das actuacións integrais previstas na Estratexia de Inclusión Social de Galicia, na Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia (actualmente en proceso de actualización) e mais no Plan de atención ás persoas sen fogar, destacando o perfeccionamento das liñas de acción e medidas comprendidas na Axenda Social Única de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

1. Dentro do ámbito de atención á discapacidade:

Este orzamento dunha banda consolidará a atención ás persoas con discapacidade na procura dunha atención integral e doutra banda dotará dun novo impulso as súas políticas de atención.

A este fin, establécense os seguintes obxectivos:

- Mellora dos medios materiais e técnicos precisos para a xestión dos procedementos establecidos, especialmente desenvolvendo escenarios de tramitación electrónica e interoperabilidade con outros sistemas.
- Impulsar o emprego das novas tecnoloxías e a diversificación dos servizos e actuacións ofertadas destinadas á atención das persoas dependentes con discapacidade e ao apoio dos seus coidadores co obxecto de fomentar a permanencia nos seus domicilios e a mellora da súa calidade de vida.
- Planificación de recursos para atención á discapacidade e promoción da autonomía, fomentando actuacións de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais.
- Coordinación, racionalización e optimización dos recursos existentes.
- Xestión das prazas nos centros e servizos públicos de atención as persoas con discapacidade titularidade da Consellería ou financiadas por estas a través da concertación social co obxecto de incrementar a transparencia e concorrencia na prestación destes servizos
- Apoio material e técnico aos centros de persoas con discapacidade así como coordinación dos equipamentos necesarios.
- Dotación de medidas de reforzo para a atención ás persoas con discapacidade cun maior grao de vulnerabilidade.

As actuacións a desenvolver para facer efectivas as anteriores coberturas son as seguintes:

- Evolución dos medios tecnolóxicos e telemáticos actuais para a mellora da xestión administrativa, procurando unha resposta áxil na tramitación administrativa e na resposta ao cidadán.

- Potenciar os servizos destinados a apoiar a permanencia das persoas con discapacidade en situación de dependencia no seu fogar a través de recursos de proximidade implementando actuacións de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais .
- Actuacións de mellora tecnolóxica en centros de titularidade e xestión propia da Xunta de Galicia, destinados a atender persoas con discapacidade.
- Dotación de servizos sociais de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas con discapacidade en Galicia.
- Implementación de servizos específicos por tipoloxías de discapacidade: física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista e enfermidade mental.

2. Dentro do ámbito da prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal:

   Os servizos de promoción da autonomía persoal teñen por finalidade desenvolver e manter a capacidade persoal de control, afrontar e tomar decisións a cerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias, e facilitar a execución das actividades da vida diaria.

   Establécense os seguintes obxectivos:

   - Desenvolvemento da estratexia en materia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, procurando un salto cualitativo nas actuais políticas dende sistemas asistenciais, terapéuticos e de rehabilitación cara á prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, buscando novas sinerxías a través da coordinación e cooperación e fomentando a creación de novos programas, servizos e actuacións neste eido.
   - Consolidación dos programas e servizos que teñan acreditada a súa eficacia como instrumentos de integración social, de promoción da autonomía persoal e de mellora da calidade de vida dos colectivos integrados polas persoas con discapacidade.
   - Fortalecemento dos servizos e programas que posibiliten e favorezan a permanencia das persoas con discapacidade no contorno familiar e social, onde desenvolven a súa vida, con especial atención ás que viven en áreas rurais diseminadas e as que viven soas, e que faciliten, a través dos medios de apoio axeitados, a promoción da súa autonomía persoal.
   - Impulsar o desenvolvemento de políticas que favorezan a vida independente para as persoas con discapacidade como garantía de igualdade efectiva e integración social implementando actuacións de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais.
   - Promover a coordinación cos demais departamentos da Xunta de Galicia e con outras institucións públicas e privadas que teñan competencias ou desenvolvan actuacións nos ámbitos e atención ás persoas con discapacidade, .
   - Impulsar o desenvolvemento das actuacións destinadas á potenciación e mellora dos servizos de autonomía persoal dirixidos ás persoas con discapacidade.
   - Desenvolvemento dos servizos de prevención e promoción da autonomía persoal, da carteira de servizos sociais da atención ás persoas con discapacidade en situación de

dependencia en Galicia, fomentando a colaboración e a implicación das entidades locais como axentes implicados na promoción das políticas de promoción da autonomía persoal.

Actuacións a desenvolver coa finalidade de facer efectivos os anteditos obxectivos:

- Ampliar na comunidade autónoma os servizos vinculados á aplicación das novas tecnoloxías que favorezan a permanencia dos colectivos máis vulnerables no fogar.
- Promover os servizos de atención ás persoas con discapacidade, e promover a difusión dos distintos programas e servizos de carácter público destinados a elas.
- Desenvolvemento de estudos, protocolos e demais instrumentos de favorezan a actuación coordinada dos diversos axentes que interveñan nun mesmo ámbito de atención ás persoas con discapacidade.
- Promover o desenvolvemento de programas de atención específicos destinados aos distintos colectivos de persoas con discapacidade en función da tipoloxía desta, a través das distintas federacións en que se agrupan, apoiando o tecido asociativo e federativo destinado á atención das persoas con discapacidade.
- Mellorar a eficacia na atención ás persoas con discapacidade a través da modernización e mellora dos procedementos administrativos existentes.
- Impulsar a colaboración con concellos e universidades.
- Impulsar a consolidación e extensión da Rede galega de atención temperá.
- Mellorar a formación do persoal das entidades do terceiro sector en materia de accesibilidade universal.
- Mellorar o acceso aos servizos de promoción da autonomía persoal que permita ás persoas con discapacidade asumir este tipo de servizos a través do establecemento dun sistema de axudas que lles facilite acceder dun xeito máis rápido e polo tanto acadar así un maior éxito da intervención.
- Articular novos modelos de intervención social eficientes, integradores e accesibles que permitan consolidar unha densa rede de apoio de atención ás persoas con discapacidade.

Partindo dos obxectivos anteditos, as grandes liñas de acción para o exercicio orzamentario 2024 son as seguintes:

a) Mellorar a eficiencia do gasto público, focalizando como indicadores as persoas destinatarias das políticas sociais e aproveitando de xeito coordinado as actuacións das diferentes administracións públicas e as entidades privadas.

b) Incremento da utilización das tecnoloxías da información e comunicación (TICs) para mellora da eficacia e eficiencia na atención ás persoas con discapacidade.

c) Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos contornos, espazos, bens, produtos e servizos .

d) Mellorar a calidade e capacidade de atención dos servizos e recursos da Rede galega de atención temperá.

e) Desenvolver proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia que fagan máis resilientes as economías e as preparen para afrontar o futuro con máis fortaleza.

DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

1. Dentro do ámbito de Recursos Residenciais e Atención Diúrna de Maiores, establécense os seguintes obxectivos:
   - Coordinar e supervisar os equipamentos e servizos, residenciais e de atención diúrna, do ámbito competencial da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria; a elaboración da proposta do catálogo de servizos e medidas de planificación; a programación, a coordinación e o control dos programas, servizos e equipamentos, tanto comúns como do nivel de actuación especializada para as persoas maiores, sen prexuízo das que lle correspondan a outros órganos da Consellería.
   - Deseñar e pór en marcha programas e actividades dirixidas a persoas maiores.
   - Colaborar cos órganos responsables de autorización e inspección de servizos sociais no control dos requisitos de acreditación en materia de atención ás persoas maiores, que garantan a calidade da dita atención.
   - A proposta da regulación do sistema de acceso e admisión nos centros e servizos para as persoas maiores, e a súa execución.
   - Preparar o anteproxecto do orzamento e a memoria de funcionamento da Dirección Xeral, con base nas propostas de gastos elaboradas polos distintos órganos e unidades da dita dirección xeral, así como o control e o seguimento da súa xestión e execución.
   - Preparar propostas normativas relativas a taxas, prezos públicos e demais ingresos en relación con actividades ou servizos competencia da Dirección Xeral, así como o seguimento da xestión e recadación dos existentes, sen prexuízo das competencias que lle correspondan á consellería competente en materia de facenda.
   - Coordinar a xestión económica da Dirección Xeral, sen prexuízo da que lle corresponda á Secretaria Xeral Técnica.
   - A xestión e o control de fondos finalistas, así como a elaboración das propostas necesarias para a tramitación dos expedientes correspondentes ás súas modificacións.
2. Dentro do ámbito da Atención Sociosanitaria e Innovación Asistencial establécense os seguintes obxectivos:
   - Planificar e dimensionar as estruturas, os recursos e as tecnoloxías desde o punto de vista asistencial.
   - Supervisar os plans directores e funcionais dos centros sociosanitarios e facer o seguimento da implantación de novos recursos, técnicas e procedementos.
   - Xestionar as estratexias de innovación destinadas a mellorar a prestación asistencial.

- Impulsar a cooperación e a coordinación efectiva cos órganos ou unidades da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competentes en materia de sanidade de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias.
- O desenvolvemento e a coordinación de sistemas de avaliación de tecnoloxías e programas de servizos sociais.
- A planificación, a coordinación, a execución e o seguimento das competencias e funcións da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria nas materias de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais, especialmente orientados á promoción da autonomía persoal e mellora da calidade de vida das persoas maiores, así como a iniciativa da proposta normativa nesta materia.
- A coordinación, o impulso e a xestión das iniciativas de I+D+i no ámbito das TIC sociais e a supervisión da/das plataforma/s tecnolóxica/s que dean soporte a estas actividades dentro do sistema de servizos sociais, en coordinación cos órganos competentes na materia.
- A planificación estratéxica, o deseño, a adquisición, a implantación, a formación, o soporte, a normalización e o mantemento dos sistemas de información de servizos sociais e a plataforma e servizos TIC que os sustentan.
- Impulsar o sistema de xestión da calidade nos servizos sociosanitarios sen prexuízo das funcións que lle corresponda a outros órganos da Consellería.
- A posta en marcha de proxectos de humanización no contorno dos servizos sociais.
- Implantar as estratexias de seguridade dos residentes dos centros sociosanitarios.
- O fomento e a planificación de actividades de formación continuada nos centros sociosanitarios.

3. Dentro do ámbito do Envellecemento Activo e Prevención da Dependencia e Innovación Sociosanitaria:
   - Desenvolvemento da estratexia en materia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, procurando un salto cualitativo nas actuais políticas dende sistemas asistenciais, terapéuticos e de rehabilitación cara a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, buscando novas sinerxías a través da coordinación e cooperación e fomentando a creación de novos programas, servizos e actuacións neste eido.
   - Desenvolvemento da Estratexia galega de envellecemento activo dende a innovación 2016-2020.
   - Desenvolvemento da Estratexia galega de Soidade non desexada.
   - Consolidación dos programas e servizos que teñan acreditada a súa eficacia como instrumentos de integración social, de promoción da autonomía persoal e de mellora da calidade de vida dos colectivos integrados polas persoas maiores.
   - Fortalecemento dos servizos e programas que posibiliten e favorezan a permanencia tanto da persoa maior no contorno familiar e social, onde desenvolve a súa vida, con especial atención aos que viven en áreas rurais diseminadas e as persoas maiores que

viven soas, e que faciliten, a través dos medios de apoio axeitados, a promoción da súa autonomía persoal.

- Promover a coordinación cos demais departamentos da Xunta de Galicia e con outras institucións públicas e privadas que teñan competencias ou desenvolvan actuacións nos ámbitos e atención ás persoas maiores.
- Impulsar o desenvolvemento das actuacións destinadas respectivamente á "Mellora dos servizos e infraestruturas que faciliten a permanencia no fogar das persoas maiores en situación de dependencia" e á "Potenciación e mellora dos servizos de Autonomía Persoal".
- Desenvolvemento dos servizos de prevención e promoción da autonomía persoal, da carteira de servizos sociais da atención ás persoas dependentes en Galicia, e fomentando a colaboración e a implicación das entidades locais como axentes implicados na promoción das políticas de envellecemento activo.

Actuacións a desenvolver coa finalidade de facer efectivos os anteditos obxectivos:

- Impulsar o desenvolvemento de políticas de envellecemento activo como forma de prevención de situacións de dependencia, xerando espazos nos que os maiores poidan desenvolver as súas capacidades e favorezan a súa socialización, e procurando a implicación das entidades locais neste obxectivo.
- Ampliar na comunidade autónoma os servizos vinculados a aplicación das novas tecnoloxías que favorezan a permanencia dos colectivos máis vulnerables no fogar.
- Mantemento dos programas de acollemento e potenciación do servizo de estancias temporais.
- Potenciar o programa de carácter integrador, preventivo e asistencial destinado á promoción, recuperación e/ou mantemento da autonomía das persoas maiores como recurso de promoción da autonomía persoal, aos efectos de favorecer a permanencia das persoas en situación de dependencia na súa contorna, no caso de que non existan na mesma recursos de atención diúrna, e fomentar a prevención das situacións de dependencia en persoas maiores que aínda gozan de autonomía, paliando así mesmo situacións de illamento social.
- Promover os servizos de atención as persoas maiores, e promover a difusión dos distintos programas e servizos de carácter público destinados a eles.
- Continuar na implantación a nivel autonómico do novo servizo de teleasistencia avanzada incluído na carteira de servizos sociais para contribuír a mellorar a calidade de vida e a promoción da autonomía persoal das persoas maiores así como daquelas que se atopen en situación de dependencia.
- Promover liñas de acción para avanzar na mellora da conciliación das familias galegas e no apoio ás persoas coidadoras das persoas en situación de dependencia a través de distintos programas de respiro que favorezan a prestación de servizos de atención e coidado no propio domicilio así como a financiación de estancias temporais en centros residenciais da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Desenvolvemento de estudios, protocolos e demais instrumentos que favorezan a actuación coordinada dos diversos axentes que interveñan nun mesmo ámbito de atención ás persoas maiores.
- Promover o desenvolvemento de programas de atención específicos destinados ás persoas maiores que viven soas, tanto dirixidos a que poidan permanecer residindo no seu fogar de forma segura e independente así como o desenvolvemento de programas de acompañamento.
- Fomentar o envellecemento activo das persoas maiores a través da promoción e desenvolvemento de programas, tanto propios como en colaboración coas entidades locais así como tamén coas universidades e outras entidades.
- Mellorar a eficacia na atención aos colectivos indicados a través da modernización e mellora dos procedementos administrativos existentes.
- Mellorar a formación do persoal das entidades do terceiro sector en materia de accesibilidade universal.
- Articular novos modelos de intervención social eficientes, integradores e accesibles que permitan consolidar unha densa rede de apoio de atención ás persoas.

Partindo dos obxectivos anteditos, as grandes liñas de acción para o exercicio orzamentario 2024 son as seguintes:

- Mellorar a eficiencia do gasto público, focalizando como indicadores as persoas destinatarias das políticas sociais e aproveitando de xeito coordinado as actuacións das diferentes administracións públicas e as entidades privadas.
- Incremento da utilización das tecnoloxías da información e comunicación (TICs) para mellora da eficacia e eficiencia na atención aos usuarios.
- Potenciar a rede de recursos de proximidade e de promoción da autonomía persoal para abordar a atención das persoas recoñecidas en grao I.
- Mellorar o acceso aos recursos dos servizos sociais e asistenciais de proximidade destinados ás persoas maiores, especialmente a aquelas que vivan no rural cara a mellorar a súa calidade de vida.
- Promover a coordinación socio-sanitaria na área da dependencia e discapacidade en colaboración cos distintos órganos do sistema de saúde.
- Impulsar o servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia a través das entidades locais de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO

As liñas de acción a seguir pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para o ano 2024 son as seguintes:

- Desenvolver as accións contempladas no novo Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia, instrumento que establecerá o marco de actuación plurianual nas políticas de xuventude.
- Contar cunha normativa actualizada no eido da información xuvenil, das instalacións xuvenís, das actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil e da formación neste ámbito.
- Apoiar e desenvolver programas que reforcen a empregabilidade e as competencias profesionais dos/as mozos/as, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias, destrezas e habilidades desde o ámbito da educación non formal.
- Consolidar un ecosistema de colaboración entre os ámbitos educativo (universidades, centros de formación profesional...), da administración pública e empresarial que, baixo unha idea de traballo en rede, fomenten a mentorizaxe e o apoio á retención de talento en Galicia.
- Favorecer que a mocidade poida realizar estadías formativas en empresas de sectores estratéxicos de Galicia para ampliar as súas oportunidades de inserción laboral.
- Fomentar espazos nos que a mocidade desenvolva a capacidade de dialogar e debater arredor de temas do seu interese para medrar así no emprego de ferramentas democráticas.
- Fomentar a posta en valor do Talento Mozo da nosa comunidade autónoma a través de iniciativas que premien e distingan traxectorias vitais excelentes e/ou sobresaíntes dos mozos e mozas galegos en distintos ámbitos, e favorecer tamén a súa difusión.
- Promover a integración no mercado de traballo das persoas mozas, facilitándolles a obtención do permiso de condución como recurso de mobilidade vinculado ao seu acceso a un posto de traballo.
- Achegar á mocidade actividades que ofrezan alternativas para un tempo libre educativo, formativo e responsable ao longo de todo o ano. Neste sentido, procurarase consolidar programas desenvoltos como Primavera Xove, Outono Xove e similares.
- Poñer en marcha outras experiencias de participación en programas para a adquisición de habilidades e coñecementos que axuden a completar o desenvolvemento persoal e futura formación profesional dos mozos e mozas galegos.
- Apoiar e asesorar as accións de mobilidade xuvenil e intercambios con outras Comunidades Autónomas e con outros países
- Potenciar e ampliar as vantaxes e beneficios para a mocidade galega derivados do programa Carné Xove, toda vez que xa se ten facilitado a súa obtención e uso entre a mocidade ao ser enviado de xeito gratuíto a todos os mozos e mozas de entre 12 a 30 anos, facilitando tamén o seu emprego a través da posta en marcha do carné dixital e dunha APP específica.
- Continuar impulsando un plan de formación anual para a mocidade e para o persoal técnico que traballa con ela en distintos ámbitos, adaptando as opcións formativas aos canais dixitais.
- Reforzar a comunicación, información e asesoramento á xuventude naqueles ámbitos que lle son de interese a través, entre outros mecanismos, da Oficia virtual de asesoramento e orientación para a xuventude.

- Seguir promovendo novas estratexias para impulsar a participación xuvenil, tanto formal como informal, co fin de coñecer as inquietudes e demandas da xente moza para así artellar novas medidas e programas que dean resposta aos retos vindeiros.
- Fomentar no conxunto da xuventude a mentalidade emprendedora, o seu espírito de liderado, o desenvolvemento das súas capacidades creativas, a innovación e as expresións culturais e artísticas, entre outros.
- Facilitar a adquisición dos certificados de educación non formal en materia de xuventude para a súa posterior inclusión no currículo.
- Seguir traballando na mellora dos espazos xuvenís para convertelos en referentes para a mocidade galega.
- Mostrar á sociedade a realidade cuantitativa e cualitativa da acción voluntaria en Galicia e a importancia da implicación das persoas voluntarias no desenvolvemento do progreso social.
- Fortalecer e optimizar as diferentes áreas de actuación da acción voluntaria, no marco sociosanitario, social, ambiental, tecnolóxico, cultural e educativo e de promoción do medio rural, en colaboración e coordinación cos departamentos da Xunta que teñan atribuídas as competencias específicas nas distintas materias.
- Consolidar o Plan de Formación nas distintas áreas de actuación e campos de coñecemento da acción voluntaria, con especial énfase naqueles eidos que demanden maior compromiso social e de mellora asistencial comunitaria.
- Reforzo de programas orientados a colaborar e apoiar a sectores sociais máis sensibles e vulnerables como incentivo e soporte holístico da realidade social existente neste momento.
- Desenvolvemento da nova Estratexia de Acción Voluntaria para os vindeiros anos consonte cos principios a acadar polo Plan Estratéxico de Galicia.
- Seguir impulsando o recoñecemento e traxectoria a nivel individual e colectiva da acción voluntaria, así como daqueles proxectos innovadores nas diferentes áreas sociais mediante a consolidación dos Premios Galicia de Acción Voluntaria.
- Impulsar programas de voluntariado que promovan habilidades e aptitudes na adquisición de experiencias, destrezas e hábitos que faciliten afrontar futuros retos vitais e sociais.
- Fomentar a participación social e as accións de voluntariado que permitan implementar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) no avance da xustiza social e nun horizonte medioambiental sostible.
- Desenvolver as accións de voluntariado orientadas ao recoñecemento do Camiño de Santiago como elemento patrimonial e cultural de transcendental importancia na nosa sociedade.
- Consolidar as diferentes liñas de axuda a entidades de acción voluntaria en materia de voluntariado xuvenil, voluntariado sénior e para entidades sociais orientadas ao recoñecemento social da labor das entidades de acción voluntaria e das persoas voluntarias.
- Incidir na certificación das experiencias voluntarias das persoas voluntarias e no seu valor como documento acreditativo de educación non formal.

- Impulsar o voluntariado social en centros residenciais de maiores poñendo o foco na atención centrada na persoa en función das súas circunstancias e necesidades vitais inmediatas.
- Consolidar o voluntariado ambiental interxeracional como elemento revitalizador e de reforzo da conciencia medioambiental, de intercambio e ampliación de coñecementos e de visibilización do noso rico patrimonio a través da mirada de diferentes xeracións.
- Consolidación da colaboración coas tres universidades públicas galegas no marco da realización de convenios de colaboración para o recoñecemento de créditos aos seus estudantes pola participación en proxectos de voluntariado.

II.2. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS

Ao abeiro do Decreto 40/2014 do 20 de marzo, polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus estatutos e no exercicio das competencias que ten encomendadas trata de acadar os seguintes obxectivos e liñas básicas de acción en materia de escolas infantís:

- Mellorar os servizos educativos e de apoio á infancia, asumindo o carácter da etapa infantil como unha etapa educativa vital e un alto nivel de calidade mediante o desenvolvemento de actuacións que incidan na mellora pedagóxica de educación infantil 0-3; así como impulsar políticas que promovan a corresponsabilidade na vida laboral e familiar.
- Promover o establecemento de servizos complementarios de apoio ao coidado dos nenos e nenas.

Tendo en conta o exposto e a partir destas liñas xenéricas, as actividades a realizar pola Axencia Galega de Servizos Sociais irán encamiñadas a lograr un aproveitamento óptimo dos recursos dedicados ás escolas infantís para a consecución dunha mellor eficacia e eficiencia do servizo, levando a cabo actividades que supoñan a participación dos usuarios e promovendo a potenciación de boas prácticas, con programas de apoio á innovación e accións que melloren a accesibilidade; prestando tamén atención aos horarios para facilitar a conciliación.

A implantación da gratuidade que facilitará en maior medida as medidas de conciliación. Por outra banda seguiranse acometendo reparacións e melloras, tratando de seguir a liña de investimento do ano para seguir mellorando espazos e investir en eficiencia enerxética, o que irá en beneficio das e dos nenos, así como do persoal da Escolas Infantís.

A Axencia está a desenvolver unha experiencia de alimentación de proximidade e ecolóxica, incidindo nunha alimentación saudable e traballando no impacto da pegada ecolóxica. Debemos avanzar na formación das traballadoras e traballadores neste e noutros ámbitos da Educa-

ción Infantil, sendo obxectivo prioritario un Proxecto Educativo unificado para todos os Centros dependentes da Axencia Galega de Servizos Sociais, respectando a idiosincrasia de cada centro.

II.3. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ten como obxectivo o desenvolvemento dunha rede de servizos sociais homoxénea e de calidade na comunidade autónoma a través da participación na dirección e xestión dos servizos no ámbito territorial dos entes consorciados. As principais liñas de acción do Consorcio Galego podemos desagregalas nas seguintes:

- Centro de Atención a Persoas maiores "CAPM".
- Rede Galega de Escolas Infantís "A galiña azul".
- Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014 – 2020.
- Centros Quérote + .
- Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero na cidade de Vigo.

No terreo dos maiores, o principal ámbito de actuación do Consorcio segue a ser o crecemento e o mantemento da Rede Pública de Centros de Atención ás Persoas Maiores. Neste sentido os centros de día do Consorcio veñen definidos como centros xerontolóxicos de alcance social e terapéutico e de apoio ás familias, que prestan atención diúrna ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no entorno habitual. Xunto cos centros, o programa de comida a domicilio Xantar na Casa facilita o benestar e a atención social a persoas maiores, dependentes ou en risco de exclusión, facilitando e garantindo unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás súas necesidades.

Por outra banda, o Consorcio participa da xestión da Rede Galega de Escolas Infantís "A Galiña Azul", un proxecto educativo de calidade para nenos de entre tres meses e tres anos que ten por obxecto, dende a tolerancia e o respecto, permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega.

Outro dos ámbitos de actuación dentro do Consorcio é a loita contra a pobreza e a exclusión social a través da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014 - 2020. Nesta actuación traballan 18 equipos nas diferentes oficinas de inclusión repartidas polo territorio e dous equipos máis nos programas "Nelson Mandela" nos Centros Penitenciarios de Teixeiro e A Lama, todos eles baixo a coordinación do persoal dos servizos centrais do Consorcio en Santiago de Compostela.

A atención á xuventude ten tamén cabida no Consorcio, a través da xestión dos Centros Quérote + nos que se está a desenvolver o programa de asesoramento e de carácter informativo aos mozos e mozas posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado .

Por último, o Consorcio xestiona tamén o Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero na cidade de Vigo, que, integrado na Rede Galega de Acollemento dependente da Secretaría Xeral da Igualdade, ofrece acollemento de urxencia e atención psicolóxica a mulleres vítimas de violencia de xénero.

II.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS (FUNGA)

Dende a creación da Fundación no ano 1996, o número de beneficiarios e beneficiarias dos servizos prestados pola Funga foi aumentando de maneira constante, sendo a previsión actual que tal tendencia se manteña nos vindeiros anos. A base fundamental de tal previsión é o progresivo envellecemento da poboación galega así como o incremento do número de persoas diagnosticadas de enfermidades mentais. A estas circunstancias cómpre tamén engadir un elevado número de persoas afectadas por diversas patoloxías relacionadas co consumo de drogas ou o abuso do alcol. Todo isto acompañado do desarraigo familiar existente na nosa sociedade en relación con este sector da poboación, motivado en moitos casos polas dificultades que lles entraña ás familias a atención das persoas con este tipo de padecementos.

A través do seguinte cadro exponse de xeito gráfico a evolución nos últimos anos:

FUNCIÓNS TUTELARES	31 DEC 2018	31 DEC 2019	31 DEC 2020	31 DEC 2021	31 DEC 2022
CURADORÍAS REPRESENTATIVAS	1844	1946	1927	2006	2091
CURADORÍAS ASISTENCIAIS	369	416	443	504	510
DEFENSAS XUDICIAIS	891	891	406	411	418
ADM. BENS	40	37	51	45	39
PRETUTELAS	181	84	46	51	56
FALECIDOS	158	188	211	246	234
BAIXAS	136	288	560	314	114
TOTAL	**3619**	**3850**	**3644**	**3577**	**3462**

Tal e como se dixo anteriormente, a FUNGA prevé que esta tendencia se estabilice. Polo tanto, recoméndase continuar traballando na mesma liña seguida ata o de agora, consistente na especialización e enfoque das actuacións da FUNGA ao cumprimento das responsabilidades derivadas do exercicio dos apoios para o exercicio da capacidade xurídica ás persoas con disca-

pacidade determinados nos procedementos xudiciais de provisión pertinentes. Tal liña de actuación, herdada da modificación estatutaria levada a cabo no ano 2011, posibilita unha adaptación da estrutura e recursos da FUNGA á súa realidade diaria de traballo, logrando deste xeito un funcionamento máis eficiente e, consecuentemente, a prestación dun servizo máis adaptado ás necesidades e esixencias que esta Fundación recibe no cumprimento dos seus fins.

A partir da liña de acción marcada para o ano 2023 e co fin de acadar unha mellora continua do servizo prestado, a FUNGA proponse para o próximo 2024 executar as seguintes actuacións:

- Promover o incremento da atención persoal mediante o aumento do número de visitas.
- Ampliar a cobertura xurídica en aras a acadar un apoio xurídico integral.
- Revisar as prestacións das que son beneficiarios/as co fin de acadarlles as máis beneficiosas tanto dende o punto de vista económico como asistencial, así como solicitarlles a valoración de dependencia nos casos nos que proceda.
- Acadar un funcionamento máis áxil e eficaz que permita actuar coa maior celeridade posible ante os problemas e necesidades dos/as beneficiarios/as.
- Lograr a maior eficiencia posible na administración do patrimonio dos/as persoas que reciben este tipo de apoio por parte da FUNGA.
- Promover a realización de novos convenios de colaboración con distintas entidades co fin de levar a cabo programas que faciliten o desenvolvemento social das persoas con discapacidade das que esta Fundación exerce algún tipo de medida de apoio.
- A participación en actividades de formación, información e asesoramento relacionadas co labor e funcionamento da FUNGA e cos procedementos xudiciais de provisión de medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica ás persoas con discapacidade e medidas de apoio deles derivados.

III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

III.1. PROGRAMAS DE GASTO

III.1.1. PROGRAMA 311A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 311A desagrégase nun conxunto de actuacións tendentes a facilitar a operatividade da estrutura administrativa das distintas áreas da consellería.

Trátase de pór os medios para que a estrutura administrativa vinculada ás distintas áreas da consellería acade os seus obxectivos coa maior eficiencia e funcionalidade.

Este programa actúa como soporte económico das actuacións que permiten ás distintas unidades administrativas e centros vinculados ás diferentes áreas da consellería desenvolver adecuadamente as súas competencias e xestión.

Igualmente, figuran neste programa os créditos precisos para a construción de novos centros prestadores de servizos sociais, así como para a remodelación dos existentes, co obxectivo de mellorar as condicións de accesibilidade, habitabilidade e confortabilidade das persoas usuarias, á vez que se avanza cara á eficiencia enerxética dos edificios.

Así mesmo, integra os recursos necesarios para a adquisición e reposición de mobiliario e equipamento destinado aos centros de servizos sociais que faciliten as actividades da vida cotiá ás persoas usuarias destas instalacións.

Con base nestes obxectivos estratéxicos desenvólvense unha serie de obxectivos específicos co fin de:

- Fortalecer e mellorar a rede de centros prestadores de servizos sociais residenciais e de atención diúrna da Comunidade Autónoma de Galicia para persoas maiores e con discapacidade, coa finalidade de avanzar cara a un modelo de atención centrada na persoa, a través da construción de novos centros e a modernización e adaptación dos xa existentes.
- Reforzar a rede de centros públicos de protección residencial e acollemento especializado de nenos, nenas e adolescentes, co fin de dotalos de espazos adecuados e procurar a maior integración posible no contorno comunitario, que permita unha transición á reintegración familiar e/ou á vida independente.
- Reformar, conservar e mellorar as infraestruturas que albergan as actividades destinadas á xuventude e aos espazos comunitarios: residencias xuvenís, albergues, campamentos, es-

pazos xoves, centros sociocomunitarios, casas do mar, residencias de tempo libre; todas aquelas instalacións adscritas á Consellería de Política Social e Xuventude nas que se prestan servizos sociais nos distintos sectores de idade e poboación.

- Mellorar a eficiencia enerxética dos edificios que albergan as dependencias dos centros prestadores de servizos sociais, así como a súa funcionalidade en canto aos novos sistemas dixitais, domótica, con instalacións que contribúan a mellorar a calidade de vida e confort das persoas usuarias e do persoal que presta os seus servizos nestes centros,

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

En tanto que programa facilitador das actuacións dunha organización administrativa dirixida a acadar o benestar dos distintos colectivos demandantes de servizos sociais pódese afirmar a súa vocación de universalidade.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida ven determinada polo impulso do crecemento potencial da economía galega mediante os investimentos estruturais precisos para contar cun tecido industrial máis moderno, produtivo, sostible, e competitivo; o impulso dun tecido empresarial de maior tamaño, que aposte pola súa internacionalización mediante a diversificación de produtos e mercados; a consolidación dun crecemento sostido promovendo proxectos transformadores da nosa estrutura económica que aceleren o seu desacoplamento dos combustíbeis fósiles e impulsen as fontes de enerxía limpas apoiando os investimentos que contribúan á eficiencia e á transición enerxética.

Así mesmo, proseguir coa modernización dos servizos públicos fundamentais como instrumento básico de solidariedade e redistribución. En relación aos servizos sociais os esforzos centraranse en despregar un conxunto de servizos que garantan a accesibilidade en todo o territorio galego ás prestacións básicas dos servizos sociais, dedicando unha especial atención á diversificación dos servizos e actuacións ofertadas en función das necesidades detectadas. Tamén en seguir apoiando aos colectivos máis vulnerables mediante o despregamento de actuacións públicas coordinadas co obxectivo último de incidir sobre os niveis de desigualdade da economía e sobre as vulnerabilidades ás que están expostos.

Así mesmo cómpre sinalar o grande número, variada tipoloxía e antigüidade dos centros e infraestruturas dependentes da consellería, o que obriga a unha constante intervención acometendo actuacións de diverso tipo, ás veces, con elevados custos, imprevisibles e inaprazables.

ANALISE DAFO

1. Hai que tentar que as limitacións orzamentarias non impliquen insuficiencia de recursos para atender a unha demanda crecente, así como contar coa complexidade na tramitación dalgún dos procedementos a desenvolver.
2. Cómpre ter presente a ameaza que supón a dificultade de trasladar os datos da situación económica inestable na que nos atopamos á asignación dos recursos.
3. Como fortalezas destacan a existencia de procedementos e metodoloxías de traballo consolidadas así como contar con persoal cualificado e con experiencia na xestión.
4. Como oportunidade a aproveitar está o rigor na asignación dos recursos orzamentarios no desenvolvemento das distintas políticas de gasto, conxugado cun crecente grao de concienciación social sobre a necesidade e a utilidade dunha adecuada asignación e bo uso dos recursos dispoñibles.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco de actuación deste programa pasa polo establecemento dun sistema de coordinación interna e interadministrativa estable de acordo aos principios inspiradores da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese atender á problemática concreta das distintas unidades administrativas e centros dependentes da consellería intentando dar solución inmediata e áxil ás situacións que unha organización destas características esixe, coa finalidade de facilitarlle ao administrado, en tanto que destinatario último das políticas de benestar, unha resposta adecuada ás súas demandas.

Así mesmo, entre as actuacións a desenvolver neste programa estarían as relacionadas con:

- Facilitar a xestión das distintas unidades administrativas tanto a nivel central como periférico.
- Coordinar e apoiar as actividades do resto dos órganos no eido dos proxectos e obras, así como de bens correntes e servizos, a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, a reforma dos bens inmobles administrativos e centros prestadores de servizos sociais e demais actuacións tendentes ao mantemento e mellora das infraestruturas.
- Colaborar na execución dos proxectos financiados ao abeiro do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en especial os relativos á transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización

de equipamentos; e o dirixido á modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia.

- A elaboración e difusión multimedia de compilacións normativas, estudos monográficos e calquera tipo de actuación de interese para a cidadanía que ilustren de xeito claro e preciso as liñas de traballo da consellería.
- A definición de programas de información e comunicación en materia de benestar na liña de establecer un sistema de información dos servizos e prestacións e uns procedementos administrativos comprensibles e sinxelos.
- A potenciación na difusión e comunicación das liñas das políticas de benestar da consellería.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	X
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Hai que ter ten conta que tanto a construción de novos centros, como a remodelación dos centros existentes ou na adquisición de material e mobiliario, crean emprego, provocando un impacto indirecto sobre a perspectiva de xénero, polo que se estima que se inducirá unha redución da brecha de xénero existente ao valorar como criterio de adxudicación nas ofertas das empresas que concorren nos procedementos de licitación, a implantación de políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se aplique na execución dos contratos; que no momento de acreditar estas medidas achegan plans de igualdade nos que se recollen estas accións destinadas a promover a igualdade de oportunidades entre

mulleres e homes no mercado de traballo establecidas de conformidade co que prevé o artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007 de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

O efecto esperado coa medida anterior poderase estender coa vixilancia para que a contratación pública se suxeite ao previsto no artigo 71.1, apartado b), da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece, entre outras causas, a prohibición de contratar con persoas que foran sancionadas con carácter firme por infracción grave en materia de igualdade de oportunidades ou por infracción moi grave en materia social; así como ao apartado d) no caso de empresas de 50 ou máis traballadores, non cumprir coa obriga de contar cun plan de igualdade conforme ao disposto no artigo 45 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Nas licitacións realizadas neste programa de gasto máis dun 45 % das empresas acreditaron dispor de medidas para fomento da igualdade como criterio de adxudicación, conforme ao establecido nos pregos tipo de cláusulas administrativas particulares polos que se rexeron.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

III.1.2. PROGRAMA 312A - PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátanse de cubrir as necesidades básicas das persoas con escaseza de recursos económicos e en risco de exclusión social e prestarlles atención ás persoas e familias nunha situación de especial dificultade.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións que se realizan a través deste programa, que ten carácter sectorial, van destinadas ás persoas afectadas por unha carencia de medios económicos e en situación de risco ou

exclusión social, mediante prestacións de inclusión social, así como mediante o apoio ás entidades de iniciativa social, coa finalidade de atender de forma coordinada e global as necesidades, mellorar o rendemento dos recursos dispoñibles, procurar a calidade na prestación dos servizos, evitar os desequilibrios territoriais e estimular a cultura de participación da sociedade e das propias persoas afectadas como elemento esencial na provisión dos servizos sociais.

Hai que ter en conta que no ano 2022 a porcentaxe de mulleres respecto do total de persoas beneficiarias de RISGA é dun 61,25 %, e que o perfil xeral das persoas beneficiarias, obtido dos informes estatísticos de RISGA, é o dunha muller de entre 45 e 65 anos, solteira, que vive soa en zona urbana nun piso de alugamento. Polo tanto, con esta prestación estase a atender maioritariamente a persoas e familias en risco de exclusión social que maioritariamente son poboación feminina.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A consecuencia da situación de crise económica que levamos padecido, desde finais da primeira década do século e ata a primeira metade da seguinte década, elevou as dificultades da poboación galega. Todo isto plasmouse nun incremento no número total de solicitudes de RISGA e AIS presentadas, (tendencia que se reverteu lixeiramente dende o ano 2016 ata 2018).

Por outra parte, a atención destas persoas con carencia de medios económicos suficientes e problemas de integración social fai preciso o apoio ás entidades de iniciativa social que prestan unha cobertura de última barreira de contención dos problemas de necesidade económica e marxinalidade.

O número total de persoas beneficiarias da RISGA no ano 2022 foi de 10.093, tendo en conta que na RISGA se contempla unha persoa perceptora por unidade de convivencia; iso significa que o impacto que se acadou foi un apoio a algo máis de 10.000 fogares, aos cales hai que sumarlles as persoas que recibiron axuda indirectamente a través das entidades de iniciativa social.

En canto ás Axudas de Inclusión Social (AIS) concedéronse en 2022 un total de 3.283.

Finalmente no ano 2022 recibiron unha axuda extraordinaria 13.521 persoas beneficiarias de Pensións non contributivas, Fondo de Asistencia Social e Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos.

Análise DAFO:

- Como fortalezas destacan a existencia dun marco legal coa configuración das prestacións como dereito subxectivo, a existencia dunha metodoloxía consolidada, contar con persoal altamente cualificado e con experiencia na xestión das axudas e prestacións.

- Hai que prever unha dotación orzamentaria suficiente que permita atender a demanda e cumprir os prazos de resolución legalmente establecidos.
- Como oportunidades está o rigor na asignación dos recursos económicos con respecto á norma, o grao de concienciación social e mediática acadado na cidadanía sobre a necesidade, a utilidade e o bo uso dos recursos, e a constatación obxectiva de que o custo económico en caso da non intervención social compensatoria fronte ás situacións de exclusión é exponencialmente maior. Así mesmo, hai que ter en conta que, coa aprobación e posta en marcha do ingreso mínimo vital (IMV) por parte do Estado, resulta procedente realizar unha revisión e adecuación da normativa reguladora das prestacións económicas autonómicas para racionalizar os recursos públicos e dar cobertura a novas situacións de necesidade, complementando a acción protectora con programas que permitan estimular a inclusión activa das persoas perceptoras das ditas axudas.
- Cómpre ter presente a ameaza que supón o crecemento das desigualdades e a concentración espacial da pobreza, especialmente en zonas urbanas desfavorecidas e en zonas rurais.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estratexia de Inclusión Social de Galicia.
- Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia.
- Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia.
- Axenda Social Única de Galicia 2021-2024
- Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Orde do 26 de maio de 2015 pola que se aproba o modelo de informe social para a área da inclusión (ISI) e a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As distintas actuacións do programa están destinadas a consolidar a acción protectora das persoas afectadas por unha carencia de recursos económicos e en situación de risco e exclusión social; para isto continuarase facendo fronte ás altas no listado de persoas perceptoras de RISGA e ás solicitudes de Axudas de Inclusión Social e se manterá a Axuda extraordinaria ás persoas beneficiarias de Pensións non contributivas, Fondo de Asistencia Social e Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos. Tamén darase cobertura ás demandas das persoas que acoden ás entidades de iniciativa social para a satisfacción das súas necesidades máis básicas e daquelas que son usuarias das entidades que prestan apoio aos grupos sociais máis desfavorecidos ou en risco de marxinalidade.

Trátase de que as persoas en situación ou risco de pobreza e/ou exclusión teñan unha oportunidade de supervivencia e de acceso aos servizos sociais. Polo tanto, as axudas e prestacións contempladas neste programa actúan como un elemento de cohesión social. Así mesmo, como efecto colateral, pódese indicar que toda prestación outorgada a este segmento de poboación redunda nun efecto reactivador da circulación monetaria e, en consecuencia, da actividade económica.

A aplicación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia permitiu seguir avanzando na procura do equilibrio de dous aspectos básicos: o acceso a ingresos mínimos en situacións de grave pobreza e exclusión e o dereito a un acompañamento, ao apoio profesional e financeiro para a adquisición de novas capacidades e cualificacións.

Ademais, a máis recente aprobación do Decreto que desenvolve a Lei 10/2013, de inclusión social de Galicia, produce un maior impacto preventivo, porque a súa regulación mellora a protección das persoas beneficiarias e habilita os novos complementos do tramo persoal e familiar da RISGA: tramo de inserción e tramo de transición ao emprego.

A asignación dos recursos realízase de maneira taxada, medida, avaliada e fiscalizada polos órganos competentes.

A consecución das anteditas finalidades levarase a cabo mediante as seguintes accións:

- Tramitación, resolución e pagamento das AIS.
- Tramitación, resolución e pagamento da RISGA.
- Elaboración e pagamento da nómina de FAS.
- Tramitación e pagamento da axuda extraordinaria ás persoas beneficiarias de Pensións non contributivas, do Fondo de Asistencia Social e do Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos.
- Convocatoria e xestión dunha orde de axudas destinada a entidades de iniciativa social para programas de servizos sociais (funcionamento da rede de centros de inclusión: co-

medores sociais, albergues, centros de inclusión, centros de atención social continuada e centros de día de inclusión, e programas específicos de atención).

- Convenio de colaboración coa Federación Galega de Bancos de Alimentos.
- Colaboración coa Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa educativo-terapéutico "Proxecto Home" de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas.
- Tramitación e pagamento do bono social térmico.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A nivel xeral, o perfil das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios corresponde a un 59 % de mulleres e un 41 % de homes.

Respecto da RISGA, o perfil maioritario das 10.093 persoas beneficiarias en 2022, obtido dos informes estatísticos, é dunha muller de entre 45 e 65 anos, solteira, que vive soa en zona urbana nun piso de alugamento.

En canto ás AIS concedidas no ano 2022, o 62,67 % das persoas perceptoras foron mulleres.

A porcentaxe de mulleres do total de persoas que recibiron a Axuda Social Extraordinaria de Pensións non contributivas, Fondo de Asistencia Social e Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos é do 61,9 %.

O seguimento do programa faise a través dos seguintes indicadores, todos eles desagregados por sexo:

- número de persoas beneficiarias da RISGA,
- número de persoas beneficiarias de AIS,
- número de persoas beneficiarias de FAS,
- número de persoas beneficiarias da axuda extraordinaria.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

As actuacións previstas neste programa de gasto van dirixidas a todas as persoas e grupos sociais en risco de exclusión; non obstante, os datos de xestión indican que benefician maioritariamente a mulleres.

Dado o maior perfil de risco que presentan as mulleres, a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, prevé unha acción positiva de xénero para o acceso á RISGA e ás AIS establecendo que, en condicións de igualdade de cumprimento dos requisitos, darase preferencia a unha das mulleres integrantes da unidade de convivencia. Tamén está previsto un tratamento específico das situacións de violencia de xénero, mediante a axilización da tramitación dos expedientes para estes supostos.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

No exercicio 2023 espérase acadar cifras de atención similares ou incluso superiores e que a distribución por sexo se siga mantendo nas mesmas porcentaxes.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

A nivel xeral, o perfil das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios corresponde a un 59 % de mulleres e un 41 % de homes.

Respecto da RISGA, o perfil maioritario das 10.093 persoas beneficiarias en 2022, obtido dos informes estatísticos, é dunha muller de entre 45 e 65 anos, solteira, que vive soa en zona urbana nun piso de alugamento.

En canto ás AIS concedidas no ano 2022, o 62,67 % das persoas perceptoras foron mulleres.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Non se teñen implantado novas estratexias: os referentes estratéxicos continúan a ser a Estratexia de Inclusión Social de Galicia, a Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia, a Axenda Social Única de Galicia 2021-2024 e mais o Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia, nos que xa se incorporara a perspectiva de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Inclusión Social

III.1.3. PROGRAMA 312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátase, por unha banda, de abordar a dinámica de declive demográfico de Galicia e, por outra, de atender as necesidades das familias nas súas distintas modalidades e de garantir o seu benestar e libre desenvolvemento, así como a súa protección integral, na orde xurídica, económica e social, como unidade e de cada un dos seus membros, e especialmente dos nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección e/ou penalmente responsables.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Aínda que as actuacións para a xestión do cambio demográfico e para impulsar o crecemento e a renovación xeracional da poboación galega teñen diversos públicos obxectivos, dende a poboación xeral a axentes sociais e económicos do territorio, a poboación destinataria final do programa son tanto as familias en xeral como en actuacións máis específicas as persoas menores de idade en situación de desprotección e as súas familias e as persoas maiores de catorce anos

e menores de dezaoito anos ás que se lles esixe responsabilidade pola comisión de feitos tipificados como delitos no Código Penal ou nas leis penais especiais.

Así mesmo, a través da Axencia Galega de Servizos Sociais, o colectivo ao que se dirixe é o de nenos e nenas de 0-3 anos e as súas familias.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Galicia é a segunda comunidade española con maior porcentaxe de poboación envellecida. O índice conxuntural de fecundidade en Galicia é o terceiro máis baixo de España, con 1,01 nacementos por cada mil mulleres en idade fértil, fronte á media estatal de 1,19 (INE datos 2021) e os 1,50 da Unión Europea (Eurostat 2020, UE-27, dato provisional). Así mesmo, as persoas de entre 15 e 30 anos supoñen o 12,73 % da poboación total de Galicia fronte ao 15,50 % no conxunto do Estado e o 16,33 % de Europa

Pola súa banda, as familias galegas demandan cada vez máis medidas e recursos de calidade que permitan compatibilizar as responsabilidades laborais coas tarefas de atención e coidado necesarias para o sostemento da vida no ámbito privado.

As dúas premisas anteriores e a experiencia comparada no contexto da Unión Europea permiten concluír que unha política de apoio á natalidade e que facilite o acceso a recursos de conciliación de calidade é esencial para que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto vital, ao permitir manter o equilibrio nas diferentes dimensións da vida e mellorar o seu benestar, saúde e capacidade de traballo, repercutindo na participación no mercado laboral ou nas taxas de fertilidade.

Para atender estes desafíos é preciso crear contornos favorables para o libre desenvolvemento das familias, apoiándoas nos maiores gastos que supón a crianza durante os primeiros anos de vida e poñendo á súa disposición recursos accesibles e de calidade para a atención infantil, obxectivo ao que responden as medidas recollidas neste programa de gasto, que se orientan, ademais, nas medidas nas que resulta de pertinencia, a dar resposta á situación de pandemia por COVID-19.

Na actualidade a Axencia Galega de Servizos Sociais oferta 2.285 prazas de 0-3 anos repartidas nas súas 28 escolas infantís da comunidade autónoma.

A situación actual incide no aumento das crises familiares e a demanda dos programas de orientación e mediación familiar mantense alta confirmando a tendencia dos últimos anos.

Igualmente mantense a demanda na solicitude de expedición de títulos de familia numerosa. Máis de 27.100 familias numerosas gozan dos beneficios que lles outorgan

Por outra banda, actualmente teñen expediente de protección á infancia abertos en Galicia máis de 2.500 menores, e, no ano 2022, un total de 47 nenos españois ou estranxeiros foron integrados en familias galegas a través da adopción.

Para atender esta poboación empréganse programas e recursos que abranguen todas as vertentes da intervención, desde a detección do problema (a través da liña de axuda 11611 á infancia ou o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil) ata a busca de familia alternativa para os nenos e nenas que non poden permanecer na súa de orixe, ben sexa de forma permanente (a través do acollemento permanente ou adopción) ou provisoria (acollemento temporal), pasando por toda unha serie de programas que tratan de satisfacer o conxunto das necesidades dos menores, desde o punto de vista material, educativo, sanitario, psicolóxico, de integración laboral, etc.

Merece especial mención o esforzo da Xunta de Galicia na preparación dos menores dos sistemas de protección e reforma para a vida independente e na súa formación para acadar unha adecuada inserción social e laboral. A tal fin desenvolvese o Programa Mentor de inserción sociolaboral de mozos e mozas en risco social, dirixido a aqueles mozos e mozas entre 16 e 21 anos (excepcionalmente ata os 25 anos), que estean ou estivesen baixo tutela ou garda da Administración pública, suxeitos a medidas xudiciais ou que sexan usuarios doutros programas de atención.

Respecto da execución de medidas impostas polos xulgados de menores pola comisión de feitos delituosos, cuxa competencia corresponde á Consellería de Política Social, no ano 2022, executáronse un total de 199 medidas de internamento e 781 medidas distintas ao internamento (medio aberto).

Para a execución das medidas de internamento, a Comunidade Autónoma de Galicia conta con 3 centros en réxime pechado, semiaberto ou aberto, cun total de 102 prazas, e un centro de internamento terapéutico que conta con 23 prazas en réxime pechado, semiaberto ou aberto.

Para a execución das medidas distintas ao internamento (denominadas de medio aberto) cóntase con cinco equipamentos situados en cada capital de provincia e na cidade de Vigo e dous dispositivos de atención nas cidades de Santiago e Ferrol.

Ao mesmo tempo, desenvólvese o programa de "Organización do Traballo Remunerado e a Formación Ocupacional dos Menores Internos en Centros" destinado a facilitar a súa inserción laboral e incorporación ao mercado de traballo mediante a realización de prácticas laborais, cursos de formación profesional ocupacional, programas que melloren a súa competencia e capacidade laboral ou mediante a contratación laboral en actividades, basicamente de xardinería, panadería e mantemento, desenvolvidas no propio centro.

Análise DAFO:

- Fortalezas:
  - A dinamización demográfica é un eixo transversal do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.
  - O 26 de xaneiro o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de Impulso Demográfico de Galicia, instrumento xurídico que permitirá a abordaxe máis profunda dos efectos derivados do cambio demográfico e xestionar con éxito o reto demográfico ao que se enfronta Galicia .
  - Participación da comunidade autónoma en redes europeas e nacionais de territorios afectados polo cambio demográfico.
  - Galicia supera a ratio de cobertura do 33 % aconsellada pola Unión Europea, chegando a máis do 56 % da poboación infantil menor de tres anos en canto a prazas sostidas con fondos públicos. Superior á media española (45,6 %)
  - Sistema estruturado e sólido, homoxéneo e equiparable ao das outras CCAA.
  - Experiencia e profesionalidade do persoal que forma parte dos equipos de valoración e intervención, orientación e mediación familiar, centros e equipamentos.
  - Responsabilidade e implicación das entidades colaboradoras.

- Debilidades:
  - Falta de instrumentos de xestión e tratamento de datos axustados ás necesidades.
  - Necesidade de programas e servizos de intervención coas familias, especialmente no ámbito preventivo.
  - Existencia de áreas de competencia non definida entre servizos sociais, educación e sanidade, para a intervención e tratamento de problemas da infancia e de saúde mental.

- Oportunidades:
  - Existencia de canles de diálogo abertas para dar a coñecer as nosas peculiaridades demográficas e situar esta cuestión na axenda política nacional e europea
  - Existencia de proxectos, programas e recursos de calidade para a atención das familias, das nenas e nenos e dos adolescentes.
  - Posibilidade de poñer en marcha protocolos de actuación común e coordinación con outras administracións (tanto local como autonómica).
  - Boa aceptación e valoración dos programas por parte das persoas usuarias.

- Ameazas:
  - Falta de visibilidade, coñecemento e percepción axeitada da realidade demográfica polos diferentes axentes sociais e económicos e pola sociedade en xeral

- Dinámica poboacional diferente entre as provincias occidentais e orientais que dificulta nestas últimas o acceso en condicións de igualdade aos servizos
- Necesidade de aumentar o traballo preventivo realizado polos servizos sociais de base.
- Maior demanda de recursos específicos para a atención de menores con problemas de comportamento e saúde mental.
- Posible modificación do sistema competencial en materia de servizos sociais.
- Incremento do número de medidas xudiciais de internamento terapéutico.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE núm. 11, do 13 de xaneiro).
- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia (BOE núm. 175, do 23 de xullo).
- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia DOG Núm. 26 Martes, 9 de febreiro de 2021).
- Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia é a adolescencia (BOE núm. 180, do 29 de xullo).
- Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís (B0E núm. 162 do 7 de xullo).
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG núm. 134, do 13 de xullo).
- Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia (DOG núm. 245, do 18 de decembro).
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG núm. 124, do 29 de xuño).
- Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar (DOG núm. 117, do 18 de xuño).
- Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE núm. 209, do 30 de agosto).
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG núm. 156, do 16 de agosto).
- Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro dos Mediadores familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta (DOG núm. 34, do 18 de febreiro).
- Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG núm. 45, do 6 de marzo).

- Decreto 104/2016, do 28 de xullo, polo que se crea e regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.
- Decreto 68/2017, do 13 de xullo, polo que se modifica o Decreto 104/2016, do 28 de xullo, polo que se crea e regula o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica
- Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE núm. 277, do 19 de novembro).
- Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, polo que se aproba o regulamento da Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas (BOE núm. 15, do 18 de xaneiro de 2006).
- Plan para a Dinamización Demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.
- Estratexia de Apoio para as Familias Numerosas de Galicia 2013-2016, horizonte 2020.
- Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia 2018-2020 .
- Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020.
- En canto á Axencia Galega de Servizos Sociais, cada curso escolar publícase a Orde de convocatoria de prazas para as escolas da Axencia, con referencias ao Decreto de prezos 49/2012 de 19 de xaneiro e polo Decreto 91/2014 do 17de xullo que modifica o anterior. Terase en conta a gratuidade da atención educativa para todos os nenos e nenas.
- A Orde do 3 xullo de 2000 de Regulamento de Réxime Interno.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese conseguir os obxectivos seguintes:

- Promover a mellora das condicións de vida das familias galegas mediante axudas económicas.
- Promover modificacións dos marcos de convivencia no fogar e unha mudanza progresiva no mapa das estruturas familiares, cada vez máis diversas así como a orientación das actuacións en materia demográfica, que deben transcender o ámbito político temporal e ser planificadas considerando os seus efectos a medio e longo prazo.
- Crear un ambiente social favorable no que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo, tendo en conta a distribución da poboación no territorio e os novos desafíos derivados da COVID 19.
- Formar as familias dotándoas de habilidades parentais e das necesarias para enfrontarse ás súas necesidades.
- Informar, asesorar e orientar ás familias para evitar ou saír de procesos de conflitividade familiar. Preservar a relación entre os nenos, nenas e adolescentes e as súas familias en situación de crise.
- Ofertar aos nenos e nenas de 0-3 anos o servizo de escola infantil como medio para iniciar o seu propio desenvolvemento e ás súas familias como alternativa de conciliación.

- Consolidar, axustándoa ás necesidades reais, unha rede de centros e prazas públicas de atención á infancia, que serva como axente dinamizador e potenciador do asentamento demográfico.
- Promover a mellora das condicións familiares que permitan a permanencia do neno/a na súa familia de orixe ou a súa reintegración no prazo máis curto posible.
- Satisfacer as necesidades materiais, psicolóxicas, educativas, afectivas e doutra índole dos menores en situación de desamparo.
- Buscar, formar e apoiar a familias acolledoras, que de xeito temporal ou permanente ofrezan un fogar aos nenos/as que non poden reintegrarse ás súas familias.
- Consolidar, axustándoa ás necesidades reais, unha rede de centros residenciais tanto públicos como concertados, para aqueles menores para os que non sexa posible ou conveniente a integración nunha familia, e mellorar a calidade na intervención levada a cabo neles.
- Promover a mellora das competencias e habilidades dos nenos, nenas e adolescentes que permitan a súa integración na sociedade no prazo máis curto posible.
- Preparar para a vida independente e acadar a integración social e laboral dos adolescentes e mozos/as que estean próximos a acadar a maioría de idade e non conten con apoios familiares.
- Dar resposta de calidade ás necesidades derivadas da intervención con menores sometidos ao cumprimento de medidas xudiciais e traballar co obxectivo de evitar a súa reincidencia.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Dado que o programa se dirixe á poboación xeral, a potencial poboación beneficiaria é a totalidade das persoas que se atopan en Galicia, polo tanto, as fendas de xénero son as identificadas con carácter xeral para a poboación de Galicia. Para abordalas convenientemente o programa prevé actuacións especificamente orientadas a promover a igualdade e previr a violencia de xénero que se relacionan no apartado específico desta memoria e ademais incorpora transversalmente a perspectiva de xénero.

E, por último, a maioría das estatísticas e datos cuantitativos manexados e obtidos no proceso de desenvolvemento deste programa están desagregas por sexo.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

1. GOF virtual. Servizo que se pon en marcha para ofrecer apoio e asesoramento ás familias galegas e a calquera persoa, poderá e dará información sobre a igualdade, os dereitos e recursos e servizos que prestan atención ás mulleres en situación de violencia de xénero, podendo realizar unha derivación axeitada á demanda aos servizos especializados máis adecuados a cada caso.
    - Indicadores:
        - Nº de mulleres atendidas.
        - Nº de homes atendidos.
    - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
2. Adecuación e racionalización de horarios e prazas nas escolas infantís 0-3.
    - Indicadores:
        - Nº de escolas que cambian o seu horario pola demanda de atención noutra franxa horaria.
        - Nº de escolas que ofertan prazas ás persoas non residentes no concello no que está situado o equipamento.
    - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
3. Reforzo das accións que se veñen a realizar en relación á temática da igualdade como contido transversal nos centros que dependen da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, a través da remisión de todo tipo de documentación que facilite e mellore o traballo que xa se ven realizando.
    - Indicadores:
        - Nº de iniciativas.
    - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
4. Prioridade e bonificación ás familias monoparentais nas escolas infantís 0-3.
    - Indicadores:
        - Nº de familias monoparentais beneficiadas.
    - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
5. Consideración preferente das vítimas de violencia de xénero para ser titulares dunha casa niño e no acceso aos recursos de conciliación.

Outorgamento dunha puntuación adicional sobre o resto de solicitudes para a posta en marcha dunha casa niño.

No suposto de que a casa niño teña unha demanda de prazas superior ás que se ofertan terán prioridade, se as houber, as solicitudes de mulleres vítimas de violencia de xénero empadroadas no concello en que se sitúe a casa niño ou nun limítrofe onde non existan recursos de atención á infancia de ata tres anos de idade.

Reserva do 5 % das prazas de escolas infantís dependentes da Xunta para casos urxentes (fillos/as de mulleres que se atopen en casas de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero).

- Indicadores:
  - Nº de menores beneficiados/as.
- Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.

6. Educación en igualdade e corresponsabilidade e fomento de roles non sexistas.
   - Indicadores:
     - Nº menores beneficiados.
   - Persoas ás que vai dirixida: nenos, nenas e adolescentes usuarios de centros de menores.
7. Impartición de módulos de igualade e perspectiva de xénero nas actividades de orientación e inserción sociolaboral.
   - Indicadores:
     - Nº menores beneficiados.
   - Persoas ás que vai dirixida: mozos e mozas usuarios do programa de inserción sociolaboral de menores.
8. Desenvolvemento de cursos e talleres específicos sobre educación sexual, promoción da saúde e educación en valores destinados a menores responsables de cometer delitos relacionados coa violencia de xénero ou agresións sexuais.
   - Indicadores:
     - Nº de actividades realizadas.
     - Nº de menores que realizaron actividades.
     - Reincidencia na mesma tipoloxía delituosa.
   - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
9. Uso da igualdade entre mulleres e homes como criterio de valoración nos procesos de contratación de servizos públicos.
   - Indicadores:
     - % dos procedementos de contratación nos que se incorporou o criterio de igualdade.
   - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.

10. Estatísticas con perspectiva de xénero.
    - Indicadores:
      - Estatísticas publicadas.
    - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
11. Integración da perspectiva de xénero nas convocatorias de axudas e no desenvolvemento normativo.
    - Indicadores:
      - % de convocatorias de axudas e normas que integran a perspectiva de xénero
    - Persoas ás que vai dirixida: toda a sociedade.
12. Dentro dos Proxectos Educativos das Escolas planificación de temas transversais.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Todas as actuacións dirixidas á atención das necesidades de conciliación das familias favorecen a igualdade entre mulleres e homes, dado que son as mulleres as que maioritariamente se veñen facendo cargo das responsabilidades de atención e coidado dos fillos e fillas.

Por outra banda, actuacións concretas como a posta en marcha de casas niño no rural poñen en valor cualificacións maiormente posuídas polas mulleres, o que favorece o seu acceso ao mercado laboral.

Galicia supera a ratio de cobertura do 33 % recomendada pola Unión Europea en recursos de atención á infancia e a taxa de escolarización na etapa 0-3 supera o 56.

O traballo na Escola Infantil (primeira experiencia educativa para os nenos e nenas) resulta prioritario tanto para eles e elas como para as familias.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

A totalidade das familias monoparentais que solicitaron prazas en escolas infantís sostidas con fondos públicos tiveron prioridade no acceso e bonificación nos prezos públicos establecidos.

As mulleres vítimas de violencia de xénero son tratadas de xeito preferente en todas as convocatorias dirixidas a persoas físicas ou familias e no programa de casas niño.

Ao abeiro do programa de casas niño estarán en marcha no curso 2023-2024 un total de 103 casas niño en concellos rurais de Galicia de menos de 5.000 habitantes. Con esta actuación aténdese as necesidades de conciliación das familias e ao mesmo tempo póñense en valor cualificacións maiormente posuídas polas mulleres, o que favorece o seu acceso ao mercado laboral e a súa permanencia no territorio, e contribúe tanto a promocionar a igualdade entre mulleres e homes como a frear o declive demográfico.

A totalidade das convocatorias de axudas nas que é pertinente e da normativa elaborada incorporan a perspectiva de xénero.

Os centros de protección de menores promoven a educación en políticas de igualdade e convocan anualmente cursos de formación en materia de igualdade de xénero, educación sexual... co fin de garantir que os nenos, nenas e adolescentes reciban a información/formación necesaria na dita materia.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

As medidas a implantar na Axencia Galega de Servizos Sociais van fundamentalmente encamiñadas á formación das traballadoras e traballadores e a aplicación práctica na Escola.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Axencia Galega de Servizos Sociais

III.1.4. PROGRAMA 312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátase de promover a inclusión social das persoas migrantes, así como loitar contra calquera forma de discriminación.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A poboación de Galicia no ano 2022 foi de 2.690.464 persoas, das cales 118.740 son persoas estranxeiras, que representa o 4,41 % da poboación.

Do total de persoas estranxeiras, 85.763 son persoas ás que se lles aplica o réxime xeral e 32.977 pertencen á UE.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Polo que atinxe á política en materia de inmigración, a situación actual presenta unha serie de debilidades como é a dispersión xeográfica deste colectivo, distribuídos entre concellos que non son na súa maior parte limítrofes. A diversidade da orixe das persoas inmigrantes esixe unha atención adaptada ás necesidades e particularidade das persoas, moi diferentes segundo a súa procedencia.

Ademais, hai que engadir a falla de coñecemento das linguas de acollida e as dificultades na validación dos estudos realizados no país de orixe.

Así mesmo, os efectos da crise deixáronse notar de forma considerable neste colectivo, sendo necesario un reaxuste entre a demanda empresarial de man de obra e a cualificación da poboación inmigrante.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

No referente á inmigración as normas que se teñen que ter en conta son as seguintes:

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estratexia de Inclusión Social de Galicia.
- Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia.
- Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia.

- Axenda Social Única de Galicia 2021-2024
- Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No ámbito da inmigración o obxectivo é avanzar na inclusión da poboación inmigrante, entendendo que a mellor maneira de acadala é a través do emprego, pero que non hai que descoidar outros aspectos importantes como a eliminación das barreiras idiomáticas, o coñecemento da sociedade de acollida e a xestión da diversidade sociocultural poñendo o acento na convivencia.

Preténdese atender as necesidades destas persoas con independencia dos seus países de orixe e da localidade na que residan. Non obstante, serán obxecto dunha atención especial as persoas refuxiadas que superen a fase de acollida e acaden as fases de integración e autonomía.

As principais actuacións que se enmarcan neste programa pretenden conseguir unha poboación inmigrante cualificada que responda ás necesidades do mercado laboral, para iso en moitos casos é preciso desenvolver itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral, que proporcionen a formación prelaboral e laboral precisa e incluso a formación en competencias clave, que lles permitirá logo participar en accións formativas de competencias de profesionalidade.

Nestes itinerarios será preciso afondar tamén nos coñecementos de idiomas, e darlle a necesaria importancia ao asesoramento especializado en materia de estranxeiría que ofrecen as entidades que traballan neste eido, por ser moi variadas as situacións nas que pode estar unha persoa inmigrante en función do seu país de procedencia, das súas relacións familiares, da súa situación laboral, da homologación dos seus títulos académicos...., aspectos todos eles que teñen cabida nas convocatorias de axudas que se tramitan anualmente.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actuacións previstas no programa 312C levaranse a cabo con perspectiva de xénero e terase en conta ademais a realización de accións positivas a prol da igualdade entre mulleres e homes, tendo en conta que os roles de xénero adoitan estar moi definidos debido a que as sociedades emisoras teñen normalmente valores patriarcais. Así, obsérvase que a carencia de emprego nos sectores nos que habitualmente traballaban os homes inmigrantes, ocasionou que as mulleres decidiran incorporarse ao mercado laboral, por ter maior empregabilidade que os homes, pero aínda sen deixar de lado as súas responsabilidades familiares e o seu rol tradicional.

Por iso nas convocatorias de axudas a entidades para a realización de programas para inmigrantes incluiranse como criterio de valoración o enfoque de xénero.

Segundo os datos obtidos nas convocatorias de subvencións do ano 2022 a participación das mulleres nas actuacións financiadas foi superior á dos homes. Así, podemos indicar que 1.816 mulleres inmigrantes participaron en accións dirixidas á súa inclusión social mentres que o número de homes que participaron foi de 1.257 o que representa un 59 % de mulleres.

Todas estas actuacións son medibles a través dos seguintes indicadores, todos eles desagregados por sexo:

- Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración.
- Persoas inactivas.
- Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia.
- Persoas menores de 25 anos de idade.
- Migrantes, participantes de orixe estranxeira, minorías (incluídas comunidades marxinadas como a poboación romaní).
- Participantes con discapacidade.
- Outras persoas desfavorecidas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Incorporación nas convocatorias de axudas, como criterio do baremo de concesión, a realización de actividades específicas de promoción da igualdade de xénero.

Así mesmo, na metodoloxía das actuacións esíxese que incorporen a perspectiva de xénero, describindo os axustes que se introducirán en función dos roles diferentes que asumen os homes e as mulleres na sociedade e que poden condicionar o acceso e a calidade da súa participación.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Contribuír a través das actuacións subvencionadas á igualdade entre mulleres e homes, á corresponsabilidade no fogar e á redución das diferenzas de participación nos diferentes ámbitos derivadas da concepción tradicional do que significa ser home e muller.

Espérase que para 2023 se beneficien dun xeito directo deste programa 3.900 persoas inmigrantes, das que se prevé que preto dun 60 % sexan mulleres, a través de accións formativas e de itinerarios personalizados de inclusión.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

Segundo os datos obtidos nas convocatorias de subvencións do ano 2022 a participación das mulleres nas actuacións financiadas foi superior á dos homes. Así, podemos indicar que 1.816 mulleres inmigrantes participaron en accións dirixidas á súa inclusión social mentres que o número de homes que participaron foi de 1.257 o que representa un 59 % de mulleres.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Non se teñen implantado novas estratexias: os referentes estratéxicos continúan a ser a Estratexia de Inclusión Social de Galicia, a Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia, a Axenda Social Única de Galicia 2021-2024, e o Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia, nos que xa se incorporara a perspectiva de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Inclusión Social

III.1.5. PROGRAMA 312D - PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Servizos sociais de atención ás persoas dependentes.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A atención ao colectivo de poboación maior ou de poboación con algún tipo de discapacidade ou limitación, que lle causou ou lle pode chegar a causar unha dependencia para as actividades da vida diaria ou necesidades de apoio para a súa autonomía persoal en igualdade de oportunidades, convértese nun reto ineludible para os poderes públicos, que require unha resposta firme, sostida e adaptada ao noso actual modelo de sociedade. Así se establece na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, cando no seu artigo 3 formula, como un dos obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais "garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, para estes efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia".

Este programa pretende dar cobertura ás necesidades de atención que precisan as persoas en situación de dependencia que, por razóns derivadas da idade, a enfermidade ou a discapacidade e vinculadas á falla de ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, requiren da atención doutra persoa ou precisan de axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa vai dirixido a persoas en situación de dependencia oficialmente recoñecida (entre elas persoas maiores, persoas con discapacidade ou persoas enfermas coas limitacións sinaladas no parágrafo anterior) nos graos III, II e I. Para estes efectos é necesario un despregue de actuacións e servizos vinculados ao incremento notable de poboación dependente que deberá atenderse. Neste senso, haberá que potenciar a atención no ámbito da prevención da dependencia e da promoción da autonomía persoal, co fin de adiar situacións de dependencia grave ou moi grave que limitan de xeito importante a autonomía e capacidade das persoas ao tempo que requiren servizos máis custosos e que en moitos casos requiren a institucionalización daquelas.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O número total de persoas con discapacidade en Galicia a decembro 2022 é de 244.302 fronte aos 243.323 de decembro de 2021. Deste total, un 51,52 % son mulleres.

A maioría da poboación de máis de 65 anos que presenta algunha discapacidade é feminina, cunha porcentaxe do 57,22 % fronte ao 42,77 % da poboación masculina.

As elevadas necesidades asistenciais que presentan as persoas con algún tipo de discapacidade fai necesaria a adopción de medidas para a creación de recursos de atención especializados neste ámbito.

A nova realidade que se puxo de manifesto tras a situación epidemiolóxica obriga a intensificar a coordinación cos servizos sanitarios para unha atención integral nos centros da Consellería de Política Social e Xuventude e a buscar iniciativas de humanización e seguridade asistencial nos centros sociosanitarios.

Galicia é a segunda comunidade autónoma máis avellentada do Estado cunha tendencia a que este rango se acentúe aínda máis nos próximos anos. Isto, unido ao aumento da esperanza de vida está a provocar unha demanda, cada vez máis crecente, dos servizos de atención á dependencia.

Estímase que en 2033 se reduza a poboación nun 4,86 % , mentres que o número de persoas maiores de 65 anos se incremente nun 18,42 %.

Na actualidade arrastrase una situación deficitaria na atención as persoas en situación de dependencia, derivada inicialmente do volume de persoas desatendidas que se xerou nos inicios da implementación da Lei 39/2006 na nosa comunidade. Esta situación agravouse coa entrada en calendario en xullo do ano 2015 do grao I, que supuxo o acceso ao Sistema de 15.000 novas persoas xa recoñecidas neste grao.

Todo isto nun contexto no que o volume de persoas que continúan solicitando atención a través da Lei 39/2006 aumenta considerablemente cada ano, e no que se constata que ao redor do 86 % das persoas que solicitan o recoñecemento da dependencia, son efectivamente valoradas con algún grao de dependencia con dereito de atención (grao III, II e I).

Da combinación destas variables (situación herdada da continuación do fluxo de solicitudes e novas persoas recoñecidas con dereito de atención), resulta que aínda co considerable esforzo que se leva realizando nos 4 últimos anos, tanto orzamentario coma de xestión non é suficiente e resulta imprescindible e necesario seguir avanzando na dotación de recursos orzamentarios que permitan a creación de novos servizos e a ampliación dos existentes cos que dar atención a todas as persoas que o precisen, así como o mantemento de recursos materiais (medios técnicos e telemáticos) e humanos para mellorar o procedemento de xestión que posibiliten a mellor e máis completa atención as persoas en situación de dependencia.

Cómpre salientar que da evolución da poboación prevista para os vindeiros anos, cun incremento exponencial da poboación maior de 65 anos (que supón o 86 % dos solicitantes de recoñecemento da situación de dependencia), só pode deducirse que, aínda absorbendo o déficit de atención da situación actual, seguirá sendo necesaria a implantación de novos recursos de atención e máis fundamentalmente o desenvolvemento dunha rede de servizos de promoción da autonomía e prevención da dependencia que permita a utilización de recursos asistenciais de menor custo económico e maior aceptación social, xa que a maioría da poboación e dos profesionais comparten a necesidade de fomentar os maiores niveis de autonomía posibles.

A mellora nos tempos de tramitación permitiu unha atención pronta ao cidadán na maioría dos supostos, que nalgúns casos se incrementa por enriba da media o tempo de tramitación debido ao recurso solicitado, polo que aínda segue a ser preciso afondar en melloras tecnolóxicas, así como no mantemento e aumento dos recursos humanos destinados á xestión do procedemento, e consolidación dos escenarios de tramitación electrónica implementados.

Doutra banda o volume acadado na xestión tanto das solicitudes coma das persoas atendidas, require dun maior esforzo no control e seguimento dos expedientes e as situacións de altas e baixas do sistema.

O importante avance na creación de novos recursos asistenciais durante os últimos anos, tanto en prazas residenciais como de centros de día, non só permitiu dar resposta a persoas en espera de atención senón que ao mesmo tempo incrementou a ratio de rotación de persoas nos servizos.

Non obstante, aínda hai modalidades de atención non suficientemente cubertas no ámbito das persoas con discapacidade en situación de dependencia. Neste senso a carteira de servizos para a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, supuxo un cambio de paradigma na forma de atender ás persoas en situación de dependencia, prevención da dependencia e autonomía persoal, pasando dun modelo baseado en centros de atención a outro baseado en servizos. A prestación de servizos adecúase ás persoas usuarias ao configurarse como un servizo flexible, onde se poderán combinar os diferentes servizos necesarios para atención das súas necesidades.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa

Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

- Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
- Resolución de 23 de abril de 2013, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia sobre criterios, recomendacións e condicións mínimas para a elaboración dos plans de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal; datos básicos do sistema de información do SAAD e Catálogo de referencia de servizos sociais

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Coas actuacións contidas no programa 312D, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade e a Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria pretenden:

- Facilitar a integración mediante a implantación de programas propios destinados a atender as persoas con discapacidade, a dependencia nas persoas maiores, as persoa con demencia así como o apoio aos seus coidadores.
- Fomentar a aplicación das novas tecnoloxías para a atención das persoas dependentes ou con algún tipo de discapacidade procurando unha mellora na súa calidade de vida.
- Favorecer o desenvolvemento da actuación 5.1.1.1 "Mellora dos servizos e infraestruturas que faciliten a permanencia no fogar das persoas en situación de dependencia", a dotación de prazas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a atención diúrna de persoas en situación de dependencia e o desenvolvemento polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de programas en centros de día orientados á diversificación dos seus servizos.
- A posta en marcha de programas e actividades dirixidas a persoas con discapacidade e a persoas maiores.
- Coordinar e supervisar os equipamentos e servizos, residenciais e de atención diúrna, dirixidos ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores.
- Estudar as necesidades organizativas, orzamentarias, formativas e de procedementos para a calidade da atención dos centros e servizos para as persoas con discapacidade
- Xestionar e controlar os centros e servizos comúns a persoas maiores e servizos especializados no ámbito da atención ao alzhéimer e especializados dirixidos ao sector das persoas con discapacidade.
- O estudo das necesidades organizativas, orzamentarias, formativas e de procedementos para a calidade da atención dos centros e servizos para as persoas maiores

- Fomentar o servizo de teleasistencia avanzada para contribuír a mellorar a calidade de vida e a promoción da autonomía persoal das persoas maiores así como daquelas que se atopen en situación de dependencia.
- Promover liñas de acción para avanzar na mellora da conciliación das familias galegas e no apoio ás persoas coidadoras das persoas en situación de dependencia a través de distintos programas de respiro.
- Dotar de cobertura asistencial, consolidando e aumentando os recursos sociais e prestacións dedicados ás persoas en situación de dependencia, garantindo os niveis de calidade axeitados.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A maioría da poboación de máis de 65 anos que presenta algunha discapacidade é feminina, cunha porcentaxe do 57,22 % fronte ao 42,77 % da poboación masculina, de acordo co informe do Censo de persoas con discapacidade do ano 2022.

O número total de persoas con discapacidade en Galicia a decembro de 2022 é de 244.302, dos que o 51,52 % son mulleres (datos extraídos do Censo de Persoas con Discapacidade).

O número de potenciais beneficiarios son os as 244.302 persoas residentes en Galicia con discapacidade igual ou superior o 33 %.

Máis do 63 % das persoas en situación de dependencia son mulleres, debido ao alongamento da esperanza de vida que inflúe na aparición das situacións de dependencia.

En torno ao 80 % das persoas coidadoras non profesionais son mulleres.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

- Formación a persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia e prestacións económicas destinadas a coidados non profesionais, vinculada á adquisición dun servizo e á asistencia persoal. Tendo en conta que o 80 % das persoas coidadoras son mulleres, estas actuacións están destinadas preferentemente ás mulleres facilitando a conciliación da vida familiar e laboral, así coma un soporte económico para os coidados non profesionais das persoas en situación de dependencia.
- Inclusión nas convocatorias de concerto social para a xestión de prazas residenciais e de atención diúrna de criterios de selección consistentes en medidas de conciliación da vida persoal, familiar e corresponsabilidade, de acordo co establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro de impulso demográfico de Galicia.
- Criterios de valoración en contratos para a xestión de prazas de residencias nos centros de día de maiores a favor de entidades que teñan implantado medidas de igualdade como: un Plan de Igualdade conforme ao establecido no artigo 67 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade ou a Marca Galega de Excelencia en Igualdade conforme aos artigos 75 do Decreto lexislativo 2/2015 e 22 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.
- Mantemento e ampliación do volume de novas prazas sostidas con fondos públicos en centros de atención a persoas con discapacidade (dependentes), que facilitan a conciliación da vida persoal e laboral das familias. Para medir a actuación empregarase como indicador, na Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, o Nº de centros de atención a persoas con discapacidade (dependentes) e o Nº de prazas en centros de atención a persoas con discapacidade (dependentes) estimándose un indicador de 217 centros e 6.041 prazas; e na Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, o número de prazas en centros de atención a persoas maiores (dependentes), estimándose un indicador de 6.065 prazas

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Ao redor do 63 % das persoas en situación de dependencia son mulleres, e sobre o 70 % de mulleres corresponde o perfil de coidador familiar da dependencia, polo que en consecuencia a porcentaxe de mulleres destinatarias deste programa de gasto é substancialmente superior a dos homes.

Ademais de acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, a taxa de emprego feminina para o colectivo de persoas con discapacidade é inferior á masculina en 0,6 puntos en 2021 e no referido á taxa de paro, a comparativa tamén é vantaxosa para o colectivo de homes con discapacidade, xa que a súa taxa de paro é 3 puntos inferior á feminina en 2021. Polo que é previsible un maior efecto nas mulleres, potenciando así a igualdade.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

O 80 % das persoas coidadoras familiares de persoas en situación de dependencia son mulleres, polo que en consecuencia a través deste programa, e dende a perspectiva de xénero, este programa mellorou a conciliación da vida persoal e familiar de preto de 42.000 persoas.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria.

III.1.6. PROGRAMA 312E - PROGRAMA DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Promover a atención social e o benestar das persoas con discapacidade mediante o financiamento de recursos, servizos e o desenvolvemento de programas, orientados a favorecer a súa autonomía persoal, a súa integración sociofamiliar e laboral, a permanencia da persoa no seu contorno e o seu benestar físico e psíquico, tanto por medios propios como en colaboración con entidades que prestan atención ao citados colectivos.

O conxunto de actuacións que configuran este programa están dirixidas a desenvolver e consolidar servizos e prestacións que atendan as necesidades sociais que poidan afectar especificamente ás persoas en situación de dependencia, ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade; así mesmo xunto á acción que lle corresponde aos poderes públicos tamén cómpre seguir apoiando tanto ás entidades de iniciativa social que traballan na defensa dos intereses destes colectivos así como ao movemento asociativo no que se integran e participan estas persoas.

Mellorar a calidade de vida das persoas maiores e das persoas con discapacidade, en termos de autonomía persoal, así como previr as situacións de dependencia, son por tanto as necesidades estratéxicas que pretende atender este programa.

En resumo, este programa busca cubrir as necesidades de persoas maiores e persoas con discapacidade en risco ou situación de dependencia procurando o desenvolvemento e mantemento da capacidade persoal de controlar, afrontar e tomar decisión sobre o xeito de vivir conforme ás normas e preferencias propias. Todo isto, coa finalidade de favorecer a participación, integración social e o benestar físico e psíquico da persoa no seu contorno social.

Deste xeito, é fundamental promover os coñecementos e as condicións necesarias para conseguir o aumento e/ou mantemento das capacidades das persoas con discapacidade, para o desenvolvemento da súa vida diaria e, polo tanto, evitar ou retrasar no posible a aparición da dependencia, promovendo así mesmo o desenvolvemento tecnolóxico no eido da prevención e detección precoz da dependencia, así como promover a accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía, e fomentar a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a participación das persoas con discapacidade en termos de igualdade.

Igualmente, é fundamental actuar de xeito preventivo para contribuír a aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento, e promover os coñecementos e as condicións necesarias para conseguir o aumento e/ou mantemento das capacidades destas persoas, para o desenvolvemento da súa vida diaria e, polo

tanto, evitar ou retrasar no posible a aparición da dependencia, promovendo así mesmo o desenvolvemento tecnolóxico no eido da prevención e detección precoz da dependencia, así como promover a accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Sectores vinculados á prestación de atención residencial, colectivos integrados polas persoas maiores e persoas con discapacidade, así como tamén polas persoas que están na franxa de idade de 55 ata 64 anos como parte fundamental das políticas de envellecemento activo.

Finalidades a acadar:

- Promover servizos de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia destinados ás persoas maiores.
- Facilitar unha axeitada cota de benestar, avaliando as problemáticas sociais e contribuíndo ao desenvolvemento individual e dos grupos na comunidade, favorecendo a promoción da súa autonomía persoal e a súa integración social e familiar.
- Consolidar e reforzar un sistema que complemente e mellore a dispoñibilidade dos servizos e prestacións da administración mediante o apoio á iniciativa social, con ou sen ánimo de lucro, complementando a cobertura das necesidades derivadas do envellecemento.
- Consolidar e reforzar un sistema que complemente e mellore a dispoñibilidade dos servizos de atención residencial, facendo posible un novo modelo de residencias.
- Fomentar e apoiar o tecido asociativo no ámbito das persoas maiores co fin de potenciar a participación destes colectivos nos ámbitos cultural, social, deportivo e educativo e promover a súa participación en todas aquelas actuacións que afecten aos seus dereitos e intereses co fin de garantir a igualdade de oportunidades e a súa plena integración en tódolos ámbitos.
- Favorecer a inserción social dos colectivos con especiais dificultades de normalización das condicións de vida dos segmentos de poboación con menos recursos e a resposta ante necesidades emerxentes e excepcionais.
- Garantir a atención de calidade ás persoas maiores consolidando os servizos e recursos sociais dedicados a este fin.
- Promover o envellecemento activo das persoas maiores a través do desenvolvemento de programas, tanto propios como en colaboración coas entidades locais, así como con universidades e outras entidades; e servizos, especialmente servizos innovadores de proximidade que nestes momentos están sendo obxecto de desenvolvemento a fin de incluílos nunha norma regulamentaria pola que se aprobe a carteira de servizos sociais para persoas maiores e/ou con discapacidade autónomas.

- Desenvolvemento da Estratexia galega de envellecemento activo dende a innovación 2016-2020
- Desenvolvemento da Estratexia galega de Soidade non desexada
- Aumentar a esperanza de vida libre de dependencia, procurando unha actitude positiva ante o envellecemento.
- Fomentar iniciativas de investigación, innovación e mellora dos servizos sociais para a instauración de novos modelos de intervención social e de envellecemento activo.
- Mellorar o acceso aos recursos dos servizos sociais e asistenciais de proximidade destinados ás persoas maiores, especialmente a aquelas que vivan no rural cara a mellorar a súa calidade de vida.
- Articular novos modelos de intervención social eficientes, integradores e accesibles que permitan consolidar unha densa rede de apoio.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

En Galicia, das 244.302 persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % que constan no Censo de persoas con discapacidade, o 38,48 % son persoas en idade laboral, tendo en conta ademais que das persoas en idade laboral, 9.618 son mozos/as de entre 16 e 30 anos.

Galicia é unha das comunidade autónomas cunha menor taxa de actividade entre as persoas con discapacidade a nivel estatal, 28,8 % fronte ao 34,6 % da media española (fonte INE. Nota de prensa 2021 El empleo de las personas con discapacidad, actualizada a 14 de decembro de 2022). Así mesmo, a taxa de paro das persoas con discapacidade en Galicia está ao redor do 21 % fronte ao 11,7 % da poboación xeral galega segundo datos do IGE.

Tamén cómpre ter en conta a relevancia da cifra de persoas maiores de 65 anos con discapacidade en Galicia, que supón o 53,81 % das persoas con discapacidade.

A estas circunstancias tamén hai que engadirlle o lugar de residencia como factor determinante no acceso aos recursos para este sector da poboación, e que debe contemplarse como factor non excluínte que impida ter as cotas axeitadas de benestar e calidade de vida.

No ámbito das persoas maiores, os datos de referencia ao respecto do colectivo das persoas maiores que viven en Galicia, polo impacto que supón no deseño das políticas públicas cara a que a súa calidade de vida sexa a mellorar, atendendo aos diferentes perfís sociais, educativos, de residencia, etc. que existen. Sen dúbida é necesario ter presente que a poboación de 65 ou máis anos en Galicia supón o 26,10 % da poboación total; sendo xa este un dato relevante aínda o é máis o feito de que no ámbito das políticas de envellecemento activo e as estratexias que neste sentido se están a traballar tanto a nivel autonómico, como estatal e mundial, a franxa de idade á que se destinan as políticas en materia de envellecemento activo, comeza nos 55 anos de idade, con accións de carácter preventivo e tamén de preparación para a etapa de xubilación,

e neste sentido en Galicia a poboación de 55 ou máis anos, acada a cifra de 1.051.290 persoas, (fonte IGE datos 24/01/2023), o que ven a supoñer o 41 % da poboación total.

A estas circunstancias tamén hai que engadirlle o lugar de residencia como factor determinante no acceso aos recursos para este sector da poboación, e que debe contemplarse como factor non excluínte que impida ter as cotas axeitadas de benestar e calidade de vida.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia seguindo as especificacións da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 183/2013, de 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.
- Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia.
- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.
- Decreto 35/2020 do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras nas Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Estratexia galega de envellecemento activo dende a innovación 2016-2020.
- Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, Horizonte 2020, seguindo as especificacións da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Resolución de 23 de abril de 2013, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia sobre criterios, recomendacións e condicións mínimas para a elaboración dos plans de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal; datos básicos do sistema de información do SAAD e Catálogo de referencia de servizos sociais.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través do programa 312E, a Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade pretende e a Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria:

- Facilitar ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade unha axeitada cota de benestar, avaliando as problemáticas sociais e contribuíndo ao desenvolvemento individual e dos grupos na comunidade, favorecendo a promoción da súa autonomía persoal e a súa integración social e familiar.
- Garantir a ausencia de discriminación, a plena igualdade de oportunidades, a accesibilidade universal e a equiparación de dereitos das persoas con discapacidade co resto da cidadanía, a través da promoción da súa autonomía persoal, a normalización, a supresión de barreiras arquitectónicas, de comunicación e actitudinais, e, ao mesmo tempo, reequilibrar situacións de desigualdade entre mulleres e homes deste colectivo.
- Consolidar e reforzar un sistema que complemente a dispoñibilidade dos servizos e prestacións da administración mediante o apoio á iniciativa social con ou sen ánimo de lucro, complementando a cobertura das necesidades derivadas da discapacidade.
- Favorecer a inserción social dos colectivos con especiais dificultades á normalización das condicións de vida dos segmentos de poboación con menos recursos e a resposta ante necesidades emerxentes e excepcionais.
- Garantir a atención ás persoas maiores e persoas con discapacidade, consolidando os servizos e recursos sociais dedicados a este fin.
- Promover o desenvolvemento de programas para as persoas con discapacidade e o envellecemento activo para as persoas maiores, a través de programas, tanto propios como en colaboración coas entidades locais e outras entidades, tendo en conta transversalmente a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Promover o envellecemento saudable e a calidade de vida das persoas maiores a través da nutrición.
- Aplicación e desenvolvemento da Estratexia galega de envellecemento activo dende a innovación 2016-2020.
- Desenvolvemento de medidas de actuación a prol dun envellecemento activo, seguindo as liñas marcadas pola estratexia para a prevención precoz da dependencia de Galicia.
- Garantir a accesibilidade das persoas con discapacidade aos contornos, espazos, bens, produtos e servizos en igualdade de condicións co resto da poboación.
- Fomentar e apoiar o tecido asociativo no ámbito das persoas con discapacidade co fin de potenciar a participación deste colectivo nos ámbitos cultural, social, deportivo e educativo e promover a súa participación en todas aquelas actuacións que afecten aos seus dereitos e intereses co fin de garantir a igualdade de oportunidades e a súa plena integración en todos os ámbitos.
- Fomentar a colaboración cos concellos para a promoción de recursos e servizos destinados ao fomento do envellecemento activo e da autonomía persoal.
- Mellorar a calidade e capacidade de atención dos servizos e recursos da Rede galega de atención temperá.
- Prover de servizos públicos sociais e asistenciais de proximidade axeitados las características da poboación, cun maior peso das persoas maiores e das persoas con discapacidade.

- Favorecer o mantemento da poboación maior de 55 anos na súa casa tanto tempo como sexa posible en condicións de seguridade e dotados dos servizos axeitados, así como coas condicións de habitabilidade necesarias, e tamén empoderamento da poboación maior a través da súa participación e integración na sociedade.
- Impulsar a prestación de servizos de atención a persoas maiores mediante fórmulas de autoemprego e economía social así como crear oportunidades para reter e atraer poboación nova ao rural galego e fomentar o reequilibrio territorial, favorecendo a equidade no acceso aos servizos con independencia do lugar de residencia.
- Favorecer a permanencia das persoas maiores e persoas con discapacidade en situación de dependencia na súa contorna, fomentando, ao mesmo tempo, a prevención das situacións de dependencia das persoas que aínda gozan de autonomía, paliando así mesmo situacións de illamento social.
- Deseñar e pór en marcha programas e actividades de promoción da autonomía persoal así como de benestar e fomentar as relacións interxeracionais.
- Impulsar iniciativas de humanización e seguridade asistencial nos centros sociosanitarios.
- O fomento e planificación de actividades de formación continuada nos centros sociosanitarios.
- O impulso da efectividade e da eficiencia nos procesos asistenciais, e a promoción da seguridade, e da calidade e a súa mellora continua.
- Apoiar a sectores afectados pola situación do COVID-19 mediante medidas de conciliación
- Xestionar e controlar os centros e servizos comúns de persoas maiores con autonomía.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X

Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

No ámbito das persoas con discapacidade, a maioría da poboación de máis de 65 anos que presenta algunha discapacidade é feminina, cunha porcentaxe do 57,22 % fronte ao 42,77 % da poboación masculina, de acordo co informe do censo de persoas con discapacidade do ano 2022.

O número total de persoas con discapacidade en Galicia a decembro de 2022 é de 244.302, dos que o 51,52 % son mulleres.

O número de potenciais beneficiarios son os as 244.302 persoas residentes en Galicia con discapacidade igual ou superior o 33 %.

Neste programa encadrase o servizo de apoio á mobilidade para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia.

Para medir a actuación realizada empregaranse indicadores sobre o número de persoas desagregado por sexo que participan no servizo de apoio á mobilidade para persoas con discapacidade/ou en situación de dependencia. Estímase que serán 2.723 homes e 3.498 mulleres .

No ámbito das persoas maiores, outra das áreas de actuación que comprende este programa de gasto, sinalar que na Comunidade Autónoma Galega o colectivo conformado polas persoas de 65 anos en diante supera o 27 % do total da poboación. Este dato implica, necesariamente, que o deseño e implementación de medidas destinadas á intervención social con persoas maiores e ao logro do seu benestar e calidade de vida ademais de ser unha condición indispensable para a consecución dun alto grao de benestar social xeral ten que supoñer tamén unha prioridade fundamental na estratexia de intervención e actuación gobernamental.

Unha das preocupacións que se manifesta a raíz do envellecemento dunha poboación, é como evolucionan os índices relativos a esta tendencia; así, e segundo datos do IGE, os datos de indicadores de envellecemento mostran a seguinte información para 2022: índice de envellecemento (relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación de menos de 20 anos) para 2022 foi de 167,26 (en 2020: 160,40); o índice de sobreenvellecemento (relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos) situouse en 2022 en 19,56 (en 2020: 19,15).

Índice de envellecemento por concellos. Ano 2022.



Deste xeito, os cambios sociodemográficos e socioeconómicos producidos caracterízanse, esencialmente, por unha intensificación dos índices de envellecemento poboacional na nosa comunidade coas conseguintes repercusións nos niveis de incidencia de enfermidades asociadas á vellez, coma o Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas. Igualmente neste senso hai que sinalar as profundas transformacións experimentadas nas estruturas familiares, e dentro delas as derivadas da incorporación progresiva da muller ao mercado laboral, o que implicou o abandono do campo e a migración a vilas e cidades, o cal unido a unhas maiores expectativas de vida e a unha vida máis saudable, repercutiron determinantemente tanto nunha maior incidencia de situacións de persoas maiores que viven soas como nunha maior demanda de equipamentos e recursos destinados á atención deste colectivo.

A xeito de exemplo pódese facer referencia á ampliación dos servizos de teleasistencia domiciliaria así como outros servizos e prestacións como é o caso do servizo galego de apoio á mobilidade persoal. Así mesmo, hai que ter en conta o importante avance das novas tecnoloxías que, ao igual que noutros ámbitos, ten propiciado tamén a aparición dun elevado número de posibilidades de actuación destinadas á atención das necesidades das persoas maiores, fundamentalmente no ámbito da teleasistencia avanzada.

Pero ademais hai que ter en conta que as proxeccións de poboación en Galicia evidencian que o colectivo poboacional composto polas persoas maiores de 65 anos, lonxe de perder importancia, seguirá incrementando o seu peso relativo con respecto ás cifras totais de poboación da comunidade. Concretamente e en base aos datos consultados do IGE, considerando un escenario a 2033, a cifra de poboación maior de 65 anos estímase que acadará nese ano un total de 804.384 persoas, o que suporá o 31,35 % da poboación total proxectada para ese ano en Galicia (2.565.194).

Ao respecto sinalar tamén que os galegos de 65 ou máis anos viven maioritariamente en fogares compostos unicamente por persoas dese grupo de idade.

As provincias de Ourense e A Coruña son as que presentan maiores porcentaxes de persoas de 65 ou máis anos que viven en fogares con todos os seus membros neste grupo de idade.

Por outra parte os fogares compostos por persoas de 65 ou máis anos son maioritariamente unipersoais (52,78 %).

O estado civil máis habitual tanto en Galicia como en España das persoas de 65 ou máis anos é o de "casado"; esta porcentaxe aproxímase ao 60 % en ambos os dous casos.

Por outra banda, cando se analiza o perfil das persoas maiores, e cando se pretende que esta análise sirva como ferramenta útil no proceso de planificación do conxunto de medidas destinadas a proporcionar unha atención integral a este colectivo, é importante considerar cuestións relativas ás limitacións que no grao de autonomía persoal provoca, en moitos casos, o avance da idade.

Así mesmo, tal e como xa antes se indicou, os aspectos socioeconómicos das persoas, e no ámbito de actuación deste programa de gasto, nomeadamente o colectivo das persoas maiores, cómpre sinalar que os ingresos medios mensuais nos fogares en que o sustentador principal ten 65 ou máis anos, é de 1.515 euros, un 20,7 % menos que o ingreso medio mensual dun fogar galego xeral. Os ingresos mensuais que perciben os fogares compostos por membros de 65 ou máis anos, atópase nun rango de entre 600 e 1000 euros ao mes.

Tendo en conta que a estrutura dos ingresos das persoas perceptoras de 65 ou máis anos está constituída maioritariamente polas prestacións (94,5 %), que neste tipo de poboación proceden basicamente das pensións contributivas da Seguridade Social, a clave de xénero vai amosar tamén datos relevantes como pode ser o dato da contía das pensións, de xeito que os homes

de 55 a 74 anos perciben unha pensión media de 1.100 euros, mentres que no caso das mulleres está por debaixo dos 770 euros, independentemente da idade da perceptora, e que reporta unha precariedade económica maior no caso das mulleres que dos homes.

Estes datos apoian o feito de que ao redor do 11 % dos galegos e galegas maiores de 65 anos se atopen nunha situación de risco de pobreza, situación peor no caso das mulleres que na dos homes.

Polo tanto coas accións que se desenvolvan ao abeiro deste programa, estímase que a poboación beneficiaria directa serán preto de 694.140 persoas maiores de 65 anos que residen en Galicia (43 % homes e 57 % mulleres), sen esquecer que no público destinatario das accións de envellecemento activo a franxa de idade abrangue dende os 55 anos, de xeito que na dita franxa atópanse en Galicia máis de 1 millón de persoas.

Para medir as actuacións realizadas empregaranse indicadores sobre o número de persoas total e desagregado por sexo que son beneficiarias das accións, así como tamén o número de familias que participan no programa de acollemento familiar, e para as accións vinculadas á promoción de hábitos de vida saudables, usarase como indicador o nº de proxectos, así como tamén o nº de persoas beneficiarias maiores de 55 anos (mulleres) y nº de persoas beneficiarias maiores de 55 anos (total).

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	

Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Unha das actividades principais, desenvólvese a través dos convenios de colaboración coas entidades representativas das persoas con discapacidade en Galicia e que teñen como fin primordial a realización e desenvolvemento de programas dirixidos a este colectivo, e aplicando a perspectiva de xénero cun enfoque dual, é dicir, de xeito transversal pero tamén con accións específicas para atender a situación desigual das mulleres con discapacidade.

Outra das áreas de actuación que comprende este programa de gasto é a área de atención ás persoas maiores. Na Comunidade Autónoma Galega o colectivo conformado polas persoas de 65 anos en diante representa máis do 25 % do total da poboación. Este dato implica, necesariamente, que o deseño e imaxe de medidas destinadas á intervención social con persoas maiores e ao logro do seu benestar e calidade de vida ademais de ser unha condición indispensable para a consecución dun alto grao de benestar social xeral ten que supoñer tamén unha prioridade fundamental na estratexia de intervención e actuación gobernamental. Son varias as liñas de acción tanto a través de convenios con entidades representativas dos intereses das persoas maiores como a través da posta a disposición destas persoas de servizos e recursos como o programa de acollemento familiar. Tamén o apoio e a mellora da situación existente nos servizos de atención residencial mellorará a calidade de vida ás persoas usuarias, fundamentalmente despois da situación epidemiolóxica xerada na actualidade.

Outra liña de actuación será o estudo do novo modelo de residencias que permita planificar e dimensionar as estruturas, recursos e tecnoloxías necesarias. Búscase aplicar a innovación tecnolóxica, impulsar un sistema de xestión da calidade dos servizos e pór en marcha proxectos de humanización no entorno dos servizos sociais.

Tamén neste programa encádrase o servizo de apoio á mobilidade persoal para as persoas con discapacidade e/ou dependentes que ten como finalidade propiciar unha integración social efectiva destas persoas poñendo a disposición das mesmas os medios axeitados para facilitar a súa mobilidade e favorecendo así a súa comunicación e participación no seu entorno habitual.

Cómpre destacar que na contratación do Servicio Galego de Apoio á mobilidade se valoraba como criterio a puntuar o feito de que un 20 % das persoas condutoras foran mulleres, potenciando así a igualdade no acceso ao mercado laboral. Así mesmo, se valoraba como criterio de desempate a acreditación da implantación dun plan de igualdade.

Neste ámbito, a través da posta en marcha de experiencias piloto como as Casas do maior, non só se favorece a equidade no acceso aos servizos con independencia do lugar de residencia, tamén se fomenta a participación da muller na prestación de servizos de atención a persoas maiores no rural mediante fórmulas de autoemprego e economía social.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Ao redor do 63 % das persoas en situación de dependencia son mulleres, e sobre o 70 % de mulleres corresponde o perfil de coidador familiar da dependencia, polo que en consecuencia a porcentaxe de mulleres destinatarias deste programa de gasto é substancialmente superior a dos homes.

Ademais de acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, a taxa de emprego feminina para o colectivo de persoas con discapacidade é inferior á masculina en 0,6 puntos en 2021 e no referido á taxa de paro, a comparativa tamén é vantaxosa para o colectivo de homes con discapacidade, xa a súa taxa de paro é 3 puntos inferior á feminina en 2021. Polo que é previsible un maior efecto nas mulleres, potenciando así a igualdade.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

En base á tipoloxía das actuacións levadas a cabo, a repercusión obxecto de valoración refírese exclusivamente á porcentaxe de representación que supón a participación de homes e mulleres nas ditas actuacións, e que polo peso porcentual que supoñen as mulleres nos datos de poboación de 65 ou máis anos e de persoas con discapacidade mostra, en consecuencia, datos tamén dunha maior participación en termos absolutos.

Unha análise dende o punto de vista cualitativo pasa por analizar a tipoloxía de actividades que se ofrecen e que por suposto deben ser deseñadas con perspectiva de xénero e do mesmo xeito promover actividades específicas que teñan en conta as diferentes inquedanzas, necesidades, etc. de homes e mulleres, aspecto este que non se está a dar con toda a intensidade que sería necesaria, e que é necesario polo tanto reforzar cara a futuras programacións.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

O programa de gasto, que tamén responde en termos xerais aos principios reitores que se estableceron na Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, responde a un principio transversal que é a igualdade de xénero, dado que o xénero é unha variable que afonda nas desigualdades e que vén supoñendo unha dobre discriminación para as mulleres con discapacidade. Deste xeito, estase a traballar para que a dimensión da igualdade de xénero sexa unha dimensión transversal, o cal ven supoñer que ademais do enfoque integrado de xénero que deben cumprir todas as actuacións, tamén deberán contemplarse e reforzarse accións específicas dirixidas a reducir a fenda de xénero nos ámbitos en que sexa necesario. En todo caso, é necesario reforzar a implicación das entidades colaboradoras no desenvolvemento dos programas no que atinxe a que a programación das súas accións respondan as necesidades de homes e mulleres.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade

Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

III.1.7. PROGRAMA 312F - PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa engloba unha serie de medidas encamiñadas a promover e impulsar accións de voluntariado en diferentes áreas de actuación tales como a sociosanitaria, social, ambiental, tecnolóxica, cultural, educativa, ... que inciden de xeito significativo na mellora da contorna e no desenvolvemento comunitario e, por outra banda, aspira a garantir a inclusión social e os dereitos básicos das persoas máis desfavorecidas e vulnerables dentro dun marco favorecedor da acción solidaria como elemento de cohesión enriquecedor tanto a nivel persoal como social:

- Pretende así mesmo, incidir na formación das persoas voluntarias e das persoas responsables da xestión das entidades de voluntariado facilitando programas formativos que axuden a un mellor desenvolvemento da súa labor no eido da solidariedade e a participación social dentro do marco legal e de recoñecemento dos dereitos e obrigas que lle corresponden a cada unha das entidades implicadas.

- Persegue a promoción da cultura da solidariedade impulsando a participación cidadá na realización de accións de voluntariado e participación, a través de campañas de sensibilización e apoio, incidindo na igualdade entre homes e mulleres co obxectivo de acadar unha maior participación dos homes nas accións voluntarias.
- Busca a implantación do recoñecemento social da labor das persoas voluntarias que faga visible a súa achega á sociedade en xeral e o das entidades de acción voluntaria como rede organizativa, a través das diferentes liñas de axudas e a través dos Premios Galicia de Acción Voluntaria.
- Promove e fomenta a creación dunha rede de voluntariado orientada a apoiar necesidades sociais mediante accións coordinadas e específicas, permitindo deste xeito a optimización dos recursos públicos e privados na execución dos programas.
- Impulsa igualmente, de xeito transversal aquelas accións orientadas ao fomento da igualdade entre mulleres e homes e a promoción e difusión da lingua galega.

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Considérase imprescindible a formación e especialización tanto das persoas voluntarias como das persoas xestoras das entidades de acción voluntaria, para optimizar os recursos dos que dispoñen unhas e outras na proxección dunha sociedade máis solidaria.

Do mesmo xeito, o aumento da demanda de intervención por parte dos colectivos en dificultade fai necesario máis que nunca a promoción e recoñecemento desta actividade para conseguir unha maior participación da poboación en xeral nestas actividades, incidindo na incorporación de maior número de persoas á acción voluntaria.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa ten carácter universal dirixíndose a toda a sociedade susceptible de realizar accións de voluntariado como elemento fundamental de cohesión social e desenvolvemento comunitario.

Ademais, é preciso reforzar a colaboración coas entidades de acción voluntaria de carácter privado, a través de axudas que lles permitan desenvolver as súas actividades habituais con persoas voluntarias de calquera rango de idade. Contarase tamén coas ditas entidades para a posta en marcha do Plan anual de Formación do Voluntariado.

O colectivo de persoas maiores ten gañado en autonomía nos últimos anos, pero cada vez son máis os que prefiren vivir nos seus domicilios coa proximidade de servizos sociais adaptados ás súas necesidades.

Por outra banda, conforman un grupo poboacional con experiencia en determinados campos que é preciso recuperar e recoñecer, transmitindo as ditas vivencias ás xeracións máis novas e viceversa. Neste sentido, o voluntariado social interxeracional supón unha boa ferramenta para consolidar experiencias vitais entre persoas maiores e novas que logo poderán ser proxectadas nun contexto social e territorial.

Así mesmo, sabemos que é moi importante revitalizar as zonas rurais, toda vez que estes territorios supoñen unha boa oportunidade de asentamento viable e de proxección destes coñecementos entre xeracións que se orienten á consolidación de proxectos vitais e profesionais vinculados ao territorio.

Por outra banda, o voluntariado ambiental interxeracional permitirá reforzar a conciencia medioambiental, intercambiar e ampliar coñecementos ademais de visibilizar o noso rico patrimonio a través da mirada de diferentes xeracións.

Así mesmo, tamén se fomentarán as accións de carácter voluntario arredor do Camiño de Santiago co fin de axudar a difundir e preservar este ben patrimonial, cultural, relixioso e fenómeno social de primeira orde.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na actualidade existen 1.121 entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, calculándose que preto de 73.039 persoas voluntarias colaboran dun xeito ou doutro, nos programas que estas desenvolven. Os programas de formación desenvolvidos pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado dende 2009 permitiron formar a máis de 33.298 persoas voluntarias (datos ata final de 2022) e amósanse como un instrumento válido e de absoluta vixencia para mellorar as accións desenvolvidas por estas, optimizar a súa xestión e mellorar a preparación das persoas voluntarias de cara o exercicio do voluntariado.

As liñas de axudas aos programas de concellos e mancomunidades de municipios permitiron atender dende o ano 2009, 975 solicitudes de axudas (das que foron concedidas en total 816) para desenvolver os seus programas de voluntariado, sendo o importe medio das axudas de 2.934,60 euros por proxecto e ano. Así mesmo, dende o ano 2009 atendéronse 2.712 solicitudes de axudas para programas realizados polas entidades de acción voluntaria (das que foron concedidas un total de 2.317 cunha axuda media de 1.953,02 euros).

No ano 2011 creouse o programa de Voluntariado Xuvenil para a promoción do voluntariado entre os mozos e mozas, e que ten como obxectivo principal impulsar a súa incorporación ás entidades de acción voluntaria. Este programa xa permitiu achegar a 5.807 mozos e mozas (datos finais ata 2022) aos programas de acción voluntaria desenvolvidos polas entidades locais e entidades de acción voluntaria, ao entenderse como un instrumento axeitado para a implicación da sociedade na acción voluntaria.

Os últimos datos cos que contamos, correspondentes ao exercicio 2022, ao abeiro do programa de Voluntariado Xuvenil, reflicten 30 solicitudes de entidades locais e 49 de entidades de acción voluntaria, entre as que se solicitou un importe de 304.132,22 euros, dos que 123.180 euros foron de entidades locais e 180.952,22 euros de entidades de acción voluntaria.

Outra liña de axudas foi destinada a entidades de acción voluntaria de carácter privado das que houbo, no 2023, un total de 151 solicitudes entre as que se solicitou un importe de 416.269,13 euros.

No ano 2019 unha nova liña de axudas foi destinada á promoción do voluntariado entre as persoas maiores de 55 anos, o Programa Voluntariado Sénior, que ten como obxectivo principal impulsar programas de atención e acompañamento de persoas maiores que viven soas nos seus fogares coa implicación de persoas voluntarias na intervención dun envellecemento activo e saudable, afrontando o cambio demográfico mediante un enfoque positivo centrado no potencial do colectivo de persoas maiores. Ao abeiro deste programa, no ano 2023 tivemos 10 solicitudes de entidades locais e 27 de entidades de acción voluntaria, entre as que se repartiu un importe de 69.770 euros, dos que 21.000 euros foron parar a entidades locais, e 48.770 euros a entidades de acción voluntaria.

Para o ano 2024 preténdese manter as tres liñas de axudas, tanto as destinadas ás entidades de acción voluntaria como as destinadas aos concellos, consolidando o fomento da acción voluntaria entre colectivos de todas as idades.

Dentro do marco de fomento da acción voluntaria continuaremos promovendo o recoñecemento da labor das entidades de acción voluntaria e das persoas voluntarias, mantendo a orde de Premios Galicia de Acción Voluntaria como mecanismo de visibilización e gratificación da entrega realizada.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa desenvolverase dentro do marco normativo vixente, establecido pola Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria e a súa normativa de desenvolvemento. En canto aos instrumentos de planificación, unha vez finalizado o período de vixencia da Estratexia de Acción Voluntaria 2016-2018 prorrogada, nestes momentos estase ultimando a elaboración da nova Estratexia de Acción Voluntaria 2023-2027 atendendo ao disposto en materia de voluntariado no Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030, xa que moitos dos seus indicadores pódense reforzar grazas á acción voluntaria partindo do feito de que o voluntariado constitúe unha competencia concorrente e transversal en moitos eidos sociais e ambientais, polo que resulta indispensable contribuír a vincular as medidas e actuacións relacionadas coa acción voluntaria coas medidas e actuacións do PEG coa finalidade de promover a complementariedade e reforzar a coherencia .

Neste senso e en relación co OE 1.2.2 Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado, pretendemos seguir impulsando a emisión de certificados de experiencias voluntarias como elemento curricular facilitador de mellora dunha futura empregabilidade das xeracións mozas, así como fomentar a participación en proxectos e programas de voluntariado aumentando a implicación e o compromiso dos sectores sociais e das persoas voluntarias na mellora social e do medio.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa ten por finalidade principal a sensibilización da sociedade galega en materia de voluntariado, e na igualdade de xénero, así como a formación das persoas voluntarias e dos responsables da xestión das entidades de voluntariado.

Do mesmo xeito persegue a promoción da cultura da solidariedade impulsando á cidadanía a participar nas accións voluntarias a través de campañas de información e apoio e incidindo na participación dos homes na acción voluntaria.

Aposta por Incidir na participación dos mozos e mozas e promove a certificación das actividades de voluntariado e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Promoción do voluntariado e apoio ás entidades que desenvolven programas no eido da igualdade entre homes e mulleres, na incorporación de homes ao mundo do voluntariado e no eido do acompañamento a vítimas da violencia de xénero.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

- Priorizar nas ordes de axudas aquelas entidades que desenvolvan programas relacionados coa promoción da igualdade de xénero.
- Apoiar cos medios técnicos dispoñibles a incorporación de voluntarias e voluntarios nos programas que neste eido desenvolvan as entidades de acción voluntaria que así o demanden.
- Promocionar a incorporación de homes aos programas de voluntariado.

Estas medidas están destinadas á sociedade en xeral.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Prevese a mellora da implicación social e corresponsabilidade entre homes e mulleres coa finalidade de acadar un desenvolvemento pleno das persoas no ámbito do traballo, afectivo, familiar, persoal, de ocio... mantendo o equilibrio nas distintas dimensións da vida e así contribuír á mellora do benestar social, a saúde e a capacidade de traballo persoal.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

O éxito das medidas radica na súa universalización ao aplicarse tanto a homes como mulleres xa que do que se trata é de promover a igualdade de oportunidades entre ambos sexos evitando os efectos perversos e a discriminación que no ámbito social se produce ao ser as mulleres as que maioritariamente se implican.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

III.1.8. PROGRAMA 313A - SERVIZOS Á MOCIDADE

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa tenta levar a cabo un conxunto de actuacións dirixidas a atender as necesidades e intereses dos mozos e mozas galegos/as, creando as condicións favorables para que a xuventude desenvolva as súas capacidades, aproveite o seu potencial e o seu talento, traballe e participe activamente na sociedade e en condicións de igualdade desde a perspectiva de xénero.

Principalmente tratarase de facilitar a adquisición daquelas habilidades e aptitudes vinculadas á mellora da súa empregabilidade e inserción no mercado laboral. Para isto, poñeranse en marcha distintos mecanismos como liñas de axuda específicas en distintos ámbitos, orientadas sobre todo a temas de participación xuvenil en proxectos e actividades de educación non formal como paso previo ao emprego así como á adquisición de habilidades e coñecementos que axuden a completar o desenvolvemento persoal e futura formación profesional dos mozos e mozas galegos; tamén programas de asesoramento, mentorizaxe e contacto directo co ámbito profesional a través de estadías formativas en empresas; convocaranse accións formativas empregando ferramentas dixitais; accións de orientación e información no eido do emprego ou da vivenda; de posta en marcha de programas de mobilidade xuvenil; accións para premiar e visibilizar o talento mozo; de fomento do asociacionismo e da información xuvenil; de ampliación das vantaxes e beneficios vinculados aos carnés de servizos para os mozos e mozas; de orientación e prevención de condutas de risco, etc., sempre en igualdade de oportunidades entre mozos e mozas.

Así mesmo, tamén se promoverán actividades que ofrezan alternativas á mocidade para un tempo libre educativo, formativo e responsable ao longo de todo o ano e traballarase para mellorar os espazos xuvenís co obxectivo de convertelos en referentes para a mocidade galega.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa inclúe accións e medidas dirixidas ao colectivo da poboación xuvenil da Comunidade Autónoma de Galicia, entendida como a poboación con idades comprendidas entre os 14 e 30 anos, se ben, excepcionalmente, se amplían determinadas accións á poboación con idade inferior ou superior a esta.

Algunhas actuacións están dirixidas ás entidades, colectivos e perfís profesionais que traballan coa poboación xuvenil.

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A mocidade segue a constituír un dos colectivos de atención prioritaria para o gobemo galego no actual contexto económico e demográfico. Temos que falar dunha tendencia xeneralizada segundo a cal se acrecenta o proceso de envellecemento da poboación. Os mozos e mozas caracterízanse por ter un número reducido de fillos e a idades tardías. A crise consolidou a tendencia clásica á tardía emancipación residencial e familiar da poboación nova: a mocidade desexa emanciparse, pero con estabilidade.

- A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística, conta cun total de 390.863 persoas con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, o que representa o 14,53 % do total da poboación galega, superando o número de mozos o de mozas en 9.000 persoas. As franxas de idade de 14 a 18 anos e de 27 a 30 anos concentran o maior número de persoas mozas: un 39,53 % e un 25,11 %, respectivamente.
- En consonancia coa distribución do conxunto da poboación galega, constátase unha concentración de persoas novas nas provincias do eixo atlántico (A Coruña e Pontevedra son as que máis poboación nova teñen). A poboación moza total diminuíu na última década en preto de 80.000 persoas, o que supón unha redución do 16,91 %.
- A situación da mocidade no eido laboral é un aspecto central no que atinxe ao desenvolvemento persoal e á traxectoria vital das persoas, e de modo especial, en termos de emancipación. En comparanza coa poboación xeral, a mocidade presenta unha menor taxa de ocupación e maiores taxas de inactividade e desemprego, se ben se observa unha evolución positiva: a taxa de paro xuvenil sitúase no primeiro trimestre de 2023 no 19,4 %, diminuíndo 0,4 puntos respecto ao trimestre anterior e en comparación co primeiro trimestre de 2022, o desemprego reduciuse en 5,3 puntos.
- As debilidades veñen dadas pola falta de formación práctica da mocidade en moitos casos, pola temporalidade e inestabilidade do seu emprego. Prolónganse, así mesmo, os anos dedicados ao estudo e a completar a formación en moitos casos, se ben no outro extremo están os mozos e mozas con escasa formación.
- A pandemia tivo consecuencias sobre a saúde emocional da poboación galega: os efectos psicolóxicos do confinamento tiveron un impacto na vida cotiá da cidadanía e moi especialmente nalgúns colectivos vulnerables e sectores de poboación, como a mocidade, particularmente na adolescencia.
- Se ben, son moitas e de peso as fortalezas dos mozos e mozas de hoxe en día: o seu potencial e capacidades, o seu bo nivel formativo, o seu dinamismo e compromiso, a actitude positiva e optimismo sobre o futuro, flexibilidade, o seu bo estado de saúde en xeral e interese en levar unha vida saudable , etc. E entre as oportunidades están o fácil acceso á información, a expansión das novas tecnoloxías e especialmente de internet e redes sociais na actualidade, o apoio institucional do colectivo, etc.

- A realidade social da xuventude esixe unha renovación das políticas globais que transcendan os tradicionais enfoques centrados só no ocio e o tempo de lecer, accións en todo caso que é importante impulsar desde un punto de vista educativo, formativo e responsable, co obxectivo de conseguir manter unha programación constante ao longo de todo o ano. Pero a maiores, continuarase impulsando a autonomía e a participación real dos mozos e mozas na sociedade, apoiando as accións vinculadas á mellora da empregabilidade xuvenil e das súas competencias e habilidades adquiridas a través da educación non formal como factor clave para o incremento do seu benestar. Tamén se apostará por impulsar novos canais de información, apoio e asesoramento á mocidade co obxectivo de dar a coñecer todas as opcións e oportunidades que teñen á súa disposición.

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa desenvólvese no marco da normativa vixente no ámbito da xuventude, constituída pola Lei de xuventude de Galicia, a Lei 6/2012, do 19 de xuño, e en tanto non se publique a súa normativa de desenvolvemento, segue vixente o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude e o Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, de modificación do anterior para a súa adaptación á Directiva de servizos.

Así mesmo, está previsto o desenvolvemento do novo Plan Estratéxico de Xuventude de Galicia, que constituirá a folla de ruta das políticas públicas en materia de xuventude na Comunidade Autónoma de Galicia para os vindeiros anos.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O fin último que se quere conseguir a través deste programa é mellorar a calidade de vida da xuventude galega e incrementar o seu benestar en condicións de igualdade. E para conseguir isto poñeranse en marcha unha serie de iniciativas e accións coas que se pretende incidir indirectamente na consecución dese obxectivo final. O resultado que se quere alcanzar é ampliar as posibilidades de acceso da xuventude ao mercado laboral así como aos distintos bens e servizos en igualdade de condicións para homes e mulleres, creando máis oportunidades para eles e elas, mellorar o seu acceso á sociedade e garantir unha participación o máis plena posible na mesma en condicións de igualdade.

Para lograr iso vaise tratar de atender a necesidades e problemas concretos da mocidade a través de distintos mecanismos de actuación. Entre estes mecanismos, a educación non formal é un ámbito formativo que cada vez adquire maior relevancia tendo en conta a súa incidencia no marco das competencias requiridas polo dinámico e globalizado mercado laboral. Os estudos realizados evidencian que é clave para o emprego da mocidade xa que capacita a mozas e

mozos con experiencias e competencias que non sempre se poden adquirir na educación formal (Comisión Europea).

Deste xeito, poñeranse en marcha distintas convocatorias de axudas específicas, medidas para o fomento das iniciativas e proxectos xuvenís, axudas para favorecer estadías formativas en empresas e/ou a mobilidade vinculadas coa empregabilidade de mozos e mozas, programas de formación e mentoring destinados a favorecer a transición da vida académica á laboral das persoas mozas; mecanismos para ofrecer asesoramento e apoio, en especial no ámbito psicosocial; axudas para premiar e visibilizar a creatividade, o talento mozo e traxectorias vitais excelentes en distintos ámbitos, así como para facilitar o acceso a un recurso de mobilidade e autonomía tan importante como é o carné de conducir.

Neste sentido, seguiranse desenvolvendo programas de educación non formal como paso previo ao mercado de traballo, así como actuacións para ofrecer á mocidade alternativas de lecer educativo e responsable, accións formativas diversas en ámbitos de interese para a xuventude incidindo especialmente na ampliación de aptitudes e coñecementos recoñecidos como necesarios para o mercado laboral; accións de apoio ao asociacionismo xuvenil como instrumento fundamental de cara á consecución dunha cidadanía activa e participativa; potenciación da información xuvenil como facilitadora do coñecemento dos recursos para a mocidade e posta en marcha de novas vías de comunicación da Administración e os mozos e mozas; actuacións cara ao profesionalismo do sector do tempo libre, e tratando de conseguir na atención á mocidade a debida coherencia nas políticas e accións dirixidas a mozas e mozos.

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medioambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os destinatarios do programa son os mozos e mozas galegos sen distincións por razón de xénero, se ben se trata dun colectivo cada vez máis diverso. Existen estudos para o conxunto da poboación moza de España que constatan unha serie de variables como que a redución nas taxas de emancipación ten sido maior entre os homes que entre as mulleres, o que podería estar indicando que os homes atrasan a emancipación ata atopar un traballo, mentres que no caso das mulleres, a pesar das dificultades laborais se independizan para formar parella e familia.

Tamén se constata que en xeral as mulleres xoves tardan máis que os homes xoves en atopar emprego e que é maior a porcentaxe de varóns que reciben axuda dos pais que a porcentaxe de mulleres.

Segue sendo tamén máis elevada a proporción de mulleres totalmente dependentes con respecto aos varóns e a media de ingresos mensuais das mulleres é máis reducida que a dos homes.

Tamén se evidencia desigualdade de xénero en relación coa presenza das mulleres novas no ámbito científico e tecnolóxico, con presenza de estereotipos sexistas de cara á elección da carreira académico-profesional.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X
Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X

Participación das mulleres no desenvolvemento rural	
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Non existen actividades previstas especificamente destinadas a este ámbito, posto que a promoción da igualdade de xénero é transversal en toda a programación que se desenvolve.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Espérase unha participación igualitaria por xénero nos distintos programas e accións levadas a cabo, así como achegar a cultura da igualdade á nosa xuventude a través de todas as actuacións enmarcadas no programa.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

III.1.9. PROGRAMA 313C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En situacións de crise económica, como a acaecida ata mediados desta década, o número de persoas e familias que sofren un grave deterioro das súas condicións económicas e sociais ata atoparse en risco de exclusión social vese incrementado de forma notable. Este deterioro das situacións sociais e familiares, unido ao maior envellecemento da poboación teñen producido un incremento considerable da demanda de servizos sociais. Precisamente polo incremento desta demanda nos últimos anos fixéronse esforzos por mellorar os instrumentos de protección social do Sistema Galego de Servizos Sociais e optimizar todos os recursos públicos e privados na procura da inclusión social.

Neste sentido, é necesario continuar:

- Facilitando o acceso próximo e universal ao Sistema Galego de Servizos Sociais, co apoio económico e técnico á prestación dos servizos sociais comunitarios básicos por parte das entidades locais, para que poidan exercitar en cada caso as súas competencias e cumprir coas obrigas establecidas na normativa vixente.
- Posibilitando a adecuada tramitación dos expedientes relativos aos servizos e prestacións sociais xestionados polos servizos técnicos e administrativos desta Consellería de Política Social e Xuventude mediante a imprescindible (é preceptiva) intervención, cooperación e seguimento dos servizos socias comunitarios municipais.
- Evitando a cronicidade das persoas beneficiarias das prestacións sociais que ampara o programa de gasto 312A, mediante dispositivos específicos e recursos humanos destinados á inclusión sociolaboral, utilizando a metodoloxía dos itinerarios personalizados de inclusión.

POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O Sistema Galego de Servizos Sociais, e especialmente os servizos sociais comunitarios básicos de titularidade municipal, como porta de entrada ao dito sistema, están dirixidos a atender con carácter xeral a toda a cidadanía, aínda que con máis intensidade á poboación máis vulnerable (persoas en situación de dependencia, de exclusión social, de discapacidade, persoas sen fogar, menores de idade en risco de desprotección, vítimas de violencia de xénero, persoas con problemas de condutas aditivas como drogodependencia, alcoholismo, ludomanía, anorexia, etc.).

Sen prexuízo do anterior, existen grupos sociais afectados por determinados factores de vulnerabilidade, e nos que están a incidir fortemente as consecuencias da crise económica, nos

que o risco de exclusión social é moi elevado e para os que é necesario establecer dispositivos que minimicen as problemáticas que padecen, como son as minorías étnicas, persoas sen fogar ou en situación de habitabilidade precaria, reclusas e ex-reclusas, inmigrantes, perceptores de rendas mínimas...

DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Coa finalidade de proporcionarlles apoio financeiro e técnico ás corporacións locais para que poidan executar as súas competencias e cumprir coas obrigas establecidas na normativa vixente, desde o ano 1988 xa se viña desenvolvendo un convenio-programa entre o Ministerio de Traballo e Seguridade Social e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais polas corporacións locais ("Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais"). Nos últimos exercicios véñense facendo esforzos por consolidar a rede de servizos sociais comunitarios para dar unha axeitada resposta aos cambios derivados da Lei de servizos sociais do ano 2008.

Coa aprobación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, desenvolveuse a regulación das competencias e obrigas establecidas previamente polas leis de réxime local e de servizos sociais para as diferentes entidades integrantes da administración local (deputacións e concellos) en materia de servizos sociais, regúlase o apoio económico da administración autonómica ás corporacións locais para a prestación destes servizos e séntanse as bases para unha adecuada coordinación operativa entre os servizos sociais comunitarios e o resto do sistema galego de servizos sociais.

A necesidade de incremento dos recursos das corporacións locais en materia de servizos sociais implica tamén a necesidade de dispoñer de infraestruturas sociais, ben de titularidade municipal ou do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, como entidade de dereito público que institucionaliza a cooperación interadministrativa entre as corporacións locais e a Xunta de Galicia nesta materia mentres non se proceda á súa liquidación e extinción e posterior integración na Axencia Galega de Servizos Sociais, quen asumirá as súas competencias.

Por outro lado, a Xunta de Galicia, consciente da crecente necesidade de establecer medidas e dispositivos dirixidos á atención de persoas e grupos sociais en situación de especial vulnerabilidade, elabora a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020, a cal ten por finalidade abordar os factores de exclusión e atender ás persoas máis desfavorecidas socialmente, afrontando os procesos de inclusión desde unha formulación centrada en dar respostas globais e integradas.

Hai que ter en conta que o número total de persoas usuarias das prestacións de servizos sociais comunitarios básicos municipais rexistrados na aplicación "Prestacións Básicas de Servizos Sociais (PBSS)" ao longo do ano supón máis dun 22,4 % do total da poboación de Galicia.

Ademais, o número de persoas usuarias que figuran cunha intervención social aberta rexistrada no "Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS)" supón o 19 % do total da poboación de Galicia durante o ano e máis da terceira parte delas son obxecto dun seguimento continuado.

Por outra banda, o número de persoas atendidas polos equipos de inclusión sociolaboral con problemáticas diversas supera cada ano a cifra de 3.300 e desas persoas son inseridas laboralmente aproximadamente a terceira parte. E en torno a 6.000 persoas son atendidas e/ou formadas por entidades de iniciativa social colaboradoras nas medidas de inclusión social.

A continuación pasamos a expoñer a análise DAFO da situación de partida exposta:

a) Como fortalezas cabe destacar a existencia dun marco legal que garante os dereitos das persoas a determinadas prestacións públicas dirixidas especificamente a paliar as necesidades e/ou problemáticas que presentan. Tamén conta o mantemento duns dispositivos como referentes técnicos axeitados na atención das problemáticas expostas, o emprego dunha metodoloxía avalada tanto polos resultados obtidos no territorio da comunidade autónoma como pola Unión europea, a experiencia do persoal altamente cualificado e a configuración do Sistema Galego de Servizos Sociais como un sistema multicompetencial, que atribúe responsabilidades compartidas ás administracións autonómica e local, de xeito que se suman os recursos públicos de ambas as dúas esferas administrativas para tratar de atender á poboación máis vulnerable.
b) Necesidade de seguir afondando nos mecanismos de coordinación entre as dúas administracións públicas implicadas, autonómica e local (concellos e deputacións).
c) Como oportunidades para aproveitar está o alto grao de concienciación social sobre a necesidade, utilidade e bo uso destes servizos sociais, o consenso dos colexios profesionais implicados sobre o modelo e metodoloxía consolidados, o respaldo das mesas de diálogo social na racionalización dos dispositivos de atención á exclusión e no impulso desta liña de actuación, o cal queda plasmado no proceso seguido na elaboración da lei de inclusión e a importancia que se lle concede na Estratexia Europa 2020 ás medidas a favor da inclusión social, como as contidas na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014/2020, tendo en conta a incorporación da citada estratexia na lei de inclusión.
d) É moi importante destacar o aforro de custo económico que supón o investimento na loita contra a exclusión social, porque a non intervención eleva exponencialmente o custo económico que teñen que asumir as administracións públicas ao ter que compensar as problemáticas derivadas: incremento dos custos noutros sistemas de protección social, como a sanidade ou a educación, dos custo en termos de estigmatización social, influencia negativa no turismo, incremento do gasto en materia de seguridade cidadá, etc. E sobre todo cabe destacar as consecuencias desta non intervención para a vida económica e social da comunidade autónoma no futuro. Hai que ter en conta a repercusión que ten no índice de pobreza infantil a existencia de pobreza e exclusión social

dunha parte das persoas adultas, impacto que se ve moito máis agravada a longo prazo polo seu efecto multiplicador.

Ao abeiro deste programa, no ano 2024, este centro directivo, executará catro proxectos dentro do marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Orde do 26 de maio de 2015 pola que se aproba o modelo de informe social para a área da inclusión (ISI) e a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Estratexia de Inclusión Social de Galicia .
- Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia .
- Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia.
- Axenda Social Única de Galicia 2014-2024
- Decreto 61/2016, do 11 de febreiro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de inclusión.

FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dentro dos obxectivos que se pretenden acadar sinálanse os seguintes:

1. Manter a rede de servizos sociais comunitarios básicos.
   a) Dotar a rede de centros de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal con traballadores/as sociais, como profesionais de referencia encargados de xestionar o expediente social básico de cada unha das persoas usuarias do Sistema Galego de Servizos Sociais.

b) Dotar a rede de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal con outro persoal técnico e profesional, xestores/as de caso, en concellos de máis de 20.000 habitantes.

c) Apoiar o desenvolvemento de prestacións e programas básicos de servizos sociais comunitarios.

d) Procurar a adecuada tramitación dos expedientes de solicitude de prestacións de dependencia, RISGA, PNC, axudas de inclusión social, mediante a necesaria cooperación entre os servizos socias comunitarios municipais e a administración autonómica.

e) Procurar a dispoñibilidade de centros e equipamentos sociais adaptados ás esixencias da normativa aplicable para atender a importante demanda existente.

2. Procurarlles itinerarios de inclusión sociolaboral ás persoas beneficiarias de RISGA e a outros grupos de poboación en situación ou risco de inclusión social.
3. Atender ás persoas que padecen factores de especial vulnerabilidade: persoas sen fogar ou en situación de habitabilidade precaria, minorías étnicas, etc.
4. Garantir que os equipamentos funcionais dos centros que dean unha resposta integral e de calidade ás diferentes necesidades das persoas usuarias .

B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres	
Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres	X
Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres	
Programa con actividades non dirixidas especificamente ás persoas, aínda que teñen impacto sobre elas como beneficiarias indirectas das accións (programas que actúan sobre o territorio, o medio ambiente, a sociedade no seu conxunto, etc.)	
Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión	

BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A nivel xeral, o perfil das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios corresponde a un 59 % son mulleres e un 41 % homes.

As mulleres que viven soas sofren máis pobreza que os homes que viven sós.

Cando os fogares están formados por unha persoa adulta con fillos/as a cargo a inmensa maioría son mulleres soas con cargas familiares, sendo esta a forma de convivencia máis castigada polo risco de pobreza segundo o indicador AROPE.

Así mesmo, as mulleres galegas teñen unha taxa de actividade menor ca os homes e unha taxa de desemprego maior e a situación económica das maiores de 65 anos é considerablemente peor que a situación dos homes para o mesmo rango de idade.

Todos estes factores apuntan a un maior risco de pobreza das mulleres.

Por outra banda, as mulleres, ao atender maioritariamente as tarefas domésticas, teñen máis dificultades para participar nos itinerarios de inclusión. Ademais, cando padecen exclusión social severa, teñen un maior número de problemáticas asociadas que os homes.

No desenvolvemento do programa utilízanse os seguintes indicadores, todos eles desagregados por sexo:

- Persoas beneficiadas.
- Persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS.
- Persoas de etnia xitana beneficiadas.
- Persoas desempregadas, incluídas as de longa duración.
- Persoas inactivas.
- Persoas con emprego, incluídos os traballadores por conta propia.
- Persoas menores de 25 anos de idade.
- Participantes con discapacidade.
- Outras persoas desfavorecidas.

IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento	X
Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes	X
Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade	X

Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo	X
Fomento, directa ou indirectamente, da iniciativa empresarial das mulleres	X
Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información	X
Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda	X
Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade	X
Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.)	X
Participación das mulleres no desenvolvemento rural	X
Accións dirixidas á integración de mulleres en risco ou en situación de pobreza ou exclusión social	X
Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero	X
Outros (especificar)	

IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA, AS PERSOAS ÁS QUE ESTÁ DIRIXIDA. INDICAR, NO CASO DE DISPOR DESTES DATOS, AS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DAS ORGANIZACIÓNS (TIPO, ÁMBITO TERRITORIAL, ETC.) OU PERSOAS (IDADE, NIVEL EDUCATIVO, ETC.), DESTINATARIAS DAS ACCIÓNS.

Incorporación nas convocatorias de axudas como criterio do baremo de concesión a realización de actividades específicas de promoción da igualdade de xénero.

Así mesmo, na metodoloxía das actuacións esíxese que incorporen a perspectiva de xénero, describindo os axustes que se introducirán en función dos roles diferentes que asumen os homes e as mulleres na sociedade e que poden condicionar o acceso e a calidade da súa participación.

PREVISIÓN E VALORACIÓN DOS POSIBLES EFECTOS DO PROGRAMA SOBRE UN E OUTRO SEXO E SOBRE A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Contribuír a través das actuacións subvencionadas á igualdade entre mulleres e homes, á corresponsabilidade no fogar e á redución das diferenzas de participación nos diferentes ámbitos derivadas da concepción tradicional do que significa ser home e muller.

A previsión para 2022 é que se beneficien dun xeito directo deste programa máis de 10.000 mulleres e preto de 8.000 homes, a través de accións formativas e de itinerarios personalizados de inclusión, así como de outras actuacións orientadas a mellorar a inclusión residencial, á mediación social e intercultural ou a intervención comunitaria en territorios en exclusión, entre outras.

SINALAR OS PRINCIPAIS RESULTADOS DO PROGRAMA, DENDE O PUNTO DE VISTA DO XÉNERO.

No ano 2021, do total de 511.662 persoas usuarias con intervención aberta nos servizos sociais comunitarios, 301.040 (un 59 %) foron mulleres.

No ano 2022, do total de 514.718 persoas usuarias con intervención aberta nos servizos sociais comunitarios, 302.789 (un 59 %) foron mulleres.

No 2021 un total de 10.018 mulleres e 7.720 homes beneficiáronse de accións formativas e de itinerarios personalizados de inclusión, así como de outras actuacións como as relativas á inclusión residencial, á mediación social e intercultural ou a intervención comunitaria en territorios en exclusión, entre outras.

INDICAR SE SE TEÑEN IMPLANTADO NOVAS ESTRATEXIAS PARA UNHA MELLOR INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E AVALIACIÓN DAS ACCIÓNS QUE FINANCIA O PROGRAMA DE GASTO. EN CASO AFIRMATIVO, FACER UNHA BREVE DESCRICIÓN.EN CASO NEGATIVO INDICAR AS DIFICULTADES ATOPADAS PARA LEVALO A CABO.

Non se teñen implantado novas estratexias: os referentes estratéxicos continúan a ser a Estratexia de Inclusión Social de Galicia , a Estratexia de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia, a Axenda Social Única de Galicia 2021-2024, e o Plan de Atención de Persoas sen Fogar en Galicia, nos que xa se incorporara a perspectiva de xénero.

C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Inclusión Social

IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL

Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico

Prioridade de Actuación: PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO1 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI03 - Transferencias internas
OO02 - Accións de fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Indicador	Valor Previsto
PO0048 - Campañas de difusión e promoción.	2

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OI01 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)
OO02 - Deseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en persoas e grupos desfavorecidos
OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
MRR034 - Actuacións de mellora, rehabilitación e/ou construcción	10

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO3 - Dar un pulo á garantía de recursos nos fogares nos que habiten persoas en situación de dependencia e atender as necesidades derivadas da mesma

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO4 - Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade universal e fomentando a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a súa participación en termos de igualdade, así como previr as situacións de dependencia

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
MRR034 - Actuacións de mellora, rehabilitación e/ou construcción	19

Programa: 312A PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO1 - Dotar de integridade un sistema de garantía de ingresos para que as persoas sen recursos ou con insuficiencia destes podan cubrir as súas necesidades básicas

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental
OO01 - Configurar a implantación en Galicia dun sistema de garantía de ingresos no que operan Goberno Central e a Comunidade autónoma a través de prestacións e axudas de atención ás necesidades básicas e situacións sociais de emerxencia que se articulen desde a eficacia, eficiencia e complementariedade con procesos e accións promotoras da inclusión sociolaboral en colaboración con entidades de iniciativa social
OO02 - Modificar a regulación da Renda de Inclusión Social de Galicia e das Axudas de Inclusión Social para acadar maior impacto na abordaxe das situacións de pobreza e carencias derivadas e das medidas de inclusión social ou sociolaboral asociadas.
OO04 - Axuda Extraordinaria Pensións non contributivas (PNC), Fondo de Asistencia Social (FAS) e subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM).
OO05 - Programas de axudas para persoas con déficit de recursos, en risco ou en situación de pobreza (bonos sociais, bono social térmico, etc.)

Indicador	Valor Previsto

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

P342.H - Persoas beneficiadas (homes)	64.078
P342.M - Persoas beneficiadas (mulleres)	83.394
P345.H - Persoas perceptoras da RISGA. Homes	3.150
P345.M - Persoas perceptoras da RISGA. Mulleres	4.050

Programa: 312B PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA

Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico

Prioridade de Actuación: PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO1 - Garantir unha estrutura de servizos de atención das necesidades das familias para favorecer que as persoas poidan levar a cabo o seu proxecto familiar en Galicia así como ter o número de fillos e fillas que desexen, a través do desenvolvemento de actuacións integrais. Impulsar políticas de conciliación para que a crianza dos fillos e fillas e o coidado de persoas dependentes non supoña unha eiva profesional, en especial para as mulleres

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OIO3 - Transferencias internas

OOO1 - Medidas de impulso á natalidade.

OOO2 - Accións de fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

OOO3 - Favorecer as condicións necesarias para que as persoas menores poidan integrarse nunha familia ou desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións.

Indicador	Valor Previsto
DOC035 - Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas	49.524
MRR008 - Actuacións de difusión e formación realizadas	150
MRR009 - Familias no banco de familias acolledoras	350
MRR010 - Nenos, nenas e adolescentes en acollemento familiar	1.500
MRR020 - Nenos, nenas e adolescentes atendidos	230
MRR021 - Familias atendidas	150
MRR023 - Puntos de Encontro Familiar desenvolvidos	4
MRR042 - Novas prazas públicas de escolas infantís 0-3 anos	1.139
MRR22H - Xoves participantes no programa. Homes	80
MRR22M - Xoves participantes no programa. Mulleres	120
PO045O - Familias beneficiarias da tarxeta benvida	24.197
PO106O - Familias beneficiarias do bono coidado	11.135
P1O3OH - Menores en situación de acollemento familiar. Homes	800
P1O3OM - Menores en situación de acollemento familiar. Mulleres	1.150
P111.H - Menores en situación de acollemento residencial e atenciónde día (Homes)	1.880
P111.M - Menores en situación de acollemento residencial e atenciónde día (mulleres)	1.730
P112.H - Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. H	550
P112.M - Menores participantes nos programas Mentor e de traballo remunerado e formación ocupacional en centros de reeducación. M	550
P341.H - Menores e familias beneficiarias de programas de integraciónfamiliar, socioeducativos e terapéuticos (homes)	3.492
P341.M - Menores e familias beneficiarias de programas de integraciónfamiliar, socioeducativos e terapéuticos (mulleres)	3.133

Programa: 312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OOO2 - Deseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en persoas e grupos desfavorecidos

Indicador	Valor Previsto
SEO1.H - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes	485
SEO1.M - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres	2.109

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

Programa: 312D PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO3 - Dar un pulo á garantía de recursos nos fogares nos que habiten persoas en situación de dependencia e atender as necesidades derivadas da mesma

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO01 - Incremento dos servizos de atención residencial, atención diúrna, de axuda no fogar, de promoción da autonomía en equipamentos especiais.

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
P241.H - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes	70.952
P241.M - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres	112.730

Programa: 312E PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCION DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO4 - Mellorar a atención social e a calidade de vida das persoas con discapacidade e das persoas maiores, garantindo a accesibilidade universal e fomentando a eliminación de calquera tipo de barreira que impida a súa participación en termos de igualdade, así como previr as situacións de dependencia

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OIO3 - Transferencias internas

OO01 - Fomentar actitudes positivas cara o coidado da saúde e a promoción da autonomía persoal: fomento da actividade física e doutros hábitos de vida saudables, implantación de programas e obradoiros prácticos de preparación para a xubilación.

OO02 - Promover unha vida autónoma e activa, principalmente mediante solucións TIC e novos recursos para actividades preventivas e hábitos saudables, con especial relevancia das accións destinadas a reducir a fenda dixital entre as persoas maiores

OO03 - Facilitar a accesibilidade universal como requisito para unha vida autónoma. Impulsar a accesibilidade nos fogares para as persoas con diversidade con medidas de adaptación dos fogares e outras achegas.

OO05 - Achegar os servizos sociais e asistenciais ao medio rural para promover que as persoas maiores permanezan no seu domicilio e no seu contorno habitual durante o maior tempo posible

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
DOEO36 - Poboación beneficiada pola actuación de infraestrutura (ou equipamento) social	900.600
POOO20 - Actuacións de estudo, difusión e promoción	104
P140.H - Participantes en programas de prevención da dependencia. Homes	10.457
P140.M - Participantes en programas de prevención da dependencia. Mulleres	23.699
P241.H - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Homes	5.346
P241.M - Participantes nos servizos para persoas en situación de dependencia. Mulleres	5.352
P431.H - Nenos de O-6 anos participantes nos servizos (homes)	3.056
P431.M - Nenos de O-6 anos participantes nos servizos (mulleres)	1.916
SC16.H - Participantes con discapacidade. Homes	41.300
SC16.M - Participantes con discapacidade. Mulleres	44.520

Programa: 312F PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE

Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico

Prioridade de Actuación: PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

OO02 - Impulsar a participación dos mozos e mozas en actividades de educación non formal que permitan a adquisición de competencias e habilidades altamente valoradas polos empregadores.

OO03 - Promover novas iniciativas e alternativas educativas e saudables a´ mocidade para o seu tempo libre, a través de programas de ocio educativo e espazos seguros, divertidos, formativos e favorecedores da transferencia de valores e coñecemento.

OO04 - Fomentar a participación xuvenil nos programas de voluntariado e aproveitar o coñecemento e a experiencia das persoas maiores nun marco de convivencia e intercambio das vivencias con persoas novas, promovendo a inscrición das experiencias das persoas voluntarias que faciliten a certificación das actividades realizadas.

Indicador	Valor Previsto
P233.H - Participantes en proxectos de voluntariado. Homes	722
P233.M - Participantes en proxectos de voluntariado. Mulleres	1.454

Programa: 313A SERVIZOS Á XUVENTUDE

Eixe: E1 - Eixe 1. O reto demográfico

Prioridade de Actuación: PA02 - Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Mellorar a calidade de vida da xuventude galega, mellorando as súas competencias e capacidades, incrementando o seu benestar e impulsando a participación e o voluntariado

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OIO3 - Transferencias internas

OO01 - Fomentar e apoiar os programas de prácticas formativas e de mobilidade transnacional, para a mellora da cualificación e para facilitar o acceso ao mercado laboral dos mozos e mozas.

OO02 - Impulsar a participación dos mozos e mozas en actividades de educación non formal que permitan a adquisición de competencias e habilidades altamente valoradas polos empregadores.

Indicador	Valor Previsto
P1025H - Persoas mozas que reciben axudas. Homes	360
P1025M - Persoas mozas que reciben axudas. Mulleres	540
P1026H - Participantes en programas de xuventude. Homes	6.395
P1026M - Participantes en programas de xuventude. Mulleres	9.245

Programa: 313C SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Eixe: E4 - Eixe 4. Cohesión social e territorial

Prioridade de Actuación: PA02 - Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Extratéxico /Obxectivo Instrumental: EO2 - Impulsar a inclusión social e laboral das persoas en situacións de vulnerabilidade, pobreza ou exclusión social e loitar contra calquera forma de discriminación ademais de garantir a igualdade de oportunidades e o acceso aos servizos públicos da poboación retornada e inmigrante

Obxectivo Operativo/Obxectivo Instrumental

OIO1 - Actuacións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)

OO02 - Deseñar e desenvolver de programas especificamente dirixidos a atender factores de vulnerabilidade e a súa interseccionalidade en persoas e grupos desfavorecidos

OO04 - Apoiar o desenvolvemento de programas de servizos sociais básicos e específicos de inclusión social realizados polas corporacións locais; e accións promotoras da inclusión social desenvolvidas polas entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais.

OO07 - Manter a rede de servizos sociocomunitarios

OO11 - Garantir o acceso á vivenda digna con programas de acompañamento social.

OO99 - Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico

Indicador	Valor Previsto
MRR019 - Vivendas rehabilitadas	60
MRR025 - Equipamentos tecnolóxicos	386
MRR026 - Ferramentas interactivas e aplicacións informáticas	3
MRR027 - Proxectos piloto implementados	1
MRR040 - familias participantes nas actuacións do proxecto	1.700
P342.H - Persoas beneficiadas (homes)	103.541
P342.M - Persoas beneficiadas (mulleres)	103.597
P347.H - Persoas usuarias dos servicios sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS (homes)	423.858
P347.M - Persoas usuarias dos servicios sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS (mulleres)	605.578

OBXECTIVOS DE PROGRAMA

SE01.H - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Homes	7.003
SE01.M - Participantes en situación ou risco de exclusión social. Mulleres	8.881

V. CADROS NUMÉRICOS

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

Programas	Servizos			
	01	02	03	04
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	62.013		6.380	4.826
312A-Protección e inserción social			93.244	
312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia		227.716		
312C-Servizos sociais relativos ás migracións			1.500	
312D-Programa de atención á dependencia	211.686			137.406
312E-Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores				30.104
312F-Programas de solidariedade			133	
313C-Servizos sociais comunitarios			51.683	
Total	**273.699**	**227.716**	**152.939**	**172.336**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

Programas	Servizos			
	05	06	A1	Total
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	4.871			78.090
312A-Protección e inserción social				93.244
312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia			14.955	242.671
312C-Servizos sociais relativos ás migracións				1.500
312D-Programa de atención á dependencia	306.387			655.479
312E-Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores	30.366			60.470
312F-Programas de solidariedade		1.711		1.845
313A-Servizos á xuventude		17.255		17.255
313C-Servizos sociais comunitarios	3.477			55.160
Total	**345.101**	**18.966**	**14.955**	**1.205.713**

(Miles de Euros)

Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

Programas	Capítulos					
	I	II	IV	VI	VII	Total
311A-Dirección e servizos xerais de promoción social	29.061	3.766	2.770	33.174	9.320	78.090
312A-Protección e inserción social	87	6.511	86.645			93.244
312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia	32.925	62.404	139.965	314	7.063	242.671
312C-Servizos sociais relativos ás migracións			1.500			1.500
312D-Programa de atención á dependencia	99.804	198.261	354.041	862	2.511	655.479
312E-Programa da autonomía persoal e prevención da dependencia para persoas con discapacidade e as persoas maiores	12.531	11.598	29.645	2.000	4.696	60.470
312F-Programas de solidariedade	353	108	1.238	46	100	1.845
313A-Servizos á xuventude	6.348	5.756	4.834	216	100	17.255
313C-Servizos sociais comunitarios	830	6.525	41.729	1.619	4.457	55.160
Total	**181.939**	**294.930**	**662.366**	**38.230**	**28.247**	**1.205.713**

(Miles de Euros)

DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	31.108	32.151	3,4
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	3.982	3.982	0,0
Cap. IV - Transferencias correntes	111.480	195.071	75,0
Cap. VI - Investimentos reais	37.971	33.174	-12,6
Cap. VII - Transferencias de capital	10.280	9.320	-9,3
Total	**194.821**	**273.699**	**40,5**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

02 DIRECCIÓN X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	19.812	20.321	2,6
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	51.357	60.213	17,2
Cap. IV - Transferencias correntes	135.880	139.965	3,0
Cap. VI - Investimentos reais	192	154	-19,9
Cap. VII - Transferencias de capital	7.204	7.063	-2,0
Total	**214.445**	**227.716**	**6,2**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

03 DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.350	7.297	14,9
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	1.677	10.223	509,8
Cap. IV - Transferencias correntes	133.990	129.344	-3,5
Cap. VI - Investimentos reais	6.655	1.619	-75,7
Cap. VII - Transferencias de capital	5	4.457	95328,7
Total	**148.676**	**152.939**	**2,9**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

04 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	38.817	42.831	10,3
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	87.737	105.734	20,5
Cap. IV - Transferencias correntes	26.005	19.155	-26,3
Cap. VI - Investimentos reais	1.162	862	-25,8
Cap. VII - Transferencias de capital	11.519	3.755	-67,4
Total	**165.240**	**172.336**	**4,3**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

05 DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	50.372	60.034	19,2
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	108.277	106.722	-1,4
Cap. IV - Transferencias correntes	155.312	172.893	11,3
Cap. VI - Investimentos reais	4.000	2.000	-50,0
Cap. VII - Transferencias de capital	1.584	3.453	117,9
Total	**319.545**	**345.101**	**8,0**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

06 DIRECCIÓN X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	6.538	6.701	2,5
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	6.651	5.864	-11,8
Cap. IV - Transferencias correntes	6.131	5.939	-3,1
Cap. VI - Investimentos reais	287	262	-8,7
Cap. VII - Transferencias de capital	0	200	0,0
Total	**19.606**	**18.966**	**-3,3**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

A1 AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	2023	2024	% Var.
Cap. I - Gastos de persoal	12.269	12.604	2,7
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	2.191	2.191	0,0
Cap. VI - Investimentos reais	860	160	-81,4
Total	**15.320**	**14.955**	**-2,4**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

SERVIZOS	2023	2024	% Var.
01 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	194.821	273.699	40,5
02 DIRECCIÓN X. DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA	214.445	227.716	6,2
03 DIRECCIÓN XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL	148.676	152.939	2,9
04 DIRECCIÓN XERAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	165.240	172.336	4,3
05 DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA	319.545	345.101	8,0
06 DIRECCIÓN X. DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO	19.606	18.966	-3,3
A1 AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	15.320	14.955	-2,4
Total	**1.077.655**	**1.205.713**	**11,9**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

	Consellería		OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias		Trans. Internas		Consolidado	
	2023	2024	2023	2024	2023	2024	2023	2024
Cap. I - Gastos de persoal	152.996	169.336	0	12.604	0	0	0	181.939
Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos	259.682	292.738	0	2.191	0	0	0	294.930
Cap. III - Gastos financeiros	0	0	0	0	0	0	0	0
Cap. IV - Transferencias correntes	582.823	676.727	0	0	0	14.360	0	662.366
OPERACIÓNS CORRENTES	**995.501**	**1.138.801**	**0**	**14.795**	**0**	**14.360**	**0**	**1.139.236**
Cap. VI - Investimentos reais	50.267	38.070	0	160	0	0	0	38.230
Cap. VII - Transferencias de capital	31.452	28.407	0	0	0	160	0	28.247
OPERACIÓNS DE CAPITAL	**81.719**	**66.477**	**0**	**160**	**0**	**160**	**0**	**66.477**
Total	**1.077.220**	**1.205.278**	**0**	**14.955**	**0**	**14.520**	**0**	**1.205.713**

(Orzamento homoxeneizado 2023) (Miles de Euros)

Medios Persoais

Consellería de Política Social e Xuventude	2024
Altos Cargos	**7**
Persoal Funcionario	**1.627**
Subgrupo A1	**355**
Subgrupo A2	**378**
Subgrupo C1	**124**
Subgrupo C2	**544**
Agrupacións profesionais	**226**
Persoal Laboral	**2.158**
Grupo I	**161**
Grupo II	**338**
Grupo III	**179**
Grupo IV	**752**
Grupo V	**728**
TOTAL	**3.792**

Medios Persoais

Axencia Galega de Servizos Sociais	2024
Persoal Funcionario	**100**
Subgrupo A2	**2**
Subgrupo C1	**61**
Agrupacións profesionais	**37**
Persoal Laboral	**260**
Grupo II	**35**
Grupo III	**142**
Grupo V	**83**
TOTAL	**360**

Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

Consorcios autonómicos	Explotación	Capital
Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	105.531	9.320
Fundacións do sector público autonómico	**Explotación**	**Capital**
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas	2.157	4
Total	**107.689**	**9.324**

(Miles de Euros)